PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36018677	IES Luís Seoane	Pontevedra	2025/2026

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	2ª Lingua estranxeira I: Francés	1º Bac.	4	140

Tipo de oferta
Réxime xeral-ordinario

Contido **Páxina**

1. Introdución 3

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias 4

3.1. Relación de unidades didácticas 5

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas 6

4.1. Concrecións metodolóxicas 38

4.2. Materiais e recursos didácticos 39

5.1. Procedemento para a avaliación inicial 40

5.2. Criterios de cualificación e recuperación 41

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes 42

5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias 42

6. Medidas de atención á diversidade 42

7.1. Concreción dos elementos transversais 44

7.2. Actividades complementarias 45

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro 46

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora 48

9. Outros apartados 49

1. Introdución

De conformidade co establecido no artigo 10.7 do Decreto 243/2022, do 5 de Abril, polo que se establece a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, todo o alumnado do primeiro curso do bacharelato debe cursar unha materia optativa. Segundo regula a Orde 157/2022 que se establece o currículo das materias optativas do bacharelato e se regula a súa oferta, a presente programación desenvolve o currículo da materia 2ª Lingua estranxeira I: Francés en 1º Bac. no centro educativo IES Luís Seoane, con código nº 36018677 .
A materia 2ª Lingua estranxeira I: Francés impártese en 1º Bac. como materia optativa e conta cunha carga semanal de 4 sesións.
No contexto definido no PEC, na PXA, no DOC e nas NOFC do IES Luís Seoane o Departamento de Francés ten encomendada a docencia de 1 grupo da materia 2ª Lingua estranxeira I: Francés en 1º Bac. cun número de alumnado de 11.
Ao acceder ao 1º curso do bacharelato, o alumnado ten desenvolvidas a competencia en comunicación lingüística e a competencia plurilingüe grazas ás experiencias de aprendizaxe nas linguas ambientais e en dúas linguas estranxeiras, que o puxeron en relación con culturas e modos de interaccións diferentes ao seu contexto habitual. Na etapa previa, educación secundaria obrigatoria, adquiriu e desenvolveu un repertorio plural de recursos lingüísticos e culturais, consciencia de metalinguaxe para describir os sistemas lingüísticos das linguas, coñecementos discursivos, e estratexias comunicativas de comprensión, produción, interacción e mediación. Así, nesta nova etapa educativa o alumnado posúe xa unha madurez lingüística e social que lle ha permitir ampliar as marxes da súa competencia plurilingüe e pluricultural e utilizar conscientemente todo o repertorio de recursos lingüísticos e culturais que posúe, para enfrontarse con maior dominio ás actividades lingüísticas de produción, comprensión, interacción e mediación nesta segunda lingua estranxeira, á vez que fai evolucionar tal repertorio.
No actual contexto de globalización, o coñecemento de linguaS (en plural) é un requisito imprescindible. Mediante a competencia plurilingüe e pluricultural, o alumnado poderá mobilizar o repertorio plural dos recursos lingüísticos e culturais das linguas que conformen o seu repertorio lingüístico (linguas cooficiais da nosa comunidade, linguas estranxeiras -vivas ou clásicas- e linguas de migración, se é o caso) e así enfrontarse á necesidade de comunicar noutra lingua estranxeira apoiado polos coñecementos e experiencias lingüísticas e culturais adquiridos en todas as linguas coñecidas ou aprendidas.
A ensinanza de linguas estranxeiras é un proceso complexo que implica definir unha apropiada metodoloxía, unha concepción da linguaxe e a aplicación dunha estratexia didáctica que facilite ao alumnado o desenvolvemento das súas habilidades lingüísticas de acordo coas súas necesidades comunicativas. Ademais, a forma de ensinar linguas estranxeiras está relacionada co enfoque lingüístico predominante. Isto significa que existe unha estreita relación entre a teoría lingüística vixente e a metodoloxía aplicada na aula de linguas estranxeiras.
Na aprendizaxe dunha lingua estranxeira, preténdese que o alumnado valore a nivel persoal e académico a riqueza que supón o coñecemento da lingua francesa, lingua falada nos cinco continentes por máis de 200 millóns de persoas no mundo enteiro. Na Unión Europea, ocupa o 2º posto como lingua materna. Trátase da 2ª lingua máis ensinada do mundo.
Esta programación adopta o enfoque comunicativo que o Consello de Europa promove no Marco Común Europeo de Referencia para a aprendizaxe das linguas estranxeiras.
No marco do convenio entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, e Alianza Francesa, o Departamento de Francés propón como obxectivo opcional a preparación da alumnado para a obtención da certificación do DELF escolar (Diplôme d'Études en Langue Française) de forma alternativa na programación, desenvolvendo as estratexias comunicativas de comprensión, produción, interacción e mediación.
Os criterios de avaliación da materia, na súa formulación competencial, aseguran a consecución dos obxectivos aos que están vinculados. A nivelación dos criterios de avaliación está adecuada á madurez, experiencias de aprendizaxe lingüísticas previas e desenvolvemento psico-evolutivo do alumnado de 1º de bacharelato.
Esta programación estrutúrase en 6 unidades didácticas cun peso na materia progresivamente ascendente e cun peso específico para cada un dos tres bloques da materia: Comunicación, Plurilingüismo e Interculturalidade (70, 20 e 10 % respectivamente) considerando que cada un dos criterios de avaliación se desenvolve progresivamente ao longo de cada unidade didáctica.
A programación está baseada no principio de flexibilidade, inclusión e atención á diversidade. Debe adaptarse ás modificacións necesarias en función das características, necesidades e intereses do alumnado e ter en conta no contexto sociocultural e económico do IES Ramón Cabanillas, código nº 36000481.
Todo isto obriga a ter unha maior flexibilidade á hora de programar, e sobre todo á hora de levar a cabo a práctica da programación, en función da resposta do alumnado, para intentar que poidan lograr unha base sólida, que lles permita comunicarse en francés cun nivel aceptable de autonomía. Neste sentido, é importante motivar e atender persoalmente a todo o alumnado, e intentar que sintan a materia como algo útil, que lles serve para comunicarse, e

en moitas ocasións para poñerse ao día nos seus estudos e adquirir máis información á hora de integrarse no seu futuro campo profesional.
A interculturalidade, a transversalidade así como a interdisciplinariedade son constantes ao longo do proceso de ensino-aprendizaxe competencial: historia (datas relevantes, acontecementos históricos), matemáticas (cálculos, problemas), xeografía, estudio do medio, lingua (etimoloxía, préstamos lingüísticos, crucigramas, referencia continua ás linguas propias), música e artes plásticas (cancións, debuxos, collages, cadros representativos da pintura europea), psicoloxía (tests persoais), literatura (cómics, poemas, escritores franceses clásicos e modernos). Isto debe conseguirse mediante o exercicio do diálogo, lecturas, material audiovisual e multimedia, o que lles permitirá asemade reforzar os seus coñecementos noutras materias que estean estudando. As actividades complementarias propostas contribúen a estas finalidades. Tamén se procurará a integración da competencia dixital ao longo do desenvolvemento desta programación.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Comprender as ideas principais e as liñas argumentais básicas de textos expresados na lingua estándar, buscando fontes fiables e facendo uso de estratexias de inferencia e comprobación de significados, para responder ás necesidades comunicativas.	2-3	1-2	1	1	40			
OBX2 - Producir textos claros, ben organizados e con certo detalle, usando estratexias tales como a planificación, a síntese, a compensación ou a autorreparación, para expresar ideas e argumentos de forma adecuada, de acordo con propósitos comunicativos concretos.	1-5	1-2	1	1-3	40			32
OBX3 - Interactuar con outras persoas, con corrección e fluidez suficiente, cunha pronuncia claramente intelixible para facerse entender sen dificultade, usando estratexias de cooperación e empregando recursos analóxicos e dixitais, para responder a propósitos comunicativos en intercambios respectuosos coas normas de cortesía.	5	1-2	1		31	3		
OBX4 - Mediar entre distintas linguas ou variedades, en intercambios sinxelos de información relacionados con asuntos cotiáns ou con información persoal básica, usando estratexias e coñecementos eficaces para crear unha atmosfera positiva que facilite a comunicación.	5	1-2-3	1		31			
OBX5 - Ampliar e usar os repertorios lingüísticos persoais entre distintas linguas e reflexionar de forma crítica sobre o seu funcionamento facendo explícitos e compartindo as estratexias e os coñecementos propios, para mellorar a resposta ás súas necesidades comunicativas.		2	1	3	11			

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX6 - Valorar criticamente e adecuarse á diversidade lingüística, cultural e artística a partir da lingua estranxeira, reflexionando e compartindo as semellanzas e as diferenzas entre linguas e culturas, para actuar de forma empática, respectuosa e eficaz, e fomentar a comprensión mutua en situacións interculturais.	5	3			31	3		1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	UD1. C'est la rentrée!	[Inclúe 8 sesións de avaliación inicial] Parler de la rentrée et de ses émotions. Parler de ses relations. Décrire sa personnalité et ses relations en classe. L'élection des délégués de classe. S'exprimer au passé composé. Parler des vacances. Exprimer la peur et l'anxiété. Encourager et rassurer quelqu'un. Les pronoms compléments COD et COI (révision).	10	20	X		
2	UD2. Ma génération	Les vêtements et les accessoires. Parler des styles vestimentaires et des apparences. Les matières et les motifs. Parler de la mode. Parler de son époque et d'une autre époque. Parler des différences générationnelles. L'adverbe encore : répétition et continuité. Le conditionnel présent. Les adverbes de manière.	15	25	X		
3	UD3. Regards critiques	Parler de la publicité. Les stratégies publicitaires. Les préjugés et les discriminations. Souffrir / réagir face aux préjugés. La consommation responsable. L'argent de poche. Parler de la gestion d'un budget. Comparer les comportements face à l'argent. Exprimer l'opposition. La mise en relief.	15	25		X	
4	UD4. Migrations	Parler de migration, immigration et d'intégration. Exprimer la cause. Lutter contre les préjugés. Parler de défis et de solutions.	20	25		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
4	UD4. Migrations	L'expression du but avec "pour"/"pour que". Exprimer la possibilité avec le subjonctif présent (introduction). Exprimer l'opinion avec l'indicatif et le subjonctif.	20	25		X	
5	UD5. Questions d'avenir	Exprimer ses goûts. Les aptitudes. Le pronom en et y (révision). N'importe qui / où / quoi / quand / quel(le). Les doubles pronoms. Le futur, l'imparfait et le conditionnel. L'hypothèse.	15	20		X	X
6	UD6. Ma vie à moi.	Parler de sa vie et ses projets. Lexique des professions. L'expression de l'obligation et de la conséquence. Parler des souhaits et exprimer des conseils.	25	25			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	UD1. C'est la rentrée!	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Identificar a información esencial e os puntos máis relevantes en textos, breves ou de lonxitude media e ben estruturados, escritos en lingua estándar que traten de asuntos cotiáns ou de temas de interese ou relevantes para os propios estudos, a ocupación ou o traballo, e que conteñan estruturas e un léxico de uso moi común.	Identificar cando menos o 50% da información esencial e dos puntos máis relevantes.	PE	32
CA1.2 - Comprender o esencial en situacións de comunicación oral ou escrita, de xeito presencial ou telemático, e dos medios de comunicación social nunha variedade de lingua estándar, que traten de necesidades inmediatas, temas cotiáns e coñecidos con que se estea familiarizado ou experiencias persoais e predicibles, sempre que se poidan utilizar estratexias que faciliten a comprensión, como apoios visuais e, no caso da oralidade, se dean repeticións ou reformulacións.	Comprender cando menos o 50% do esencial en situacións de comunicación oral ou escrita.		
CA1.4 - Comprender información relevante en textos do seu interese, expositivos ou narrativos, en distintos soportes, de lonxitude media e ben estruturados, nos cales se presentan en termos simples fenómenos, accións, persoas, obxectos e lugares, e se manifestan opinións con expresións sinxelas e sen implícitos, e, no caso da interacción oral, se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito.	Comprender cando menos o 50% da información relevante.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.8 - Redactar e difundir textos claros e coherentes, con cohesión sinxela, corrección e adecuación á situación comunicativa proposta, á tipoloxía textual e ás ferramentas analóxicas e dixitais utilizadas, nun rexistro neutro, respectando as convencións ortográficas básicas, con control de expresións e estruturas sinxelas e un léxico de uso frecuente, sobre asuntos cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á súa experiencia, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital.	Redactar e difundir textos intelixibles e comunicativos, adecuados á situación e á tipoloxía, aínda que conteñan certos erros. Mostrar sempre respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital.		
CA1.9 - Completar documentos básicos nos cales se solicite información persoal ou relativa aos seus estudos, en soporte tanto impreso como dixital.	Completar cun grao de corrección medio (50%) documentos básicos.		
CA2.4 - Utilizar os coñecementos, estratexias e experiencias das linguas do seu repertorio lingüístico para comprender e producir textos, e inferir o significado probable de palabras ou frases que descoñece, valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	Ser quen de utilizar coñecementos, estratexias e experiencias das linguas do seu repertorio lingüístico para inferir significado. Valorar positivamente a súa competencia plurilingüe.		
CA1.3 - Aplicar autonomamente as estratexias, recursos e coñecementos máis adecuados (recurso ás imaxes, títulos e outras informacións visuais, e aos coñecementos previos sobre o tema ou a situación de comunicación, e aos transferidos desde as linguas que coñece), para comprender o sentido xeral, a información esencial e detalles relevantes dos textos, inferindo o significado de palabras e expresións non coñecidas; e interpretar elementos non verbais.	Aplicar a maioría das estratexias, recursos e coñecementos autonomamente.	TI	68
CA1.5 - Buscar información en fontes confiables sobre temas de investigación de interese persoal, educativo ou ocupacional, considerando a selección das fontes de información adecuadas como parte esencial do proceso de investigación para o traballo ou proxecto que se está realizando.	Facer un uso responsable das fontes de información.		
CA1.6 - Expresar oralmente textos sinxelos e comprensibles, previamente preparados, de extensión breve ou media, nun rexistro neutro, sobre temas de interese persoal sobre os cales teña coñecementos previos, utilizando recursos verbais e non verbais, así como estratexias tales como a de planificación, de compensación e de cooperación.	Expresar oralmente textos comprensibles, facendo un uso eficaz dalgúns recursos verbais e non verbais, así como dalgunhas estratexias.		
CA1.7 - Producir textos, tanto cara a cara como por medios técnicos, nun rexistro neutro, cun discurso comprensible e adecuado á situación, e utilizando as estratexias necesarias para iniciar e manter a comunicación.	Producir textos comprensibles aínda que se cometan algúns erros e empregar algunha das estratexias adecuadamente.		
CA1.10 - Aplicar e comunicar coñecementos e estratexias para planificar, producir e revisar textos sinxelos comprensibles, coherentes e adecuados ás intencións comunicativas, á persoa destinataria e ás características contextuais.	Ter consciencia dalgunhas estratexias e aplicalas eficazmente.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.11 - Participar en situacións interactivas de intercambios de información breves referidos a asuntos da vida cotiá e próximos á súa experiencia, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal propia da cultura estranxeira, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital.	Facerse comprender e comprender cando menos no 50% das veces nas que participa en situacións interactivas breves, repetindo. Mostrar respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital.		
CA1.12 - Interactuar con pronuncia intelixible pedindo que se lle repitan os puntos clave, se o necesita, e sen que as súas posibles vacilacións e reformulacións de expresións ou estruturas impidan a comunicación.	Interactuar intelixiblemente cando menos no 50% das veces. Pedir aclaracións sempre que o precise.		
CA1.13 - Interaccionar utilizando os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos relativos á vida cotiá, condicións de vida e contorno, relacións interpersoais (nos ámbitos persoal, educativo e ocupacional), comportamento (posturas, expresións faciais, volume da voz, contacto visual e proxémico) e convencións sociais (actitudes, normas e valores), axustando a mensaxe á persoa destinataria e ao propósito comunicativo, e amosando empatía e a cortesía debida.	Interaccionar eficaz e axeitadamente cando menos no 50% das veces.		
CA1.14 - Utilizar estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, solicitar e formular aclaracións.	Utilizar as estratexias adecuadas cando menos no 50% das comunicacións.		
CA1.15 - Utilizar estratexias de activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados, compensando as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos.	Ter consciencia da maioría das estratexias traballadas e aplicalas.		
CA1.16 - Amosar unha actitude de respecto cara a si mesmo e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender, considerando o erro como fonte de aprendizaxe.	Amosar de xeito xeral esa actitude de respecto.		
CA2.1 - Inferir e explicar textos e conceptos breves, sinxelos e predicibles en situacións moi cotiás e familiares, e transmitir a terceiras persoas a información dun xeito simple, aínda que se deban usar palabras soltas ou axudarse de elementos non lingüísticos, mostrando respecto e empatía polas persoas interlocutoras e polas linguas empregadas.	Explicar textos e conceptos breves e transmitir eficazmente a información, cando menos no 50% das ocasións.		
CA2.2 - Participar na solución de problemas de incomprensión e de entendemento no seu contorno próximo, debidos á diversidade sociocultural e lingüística, resumindo, simplificando ou explicando mensaxes ou hábitos socioculturais sinxelos e coñecidos, para crear pontes e facilitar a comprensión e a comunicación.	Participar eficazmente na solución de problemas de incomprensión, resumindo, simplificando ou explicando mensaxes ou hábitos socioculturais sinxelos e coñecidos.		
CA2.3 - Comparar e argumentar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas, reflexionando sobre o seu funcionamento.	Comparar e argumentar, cando menos, similitudes e diferenzas claras (léxico, fonética, estruturas morfosintáxicas...).		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Identificar os progresos e as dificultades da súa aprendizaxe da lingua estranxeira realizando actividades de autoavaliación e coavaliación, recoñecendo estratexias de logro propias e alleas, reproducindo aqueles aspectos que axudan a mellorar, facéndoos explícitos e compartíndoos con outros participantes.	Identificar satisfactoriamente a maioría dos progresos e dificultades na aprendizaxe. Aplicar e compartir novas estratexias de logro.		
CA2.6 - Valorar a adquisición dunha competencia plurilingüe suficiente sen necesidade de acadar niveis de competencia iguais nin similares aos que posúe na súa lingua primeira ou máis utilizada.	Valorar positivamente a adquisición dunha competencia plurilingüe suficiente.		
CA3.1 - Participar en proxectos nos cales se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais e valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	Participar habitualmente nos proxectos, rexeitando o 100% dos estereotipos discriminatorios e prexuizosos. Valorar positivamente a súa competencia plurilingüe.		
CA3.2 - Actuar de forma adecuada, empática e respectuosa en situacións interculturais, construíndo vínculos entre as diferentes linguas e culturas, identificando e rexeitando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo, e recoñecendo valores ecosociais, como a equidade, a reciprocidade e a solidariedade, como vías de solución.	Amosar empatía e respecto en todas as situacións interculturais. Rexeitar o 100% dos casos de discriminación e prexuizos. Recoñecer os valores ecosociais como vías de solución.		
CA3.3 - Incorporar a crítica e a reflexión para adquirir valores, como o respecto á diversidade lingüística, á igualdade e á inclusión, e desenvolver unha visión empática para convivir nunha sociedade intercultural.	Adquirir valores, como o respecto á diversidade lingüística, á igualdade e á inclusión incorporando a crítica e a reflexión. Desenvolver unha visión empática para a convivencia intercultural.		
CA3.4 - Identificar os aspectos cognitivos, afectivos e comportamentais que forman parte da competencia lingüística e da competencia cultural, valorando o plurilingüismo como salvagarda das especificidades culturais.	Saber identificar aspectos cognitivos, afectivos e comportamentais da competencia lingüística e da competencia cultural. Valorar o plurilingüísmo como salvagarda das especificidades culturais.		
CA3.5 - Valorar positivamente a diversidade cultural a través do uso activo de linguas, saberes e coñecementos de procedencia cultural distinta co obxectivo de contribuír á cohesión social desde valores ecosociais.	Valorar positivamente a diversidade cultural a través do uso activo de linguas, saberes e coñecementos de procedencia cultural distinta.		
CA3.6 - Valorar criticamente, desde a consideración dos dereitos humanos, as manifestacións culturais (linguas, costumes, tradicións, crenzas relixiosas, etc.) dos países en que se fala a lingua estranxeira, e as múltiples formas de organización social que pode reflectir a diversidade cultural.	Valorar criticamente as manifestacións culturais dos países nos que se fala a lingua francesa, e as múltiples formas de organización social que reflicte a diversidade cultural.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Manifestación de autoconfianza e iniciativa. Actitude reflexiva ante o erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe.

Contidos

- Uso de estratexias de uso común para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais contextualizados.
- Utilización dos coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións cotiás (explicar costumes, manifestacións culturais, relacións familiares ou de amizade, relacións laborais¿).
- Funcións comunicativas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: establecer e manter de xeito sinxelo a comunicación e a organización elemental do discurso. Dar información persoal e familiar básica e, en termos simples, narrar acontecementos pasados e describir estados e situacións presentes, e expresar sucesos futuros. Solicitar e dar información e indicacións, e expresar de xeito sinxelo opinións e advertencias. Expresar de forma sinxela coñecemento, descoñecemento, certeza e dúbida. Expresar a vontade, a intención, a orde, a autorización e a prohibición. Expresar interese, aprobación, aprecio, satisfacción e sorpresa, así como os seus contrarios. Resumir.
- Uso de modelos contextuais e xéneros discursivos de uso común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, considerando as características e o recoñecemento do contexto (participantes e situación), as expectativas xeradas polo contexto, a organización e estruturación segundo o xénero, a función textual e a estrutura.
- Utilización de unidades lingüísticas de uso común e habitual e significados asociados a estas, tales como a expresión da entidade (obxectos, persoas, ideas, estados, accións, sucesos, etc.) e as súas propiedades (existencia, inexistencia, dimensións...), cantidade e calidade (forma, tamaño, cor, idade...), o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións temporais (anterioridade, secuencia, posterioridade...), as formas básicas da afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, e as relacións lóxicas habituais.
- Utilización de léxico común de interese para o alumnado, relativo a tempo e espazo; estados, eventos e acontecementos; actividades, procedementos e procesos; relacións persoais, sociais, académicas e profesionais; educación, traballo; lingua e comunicación intercultural; ciencia e tecnoloxía; historia e cultura, así como uso básico de estratexias de enriquecemento léxico (derivación, familias léxicas, polisemia, sinonimia, antonimia...).
- Utilización e recoñecemento de padróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación: sons e fonemas vocálicos, sons e fonemas consonánticos e as súas agrupacións, procesos fonolóxicos básicos, acento fónico dos elementos léxicos illados e na oración, e identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses padróns.
- Utilización e recoñecemento de padróns gráficos e convencións ortográficas: uso das normas de ortografía da palabra, utilización adecuada da ortografía da oración (coma, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e comiñas) e identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses padróns.
- Utilización de convencións e estratexias conversacionais de uso común, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir e parafrasear, colaborar e negociar significados.
- Uso de recursos para a aprendizaxe e estratexias de uso común de procura e selección de información, como dicionarios, libros de consulta, bibliotecas, mediatecas, etiquetas na rede, recursos dixitais (tradutores, conxugadores...) e informáticos (correctores ortográficos, gramaticais, etc.).
- Respecto á propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados: utilización de ferramentas para o tratamento de datos bibliográficos e de recursos para evitar o plaxio.
- Emprego de ferramentas analóxicas e dixitais de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal, e de plataformas virtuais de interacción, colaboración e cooperación educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas...) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
- Utilización de estratexias e técnicas para responder eficazmente e con niveis crecentes de autonomía, adecuación e corrección a unha necesidade comunicativa concreta superando as limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio.
- Reaxuste da tarefa ou da mensaxe, emprendendo unha versión máis modesta, tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles.
- Uso de elementos coñecidos obtidos de modelos sinxelos de textos e de frases feitas e locucións básicas, para elaborar os propios textos.

Contidos
- Comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal, para recoñecer estratexias de uso común (identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas -léxico, morfosintaxe, padróns sonoros, etc.-). - Uso de estratexias e ferramentas de uso común, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas, para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación. - Manexo de expresións e léxico específico de uso común para reflexionar e compartir a reflexión sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe). - Comparación sistemática entre linguas, a partir de elementos da lingua estranxeira e doutras linguas, para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada. - Consideración da lingua estranxeira como medio de comunicación interpersoal e internacional, facilitador do acceso a outras culturas e outras linguas, e como ferramenta de participación social e de enriquecemento persoal. - Interese e iniciativa na realización de intercambios comunicativos a través de diferentes medios con falantes ou estudantes da lingua estranxeira, así como por coñecer informacións culturais dos países onde se fala a lingua estranxeira. - Achegamento a algúns aspectos socioculturais e sociolingüísticos propios de países onde se fala a lingua estranxeira (convencións sociais, normas de cortesía e rexistros; institucións, costumes e rituais; valores, normas, crenzas e actitudes; estereotipos e tabús; linguaxe non verbal; historia, cultura e comunidades etc.). - Utilización de estratexias de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística atendendo a valores ecosociais e democráticos. - Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas significativas nos costumes cotiáns entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o propio. - Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, aos países e ás comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia. - Utilización de estratexias de prevención, detección, rexeitamento e actuación ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

UD	Título da UD	Duración
2	UD2. Ma génération	25

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Identificar a información esencial e os puntos máis relevantes en textos, breves ou de lonxitude media e ben estruturados, escritos en lingua estándar que traten de asuntos cotiáns ou de temas de interese ou relevantes para os propios estudos, a ocupación ou o traballo, e que conteñan estruturas e un léxico de uso moi común.	Identificar cando menos o 50% da información esencial e dos puntos máis relevantes.	PE	35
CA1.2 - Comprender o esencial en situacións de comunicación oral ou escrita, de xeito presencial ou telemático, e dos medios de comunicación social nunha variedade de lingua estándar, que traten de necesidades inmediatas, temas cotiáns e coñecidos con que se estea familiarizado ou experiencias persoais e predicibles, sempre que se poidan utilizar estratexias que faciliten a comprensión, como apoios visuais e, no caso da oralidade, se dean repeticións ou reformulacións.	Comprender cando menos o 50% do esencial en situacións de comunicación oral ou escrita.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Comprender información relevante en textos do seu interese, expositivos ou narrativos, en distintos soportes, de lonxitude media e ben estruturados, nos cales se presentan en termos simples fenómenos, accións, persoas, obxectos e lugares, e se manifestan opinións con expresións sinxelas e sen implícitos, e, no caso da interacción oral, se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito.	Comprender cando menos o 50% da información relevante.		
CA1.8 - Redactar e difundir textos claros e coherentes, con cohesión sinxela, corrección e adecuación á situación comunicativa proposta, á tipoloxía textual e ás ferramentas analóxicas e dixitais utilizadas, nun rexistro neutro, respectando as convencións ortográficas básicas, con control de expresións e estruturas sinxelas e un léxico de uso frecuente, sobre asuntos cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á súa experiencia, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital.	Redactar e difundir textos intelixibles e comunicativos, adecuados á situación e á tipoloxía, aínda que conteñan certos erros. Mostrar sempre respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital.		
CA1.9 - Completar documentos básicos nos cales se solicite información persoal ou relativa aos seus estudos, en soporte tanto impreso como dixital.	Completar cun grao de corrección medio (50%) documentos básicos.		
CA2.4 - Utilizar os coñecementos, estratexias e experiencias das linguas do seu repertorio lingüístico para comprender e producir textos, e inferir o significado probable de palabras ou frases que descoñece, valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	Ser quen de utilizar coñecementos, estratexias e experiencias das linguas do seu repertorio lingüístico para inferir significado. Valorar positivamente a súa competencia plurilingüe.		
CA1.3 - Aplicar autonomamente as estratexias, recursos e coñecementos máis adecuados (recurso ás imaxes, títulos e outras informacións visuais, e aos coñecementos previos sobre o tema ou a situación de comunicación, e aos transferidos desde as linguas que coñece), para comprender o sentido xeral, a información esencial e detalles relevantes dos textos, inferindo o significado de palabras e expresións non coñecidas; e interpretar elementos non verbais.	Aplicar a maioría das estratexias, recursos e coñecementos autonomamente.	TI	65
CA1.5 - Buscar información en fontes confiables sobre temas de investigación de interese persoal, educativo ou ocupacional, considerando a selección das fontes de información adecuadas como parte esencial do proceso de investigación para o traballo ou proxecto que se está realizando.	Facer un uso responsable das fontes de información.		
CA1.6 - Expresar oralmente textos sinxelos e comprensibles, previamente preparados, de extensión breve ou media, nun rexistro neutro, sobre temas de interese persoal sobre os cales teña coñecementos previos, utilizando recursos verbais e non verbais, así como estratexias tales como a de planificación, de compensación e de cooperación.	Expresar oralmente textos comprensibles, facendo un uso eficaz dalgúns recursos verbais e non verbais, así como dalgunhas estratexias.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.7 - Producir textos, tanto cara a cara como por medios técnicos, nun rexistro neutro, cun discurso comprensible e adecuado á situación, e utilizando as estratexias necesarias para iniciar e manter a comunicación.	Producir textos comprensibles aínda que se cometan algúns erros e empregar algunha das estratexias adecuadamente.		
CA1.10 - Aplicar e comunicar coñecementos e estratexias para planificar, producir e revisar textos sinxelos comprensibles, coherentes e adecuados ás intencións comunicativas, á persoa destinataria e ás características contextuais.	Ter consciencia dalgunhas estratexias e aplicalas eficazmente.		
CA1.11 - Participar en situacións interactivas de intercambios de información breves referidos a asuntos da vida cotiá e próximos á súa experiencia, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal propia da cultura estranxeira, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital.	Facerse comprender e comprender cando menos no 50% das veces nas que participa en situacións interactivas breves, repetindo. Mostrar respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital.		
CA1.12 - Interactuar con pronuncia intelixible pedindo que se lle repitan os puntos clave, se o necesita, e sen que as súas posibles vacilacións e reformulacións de expresións ou estruturas impidan a comunicación.	Interactuar intelixiblemente cando menos no 50% das veces. Pedir aclaracións sempre que o precise.		
CA1.13 - Interaccionar utilizando os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos relativos á vida cotiá, condicións de vida e contorno, relacións interpersoais (nos ámbitos persoal, educativo e ocupacional), comportamento (posturas, expresións faciais, volume da voz, contacto visual e proxémico) e convencións sociais (actitudes, normas e valores), axustando a mensaxe á persoa destinataria e ao propósito comunicativo, e amosando empatía e a cortesía debida.	Interaccionar eficaz e axeitadamente cando menos no 50% das veces.		
CA1.14 - Utilizar estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, solicitar e formular aclaracións.	Utilizar as estratexias adecuadas cando menos no 50% das comunicacións.		
CA1.15 - Utilizar estratexias de activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados, compensando as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos.	Ter consciencia da maioría das estratexias traballadas e aplicalas.		
CA1.16 - Amosar unha actitude de respecto cara a si mesmo e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender, considerando o erro como fonte de aprendizaxe.	Amosar de xeito xeral esa actitude de respecto.		
CA2.1 - Inferir e explicar textos e conceptos breves, sinxelos e predicibles en situacións moi cotiás e familiares, e transmitir a terceiras persoas a información dun xeito simple, aínda que se deban usar palabras soltas ou axudarse de elementos non lingüísticos, mostrando respecto e empatía polas persoas interlocutoras e polas linguas empregadas.	Explicar textos e conceptos breves e transmitir eficazmente a información, cando menos no 50% das ocasións.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Participar na solución de problemas de incomprensión e de entendemento no seu contorno próximo, debidos á diversidade sociocultural e lingüística, resumindo, simplificando ou explicando mensaxes ou hábitos socioculturais sinxelos e coñecidos, para crear pontes e facilitar a comprensión e a comunicación.	Participar eficazmente na solución de problemas de incomprensión, resumindo, simplificando ou explicando mensaxes ou hábitos socioculturais sinxelos e coñecidos.		
CA2.3 - Comparar e argumentar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas, reflexionando sobre o seu funcionamento.	Comparar e argumentar, cando menos, similitudes e diferenzas claras (léxico, fonética, estruturas morfosintáxicas...).		
CA2.5 - Identificar os progresos e as dificultades da súa aprendizaxe da lingua estranxeira realizando actividades de autoavaliación e coavaliación, recoñecendo estratexias de logro propias e alleas, reproducindo aqueles aspectos que axudan a mellorar, facéndoos explícitos e compartíndoos con outros participantes.	Identificar satisfactoriamente a maioría dos progresos e dificultades na aprendizaxe. Aplicar e compartir novas estratexias de logro.		
CA2.6 - Valorar a adquisición dunha competencia plurilingüe suficiente sen necesidade de acadar niveis de competencia iguais nin similares aos que posúe na súa lingua primeira ou máis utilizada.	Valorar positivamente a adquisición dunha competencia plurilingüe suficiente.		
CA3.1 - Participar en proxectos nos cales se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais e valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	Participar habitualmente nos proxectos, rexeitando o 100% dos estereotipos discriminatorios e prexuizosos. Valorar positivamente a súa competencia plurilingüe.		
CA3.2 - Actuar de forma adecuada, empática e respectuosa en situacións interculturais, construíndo vínculos entre as diferentes linguas e culturas, identificando e rexeitando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo, e recoñecendo valores ecosociais, como a equidade, a reciprocidade e a solidariedade, como vías de solución.	Amosar empatía e respecto en todas as situacións interculturais. Rexeitar o 100% dos casos de discriminación e prexuizos. Recoñecer os valores ecosociais como vías de solución.		
CA3.3 - Incorporar a crítica e a reflexión para adquirir valores, como o respecto á diversidade lingüística, á igualdade e á inclusión, e desenvolver unha visión empática para convivir nunha sociedade intercultural.	Adquirir valores, como o respecto á diversidade lingüística, á igualdade e á inclusión incorporando a crítica e a reflexión. Desenvolver unha visión empática para a convivencia intercultural.		
CA3.4 - Identificar os aspectos cognitivos, afectivos e comportamentais que forman parte da competencia lingüística e da competencia cultural, valorando o plurilingüismo como salvagarda das especificidades culturais.	Saber identificar aspectos cognitivos, afectivos e comportamentais da competencia lingüística e da competencia cultural. Valorar o plurilingüísmo como salvagarda das especificidades culturais.		
CA3.5 - Valorar positivamente a diversidade cultural a través do uso activo de linguas, saberes e coñecementos de procedencia cultural distinta co obxectivo de contribuír á cohesión social desde valores ecosociais.	Valorar positivamente a diversidade cultural a través do uso activo de linguas, saberes e coñecementos de procedencia cultural distinta.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.6 - Valorar criticamente, desde a consideración dos dereitos humanos, as manifestacións culturais (linguas, costumes, tradicións, crenzas relixiosas, etc.) dos países en que se fala a lingua estranxeira, e as múltiples formas de organización social que pode reflectir a diversidade cultural.	Valorar criticamente as manifestacións culturais dos países nos que se fala a lingua francesa, e as múltiples formas de organización social que reflicte a diversidade cultural.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Manifestación de autoconfianza e iniciativa. Actitude reflexiva ante o erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe.
- Uso de estratexias de uso común para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais contextualizados.
- Utilización dos coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións cotiás (explicar costumes, manifestacións culturais, relacións familiares ou de amizade, relacións laborais¿).
- Funcións comunicativas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: establecer e manter de xeito sinxelo a comunicación e a organización elemental do discurso. Dar información persoal e familiar básica e, en termos simples, narrar acontecementos pasados e describir estados e situacións presentes, e expresar sucesos futuros. Solicitar e dar información e indicacións, e expresar de xeito sinxelo opinións e advertencias. Expresar de forma sinxela coñecemento, descoñecemento, certeza e dúbida. Expresar a vontade, a intención, a orde, a autorización e a prohibición. Expresar interese, aprobación, aprecio, satisfacción e sorpresa, así como os seus contrarios. Resumir.
- Uso de modelos contextuais e xéneros discursivos de uso común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, considerando as características e o recoñecemento do contexto (participantes e situación), as expectativas xeradas polo contexto, a organización e estruturación segundo o xénero, a función textual e a estrutura.
- Utilización de unidades lingüísticas de uso común e habitual e significados asociados a estas, tales como a expresión da entidade (obxectos, persoas, ideas, estados, accións, sucesos, etc.) e as súas propiedades (existencia, inexistencia, dimensións...), cantidade e calidade (forma, tamaño, cor, idade...), o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións temporais (anterioridade, secuencia, posterioridade...), as formas básicas da afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, e as relacións lóxicas habituais.
- Utilización de léxico común de interese para o alumnado, relativo a tempo e espazo; estados, eventos e acontecementos; actividades, procedementos e procesos; relacións persoais, sociais, académicas e profesionais; educación, traballo; lingua e comunicación intercultural; ciencia e tecnoloxía; historia e cultura, así como uso básico de estratexias de enriquecemento léxico (derivación, familias léxicas, polisemia, sinonimia, antonimia...).
- Utilización e recoñecemento de padróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación: sons e fonemas vocálicos, sons e fonemas consonánticos e as súas agrupacións, procesos fonolóxicos básicos, acento fónico dos elementos léxicos illados e na oración, e identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses padróns.
- Utilización e recoñecemento de padróns gráficos e convencións ortográficas: uso das normas de ortografía da palabra, utilización adecuada da ortografía da oración (coma, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e comiñas) e identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses padróns.
- Utilización de convencións e estratexias conversacionais de uso común, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir e parafrasear, colaborar e negociar significados.
- Uso de recursos para a aprendizaxe e estratexias de uso común de procura e selección de información, como dicionarios, libros de consulta, bibliotecas, mediatecas, etiquetas na rede, recursos dixitais (tradutores, conxugadores...) e informáticos (correctores ortográficos, gramaticais, etc.).
- Respecto á propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados: utilización de ferramentas para o tratamento de datos bibliográficos e de recursos para evitar o plaxio.

Contidos
CA2.3 - Comparar e argumentar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas, reflexionando sobre o seu funcionamento.	Comparar e argumentar, cando menos, similitudes e diferenzas claras (léxico, fonética, estruturas morfosintáxicas...).		
CA2.5 - Identificar os progresos e as dificultades da súa aprendizaxe da lingua estranxeira realizando actividades de autoavaliación e coavaliación, recoñecendo estratexias de logro propias e alleas, reproducindo aqueles aspectos que axudan a mellorar, facéndoos explícitos e compartíndoos con outros participantes.	Identificar satisfactoriamente a maioría dos progresos e dificultades na aprendizaxe. Aplicar e compartir novas estratexias de logro.		
CA2.6 - Valorar a adquisición dunha competencia plurilingüe suficiente sen necesidade de acadar niveis de competencia iguais nin similares aos que posúe na súa lingua primeira ou máis utilizada.	Valorar positivamente a adquisición dunha competencia plurilingüe suficiente.		
CA3.1 - Participar en proxectos nos cales se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais e valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	Participar habitualmente nos proxectos, rexeitando o 100% dos estereotipos discriminatorios e prexuizosos. Valorar positivamente a súa competencia plurilingüe.		
CA3.2 - Actuar de forma adecuada, empática e respectuosa en situacións interculturais, construíndo vínculos entre as diferentes linguas e culturas, identificando e rexeitando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo, e recoñecendo valores ecosociais, como a equidade, a reciprocidade e a solidariedade, como vías de solución.	Amosar empatía e respecto en todas as situacións interculturais. Rexeitar o 100% dos casos de discriminación e prexuizos. Recoñecer os valores ecosociais como vías de solución.		
CA3.3 - Incorporar a crítica e a reflexión para adquirir valores, como o respecto á diversidade lingüística, á igualdade e á inclusión, e desenvolver unha visión empática para convivir nunha sociedade intercultural.	Adquirir valores, como o respecto á diversidade lingüística, á igualdade e á inclusión incorporando a crítica e a reflexión. Desenvolver unha visión empática para a convivencia intercultural.		
CA3.4 - Identificar os aspectos cognitivos, afectivos e comportamentais que forman parte da competencia lingüística e da competencia cultural, valorando o plurilingüismo como salvagarda das especificidades culturais.	Saber identificar aspectos cognitivos, afectivos e comportamentais da competencia lingüística e da competencia cultural. Valorando o plurilingüísmo como salvagarda das especificidades culturais.		
CA3.5 - Valorar positivamente a diversidade cultural a través do uso activo de linguas, saberes e coñecementos de procedencia cultural distinta co obxectivo de contribuír á cohesión social desde valores ecosociais.	Valorar positivamente a diversidade cultural a través do uso activo de linguas, saberes e coñecementos de procedencia cultural distinta.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.6 - Valorar criticamente, desde a consideración dos dereitos humanos, as manifestacións culturais (linguas, costumes, tradicións, crenzas relixiosas, etc.) dos países en que se fala a lingua estranxeira, e as múltiples formas de organización social que pode reflectir a diversidade cultural.	Valorar criticamente as manifestacións culturais dos países nos que se fala a lingua francesa, e as múltiples formas de organización social que reflicte a diversidade cultural.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Manifestación de autoconfianza e iniciativa. Actitude reflexiva ante o erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe.
- Uso de estratexias de uso común para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais contextualizados.
- Utilización dos coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións cotiás (explicar costumes, manifestacións culturais, relacións familiares ou de amizade, relacións laborais¿).
- Funcións comunicativas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: establecer e manter de xeito sinxelo a comunicación e a organización elemental do discurso. Dar información persoal e familiar básica e, en termos simples, narrar acontecementos pasados e describir estados e situacións presentes, e expresar sucesos futuros. Solicitar e dar información e indicacións, e expresar de xeito sinxelo opinións e advertencias. Expresar de forma sinxela coñecemento, descoñecemento, certeza e dúbida. Expresar a vontade, a intención, a orde, a autorización e a prohibición. Expresar interese, aprobación, aprecio, satisfacción e sorpresa, así como os seus contrarios. Resumir.
- Uso de modelos contextuais e xéneros discursivos de uso común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, considerando as características e o recoñecemento do contexto (participantes e situación), as expectativas xeradas polo contexto, a organización e estruturación segundo o xénero, a función textual e a estrutura.
- Utilización de unidades lingüísticas de uso común e habitual e significados asociados a estas, tales como a expresión da entidade (obxectos, persoas, ideas, estados, accións, sucesos, etc.) e as súas propiedades (existencia, inexistencia, dimensións...), cantidade e calidade (forma, tamaño, cor, idade...), o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións temporais (anterioridade, secuencia, posterioridade...), as formas básicas da afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, e as relacións lóxicas habituais.
- Utilización de léxico común de interese para o alumnado, relativo a tempo e espazo; estados, eventos e acontecementos; actividades, procedementos e procesos; relacións persoais, sociais, académicas e profesionais; educación, traballo; lingua e comunicación intercultural; ciencia e tecnoloxía; historia e cultura, así como uso básico de estratexias de enriquecemento léxico (derivación, familias léxicas, polisemia, sinonimia, antonimia...).
- Utilización e recoñecemento de padróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación: sons e fonemas vocálicos, sons e fonemas consonánticos e as súas agrupacións, procesos fonolóxicos básicos, acento fónico dos elementos léxicos illados e na oración, e identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses padróns.
- Utilización e recoñecemento de padróns gráficos e convencións ortográficas: uso das normas de ortografía da palabra, utilización adecuada da ortografía da oración (coma, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e comiñas) e identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses padróns.
- Utilización de convencións e estratexias conversacionais de uso común, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir e parafrasear, colaborar e negociar significados.
- Uso de recursos para a aprendizaxe e estratexias de uso común de procura e selección de información, como dicionarios, libros de consulta, bibliotecas, mediatecas, etiquetas na rede, recursos dixitais (tradutores, conxugadores...) e informáticos (correctores ortográficos, gramaticais, etc.).
- Respecto á propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados: utilización de ferramentas para o tratamento de datos bibliográficos e de recursos para evitar o plaxio.

Contidos
- Emprego de ferramentas analóxicas e dixitais de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal, e de plataformas virtuais de interacción, colaboración e cooperación educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas...) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira. - Utilización de estratexias e técnicas para responder eficazmente e con niveis crecentes de autonomía, adecuación e corrección a unha necesidade comunicativa concreta superando as limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio. - Reaxuste da tarefa ou da mensaxe, emprendendo unha versión máis modesta, tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles. - Uso de elementos coñecidos obtidos de modelos sinxelos de textos e de frases feitas e locucións básicas, para elaborar os propios textos. - Comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal, para recoñecer estratexias de uso común (identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas -léxico, morfosintaxe, padróns sonoros, etc.-). - Uso de estratexias e ferramentas de uso común, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas, para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación. - Manexo de expresións e léxico específico de uso común para reflexionar e compartir a reflexión sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe). - Comparación sistemática entre linguas, a partir de elementos da lingua estranxeira e doutras linguas, para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada. - Consideración da lingua estranxeira como medio de comunicación interpersoal e internacional, facilitador do acceso a outras culturas e outras linguas, e como ferramenta de participación social e de enriquecemento persoal. - Interese e iniciativa na realización de intercambios comunicativos a través de diferentes medios con falantes ou estudantes da lingua estranxeira, así como por coñecer informacións culturais dos países onde se fala a lingua estranxeira. - Achegamento a algúns aspectos socioculturais e sociolingüísticos propios de países onde se fala a lingua estranxeira (convencións sociais, normas de cortesía e rexistros; institucións, costumes e rituais; valores, normas, crenzas e actitudes; estereotipos e tabús; linguaxe non verbal; historia, cultura e comunidades etc.). - Utilización de estratexias de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística atendendo a valores ecosociais e democráticos. - Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas significativas nos costumes cotiáns entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o propio. - Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, aos países e ás comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia. - Utilización de estratexias de prevención, detección, rexeitamento e actuación ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

UD	Título da UD	Duración
6	UD6. Ma vie à moi.	25

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Identificar a información esencial e os puntos máis relevantes en textos, breves ou de lonxitude media e ben estruturados, escritos en lingua estándar que traten de asuntos cotiáns ou de temas de interese ou relevantes para os propios estudos, a ocupación ou o traballo, e que conteñan estruturas e un léxico de uso moi común.	Identificar cando menos o 50% da información esencial e dos puntos máis relevantes.	PE	35
CA1.2 - Comprender o esencial en situacións de comunicación oral ou escrita, de xeito presencial ou telemático, e dos medios de comunicación social nunha variedade de lingua estándar, que traten de necesidades inmediatas, temas cotiáns e coñecidos con que se estea familiarizado ou experiencias persoais e predicibles, sempre que se poidan utilizar estratexias que faciliten a comprensión, como apoios visuais e, no caso da oralidade, se dean repeticións ou reformulacións.	Comprender cando menos o 50% do esencial en situacións de comunicación oral ou escrita.		
CA1.4 - Comprender información relevante en textos do seu interese, expositivos ou narrativos, en distintos soportes, de lonxitude media e ben estruturados, nos cales se presentan en termos simples fenómenos, accións, persoas, obxectos e lugares, e se manifestan opinións con expresións sinxelas e sen implícitos, e, no caso da interacción oral, se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito.	Comprender cando menos o 50% da información relevante.		
CA1.8 - Redactar e difundir textos claros e coherentes, con cohesión sinxela, corrección e adecuación á situación comunicativa proposta, á tipoloxía textual e ás ferramentas analóxicas e dixitais utilizadas, nun rexistro neutro, respectando as convencións ortográficas básicas, con control de expresións e estruturas sinxelas e un léxico de uso frecuente, sobre asuntos cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á súa experiencia, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital.	Redactar e difundir textos intelixibles e comunicativos, adecuados á situación e á tipoloxía, aínda que conteñan certos erros. Mostrar sempre respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital.		
CA1.9 - Completar documentos básicos nos cales se solicite información persoal ou relativa aos seus estudos, en soporte tanto impreso como dixital.	Completar cun grao de corrección medio (50%) documentos básicos.		
CA2.4 - Utilizar os coñecementos, estratexias e experiencias das linguas do seu repertorio lingüístico para comprender e producir textos, e inferir o significado probable de palabras ou frases que descoñece, valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	Ser quen de utilizar coñecementos, estratexias e experiencias das linguas do seu repertorio lingüístico para inferir significado. Valorar positivamente a súa competencia plurilingüe.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Aplicar autonomamente as estratexias, recursos e coñecementos máis adecuados (recurso ás imaxes, títulos e outras informacións visuais, e aos coñecementos previos sobre o tema ou a situación de comunicación, e aos transferidos desde as linguas que coñece), para comprender o sentido xeral, a información esencial e detalles relevantes dos textos, inferindo o significado de palabras e expresións non coñecidas; e interpretar elementos non verbais.	Aplicar a maioría das estratexias, recursos e coñecementos autonomamente.	TI	65
CA1.5 - Buscar información en fontes confiables sobre temas de investigación de interese persoal, educativo ou ocupacional, considerando a selección das fontes de información adecuadas como parte esencial do proceso de investigación para o traballo ou proxecto que se está realizando.	Facer un uso responsable das fontes de información.		
CA1.6 - Expresar oralmente textos sinxelos e comprensibles, previamente preparados, de extensión breve ou media, nun rexistro neutro, sobre temas de interese persoal sobre os cales teña coñecementos previos, utilizando recursos verbais e non verbais, así como estratexias tales como a de planificación, de compensación e de cooperación.	Expresar oralmente textos comprensibles, facendo un uso eficaz dalgúns recursos verbais e non verbais, así como dalgunhas estratexias.		
CA1.7 - Producir textos, tanto cara a cara como por medios técnicos, nun rexistro neutro, cun discurso comprensible e adecuado á situación, e utilizando as estratexias necesarias para iniciar e manter a comunicación.	Producir textos comprensibles aínda que se cometan algúns erros e empregar algunha das estratexias adecuadamente.		
CA1.10 - Aplicar e comunicar coñecementos e estratexias para planificar, producir e revisar textos sinxelos comprensibles, coherentes e adecuados ás intencións comunicativas, á persoa destinataria e ás características contextuais.	Ter consciencia dalgunhas estratexias e aplicalas eficazmente.		
CA1.11 - Participar en situacións interactivas de intercambios de información breves referidos a asuntos da vida cotiá e próximos á súa experiencia, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal propia da cultura estranxeira, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital.	Facerse comprender e comprender cando menos no 50% das veces nas que participa en situacións interactivas breves, repetindo. Mostrar respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital.		
CA1.12 - Interactuar con pronuncia intelixible pedindo que se lle repitan os puntos clave, se o necesita, e sen que as súas posibles vacilacións e reformulacións de expresións ou estruturas impidan a comunicación.	Interactuar intelixiblemente cando menos no 50% das veces. Pedir aclaracións sempre que o precise.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.13 - Interaccionar utilizando os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos relativos á vida cotiá, condicións de vida e contorno, relacións interpersoais (nos ámbitos persoal, educativo e ocupacional), comportamento (posturas, expresións faciais, volume da voz, contacto visual e proxémico) e convencións sociais (actitudes, normas e valores), axustando a mensaxe á persoa destinataria e ao propósito comunicativo, e amosando empatía e a cortesía debida.	Interaccionar eficaz e axeitadamente cando menos no 50% das veces.		
CA1.14 - Utilizar estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, solicitar e formular aclaracións.	Utilizar as estratexias adecuadas cando menos no 50% das comunicacións.		
CA1.15 - Utilizar estratexias de activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados, compensando as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos.	Ter consciencia da maioría das estratexias traballadas e aplicalas.		
CA1.16 - Amosar unha actitude de respecto cara a si mesmo e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender, considerando o erro como fonte de aprendizaxe.	Amosar de xeito xeral esa actitude de respecto.		
CA2.1 - Inferir e explicar textos e conceptos breves, sinxelos e predicibles en situacións moi cotiás e familiares, e transmitir a terceiras persoas a información dun xeito simple, aínda que se deban usar palabras soltas ou axudarse de elementos non lingüísticos, mostrando respecto e empatía polas persoas interlocutoras e polas linguas empregadas.	Explicar textos e conceptos breves e transmitir eficazmente a información, cando menos no 50% das ocasións.		
CA2.2 - Participar na solución de problemas de incomprensión e de entendemento no seu contorno próximo, debidos á diversidade sociocultural e lingüística, resumindo, simplificando ou explicando mensaxes ou hábitos socioculturais sinxelos e coñecidos, para crear pontes e facilitar a comprensión e a comunicación.	Participar eficazmente na solución de problemas de incomprensión, resumindo, simplificando ou explicando mensaxes ou hábitos socioculturais sinxelos e coñecidos.		
CA2.3 - Comparar e argumentar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas, reflexionando sobre o seu funcionamento.	Comparar e argumentar, cando menos, similitudes e diferenzas claras (léxico, fonética, estruturas morfosintáxicas...).		
CA2.5 - Identificar os progresos e as dificultades da súa aprendizaxe da lingua estranxeira realizando actividades de autoavaliación e coavaliación, recoñecendo estratexias de logro propias e alleas, reproducindo aqueles aspectos que axudan a mellorar, facéndoos explícitos e compartíndoos con outros participantes.	Identificar satisfactoriamente a maioría dos progresos e dificultades na aprendizaxe. Aplicar e compartir novas estratexias de logro.		
CA2.6 - Valorar a adquisición dunha competencia plurilingüe suficiente sen necesidade de acadar niveis de competencia iguais nin similares aos que posúe na súa lingua primeira ou máis utilizada.	Valorar positivamente a adquisición dunha competencia plurilingüe suficiente.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Participar en proxectos nos cales se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais e valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	Participar habitualmente nos proxectos, rexeitando o 100% dos estereotipos discriminatorios e prexuizosos. Valorar positivamente a súa competencia plurilingüe.		
CA3.2 - Actuar de forma adecuada, empática e respectuosa en situacións interculturais, construíndo vínculos entre as diferentes linguas e culturas, identificando e rexeitando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo, e recoñecendo valores ecosociais, como a equidade, a reciprocidade e a solidariedade, como vías de solución.	Amosar empatía e respecto en todas as situacións interculturais. Rexeitar o 100% dos casos de discriminación e prexuizos. Recoñecer os valores ecosociais como vías de solución.		
CA3.3 - Incorporar a crítica e a reflexión para adquirir valores, como o respecto á diversidade lingüística, á igualdade e á inclusión, e desenvolver unha visión empática para convivir nunha sociedade intercultural.	Adquirir valores, como o respecto á diversidade lingüística, á igualdade e á inclusión incorporando a crítica e a reflexión. Desenvolver unha visión empática para a convivencia intercultural.		
CA3.4 - Identificar os aspectos cognitivos, afectivos e comportamentais que forman parte da competencia lingüística e da competencia cultural, valorando o plurilingüismo como salvagarda das especificidades culturais.	Saber identificar aspectos cognitivos, afectivos e comportamentais da competencia lingüística e da competencia cultural. Valorar o plurilingüísmo como salvagarda das especificidades culturais.		
CA3.5 - Valorar positivamente a diversidade cultural a través do uso activo de linguas, saberes e coñecementos de procedencia cultural distinta co obxectivo de contribuír á cohesión social desde valores ecosociais.	Valorar positivamente a diversidade cultural a través do uso activo de linguas, saberes e coñecementos de procedencia cultural distinta.		
CA3.6 - Valorar criticamente, desde a consideración dos dereitos humanos, as manifestacións culturais (linguas, costumes, tradicións, crenzas relixiosas, etc.) dos países en que se fala a lingua estranxeira, e as múltiples formas de organización social que pode reflectir a diversidade cultural.	Valorar criticamente as manifestacións culturais dos países nos que se fala a lingua francesa, e as múltiples formas de organización social que reflicte a diversidade cultural.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Manifestación de autoconfianza e iniciativa. Actitude reflexiva ante o erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe. - Uso de estratexias de uso común para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais contextualizados. - Utilización dos coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións cotiás (explicar costumes, manifestacións culturais, relacións familiares ou de amizade, relacións laborais¿). - Funcións comunicativas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: establecer e manter de xeito sinxelo a comunicación e a organización elemental do discurso. Dar información persoal e familiar básica e, en termos simples, narrar acontecementos pasados e describir estados e situacións presentes, e expresar sucesos futuros. Solicitar e dar información e indicacións, e expresar de xeito sinxelo opinións e advertencias. Expresar de forma sinxela coñecemento, descoñecemento, certeza e dúbida. Expresar a vontade, a intención, a orde, a autorización e a prohibición. Expresar interese, aprobación, aprecio, satisfacción e sorpresa, así como os seus

Contidos
- contrarios. Resumir. - Uso de modelos contextuais e xéneros discursivos de uso común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, considerando as características e o recoñecemento do contexto (participantes e situación), as expectativas xeradas polo contexto, a organización e estruturación segundo o xénero, a función textual e a estrutura. - Utilización de unidades lingüísticas de uso común e habitual e significados asociados a estas, tales como a expresión da entidade (obxectos, persoas, ideas, estados, accións, sucesos, etc.) e as súas propiedades (existencia, inexistencia, dimensións...), cantidade e calidade (forma, tamaño, cor, idade...), o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións temporais (anterioridade, secuencia, posterioridade...), as formas básicas da afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, e as relacións lóxicas habituais. - Utilización de léxico común de interese para o alumnado, relativo a tempo e espazo; estados, eventos e acontecementos; actividades, procedementos e procesos; relacións persoais, sociais, académicas e profesionais; educación, traballo; lingua e comunicación intercultural; ciencia e tecnoloxía; historia e cultura, así como uso básico de estratexias de enriquecemento léxico (derivación, familias léxicas, polisemia, sinonimia, antonimia...). - Utilización e recoñecemento de padróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación: sons e fonemas vocálicos, sons e fonemas consonánticos e as súas agrupacións, procesos fonolóxicos básicos, acento fónico dos elementos léxicos illados e na oración, e identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses padróns. - Utilización e recoñecemento de padróns gráficos e convencións ortográficas: uso das normas de ortografía da palabra, utilización adecuada da ortografía da oración (coma, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e comiñas) e identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses padróns. - Utilización de convencións e estratexias conversacionais de uso común, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir e parafrasear, colaborar e negociar significados. - Uso de recursos para a aprendizaxe e estratexias de uso común de procura e selección de información, como dicionarios, libros de consulta, bibliotecas, mediatecas, etiquetas na rede, recursos dixitais (tradutores, conxugadores...) e informáticos (correctores ortográficos, gramaticais, etc.). - Respecto á propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados: utilización de ferramentas para o tratamento de datos bibliográficos e de recursos para evitar o plaxio. - Emprego de ferramentas analóxicas e dixitais de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal, e de plataformas virtuais de interacción, colaboración e cooperación educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas...) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira. - Utilización de estratexias e técnicas para responder eficazmente e con niveis crecentes de autonomía, adecuación e corrección a unha necesidade comunicativa concreta superando as limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio. - Reaxuste da tarefa ou da mensaxe, emprendendo unha versión máis modesta, tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles. - Uso de elementos coñecidos obtidos de modelos sinxelos de textos e de frases feitas e locucións básicas, para elaborar os propios textos. - Comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal, para recoñecer estratexias de uso común (identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas -léxico, morfosintaxe, padróns sonoros, etc.-). - Uso de estratexias e ferramentas de uso común, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas, para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación. - Manexo de expresións e léxico específico de uso común para reflexionar e compartir a reflexión sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe). - Comparación sistemática entre linguas, a partir de elementos da lingua estranxeira e doutras linguas, para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada. - Consideración da lingua estranxeira como medio de comunicación interpersoal e internacional, facilitador do acceso a outras culturas e outras linguas, e como ferramenta de participación social e de enriquecemento persoal.

Contidos
- Interese e iniciativa na realización de intercambios comunicativos a través de diferentes medios con falantes ou estudantes da lingua estranxeira, así como por coñecer informacións culturais dos países onde se fala a lingua estranxeira. - Achegamento a algúns aspectos socioculturais e sociolingüísticos propios de países onde se fala a lingua estranxeira (convencións sociais, normas de cortesía e rexistros; institucións, costumes e rituais; valores, normas, crenzas e actitudes; estereotipos e tabús; linguaxe non verbal; historia, cultura e comunidades etc.). - Utilización de estratexias de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística atendendo a valores ecosociais e democráticos. - Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas significativas nos costumes cotiáns entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o propio. - Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, aos países e ás comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia. - Utilización de estratexias de prevención, detección, rexeitamento e actuación ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía aplicada nas clases de segunda lingua estranxeira, guiaranse polos seguintes puntos:
- Activa e participativa, favorecendo tanto o traballo individual do alumnado como o cooperativo, fomentando o traballo autónomo e a autoavaliación, de cara a procurar os progresos.
- Aprendizaxe significativa, de modo que as novas adquisicións do estudante enlacen cos coñecementos previos, tanto do seu repertorio lingüístico como do mundo, para dar lugar a reestruturacións mentais cada vez máis inclusivas, amplas e ricas.
- Aprendizaxe funcional, segundo o cal as actividades de ensino-aprendizaxe parten de situacións reais, académicas e sociais, e retornan a elas en formas diversas de aplicación científica, técnica, social, etcétera.
- Recursos didácticos diversos e fontes de información variadas, coa intención de chegar ás preferencias, gustos e habilidades dun maior número de alumnado, e ofrecer unha visión o máis ampla posible das culturas que vehicula a lingua estranxeira.
- Aprendizaxe lúdica. Na medida do posible as actividades levadas a cabo terán unha compoñente lúdica, de cara a crear un clima de traballo positivo, favorecendo que o alumnado demande máis traballo-xogo e, en consecuencia, a aprendizaxe progrese cun ritmo e profundidade maior.
- Métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe, favorezan a capacidade de aprender por si mesmos e promovan a aprendizaxe en equipo.
- Emprego do francés como lingua vehícular na maior parte dos contextos posibles, tanto nas interaccións orais como nas escritas, favorecendo que o alumnado tamén a empregue para dirixirse ao profesorado, mais tamén aos seus iguais.
- Metodoloxía de proxectos, para unha adquisición eficaz das competencias. Deseñaranse actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo.
- Interdisciplinariedade. Implementaranse proxectos comúns a varias materias, que contribúan á adquisición de contidos de todas elas e poidan ser avaliados baixo diferentes aspectos, contribuíndo no alumnado á percepción dun ensino máis global e coherente e rentabilizando o seu traballo e esforzo.
- Reflexión sobre o funcionamento da lingua, encamiñándoa a que o alumnado poida utilizar os coñecementos adquiridos sobre o novo sistema lingüístico como instrumento de control e autocorreción das producción propias e como recurso para comprender mellor as alleas.
- Tratarase o erro como un elemento necesario no proceso de aprendizaxe, evidenciando que calquera falante e aprendiz dunha lingua estranxeira os comete. Levaranse a cabo correccións conxuntas e sistemáticas das producción realizadas no grupo ou producción alleas, mostrando que a detección de erros contribúe a evitar os propios. Valorarase positivamente a expresión, mesmo con erros ou recurso a outras linguais, fronte á non expresión (silencio).
- Coa finalidade de promover a comprensión lectora adicarase un tempo á lectura, así como actividades directamente ligadas ao fomento da lectura e á adquisición da competencia lingüística na súa vertente escrita (fotonovelas, banda deseñada, actividades de escritura e lectura en redes sociais, lecturas recomendadas, etc.). Estas actividades, e

outras que poidan xurdir, incluiranse no plan lector do centro.
- Disposición da aula en pequenos grupos, o que facilita a interacción visual, a cooperación e promove unha mellor comunicación. Desaparecen por outra banda os lugares privilexiados de "diante-atrás", asimilados con frecuencia ao alumnado con mellor-peor rendemento e/ou actitude na aula.
- Recursos dixitais: Farase un uso frecuente da aula virtual, presentando material, tarefas a realizar, probas, etc. Proporanse proxectos que requiran documentarse ou apoiarse en ferramentas dixitais para a súa exposición, contribuíndo así á adquisición da competencia dixital, entre outras.
- No marco dun proxecto de intercambio en liña/presencial cun centro educativo estranxeiro, procurarase desenvolver destrezas comunicativas tanto receptivas como produtivas. A realización do proxecto previo e entorno ao intercambio e outros proxectos suporán tamén unha oportunidade importante para o traballo coas ferramentas dixitais.
- A posibilidade da preparación de probas de certificación (DELF Scolaire) resulta nunha mellora das destrezas lingüísticas e nun incremento da motivación do alumnado .
- A materia contribúe á competencia plurilingüe ofrecendo oportunidades para interactuar en situacións comunicativas e para reflexionar sobre a linguaxe en xeral a través da comparación entre as distintas linguas que se están a aprender (TIL - Tratamento Integrado das Linguas). O recoñecemento e a aprendizaxe progresiva das regras de funcionamento do sistema interno da lingua estranxeira, a partir das linguas que se coñecen, mellorará a adquisición desta competencia.
- De ser o caso, contar coa asignación dunha persoa auxiliar de conversa sería un elemento clave para acercar a realidade cultural e lingüística francófona ao noso alumnado e para facilitar a expresión oral. Achegaría a cultura dos países francófonos, reforzando a compoñente de multiculturalidade.
-Dos criterios e instrumentos de avaliación indicados na presente programación, serán de especial recomendación os que se refiren á entrega de vídeos, audios, traballos audiovisuais en xeral, exposicións, descricións, deseño de planos e banda deseñada, presentacións, etc. podendo abrir as opcións según o manexo que o alumnado teña das tecnoloxías e competencia dixital.
Progresivamente en cada nivel utilizaremos unha metodoloxía por proxectos, dentro das posibilidades, que permita ao alumnado ser o centro do proceso de ensinanza-aprendizaxe, que nos axudará a facer da lingua unha ferramenta e non un fin en si mesma e pasar dun saber abstracto a unha aplicación real no dominio inmediato do alumnado, respondendo así ás súas necesidades. Esta estratexia axudaranos a diversificar a nosa metodoloxía e a facer unha proposta motivadora, en contacto co mundo real, buscando o pleno desenvolvemento de todo o alumnado.
Entre estas medidas estaran a proposta de tarefas globalizadas que requiran da posta en practica de todas as competencias do alumnado, a aprendizaxe cooperativa, o uso das TIC como recurso didactico, actividades que favorezan a auto-aprendizaxe, o pensamento crítico e creativo, a investigacion mediante proxectos de traballo, entre outras
Consideramos que esta metodoloxía, e que as novas estratexias metodolóxicas que se están implantando, derivadas en parte da nova lei educativa, chocan de fronte coas probas (escritas ou orais) que pidan simplemente unha acumulación de saberes, e que non mobilicen o saber-facer, o saber-ser ou o aprender a aprender, polo que as rexeitamos e as eliminamos da nosa metodoloxía. Non podemos obviar a importancia da memorización de conceptos, termos, conxugacións ou regras gramaticais na aprendizaxe dunha lingua estranxeira, mais consideramos que ésta non pode ser a base dunha avaliación, senón que a base debe estar constituída pola súa aplicación práctica nunha tarefa ou proxecto que encadre e englobe os conceptos traballados en cada unidade didáctica.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Promenade 4 A2-B1.
Material de elaboración propia
Documentos auténticos

Aula virtual
Páxinas web vinculadas ao FLE
Diccionarios en papel e en liña
Recursos dixitais (tradutores, conxugadores...)
Xogos de elaboración propia
Xogos comerciais aplicables á materia
Cartelería
Probas tipo DELF e outras certificacións

- O manual de referencia empregado será Promenade 4 (A2-B1) da editorial SM. Servirá de folla de ruta, sen ser condición a realización de todas as tarefas.
Como se poden observar dificultades na adquisición das competencias para algún alumnado, dado que neste grupo hai un distinto nivel, utilizamos algúns outros manuais para que sirva de axuda ao alumnado afectado. Isto podería axudar a nivelar e axustar esas diferencias para lograr mellores resultados.
- Completaranse as explicacións, tarefas de ampliación e/ou reforzo con material de elaboración propia, podendo así adaptalo aos requerimentos do grupo.
- Farase igualmente uso de documentos auténticos, escollidos ad hoc por temática e nivel de dificultade lingüística. Concretamente, o uso deste tipo de material conecta o alumnado coa realidade cultural e lingüística da materia e constitúe un elemento motivador en si mesmo, no que radica a súa valía.
- A aula virtual servirá de plataforma de referencia e consulta permanente: explicacións, tarefas, avisos, comunicación entre iguais e co(a) docente.
- Farase uso de páxinas web e aplicacións vinculadas ao FLE como fonte de práctica (exercicios en liña), de lectura e información (prensa, redes sociais, etc.), de consulta (diccionarios, tradutores, conxugadores, etc), xogos e instrumentos de avaliación (Kahoot, Plickers, etc.).
- Empregarase na aula xogos elaborados expresamente para a práctica na aula, pensados para a adquisición dalgún contido, mais tamén usaranse aqueles xogos comerciais que poidan servir ao mesmo fin.
- Expoñerase na aula cartelería que sirva para motivar ao alumnado, lembrar aspectos lingüísticos e culturais que se constatan curiosos ou que gardan certa dificultade de adquisición, imaxes vinculadas ás culturas que vehicula a lingua estranxeira, etc.
- Levaranse a cabo actividades e probas segundo modelos das probas de certificación do DELF scolaire da Alliance Française e das Escolas Oficias de Idiomas para avaliar o grado de consecución das diferentes destrezas. Permitirase deste xeito o diagnóstico de niveis e diferenzas entre as competencias e os perfís de aprendizaxe verase facilitado polo uso das numerosas ferramentas de avaliación.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

- Adicarase á avaliación inicial as oito (8) primeiras sesións do curso.
- Proporase eventualmente unha rúbrica de autoavaliación, que se reutilizará ao longo do curso, podendo constatar os progresos realizados.
- Levaranse a cabo actividades -individuais e grupais- que permitan avaliar o grao de adquisición das cinco destrezas: comprensión e expresión, tanto oral como escrita, e mediación.
- Proporase algunha proba, ben dun nivel correspondente ao fixado ao remate do curso anterior (de cara a constatar se o grao de adquisición é o requirido para comezar o curso), ben do nivel correspondente ao perfil de saída do presente curso (de cara a mostrar ao alumnado o camiño que queda por percorrer, salientando aquelas destrezas nas que o nivel é máis alto e, polo tanto, a distancia a salvar menor).

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	**10**	**15**	**15**	**20**	**15**	**25**	**100**
Proba escrita	32	35	35	35	35	35	**35**
Táboa de indicadores	68	65	65	65	65	65	**65**

Criterios de cualificación:

Teranse en conta os criterios de avaliación que figuran no punto 3.3 esta programación, para cada unha das UD.
a) Dado que os contidos son progresivos e reutilízanse dunha avaliación para outra, a avaliación é continua, progresiva e sumativa. O valor das cualificacións trimestrais aumenta segundo avanza o curso, o que serve de recuperación.
b) Levaranse a cabo probas e tarefas de orde diverso que permitan avaliar o grao de adquisición dos diferentes obxectivos e contidos nas cinco destrezas. Teranse en conta os criterios de avaliación que procedan de entre os seguintes: 1.1, 1.2, 1.4, ,1.6, 1.7, 1.8, 1.9, 1.11, 1.12, 1.13, 2.1 e 2.2.
Entre as probas, proporanse probas escritas de comprensión e expresión, tanto oral como escrita, e mediación, probas de adquisición de léxico e conxugación, probas de pronuncia, etc.
Entre as tarefas, proporase a realización e exposición de traballos monográficos, nos que se valorarán diversos aspectos dependentes da unidade didáctica na que se encaixen que serán previamente definidos e figurarán na aula virtual a disposición do alumnado.
c) As probas e tarefas valoraranse de 0 a 10 puntos, tendo unha ponderación diferente dentro da unidade didáctica segundo as súas particulariedades. A ponderación será anunciada ao alumnado antes da súa realización e figurará na aula virtual.
d) Elaborarase un índice de contidos que permita avaliar o grao de adquisición dos diferentes obxectivos seguindo os criterios de avaliación que se enumeran a continuación: 1.3, 1.5, 1.10, 1.14, 1.15, 1.16, 2.3, 2.4, 2.5, 2.6, 3.1, 3.2, 3.3, 3.4, 3.5 e 3.6.
Para encher éste índice recurrirase á observación directa na aula.
e) A cualificación da avaliación ordinaria obterase da suma das cualificacións trimestrais ponderadas segundo se recolle nesta programación (25% - 35% - 40% respectivamente).
f) A cualificación trimestral obterase da media calculada das cualificacións obtidas nas unidades didácticas traballadas en cada trimestre.
g) A cualificación de cada unidade didáctica obterase da suma das cualificacións ponderadas das probas e tarefas realizadas en cada unidade.
h) O redondeo farase á alza á unidade inmediatamente superior, sempre que se cumpran os seguintes requisitos (todos):
- A décima da nota real resultante da ponderación deberá ser igual ou superior a 5.
- Sempre que non se teñan 3 ou máis faltas de deberes acumuladas no trimestre.
- Ter entregado todas as tarefas e proxectos requiridos en cada trimestre.

Criterios de recuperación:

a) Dado que os contidos son progresivos e reutilízanse dunha avaliación para outra, o valor das cualificacións trimestrais aumenta segundo avanza o curso, o que serve de recuperación.
O alumnado que teña resultado negativo nunha ou dúas avaliacións poderá recuperar a materia a través da avaliación continua no 3º trimestre, sempre que a nota máis baixa dos tres trimestres sexa superior ao 1.
b) Aplicaranse medidas de reforzo educativo cando o progreso do alumnado non sexa o axeitado, tratando de

garantir a obtención dos obxetivos imprescindibles para continuar o proceso educativo.
O valor das cualificacións trimestrais aumenta segundo avanza o curso: 25%, 35%, 40% respectivamente.
c) Rematada a 3ª avaliación, o alumnado que non acadase o 5 sobre 10 no cálculo da cualificación da avaliación ordinaria, deberá realizar as probas e/ou as tarefas das destrezas nas que non acadou o grao mínimo de consecución. As cualificacións das destrezas superadas conservaranse e non deberá avaliarse novamente delas. Procede deixar constancia no Informe de atención individualizado.
d) Realizadas as probas e tarefas descritas no alinéa c), observaranse as cualificacións máis elevadas para cada destreza de entre as realizadas ao longo do curso e as realizadas na avaliación ordinaria, de cara a calcular a cualificación nesta avaliación.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Este apartado non procede neste curso.

5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias

Está previsto desenvolver unha proba ou facer un seguemento específico para avaliar o grao de consecución das diferentes destrezas lingüísticas e, consecuentemente, para acreditar os coñecementos necesarios para poder seguir con aproveitamento a materia 2ª Lingua estranxeira I.
As destrezas avaliadas nesta proba de acreditación son:
- Expresión Escrita.
- Expresión Oral.
- Comprensión Escrita.
- Comprensión Oral.

No caso de alumnado inscrito en Francés que non cursara esta materia o(s) ano(s) anterior(es), por exemplo en 1º de Bacharelato, o profesorado poderá avaliar, cunha proba similar respectivamente á da convocatoria de Pendentes, se está ou non capacitado para acadar o nivel esixido no curso actual. Neste caso, a proba poderá ser escrita e oral, observándoa coa evolución ao longo de cada trimestre.
O alumnado disporá da información necesaria para a realización da mesma, téndolle facilitado previamente o material e recursos convintes para que, se existe unha diferencia importante de nivel, ésta se adapte á normalidade dentro da aula, cun reforzo positivo e intentando que o traballo e esforzo sexan os puntos de partida para unha avaliación obxectiva.
Valorarase a necesidade, según a adaptación e o seguemento nas clases das primeiras semanas, de dar a este alumnado un material extra para facilitarlle a adaptación ao nivel correspondente. Chegado o caso, terán que entregar as tarefas ou traballo requeridos no prazo estipulado polo profesorado da materia. De non amosar unha boa evolución ou interese na materia ou no desenvolvemento da mesma ao longo das primeiras semanas, terán a obriga de presentarse á proba correspondente indicada polo profesorado do grupo.

6. Medidas de atención á diversidade

Enténdese atención á diversidade como o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e preferencias de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.
En consonancia coas medidas que a lexislación prevé que o equipo directivo, o profesorado titor e os servizos de orientación deben observar, como profesorado específico da materia de segunda lingua estranxeira cómpre levar a cabo estas outras:
a) A colaboración co profesorado titor e coa xefatura do Departamento de Orientación na planificación e no desenvolvemento de actuacións destinadas ao axuste dos procesos de ensino e de aprendizaxe. A Avaliación Inicial marcará as eventuais necesidades e condicións para establecer as medidas oportunas.
b) A utilización de estratexias metodolóxicas promotoras da inclusión, da solidariedade, do traballo en equipo, do respecto á diferenza e da convivencia de todo o alumnado, informando AO o profesorado titor sobre o desenvolvemento persoal, social e educativo do alumnado que atende.

c) A consideración dos principios do deseño universal de aprendizaxe na atención educativa.
d) A participación nas estratexias de coordinación entre o equipo docente, baixo a dirección do profesorado titor.
As medidas de atención á diversidade (MAD) deben ter un carácter preventivo e compensador. A primeira delas será a avaliación inicial, que constitúe un factor preventivo por excelencia na atención á diversidade, especialmente cando se trata de alumnado con necesidade específica de apoio educativo. Esa avaliación ten como principais finalidades adaptar as ensinanzas á alumna ou ao alumno e facilitar a debida progresión na súa aprendizaxe. Os resultados da avaliación inicial servirán como referente para adoptar as decisións de tipo educativo que correspondan.
Segundo o perfil do alumnado, a atención á diversidade concretarase coas seguintes medidas:
a) O alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso.
Porase en marcha un plan específico personalizado co fin de adaptar as condicións curriculares ás necesidades do alumnado, para tratar de superar as dificultades detectadas. Este plan elaborarao o equipo docente, baixo a coordinación do profesorado titor, e desenvolverase ao longo de todo o curso.
O plan específico personalizado incluirá a identificación da alumna ou do alumno, a relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso, as medidas ordinarias aplicadas no curso anterior, as estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento, os recursos necesarios para o desenvolvemento do plan e, de ser o caso, a oferta de medidas extraordinarias.
As familias serán informadas deste plan, podendo acreditalo.
En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico personalizado e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que proceda. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación, informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.
b) O alumnado con necesidade específica de apoio educativo.
Por tratarse dunha segunda lingua estranxeira, é altamente probable que o alumnado cun retraso madurativo, con trastornos do desenvolvemento da linguaxe e da comunicación fose proposto para unha exención nos dous primeiros cursos da ESO. Porén, é probable atopármonos con alumnado con trastornos de atención ou de aprendizaxe (TDAH, TDA, TEA, DEA etc.).
- Adoptarase un traballo en espiral, retomando o contido non adquirido inicialmente nun momento posterior de traballo, favorecendo así que o alumnado con trastornos de atención ou de aprendizaxe acade os obxectivos por abordar os contidos reiteradamente.
- Os materiais, instrumentos de avaliación e tempos de execución adaptaranse: tipo e tamaño das fontes, cores, espaciado, distribución no papel, material audiovisual complementario, etc.
- Sempre que sexa posible, levaranse a cabo actividades con material manipulativo, con soporte audiovisual e dixital.
- Este alumnado situarase estratéxicamente na aula, co fin de poder supervisar facilmente os seus progresos e minimizar as súas fontes de dispersión.
c) O alumnado con necesidades educativas especiais.
Na medida en que este alumnado, que afronta barreiras que limitan o seu acceso, a súa presenza, a súa participación ou a súa aprendizaxe, derivadas de discapacidade ou de trastornos graves de conducta, da comunicación e da linguaxe, escollen cursar esta segunda lingua estranxeira, poranse en marcha apoios e atencións educativas específicas para a consecución dos obxectivos de aprendizaxe establecidos con carácter xeral para todo o alumnado.
- A lexistación prevé que as Administracións educativas doten este alumnado do apoio preciso desde o momento da súa escolarización ou da detección da súa necesidade, polo que, DE SER O CASO sempre que faciliten , estes recursos poranse á disposición do alumnado.
- Impartiranse as clases de maneira que o alumnado con algunha discapacidade física poida acceder aos materiais, explicacións, tarefas, instrumentos de avaliación de xeito normalizado, sen que a súa discapacidade supoña un impedimento. (Ex.material visual e tarefas escritas para o alumnado con problemas de audición, material manipulativo e sonoro para o alumnado con problemas de visión, naturalmente co apoio da Fundación Once, material adaptado dixitalmente para o alumnado con problemas motrices e dificultades para a escrita, etc.)
- Implicarase o alumnado con necesidades derivadas de trastornos graves da comunicación e da linguaxe nas mesmas tarefas que o resto do grupo aínda que con distintos niveis de apoio e esixencia, favorecendo así a súa integración no grupo.
- Proporase o intercambio de saberes cos iguais mediante traballo cooperativo e organizado.
d) O alumnado en situación de vulnerabilidade socioeducativa e/ou cultural
Cando se presenten desigualdades derivadas de factores sociais e familiares, de violencia de xénero, económicos, culturais, xeográficos, étnicos ou doutra índole, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e os propios centros docentes deberán asegurar a eliminación das barreiras, evitando a segregación deste alumnado no propio centro docente.
- De ser preciso, proporcionaráselle, nalgúns casos en calidade de préstamo, o material, funxible ou non, que requira para seguir con normalidade o discorrer das clases (ex. libros de texto, material funxible, fotocopias a custe cero, dispositivos e mesmo conexión a Internet).
- De ser preciso, ofrecerásenlle explicacións e material adicional que poidan contribuír a reducir ou facer desaparecer

as desigualdades en orixe.
- De ser preciso, xestionarase a participación deste alumnado nas actividades complementarias e extraescolares que o Departamento organice.
- Na medida do posible, porase en valor transversalmente a orixe xeográfica, étnica ou cultural deste alumnado.
- Na medida do posible, evidenciaranse transversalmente os aspectos en común entre este alumnado e o resto do grupo de referencia (ex. idade, lugar de residencia, gustos musicais, etc.), favorecendo a integración e cohesión do grupo.
- Farase un seguimento estreito da asistencia, rendemento, hixiene, alimentación, etc. deste alumnado, informando rigurosamente ao profesorado titor.
e) O alumnado con altas capacidades intelectuais.
Este alumnado caracterízase por un potencial elevado nalgunha ou nalgunhas áreas do desempeño humano, en comparación cun grupo de referencia. Adoita ter un alto nivel de creatividade e persistencia nas tarefas de alta complexidade intelectual ligadas ás súas áreas de interes. Cómpre, por tanto, identificalas.
- Adaptaranse as explicacións e os materiais, aportando complexidade e profundidade na medida en que sexan adquiridos.
-Proporanse actividades similares ás do grupo de referencia, aínda que cun grao de complexidade ou extensión superior, atendendo as demandas de carácter máis profundo do alumnado con niveis de partida máis avanzados ou cun interese maior sobre o tema estudado, evitando así a desmotivación.
- Evitaranse as tarefas repetitivas, que adoitan incidir negativamente no nivel de motivación, promovendo as que medren en complexidade e sexan variadas en temática e soporte.
- Na medida do posible, integraranse as áreas de intererese deste alumnado na temática dos materiais e proxectos.
- Proporase o intercambio de saberes cos iguais mediante traballo cooperativo e organizado.
- Proporánselle tarefas de ampliación que apelen á creatividade.
f) O alumnado de incorporación tardía ao sistema educativo.
Este alumnado adoita presentar dificultades para acadar os obxectivos e as competencias que lle corresponderían pola súa idade. Esas dificultades maniféstanse, especialmente, no descoñecemento dalgunha das linguas oficiais de Galicia e/ou no desfasamento curricular.
É moi posible que este alumnado xa fose proposto para unha exención da segunda lingua estranxeira nos dous primeiros cursos da ESO. De non ser así, e seguir cursando a materia en 3º ESO, pode ser necesario aplicar algunha das MAD relacionadas a continuación:
- Adaptar os materiais e as explicacións, aportando máis das usuais para así paliar as carencias que poidan existir e reducir as distancias co grupo de referencia.
- Sempre que sexa posible, levar a cabo actividades con material manipulativo, con soporte audiovisual e dixital.
- Situar estratéxicamente este alumnado na aula, co fin de poder supervisar facilmente os seus progresos e procurarlle certo apoio dos iguais.
- Adoptar un traballo en espiral, retomando o contido non adquirido inicialmente en momentos posteriores.
Neste grupo hai diversidade de niveis, tendo en conta que algún alumnado non cursou francés os 4 anos da ESO e por iso as actividades e os niveis de logro serán adaptados ás necesidades do grupo, Mesmo sen facer diferencias no nivel de esixencia, si estaremos atentas ao esforzo e interese que manifesta dito alumnado para acadar un mellor resultado e sempre partindo do traballo en equipo e con base no grupo para que as diferenzas non sexan moi visibles.
Poderase apoiar a este alumnado con traballo extra para complementar as eventuais carencias e para facilitarlle a adaptación e aprendizaxe significativa, intentando, pola súa parte, poñerse ao día nas tarefas e esforzándose por acadar os obxectivos marcados.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Dereitos da infancia		X		X	X	X
ET.2 - Igualdade de xénero e coeducación	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Aprendizaxe reflexiva, significativa e competencial personalizada	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.4 - Educación para o desarrollo sostible	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Educación para a saúde, tamén emocional e sexual	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Comprensión de lectura	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Emprendemento social e empresarial			X	X	X	
ET.11 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X	X
ET.12 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X
ET.13 - Creatividade	X	X	X	X	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Hora de ler	No centro adícase unha hora semanal á lectura libre. O Departamento fará recomendacións de lecturas adaptadas en francés.	X	X	X
Club de lectura	Dende a Biblioteca propóñense varios clubs de lectura. Proporanse lecturas de autoras/es francófonas/os e/ou en francés.	X	X	X
Teatro/cine en francés	Se hai oferta, acudirase ver algunha obra teatral ou filme en francés VOS.	X	X	
Chandeleur	Arredor do 2 de febreiro celebrarase a Chandeleur, propoñendo a realización e degustación de crêpes.		X	
Semaine de la francophonie	Segundo o calendario oficial, celebrarase a semana da francofonía propoñendo actividades diversas vinculadas ao francés: visionado de películas ou curtas, degustación de productos de países francófonos, videoconferencias con falantes nativos en lugares diversos, xogos, etc.		X	
Fête de la musique	21 de xuño. Iniciativa xurdida en Francia 1982 que se recreará no centro, en colaboración co Departamento de Músuica e outros que desexen vincularse. Crearanse diferentes puntos no centro onde escoitar música, bailar e tocar, recreando o que se podería ver nesta data en calquera punto de Francia.			X

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Actividades, exposicións, certames ou actos culturais	O Departamento de Francés está disposto a organizar a asistencia do alumnado a todo tipo de actividades, exposicións, certames ou actos culturais que poidan ter relación co estudo da lingua estranxeira e que teñan lugar durante o curso académico.	X	X	X
Xogos, exposicións, actividades e concursos	O Departamento manterase atento ás distintas convocatorias de xogos, exposicións, actividades e concursos promocionados por distintos organismos para a promoción das linguas estranxeiras.		X	X
Chanson plurilingue	Preparación e interpretación dunha canción plurilingüe en français e noutras linguas nalgúns dos festivais públicos escolares.	X	X	X
Certificacións oficiais - DELF SCOLAIRE	No marco do Convenio entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Embaixada de Francia, o Departamento informará e colaborará co alumnado interesado en presentarse aos exames para obter certificacións oficiais como o DELF Scolaire da Alliance Française. O Departamento prepara rá e orientará o alumnado para que poidan presentarse ás probas de certificación do DELF scolaire A2, B1 o B2 da Alianza Francesa. Isto proporcionaralle ao alumnado un título oficial a nivel europeo dentro do MECR que certifica os seus coñecementos de lingua francesa.			X
Viaxe a París	Según as posibilidades do alumnado e a organización do centro, propoñerase unha viaxe a París para o alumnado de 1º de Bac.		X	X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Resultados de avaliación.
Nivel de satisfacción do alumnado.
Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo.
Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas / temas / proxectos.
O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.
Adecuación da secuenciación dos CA para cada unha das unidades, temas ou proxectos.
Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada CA.
Asignación a cada CA do peso correspondente na cualificación.

Vinculación de cada CA a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.
Asociación de cada CA cos elementos transversais a desenvolver.
Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o departamento.
Adecuación da secuencia de traballo na aula.
Adecuación dos materiais didácticos utilizados.
Adecuación do libro de texto.
Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.
Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos CA.
Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, proxectos, etc.
Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dunha proba e dunha avaliación.
Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final.
Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria.
Adecuación de probas e taboa de indicadores, tendo en conta o valor de cada CA.
Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados ás CA.
Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.
Grao de desenvolvemento das actividades complementarias previstas.
Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación e instrumentos.
Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción.
Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.
Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.
Grao de integración da competencia dixital no desenvolvemento da materia.

Descrición:

a) Enquisa: Ao final de cada avaliación e, especialmente, na avaliación final, farase un balance global dos resultados obtidos no proceso educativo, o grado de cumprimento dos obxectivos, as necesidades e carencias, os erros e acertos e, en definitiva, unha valoración completa da propia avaliación e da programación. Proporase unha enquisa ao alumnado de cada grupo no que se imparte a materia.

Mediante esta enquisa, preténdese acadar información sobre o grao de satisfacción do alumnado respecto dos seguintes temas:
- o material proporcionado (en todos os soportes).
- a práctica docente.
- os intrumentos de avaliación.
- os tempos asignados para facelos.
- os tempos de corrección.
- o sistema de puntuación e corrección.

b) Autoavaliación: Tamén se pretende fomentar a reflexión no alumnado sobre a súa aprendizaxe. Neste sentido, é preciso recoller información sobre:
- percepción da súa progresión.
- tempo adicado á aprendizaxe da materia.
- estratexias empregadas na aprendizaxe da materia.

Coa autoavaliación pretendese:
a) Fomentar a coordinación do profesorado.
b) Mellorar a formación docente.
c) Reforzar as medidas de atención a diversidade.
d) Crear unha cultura autoavaliadora.

c) Revisión e melloras: O Departamento levará de maneira conxunta e consensuada unha reflexión das medidas de mellora a implantar de cara ao vindeiro curso que serán reflectidas na Memoria Final do Departamento.

Os mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica son de dous tipos:

1. Unha avaliación de progreso:
a) Comprobarase como se produce realmente o axuste de obxectivos, contidos, criterios de avaliación, procedementos e actividades á realidade do alumnado, ás súas necesidades e características e á realidade das posibilidades educativas do centro.
b) Valorarase tal axuste nas reunións do Departamento de Francés e nas avaliacións e, no caso de resultar pouco axeitado, modificarase durante o transcurso do ano académico.

2. Unha avaliación final:
a) Prestarase moita atención á porcentaxe de alumnado que, na súa avaliación final, non aprobe a materia Segunda Lingua Estranxeira: Francés en cada curso.
b) Os erros detectados recolleranse na memoria final de curso como propostas de mellora para a elaboración da programación do vindeiro curso académico.

c) Memoria final: Para esta autoavaliación, cómpre elaborar unha Memoria final, que inclúa:
- Enumeración das actividades realizadas e o seu grado de eficacia e cumprimento.
- Unha síntese reflexiva sobre os logros conseguidos.
- As dificultades atopadas.
- Os factores que influíron nas dificultades.
- Os aspectos que será preciso modificar e mellorar.
- As propostas de innovación necesarias.
- Unha valoración dos resultados da enquisa proposta.
- As medidas de atención á diversidade utilizadas.
- Valoración da metodoloxía empregada.

Está prevista a elaboración dunhas "TABOAS DE REVISIÓN E AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA" con indicadores de logro (rúbrica de 1 a 4) . Tamén se recollerán observacións e propostas de mellora.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

REUNIÓNS DE DEPARTAMENTO
Cunha periodicidade mensual, o Departamento reunirase para, entre outros asuntos, facer o seguimento e as coordinacións oportunas para levar a cabo a aplicación da programación.
PROENS
O profesorado fará o seguimento da programación a través da aplicación Proens. Como xa se fixo para a elaboración desta programación, en reunión de Departamento fixarase que a docente se encargará de facer o seguimento na aplicación de cada nivel no que imparta clase respectivamente.
Ao remate de cada UD o profesorado poderá deixar constancia das datas de inicio e remate e cambios sufridos sobre as inicialmente previstas, así como do número de sesións empregadas para o seu desenvolvemento, grao de cumprimento, resultados, propostas de mellora e, de habelas, das variacións que tivesen lugar.
AVALIACIÓN

Na memoria de final de curso deixarase constancia dos seguintes puntos:
a) Desvíos e cambios eventuais na programación inicial e a súa aplicación final.
b) Resultados por trimestre. Analizaranse as hipóteses sobre os motivos dos mellores e peores resultados.
c) Resultados das enquisas realizadas para avaliar a práctica docente. Analizaranse os aspectos mellor puntuados, buscando extendelos, así como os que obteñan peor puntuación, co fin de mellorar de cara ao seguinte ano académico. De ser relevante, tomaranse acordos sobre metodoloxía, temporalización, recursos, etc.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36018677	IES Luís Seoane	Pontevedra	2025/2026

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Bioloxía, Xeoloxía e Ciencias Ambientais	1º Bac.	4	140

Tipo de oferta
Réxime xeral-ordinario

Contido **Páxina**

1. Introdución 3

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias 3

3.1. Relación de unidades didácticas 4

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas 5

4.1. Concrecións metodolóxicas 22

4.2. Materiais e recursos didácticos 23

5.1. Procedemento para a avaliación inicial 24

5.2. Criterios de cualificación e recuperación 24

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes 26

5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias 26

6. Medidas de atención á diversidade 26

7.1. Concreción dos elementos transversais 27

7.2. Actividades complementarias 28

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro 28

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora 29

9. Outros apartados 29

1. Introdución

A presente programación didáctica, elaborada para a materia de Bioloxía, Xeoloxía e Ciencias Ambientais de 1ºBACH ten como referencia o Decreto 157/2022, que establece o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.
A materia de Bioloxía, Xeoloxía e Ciencias Ambientais de 1.º de bacharelato contribúe a través dos seus obxectivos, criterios de avaliación e contidos a un maior grao de desenvolvemento das competencias clave. O seu fin último é mellorar a formación científica e a comprensión do mundo natural por parte do alumnado e así reforzar o seu compromiso polo ben común e as súas destrezas para responder á inestabilidade e ao cambio. Con todo isto búscase mellorar a súa calidade de vida presente e futura para conseguir, a través do sistema educativo, unha sociedade máis xusta, equitativa e comprometida co medio ambiente e coa súa sostibilidade.
Os rapaces e rapazas deste curso sitúanse na última etapa de operacións formais onde o individuo vólvese un ser reflexivo, capaz de aprender sistemas abstractos do pensamento que lle permiten usar a lóxica proposicional (inferencia obtida a partires da relación entre dúas premisas), o razoamento científico (pensamento hipotético-dedutivo), o razoamento combinatorio (busca de múltiples combinacións) e o razoamento proporcional (cálculo ou estimación de probabilidades) o que lle permite abordar os contidos desta materia, sempre e cando o proceso de ensino e aprendizaxe se axuste as súas necesidades.
Para a elaboración das unidades didácticas que desenvolverá a programación tívose como referencia un currículo que profundiza nos coñecementos adquiridos na Educación Secundaria Obrigatoria analizando con maior detalle o comportamento da Terra como un planeta en continua actividade , ademais dos impactos antrópicos xerados sobre el e as actuacións para diminuilos. Así mesmo séguese un desenvolvemento de complexidade crecente, estudando dende os niveis máis simples (molecular, celular e tecido) antes de estudar a a complexidade dos diferentes seres vivos. Nese sentido abordarse, coa madurez intelectual dos alumnos desta idade a visión comparativa entre os diferentes grupos de seres vivos dende un punto de vista do seu funcionamento e adaptación no medio no que habitan.
Outro aspecto que foi tido en conta á hora de deseñar a presente programación foi o centro no que se vai implementar: as características do mesmo, as do seu alumnado e o seu entorno. Esta programación didáctica está pensada para ser levada á práctica no IES Luís Seoane que se atopa situado nun barrio ao noroeste da cidade de Pontevedra, da que dista 3 km. Hai que destacar que o nivel socioeconómico e cultural da poboación é baixo. Dentro da súa diversidade ten relevancia a presenza de habitantes de etnia xitana e de inmigrantes de orixe marroquí e suramericana. O centro tamén recibe unha alta porcentaxe de alumnado procedente da Escola Fogar Príncipe Felipe que acolle a nenos e xoves en situación de risco ou de exclusión social. Por todo isto, unha alta porcentaxe do alumnado presenta carencias familiares que repercuten negativamente no eido académico. Para moitos deles o IES supón a única oportunidade de aprender, coñecer e levar a cabo actividades. O noso alumnado presenta pouca motivación e un nivel insuficiente nas competencias en comunicación, matemática e científica que conclúe en máis casos dos desexados de abandono educativo temperán.
Dende as materias impartidas polo departamento, ademais de mellorar a competencia STEM, fomentarase a comprensión lectora, a expresión oral e escrita e proporcionaráselle ao alumnado a oportunidade para mellorar a súa capacidade de utilizar as TIC. Todo elo para desenvolver no alumnado a madurez persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma. Tamén poñeremos especial énfase na atención a diversidade do alumnado, orientada a que cada alumno e alumna desenvolva ao máximo o seu potencial.
Nesta materia de 1ºbacharelato o alumnado está agrupado nun grupo de 12 alumnas/os procedentes, de 1º A e 1º B que non presentas NEAE.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Interpretar e transmitir información e datos científicos argumentando sobre estes con precisión e utilizando diferentes formatos para analizar procesos, métodos, experimentos ou resultados das ciencias biolóxicas, xeolóxicas e ambientais.	1-2	1	4		40			32
OBX2 - Localizar e utilizar fontes fiables, identificando, seleccionando e organizando a información, avaliándoa criticamente e contrastando a súa veracidade para resolver preguntas expostas de forma autónoma relacionadas coas ciencias biolóxicas, xeolóxicas e ambientais.	3	1	4	1-2-4	40-50			
OBX3 - Deseñar, planear e desenvolver proxectos de investigación seguindo os pasos das diversas metodoloxías científicas, tendo en conta os recursos dispoñibles de forma realista e buscando vías de colaboración para indagar en aspectos relacionados coas ciencias biolóxicas, xeolóxicas e ambientais.	5		1-2-3	1-2	32		3	
OBX4 - Buscar e utilizar estratexias na resolución de problemas analizando criticamente as solucións e respostas achadas e reformulando o procedemento se fose necesario para explicar os fenómenos relacionados coas ciencias biolóxicas, xeolóxicas e ambientais.	3		1-2	1-5	50		1	
OBX5 - Deseñar, promover e executar iniciativas relacionadas coa conservación do ambiente, coa sustentabilidade e coa saúde, baseándose nos fundamentos das ciencias biolóxicas, xeolóxicas e ambientais, para fomentar hábitos sustentables e saudables.	1		2-5	4	20	4	1-3	
OBX6 - Analizar os elementos do rexistro xeolóxico utilizando fundamentos científicos para relacionalos cos grandes eventos ocorridos ao longo da historia da Terra e coa magnitude temporal en que se desenvolveron.	3	1	2-5	1	20	4		1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	O estudo do planeta Terra	Esta unidade estuda a estrutura e comportamento das capas que forman o	4	6			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	O estudo do planeta Terra	interior terrestre	4	6			X
2	A xeodinamica interna	Nesta unidade trabállanse os movementos das placas litosféricas e as estruturas xeolóxicas derivadas.	10	12			X
3	A Terra e os seus materiais	Esta unidade aborda os minerais e os tipos de rochas da superficie terrestre.	6	10			X
4	O modelado do relevo	Esta unidade estúdase os diferentes tipos de modelado formados a partires dos axentes xeolóxicos externos.	7	10			X
5	Composición e organizacion dos seres vivos	Nesta unidade estúdase os bioelementos e as biomoléculas así como a organización celular e tisular dos seres vivos.	10	18	X		
6	Historia da Terra	Esta unidade analiza os principais acontecementos, paleoxeográficos, climáticos e biolóxicos da Terra.	7	8	X		
7	A diversidade dos seres vivos	Esta unidade aborda a clasificación e a evolución dos seres vivos	8	12	X		
8	Os microorganismos	Neste unidade estúdase os diferentes tipos de microorganismos e as enfermidades asociadas	6	8	X		
9	A nutrición e a relación das plantas	Nesta unidade estúdase a fotosíntese e respiración e os tropismos e nastias nas plantas	6	8	X		
10	A reprodución das plantas e a súa adaptación	Esta unidade trata sobre a os diferentes tipos de reprodución das plantas e a súa adaptación	6	10		X	
11	A nutrición dos animais	Nesta unidade estúdase a anatomía e fisioloxía dos diferentes aparellos que interveñen na nutrición animal	8	12		X	
12	A relación dos animais	Esta unidade abordas os diferentes elementos que interveñen na función de relación nos animais	6	8		X	
13	A reprodución dos animais e a súa adaptación	Nesta unidade estúdase os tipos de reprodución nos diferentes animais e a súa adaptación aos diferentes medios.	8	8		X	
14	Os ecosistemas e a súa conservación	Nesta unidade trabállanse os compoñentes dos ecosistemas e a súa transformación debida ás actividades humanas.	8	10		X	

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	O estudo do planeta Terra	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Explicar os modelos da estrutura e dinámica do interior terrestre diferenciando a composición e o comportamento das diferentes capas a través da información proporcionada polos principais métodos de estudo indirectos e directos.	Describir as caracterísiticas das capas do interior terrestre Diferenciar os modelos xeoquímico e dinámico Identificar as ondas sísmicas internas	PE	80
CA8.1 - Explicar a dinámica das capas fluídas da Terra, recoñecendo a interrelación entre todos os subsistemas terrestres e utilizando exemplos significativos.	Identificar os subsistemas terrestres Recoñecer o papel da atmosfera e hidrosfera		
CA1.1 - Expor preguntas, realizar predicións e formular hipóteses que poidan ser respondidas ou contrastadas utilizando métodos científicos e que tenten explicar fenómenos biolóxicos, xeolóxicos ou ambientais.	Expor preguntas, realizar predicións e formular hipóteses	TI	20
CA1.4 - Interpretar e analizar resultados obtidos nun proxecto de investigación utilizando, cando sexa necesario, ferramentas matemáticas e tecnolóxicas e recoñecendo o seu alcance e limitacións, e obtendo conclusións razoadas e fundamentadas ou valorando a imposibilidade de facelo.	Analizar os resultados obtidos nun proxecto de investigación.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Estratexias para a elaboración dun proxecto científico. - Formulación de hipóteses, preguntas e conxecturas científicas. - Procura, recoñecemento e utilización de fontes fiables de información científica. - Comunicación científica de procesos e resultados con vocabulario científico e a través de ferramentas dixitais e formatos de uso frecuente en ciencia (presentación, gráfica, vídeo, pósteres, informe e outros). - O estudo da Terra: métodos directos e indirectos. - Os modelos da estrutura e dinámica da xeosfera. - Estrutura, dinámica e funcións da atmosfera e da hidrosfera.

UD	Título da UD	Duración
2	A xeodinamica interna	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Reflexionar sobre o xurdimento da teoría da tectónica de placas recoñecendo os antecedentes e probas que confirmaron o mobilismo e adoptando unha actitude crítica cara a informacións de dubidosa procedencia e sen unha base científica.	Recoñecer a expansión do fondo oceánico Citar as probas da teoría da Deriva Continental Recoñecer o paleomagnetismo	PE	80
CA2.3 - Argumentar desde a teoría da tectónica de placas os fenómenos xeolóxicos da superficie terrestre relacionándoos cos movementos das placas litosféricas e cos procesos térmicos do interior terrestre, e describindo as estruturas xeolóxicas asociadas.	Explicar os tipos de movementos entre placas litosféricas Identificar as estruturas xeolóxicas asociadas aos movementos de placa Describir a convección terrestre		
CA2.7 - Analizar os riscos a través dos seus factores e localizar áreas sísmicas e volcánicas en España interpretando información en diferentes formatos (mapas, gráficos, táboas, diagramas, esquemas...) e valorando a importancia das medidas de predición, prevención e corrección.	Identificar os factores do risco Recoñecer dúas medidas de predición e prevención en relación aos terremotos e volcáns		
CA1.6 - Argumentar sobre a contribución da ciencia á sociedade e o labor das persoas dedicadas a ela, destacando o papel das mulleres e entendendo a investigación como un labor colectivo e interdisciplinar en constante evolución e influída polo contexto político e os recursos económicos.	Argumentar sobre a contribución da ciencia á sociedade e o labor das persoas dedicadas a ela en relación ás evidencias que levaron a formular a teoría da Tectónica de Placas	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- A evolución histórica do saber científico: a ciencia como labor colectivo, interdisciplinar e en continua construción e evolución. - Estratexias para a elaboración dun proxecto científico. - Comunicación científica de procesos e resultados con vocabulario científico e a través de ferramentas dixitais e formatos de uso frecuente en ciencia (presentación, gráfica, vídeo, pósteres, informe e outros). - Importancia social da contribución e do labor científico das persoas dedicadas á ciencia. O papel das mulleres na ciencia. - Os procesos xeolóxicos internos. O relevo e a relación coa tectónica de placas. - Antecedentes: deriva continental, expansión do fondo oceánico e paleomagnetismo. - As placas litosféricas. A convección terrestre. - Tipos de bordos de placas. Estruturas e fenómenos xeolóxicos asociados aos límites e ás zonas de intraplaca. - Consecuencias: a deformación das rochas. Pregamentos e fallas. - Os riscos xeolóxicos internos. - Factores de risco. - Medidas de predición, prevención e corrección. - O risco sísmico e volcánico en España.

UD	Título da UD	Duración
3	A Terra e os seus materiais	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Analizar a definición e a clasificación dos minerais atendendo á súa composición química e recoñecer as súas propiedades relacionándoas coa súa estrutura interna.	Definir mineral Clasificar nas principais clases os diferentes minerais Explicar as principais propiedades dos minerais	PE	80
CA2.5 - Recoñecer os tipos de rochas e interpretar os procesos xeolóxicos implicados na súa formación utilizando o ciclo xeolóxico á luz da teoría da tectónica de placas.	Identificar os diferentes tipos de rochas Explicar a orixe de cada rocha utilizando o ciclo xeolóxico		
CA2.6 - Identificar minerais mediante a observación das súas propiedades e as principais rochas segundo a súa composición, orixe e textura utilizando exemplos da contorna, relacionándoos coas súas aplicacións na vida cotiá e promovendo a explotación e o uso sustentable e a súa relevancia como patrimonio xeolóxico.	Identificar coa axuda dunha clave dicotómica os principais minerais e rochas Citar algunhas aplicacións de minerais e rochas		
CA1.1 - Expor preguntas, realizar predicións e formular hipóteses que poidan ser respondidas ou contrastadas utilizando métodos científicos e que tenten explicar fenómenos biolóxicos, xeolóxicos ou ambientais.	Expor preguntas, realizar predicións e formular hipóteses	TI	20
CA1.2 - Deseñar a experimentación, a toma de datos e a análise de fenómenos biolóxicos, xeolóxicos e ambientais, e seleccionar os instrumentos necesarios, de modo que permitan responder preguntas concretas e contrastar unha hipótese exposta minimizando os nesgos na medida do posible.	Deseñar a experimentación, a toma de datos e a análise de fenómenos xeolóxicos (por exemplo con respecto á identificación dos minerais e dos tipos de rochas)		
CA1.3 - Realizar experimentos e tomar datos cuantitativos e cualitativos sobre fenómenos biolóxicos, xeolóxicos e ambientais seleccionando e utilizando os instrumentos, ferramentas ou técnicas adecuadas con corrección e precisión.	Realizar experimentos e tomar datos cuantitativos e cualitativos sobre fenómenos xeolóxicos con respecto á identificación dos minerais e dos tipos de rochas		
CA1.5 - Establecer colaboracións dentro e fóra do centro educativo nas distintas fases do proxecto científico, co fin de traballar con maior eficiencia, utilizando ferramentas tecnolóxicas adecuadas, valorando a importancia da cooperación na investigación, respectando a diversidade e favorecendo a inclusión.	Establecer colaboracións dentro e fóra do centro educativo nas distintas fases do proxecto científico respectando a diversidade e favorecendo a inclusión.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

Contidos
- Estratexias para a elaboración dun proxecto científico. - Formulación de hipóteses, preguntas e conxecturas científicas. - Comunicación científica de procesos e resultados con vocabulario científico e a través de ferramentas dixitais e formatos de uso frecuente en ciencia (presentación, gráfica, vídeo, pósteres, informe e outros). - Os minerais: concepto, propiedades e clasificación. - As rochas. - Magmatismo, metamorfismo e sedimentación. - Clasificación segundo a súa orixe e composición. Rochas magmáticas, metamórficas e sedimentarias. - Relación coa tectónica de placas. O ciclo das rochas. - Clasificación e identificación dos minerais e rochas relevantes e da contorna. Explotación e uso sustentable. Importancia da conservación do patrimonio xeolóxico.

UD	Título da UD	Duración
4	O modelado do relevo	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Describir a acción dos axentes xeolóxicos externos recoñecendo as formas de relevo asociadas e analizando o relevo en Galicia e a paisaxe próxima.	Identificar os axentes xeolóxicos externos Describir as principais formas dos modelados: glaciar, fluvial, eólico, kárstico e granítico	PE	80
CA3.2 - Explicar os procesos edafoxenéticos identificando os factores de formación do solo e a importancia da súa conservación.	Identificar os procesos edafoxenéticos		
CA3.6 - Analizar criticamente os riscos xeolóxicos externos relacionándoos coas actividades humanas e valorando a importancia das medidas de predición, prevención e corrección.	Identificar os tipos de movementos de ladeira Recoñecer dúas medidas de predición e prevención en relación aos procesos gravitacionais e as inundacións		
CA1.1 - Expor preguntas, realizar predicións e formular hipóteses que poidan ser respondidas ou contrastadas utilizando métodos científicos e que tenten explicar fenómenos biolóxicos, xeolóxicos ou ambientais.	Expor preguntas, realizar predicións e formular hipóteses	TI	20
CA1.4 - Interpretar e analizar resultados obtidos nun proxecto de investigación utilizando, cando sexa necesario, ferramentas matemáticas e tecnolóxicas e recoñecendo o seu alcance e limitacións, e obtendo conclusións razoadas e fundamentadas ou valorando a imposibilidade de facelo.	Analizar resultados obtidos nun proxecto de investigación		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Estratexias para a elaboración dun proxecto científico. - Formulación de hipóteses, preguntas e conxecturas científicas. - Procura, recoñecemento e utilización de fontes fiables de información científica. - Comunicación científica de procesos e resultados con vocabulario científico e a través de ferramentas dixitais e formatos de uso frecuente en ciencia (presentación, gráfica, vídeo, pósteres, informe e outros). - Os procesos xeolóxicos externos: axentes causais e consecuencias sobre o relevo. - A evolución dun solo: procesos, factores e conservación. - Os riscos xeolóxicos externos e a súa relación coa actividade humana. Medidas de predición, prevención e corrección.

UD	Título da UD	Duración
5	Composición e organizacion dos seres vivos	18

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Identificar os niveis de organización dos seres vivos exemplificando cada un deles e utilizando diferentes formatos para a súa diferenciación (esquemas, diagramas, táboas...).	Identificar os niveis de organización	PE	80
CA4.2 - Distinguir bioelementos a través de exemplos e identificar as diferentes biomoléculas, recoñecendo os monómeros constituíntes de cada unha e as súas respectivas funcións biolóxicas, demostrando a uniformidade química dos seres vivos.	Clasificar os bioelementos e biomoléculas Explicar o enlace da auga Recoñecer os monómeros das biomoléculas orgánicas Citar as funcións das biomoléculas		
CA4.3 - Diferenciar as formas de organización celular procariota e eucariota utilizando diferentes formatos (debuxos, esquemas, microfotografías, vídeos¿) e identificar os distintos orgánulos celulares relacionándoos coa súa función.	Diferenciar a organización procariota e eucariota		
CA4.4 - Relacionar os tecidos animais e vexetais coas células constituíntes a través de imaxes obtidas con diferentes técnicas, indicando xustificadamente as súas funcións e valorando as vantaxes evolutivas da organización pluricelular.	Identificar os tecidos animais e vexetais Citar as funcións de cada un		
CA1.1 - Expor preguntas, realizar predicións e formular hipóteses que poidan ser respondidas ou contrastadas utilizando métodos científicos e que tenten explicar fenómenos biolóxicos, xeolóxicos ou ambientais.	Expor preguntas, realizar predicións e formular hipóteses	TI	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Deseñar a experimentación, a toma de datos e a análise de fenómenos biolóxicos, xeolóxicos e ambientais, e seleccionar os instrumentos necesarios, de modo que permitan responder preguntas concretas e contrastar unha hipótese exposta minimizando os nesgos na medida do posible.	Deseñar a experimentación, a toma de datos e a análise de fenómenos biolóxicos (por exemplo: en relación as biomoléculas inorgánicas e/ou visualización microscópica dos tecidos)		
CA1.3 - Realizar experimentos e tomar datos cuantitativos e cualitativos sobre fenómenos biolóxicos, xeolóxicos e ambientais seleccionando e utilizando os instrumentos, ferramentas ou técnicas adecuadas con corrección e precisión.	Realizar experimentos e tomar datos cuantitativos e cualitativos sobre fenómenos biolóxicos (por exemplo con respecto á auga e/ou visualización microscópica dos tecidos)		
CA1.5 - Establecer colaboracións dentro e fóra do centro educativo nas distintas fases do proxecto científico, co fin de traballar con maior eficiencia, utilizando ferramentas tecnolóxicas adecuadas, valorando a importancia da cooperación na investigación, respectando a diversidade e favorecendo a inclusión.	Establecer colaboracións nas distintas fases do proxecto científico respectando a diversidade e favorecendo a inclusión.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Estratexias para a elaboración dun proxecto científico.
- Formulación de hipóteses, preguntas e conxecturas científicas.
- Experiencias científicas de laboratorio e/ou de campo: deseño, planificación e realización.
- Controis experimentais e contraste de hipóteses.
- Método de análise de resultados científicos: organización, representación e ferramentas estatísticas.
- Comunicación científica de procesos e resultados con vocabulario científico e a través de ferramentas dixitais e formatos de uso frecuente en ciencia (presentación, gráfica, vídeo, pósteres, informe e outros).
- Os niveis de organización dos seres vivos e a unidade de composición química.
- A composición química dos seres vivos.
- Os bioelementos: concepto e clasificación.
- As biomoléculas: clasificación, monómeros e funcións biolóxicas.
- A organización celular dos seres vivos.
- Organización procariota e eucariota: semellanzas e diferenzas.
- A organización pluricelular dos seres vivos.
- Histoloxía animal e vexetal.
- Órganos, aparellos e sistemas.
- Perspectiva evolutiva.

UD	Título da UD	Duración
6	Historia da Terra	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Relacionar os grandes eventos da historia terrestre con determinados elementos do rexistro xeolóxico e cos sucesos que ocorren na actualidade, utilizando os principios xeolóxicos básicos e o razoamento lóxico.	Describir os principais acontecementos eolóxicos, paleoxeográficos, climáticos e biolóxicos acontecidos na historia da Terra.	PE	80
CA3.4 - Resolver problemas de datación analizando elementos do rexistro xeolóxico e fósil e aplicando métodos de datación relativa.	Resolver problemas de datación		
CA3.5 - Interpretar e deducir en mapas e cortes a historia xeolóxica aplicando principios xeolóxicos básicos (intersección, horizontalidade...), determinando as descontinuidades estratigráficas e empregando fósiles guía.	Describir a historia xeolóxica dunha zona aplicando os principios básicos xeolóxicos Identificar as descontinuidades estratigráficas		
CA1.1 - Expor preguntas, realizar predicións e formular hipóteses que poidan ser respondidas ou contrastadas utilizando métodos científicos e que tenten explicar fenómenos biolóxicos, xeolóxicos ou ambientais.	Expor preguntas, realizar predicións e formular hipóteses	TI	20
CA1.4 - Interpretar e analizar resultados obtidos nun proxecto de investigación utilizando, cando sexa necesario, ferramentas matemáticas e tecnolóxicas e recoñecendo o seu alcance e limitacións, e obtendo conclusións razoadas e fundamentadas ou valorando a imposibilidade de facelo.	Analizar resultados obtidos nun proxecto de investigación		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Estratexias para a elaboración dun proxecto científico.
- Formulación de hipóteses, preguntas e conxecturas científicas.
- Procura, recoñecemento e utilización de fontes fiables de información científica.
- Comunicación científica de procesos e resultados con vocabulario científico e a través de ferramentas dixitais e formatos de uso frecuente en ciencia (presentación, gráfica, vídeo, pósteres, informe e outros).
- Os métodos e principios do estudo do rexistro xeolóxico: reconstrución da historia xeolóxica.
- O tempo xeolóxico: magnitude, escala e métodos de datación absoluta e relativa.
- A historia da Terra: principais acontecementos xeolóxicos, paleoxeográficos, climáticos e biolóxicos.

UD	Título da UD	Duración
7	A diversidade dos seres vivos	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.6 - Diferenciar os principais grupos taxonómicos dos seres vivos, recoñecendo as súas características e achegando exemplos de seu propio medio, así como utilizar claves dicotómicas para a súa determinación.	Identificar os principais grupos taxonómicos Uso de claves dicotómicas	PE	80
CA4.7 - Describir o proceso de especiación e argumentar sobre aspectos relacionados coa evolución utilizando as probas e os mecanismos evolutivos, e defendendo unha postura de forma razoada e cunha actitude aberta, flexible, receptiva ante a opinión dos demais.	Diferenciar lamarckismo e darwinismo Identificar os procesos de especiación		
CA1.1 - Expor preguntas, realizar predicións e formular hipóteses que poidan ser respondidas ou contrastadas utilizando métodos científicos e que tenten explicar fenómenos biolóxicos, xeolóxicos ou ambientais.	Expor preguntas, realizar predicións e formular hipóteses	TI	20
CA1.4 - Interpretar e analizar resultados obtidos nun proxecto de investigación utilizando, cando sexa necesario, ferramentas matemáticas e tecnolóxicas e recoñecendo o seu alcance e limitacións, e obtendo conclusións razoadas e fundamentadas ou valorando a imposibilidade de facelo.	Analizar resultados obtidos nun proxecto de investigación		
CA4.5 - Analizar os criterios utilizados para a clasificación dos seres vivos describindo as características dos tres dominios e os cinco reinos e xustificando desde a perspectiva evolutiva os cambios nos grandes grupos.	Identificar os criterios de clasificación dos tres dominios e os cinco reinos		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Estratexias para a elaboración dun proxecto científico.
- Formulación de hipóteses, preguntas e conxecturas científicas.
- Comunicación científica de procesos e resultados con vocabulario científico e a través de ferramentas dixitais e formatos de uso frecuente en ciencia (presentación, gráfica, vídeo, pósteres, informe e outros).
- Os principais grupos taxonómicos dos seres vivos: características fundamentais.
- As principais teorías evolutivas: probas e mecanismos da evolución. A especiación.
- A historia da vida na Terra: xustificación desde a perspectiva evolutiva dos principais cambios nos grupos de seres vivos.

UD	Título da UD	Duración
8	Os microorganismos	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA7.1 - Identificar os diferentes tipos de microorganismos, clasificándoos nos dominios e reinos correspondentes.	Clasificar os diferentes tipos de microorganismos nos seus dominios e reinos correspondenetes	PE	80
CA7.2 - Argumentar sobre a importancia ecolóxica dos microorganismos, relacionándoos cos ciclos bioxeoquímicos.	Identificar a importancia ecolóxica dos microorganismos		
CA7.3 - Describir os principais mecanismos de reprodución bacteriana facendo fincapé na transferencia xenética horizontal e nas súas consecuencias para a saúde humana.	Describir os principais mecanismos de reprodución bacteriana facendo fincapé na transferencia xenética		
CA7.4 - Recoñecer as principais técnicas de cultivo de microorganismos a través da observación de vídeos, páxinas web, fotografías ou da práctica no laboratorio.	Citar as principais técnicas de cultivo de microorganismos		
CA7.5 - Identificar as formas acelulares (virus, viroides e prións) e contrastar e xustificar a veracidade da información recoñecendo a súa importancia biolóxica, utilizando fontes fiables e adoptando unha actitude crítica e escéptica cara a informacións sen unha base científica, como pseudociencias, teorías conspiratorias, crenzas infundadas, noticias falsas...	Diferenciar virus, viroides e prións		
CA7.6 - Comunicar informacións e describir as enfermidades infecciosas máis importantes relacionadas cos microorganismos, reflexionando sobre o papel dos antibióticos no seu tratamento e sobre o problema da resistencia, transmitíndoas de forma rigorosa e utilizando a terminoloxía e o formato adecuados (gráficos, táboas, vídeos e informes, entre outros) e ferramentas dixitais.	Relacionar as principais enfermidades infecciosas cos microorganismos implicados Identificar o problema da resistencia de algunhas bacterias fronte aos antibióticos.		
CA1.2 - Deseñar a experimentación, a toma de datos e a análise de fenómenos biolóxicos, xeolóxicos e ambientais, e seleccionar os instrumentos necesarios, de modo que permitan responder preguntas concretas e contrastar unha hipótese exposta minimizando os nesgos na medida do posible.	Deseñar a experimentación, a toma de datos e a análise de fenómenos biolóxicos,	TI	20
CA1.3 - Realizar experimentos e tomar datos cuantitativos e cualitativos sobre fenómenos biolóxicos, xeolóxicos e ambientais seleccionando e utilizando os instrumentos, ferramentas ou técnicas adecuadas con corrección e precisión.	Realizar experimentos sobre fenómenos biolóxicos		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.6 - Argumentar sobre a contribución da ciencia á sociedade e o labor das persoas dedicadas a ela, destacando o papel das mulleres e entendendo a investigación como un labor colectivo e interdisciplinar en constante evolución e influída polo contexto político e os recursos económicos.	Argumentar sobre a contribución da ciencia á sociedade e o labor das persoas dedicadas a ela		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Estratexias para a elaboración dun proxecto científico. - Experiencias científicas de laboratorio e/ou de campo: deseño, planificación e realización. - Controis experimentais e contraste de hipóteses. - Método de análise de resultados científicos: organización, representación e ferramentas estatísticas. - Comunicación científica de procesos e resultados con vocabulario científico e a través de ferramentas dixitais e formatos de uso frecuente en ciencia (presentación, gráfica, vídeo, pósteres, informe e outros). - Importancia social da contribución e do labor científico das persoas dedicadas á ciencia. O papel das mulleres na ciencia. - Concepto e características xerais dos microorganismos. - O metabolismo dos microorganismos. Ciclos bioxeoquímicos e importancia ecolóxica. - A reprodución bacteriana. Mecanismos de transferencia xenética horizontal en bacterias. - As técnicas de esterilización, cultivo e illamento. - As formas acelulares: virus, viroides e prións. Características, mecanismos de infección e importancia biolóxica. - As enfermidades infecciosas. - Clasificación segundo os microorganismos causantes. - Resistencia aos antibióticos. Uso responsable destes.

UD	Título da UD	Duración
9	A nutrición e a relación das plantas	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.1 - Explicar a fotosíntese como un proceso de nutrición autótrofa relacionándoa cos mecanismos e estruturas involucradas no transporte dos zumes e argumentando a súa relevancia para o mantemento da vida na Terra.	Explicar a fotosíntese como un proceso de nutrición autótrofa e describir as estruturas e mecanismos involucrados no transporte dos zumes	PE	80
CA5.2 - Recoñecer a función de relación das plantas diferenciando as nastias e os tropismos, asociando cada estímulo coa súa resposta e relacionando as principais hormonas coa súa función.	Diferenciar as nastias e os tropismos Relacionar as principais fitohormonas coa súa función		
CA1.1 - Expor preguntas, realizar predicións e formular hipóteses que poidan ser respondidas ou contrastadas utilizando métodos científicos e que tenten explicar fenómenos biolóxicos, xeolóxicos ou ambientais.	Expor preguntas, realizar predicións e formular hipóteses	TI	20
CA1.2 - Deseñar a experimentación, a toma de datos e a análise de fenómenos biolóxicos, xeolóxicos e ambientais, e seleccionar os instrumentos necesarios, de modo que permitan responder preguntas concretas e contrastar unha hipótese exposta minimizando os nesgos na medida do posible.	Deseñar a experimentación, a toma de datos e a análise de fenómenos biolóxicos		
CA1.3 - Realizar experimentos e tomar datos cuantitativos e cualitativos sobre fenómenos biolóxicos, xeolóxicos e ambientais seleccionando e utilizando os instrumentos, ferramentas ou técnicas adecuadas con corrección e precisión.	Realizar experimentos sobre fenómenos biolóxicos		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Estratexias para a elaboración dun proxecto científico.
- Formulación de hipóteses, preguntas e conxecturas científicas.
- Experiencias científicas de laboratorio e/ou de campo: deseño, planificación e realización.
- Controis experimentais e contraste de hipóteses.
- Método de análise de resultados científicos: organización, representación e ferramentas estatísticas.
- Comunicación científica de procesos e resultados con vocabulario científico e a través de ferramentas dixitais e formatos de uso frecuente en ciencia (presentación, gráfica, vídeo, pósteres, informe e outros).
- A función de nutrición vexetal.
- A fotosíntese: balance xeral e importancia ecolóxica para a vida na Terra.
- Mecanismos de transporte do zume bruto e do zume elaborado nas plantas vasculares.
- A función de relación.
- Tipos de respostas dos vexetais aos distintos tipos de estímulos.
- As fitohormonas e o seu papel na fisioloxía vexetal.

UD	Título da UD	Duración
10	A reprodución das plantas e a súa adaptación	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.3 - Describir as diferenzas entre a reprodución sexual e asexual, recoñecendo as vantaxes e inconvenientes de cada unha e analizándoas desde unha perspectiva evolutiva.	Identificar as diferenzas entre a reprodución sexual e asexual	PE	98
CA5.4 - Explicar os ciclos biolóxicos dos diferentes grupos de plantas analizando as súas fases e estruturas características a través de debuxos, esquemas e gráficos.	Describir os ciclos biolóxicos dos diferentes grupos de plantas		
CA5.5 - Recoñecer os procesos implicados na reprodución sexual e os tipos de reprodución asexual, recoñecendo nesta última a súa aplicación no campo da agricultura.	Recoñecer os procesos implicados na reprodución sexual e os tipos de reprodución asexual		
CA5.6 - Explicar a relación das adaptacións dos vexetais co medio en que se desenvolven utilizando exemplos significativos e recoñecendo a influencia de diferentes factores.	Identificar a relación das adaptacións dos vexetais co medio en que se desenvolve		
CA1.1 - Expor preguntas, realizar predicións e formular hipóteses que poidan ser respondidas ou contrastadas utilizando métodos científicos e que tenten explicar fenómenos biolóxicos, xeolóxicos ou ambientais.	Expor preguntas, realizar predicións e formular hipóteses	TI	2

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Estratexias para a elaboración dun proxecto científico.
- Formulación de hipóteses, preguntas e conxecturas científicas.
- Comunicación científica de procesos e resultados con vocabulario científico e a través de ferramentas dixitais e formatos de uso frecuente en ciencia (presentación, gráfica, vídeo, pósteres, informe e outros).
- A función de reprodución.
- A reprodución asexual e a reprodución sexual. Relevancia ecolóxica e evolutiva.
- Os ciclos biolóxicos nos diferentes tipos de vexetais.
- As adaptacións dos vexetais ao medio.

UD	Título da UD	Duración
11	A nutrición dos animais	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.1 - Identificar os órganos, aparellos e sistemas que interveñen na función de nutrición, relación e reprodución, recoñecendo a función de cada un nos diferentes grupos taxonómicos.	Identificar os órganos, aparatos e sistemas que interveñen na función de nutrición, relación e reprodución	PE	80
CA6.2 - Recoñecer os aparellos dixestivos, os pigmentos e aparellos respiratorios, os tipos de circulación, os produtos de excreción e os procesos que interveñen na nutrición animal.	Identificar os aparatos dixestivos, os pigmentos e aparatos respiratorios, os tipos de circulación, os produtos de excreción e os principais procesos que interveñen na nutrición animal.		
CA1.1 - Expor preguntas, realizar predicións e formular hipóteses que poidan ser respondidas ou contrastadas utilizando métodos científicos e que tenten explicar fenómenos biolóxicos, xeolóxicos ou ambientais.	Expor preguntas, realizar predicións e formular hipóteses	TI	20
CA1.2 - Deseñar a experimentación, a toma de datos e a análise de fenómenos biolóxicos, xeolóxicos e ambientais, e seleccionar os instrumentos necesarios, de modo que permitan responder preguntas concretas e contrastar unha hipótese exposta minimizando os nesgos na medida do posible.	Deseñar a experimentación de fenómenos biolóxicos		
CA1.3 - Realizar experimentos e tomar datos cuantitativos e cualitativos sobre fenómenos biolóxicos, xeolóxicos e ambientais seleccionando e utilizando os instrumentos, ferramentas ou técnicas adecuadas con corrección e precisión.	Realizar experimentos sobre fenómenos biolóxicos		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Estratexias para a elaboración dun proxecto científico.
- Formulación de hipóteses, preguntas e conxecturas científicas.
- Experiencias científicas de laboratorio e/ou de campo: deseño, planificación e realización.
- Controis experimentais e contraste de hipóteses.
- Método de análise de resultados científicos: organización, representación e ferramentas estatísticas.
- Comunicación científica de procesos e resultados con vocabulario científico e a través de ferramentas dixitais e formatos de uso frecuente en ciencia (presentación, gráfica, vídeo, pósteres, informe e outros).
- A función de nutrición animal.
- Procesos e estruturas implicadas nos diferentes grupos taxonómicos.

UD	Título da UD	Duración
12	A relación dos animais	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.3 - Describir os receptores sensoriais, sistemas de coordinación e órganos efectores de xeito comparado nos principais grupos de animais.	Identificar os receptores sensoriais, sistemas de coordinación e órganos efectores nos principais grupos de animais	PE	80
CA1.1 - Expor preguntas, realizar predicións e formular hipóteses que poidan ser respondidas ou contrastadas utilizando métodos científicos e que tenten explicar fenómenos biolóxicos, xeolóxicos ou ambientais.	Expor preguntas, realizar predicións e formular hipóteses	TI	20
CA1.2 - Deseñar a experimentación, a toma de datos e a análise de fenómenos biolóxicos, xeolóxicos e ambientais, e seleccionar os instrumentos necesarios, de modo que permitan responder preguntas concretas e contrastar unha hipótese exposta minimizando os nesgos na medida do posible.	Deseñar a experimentación de fenómenos biolóxicos		
CA1.3 - Realizar experimentos e tomar datos cuantitativos e cualitativos sobre fenómenos biolóxicos, xeolóxicos e ambientais seleccionando e utilizando os instrumentos, ferramentas ou técnicas adecuadas con corrección e precisión.	Realizar experimentos sobre fenómenos biolóxicos		
CA1.5 - Establecer colaboracións dentro e fóra do centro educativo nas distintas fases do proxecto científico, co fin de traballar con maior eficiencia, utilizando ferramentas tecnolóxicas adecuadas, valorando a importancia da cooperación na investigación, respectando a diversidade e favorecendo a inclusión.	Establecer colaboracións dentro e fóra do centro educativo , respectando a diversidade e favorecendo a inclusión.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Estratexias para a elaboración dun proxecto científico.
- Formulación de hipóteses, preguntas e conxecturas científicas.
- Experiencias científicas de laboratorio e/ou de campo: deseño, planificación e realización.
- Controis experimentais e contraste de hipóteses.
- Método de análise de resultados científicos: organización, representación e ferramentas estatísticas.
- Comunicación científica de procesos e resultados con vocabulario científico e a través de ferramentas dixitais e formatos de uso frecuente en ciencia (presentación, gráfica, vídeo, pósteres, informe e outros).
- A función de relación.
- Funcionamento dos sistemas de coordinación (nervioso e endócrino) nos diferentes grupos taxonómicos.

UD	Título da UD	Duración
13	A reprodución dos animais e a súa adaptación	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.4 - Describir e comparar os tipos de reprodución sexual e asexual, os tipos de fecundación e as estruturas implicadas na reprodución en diferentes grupos de animais analizando os ciclos biolóxicos máis representativos.	Identificar os tipos de reprodución sexual e asexual, os tipos de fecundación e as estruturas implicadas na reprodución en diferentes grupos de animais	PE	80
CA6.5 - Explicar a relación das adaptacións dos animais co medio en que se desenvolven utilizando exemplos significativos e recoñecendo a influencia de diferentes factores.	identificar a relación das adaptacións dos animais co medio en que se desenvolven		
CA6.6 - Expor e resolver cuestións relacionadas cos diferentes animais localizando e citando fontes adecuadas e seleccionando, organizando e analizando criticamente a información.	Expor e resolver cuestións relacionadas cos diferentes animais		
CA1.1 - Expor preguntas, realizar predicións e formular hipóteses que poidan ser respondidas ou contrastadas utilizando métodos científicos e que tenten explicar fenómenos biolóxicos, xeolóxicos ou ambientais.	Expor preguntas, realizar predicións e formular hipóteses	TI	20
CA1.2 - Deseñar a experimentación, a toma de datos e a análise de fenómenos biolóxicos, xeolóxicos e ambientais, e seleccionar os instrumentos necesarios, de modo que permitan responder preguntas concretas e contrastar unha hipótese exposta minimizando os nesgos na medida do posible.	Deseñar a experimentación de fenómenos biolóxicos,		
CA1.3 - Realizar experimentos e tomar datos cuantitativos e cualitativos sobre fenómenos biolóxicos, xeolóxicos e ambientais seleccionando e utilizando os instrumentos, ferramentas ou técnicas adecuadas con corrección e precisión.	Analizar experimentos sobre fenómenos biolóxicos		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Estratexias para a elaboración dun proxecto científico.
- Formulación de hipóteses, preguntas e conxecturas científicas.
- Experiencias científicas de laboratorio e/ou de campo: deseño, planificación e realización.
- Controis experimentais e contraste de hipóteses.
- Método de análise de resultados científicos: organización, representación e ferramentas estatísticas.
- Comunicación científica de procesos e resultados con vocabulario científico e a través de ferramentas dixitais e formatos de uso frecuente en ciencia (presentación, gráfica, vídeo, pósteres, informe e outros).

Contidos
- A función de reprodución. - Procesos e estruturas implicadas nos diferentes grupos taxonómicos. - Importancia biolóxica. - As adaptacións dos animais ao medio.

UD	Título da UD	Duración
14	Os ecosistemas e a súa conservación	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA8.2 - Recoñecer un ecosistema, describindo as relacións tróficas, os ciclos bioxeoquímicos e o fluxo de enerxía a través dos diferentes elos e identificando a súa interdependencia.	Identificar os compoñentes dun ecosistema Citar os niveis tróficos Analizar os principais ciclos bioxeoquímicos Recoñecer o ciclo da materia e a transferencia unidireccional da enerxía	PE	80
CA8.3 - Resolver problemas relacionados coas interaccións tróficas nos ecosistemas buscando e utilizando recursos variados, como coñecementos propios, datos e información obtidos, razoamento lóxico, pensamento computacional ou ferramentas dixitais.	Recoñecer a importancia das relacións tróficas nun ecosistema		
CA8.4 - Analizar as causas e as consecuencias ecolóxicas, sociais e económicas dos principais problemas ambientais, desde unha perspectiva individual, local e global, concibíndoos como grandes retos da humanidade.	Identificar as causas e consecuencias do cambio climático, a introdución de especies invasoras, a destrución de hábitats e a sobreexplotación		
CA1.4 - Interpretar e analizar resultados obtidos nun proxecto de investigación utilizando, cando sexa necesario, ferramentas matemáticas e tecnolóxicas e recoñecendo o seu alcance e limitacións, e obtendo conclusións razoadas e fundamentadas ou valorando a imposibilidade de facelo.	Analizar resultados obtidos nun proxecto de investigación	TI	20
CA8.5 - Analizar criticamente a solución a un problema ambiental relacionándoo coas causas e consecuencias que o orixinan.	Analizar criticamente a solución a un problema ambiental		
CA8.6 - Avaliar diferentes problemas ambientais promovendo o desenvolvemento sustentable como modelo para a conservación do ambiente.	Avaliar diferentes problemas ambientais		
CA8.7 - Propoñer e poñer en práctica hábitos de vida e iniciativas sustentables e saudables no eido local e global, argumentando sobre os seus efectos positivos e sobre a urxencia de adoptalos.	Propoñer e poñer en práctica hábitos de vida e iniciativas sostibles		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- A evolución histórica do saber científico: a ciencia como labor colectivo, interdisciplinar e en continua construción e evolución. - Estratexias para a elaboración dun proxecto científico. - Procura, recoñecemento e utilización de fontes fiables de información científica. - Comunicación científica de procesos e resultados con vocabulario científico e a través de ferramentas dixitais e formatos de uso frecuente en ciencia (presentación, gráfica, vídeo, pósteres, informe e outros). - A dinámica dos ecosistemas. - As relacións tróficas. O fluxo de enerxía e os ciclos da materia. - Resolución de problemas e cuestións relacionados cos parámetros e coas relacións tróficas. - Os principais impactos ambientais antrópicos. - O cambio climático. Causas e consecuencias e estratexias para a mitigación e a adaptación. - A perda da biodiversidade: causas e consecuencias ambientais e sociais. Importancia da súa conservación - Os residuos: efectos, prevención e xestión. - Desenvolvemento sustentable: concepto e dimensións.

4.1. Concrecións metodolóxicas

No bacharelato dada as características do alumnado en canto á madurez intelectual é posible aumentar a autonomía na aprendizaxe respecto a cursos anteriores. Dita autonomía non significa que os estudantes traballen só individualmente, senón que poderán traballar en pequenos grupos, desenvolvendo actitudes de cooperación entre eles.
As propostas pedagóxicas elaboraranse tendo en conta a atención á diversidade e os diferentes ritmos de aprendizaxe e a metodoloxía didáctica será activa, potenciadora da aprendizaxe construtiva favorecendo a capacidade de aprender por si mesmos, promovendo o traballo cooperativo e aplicando os métodos apropiados de investigación suliñando a relación dos aspectos teóricos coas súas aplicacións prácticas. É por iso que utilizarase estratexias didácticas variadas, que combinen, dun xeito en que cada docente considere máis apropiada, as estratexias expositivas acompañadas de actividades de aplicación e as estratexias de indagación.
PRINCIPIOS PEDAGÓXICOS
O proceso de ensinanza e aprendizaxe debe asegurar distintos tipos de aprendizaxe:
1º: Aprendizaxe significativa: partindo dos coñecementos previos, os alumnos e alumnas han de ser capaces de aprender a aprender, adquirindo unha serie de coñecementos, habilidades e actitudes para poder establecer relacións entre a materia e a súa propia realidade.
2º: Aprendizaxe funcional: os novos contidos deberán ser aplicados en diferentes contextos cando os estudantes o precisen.
3º: Aprendizaxe cooperativa: traballar a materia en grupo, no laboratorio, no desenvolvemento de proxectos de investigación ou mediante debates favorecerá o interese pola mesma e axuda ao estudante no seu perfeccionamento persoal e social.
4º: Aprendizaxe mediante o emprego das TICs: coa utilización de Internet, de vídeos divulgativos e do encerado dixital, que será utilizado como recurso
Baseándonos no anterior, e co fin de desenvolver as capacidades que os obxectivos de bacharelato requiren propóñense as seguintes estratexias metodolóxicas:
- Crear na aula un clima que favoreza as aprendizaxes significativas, que desenvolva o interese pola materia e os seus estudos posteriores, e que permita a comunicación e o intercambio de saberes e experiencias na aula como base para o desenvolvemento integral como persoas.
- Propiciar a construción dunha imaxe da ciencia, e en particular da bioloxía e xeoloxía, non estática, entendendo que

a provisionalidade das súas conclusións e teorías é unha das súas características fundamentais.
- Ter en conta as ideas previas do alumnado para o deseño e a secuencia de actividades, e facilitar a construción de aprendizaxes cooperativas que propicien o cambio conceptual, metodolóxico e actitudinal.
- Dotar ao alumnado de ferramentas que lle permitan iniciarse nos métodos de investigación mediante a preparación de actividades nas que un dos obxectivos sexa o desenvolvemento de procedementos facendo especial fincapé nas actividades prácticas de laboratorio.
- Propoñer actividades que poñan de manifesto a correlación entre os fenómenos estudados na aula e os da vida cotiá, mediante análise de situacións concretas, comentarios de novas de actualidade ou realizando saídas didácticas (centros de investigación, itinerariosbotánicos e xeolóxicos, etc.) combinadas con informes ou traballos específicos utilizando diferentes formatos.
-Favorecer o uso das tecnoloxías da información e a comunicación valorando a súa importancia na sociedade actual e propiciando a súa integración na aula.
TIPOS DE ACTIVIDADES
Realizaranse actividades diversas de acordo coa seguinte secuencia didáctica:
-Actividades de iniciación: necesarias para coñecer as ideas previas do alumnado sobre os contidos que se van tratar con posterioridade; para que os alumnos e alumnas recorden coñecementos e comproben que estes deben ser ampliados e transformalos e para dispoñelos favorablemente para a aprendizaxe.
-Actividades de desenvolvemento e estruturación: serven para que o alumnado tome contacto, poña en práctica e asimile os contidos, compare os coñecementos anteriores cos novos e para que incorpore os novos contidos á súa experiencia persoal.
-Actividades de aplicación e afondamento: necesarias para que os estudantes amplíen e apliquen as novas situacións e contextos os coñecementos adquiridos.
-Actividades de consolidación e síntese: para dar solidez e firmeza ao aprendido.
-Actividades de reforzo: para aqueles estudantes que non progresan adecuadamente.
-Actividades específicas de avaliación que serven para comprobar o grao de aprendizaxe logrado polos alumnos e alumnas e para detectar erros, inexactitudes e dificultades nos coñecementos adquiridos e para reforzar aprendizaxes
DESENVOLVEMENTO DAS UNIDADES
O fío condutor que se seguirá á hora de desenvolver as distintas unidades didácticas será o seguinte:
a) Introdución á unidade didáctica.
b) Análise dos coñecementos previos do alumnado.
c) Desenvolvemento da unidade a través de diferentes tarefas e actividades.
d) Resumo e síntese dos contidos da unidade.
TIPOS DE AGRUPAMENTOS
As diversas formas de agrupamento que se utilizarán, divídense en tres tipos:
- Gran grupo.
- Equipos de traballo cooperativo (por parellas ou máis)
- Traballo individual.
CONTRIBUCIÓN A PLANS E PROXECTOS
Preténdese realizar unha adecuada contribución ao Plan Lector do Centro, coa proposta de lectura voluntaria de distintos libros ou capítulos relacionados coa materia, así como coa lecturas de artigos xornalísticos e textos do libro do estudante. Así mesmo, contribuirase ao Plan TICs coa utilización de diferentes recursos (proxección de vídeos, simulacións, presentacións, avaliacións interactivas, kahoots...).
A materia tamén contribuirá a outros plans incluídos no Proxecto Educativo do centro como o Plan de Actividades do Departamento de Orientación, o Plan de Acción Titorial, o Plan de Atención á Diversidade ou o Proxecto Lingüístico de Centro, tendo presente en todo momento a Programación Xeral Anual que se redactou ao inicio de curso.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto: Bioloxía, Xeoloxía e Ciencias Ambientais 1º bacharelato Obradoiro Santillana
Aula virtual da materia

Caderno ou portfolio do estudante
Dotación da aula (proxector, encerado dixital, tradicional, pupitres...)
Laboratorio (instrumental e materias propios)
Actividades de iniciación, de desenvolvemento, estruturación, aplicación, afondamento, consolidación, síntese, específicas de avaliación
Libros de divulgación científica
Modelos moleculares, redes cristalinas...
Materiais audiovisuais: vídeos didácticos, documentais...

O espazo habitual no que se desenvolverán as sesións consiste nunha aula convenientemente equipada cun encerado dixital e encerado tradicional, dispoñendo o alumnado de pupitres individuais, o que facilitará os necesarios cambios na súa distribución para o traballo en parellas ou grupal.
O espazo empregado para as clases prácticas será o laboratorio de Bioloxía e Xeoloxía, dotado do instrumental e materiais presentes de xeito habitual nun laboratorio escolar.
No que se refire ás ferramentas que centrarán o traballo do alumnado na aula, as principais serán o libro de texto recomendado polo Departamento e todos os materiais que formen parte dos contidos da aula virtual da materia, na súa maioría deseñadas pola docente.
As docentes do Departamento de Bioloxía e Xeoloxía facilitarán ás alumnas e alumnos todos os materiais bibliográficos e audiovisuais que necesiten e, na medida do posible, os incorporará á aula virtual da materia para que poda ser compartido por todo o alumnado da materia, ademáis en dita aula o docente colgará material para o alumnado que por razóns xustificadas non asista de forma prolongada ao centro.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial permítenos coñecer e valorar o punto de partida do estudante e así atopar as dificultades de aprendizaxe dos discentes e as súas carencias, para así adoptar posteriormente as medidas de reforzo educativo que se consideren máis axeitadas.
Ao inicio de curso, nas primeiras sesións, realizarase unha proba inicial baseada en competencias e contidos necesarios para enfrontar a materia. O seu obxectivo é facilitar información sobre distintos aspectos do alumnado, tales como o seu coñecemento das destrezas da materia así como posibles dificultades de aprendizaxe ou capacidades por riba da media do grupo. Dita información servirá para programar as adaptacións precisas, así como as actividades de reforzo e ampliación no caso de ser necesarias. Esta proba non terá peso na cualificación do alumnado.
Os resultados de dita proba daranse a coñecer durante unha reunión establecida polo centro ao inicio do curso e na que se atopará a totalidade da xunta avaliadora. En función dos resultados obtidos, e sempre coa intervención do Departamento de Orientación levaranse a cabo as medidas de atención pertinentes.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
Peso UD/ Tipo Ins.	**4**	**10**	**6**	**7**	**10**	**7**	**8**
Proba escrita	80	80	80	80	80	80	80
Táboa de indicadores	20	20	20	20	20	20	20

Unidade didáctica	UD 8	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12	UD 13	UD 14
Peso UD/ Tipo Ins.	**6**	**6**	**6**	**8**	**6**	**8**	**8**
Proba escrita	80	80	98	80	80	80	80
Táboa de indicadores	20	20	2	20	20	20	20

Unidade didáctica	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	**100**
Proba escrita	**81**
Táboa de indicadores	**19**

Criterios de cualificación:

Os criterios de avaliación serán o referente fundamental para valorar tanto o grao de adquisición das competencias clave como a consecución dos obxectivos.
En cada un dos tres trimestres realizaranse dúas probas escritas cos contidos específicos asociados aos criterios de avaliación.
En cada avaliación teranse en conta os seguintes criterios:
Realización de probas escritas: a media da nota obtida nas dúas probas representará o 80% da nota da avaliación. Para realizar dita media requerirase unha cualificación mínima de 3 nas distintas probas.
O 20% restante obterase da corrección de exercicios e tarefas de aula, proxectos de investigación e informes de actividades prácticas no laboratorio. As producións do alumnado serán refrendadas cun rexistro do docente.
A cualificación só será positiva se os estudantes superan todos os contidos mínimos establecidos para cada avaliación e o aprobado establécese no cinco.
A cualificación final da materia será a media aritmética das notas globais das tres avaliacións do curso ou, de ser o caso, na proba final.

Criterios de recuperación:

O alumnado que teña unha cualificación negativa nalgunha das avaliacións do curso realizará unha proba para poder recuperala. A cualificación da avaliación nesta proba será o 100% da nota da avaliación. O aprobado establécese no cinco.
Avaliación extraordinaria
Os alumnos e as alumnas que ao remate do período ordinario non supere a materia poderán realizar unha proba

escrita extraordinaria a finais de xuño.
A cualificación nesta convocatoria será o 100% do resultado de dita proba. A materia estará superada cunha nota igual ou superior a 5.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Co obxecto de facilitarlle ó alumnado a recuperación das materias pendentes do Departamento de Ciencias, e ter un seguimento das súas aprendizaxes o departamento acorda:
1º.- Dividir a materia en dúas partes.
2º.- Realizar dúas probas escritas da materia pendente que terán lugar segundo o calendario que estableza a Xefatura de estudos. É necesario que o alumnado obteña unha nota mínima dun 5 para superar a parte da materia correspondente. Se o/a alumno/a non aproba a proba escrita da primeira parte, terá que avaliarse na segunda proba de toda a materia, debendo obter unha nota mínima dun 5.
3º.- Os alumnos/as terán a súa disposición cando así o soliciten unha reunión de seguimento profesor responsable (Xefe de Departamento) a realizar nun dos recreos, para atendelos e resolverlles dúbidas.

5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias

Non se aplica

6. Medidas de atención á diversidade

No bacharelato, etapa na que as diferenzas persoais en capacidades específicas e intereses están a miúdo bastante definidas, a organización da ensinanza permite que o propio alumnado resolva esta diversidade mediante a elección de modalidades e optativas.
Sen embargo, consideramos conveniente dar resposta, xa desde as mesmas materias, a un feito corroborado: a diversidade dos estudantes que se manifestan en intereses, motivacións, capacidades e estilos de aprendizaxe. É preciso, entón, ter en conta os estilos diferentes de aprendizaxe dos escolares e adoptar medidas oportunas para afrontar esta diversidade (estudantes reflexivos, impulsivos, analíticos, sintéticos..).
Dar resposta a esta diversidade é imprescindible, pois a intención última de todo proceso educativo é lograr que o alumnado acade os obxectivos propostos. Así para acometer o tratamento da diversidade neste materia se realice principalmente por dúas vías:
- A atención á diversidade na programación dos contidos, presentándoos dende dúas fases: a información xeral e a información básica, que se tratará mediante esquemas, resumos, mapas conceptuais, paradigmas, etc.
.- A atención á diversidade na programación das actividades. As actividades constitúen un excelente instrumento de atención ás diferenzas individuais dos alumnos e das alumnas. A variedade e a abundancia de actividades con distinto nivel de dificultade permiten a adaptación ás diversas capacidades, intereses e motivación.
O profesorado buscará o xeito de atender á diversidade de alumnado que curse esta materia en coordinación co Departamento de Orientación e a Xefatura de estudos e de maneira xeral establécense as seguintes medidas para o tratamento educativo das distintas realidades do alumnado:
Na aula:
Normas claras e coherentes.
Reforzo positivo.
Estar sentado cerca da mesa do profesorado e ao lado de compañeiras ou compañeiros que lle sirvan de modelo de tranquilidade, de orde e de axuda.
Manter un ambiente estruturado, motivador e con rutinas predicibles axudaralle ao alumnado a sentirse seguro e a saber o que ten que facer en cada momento.
Antes de empezar unha actividade, explicala de xeito claro e sinxelo.
Alternar actividades teóricas con traballo práctico.
Nas probas escritas:
Deixar máis tempo para os exames ou probas escritas, incluso dividilas en dúas sesións, e ser flexibles na súa duración.
− Presentar escrito o texto dos exames, salientando as partes máis importantes de cada cuestión e, no caso de

preguntas complexas, diferenciando ben cada tarefa.
− Deixar suficiente espazo entre as preguntas, e supervisar a súa comprensión e execución.
Teránse en conta os seguintes protocolos da Consellería de Educación

- Protocolo para a intervención psicoeducativa da dislexia e/outras dificultades específicas da aprendizaxe
- Protocolo de Consenso sobre TDAH na Infancia e na Adolescencia nos Ámbitos Educativo e Sanitario
- Protocolo de Tratamento Educativo do Alumnado con Trastorno do Espectro do Autismo (TEA).
- Protocolo para a Atención educativa ao alumnado con discapacidade auditiva ou visual

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión da lectura	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Creatividade	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12	UD 13	UD 14
ET.1 - Comprensión da lectura	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12	UD 13	UD 14
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Creatividade	X	X	X	X	X	X

Observacións:
Realizaranse as seguintes accións:
-Promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
-Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Ruta botánica	Arboreto da Xunqueira e río Lérez			X
Conferencias online ou presenciais	Conferencias de interese bioloxíco ou xeolóxico realizadas de forma online por un experto	X	X	X
Saída zona intermareal	Visita a ecosistema litoral (praia do Grove) para a observación da súa flora e fauna		X	
DOMUS e Acuario de A Coruña	Taller PCR: análise da escena do crime	X		
Ruta xeolóxica	O Grove			X

Observacións:
Ademais destas actividades realizaranse, sempre que sexa posible, aquelas que se propoñan ao longo do curso e resulten de interese didáctico.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación do nivel de dificultade ás necesidades do alumnado
Participación activa de todo o alumnado
Adecuación á temporalización das unidades didácticas
Colaboración das familias
Toma de medidas de atención á diversidade para atender ao alumnado con dificultades de aprendizaje

Toma de medidas de atención á diversidade para atender ao alumnado con dificultades de aprendizaje na elaboración de probas escritas
Utilización de distintas estratexias metodolóxicas en función das unidades didácticas
Utilización dos distintos instrumentos de avaliación
Combinación do traballo individual co traballo cooperativo
Eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación

Descrición:

Estes indicadores de logro pretenden avaliar aspectos como a adecuación da proposta educativa ás características do grupo, a idoneidade das metodoloxías empregadas en cada momento, o grao de participación de alumnado e familias no proceso de ensino ou a adecuada resposta ás necesidades específicas do alumnado.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A principal referencia da que se disporá para este procedemento de seguimento e auto-avaliación será a temporalización definida ao inicio do curso, debéndose analizar de xeito periódico se o programado se corresponde coas necesidades do alumnado, de modo que o desenvolvemento das unidades didácticas siga o calendario previsto. O documento elaborado para levar dito seguimento constituirase como un caderno de traballo na aula. Neste caderno do profesor, reflectirase o desenvolvemento efectivo das sesións, facendo fincapé no aproveitamento destas e dos recursos dispoñibles.
Ademais nas reunións de departamento comentarse o grao de consecución dos criterios de avaliación das materias e constarán en actas as posibles modificacións. Xunto con estas reflexións e acordos tomados polos membros do departamento, a memoria final de curso será tamén un instrumento para concretar os principais problemas e boas prácticas en relación á programación. Con todos estes datos os membros do departamento tomarán acordos e realizarán as modificacións pertinentes que se deberán incluír na programación dos cursos correspondentes.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36018677	IES Luís Seoane	Pontevedra	2025/2026

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Debuxo artístico I	1º Bac.	4	140

Tipo de oferta
Réxime xeral-ordinario

Contido **Páxina**

1. Introdución 3

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias 4

3.1. Relación de unidades didácticas 5

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas 6

4.1. Concrecións metodolóxicas 13

4.2. Materiais e recursos didácticos 13

5.1. Procedemento para a avaliación inicial 15

5.2. Criterios de cualificación e recuperación 15

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes 17

5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias 18

6. Medidas de atención á diversidade 18

7.1. Concreción dos elementos transversais 19

7.2. Actividades complementarias 21

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro 22

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora 23

9. Outros apartados 24

1. Introdución

Ao debuxar, a mirada convértese en observación precisa e contemplación que abstrae e sintetiza a realidade a través da expresión gráfica. O debuxo é, polo tanto, un proceso interactivo de observación, reflexión e representación. Un proceso que require unha técnica inicial, coñecer os seus recursos e elementos fundamentais, así como un exercicio continuo de adestramento e práctica. O seu desempeño implica comprender a súa linguaxe e como interveñen nel as formas e as súas relacións, as estruturas, os volumes, a perspectiva, as proporcións e o comportamento da luz e da cor. Partindo da consideración do debuxo como un método de traballo case científico de exploración e indagación, non convén esquecer os avances que se conseguiron ao longo da historia nin as solucións que se achegaron aos problemas da representación gráfica dunha contorna tridimensional. A análise de obras de diferentes épocas, lugares e ámbitos disciplinares axuda a identificar os camiños que xa se percorreron, de modo que o alumnado poida servirse deles na súa propia incursión no debuxo.

O debuxo é unha linguaxe universal que supón unha actividade intelectual en tanto que é un medio de análise e de coñecemento. É a primeira ligazón de unión entre a idea e a súa representación gráfica, o que propicia que sexa a orixe de múltiples actividades creadoras e que resulte imprescindible no desenvolvemento de todas as demais artes, xa que é un paso previo na resolución de proxectos e propostas artísticas. Isto fai que os tipos de debuxo e os seus ámbitos de aplicación sexan extensos e variados, con áreas de coñecemento moi distintas e con necesidades formais e técnicas igualmente diversas.

Tendo en conta todos estes aspectos, a materia de Debuxo Artístico presenta unha serie de obxectivos que buscan asegurar a adquisición das destrezas e técnicas necesarias, incluídas as dixitais, para a súa aplicación en diferentes proxectos e ámbitos, descubrindo o debuxo como linguaxe gráfica intelectual e desenvolvendo no alumnado a facultade dunha observación activa. Así mesmo, búscase promover unha sensibilidade estética cara ás obras propias e cara ás dos demais, descubrindo o debuxo como medio independente de expresión persoal.

Estes obxectivos específicos da materia emanan das competencias clave e dos obxectivos xerais establecidos para a etapa de bacharelato, en especial, dos descritores da competencia en conciencia e expresión culturais, aos que se engaden, entre outros, aspectos relacionados coa comunicación verbal, a dixitalización, a convivencia democrática, a interculturalidade ou a creatividade. Estes obxectivos están deseñados para que varios deles poidan traballarse simultaneamente mediante un desenvolvemento entrelazado da materia, polo que a orde en que están presentados non é vinculante e deben traballarse no seu conxunto

Os criterios de avaliación, que se desprenden directamente dos devanditos obxectivos, están deseñados para comprobar o seu grao de consecución por parte do alumnado.

Os contidos da materia están organizados en oito bloques que se distribúen entre os dous cursos da etapa:

A. O bloque "Concepto e historia do debuxo" recolle os contidos relacionados coa concepción do debuxo e a súa evolución ao longo da historia, a súa presenza en diferentes obras artísticas e a súa importancia e funcionalidade en moi diversos ámbitos disciplinares.

B. O segundo bloque, "A expresión gráfica e os seus recursos elementais", contén os contidos relacionados coa terminoloxía específica da materia, así como coas técnicas e elementos propios da expresión gráfica e a súa linguaxe.

C. "Percepción e ordenación do espazo" engloba os contidos relacionados coa percepción visual e os sistemas de ordenación do espazo.

D. O bloque titulado "A luz, o claroscuro e a cor" inclúe os contidos relacionados coa comprensión e co tratamento da luz e as súas dimensións, así como cos usos das técnicas do claroscuro e da cor.

E. "Tecnoloxías e ferramentas dixitais" recolle unha introdución ás ferramentas dixitais aplicadas ao debuxo, tanto no trazado coma na edición da imaxe artística.

F. O bloque "Proxectos gráficos colaborativos" engloba aqueles coñecementos, destrezas e actitudes que é necesario poñer en práctica para levar a cabo este tipo de proxectos, nos que o papel do debuxo artístico é fundamental.

O feito de estar cursando un bacharelato de artes fai que o alumnado acceda ao centro desde orixes xeográficas e escolares moi variadas: unha pequenísima minoría reside na contorna do instituto e ven de impartir a ESO nel, mais a grande maioría procede doutros centros da localidade, da comarca, e mesmo de localidades afastadas.

Este feito revirte nunha grande variedade de contextos culturais e familiares. Unha grande parte do alumnado depende dun transporte particular ou público para chegar ao centro e ten que dedicar un tempo considerable do día aos desprazamentos. Outra vese obrigada a cambiar a súa residencia, vivindo fóra do seu ámbito familiar por primeira vez, en pisos de aluguer, residencias ou con outros familiares.

Ao tratarse dunha materia de modalidade, todo o alumnado matriculado no bacharelato de artes deberá cursala. O feito de contar con grupos moi grandes de alumnado heteroxéneo, persoal e academicamente, dificulta a atención personalizada e á diversidade na aula. Atoparémonos con alumnado con máis e menos predisposición cara os aspectos procedimentais da materia, mais debemos tratar de superar as súas reticencias e prexuízos e facerlles conscientes dos beneficios que a aprendizaxe desta disciplina aporta ao desenvolvemento dunha visión creativa, de como contribúe no desenvolvemento da sensibilidade artística e do gozo estético, da creatividade e da expresividade, sen esquecer o progreso na capacidade de observación, de análise e de reflexión sobre a realidade, ao fomentar unha dinámica creativa de retroalimentación que estimula o pensamento diverxente e facilita a conexión da imaxinación coa realidade.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Comprender o debuxo como forma de coñecemento, comunicación e expresión, comparando o uso que se fai del en manifestacións culturais e artísticas de diferentes épocas, lugares e ámbitos disciplinares e valorando a diversidade de significados que orixina para apreciar a importancia da diversidade cultural e a relevancia da conservación e da promoción do patrimonio.	1					1-3		1-2
OBX2 - Analizar con actitude crítica e reflexiva, utilizando a terminoloxía específica adecuada, producións plásticas de distintas épocas e estilos artísticos, recoñecendo a linguaxe, as técnicas e os procedementos, a función significativa e a expresividade do debuxo presentes nelas, para desenvolver a conciencia visual e o criterio estético e ampliar as posibilidades de gozar da arte.	1	2-3				1-3		1-2
OBX3 - Analizar, interpretar e representar a realidade, utilizando os recursos elementais e a sintaxe do debuxo, para ofrecer unha visión propia desa realidade, potenciar a sensibilidade e favorecer o desenvolvemento persoal e artístico.					11-12	1-2		31
OBX4 - Experimentar con diferentes materiais, técnicas e soportes, incluído o propio corpo, e analizar a importancia deste nas propostas artísticas contemporáneas para descubrir o xesto do debuxo e a apropiación do espazo como medios de autoexpresión e aceptación persoal.					50	1-3		1-31-32

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Utilizar a práctica do debuxo como medio de expresión de ideas, opinións, sentimentos e emocións, investigando os referentes culturais das novas creacións como parte inherente a estas, para ampliar o repertorio artístico e enriquecer as producións propias.						1-3		1-2-31
OBX6 - Realizar producións gráficas expresivas e creativas valorando a importancia dos elementos da linguaxe gráfica e a súa organización na definición dun estilo persoal, para progresar na execución técnica e nas calidades comunicativas e expresivas das producións propias.					11-50			32-41-42
OBX7 - Experimentar coas técnicas propias do debuxo identificando as ferramentas, medios e soportes necesarios e analizando o seu posible impacto ambiental, para integralas de forma creativa e responsable na realización de producións gráficas.			1	2	50	1-4	1	41-42
OBX8 - Adaptar os coñecementos e as destrezas adquiridos desenvolvendo a retentiva e a memoria visual para responder con creatividade e eficacia a novos desafíos de representación gráfica.					11-50	1		41-42
OBX9 - Crear proxectos gráficos colaborativos contribuíndo de forma creativa á súa planificación e realización e adaptando o deseño e o proceso ás características propias dun ámbito disciplinar, para descubrir posibilidades de desenvolvemento académico e profesional e apreciar o enriquecemento que supoñen as propostas compartidas.			2-3		31-40		1-3	41-42

Descrición:

O debuxo artístico é a práctica e a creación de imaxes para expresar ideas, emocións e beleza, utilizando técnicas como o sombreado, o trazo ou a perspectiva para dar volume e textura aos debuxos. Os obxectivos do debuxo artístico son a creación estética, a comunicación visual de sentimentos e pensamentos, e a exploración da composición e o volume a través de diferentes materiais e técnicas.

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Concepto e historia do debuxo.	O debuxo como proceso interactivo de observación e representación, o debuxo na arte e o debuxo como parte de diferentes ámbitos disciplinares.	10	10	X	X	X
2	A expresión gráfica e os seus	Teminoloxía e materiais. Punto, liña e	30	35	X	X	X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	recursos elementais	forma. A iconicidade. O encaixe. Técnicas gráfico-plásticas básicas.	30	35	X	X	X
3	Percepción e ordenación do espazo.	Fundamentos da percepción. A sintaxe visual. Representación do espazo.	20	30	X	X	X
4	A luz, o claroscuro e a cor.	A luz e o volume. Tipos de luz e de iluminación. Valoración tonal e claroscuro. Natureza, percepción, psicoloxía e simboloxía da cor. Aplicacións básicas da cor no debuxo.	20	30	X	X	X
5	Tecnoloxías e ferramentas dixitais.	Introdución ao debuxo e á imaxe dixital. O seu uso en diferentes ámbitos disciplinares. Ferramentas de edición de imaxes para a expresión artística. Programas de pintura e debuxo dixital.	10	10			X
6	Proxectos gráficos colaborativos.	Fases dos proxectos gráficos. Distribución das tarefas. A avaliación dos proxectos.	10	25			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Concepto e historia do debuxo.	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Identificar o debuxo como forma de coñecemento, comunicación e expresión, reflexionando con iniciativa sobre a súa presenza en distintas manifestacións culturais e artísticas e comparando de forma autónoma o seu uso nestas.	Identificar a presenza do debuxo en distintas manifestacións culturais e artísticas e reflexionar sobre o seu papel nelas.	TI	100
CA1.2 - Comparar as múltiples funcións do debuxo a través da análise autónoma do seu uso en producións de distintos ámbitos disciplinares.	Realizar análises comparativas sobre as funcións do debuxo en obras de distintas disciplinas: pintura, ilustración, deseño gráfico, deseño de moda, arquitectura...		
CA1.3 - Valorar a pluralidade cultural e artística relacionándoa coa liberdade de expresión, argumentando a opinión propia de forma activa, comprometida e respectuosa, e analizando os usos do debuxo en diversas manifestacións artísticas.	Levar a cabo reflexións fundamentadas e respectuosas sobre a presenza do debuxo en distintas manifestacións culturais e artísticas.		
CA1.4 - Analizar a linguaxe, as técnicas e os procedementos do debuxo en diferentes propostas plásticas, entendendo os cambios que se produciron nas tendencias ao longo da historia e utilizando a terminoloxía específica máis adecuada.	Expresar, empregando terminoloxía axeitada, a evolución da linguaxe, técnicas e procedementos do debuxo ao longo da historia.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Analizar distintas manifestacións culturais e artísticas, comprendendo a función que desempeña o debuxo nestas e valorando o enriquecemento que supoñen para a sociedade os retos creativos e estéticos.	Identificar as funcións do debuxo en distintas manifestacións culturais e artísticas, valorando o seu papel na sociedade.		
CA1.6 - Identificar os referentes artísticos dunha obra determinada, describindo a influencia que exercen e as relacións que se establecen entre eles e en diferentes ámbitos disciplinares.	Ser capaz de identificar os referentes dunha obra proposta e describir as relacións entre eles dun xeito razoado.		
CA1.7 - Expresar ideas, opinións, sentimentos e emocións, a través de creacións gráficas e debuxos propios, incorporando, de forma guiada, procedementos ou técnicas utilizados en referentes artísticos de interese para o alumnado.	Realizar unha obra propia a partir de referentes artísticos alleos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- O debuxo como proceso interactivo de observación, reflexión, expresión, imaxinación, representación e comunicación. - O debuxo na arte: desde a Antigüidade ata o Romanticismo. Obras máis representativas de diferentes creadores e creadoras. - O debuxo como parte de múltiples procesos artísticos e técnicos. Ámbitos disciplinares: artes plásticas e visuais, deseño, arquitectura, ciencia e literatura.

UD	Título da UD	Duración
2	A expresión gráfica e os seus recursos elementais	35

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Analizar distintas manifestacións culturais e artísticas, comprendendo a función que desempeña o debuxo nestas e valorando o enriquecemento que supoñen para a sociedade os retos creativos e estéticos.	Expresar, empregando terminoloxía axeitada, a evolución técnica do debuxo ao longo da historia e distintas obras propostas.	TI	100
CA2.1 - Analizar a linguaxe, os materiais, as técnicas e os procedementos do debuxo en diferentes propostas plásticas, entendendo os cambios que se produciron no seu uso ao longo da historia e utilizando a terminoloxía específica máis adecuada.	Expresar, empregando terminoloxía axeitada, a evolución técnica do debuxo ao longo da historia e distintas obras propostas.		
CA2.2 - Experimentar con sensibilidade as posibilidades expresivas dos recursos elementais do debuxo (punto, liña, forma) e da súa sintaxe, mellorando o proceso de creación gráfica.	Debuxar cos elementos básicos (punto, liña e forma) experimentando coa súa expresividade.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Analizar, interpretar e representar graficamente a realidade mediante bosquexos e esbozos, utilizando as técnicas e ferramentas adecuadas e desenvolvendo unha expresión propia, espontánea e creativa.	Levar a cabo bosquexos e esbozos que supoñan unha análise da realidade.		
CA2.4 - Achegar unha pegada e un xesto propios á realización de debuxos combinando de maneira adecuada o uso tradicional de diferentes materiais, soportes e técnicas, cunha manipulación persoal e creativa.	Experimentar cos materiais, soportes e técnicas, superando estereotipos, para lograr expresividade e un xesto propio.		
CA2.5 - Expresar, a través do trazo e do xesto do debuxo, unha visión propia da realidade ou do mundo interior, experimentando cos elementos da linguaxe gráfica e coas súas formas, signos, posibilidades expresivas e efectos visuais.	Lograr comunicar mensaxes a través da experimentación cos elementos gráficos.		
CA2.6 - Propoñer distintas solucións gráficas a unha mesma proposta visual, utilizando diferentes niveis de iconicidade, identificando as ferramentas, medios e soportes necesarios, e xustificando razoada e respectuosamente a elección realizada.	Comprender os distintos niveis de iconicidade da representación gráfica e ser capaz de levar a cabo a súa propia escala sobre unha proposta.		
CA2.7 - Representar graficamente o modelo elixido, seleccionando e abstraendo as súas características máis representativas a partir do estudo e da análise deste.	Realizar unha análise visual dunha figura e lograr abstraer o máis destacable dela a través do debuxo.		
CA2.8 - Utilizar o encadramento, o encaixe e a perspectiva na resolución de problemas de representación gráfica, analizando tanto os diferentes volumes coma o espazo que completa o conxunto.	Realizar medicións axeitadas dunha figura e encaixala con corrección no formato de traballo proposto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- O debuxo na arte: desde a Antigüidade ata o Romanticismo. Obras máis representativas de diferentes creadores e creadoras. - O debuxo como parte de múltiples procesos artísticos e técnicos. Ámbitos disciplinares: artes plásticas e visuais, deseño, arquitectura, ciencia e literatura. - Terminoloxía e materiais do debuxo. - O punto e as súas posibilidades plásticas e expresivas. - A liña: trazo e grafismo. As tramas. - A forma. Análise da súa tipoloxía. Diferentes aplicacións e combinacións. - Niveis de iconicidade da imaxe. - O bosquexo ou esbozo. Introdución ao encaixe. - Técnicas gráfico-plásticas, secas e húmidas. - Materiais gráfico-plásticos. Seguridade, toxicidade, impacto ambiental e sustentabilidade.

UD	Título da UD	Duración
3	Percepción e ordenación do espazo.	30

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Analizar distintas manifestacións culturais e artísticas, comprendendo a función que desempeña o debuxo nestas e valorando o enriquecemento que supoñen para a sociedade os retos creativos e estéticos.	Traballar con interese por experimentar as posibilidades expresivas do debuxo, tanto dos recursos básicos como da súa sintaxe.	TI	100
CA3.1 - Experimentar con sensibilidade as posibilidades expresivas dos recursos elementais do debuxo, a composición e os sistemas de ordenación na sintaxe visual, mellorando o proceso de creación gráfica.	Traballar con interese por experimentar as posibilidades expresivas do debuxo, tanto dos recursos básicos como da súa sintaxe.		
CA3.2 - Realizar composicións bidimensionais, figurativas ou abstractas, explorando a percepción e a ordenación do espazo e indagando sobre a representación do corpo humano e a súa posible utilización como soporte ou como ferramenta gráfica.	Realizar debuxos que teñan en conta a ordenación do espazo e a representación da figura humana.		
CA3.3 - Comprender e empregar con intencións comunicativas ou expresivas os mecanismos da percepción visual, as súas leis e principios, así como a composición e a ordenación de elementos no espazo mostrando interese nas súas aplicacións.	Amosar comprensión dos mecanismos da percepción visual e da ordenación dos elementos no espazo.		
CA3.4 - Representar graficamente o espazo elixido, seleccionando e abstraendo as súas características máis representativas a partir do estudo e da análise deste.	Realizar unha análise visual dun espazo e lograr abstraer o máis destacable del a través do debuxo.		
CA3.5 - Utilizar o encadramento, o encaixe e a perspectiva na resolución de problemas de representación gráfica analizando os diferentes volumes, as súas proporcións e posición relativa e tamén o espazo que completa o conxunto.	Realizar medicións axeitadas dunha figura e encaixala axeitadamente no formato de traballo proposto, aplicando con corrección as leis da perspectiva cónica.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- O debuxo na arte: desde a Antigüidade ata o Romanticismo. Obras máis representativas de diferentes creadores e creadoras.
- O debuxo como parte de múltiples procesos artísticos e técnicos. Ámbitos disciplinares: artes plásticas e visuais, deseño, arquitectura, ciencia e literatura.
- Fundamentos da percepción visual.
- Principios da psicoloxía da Gestalt.
- Ilusións ópticas.
- A composición como método. O equilibrio compositivo. Direccións visuais. Aplicacións.

Contidos
- Sistemas de ordenación na sintaxe visual. Aplicacións. - Introdución á representación do espazo mediante a perspectiva.

UD	Título da UD	Duración
4	A luz, o claroscuro e a cor.	30

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Identificar os referentes artísticos dunha obra determinada con relación ao uso da luz e da cor que se fai nela describindo a influencia que exercen e as relacións que se establecen.	Ser capaz de identificar os referentes dunha obra proposta en canto ao uso da luz e a cor e de describir o seu uso.	PE	15
CA1.5 - Analizar distintas manifestacións culturais e artísticas, comprendendo a función que desempeña o debuxo nestas e valorando o enriquecemento que supoñen para a sociedade os retos creativos e estéticos.	Ser capaz de identificar os referentes dunha obra proposta en canto ao uso da luz e a cor e de describir o seu uso.	TI	85
CA4.2 - Expresar ideas, sentimentos e emocións a través de creacións gráficas e debuxos propios incorporando, de forma guiada, procedementos ou técnicas de claroscuro e cor utilizados en referentes artísticos de interese para o alumnado.	Lograr comunicar mensaxes a través da aplicación guiada de procedementos de claroscuro e cor.		
CA4.3 - Analizar e empregar con intencións comunicativas ou expresivas os mecanismos da percepción visual referidos á luz, ao claroscuro e á cor e ás súas leis e principios, mostrando interese nas súas aplicacións.	Amosar comprensión dos mecanismos da percepción visual referidos á luz, ao claroscuro e á cor, e aplicalos con intencións comunicativas.		
CA4.4 - Seleccionar e utilizar con destreza as ferramentas, medios e soportes máis adecuados á intención creativa empregando os valores expresivos do claroscuro e da cor nunha interpretación gráfica persoal da realidade.	Utilizar as ferramentas e medios máis adecuados para levar a cabo obras que interpreten a realidade, empregando os valores expresivos do claroscuro e da cor.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- O debuxo na arte: desde a Antigüidade ata o Romanticismo. Obras máis representativas de diferentes creadores e creadoras. - O debuxo como parte de múltiples procesos artísticos e técnicos. Ámbitos disciplinares: artes plásticas e visuais, deseño, arquitectura, ciencia e literatura. - A luz e o volume. - Tipos de luz e de iluminación. - Valoración tonal e claroscuro. - Natureza, percepción, psicoloxía e simboloxía da cor.

Contidos
- Monocromía, bicromía e tricromía. Aplicacións básicas da cor no debuxo.

UD	Título da UD	Duración
5	Tecnoloxías e ferramentas dixitais.	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.1 - Comparar as múltiples funcións do debuxo e da pintura dixital a través da análise autónoma do seu uso en producións de distintos ámbitos disciplinares.	Identificar as funcións do debuxo dixital e realizar comparacións delas no uso do debuxo en distintas disciplinas.	PE	10
CA1.5 - Analizar distintas manifestacións culturais e artísticas, comprendendo a función que desempeña o debuxo nestas e valorando o enriquecemento que supoñen para a sociedade os retos creativos e estéticos.	Identificar as funcións do debuxo dixital e realizar comparacións delas no uso do debuxo en distintas disciplinas.	TI	90
CA5.2 - Achegar unha pegada e un facer propios á realización de producións gráficas, combinando o uso das tecnoloxías e das ferramentas de edición dixitais, de forma persoal e innovadora.	Experimentar cos tecnoloxías de creación e ferramentas de edición dixitais, superando estereotipos, na realización de producións gráficas.		
CA5.3 - Seleccionar e utilizar con destreza as ferramentas de edición propias de cada programa de pintura ou debuxo dixital máis adecuadas á intención creativa, nunha interpretación gráfica persoal da realidade.	Coñecer e empregar con corrección en interpretacións gráficas da realidade, as ferramentas de edición básicas dos programas de pintura e debuxo dixital indicados.		
CA5.4 - Investigar de forma activa e aberta sobre a presenza de tecnoloxías dixitais en referentes artísticos contemporáneos integrándoas no proceso creativo e expresivo propio.	Investigar a presenza de tecnoloxías dixitais en referentes artísticos contemporáneos.		
CA5.5 - Representar graficamente o modelo elixido mediante procedementos de debuxo dixital, seleccionando e abstraendo as súas características máis representativas a partir do estudo e da análise deste.	Realizar unha análise visual dun modelo e lograr abstraer o máis destacable del a través do debuxo dixital		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- O debuxo na arte: desde a Antigüidade ata o Romanticismo. Obras máis representativas de diferentes creadores e creadoras. - O debuxo como parte de múltiples procesos artísticos e técnicos. Ámbitos disciplinares: artes plásticas e visuais, deseño, arquitectura, ciencia e literatura. - Introdución ao debuxo e á imaxe dixital. O seu uso en diferentes ámbitos disciplinares. - Debuxo vectorial. - Ferramentas de edición de imaxes para a expresión artística.

Contidos
- Programas de pintura e debuxo dixital.

UD	Título da UD	Duración
6	Proxectos gráficos colaborativos.	25

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Analizar distintas manifestacións culturais e artísticas, comprendendo a función que desempeña o debuxo nestas e valorando o enriquecemento que supoñen para a sociedade os retos creativos e estéticos.	Ser capaz de determinar as fases dun proxecto gráfico colaborativo, planificalo e distribuír as tarefas, de xeito guiado.	TI	100
CA6.1 - Planificar proxectos gráficos colaborativos sinxelos identificando o ámbito disciplinar en que se desenvolverán, organizando e distribuíndo as tarefas de maneira adecuada e determinando as diferentes fases do proxecto.	Ser capaz de determinar as fases dun proxecto gráfico colaborativo, planificalo e distribuír as tarefas, de xeito guiado.		
CA6.2 - Realizar proxectos gráficos colaborativos enmarcados nun ámbito disciplinar concreto utilizando con interese os valores expresivos do debuxo artístico e os seus recursos.	Ser capaz de levar a cabo un proxecto gráfico colaborativo.		
CA6.3 - Analizar as dificultades xurdidas na planificación e realización de proxectos gráficos compartidos, entendendo este proceso como un instrumento de mellora do resultado final.	Analizar os erros cometidos durante o proceso dos proxectos colaborativos e a súa relación co resultado final. Ser consciente da responsabilidade propia e tolerante cos erros alleos.		
CA6.4 - Identificar posibilidades de desenvolvemento académico e profesional relacionadas co debuxo artístico, comprendendo as oportunidades que ofrece e o valor engadido da creatividade nos estudos e no traballo e expresando a opinión propia de forma razoada e respectuosa.	Expresar opinións razoadas sobre as posibilidades académicas e profesionais relacionadas co debuxo artístico.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- O debuxo na arte: desde a Antigüidade ata o Romanticismo. Obras máis representativas de diferentes creadores e creadoras. - O debuxo como parte de múltiples procesos artísticos e técnicos. Ámbitos disciplinares: artes plásticas e visuais, deseño, arquitectura, ciencia e literatura. - A distribución de tarefas nos proxectos gráficos colaborativos: criterios de selección a partir das habilidades requiridas e das necesidades do proxecto. - Fases dos proxectos gráficos. - Estratexias de selección de técnicas, ferramentas, medios e soportes do debuxo adecuados a distintas disciplinas. - Estratexias de avaliación das fases e os resultados de proxectos gráficos. O erro como oportunidade de mellora e aprendizaxe.

4.1. Concrecións metodolóxicas

O profesorado da materia de Debuxo Artístico I desenvolverá o seu currículo e tratará de asentar de xeito gradual e progresivo as aprendizaxes que lle faciliten ao alumnado o logro dos obxectivos e, en combinación co resto das materias, unha adecuada adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos da etapa.

A materia de Debuxo Artístico I pretende asentar os sistemas de traballo por proxectos aplicados á creación plástica, audiovisual, de deseño, etc. Para iso é necesaria unha metodoloxía que trate de reforzar os aspectos prácticos, adquiríndose os obxectivos a través do traballo do alumnado.

Os bloques de contidos están organizados de xeito que cada unidade pode empregar parte dos contidos adquiridos nas anteriores. O alumnado verase obrigado a utilizar o aprendido máis aquilo que debe aprender coa práctica, situándose a súa actividade entre o que sabe facer e o que pode chegar a facer coa axuda do profesorado.

Na materia de Debuxo Artístico I debemos utilizar estratexias metodolóxicas variadas. A continuación presentamos algunhas suxestións:

- Levar a cabo unha avaliación inicial, se se considera necesario, co fin de coñecer as ideas previas que ten o alumnado sobre os contidos da unidade.

- Que o profesorado expoña cuestións teóricas imprescindibles para o desenvolvemento dos proxectos.

- Guiar ao alumnado na observación da realidade que se trata de representar.

- Incentivar a práctica do alumnado a través da repetición, necesaria para entrenar destrezas.

- Xerar debates nos que o alumnado expoña os seus puntos de vista, os compare cos do resto do alumnado e poña en práctica o diálogo respectuoso e baseado en opinións fundamentadas.

- Visualizar os traballos realizados polo alumnado do mesmo curso e de cursos anteriores, para que comparen xeitos de traballar, solucións distintas á mesma proposta, etc.

- Conectar as propostas dos proxectos co contexto (a contorna, a comunidade educativa, a realidade social...) e coas inquietudes do alumnado.

- Provocar unha reflexión persoal e conxunta sobre o desenvolvemento do proxecto e o resultado final.

No deseño das actividades, terá que considerarse a relación existente entre os obxectivos da materia e as competencias clave a través dos descritores operativos e as liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe, que se recollen no apartado 9.3 sobre Orientacións pedagóxicas desta programación. Deberán seleccionarse os criterios de avaliación do currículo que se axusten á finalidade buscada, así como empregalos para verificar as aprendizaxes do alumnado e o seu nivel de desempeño.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Ordenador conectado a internet, proxector e altofalantes.
Plataforma de ensino virtual, preferentemente, a aula virtual do centro.
Dispositivos móbiles para visualizar obras na clase.

Aula de informática do centro.
Libros de arte, tanto de temas técnicos, como catálogos de artistas, movementos artísticos, etc.
Páxinas web de museos, salas de exposicións, blogs de arte, etc.
Mobiliario axeitado para un taller de arte escolar: mesas, cabaletes, taboleiros para o papel, andeis para gardar traballos e materiais, espazos para expoñer obras e comentar, vertedoiro con auga, espazo ou moble de secado, etc.
Materiais artísticos: distintos soportes, ferramentas e utensilios.
Material para técnicas secas (grafito en pó, carbón, lapis de cores....)
Material técnicas húmidas (pintura acrílica, pinceis, tinta chinesa...)
Laboratorio estanco e material para revelado en papel de fotografía.
Obradoiro para gravado en oco como serigrafía e material completo (pinturas, pantallas, raedeira, espátulas...)
Obradoiro de cerámica con forno cerámico e todo o material necesario.
Obradoiro de gravado por presión con tórculo e todo o material necesario para diferentes técnicas como monotipia, punta seca...
Materiais para debuxo técnico: regras milimetradas, esquadros, cartabóns.
Pasta de papel en prancha branca.
Materiais de refugallo de todo tipo para a realización de obras de bulto redondo.
Biblioteca de aula.
Varios fregaderos.
Rack de secado para obra gráfica.

A materia impartirase nunha aula taller con espazos diferenciados, na que se poden realizar tanto traballos prácticos, como atender ás explicacións do profesorado, como compartir información co resto do alumnado, traballar en equipo, etc. As áreas divididas por zonas para realizar diferentes obradoiros son:
- Área individual, tamén zona teórica. Dispoñible con mesa individual elevable e tallo. Pantalla dixital e pizarra branca para rotulador común. Normalmente para uso de debuxo individual ou visualización de contidos teóricos.
- Área común, organizada en mesas corridas para grupos. Creada para obradoiros de cerámica ou creacións de bulto redondo.
- Área de gravado, composta de mesa alta grupal e tórculo e zona de secado.
- Área estanca para obradoiros grupais de gravado en oco como serigrafía con insoldarora, secadora e lavado de pantallas.
- Área estanca para obradoiros de fotografía, creación de cámaras fotográficas estenopeicas e revelado completo de papel latente e raiogramas.

O alumnado aportará os seus propios materiais para a elaboración de traballos, pero na aula contarase con materiais e ferramentas de todo tipo, para realizar probas, apreciar as súas características e realizar demostracións e comparacións.

É importante que o alumnado poida acceder a algún tipo de dispositivo electrónico para visualizar contido en rede, sexa a través de dispositivos do centro, dos seus dispositivos móbiles ou do acceso á aula de informática do centro no tempo que estea dispoñible.

O estudo de imaxes e obras en formato impreso tamén é fundamental. Pode recorrerse ao uso de libros da biblioteca do centro e aos que formen parte da biblioteca de aula.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

1. PROPÓSITO DA AVALIACIÓN INICIAL:

Para comezar, é importante definir que é o que se quere conseguir por medio da avaliación inicial. Canto máis concreta sexa esta definición, máis útil será para unha toma de decisións axustada.
Debe proporcionar información relevante sobre os niveis xerais do grupo e do alumnado que o integra, e servir como punto de partida para a contextualización do proceso de ensinanza-aprendizaxe. Pode ser moi útil para orientar a programación, a metodoloxía a utilizar, a organización da aula,... así como para axustar a actuación docente ás necesidades, intereses e posibilidades do alumnado.

2. RECOLLIDA DE INFORMACIÓN:

A segunda fase da avaliación inicial, coincidinte coa de calquera proceso de avaliación, é a recollida de información. Tratarase de manter o equilibrio entre recoller todos aqueles datos que sexan precisos para o que se quere facer e centrarse só naqueles que sexan útiles para a decisión a tomar.

Os aspectos sobre os que recoller información serán:

- Competencia curricular: comunicación, autonomía, habilidades...
- Características do alumno/a: intereses, motivación, estilo de aprendizaxe...
- Entorno: contexto educativo (itinerario elixido, materias pendentes...), contexto familiar, contexto social.

O formato de recollida de información pode ir desde elaboración de cuestionarios como tarefas na aula virtual do centro, cuestionarios en papel ata conversas informais, debates, etc. Tratarase de levar a cabo entre a primeira e a segunda semana do curso.

3. TOMA DE DECISIÓNS:

Unha vez analizada a información recollida, tomaranse decisións sobre os seguintes aspectos, nalgún caso, coa colaboración do Departamento de Orientación:

- Respecto ao currículo.
- Respecto á forma de traballar na aula.
- Respecto a aspectos organizativos.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	**10**	**30**	**20**	**20**	**10**	**10**	**100**
Proba escrita	0	0	0	15	10	0	**4**
Táboa de indicadores	100	100	100	85	90	100	**96**

Criterios de cualificación:

CUALIFICACIÓN POR AVALIACIÓN:

O grao de consecución dos criterios de avaliación das distintas unidades da materia avaliaranse a través de entregas de traballos prácticos, dos que o alumnado coñecerá os indicadores de logro mediante rúbricas e comentarios orais, así como de probas escritas, cualificándose a nota do seguinte xeito:

- Prácticas e propostas creativas: 40%
- Exame práctico: 40%
- Exame teórico: 20%

*No caso de non haber exames teóricos nin prácticos por situacións circunstanciais, os traballos prácticos e propostas creativas terán un valor un 90% e un 10% (actitude, material, entrega de traballos en tempo...).

É importante que se cumpran as instrucións dadas polo profesorado en canto a formato, técnicas, materiais, etc., e que as prácticas e propostas creativas sexan entregadas nas datas indicadas, xa que iso será tido en conta á hora da consecución dos indicadores de logro.

Un exemplo de ditos indicadores, que se poden aplicar na meirande parte das unidades didácticas sería o seguinte:

- Analiza a figura, encaixa e organiza o espazo de forma correcta: 30%
- Aplica correctamente os elementos da expresión gráfica (claroscuro, textura, forma, cor...): 30%
- Experimenta adecuadamente cos instrumentos de debuxo logrando un xesto espontáneo e persoal: 20%
- Acaba e presenta correctamente o traballo, tendo en conta a limpeza, claridade e orde: 10%
- Adecúase ás instrucións e condicións postas polo profesor e sigue un proceso de traballo organizado, ben distribuído no tempo: 10%

CUALIFICACIÓN FINAL:

A nota final consistirá nunha media ponderada, na que o peso da avaliación final é o maior. Isto débese a que hai contidos que se tratan só nunha avaliación e outros que se tratan de contidos progresivos, que van acadándose en maior medida segundo avanza o curso.

Peso de cada avaliación na ponderación final:
- 1ª avaliación: 30%
- 2ª avaliación: 35%
- 3ª avaliación: 35%

Criterios de recuperación:

REPETICIÓN DE PROBAS E TRABALLOS:

Para poder recuperar as notas da 1ª e 2ª avaliación, realizaranse recuperacións dos exames prácticos e teóricos nas datas indicadas. Repetiranse tamén os traballos prácticos máis destacados da avaliación. Para o cálculo da media, a nota dos traballos e probas repetidas substituirán ás anteriores.

PROBA FINAL:

Se o resultado desta avaliación é inferior a 5, o alumnado deberá presentarse a unha proba final, que se cualificará segundo os seguintes instrumentos e ponderación sobre a nota total:
- Proba escrita: 20%
- Práctica: 80%

Exemplo de indicadores de logro aplicables na proba práctica:

- Analiza a figura, encaixa e organiza o espazo de forma correcta. 30%
- Aplica correctamente os elementos formais (claroscuro, cor, textura, forma...). 30%
- Experimenta adecuadamente cos instrumentos de debuxo. 20%
- Acaba e presenta correctamente o traballo, tendo en conta a limpeza, claridade e orde. 10%

- Adecúase ás instrucións e condicións postas polo profesor e sigue un proceso de traballo organizado, ben distribuído no tempo. 10%

AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA:

Unha vez rematada a avaliación ordinaria, o alumnado que non supere a materia deberá poderá presentarse a unha proba de avaliación extraordinaria. Durante o tempo de preparación co que conta o alumnado, farase un percorrido polos contidos teóricos que se avaliarán na proba escrita e guiáraselle para poder levar a cabo a proba práctica.

- Proba escrita: 20%
- Práctica: 80%

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

SEGUIMENTO PERIÓDICO:

O alumnado que curse o 2º curso de bacharelato e estea matriculado nesta materia por non tela superada con anterioridade, poderá recuperala seguindo un plan de actividades ao que o alumnado terá acceso, preferentemente a través da aula virtual do centro.

O grao de consecución dos criterios de avaliación das distintas unidades da materia establecerase a través de 2 ou 3 entregas de traballos prácticos, así como de 2 ou 3 probas escritas, nas datas establecidas polo centro cualificándose a nota do seguinte xeito:

- Realización e presentación de prácticas e propostas creativas: 60%
- Exame práctico: 40%

É importante que se cumpran as instrucións dadas polo profesor/a en canto a formato, técnicas, materiais, etc., e que as prácticas e propostas creativas sexan entregadas nas datas indicadas, xa que iso será tido en conta á hora da consecución dos indicadores de logro.

Un exemplo de ditos indicadores, que se poden aplicar na meirande parte das unidades didácticas sería o seguinte:

- Analiza a figura, encaixa e organiza o espazo de forma correcta: 30%
- Aplica correctamente os elementos da expresión gráfica (claroscuro, textura, forma, cor...): 30%
- Experimenta adecuadamente cos instrumentos de debuxo logrando un xesto espontáneo e persoal: 20%
- Acaba e presenta correctamente o traballo, tendo en conta a limpeza, claridade e orde: 10%
- Adecúase ás instrucións e condicións postas polo profesor e sigue un proceso de traballo organizado, ben distribuído no tempo: 10%

A cualificación final será a media aritmética das 2 ou 3 quendas.

PROBA FINAL E PROBA EXTRAORDINARIA:

O alumnado poderá presentarse a unha proba final ordinaria e a unha extraordinaria, que consistirá na elaboración dun exercicio tipo práctico e unha proba teórica, na que se avaliará o seu grao de consecución dos contidos mínimos esixibles.

Neste caso, a cualificación final do curso será a nota desta proba, que se cualificará segundo os seguintes instrumentos de avaliación e ponderación sobre a nota total:

- Exame práctico: 80%
- Exame teórico: 20%

5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias

O alumnado poderá matricularse en Debuxo Artístico II sen ter cursado Debuxo Artístico I, sen acreditar ningún coñecemento específico. Unha vez empezado o curso, pasará a formar parte do grupo de alumnado coa materia pendente de primeiro curso e realizará o seguimento da materia de 1º de Bacharelato segundo o indicado no apartado correspondente.
Tamén se poderá ter superado o curso de Debuxo Artístico I cursando 2º de bacharelato pola nova normativa da LOMLOE (ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa, no artigo 8, apartado 2) de facer un exame en setembro (antes do comezo das clases), e, unha vez superado o exame obterá a materia de Debuxo Artístico I superado podendo cursar Debuxo Artístico II sen ter pendente a de 1º bacharelato.

6. Medidas de atención á diversidade

Partimos da idea do principio de individualización do ensino e de que a aula é un conxunto de diversidades. Deberemos ser flexibles á hora de adaptar a nosa programación, especialmente a metodoloxía, adoptando medidas de carácter preventivo unha vez coñezamos as características das persoas coas que imos traballar.

A nosa materia é especialmente agradecida neste sentido, polas súas características intrínsecas e pola multitude de solucións que poden resultar de cada proposta.

A inclusión será un factor determinante no desenvolvemento das propostas de traballo das unidades didácticas, que terán lugar en ambientes de aprendizaxe centrados no alumnado, para que todos poidan demostrar o seu potencial e sexan partícipes das situacións de aprendizaxe. Isto será moi enriquecedor para eles pero tamén para o resto de alumnos e para nós como profesionais da educación.

Debemos partir dunha detallada avaliación inicial para coñecer ao noso alumnado. Cada curso podemos enfrontarnos ao reto de ter alumnado con discapacidades visuais, auditivas, motoras, así como diagnósticos de TDAH ou TEA, entre outras moitas patoloxías. Tamén atoparemos alumnado recentemente incorporado ao noso sistema educativo, procedente do estranxeiro, algúns deles sen coñecer as linguas vehiculares, estudantes que proveñen de diferentes orixes socioeconómicas, con condicións persoais difíciles, distintos xeitos de aprender, ritmos de asimilación dispares e niveis de motivación desiguais. Tampouco podemos esquecer ao alumnado de altas capacidades que son un desafío para o docente e unha gran fonte de inspiración para o resto de compañeiros.

Conscientes de que perseguimos acadar os obxectivos propostos de acordo ás capacidades e intereses do alumnado, as medidas de atención á diversidade centraranse en:

MEDIDAS CURRICULARES E METODOLÓXICAS: supoñen unha adaptación encamiñada a modificar as disfuncións, transitorias ou permanentes, detectadas en certo alumnado.

- En caso de que un alumno ou alumna non acade os obxectivos mínimos, trataremos de ofertar unha variedade de actividades de reforzo, a través de exercicios adaptados e de consolidación.

- Utilizaremos multiplicidade de procedementos e mecanismos de avaliación e de recuperación.

- É importante, tamén, favorecer a existencia dun bo clima de aprendizaxe na aula e insistir en reforzos positivos para mellorar a auto estima.

- Favoreceremos o traballo en equipo, preferiblemente en pequenos grupos para que o alumnado poida desenvolver distintos roles.

- En caso de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, realizaremos adaptacións de accesibilidade ao currículo así como recursos de apoio que o favorezan.

- Co alumnado que requira ser hospitalizado ou permanecer convalecente no seu domicilio, favoreceremos a continuidade na nosa materia e a comunicación a través da aula virtual ou do profesor de atención domiciliaria.

- O alumnado valorado como de altas capacidades pode ampliar o currículo ou aceleralo así como flexibilizar o período de permanencia na etapa.

MEDIDAS INTERDISCIPLINARES E COLABORATIVAS:

- Existen tarefas nas que sería interesante colaborar con profesores de materias afíns e complementarias podendo abordar proxectos conxuntos. Isto para os estudantes é unha aprendizaxe moito máis global e permítelles entender mellor a aplicación e o sentido dos saberes.

- Unha frecuente comunicación coas familias resulta crucial nos casos de alumnado con necesidades educativas especiais. Elas nos poden indicar cales son as fortalezas e a maneira máis axeitada para traballar cos seus fillos. Ás veces estas familias están asesoradas por profesionais que tamén nos poden guiar á hora de concretar procedementos instrumentais e adaptar a materia para ter máis posibilidades de éxito.

MEDIDAS ORGANIZATIVAS:

- Se a dispoñibilidade horaria permitise agrupamentos en pequenos grupos, sería moi favorecedor para á atención á diversidade e a elaboración de traballos con procesos técnicos complicados.

- Dispoñemos de plans de acollida ao alumnado estranxeiro con atención educativa específica para aqueles que se incorporen tardiamente ó sistema educativo e presente graves carencias en lingua castelá e/ou galega. Isto dependerá da dispoñibilidade horaria do centro, e tendo en conta que este alumnado se incorpora co curso xa iniciado, cando os horarios xa están pechados, é de moi difícil consecución. O alumnado que se escolarice tardiamente ao noso sistema e presente un desfase curricular de máis de dous cursos incorporaranse nun curso inferior ao que lle corresponde por idade.

- Non podemos esquecer a importancia da acción titorial e da prevención do absentismo así como a indispensable colaboración co Departamento de Orientación.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Comprensión de lectura.	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual.					X	X
ET.4 - Competencia dixital.	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial.						X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico.	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores.	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero.	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.9 - Creatividade.	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.	X	X	X	X	X	X
ET.11 - Aprendizaxe dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.	X		X	X	X	X
ET.12 - Evitar os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.	X	X	X	X	X	X
ET.13 - Espírito emprendedor e iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.						X

Observacións:

Fomentaremos as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar os elementos transversais citados. Polo feito de tratarse unha materia cunha carga social importantísima, no que a relación dos proxectos artísticos co contexto forma parte da súa propia natureza, a integración dos contidos transversais resultará natural na meirande parte das unidades didácticas.

Na selección dos materiais artísticos e culturais que se usarán como referencias e exemplificacións ao longo do curso, farase fincapé na perspectiva de xénero, para facer visibles os traballos e obras artísticas de mulleres e de culturas cunha presenza minoritaria no mundo da arte (mercado, institucións, mundo académico, etc.).

Como aspecto clave da súa formación, será importante que o alumnado conviva coas críticas construtivas, tanto do profesorado, como dos receptores das súas producións artísticas, ou dos seus colaboradores nos equipos de traballo, de xeito que non prexudique ao seu benestar emocional e contribúa a formar un xuízo crítico propio e unha personalidade resiliente.

Trataremos de concienciar ao alumnado da importancia da calidade e corrección na comunicación oral e escrita, á hora de compartir as súas obras co público para o que vai destinado e, dada a natureza predominantemente visual da materia, tamén da comunicación audiovisual e dixital.

Na elaboración de proxectos artísticos colaborativos e mesmo en moitos proxectos individuais, resulta clave a relación entre as persoas que forman parte dos equipos ou entran a aportar o seu traballo nalgunha parte do proceso artístico. Por este motivo, promoverase entre o alumnado o respecto polo pluralismo, a xustiza, os valores democráticos e a aprendizaxe de estratexias que axuden a previr e resolver os conflitos.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
- Debuxo no exterior, contorna e espazo urbano	Actividade de debuxo ao natural	X	X	
- Visitas a espazos expositivos da contorna.	Visitas guiadas a exposicións en museos, salas de exposicións, etc., preferiblemente con actividades que completen a visita.		X	X
- Visitas virtuais a espazos expositivos.	Visitas guiadas a espazos expositivos, a través de internet, para presentar exposicións temporais ou coleccións permanentes. Estas visitas virtuais son unha boa porta de entrada a coñecer os espazos museísticos menos accesibles ao alumnado.	X	X	X
- Charlas informativas relacionadas cos distintos intereses do alumnado.	Pode tratarse de profesionais en activo, antigo alumnado do centro que empeza a súa carreira laboral, estudantes...		X	X
- Participación en distintos premios e concursos vinculados á nosa área.	Pode tratarse de certames tanto de dentro como de fóra do centro.	X	X	X
- Participación en proxectos interdisciplinarios, en colaboración con distintos departamentos.	As actividades do noso departamento responderán tanto a propostas propias, como ás do Departamento de Actividades Extraescolares, que as coordina, como ao Equipo de Biblioteca e o de Dinamización da Lingua Galega. Podemos participar en proxectos creativos como a revista escolar, realización de murais, ilustracións de textos, exposicións de traballos...	X	X	X
- Saída didáctica a París como medio Cultural	Visita guiadas e libres aos museos do Louvre, Dalí e Orsay		X	
- Actividades de datas conmemorativas e de exposición no centro	Estas actividades realizaranse ao longo do curso, esponendo a temática de días sinalados como o día contra a violencia machista, Samaín...	X	X	X

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
- Saída didáctica á feira de arte contemporánea ARCO en Madrid	Visita guiadas e libres aos museos Reina Sofía, El Prado e á feira de arte ARCO.		X	

Observacións:
As actividades planificaranse a principio de curso na medida do posible, tendo en conta que na nosa área estamos suxeitos á programación de institucións e empresas, que non ten por que coincidir coa do curso académico.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
(P) Consulto a programación ao longo do curso e, en caso necesario, realizo e anoto as modificacións.
(P) Ao confeccionar a programación teño en conta as oportunidades que me ofrece o contexto.
(P) Dou a coñecer ao alumnado os elementos básicos da programación.
Metodoloxía empregada
(M) O alumnado traballa do seguinte xeito: Individualmente / Por parellas / En grupos reducidos / En grupos grandes.
(M) Os exercicios que propoño son do seguinte tipo: Pechados, dirixidos... / Abertos, procedimentais, proxectuais, diversos, etc. / Facilitan o traballo cooperativo. / Impulsan a comunicación: buscar información, interpretala, tomar decisións, crear, razoar, explicar aos demais, etc.
(M) Na metodoloxía que aplico: Emprego todo tipo de recursos e materiais para a aprendizaxe: material manipulativo, audiovisual, impreso, etc. / Propoño actividades para facilitar a aprendizaxe autónoma / Baséome nas explicacións teóricas e no libro/apuntes.
(M) Como paso as horas lectivas: Intentando conseguir silencio / Impartindo teoría e explicacións / Respondendo a preguntas, fomentando a participación, desenvolvendo prácticas, etc. / Observando / Corrixindo ao alumnado de xeito individual.
(M) Motivo ao meu alumnado partindo dos seus coñecementos previos, relacionando os contidos con situacións reais, informándolles da utilidade das actividades e creando expectativas.
(M) Ao comezo de cada unidade o alumnado coñece os obxectivos e competencias que queremos desenvolver, as actividades que realizarán, como se lles avaliará...

Medidas de atención á diversidade
(AD) Que fago para coñecer a composición da clase?: Pasar unha proba ao comezo do curso escolar / Ler os informes anteriores / Ver os resultados da avaliación / Facilítama o titor/a, o Xefe/a de Estudos, o Orientador/a / Facilítanma nas reunións de grupo (reunións de avaliación, de titores, de nivel...)
(AD) Teño en conta a diversidade á hora de organizar a clase, de crear os grupos, etc.
(AD) A miña programación ten en conta a diversidade.
(AD) Dou a cada alumno/a a explicación que precisa: No grupo grande / No grupo pequeno / De xeito individual.
(AD) Propoño tarefas de diferente nivel en cada unidade e exame.
(AD) Teño en conta ao alumnado que se afasta da media dos resultados (tanto por arriba como por abaixo).
Outros
(A) Antes de comezar unha unidade, explico ao alumnado "que", "con que frecuencia" e "en base a que" avaliarei.
(A) Utilizo diferentes tipos de probas: Exames escritos / Exames orais / Traballo individual / Traballo en equipo.
(A) Unha vez rematada a unidade ou o proxecto didáctico, avalío a idoneidade dos recursos e das actividades empregadas no proceso de aprendizaxe: Non / De xeito individual / En grupo (con membros do departamento, o equipo de avaliación...) / Co alumnado.
(A) Que teño en conta para medir os resultados?: A nota final / O avance, tendo en conta a situación de partida.
(A) Entre avaliacións, programo un ou varios plans de recuperación dependendo dos resultados obtidos polo alumnado.
(A) Na avaliación teño en conta diferentes competencias.

Descrición:

Para levar a cabo unha adecuada avaliación da práctica docente, é necesario ter en conta:

- Establecer indicadores de logro que servirán para comprobar o funcionamento da programación e valorar a actuación propia como docente.
- Deseñar un procedemento adecuado para recoller os datos correspondentes que permitan valorar a situación.
- Analizar os resultados obtidos.
- Propoñer e incorporar as medidas de mellora que sexan necesarias.

Os indicadores de logro organízanse en torno a catro apartados:

- (P) Programación.
- (M) Metodoloxía.
- (AD) Atención á diversidade.
- (A) Avaliación.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A programación revisarase ao empezar o curso, a partir das propostas de mellora do curso anterior que se fixeron constar na correspondente memoria do departamento.

A avaliación do proceso de ensino pode realizarse ao remate de cada unidade didáctica, para identificar carencias no alumnado, e en cada trimestre, unha vez obtidos os resultados da avaliación. Durante o curso farase un seguimento da programación cunha periodicidade mensual. Comprobarase o grao de consecución dos obxectivos e os aspectos destacados en torno ao discorrer do curso faranse constar en reunións de departamento.

En canto ao procedemento de seguimento, as ferramentas empregadas para analizar os indicadores de logro poden consistir en:

- Folla de rexistro onde ir anotando os aspectos máis cuantificables;
- Programación de aula;
- Rúbrica de autoavaliación que facilite cuantificar o grao de consecución de aspectos concretos;
- Estatísticas de resultados;
- Cuestionarios e enquisas ao alumnado...

9. Outros apartados

1. Proxecto bilingüismo

Dentro do marco que establece o Decreto 79/ 2010, que regula o plurilingüismo no ensino non universitario no artigo 3, na Administración educativa de Galicia e nos centros de ensino sostidos con fondos públicos e seguindo as liñas de actuación propostas no Plan Lingüístico, a contribución da materia de Educación Plástica, Visual e Audiovisual ao Proxecto Lingüístico consistirá en:

- A materia impartirase en galego, o alumnado poderá usar nas manifestacións orais e escrita a lingua oficial da súa preferencia.
- Uso de libros e materias didácticos e de documentación para traballos e proxectos preferentemente en galego.
- No uso de vídeos, presentacións e apuntes empregarase indistintivamente as dúas linguas.

2. Fomento da lectura

Esta actividade de aprendizaxe terá en conta para o seu desenvolvemento, as características específicas da área en cuestión e as normas e recomendacións recollidas no Plan Lector do Centro, aprobado polo Consello Escolar.
A área de educación visual e plástica ten como finalidade a formación do estudante no eido da imaxe, tanto subxectiva (debuxo, pintura, fotografía, vídeo, ...), como obxectiva (representación normativa das formas, debuxo da forma no espazo en dúas e tres dimensións...), tendo como un dos obxectivos principais aprender a ver e aprender a facer. Polo tanto, aprender a ver implica saber ler as imaxes e como consecuencia entender a mensaxe que nos están transmitindo.

3. Formación TIC

Esta actividade de aprendizaxe terá en conta para o seu desenvolvemento as características específicas da área en cuestión e as normas e recomendacións recollidas no Plan T.I.C. do Centro.
O emprego das TICs no proceso de ensino aprendizaxe na área de plástica será transversal e empregarase o necesario para que o estudante realice e mellore as actividades específicas e analice as avantaxes ou desvantaxes dos recursos dixitais.
O obxectivo para a formación na competencia dixital dos alumnos/as e o emprego dos recursos tecnolóxicos é:

- A Internet e as posibilidades que nos ofrece.
- Uso da Aula Virtual do Centro como centro de recursos dixitais de aprendizaxe.
- Creación e tratamento de imaxes tanto fixas coma en movemento.

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36018677	IES Luís Seoane	Pontevedra	2025/2026

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Debuxo técnico I	1º Bac.	4	140

Tipo de oferta
Réxime xeral-ordinario

Contido **Páxina**

1. Introdución 3

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias 3

3.1. Relación de unidades didácticas 4

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas 6

4.1. Concrecións metodolóxicas 16

4.2. Materiais e recursos didácticos 16

5.1. Procedemento para a avaliación inicial 17

5.2. Criterios de cualificación e recuperación 17

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes 19

5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias 19

6. Medidas de atención á diversidade 19

7.1. Concreción dos elementos transversais 21

7.2. Actividades complementarias 21

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro 22

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora 23

9. Outros apartados 24

1. Introdución

A materia de Debuxo Técnico aglutina os contidos e procedementos necesarios para a definición gráfica de trazados xeométricos, a resolución de problemas espaciais e a descrición gráfica de volumes mediante sistemas normalizados. Constitúe o medio idóneo de expresión e definición de proxectos nos diferentes campos do deseño. Esta materia dotará ao alumnado dos instrumentos axeitados para comunicar de xeito gráfico e obxectivo e para expresar e difundir ideas e proxectos de acordo con convencións que garanten a interpretación fiable e precisa.
A materia de Debuxo Técnico potencia o desenvolvemento da capacidade de visión espacial así como da capacidade de análise, a creatividade, a autonomía, o traballo colaborativo e o pensamento diverxente. Por outra banda, supón un primeiro achegamento do alumnado á lectura de obras de arquitectura e enxeñaría desde a valoración dos seus elementos técnicos e estruturais.
O carácter integrador e multidisciplinario da materia favorece unha metodoloxía activa e participativa, de aprendizaxe por descubrimento, de experimentación sobre a base de resolución de problemas prácticos, ou mediante a participación en proxectos interdisciplinarios, contribuíndo ao desenvolvemento das competencias clave correspondentes e á adquisición dos obxectivos de etapa. Abórdanse tamén retos do século XXI de xeito integrado durante os dous anos de bacharelato, o compromiso cidadán no ámbito local e global, a confianza no coñecemento como motor do desenvolvemento, o aproveitamento crítico, ético e responsable da cultura dixital, o consumo responsable e a valoración da diversidade persoal e cultural.
Un dos bloques da materia está adicado a familiarización cos medios dixitais de representación, que son os empregados no eido profesional. Os programas e as aplicacións CAD ofrecen grandes posibilidades como unha maior precisión, axilidade na busca de solucións, facilidade de transmisión e almacenamento do traballo entre outros .
Os criterios de avaliación son o elemento curricular que serve para avaliar o nivel de consecución dos obxectivos da materia, e formúlanse cunha evidente orientación competencial mediante a aplicación de contidos e a valoración de destrezas e actitudes como a autonomía e a autoaprendizaxe, o rigor nos razoamentos, a claridade e a precisión nos trazados.
Ao longo dos dous cursos de bacharelato os contidos adquiren un grao de dificultade e afonda- mento progresivo. No primeiro curso o alumnado iníciase no coñecemento de conceptos importantes á hora de establecer procesos e razoamentos aplicables á resolución de problemas ou que son soporte doutros posteriores; e gradualmente, no segundo curso, vai adquirindo un coñecemento máis amplo sobre esta disciplina.
Os criterios de avaliación e os contidos organízanse en torno a catro bloques interrelacionados e intimamente ligados aos obxectivos:
No bloque de Fundamentos xeométricos o alumnado aborda a resolución de problemas sobre o plano e identifica a súa aparición e a súa utilidade en diferentes contextos. Tamén se cuestiona a relación do debuxo técnico e as matemáticas, e a presenza da xeometría nas formas da arquitectura e da enxeñaría.
No bloque de Xeometría proxectiva preténdese que o alumnado adquira os coñecementos necesarios para representar graficamente a realidade espacial, co fin de expresar con precisión as solucións a un problema construtivo ou de interpretalas para a súa execución. empregando os diversos sistemas de xeometría descritiva.
No bloque de Normalización e documentación gráfica de proxectos dótase o alumnado dos coñe- cementos necesarios para visualizar e comunicar a forma e as dimensións dos obxectos de xeito inequívoco seguindo as normas UNE e ISO, co fin de elaborar e presentar, de forma individual ou en grupo, proxectos sinxelos de enxeñaría ou arquitectura.
Por último, no bloque de Sistemas CAD preténdese que o alumnado aplique as técnicas de repre- sentación gráfica adquiridas utilizando programas de deseño asistido por computador; o seu desenvolvemento, xa que logo, débese facer de xeito transversal en todos os bloques de criterios de avaliación e contidos, e ao longo de toda a etapa.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Interpretar elementos ou conxuntos arquitectónicos e de enxeñaría, empregando recursos asociados á percepción, ao estudo, á construción e á investigación de formas, para analizar as estruturas xeométricas e os elementos técnicos utilizados.	1-2		4	1	40	1		1-2
OBX2 - Utilizar razoamentos indutivos, dedutivos e lóxicos en problemas de índole gráfico-matemática, aplicando fundamentos da xeometría plana para resolver graficamente operacións matemáticas, relacións, construcións e transformacións.	2		1-2-4		11-50		2	
OBX3 - Desenvolver a visión espacial, utilizando a xeometría descritiva en proxectos sinxelos, considerando a importancia do debuxo na arquitectura e nas enxeñarías, para resolver problemas e interpretar e recrear graficamente a realidade tridimensional sobre a superficie do plano.			1-2-4		11-50		2-3	
OBX4 - Formalizar e definir deseños técnicos aplicando as normas UNE e ISO de maneira apropiada e valorando a importancia que ten o esbozo para documentar graficamente proxectos arquitectónicos e de enxeñaría.	2		1-4	2	11-32-50		3	
OBX5 - Investigar, experimentar e representar dixitalmente elementos, planos e esquemas técnicos mediante o uso de programas específicos CAD de xeito individual ou grupal, apreciando o seu uso nas profesións actuais, para virtualizar obxectos e espazos en dúas dimensións e tres dimensións.			2-3-4	1-2-3			3	32

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Introdución ao debuxo técnico. Campos de aplicación.	Visión xeral do ámbito de aplicación do debuxo técnico, a súa evolución histórica e a súa relación coas outras disciplinas.	3	4	X		
2	Construcións fundamentais en xeometría plana.	Repaso dos trazados básicos e introdución de novas construcións fundamentais necesarias para o desenvolvemento doutras construcións máis complexas.	5	10	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	Transformacións xeométricas. Proporcionalidade, equivalencia e semellanza.	Entender e aplicar as transformacións xeométricas básicas no plano. Entender o concepto de proporcinalidade e determinar gráficamente as cuartas, terceiras e medias dunha proporción. Obter figuras equivalentes e semellantes a outras dadas.	5	10	X		
4	Polígonos.	Clasificación dos polígonos. Construción de triángulos e obtención dos puntos notables. Construción de cuadriláteros. División da circunferencia en partes iguais (polígonos regulares inscritos na circunferencia). Construcións de polígonos regulares a partires do lado.	6	10	X		
5	Tanxencias e enlaces.	Realización de casos básicos de tanxencias e a súa aplicación no deseño mediante enlaces.	6	12		X	
6	Curvas técnicas	Realización de óvalos, ovoides e espirais.	5	6		X	
7	Introdución á xeometría proxectiva e os sistemas de representación	Nocións de xeometría proxectiva. Clasificación dos sistemas de representación. Exemplos.	2	2		X	
8	Fundamentos do sistema diédrico.	Fundamentos do sistema e nomenclatura. Representación e posición do punto, a recta e o plano.	10	10		X	
9	Operacións fundamentais no sistema diédrico.	Pertenza, paralelismo, perpendicularidade e distancias.	10	14		X	
10	Sistema de planos acotados.	Fundamentos do sistema e nomenclatura. Representación do punto a recta e o plano. Operacións básicas e intersección s.	10	10		X	
11	Sistema axonométrico. Clasificación das axonometrías e operacións básicas.	Fundamentos do sistema axonométrico. Clasificación das axonometrías ortogonais e oblícuas. Coeficientes de redución e a súa obtención na axonometría ortogonal. Operacións básicas (intersección s e seccións).	10	10			X
12	Perspectiva lineal.	Fundamentos do sistema. Perspectiva cónica frontal e oblícua. Realización das perspectivas a partires dos datos.	10	12			X
13	Normalización	Concepto de normalización. Tipos de norma. A normalización no debuxo técnico. Normalización da representación. Acotación. Escalas. Cortes e seccións.	6	10			X
14	Aplicacións CAD.	Introdución ao deseño asistido por computadora. Programa vectorial 2D: LibreCad	6	10	X	X	
15	Modelado dixital 3D.	Introdución ao modelado 3D mediante SketchUp e ao fotomontaxe en GIMP	6	10		X	X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Introdución ao debuxo técnico. Campos de aplicación.	4

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Analizar, ao longo da historia, a relación entre as matemáticas e o debuxo xeométrico, valorando a súa importancia en diferentes campos como a arquitectura ou a enxeñaría, desde a perspectiva de xénero e a diversidade cultural, empregando adecuadamente o vocabulario específico técnico e artístico.	Capacidade para recoñecer e valorar os elementos xeométricos presentes en obras de arte ao longo da historia. Recoñecer a representación de obras arquitectura e enxeñaría.	TI	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Desenvolvemento histórico do debuxo técnico. Campos de acción e aplicacións: debuxo arquitectónico, mecánico, proxectivo, eléctrico e electrónico, xeolóxico, urbanístico, etc.
- Orixes da xeometría. Thales, Pitágoras, Euclides, Hipatia de Alexandría.

UD	Título da UD	Duración
2	Construcións fundamentais en xeometría plana.	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Solucionar graficamente cálculos matemáticos e transformacións básicas aplicando conceptos e propiedades da xeometría plana.		PE	70
CA1.2.3. - Resolver os trazados xeométricos fundamentais na resolución de problemas.	Interpretar correctamente os datos e resolver gráficamente os trazados fundamentais da xeometría plana.		
CA1.2 - Solucionar graficamente cálculos matemáticos e transformacións básicas aplicando conceptos e propiedades da xeometría plana.		TI	30
CA1.2.1. - Aplicar os trazados xeométricos fundamentais na resolución de problemas.	Realizar transformacións xeométricas de figuras planas sinxelas.		
CA1.5 - Valorar o rigor gráfico do proceso; a claridade, a precisión e o proceso de resolución e construción gráfica.	Realizar os trazados xeométricos cunha precisión e limpeza axeitados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Concepto de lugar xeométrico. Arco capaz. Aplicacións dos lugares xeométricos ás construcións fundamentais da xeometría plana. - Interese polo rigor nos razoamentos, e precisión, claridade e limpeza nas execucións.

UD	Título da UD	Duración
3	Transformacións xeométricas. Proporcionalidade, equivalencia e semellanza.	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Solucionar graficamente cálculos matemáticos e transformacións básicas aplicando conceptos e propiedades da xeometría plana.		PE	70
CA1.2.3. - Resolver os trazados xeométricos fundamentais na resolución de problemas.	Interpretar correctamente os datos dunha transformación xeométrica dunha figura e resolvela.		
CA1.2 - Solucionar graficamente cálculos matemáticos e transformacións básicas aplicando conceptos e propiedades da xeometría plana.		TI	30
CA1.2.1. - Aplicar os trazados xeométricos fundamentais na resolución de problemas.	Aplicar e resolver exercicios de transformacións xeométricas de figuras planas.		
CA1.5 - Valorar o rigor gráfico do proceso; a claridade, a precisión e o proceso de resolución e construción gráfica.	Realizar os trazados xeométricos cunha precisión e limpeza axeitados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Proporcionalidade, equivalencia e semellanza. - Interese polo rigor nos razoamentos, e precisión, claridade e limpeza nas execucións.

UD	Título da UD	Duración
4	Polígonos.	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Trazar graficamente construcións poligonais baseándose nas súas propiedades e amosando interese pola precisión, a claridade e a limpeza.		PE	70
CA1.4.2. - Resolver graficamente o trazado de formas poligonais refulares e irregulares a partires da interpretación de datos.	Resolver o trazado de polígonos a partires duns datos.		
CA1.4 - Trazar graficamente construcións poligonais baseándose nas súas propiedades e amosando interese pola precisión, a claridade e a limpeza.		TI	30
CA1.4.1. - Aplicación das formas poligonais ao deseño.	Aplicar a construción de polígonos en exercicios de deseño gráfico.		
CA1.5 - Valorar o rigor gráfico do proceso; a claridade, a precisión e o proceso de resolución e construción gráfica.	Realizar os trazados xeométricos cunha precisión e limpeza axeitados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Triángulos, cuadriláteros e polígonos regulares. Propiedades e métodos de construción específicos e xerais. - Interese polo rigor nos razoamentos, e precisión, claridade e limpeza nas execucións.

UD	Título da UD	Duración
5	Tanxencias e enlaces.	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Resolver graficamente tanxencias e trazar curvas aplicando as súas propiedades, cunha actitude de rigor na súa execución.		PE	70
CA1.3.2. - Resolver gráficamente casos de tanxencias e enlaces aplicando os principios e propiedades das tanxencias.	Resolver casos sinxelos de tanxencias e enlaces a partires duns datos.		
CA1.3 - Resolver graficamente tanxencias e trazar curvas aplicando as súas propiedades, cunha actitude de rigor na súa execución.		TI	30
CA1.3.1. - Aplicación das tanxencias e enlaces na representación gráfica.	Aplicación das tanxencias e enlaces na definición gráfica de formas planas de certa complexidade, aplicando correctamente os principios das tanxencias e enlaces.		
CA1.5 - Valorar o rigor gráfico do proceso; a claridade, a precisión e o proceso de resolución e construción gráfica.	Realizar os trazados xeométricos cunha precisión e limpeza axeitados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Tanxencias básicas. Curvas técnicas. - Interese polo rigor nos razoamentos, e precisión, claridade e limpeza nas execucións.

UD	Título da UD	Duración
6	Curvas técnicas	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Resolver graficamente tanxencias e trazar curvas aplicando as súas propiedades, cunha actitude de rigor na súa execución.		PE	70
CA1.3.4. - Resolver gráficamente as curvas técnicas a partires dos datos.	Resolver a representación gráfica de óvalos, ovoides e espirais a partires da interpretación dos datos.		
CA1.3 - Resolver graficamente tanxencias e trazar curvas aplicando as súas propiedades, cunha actitude de rigor na súa execución.		TI	30
CA1.3.3. - Aplicar o trazado de curvas técnicas na representación de formas complexas.	Aplicación axeitada das formas derivadas das curvas técnicas no deseño e representación de formas de certa complexidade.		
CA1.5 - Valorar o rigor gráfico do proceso; a claridade, a precisión e o proceso de resolución e construción gráfica.	Realizar os trazados xeométricos cunha precisión e limpeza axeitados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Tanxencias básicas. Curvas técnicas. - Interese polo rigor nos razoamentos, e precisión, claridade e limpeza nas execucións.

UD	Título da UD	Duración
7	Introdución á xeometría proxectiva e os sistemas de representación	2

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Analizar, ao longo da historia, a relación entre as matemáticas e o debuxo xeométrico, valorando a súa importancia en diferentes campos como a arquitectura ou a enxeñaría, desde a perspectiva de xénero e a diversidade cultural, empregando adecuadamente o vocabulario específico técnico e artístico.	Coñecer as características principais dos diferentes sistemas de representación obxecto de estudo e Identificalos en representacións de diferentes disciplinas en diferentes momentos da historia.	TI	100
CA2.1 - Representar en sistema diédrico elementos básicos no espazo determinando a súa relación de pertenza, posición e distancia	Recoñecer as principais características da proxección cilíndrica ortogonal e ter unha idea dos fundamentos do sistema diédrico.		
CA2.2 - Definir elementos e figuras planas en sistemas axonométricos valorando a súa importancia como métodos de representación espacial.	Recoñecer as principais características da proxección cilíndrica ortogonal e oblicua e ter unha idea dos fundamentos do sistema axonométrico e os seus tipos.		
CA2.3 - Representar e interpretar elementos básicos no sistema de planos acotados facendo uso dos seus fundamentos.	Recoñecer as principais características da proxección cilíndrica ortogonal e ter unha idea dos fundamentos do sistema de planos acotados e os seus principis usos.		
CA2.4 - Debuxar elementos no espazo empregando a perspectiva cónica.	Recoñecer as principais características da proxección cónica e ter unha idea dos fundamentos da perspectiva lineal e os seus principis usos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Desenvolvemento histórico do debuxo técnico. Campos de acción e aplicacións: debuxo arquitectónico, mecánico, proxectivo, eléctrico e electrónico, xeolóxico, urbanístico, etc. - Fundamentos da xeometría proxectiva.

UD	Título da UD	Duración
8	Fundamentos do sistema diédrico.	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Representar en sistema diédrico elementos básicos no espazo determinando a súa relación de pertenza, posición e distancia		PE	70
CA2.1.1. - Resolver problemas espaciais elementais empregando o sistema diédrico.	Resolver exercicios sinxelos no sistema diédrico referentes á posición do punto, tipos de rectas, tipos de plano e pertenza.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Representar en sistema diédrico elementos básicos no espazo determinando a súa relación de pertenza, posición e distancia		TI	30
CA2.1.2. - Aplicar os fundamentos do sistema diédrico na resolución de problemas.	Resolver exercicios sinxelos no sistema diédrico referentes á posición do punto, tipos de rectas, tipos de plano e pertenza.		
CA2.5 - Valorar o rigor gráfico do proceso, a claridade, a precisión e o proceso de resolución e construción gráfica.	Realizar os trazados cunha precisión e limpeza axeitados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Sistema diédrico: representación de punto, recta e plano. Trazas con planos de proxección. Determinación do plano. Pertenzas.

UD	Título da UD	Duración
9	Operacións fundamentais no sistema diédrico.	14

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Representar en sistema diédrico elementos básicos no espazo determinando a súa relación de pertenza, posición e distancia		PE	70
CA2.1.3. - Resolver problemas espaciais de complexidade media en sistema diédrico.	Determinar interseccióńs entre recta-plano e plano-plano e obter distancias.		
CA2.1 - Representar en sistema diédrico elementos básicos no espazo determinando a súa relación de pertenza, posición e distancia		TI	30
CA2.1.4. - Aplicar as operacións básicas para resolver problemas espaciais sinxelos en sistema diédrico.	Aplicar as operacións básicas para resolver casos de interseccióńs entre recta-plano e plano-plano e obter distancias.		
CA2.5 - Valorar o rigor gráfico do proceso, a claridade, a precisión e o proceso de resolución e construción gráfica.	O grao de claridade, precisión e limpeza na representación é axeitada.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Relacións entre elementos: interseccióńs, paralelismo e perpendicularidade. Obtención de distancias: punto a punto, punto a recta, recta a plano, plano a plano, dúas rectas paralelas e mínima distancia entre dúas rectas que se cruzan.

UD	Título da UD	Duración
10	Sistema de planos acotados.	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Representar e interpretar elementos básicos no sistema de planos acotados facendo uso dos seus fundamentos.		PE	70
CA2.3.2. - Resolución de problemas espaciais sinxelos en no sistema de planos acotados a partires duns datos.	Interpretar correctamente os datos e resolver exercicios sinxelos no sistema de planos acotados.		
CA2.3 - Representar e interpretar elementos básicos no sistema de planos acotados facendo uso dos seus fundamentos.		TI	30
CA2.3.1. - Aplicación do sistema de planos acotados para interpretar e resolver problemas sinxelos en topografía.	Realizar operacións sinxelas sobre superficies topográficas a partires duns datos.		
CA2.5 - Valorar o rigor gráfico do proceso, a claridade, a precisión e o proceso de resolución e construción gráfica.	Realizar os trazados cunha precisión e limpeza axeitados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Sistema de planos acotados. Fundamentos e elementos básicos: punto, recta e plano. Identificación de elementos para a súa interpretación en planos.

UD	Título da UD	Duración
11	Sistema axonométrico. Clasificación das axonometrías e operacións básicas.	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Definir elementos e figuras planas en sistemas axonométricos valorando a súa importancia como métodos de representación espacial.		PE	70
CA2.2.2. - Resolver problemas sinxelos en sistema axonométrico e representación de volumes aplicando os coeficientes de redución.	Capacidade para: obter os coeficientes de redución no sistema axonométrico ortogonal; situar puntos, rectas e planos a partires duns datos; realizar seccións planas de volumes sinxelos; representar volumes sinxelos aplicando correctamente os coeficientes de redución.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Definir elementos e figuras planas en sistemas axonométricos valorando a súa importancia como métodos de representación espacial.		TI	30
CA2.2.1. - Aplicación do sistema axonométrico. Seccións planas e representación de volumes.	Obter gráficamente as escalas axonométricas dunha axonometría ortogonal e representar en isometría e perspectiva cabaleira volumes sinxelos.		
CA2.5 - Valorar o rigor gráfico do proceso, a claridade, a precisión e o proceso de resolución e construción gráfica.	Realizar os trazados cunha precisión e limpeza axeitados		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Sistema axonométrico, ortogonal e oblicuo. Perspectivas isométrica e cabaleira. Disposición dos eixes e uso dos coeficientes de redución. Elementos básicos: punto, recta e plano.

UD	Título da UD	Duración
12	Perspectiva lineal.	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Debuxar elementos no espazo empregando a perspectiva cónica.		PE	70
CA2.4.2. - Resolver exercicios básicos en perspectiva lineal a partires duns datos.	Interpretar con éxito os datos para realizar unha perspectiva cónica dun volume definido polas súas vistas e realizar a meirande parte da mesma.		
CA2.4 - Debuxar elementos no espazo empregando a perspectiva cónica.		TI	30
CA2.4.1. - Aplicación da perspectiva lineal para representar volumes en diferentes posicións do PV e plano do cadro.	Obter os elementos básicos dunha perspectiva lineal a partir dos datos e realizar unha perspectiva cónica frontal e oblicua dun volume sinxelo.		
CA2.5 - Valorar o rigor gráfico do proceso, a claridade, a precisión e o proceso de resolución e construción gráfica.	Realizar os trazados cunha precisión e limpeza axeitados		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Sistema cónico: fundamentos e elementos do sistema. Perspectiva frontal e oblicua.

UD	Título da UD	Duración
13	Normalización	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Documentar graficamente obxectos sinxelos mediante as súas vistas acotadas aplicando a normativa UNE e ISO na utilización de sintaxe, escalas e formatos, valorando a importancia de usar unha linguaxe técnica común.		PE	70
CA3.2.2. - Realización e emprego das escalas gráficas para a lectura de planos e realización de debuxos descritivos.	Determinar a escala á que está unha imaxe acotada e construir unha escala gráfica por calquera medio.		
CA3.2.3. - Acotación normalizada de debuxos técnicos.	Acotar de xeito normalizado unha peza industrila sinxela.		
CA3.2.4. - Representación de cortes e seccións de volumes sinxelos.	Representar o corte dunha peza a partires duns datos dados.		
CA3.1 - Solucionar graficamente cálculos matemáticos e transformacións básicas aplicando conceptos e propiedades da xeometría plana.	Realización de escalas gráficas e aplicación das mesmas.	TI	30
CA3.2 - Documentar graficamente obxectos sinxelos mediante as súas vistas acotadas aplicando a normativa UNE e ISO na utilización de sintaxe, escalas e formatos, valorando a importancia de usar unha linguaxe técnica común.			
CA3.2.1. - Documentar graficamente obxectos sinxelos mediante as súas vistas acotadas aplicando a normativa UNE e ISO na utilización de sintaxe, escalas e formatos, valorando a importancia de usar unha linguaxe técnica común.	Representar as vistas acotadas dun volumen sinxelo de xeito normalizado. Emprego axeitado dos cortes e seccións na definición de obxectos con certa complexidade.		
CA3.3 - Valorar o rigor gráfico do proceso, a claridade, a precisión e o proceso de resolución e construción gráfica.	Realizar os trazados cunha precisión e limpeza axeitados		
CA3.4 - Utilizar o esbozo e o bosquexo como elementos de reflexión na aproximación e indagación de alternativas e solucións aos procesos de traballo.	Correcta representación dunha peza mediante as vistas normalizadas e o emprego dos tipos de liña normalizada. Correcta aplicación das normas básicas de acotación.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Escalas numéricas e gráficas. Construción e uso. - Formatos. Dobradura de planos. - Concepto de normalización. As normas fundamentais UNE, ISO e DIN. Aplicacións da normalización: simboloxía industrial e arquitectónica. - Elección de vistas necesarias. Liñas normalizadas. Acotación.

UD	Título da UD	Duración
14	Aplicacións CAD.	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Crear figuras planas e tridimensionais mediante programas de debuxo vectorial, usando as ferramentas que achegan e as técnicas asociadas.	Realización de formas 2D con programas vectoriais.	TI	100
CA4.3 - Utilizar o esbozo e o bosquexo como elementos de reflexión na aproximación e na indagación de alternativas e solucións aos procesos de traballo nos que interveñen sistemas CAD.	Planificar debuxos para ser realizados en CAD.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Aplicacións vectoriais 2D-3D.

UD	Título da UD	Duración
15	Modelado dixital 3D.	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Crear figuras planas e tridimensionais mediante programas de debuxo vectorial, usando as ferramentas que achegan e as técnicas asociadas.	Modelado de volumes sinxelos.	TI	100
CA4.2 - Recrear virtualmente pezas en tres dimensións aplicando operacións alxébricas entre primitivas para a presentación de proxectos en grupo.	Modelar volumes de complexidade dados, empregando operacións sobre volumes sinxelos.		
CA4.3 - Utilizar o esbozo e o bosquexo como elementos de reflexión na aproximación e na indagación de alternativas e solucións aos procesos de traballo nos que interveñen sistemas CAD.	Planificar o modelaxe dixital a partires duns requerimentos		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Aplicacións vectoriais 2D-3D. - Fundamentos de deseño de pezas en tres dimensións. - Modelaxe de caixa. Operacións básicas con primitivas. - Aplicacións de traballo en grupo para conformar pezas complexas a partir doutras máis sinxelas.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A intervención educativa na materia de Debuxo Técnico desenvolverá o seu currículo e tratará de asentar de xeito gradual e progresivo nos distintos niveis da etapa as aprendizaxes que lle faciliten ao alumnado o logro dos obxectivos da materia e, en combinación co resto de materias, unha adecuada adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos da etapa.
Neste sentido, no deseño das actividades, o profesorado terá que considerar a relación existente entre os obxectivos da materia e as competencias clave a través dos descritores operativos e as liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe, que se presentan nas epígrafes seguintes, e seleccionar os criterios de avaliación do currículo que se axusten á finalidade buscada, así como empregalos para verificar as aprendizaxes do alumnado e o seu nivel de desempeño.

LIÑAS DE ACTUACIÓN NO PROCESO DE ENSINO E APRENDIZAXE:
- A preparación do futuro profesional e persoal do alumnado por medio do manexo de técnicas gráficas con medios tradicionais e dixitais, xerando situacións de traballo nas que se apliquen as técnicas de representación gráfica adquiridas utilizando ferramentas de deseño asistido por computador.
- A adquisición e a posta en práctica de estratexias como o razoamento lóxico, a visión espacial, o uso da terminoloxía específica, a toma de datos e a interpretación de resultados necesarios en estudos posteriores.
- O uso de distintos métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, que favorezan a capacidade de aprender por si mesmo e promovan ou traballo en equipo.
- A realización de proxectos significativos para o alumnado e a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.
- A énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades.
- O uso de estratexias cun enfoque inclusivo, non sexista e facendo especial fincapé na superación da fenda de xénero que existe actualmente nos estudos técnicos.

TRABALLO NA AULA.
A materia é eminentemente práctica e , aínda que gran parte das sesións terán un caracter teórico para adquirir os coñecementos necesarios para o desenvolvemento do currículo, o alumndo terá que manterse activo realizando debuxos de todo o material explicado. O número de sesións é de catro á semana das cales tres vanse adicar a avanzar contidos e unha vaise adicar á realización dun exercicio práctico guiado que o alumnado, no caso de non rematar a actividade, poderá acabar fóra da aula nun prazo definido. Nestes exercicios prácticos o alumnado poderá profundizar de xeito máis práctico nos contidos traballados durante a semana.
O alumnado disporá dunha guía da materia que deberá ir completando durante as clases teóricas para conformar un libro de texto con todo o material traballado. Esta guía estará dispoñible na aila virtual para a sáu descarga e impresión.
Para facilitar a entrega de traballos e a corrección, darase preferencia á entrega dos mesmos a través da aula virtual onde o alumnado terá acceso ás rúbricas e as cualificacións.

TEMPORALIZACIÓN DOS CONTIDOS CORRESPONDENTES AO BLOQUE 4
O bloque 4 corresponde a SISTEMAS CAD. O espazo apropiado para desenvolver os contidos correspondentes a este bloque é unha sala de ordenadores. Debido á demanda deste tipo aula, é moi dificil concentrar temporalmente ás unidades correspondentes a esta parte da materia polo que é preferible (é máis realista) adicar unha sesión semanal ao longo de todo o curso. Deste xeito, as unidades 11 e 12 convírtense en unidades que se estenderán durante todo o ano lectivo.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Pizarra branca de rotulador
Escadro, cartabón e compás de pizarra

Computadora, Pantalla e proxector
Papel Din A3 e Din A4 de 80gr/m2 e superior
Xogos de escadro, cartabón, regra e compás para prestar ao alumnado en casos puntuais.
Xogos de volumes xeometricos e pezas industriais
Calibres
Curso na aula virtual do centro.
Fotocopiadora.
Aula de informática con conexión a internet.

Para as explicacións da aula contarase con:
- Pizarra branca.
- Escadro, cartabón e compás de pizarra.
- Computadora, proxector e pantalla (para as proxeccións).

Na aula virtual o alumnado atopará:
- Acceso a toda a información de interese da materia: programación, currículo, datas releventes (exames, etc.).
- Acceso aos apontamentos, as prácticas e outros materiais imprimibles para o seguemento da materia.
- O medio de entregar as prácticas obrigatorias.
- A canle de comunicación directa co docente.

As unidades 14 e 15 desenvolveranse nunha aula de ordenadores con conexión de Internet en todos os equipos sempre que sexa posible.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Farase unha proba inicial que consistirá en:
- Unha proba para valorar o grao de coñecementos e desenvolvemento do alumnado no referente a construcións fundamentais de xeometría plana, sistemas de representación (capacidade para, mediante esbozo, xerar e interpretar volumes sinxelos mediante vistas ortogonais e perspectivas axonométricas)
- Unha enquisa na que se analizará o interese do alumnado pola materia e as súas perspectivas.

Esta proba inicial só terá carácter orientativo sobre o nivel real do alumnado e a súa capacidade de expresión gráfica.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	**UD 1**	**UD 2**	**UD 3**	**UD 4**	**UD 5**	**UD 6**	**UD 7**
Peso UD/ Tipo Ins.	**3**	**5**	**5**	**6**	**6**	**5**	**2**
Proba escrita	0	70	70	70	70	70	0
Táboa de indicadores	100	30	30	30	30	30	100

Unidade didáctica	UD 8	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12	UD 13	UD 14
Peso UD/ Tipo Ins.	**10**	**10**	**10**	**10**	**10**	**6**	**6**
Proba escrita	70	70	70	70	70	70	0
Táboa de indicadores	30	30	30	30	30	30	100

Unidade didáctica	UD 15	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	**6**	**100**
Proba escrita	0	**58**
Táboa de indicadores	100	**42**

Criterios de cualificación:

A materia cualificarase por trimestre mediante:

A - Unha proba escrita que suporá o 60% da cualificación total.
B - Media dos exercicios prácticos que suporán o 30% da cualificación.
C - A realización (rigor gráfico, claridade e precisión nos trazados) suporá o 10% (aplícase tanto nas probas escritas como nos exercicios prácticos)

Os exercicios prácticos faranse principalmente na aula aínda que se poderán rematar na casa, adicándose unha sesión por exercicio práctico, pero deberán ser dixitalizadas e entregadas pola aula virtual no prazo establecido.
En todas as probas escritas e exercicios prácticos se valorará o rigor, claridade, precisión e limpeza da representación cun 10% da cualificación.
As cualificacións finais obteranse por redondeo da cualificación obtida do xeito indicado.
No caso de ter todas as avaliacións superadas, a cualificación final obterase mediante a media aritmética das notas reais (non a das notas redondeada dos boletíns trimestrais). Unha vez realizada a media, obterase a cualificación definitiva aplicando o redondeo.

Criterios de recuperación:

1 - Das avaliacións.
No caso de non ter superada a materia pola cualificación da proba escrita, farase unha nova proba escrita de recuperación.
Tamén se poderán volver a entregar exercicios prácticos non realizados ou ben con defectos dentro do prazo que se estableza.
Manteñense as mesmas porcentaxes de valoración indicadas nos criterios de cualificación.

2 - Recuperación de toda a materia na convocatorias ordinaria e extraordinaria.
Ao final do terceiro trimestre, no caso de non ter superada a materia, farase unha proba escrita global de toda a materia que suporá o 100% da cualificación da convocatoria ordinaria.
De no ter superada a materia na convocatoria ordinaria, o alumnado será deberá facer unha proba escrita que suporá o 100% da nota da convocatoria extraordinaria.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O alumnado que curse o segundo curso de bacharelato e estea matriculado nesta materia por non tela superada con anterioridade, poderá recuperala seguindo o seguinte plan:

- Realizar e entregar trimestralmente un conxunto de exercicios prácticos relacionados coa parte da materia do trimestre correspondente. A cualificación dos exercicios prácticos suporá o 35% da cualificación do trimestre. (30% da proba e 5% de claridade e precisión no trazado)
- Realizar unha ou dúas probas escritas por trimestre, podendo constar cada proba de parate práctica e parte teórica tipo test. Poderá facerse coincidir coa proba escrita da materia do segundo curso. Esta proba suporá o 65% da cualificación do trimestre (60% da proba e 5% de claridade e precisión no trazado).

A cualificación final será a media aritmética dos tres trimestres.
No caso de non superar a materia polo medio descrito, o alumnado terá dereito a facer unha proba escrita final de toda a materia que suporá o 100% da nota.
A cualificación definitiva será un número enteiro que se obterá mediante redondeo.

5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias

O alumnado que se matricule na materia de debuxo Técnico II sen ter cursado previamente a materia de Debuxo Técnico I, ten dúas opcións para poder recuperar a asignatura de DTI:

- Presentarse a unha proba escrita a comezos de setembro (antes de comezar as clases e segundo o calendario de exames do centro) cunha escolma dos contidos máis destacados de DTI.
- Realizar o curso de DTII como asignatura pendente DTI e recuperala segundo o seguinte proceso: deberá realizar un grupo de exercicios prácticos en cada un dos trimestres e que abranguen os contidos imprescindibles para o desenvolvemento da materia de 2º curso. As prácticas centreranse nos contidos principais sobre todo dos bloque 2 (xeometría proxectiva) e 3 (normalización). Os contidos indispensables do bloque I (Fundamentos xeométricos) introdúcense ao longo do primeiro trimestre paralelamente aos contidos do bloque I da materia de Debuxo Técnico II.
Realizarase unha proba escrita por trimestre xunto coas láminas ou exercicios prácticos sobre os coñecementos necesarios de DTI vistos durante os trimestres.
O alumnado afectado recibirá unha cualificación final que se configura do seguinte xeito: 70% proba escrita e 30 % dos exercicios prácticos.
Aquel alumnado que supere o procedemento terá acreditados os coñecementos mínimos.
Aquel alumnado que non o supere, deberá cursar a materia DT1 como pendente.

6. Medidas de atención á diversidade

Nesta programación pártese da idea de que a aula é un conxunto de diversidades e do principio de individualización do ensino. Polo tanto, temos que identificar e adaptar a nosa metodoloxía a estas particularidades.
Tendo en conta isto, e recoñecendo que nunha aula pode haber multitude de circunstancias dispares, temos que ser flexibles á hora de adaptar a nosa programación, adoptando medidas de carácter preventivo unha vez coñezamos as particularidades das persoas coas que imos traballar.
A inclusión será un factor determinante no desenvolvemento das propostas de traballo das unidades didácticas, que terán lugar en ambientes de aprendizaxe centrados no alumnado, para que todos poidan demostrar o seu potencial e sexan partícipes das situacións de aprendizaxe. Isto será moi enriquecedor para eles pero tamén para o resto do alumnado e para nós como profesionais da educación.
Esta materia é especialmente integradora, polas súas características intrínsecas e pola multitude de solucións que poden resultar de cada resposta a cada actividade proposta. As unidades didácticas referidas ó debuxo técnico poderían ser máis complexas, dependendo das necesidades de cada alumno, polo que é na parte que máis debemos incidir para adaptar os instrumentos metodolóxicos e de avaliación.
Cada curso, como docentes das materias do Departamento de Artes Plásticas, podemos afrontar o reto de ter alumnos con discapacidades visuais, auditivas, motoras, así como diagnósticos de TDAH ou TEA, entre outras moitas particularidades. Tamén atoparemos alumnado procedente do extranxeiro, recentemente incorporado ó noso sistema

educativo, algúns deles sen coñecer as linguas vehiculares, estudantes que proveñen de diferentes orixes socioeconómicas, con condicións persoais difíciles, distintos xeitos de aprender, ritmos de asimilación dispares e niveis de motivación desiguais. Tampouco podemos esquecer ao alumnado de altas capacidades que son un desafío para ocente e unha gran fonte de inspiración para o resto de compañeiras/os.
A detección das necesidades do alumnado pode darse en calquera momento do curso académico (incluso en calquera momento do desenvolvemento da vida académica) e por iso é importante facer avaliacións iniciais detalladas que aporten información do alumnado no arranque do curso escolar.
Conscientes de que perseguimos acadar os obxectivos propostos de acordo ás capacidades e intereses do alumnado, as medidas de atención á diversidade centraranse en:

MEDIDAS CURRICULARES E METODOLÓXICAS:
supoñen unha adaptación do currículo encamiñada a modificar as disfuncións, transitorias ou permanentes, detectadas en certos alumnos/as.

- No caso de que un alumno non acade os obxectivos mínimos trataremos de ofertar unha variedade de actividades de reforzo, a través de exercicios adaptados e de consolidación.
- Utilizaremos multiplicidade de procedementos e mecanismos de avaliación da aprendizaxe, non só exames. Disporemos de unha variedade ampla de mecanismos de recuperación.
- É importante, tamén, favorecer a existencia dun bo clima de aprendizaxe na aula e insistir en reforzos positivos para mellorar a auto estima. É interesante aproveitar as actividades fóra da aula para acadar unha boa cohesión e integración do grupo.
- En caso de alumnos con necesidades educativas especiais (ACNEE) realizaremos adaptacións de accesibilidade ao currículo así como recursos de apoio que o favorezan.
- Pódense valorar a realización de adaptacións curriculares significativas de elementos do currículo. Deseñaranse buscando o maior desenvolvemento posible das competencias. Tomaranse para a avaliación e para a promoción como referencia os elementos fixados nelas. O departamento de orientación encargarase de asesorar e coordinar estas medidas.
- Os alumnos con discapacidade que poidan ser escolarizados disporán da modalidade que lles garanta unha resposta máis axeitada ás súas necesidades.
- Se un alumno require ser hospitalizado ou permanecer convalecente no seu domicilio favoreceremos a continuidade na nosa materia e a comunicación a través da aula virtual ou do profesor de atención domiciliaria.
- O alumnado valorado como de altas capacidades pode ampliar o currículo ou aceleralo así como flexibilizar o periodo de permanencia na etapa.

MEDIDAS INTERDISCIPLINARES E COLABORATIVAS:

- Favoreceremos o traballo en equipo, preferiblemente en pequenos grupos para que o alumnado se sinta máis arroupado e poida desenvolver distintos roles.
- Existen tarefas nas que sería interesante colaborar con profesores de materias afíns e complementarias podendo abordar proxectos conxuntos. Isto para os estudantes é unha aprendizaxe moito máis global e permítelles entender mellor a aplicación e o sentido dos saberes.
- Unha frecuente comunicación coas familias resulta crucial nos casos de alumnado con necesidades educativas especiais. Elas nos poden indicar cales son as fortalezas e a maneira máis axeitada para traballar cos seus fillos. Ás veces estas familias están asesoradas por profesionais que tamén nos poden guiar á hora de concretar procedementos instrumentais e adaptar a materia para ter máis posibilidades de éxito.

MEDIDAS ORGANIZATIVAS:

- Dispoñemos de plans de acollida ao alumnado estranxeiro con atención educativa específica para aqueles que se incorporen tardiamente ao sistema educativo e presente graves carencias en lingua castelá e/ou galega. Isto dependerá da dispoñibilidade horaria do centro, e tendo en conta que este alumnado se incorpora co curso xa iniciado, cando os horarios xa están pechados, é de moi difícil consecución. O alumnado que se escolarice tardiamente no noso sistema e presente un desfase curricular de máis de dous cursos, incorporaranse nun curso inferior ao que lle corresponde por idade.
- Non podemos esquecer a importancia da acción titorial e da prevención do absentismo así como a indispensable colaboración co Departamento de Orientación.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Educación medioambiental	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Educación para a paz e a convivencia	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Solidariedade	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Educación para fomentar os hábitos saudables	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Educación en tolerancia e respecto. ao diferente.	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12	UD 13	UD 14	UD 15
ET.1 - Educación medioambiental	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Educación para a paz e a convivencia	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Solidariedade	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Educación para fomentar os hábitos saudables	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Educación en tolerancia e respecto. ao diferente.	X	X	X	X	X	X	X

Observacións:

Estes elementos transversais traballaranse ao longo do curso, polo que non se relacionan con unidades didácticas concretas senon co desenvolvemento da materia no seu conxunto.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Debuxo exterior ao natural das ruas do perímetro do centro.	Saída de debuxo ao natural para traballar a perspectiva cónica central e oblícua empregando as edificacións colindantes ao centro educativo.	X		
Visita á cidade de París.	Visitaremos a arquitectura da cidade así como os museos máis destacados.		X	
Visita á feira de arte ARCO en Madrid.	Percorreremos a cidade de Madrid e a súa arquitectura e remataremos coa visita a ARCO.		X	

Observacións:
As actividades propostas estarán suxeitas á dispoñibilidade do alumnado e aprobación da vicedirecciópn do centro.
A saida a ARCO Madrid relizarase nas datas de apertura da feira do 4 ao 8 de marzo de 2026.
As saídas de debuxo exterior estarán preterminadas ao tempo metereolóxico.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
(P) - Dase a coñecer a programación ao alumnado e se lle facilita o acceso ao contido da mesma por medios dixitais (aula virtual, espazo web, etc)
(P) - Fanse anotacións durante as revisións da programación para a mellora e optimización da mesma de cara a vindeiros cursos.
(AD) - A programación contempla a atención á diversidade?
(AD) - Dispónse de toda a información relativa ao alumnado antes do comezo do curso?
(AD) - Tense en conta a AD na organización da aula e na creación de grupos para os traballos?
(AD) - Coñécense e aplícanse os protocolos pertinentes no caso de ser necesario?
(AD) - Adáptanse as probas escritas e os exercicios prácticos ao alumnado que o precise, seguindo criterios e recomendacións obxectivos?
(AV) - O alumnado coñece os criterios de avaliación e o peso na cualificación das probas escritas e exercicios prácticos.
(AV) - Unha vez rematado un trimestre, deseñase un plan de recuperación para o alumnado que precise recuperar a materia?
(AV) - No deseño das probas e exercicios prácticos téñense en conta as competencias clave?
Metodoloxía empregada
(M) - O grao de participación do alumnado nos exercicios prácticos de grupo é axeitado?
(M) - Amósanse suficientes exemplos para que o alumnado teña referencias dos exercicios prácticos que debe desenvolver?
(AV) - Os instrumentos de avaliación empregados, así como o seu peso, correspóndense co previsto na programación didáctica.
(AV) - Tras a realización dun exercicio práctico, valórase a idoneidade do mesmo e o grao de resposta dado polo alumnado?
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
(P) - Revísase a programación para comprobar o seu grao de cumprimento cunha periodicidade quincenal.
(M) - O alumnado entende a dinámica de traballo na aula e a segue sen problema.
(M) - O emprego da aula virtual é axeitado por parte do alumnado. Acceden regularmente aos contidos e fan as entregas seguindo as instrucións dadas.
(M) - Deséñase algunha práctica para facer en grupo?

Medidas de atención á diversidade
(M) - O grao de participación durante as explicacións é axeitada? Aínda que en diferente grao, participa todo o alumnado?
(M) - Impleméntanse rúbricas nos exercicios prácticos para que o alumnado poda coñecer os aspectos que se avalían?.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
(M) - Hai un diario de clases dispoñible online para o alumnado onde se indica a materia/o traballo realizado en cada sesión.

Descrición:

Para levar a cabo unha adecuada avaliación da práctica docente, é necesario ter en conta:

- Establecer indicadores de logro que servirán para comprobar o funcionamento da programación e valorar a actuación propia como docente.
- Deseñar un procedemento adecuado para recoller os datos correspondentes que permitan valorar a situación.
- Analizar os resultados obtidos.
- Propoñer e incorporar as medidas de mellora que sexan necesarias.

Os indicadores de logro organízanse en torno a catro apartados:

- (P) Programación.
- (M) Metodoloxía.
- (AD) Atención á diversidade.
- (AV) Avaliación.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A programación de DT I realizarase con anterioridade ao comezo do curso académico. Para a súa realización terase en conta:

- Os cambios ou axustes normativosa que puideran terse producido con aplicación no novo curso.
- As anotacións e propostas de mellora do curso anterior que se fixeron constar na correspondente memoria do departamento.

A avaliación do proceso de ensino-aprendizaxe realizarase ao remate de cada unidade didáctica, para identificar carencias no alumnado, e en cada trimestre, unha vez obtidos os resultados da avaliación.
Durante o curso farase un seguimento da programación cunha periodicidade mensual. Comprobarase o grao de consecución dos obxectivos e os aspectos destacados e faranse constar nas actas das reunións de departamento.
En canto ao procedemento de seguimento, as ferramentas empregadas para analizar os indicadores de logro, entre outros, poden consistir en:

- Folla de rexistro onde ir anotando os aspectos máis cuantificables.
- Diario de aula.
- Rúbrica de autoavaliación que facilite cuantificar o grao de consecución de aspectos concretos;
- Estatísticas de resultados.
- Cuestionarios e enquisas ao alumnado.

9. Outros apartados

1. Proxecto bilingüismo

Dentro do marco que establece o Decreto 79/ 2010, que regula o plurilingüismo no ensino non universitario no artigo 3, na Administración educativa de Galicia e nos centros de ensino sostidos con fondos públicos e seguindo as liñas de actuación propostas no Plan Lingüístico, a contribución da materia de Educación Plástica, Visual e Audiovisual ao Proxecto Lingüístico consistirá en:

- A materia impartirase en galego, o alumnado poderá usar nas manifestacións orais e escrita a lingua oficial da súa preferencia.
- Uso de libros e materias didácticos e de documentación para traballos e proxectos preferentemente en galego.
- No uso de vídeos, presentacións e apuntes empregarase indistintivamente as dúas linguas.

2. Fomento da lectura

Esta actividade de aprendizaxe terá en conta para o seu desenvolvemento, as características específicas da área en cuestión e as normas e recomendacións recollidas no Plan Lector do Centro, aprobado polo Consello Escolar.
A área de educación visual e plástica ten como finalidade a formación do estudante no eido da imaxe, tanto subxectiva (debuxo, pintura, fotografía, vídeo, ...), como obxectiva (representación normativa das formas, debuxo da forma no espazo en dúas e tres dimensións...), tendo como un dos obxectivos principais aprender a ver e aprender a facer. Polo tanto, aprender a ver implica saber ler as imaxes e como consecuencia entender a mensaxe que nos están transmitindo.

3. Formación TIC

Esta actividade de aprendizaxe terá en conta para o seu desenvolvemento as características específicas da área en cuestión e as normas e recomendacións recollidas no Plan T.I.C. do Centro.
O emprego das TICs no proceso de ensino aprendizaxe na área de plástica será transversal e empregarase o necesario para que o estudante realice e mellore as actividades específicas e analice as avantaxes ou desvantaxes dos recursos dixitais.
O obxectivo para a formación na competencia dixital dos alumnos/as e o emprego dos recursos tecnolóxicos é:

- Emprego dos ordenadores da aula TIC.
- A Internet e as posibilidades que nos ofrece.
- Uso da Aula Virtual do Centro como centro de recursos dixitais de aprendizaxe.
- Creación e tratamento de imaxes tanto fixas coma en movemento.

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36018677	IES Luís Seoane	Pontevedra	2025/2026

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Economía, Emprendemento e Actividade Empresarial	1º Bac.	4	140

Tipo de oferta
Réxime xeral-ordinario

Contido **Páxina**

1. Introdución 3

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias 3

3.1. Relación de unidades didácticas 4

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas 5

4.1. Concrecións metodolóxicas 12

4.2. Materiais e recursos didácticos 13

5.1. Procedemento para a avaliación inicial 13

5.2. Criterios de cualificación e recuperación 14

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes 15

6. Medidas de atención á diversidade 16

7.1. Concreción dos elementos transversais 17

7.2. Actividades complementarias 20

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro 20

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora 22

9. Outros apartados 23

1. Introdución

A presente programación didáctica, elaborada para a materia Economía, Emprendemento e Actividade Empresarial de 1º curso de bacharelato, ten como referencia o Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia. No uso da autonomía que proporciona a dita normativa, a través desta programación didáctica adáptase o currículo da materia Economía, Emprendemento e Actividade Empresarial á realidade deste centro e a do seu alumnado do 1º curso.
A materia Economía, Emprendemento e Actividade Empresarial trata de achegar os conceptos económicos e empresariais necesarios para que o alumnado teña un soporte teórico que lle permita realizar análises críticas e fundamentadas a partir do estudo de casos sobre a realidade económica actual, valorar os efectos que provoca nos distintos ámbitos da vida e aproveitar estas aprendizaxes para xerar unha actitude proactiva e comprometida coa sociedade e de procura dun maior benestar tanto colectivo como individual.
A materia organízase arredor duns obxectivos que propoñen que o alumnado analice de forma crítica e reflexiva as achegas da ciencia económica, valorando a súa interrelación con outras disciplinas; que estude, desde un enfoque interdisciplinario, o comportamento das persoas e as institucións respecto da toma de decisións económicas, partindo do problema da escaseza e os seus efectos; que se sensibilice e se comprometa coa consecución dos obxectivos de desenvolvemento sostible; que identifique e valore as habilidades e as competencias que caracterizan as persoas emprendedoras para facelas súas na medida en que así o necesite; que coñeza e comprenda as distintas estratexias empresariais, analizando a súa evolución e distinguindo os novos modelos de negocio; e que analice as transformacións socioeconómicas que son producidas e producen a innovación e a revolución dixital na actividade empresarial.
Calquera persoa necesita comprender o mundo no que vive e reflexionar de maneira crítica sobre a información que recibe da contorna para comprender a organización económica e social dos grupos humanos nos que se integra. Desta maneira, poderá converterse en parte activa e construtiva da sociedade e contribuír a atopar solucións aos problemas que poidan xurdir nela. A realidade socioeconómica ten moitas vertentes, de aí a importancia de conectar o coñecemento que se xera desde diversas disciplinas e desde o ámbito da economía e do estudo das empresas co que sucede na realidade, para atopar respostas, tomar decisións e actuar con formación, información e responsabilidade.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Analizar de forma crítica e reflexiva as achegas da ciencia económica, valorando a súa interrelación con outras disciplinas, para entender a realidade desde unha visión integral e actuar como cidadáns responsables, autónomos e comprometidos.	2		4-5		12-50	1	1-2	
OBX2 - Analizar, desde un enfoque interdisciplinario, o comportamento tanto individual como colectivo na toma de decisións económicas, avaliando o problema da escaseza e os seus efectos, para comprender os cambios económicos e sociais derivados do devandito problema e actuar en consecuencia.	2		2		12-50	4	1-2	
OBX3 - Establecer correspondencias entre os obxectivos de desenvolvemento sustentable e as aprendizaxes adquiridas a través do estudo de casos reais, analizándoos con axuda de ferramentas económicas e empresariais para xerar unha actitude sensible e un comportamento responsable e proactivo que contribúa a dar resposta aos retos actuais.			2-5		12	4	1-2	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Identificar e valorar habilidades e competencias que caracterizan as persoas emprendedoras dentro da realidade actual, analizando os seus perfís e a súa forma de afrontar os retos, para recoñecer e potenciar as destrezas emprendedoras propias e aplicalas a situacións reais da vida.					11-12-31	1-3	2	
OBX5 - Comprender as estratexias empresariais, analizando a súa evolución e distinguindo os novos modelos de negocio desenvoltos por entidades vinculadas a diferentes ámbitos e sectores, para identificar a filosofía das empresas, recoñecer as tendencias e poñer en valor, con sentido crítico, a súa actividade na sociedade actual.	2		2	1	40	1-3	1-2	
OBX6 - Analizar a transformación económica e social e as súas consecuencias, recoñecendo a importancia que teñen a innovación e a revolución dixital na actividade empresarial, para comprender as respostas que as empresas lles ofrecen aos desafíos actuais e propoñer alternativas e novas solucións aos devanditos desafíos.	2-3		4	5	40	4	1-2	

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Economía como ciencia social	A escaseza e o custo de oportunidade. A modelización matemática como ferramenta. Sistemas de asignación de recursos. O fluxo circular da renda.	10	15	X		
2	As decisións en economía	Decisións e racionalidade. Economía do comportamento. Utilitarismo e felicidade. Economía do benestar.	10	15	X		
3	Unha visión macroceonómica.	Macromagnitudes. Equilibrio macroeconómico. Sistema financeiro.	14	20	X		
4	Desafíos do S. XXI	Retos económicos actuais.	10	15	X		
5	O papel do Estado	Os fallos do mercado e a intervención do sector público.	11	16		X	
6	O mercado	Funcionamento do mercado. Tipos de mercado.	11	15		X	
7	O emprendemento	O espírito emprendedor. Competencias, calidades e hábitos da persoa	9	12		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
7	O emprendemento	emprendedora.	9	12		X	
8	O proxecto emprendedor	Misión e visión da empresa emprendedora. Creación e posta en marcha. Protección da idea, do produto e da marca.	9	12			X
9	A empresa dixital	A revolución dixital, implicacións para a empresa. Marketing dixital.	8	10			X
10	A empresa do S. XXI	Transformación da empresa. Análise de casos: análise DAFO. Estratexia empresarial.	8	10			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Economía como ciencia social	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Comprender os cambios económicos e sociais desde unha análise interdisciplinaria sobre o comportamento humano no proceso de toma de decisións e avaliando o problema da escaseza e os seus efectos, estimulando o alumnado para actuar en consecuencia.	Recoñece o problema económico básico e o custo de oportunidade, interpretando modelos económicos simples, explicando o fluxo circular da renda, e describindo a asignación de recursos nos sistemas económicos.	PE	60
CA1.1 - Entender a realidade partindo da análise crítica e reflexiva sobre as achegas que ofrece a ciencia económica e valorando a súa interrelación con outras disciplinas, de modo que o alumnado adquira unha visión integral desta e asuma responsabilidades e compromisos.	Identifica os contidos asociados á unidade didáctica na realidade económica empregando os medios de difusión habituais no alumnado, valorando as relacións da economía con outras ciencias.	TI	40

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- A escaseza e o tratamento do problema económico. - A escaseza e as súas implicacións. O custo de oportunidade. A escaseza e a eficiencia. O paradoxo do valor, o valor de uso e o valor de cambio dos bens. - A escaseza e o funcionamento do mercado. Os prezos como mecanismo de asignación de recursos ao transmitir información. Sistemas de asignación de recursos. - O fluxo circular da renda. Oferta e demanda agregada. Análise das interrelacións (conexións) que existen entre os diversos elementos (agregados) da realidade económica. - Economía e outras disciplinas. - A economía como ciencia social. Principais problemas para a análise económica: a complexidade da realidade e a incorporación de supostos simplificadores. A dificultade para establecer leis xerais que non sexan de carácter probabilístico. A modelización matemática como ferramenta para a análise económica.

UD	Título da UD	Duración
2	As decisións en economía	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Comprender os cambios económicos e sociais desde unha análise interdisciplinaria sobre o comportamento humano no proceso de toma de decisións e avaliando o problema da escaseza e os seus efectos, estimulando o alumnado para actuar en consecuencia.	Describe os efectos da toma de decisións irracionais máis frecuentes, identificando teorías alternativas á racional na toma de decisións.	PE	60
CA1.1 - Entender a realidade partindo da análise crítica e reflexiva sobre as achegas que ofrece a ciencia económica e valorando a súa interrelación con outras disciplinas, de modo que o alumnado adquira unha visión integral desta e asuma responsabilidades e compromisos.	Aplica en supostos prácticos, despois da súa valoración, as achegas doutras disciplinas á ciencia económica.	TI	40

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- A escaseza e o tratamento do problema económico. - Economía e outras disciplinas. - A análise económica e o individualismo metodolóxico. Outras alternativas de análises da realidade social. Perspectiva sociolóxica: o grupo social como unidade de análise económica. - Os individuos e o comportamento racional. Fallos da racionalidade: a racionalidade limitada. A economía do comportamento, a psicoloxía económica e a teoría da decisión. - Os axentes económicos e a maximización da súa utilidade: filosofía e economía: o utilitarismo e a felicidade. Utilitarismo como teoría ética fronte a outras posturas. A maximización do benestar social e o debate eficiencia versus equidade desde un punto de vista ético. O benestar social e a calidade de vida desde unha perspectiva sociolóxica. O benestar na psicoloxía positiva. A economía da felicidade e o paradoxo de Easterlin.

UD	Título da UD	Duración
3	Unha visión macroceonómica.	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Comprender os cambios económicos e sociais desde unha análise interdisciplinaria sobre o comportamento humano no proceso de toma de decisións e avaliando o problema da escaseza e os seus efectos, estimulando o alumnado para actuar en consecuencia.	Describe o equilibrio macroeconómico, analizando a evolución dos principais indicadores económicos, explicando o funcionamento do sistema financeiro e elaborando un plan financeiro persoal.	PE	60

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Xerar actitudes sensibles e comportamentos responsables e proactivos que contribúan a dar resposta aos retos actuais a partir do estudo de casos reais establecendo correspondencias entre a realidade mundial e as aprendizaxes adquiridas.	Formula, despois da identificación e a valoración dos problemas mundiais actuais, comportamentos responsables co cumprimento dos obxectivos de desenvolvemento sostible.	TI	40
CA1.4 - Tomar conciencia dos problemas mundiais analizándoos a través de ferramentas económicas e empresariais.	Valora o papel dos indicadores alternativos ao PIB, valorando a importancia da economía circular e da Axenda 2030 para o desenvolvemento sostible.		
CA1.6 - Propoñer alternativas e novas solucións aos desafíos ambientais e aos retos económicos actuais, analizando os efectos da transformación económica e social e recoñecendo a importancia que teñen a innovación e a revolución dixital na actividade empresarial.	Valora o impacto medioambiental do crecemento económico, identificando as causas da pobreza e propoñendo posibles solucións.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- A escaseza e o tratamento do problema económico. - O fluxo circular da renda. Oferta e demanda agregada. Análise das interrelacións (conexións) que existen entre os diversos elementos (agregados) da realidade económica. - A contorna financeira. Diñeiro e transaccións. Planificación e xestión das finanzas persoais: risco e beneficio. - Os obxectivos de desenvolvemento sustentable (ODS) e os retos económicos actuais. Estudo de casos. - Economía e outras disciplinas. - Economía e ecoloxía: cambio climático, desenvolvemento sustentable e economía circular.

UD	Título da UD	Duración
4	Desafíos do S. XXI	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Tomar conciencia dos problemas mundiais analizándoos a través de ferramentas económicas e empresariais.	Identifica algúns problemas económicos e sociais de alcance mundial (como desigualdade, pobreza, cambio climático ou globalización) e recoñece, de maneira sinxela, a súa relación con conceptos económicos básicos	PE	60

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Comprender as respostas que ofrecen as empresas aos desafíos ambientais e retos económicos, analizando, a través de casos reais, as medidas que implementan.	Identifica medidas básicas que aplican as empresas para afrontar problemas ambientais ou económicos (como reducir residuos, aforrar custos ou mellorar a eficiencia) e recoñece, de forma sinxela, exemplos reais explicados na aula	TI	40

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- A escaseza e o tratamento do problema económico. - Os fallos do mercado e a intervención do sector público. Fallos do sector público e as súas implicacións. - Economía e outras disciplinas. - Economía e ecoloxía: cambio climático, desenvolvemento sustentable e economía circular.

UD	Título da UD	Duración
5	O papel do Estado	16

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Comprender os cambios económicos e sociais desde unha análise interdisciplinaria sobre o comportamento humano no proceso de toma de decisións e avaliando o problema da escaseza e os seus efectos, estimulando o alumnado para actuar en consecuencia.	Describe a relación entre os distintos fallos de mercado e as funcións do Estado, identificando as políticas macroeconómicas.	PE	60
CA1.3 - Xerar actitudes sensibles e comportamentos responsables e proactivos que contribúan a dar resposta aos retos actuais a partir do estudo de casos reais establecendo correspondencias entre a realidade mundial e as aprendizaxes adquiridas.	Analiza, en supostos prácticos, os diferentes enfoques sobre a intervención do Estado na economía e as políticas macroeconómicas aplicadas.	TI	40
CA1.4 - Tomar conciencia dos problemas mundiais analizándoos a través de ferramentas económicas e empresariais.	Valora o papel das políticas macroeconómicas na resolución dos problemas mundiais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- A escaseza e o tratamento do problema económico. - Os fallos do mercado e a intervención do sector público. Fallos do sector público e as súas implicacións. - O fluxo circular da renda. Oferta e demanda agregada. Análise das interrelacións (conexións) que existen entre os diversos elementos (agregados) da realidade económica.

UD	Título da UD	Duración
6	O mercado	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Comprender os cambios económicos e sociais desde unha análise interdisciplinaria sobre o comportamento humano no proceso de toma de decisións e avaliando o problema da escaseza e os seus efectos, estimulando o alumnado para actuar en consecuencia.	Describe, despois da súa comprensión, o funcionamento do mercado, identificando os tipos de mercado e os seus fallos, así como a necesidade de intervención do Estado.	PE	60
CA1.4 - Tomar conciencia dos problemas mundiais analizándoos a través de ferramentas económicas e empresariais.	Valora os efectos no mercado como asignador de recursos ante os desafíos económicos actuais.	TI	40

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- A escaseza e o tratamento do problema económico. - A escaseza e o funcionamento do mercado. Os prezos como mecanismo de asignación de recursos ao transmitir información. Sistemas de asignación de recursos. - Os fallos do mercado e a intervención do sector público. Fallos do sector público e as súas implicacións.

UD	Título da UD	Duración
7	O emprendemento	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Recoñecer e potenciar as destrezas emprendedoras propias, identificando e valorando previamente as habilidades que posúen persoas emprendedoras reais e analizando as súas competencias á hora de afrontar os retos que se lles presentan.	Describe as calidades e habilidades da persoa emprendedora, elaborando a análise DAFO persoal e realizando propostas de mellora.	PE	60
CA2.2 - Afrontar retos sinxelos da vida cotiá aplicando as destrezas propias que caracterizan a unha persoa emprendedora.	Valora as calidades e habilidades da persoa emprendedora en supostos prácticos simulados.	TI	40
CA2.3 - Coñecer a evolución na xestión de grupos e relacións humanas na empresa, comprendendo e valorando as tendencias actuais.	Identifica as competencias sociais requiridas para o traballo en grupo, identificando estratexias de resolución de conflitos e valorando as tendencias actuais nas relacións humanas na empresa.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- A persoa emprendedora e intraemprendedora. Competencias, calidades e hábitos. A intelixencia emocional e a intelixencia executiva. - O espírito emprendedor: procura de necesidades e oportunidades. Adestramento da creatividade e proactividade. - Crenzas sobre emprendemento. O medo para emprender: a xestión do erro como unha oportunidade para aprender. - Competencias sociais. Tipos e aplicación. A xestión de grupos e a teoría das relacións humanas. - Misión e visión da persoa emprendedora. Creación e posta en marcha do seu proxecto emprendedor. Protección da idea, do produto e da marca. - Autoavaliación da persoa emprendedora. Ferramentas.

UD	Título da UD	Duración
8	O proxecto emprendedor	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Afrontar retos sinxelos da vida cotiá aplicando as destrezas propias que caracterizan a unha persoa emprendedora.	Define a súa misión e visión persoal, amosando consciencia da importancia da protección da idea de negocio e dos seus resultados, traballando a idea emprendedora e facendo unha aproximación ao modelo de negocio.	TI	100
CA2.3 - Coñecer a evolución na xestión de grupos e relacións humanas na empresa, comprendendo e valorando as tendencias actuais.	Valora a importancia do traballo en grupo no pensamento creativo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Misión e visión da persoa emprendedora. Creación e posta en marcha do seu proxecto emprendedor. Protección da idea, do produto e da marca. - Autoavaliación da persoa emprendedora. Ferramentas.

UD	Título da UD	Duración
9	A empresa dixital	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Comprender as respostas que ofrecen as empresas aos desafíos actuais, analizando a transformación económica e social que está a experimentar a sociedade.	Identifica as características propias da empresa dixital, observando os cambios nas variables de marketing-mix derivados da transformación dixital da empresa.	PE	60
CA1.6 - Propoñer alternativas e novas solucións aos desafíos ambientais e aos retos económicos actuais, analizando os efectos da transformación económica e social e recoñecendo a importancia que teñen a innovación e a revolución dixital na actividade empresarial.	Identifica estratexias empresariais desenvolvidas como resposta aos retos económicos actuais integrando as TIC e a protección do medioambiente.	TI	40
CA3.4 - Propoñer alternativas e novas solucións aos desafíos actuais, analizando os efectos da transformación económica e social e recoñecendo a importancia que teñen a innovación e a revolución dixital na actividade empresarial.	Valora en supostos prácticos a importancia da innovación e as TIC como fonte de transformación das empresas para ser competitivas e acceder a novos mercados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- A escaseza e o tratamento do problema económico. - Os obxectivos de desenvolvemento sustentable (ODS) e os retos económicos actuais. Estudo de casos. - A revolución tecnolóxica. O poder da tecnoloxía. Os modelos de negocio. - Mercado e clientes. Márketing dixital. Novos modelos de negocio.

UD	Título da UD	Duración
10	A empresa do S. XXI	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Comprender as respostas que ofrecen as empresas aos desafíos ambientais e retos económicos, analizando, a través de casos reais, as medidas que implementan.	Identifica as estratexias de responsabilidade social desenvolvidas pola empresa como resposta á protección do medioambiente.	PE	60
CA3.3 - Comprender as respostas que ofrecen as empresas aos desafíos actuais, analizando a transformación económica e social que está a experimentar a sociedade.	Identifica as estratexias de responsabilidade social desenvolvidas pola empresa no ámbito social.		
CA1.6 - Propoñer alternativas e novas solucións aos desafíos ambientais e aos retos económicos actuais, analizando os efectos da transformación económica e social e recoñecendo a importancia que teñen a innovación e a revolución dixital na actividade empresarial.	Identifica as respostas das estratexias empresariais aos cambios na contorna, identificando os cambios no entorno laboral na empresa dixital.	TI	40

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Recoñecer as tendencias e identificar a filosofía das empresas comprendendo as estratexias empresariais levadas a cabo por distintas entidades e analizando a súa evolución, así como os modelos de negocio desenvoltos valorando, con sentido crítico, a súa actividade empresarial.	Analiza en casos prácticos a evolución do modelo empresarial tradicional ao actual.		
CA3.2 - Distinguir os novos modelos de negocio desenvoltos por entidades pertencentes a diversos sectores e ámbitos analizando as súas posibilidades e limitacións no mercado.	Analiza casos prácticos de empresas identificando os novos modelos de negocio.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- A escaseza e o tratamento do problema económico. - Os obxectivos de desenvolvemento sustentable (ODS) e os retos económicos actuais. Estudo de casos. - Economía e outras disciplinas. - Economía e ecoloxía: cambio climático, desenvolvemento sustentable e economía circular. - Cultura empresarial e xestión do talento. O liderado. O papel das mulleres na actividade empresarial. - O lugar de traballo. A empresa do futuro. Tendencias. - Estratexia e xestión da empresa. Transformación dixital. Innovación. Sustentabilidade. - Análise de casos: análise interna e externa. DAFO. Estratexia.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía proposta será a dunha ensinanza activa na que a participación do alumnado sexa o elemento esencial, procurando a súa formación integral como cidadán. Prestarase atención especial á activación da súa motivación, por iso desenvolverase unha resposta competencial que permita o paso definitivo da aprendizaxe memorística á aplicación do coñecemento a situacións diversas e cambiantes, cun enfoque interdisciplinar que favoreza o traballo colaborativo.
No deseño da práctica de ensino e aprendizaxe desta materia considéranse os principios e orientacións pedagóxicas do Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia. Xunto cos anteriores, serán referentes no deseño do proceso de ensino e aprendizaxe desta materia os seguintes:

- A selección de recursos didácticos e situacións de aprendizaxe realizarase atendendo ás condicións persoais e necesidades específicas do alumnado.
- Empregaranse múltiples vías (verbal, auditiva, visual...) na presentación de contidos ao tempo que se promoverá que o alumnado exprese o coñecemento empregando diferentes posibilidades.
- Empregaranse recursos tecnolóxicos accesibles para todo o alumnado, comprobando que este coñece e manexa as ferramentas precisas para realizar as actividades propostas.
- Exporanse os obxectivos das tarefas propostas, proporcionando guías de traballo. No estudo de casos, aplicaranse procedementos que permitan verificar os pasos seguidos dende a formulación ata o resultado final.
- Fomentarase a análise crítica dos contidos, actividades e tarefas propostas.
- Proporanse tarefas, actividades de síntese e traballos individuais ou grupais que permitan relacionar coñecementos. Resulta fundamental promocionar a participación nos programas e plans educativos do centro que

faciliten o desenvolvemento das competencias clave e o tratamento dos elementos transversais.

- Ao inicio de cada unidade didáctica exporanse os instrumentos de avaliación a aplicar e a súa ponderación.
- Deseñaranse e aplicaranse probas e tarefas axustadas ás características do alumnado, e actividades de avaliación con diferentes niveis de complexidade, activando diferentes recursos cognitivos.
- Avaliación continua nunha ampla variedade de situacións, avaliando tarefas individuais e grupais. Nas tarefas grupais avaliararanse, ademais dos progresos na aprendizaxe, a implicación e aportacións do alumnado participante.
- A avaliación, ademais de informar dos erros cometidos e da puntuación acadada, trasladará propostas de mellora. Deseñaranse criterios de avaliación ou rúbricas para autoavaliación ou coavaliación do alumnado.

No caso de ser preciso realizar unha atención educativa non presencial procederase tal como se expón:

- Desenvolvemento das sesións empregando a videoconferencia como ferramenta. Sesións individuais de reforzo ao alumnado que presenta maiores dificultades (desenvoltas en sesións distintas das previstas para a materia nos horarios dos grupos).
- Foros da aula virtual: facilitadores da comunicación colectiva.
- Mensaxería da aula virtual: facilitadora das comunicacións individuais.
- Entrega de tarefas a través da aula virtual: facilitan o envío dos exercicios propostos.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Aula virtual do centro
Servizos de videoconferencia: Eduxunta Webex, Falemos Edu
Biblioteca. Prensa dixital e escrita. Libros e películas sobre economía
Aula de informática do centro educativo
Software específico libre

En relación aos materiais e recursos indicados, sinalar:

- Espazo dixital de traballo, que permite dispoñer dun espazo web online para organizar os contidos das unidades didácticas, repositorio de contidos, documentos e enlaces a outros recursos dixitais; espazo de intercambio e comunicación entre profesorado e alumnado (foros e mensaxeria), e de avaliación, seguimento e recuperación (realización de tarefas, cuestionarios, probas ensaio ....).
- Plataformas de videoconferencia, que permite á persoa docente interactuar en tempo real co alumnado: compartindo contidos e facilitando a exposición dos mesmos, facendo cuestionarios e exercicios en tempo real e de xeito colaborativo...
- Biblioteca do centro educativo, que permite o desenvolvemento de actividades de promoción da lectura no ámbito económico.
- O acceso á aula de informática é imprescindible para o desenvolvemento dos contidos da materia.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

1. Punto de partida

A avaliación inicial resulta de enorme importancia para a persoa docente de cara a coñecer o punto de partida do seu alumnado e poder así tomar as decisións necesarias para contextualizar e optimizar o proceso de ensino e aprendizaxe que se desenvolva. Por ese motivo, debe proporcionar información relevante sobre os niveis xerais do grupo e de cada unha das alumnas e de cada un dos alumnos que o integran. Pode ser moi útil para orientar a programación, a metodoloxía a utilizar, a organización da aula, así como para axustar a actuación docente ás necesidades, intereses e posibilidades do alumnado.

2. Recollida de información

Para realizar a avaliación inicial, desenvolveranse actuacións relacionadas cos seguintes aspectos:

- Competencia curricular: comunicación, autonomía, habilidades, manexo de distintos soportes e formatos audiovisuais...
- Características da alumna ou do alumno: intereses, motivación, estilo de aprendizaxe, traxectoria...
- Contexto educativo (itinerario elixido, materias pendentes), contexto familiar, contexto social...

A información que se recolla pode proceder de cuestionarios, de tarefas na aula virtual do centro, de conversas informais, debates etc.
Xunto co anterior, o alumnado realizará unha pequena proba escrita, un cuestionario con preguntas tipo test, comentario de texto e preguntas curtas que servirá para dar a coñecer ao profesorado o coñecemento que ten o alumnado sobre distintos contidos económicos (cómpre ter en conta que o alumnado pode acceder a esta materia logo de ter cursado outras materias do campo da economía como optativas na etapa da educación secundaria obrigatoria; pero tamén pode acceder sen ter coñecemento teórico e/ou práctico algún sobre os aspectos económicos).
A recollida de información levarase a cabo durante as primeiras semanas do curso, sempre tomando como referencia a data determinada no centro para a realización da reunión correspondente.
3. Propostas de intervención
Unha vez analizada a información recollida e logo da reunión de avaliación inicial, na que se terán en conta, dun xeito especial, as indicacións recibidas desde o Departamento de orientación do centro, tomaranse as decisión oportunas que recaerán sobre algún dos seguintes aspectos:

- Respecto ao currículo
- Respecto á forma de traballar na aula (en equipo, con axuda da persoa docente...).
- Respecto a aspectos organizativos (tempos, ferramentas...)

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	**UD 1**	**UD 2**	**UD 3**	**UD 4**	**UD 5**	**UD 6**	**UD 7**
Peso UD/ Tipo Ins.	**10**	**10**	**14**	**10**	**11**	**11**	**9**
Proba escrita	60	60	60	60	60	60	60
Táboa de indicadores	40	40	40	40	40	40	40

Unidade didáctica	**UD 8**	**UD 9**	**UD 10**	**Total**
Peso UD/ Tipo Ins.	**9**	**8**	**8**	**100**
Proba escrita	0	60	60	**55**
Táboa de indicadores	100	40	40	**45**

Criterios de cualificación:

A cualificación de cada avaliación parcial calcularase pola aplicación dos instrumentos de avaliación referidos. En concreto, a nota resultante por trimestre obterase da media ponderada según os seguintes criterios:
60% Examen, sendo necesario a cada en cada unha das probas escritas (exames) unha nota maior ou igual a 3. No se fará a medida entre os instrumentos de avaliación en caso de ter unha nota inferior a 3 nalgún dos exames.

20% Traballo elaborado en cada trimestre
20% Elaboración de exercicios na aula, participación, organización dos apuntes, etc.
Dado que a nota de cada avaliación é numérica exacta, o redondeo será:
-Ao enteiro superior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa igual ou superior a 7.
-Ao enteiro inferior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa inferior a 7.
Entenderase superada a avaliación cando o alumnado obteña unha cualificación igual ou superior a 5, unha vez aplicados os criterios anteriores.
A cualificación da avaliación ordinaria calcularase como media aritmética das cualificacións das avaliacións parciais sen aplicar o redondeo.
Dado que a cualificación da avaliación ordinaria é numérica exacta, o redondeo será:
-Ao enteiro superior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa igual ou superior a 7.
-Ao enteiro inferior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa inferior a 7.

Criterios de recuperación:

O alumnado que non supere algunha avaliación será convocado, ao inicio da seguinte, a unha proba escrita que versará sobre os contidos específicos da avaliación non superada. Ademais, abriranse prazos para que poida entregar as tarefas pendentes, ou repetilas, no caso de ser preciso. A cualificación será o resultado de aplicar os instrumentos de avaliación referidos.
O alumnado que non superou as avaliacións parciais, terá que presentarse á proba final (proba escrita), que versará sobre os contidos específicos daquelas avaliacións que ten suspensas.
A cualificación da avaliación ordinaria será calculada como media aritmética das cualificacións das avaliacións parciais superadas, sen aplicar o redondeo, e a cualificación da proba final correspondente ás avaliacións non superadas.
Dado que a cualificación da avaliación ordinaria é numérica exacta, aplicarase ao resultado final o redondeo detallado na programación.
Entenderase superada a materia cando a cualficación da avaliación ordinaria sexa igual ou superior a 5.
A partir do 5 de xuño darase prioridade á realización de actividades de apoio, de reforzo e de recuperación para o alumnado con materias sen superar e preparación das probas extraordinarias.
O alumnado que non superou a materia na avaliación ordinaria será convocado a unha proba extraordinaria, que versará sobre a totalidade dos contidos expostos, e que se realizará no mes de xuño, nas datas determinadas pola dirección do centro segundo estableza a Orde pola que se aproba o calendario escolar para cada curso. A cualificación da avaliación extraordinaria estará composta exclusivamente polo resultado da proba escrita (aplicarase ao resultado final o redondeo detallado na programación). O alumnado supera a materia cando acada una cualificación igual ou superior a 5, unha vez aplicado o redondeo.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Cada alumna e cada alumno que teña que cursar esta materia como materia pendente recibirá un plan específico de recuperación.
Nas primeiras semanas do curso, a persoa que exerza a xefatura de departamento convocará a este alumnado e faralle entrega, de forma individual, do seu plan de recuperación, así como das indicacións de como se desenvolverá o mesmo para cada unha das unidades didácticas: distribución de unidades didácticas por trimestre; contidos e datas para a realización de probas escritas e exames e contidos dos traballos a realizar e datas de entrega de traballos (en ambos casos, indicaranse os instrumentos de avaliación a empregar); funcionamento da aula virtual para alumnado coa materia pendente (de ser preciso, programaranse clases fóra do horario lectivo -presenciais e/ou telemáticas- para facilitar o progreso do alumnado). Do mesmo xeito, nese plan de recuperación indicaráselle a persoa docente que realizará o seguimento do mesmo que, en último caso, será responsabilidade da persoa que exerza a xefatura dese departamento didáctico.
O seguimento do alumnado con materias pendentes corresponderá á persoa que exerza a xefatura de departamento en coordinación co profesorado que imparte docencia da materia no 1º de bacharelato. A avaliación do alumnado corresponderá tamén a esta persoa, quen recibirá a axuda precisa do resto de compañeiras e compañeiros de departamento.
O alumnado superará cada unha das avaliacións parciais (trimestres) cando a súa cualificación sexa igual ou superior a 5 puntos. Aplicaranse, no seu caso, as regras de redondeo presentadas no elemento 5.2 desta programación didáctica:

- Redondeo ao enteiro superior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa igual ou superior a 5.

- Redondeo ao enteiro inferior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa inferior a 5.

O alumnado acadará unha cualificación para cada un dos trimestres (tres en total) e a cualificación final ordinaria resultará de aplicar a media aritmética das tres avaliacións parciais. Aplicaranse tamén, no seu caso, as regras de redondeo antes indicadas.
Entenderase que o alumnado supera a materia cando obteña unha cualificación de 5 puntos ou superior. Aplicaranse tamén as regras de redondeo anteriormente indicadas. No caso de non superar o plan específico de recuperación, o alumnado será convocado a unha proba final escrita (exame) que se adecuará ás datas previstas para a proba de acceso á universidade e que versará sobre a totalidade dos contidos desta materia. Entenderase que o alumnado supera a materia cando obteña unha cualificación de 5 puntos ou superior; aplicaranse tamén as regras de redondeo anteriormente indicadas.

6. Medidas de atención á diversidade

Son medidas de atención á diversidade as actuacións, estratexias e/ou programas destinados a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas do alumnado (Artigo 7, Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación).
De ser preciso, desenvolveranse as seguintes medidas de atención á diversidade:
Ordinarias. Aquelas que faciliten a adecuación do currículo, sen alteración siginificativa dos obxectivos, contidos nin criterios de avaliación, ao contexto do centro e ás características do alumnado. Teñen como finalidade dar resposta ás diferenzas en competencia curricular, motivación, intereses, relación social, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe, e están destinadas a facilitar a consecución dos obxectivos e competencias establecidas nas diferentes ensinanzas.
- Adecuación da xestión da aula ás características do alumnado, procurando a participación, o acceso aos recursos, favorecendo a convivencia e aprendizaxe compartida.
- Adecuación da programación didáctica ao alumnado e circunstancias do seu contorno. Logo de identificadas as barreiras (accesibilidade física, sensorial, cognitiva e emocional) deseñaranse actividades partindo dos principios do deseño universal de aprendizaxe para que as aprendizaxes sexan accesibles.
- Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, titoría entre iguais, aprendizaxes por proxectos.
- Adaptación dos tempos, dos instrumentos e dos procedementos de avaliación ás circunstancias do alumnado, tales como, forma de comunicación co alumnado, secuenciación de tarefas, verificación da comprensión das tarefas, dispoñibilidade dos recursos tecnolóxicos, concesión do tempo necesario. Aplicaranse as propostas recollidas nos plans, proxectos, programas, guías e protocolos elaborados pola Consellería.
- Aulas de atención educativa e convivencia. No caso de ser preciso derivar alumnado, o profesorado proporcionará as tarefas que debe realizar, que serán corrixidas e avaliadas.
- Reforzo educativo. Posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten dificultades no progreso do alumnado.
- Programas de enriquecemento curricular para o alumnado que presenta altas capacidades intelectuais.

Extraordinarias. Aquelas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supor cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo o una modalidade de escolarización. Aplicaranse logo de esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren insuficientes.
O alumnado con necesidade específica de apoio educativo é aquel que require unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e da comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lengua de aprendizaxe, por se atoparen en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por se teren incorporado tarde ao sistema educativo ou por condición persoais ou de historia escolar.
O alumnado que presenta necesidade educativas especiais é aquel que afronta barreiras que limiten o seu acceso, a súa presenza, a súa participación ou a súa aprendizaxe, derivadas de discapacidade ou de trastornos graves de conduta, da comunicación e da linguaxe, por un período da súa escolarización ou ao longo de toda ela, e que require determinados apoios e atención educativas específicas para a consecución dos obxectivos de aprendizaxe adecuados ao seu desenvolvemento.
-Flexibilización da duración do período de escolarización na etapa de bacharelato. Dirixido a alumnado con altas capacidades intelectuais ou alumnado con necesidades educativas especiais.
-Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada ao centro. O docente coordinado polo profesorado titor e co asesoramento da xefatura do departamento

de orientación, elaborará unha proposta de actividades educativas empregando medios telemáticos para a entrega, seguimiento e avaliación e adoptará medidas que promovan a súa inclusión.
O docente colaborará co profesorado titor e coa xefatura do departamento de orientación na planificación e desenvolvemento de actuacións destinadas ao axuste dos procesos de ensino e aprendizaxe.
A avaliación inicial permitirá adaptar as ensinanzas ao alumnado e facilitar a debida progresión na súa aprendizaxe.
No proceso de avaliación promoverase o uso de instrumentos de avaliación variados, diversos, flexibles e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe que permitan a valoración obxectiva do alumnado e garantan que as condicións de realización dos procesos asociados á avaliación se adapten ás necesidades do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - A educación emocional	X	X	X		X	X	X	X
ET.2 - A comprensión da lectura	X	X	X		X	X	X	X
ET.3 - A expresión oral e escrita	X	X	X		X	X	X	X
ET.4 - A comunicación audiovisual	X	X	X		X	X	X	X
ET.5 - A competencia dixital			X				X	X
ET.6 - O emprendemento social e empresarial	X	X	X		X	X	X	X
ET.7 - A creatividade			X				X	X
ET.8 - O espírito científico	X	X	X		X	X	X	X
ET.9 - O espírito crítico	X	X	X		X	X	X	X
ET.10 - A educación en valores	X	X	X		X	X	X	X
ET.11 - A igualdade de xénero	X		X		X		X	X
ET.12 - A evitación de comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero	X		X		X		X	
ET.13 - A realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual	X		X		X		X	
ET.14 - O emprego dunha linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas e que sexa non sexista	X	X	X		X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.15 - A prevención e a resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social	X	X	X		X	X	X	X
ET.16 - Os valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade e o respecto polo Estado de dereito	X	X	X		X	X	X	X

	UD 9	UD 10
ET.1 - A educación emocional	X	X
ET.2 - A comprensión da lectura	X	X
ET.3 - A expresión oral e escrita	X	X
ET.4 - A comunicación audiovisual	X	X
ET.5 - A competencia dixital	X	X
ET.6 - O emprendemento social e empresarial	X	X
ET.7 - A creatividade		X
ET.8 - O espírito científico	X	X
ET.9 - O espírito crítico	X	X
ET.10 - A educación en valores	X	X
ET.11 - A igualdade de xénero		X
ET.12 - A evitación de comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero		X

	UD 9	UD 10
ET.13 - A realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual		X
ET.14 - O emprego dunha linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas e que sexa non sexista	X	X
ET.15 - A prevención e a resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social	X	X
ET.16 - Os valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade e o respecto polo Estado de dereito	X	X

Observacións:

Os elementos transversais desta etapa educativa non son exclusivos dunha única materia senón que cómpre traballalos desde todas elas.

CA5.6 - Propor iniciativas que fomenten a equidade, a xustiza e a sustentabilidade a partir da identificación dos retos e dos desafíos que supón a economía actual e analizando, con sentido crítico, o impacto que provoca a globalización, a nova economía e a revolución dixital no benestar económico e social dos cidadáns.	Valora diversas medidas que poidan contribuír á sostenibilidade do estado do benestar. Comprende os factores e consecuencias da nova economía derivadas da revolución dixital.		
CA5.7 - Comprender os retos económicos actuais analizando de forma crítica e construtiva a contorna, identificando aqueles elementos que condicionan e transforman a economía e fomentando iniciativas que respondan ás necesidades que supoñen estes retos.	Valora a economía colaborativa como alternativa menos desperdiciadora de recursos. Valora a importancia da implantación dunha economía circular.		
CA5.8 - Expor solucións socioeconómicas que respondan a necesidades individuais e colectivas con relación aos retos económicos actuais, investigando e explorando a realidade económica tendo en conta diversos factores e aplicando as ferramentas propias do ámbito da economía.	Identifica os principios básicos da teoría do decrecemento económico.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Crecemento económico e desenvolvemento. Os factores do crecemento. A distribución da renda: relación entre eficiencia e equidade. Indicadores do desenvolvemento social. Benestar e calidade de vida. - A globalización: factores explicativos, oportunidades e riscos. A converxencia económica entre países e a redución das desigualdades. - A nova economía e a revolución dixital. A economía colaborativa. A economía circular. O impacto da revolución dixital sobre o emprego e a distribución da renda. A adaptación da poboación activa ante os retos da revolución dixital. - O futuro do estado do benestar. Sustentabilidade das pensións. Os fluxos migratorios e as súas implicacións socioeconómicas. - Teorías sobre o decrecemento económico.

Contidos
- Os obxectivos de desenvolvemento sustentable (ODS) e os retos económicos actuais. Estudo de casos.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía proposta é de ensinanza activa, na que a participación do alumno é o elemento esencial, procurando a súa formación integral como cidadán. Prestarase atención especial á consecución da súa motivación. Trata de dar unha resposta competencial, pasando da aprendizaxe memorística a aplicar o coñecemento a situacións diversas e cambiantes, cun enfoque interdisciplinar e favorecendo o traballo colaborativo.
No deseño da práctica de ensino e aprendizaxe desta materia consideranse os Principios e Orientacións pedagóxicas do Decreto polo que se establece a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.
A selección de recursos didácticos e situacións de aprendizaxe realizarase atendendo ás condicións persoais e necesidades específicas do alumnado en múltiples vías (verbal, auditiva, visual...) na presentación de contidos ao tempo que se promoverá que o alumnado exprese o coñecemento empregando diferentes vías.
Empregaranse recursos tecnolóxicos accesibles para todo o alumnado, comprobando que coñecen e son quen de manexar as ferramentas precisas para realizar as actividades propostas.
Exporanse os obxectivos das tarefas propostas, proporcionando guías de traballo. No estudo de casos, aplicaranse procedementos que permitan verificar os pasos seguidos dende a formulación ata o resultado final.
Fomentarase a análise crítica dos contidos, actividades e tarefas propostas.
Proporanse tarefas, actividades de síntese con traballos individuais ou grupais que permitan relacionar coñecementos. Resulta fundamental promocionar a participación nos programas e plans educativos do centro que faciliten o desenvolvemento das competencias clave e o tratamento dos elementos transversais.
Ao inicio de cada unidade didáctica exporanse os instrumentos de avaliación a aplicar e a súa ponderación.
Deseñaranse e aplicaranse probas e tarefas axustadas ás características do alumnado, actividades de avaliación con diferentes niveis de complexidade, activando diferentes recursos cognitivos.
Avaliación continua nunha ampla variedade de situacións, avaliando tarefas individuais e grupais. Nas tarefas grupais avaliararanse, ademais dos progresos na aprendizaxe, a implicación e aportacións do alumnado participante.
A avaliación, ademais de informar dos erros cometidos e da puntuación acadada, trasladará propostas de mellora.
Deseñaranse criterios de avaliación ou rúbricas para autoavaliación ou coavaliación do alumnado.
No caso de ser preciso realizar atención educativa non presencial procederase tal como se expón:
- Desenvolvemento das sesións empregando a videoconferencia como ferramenta. Sesións individuais de reforzo ao alumnado que presenta maiores dificultades (desenvoltas en sesións distintas das previstas para a materia nos horarios dos grupos).
- Foros Aula Virtual: facilitadores da comunicación colectiva.
- Mensaxería Aula Virtual: facilitadora das comunicacións individuais.
- Entrega de tarefas Aula Virtual: facilitan o envío dos exercicios propostos.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Aula virtual do centro en webs dinámicas.
Servizos de videoconferencia: Eduxunta Webex, Falemos Edu.
Biblioteca.
Plans, proxectos e programas de centro.
Aula de informática.
Software específico libre: openoffice...

Libro de texto, se procede.

Espazo dixital de traballo que permite dispoñer dun espazo web online para organizar os contidos das unidades didácticas, repositorio de contidos, documentos e enlaces a outros recursos dixitais; espazo de intercambio e comunicación entre profesorado e alumnado (foros e mensaxeria), e de avaliación, seguimento e recuperación (realización de tarefas, cuestionarios, probas ensaio ....).
Plataformas de videoconferencia que permite ao docente interactuar en tempo real co alumnado: compartindo contidos e facilitando a exposición dos mesmos, facendo cuestionarios e exercicios en tempo real e de xeito colaborativo...
Desenvolvemento de actividades de promoción da lectura no ámbito económico.
Desenvolvemento de actividades nos plans, proxectos e programas nos que participa o centro, vinculados aos contidos da materia, fomentando o traballo dos elementos transversais.
O acceso á aula de informática é imprescindible para o desenvolvemento dos contidos.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial realizarase durante as primeiras sesións do curso co fin de favorecer o coñecemento personalizado do alumnado e da súa situación educativa.
Formularase como proba escrita co fin de avaliar os coñecementos previos da materia e o nivel competencial do alumnado.
Permitirá axustar o proceso de ensino ás características que presenta o alumnado.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	**UD 1**	**UD 2**	**UD 3**	**UD 4**	**UD 5**	**UD 6**	**UD 7**
Peso UD/ Tipo Ins.	**6**	**7**	**7**	**7**	**7**	**8**	**9**
Proba escrita	70	65	80	80	80	70	80
Táboa de indicadores	30	35	20	20	20	30	20

Unidade didáctica	**UD 8**	**UD 9**	**UD 10**	**UD 11**	**UD 12**	**UD 13**	**Total**
Peso UD/ Tipo Ins.	**7**	**9**	**9**	**9**	**8**	**7**	**100**
Proba escrita	70	80	80	100	80	30	**75**
Táboa de indicadores	30	20	20	0	20	70	**25**

Criterios de cualificación:

A cualificación de cada avaliación parcial calcularase pola aplicación dos instrumentos de avaliación referidos. En concreto, a nota resultante por trimestre obterase da media ponderada según os seguintes criterios:
60% Examen, sendo necesario a cada en cada unha das probas escritas (exames) unha nota maior ou igual a 3. No se fará a medida entre os instrumentos de avaliación en caso de ter unha nota inferior a 3 nalgún dos exames.
20% Traballo elaborado en cada trimestre
20% Elaboración de exercicios na aula, participación, organización dos apuntes, etc.
Dado que a nota de cada avaliación é numérica exacta, o redondeo será:
-Ao enteiro superior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa igual ou superior a 7.
-Ao enteiro inferior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa inferior a 7.
Entenderase superada a avaliación cando o alumnado obteña unha cualificación igual ou superior a 5, unha vez aplicados os criterios anteriores.
A cualificación da avaliación ordinaria calcularase como media aritmética das cualificacións das avaliacións parciais sen aplicar o redondeo.
Dado que a cualificación da avaliación ordinaria é numérica exacta, o redondeo será:
-Ao enteiro superior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa igual ou superior a 7.
-Ao enteiro inferior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa inferior a 7.

Criterios de recuperación:

O alumnado que non supere algunha avaliación será convocado, ao inicio da seguinte, a unha proba escrita que versará sobre os contidos específicos da avaliación non superada. Ademais, abriranse prazos para que poida entregar as tarefas pendentes, ou repetilas, no caso de ser preciso. A cualificación será o resultado de aplicar os instrumentos de avaliación referidos.
O alumnado que non superou as avaliacións parciais, terá que presentarse á proba final (proba escrita), que versará sobre os contidos específicos daquelas avaliacións que ten suspensas.
A cualificación da avaliación ordinaria será calculada como media aritmética das cualificacións das avaliacións parciais superadas, sen aplicar o redondeo, e a cualificación da proba final correspondente ás avaliacións non superadas.
Dado que a cualificación da avaliación ordinaria é numérica exacta, aplicarase ao resultado final o redondeo detallado na programación.
Entenderase superada a materia cando a cualficación da avaliación ordinaria sexa igual ou superior a 5.
A partir do 5 de xuño darase prioridade á realización de actividades de apoio, de reforzo e de recuperación para o alumnado con materias sen superar e preparación das probas extraordinarias.
O alumnado que non superou a materia na avaliación ordinaria será convocado a unha proba extraordinaria, que versará sobre a totalidade dos contidos expostos, e que se realizará no mes de xuño, nas datas determinadas pola dirección do centro segundo estableza a Orde pola que se aproba o calendario escolar para cada curso. A cualificación da avaliación extraordinaria estará composta exclusivamente polo resultado da proba escrita (aplicarase ao resultado final o redondeo detallado na programación). O alumnado supera a materia cando acada una cualificación igual ou superior a 5, unha vez aplicado o redondeo.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Procedemento destinado a:
- Alumnado que cursa segundo curso e ten pendente a materia de Economía de primeiro.
- Alumnado de cambio de modalidade que deba cursar a materia de primeiro. (Artigo 30. Resolución do 26 de maio de 2022, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2022/23).
O alumnado que se matricule no curso académico 2022/23 no segundo curso do bacharelato e teña materias pendentes de primeiro curso ou teña que cursalas como pendentes poderá recuperalas durante o curso 2022/23 co currículo da materia que se extingue. De non superalas durante ese curso, a partir do curso 2023/24 terá que facelo co novo currículo nas condicións que se determinen. (Disposición transitoria segunda. Resolución do 26 de maio de 2022).
O departamento didáctico propón na aula virtual un plan de traballo con expresión dos contidos mínimos esixibles e as actividades recomendadas. Os instrumentos de avaliación a empregar serán Táboas de Indicadores (TI) sobre as actividades propostas na aula virtual e Probas Escritas (PE) que serán aplicadas en dous parciais.

Primeira proba parcial. Versará sobre os contidos:
Bloque 1. Economía e escaseza. A organización da actividade económica.
Bloque 2. A actividade produtiva.
Bloque 3. O mercado e o sistema de prezos.
Segunda proba parcial. Versará sobre os contidos:
Bloque 4. A macroeconomía.
Bloque 5. Aspectos financeiros da Economía.
Bloque 6. O contexto internacional da economía.
Bloque 7. Desequilibrios económicos e o papel do Estado na economía.

A cualificación de cada avaliación parcial calcularase como media aritmética das cualificacións de cada unidade didáctica determinada pola aplicación dos instrumentos de avaliación referidos.

Redondeo da cualificación da avaliación parcial:
-Ao enteiro superior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa igual ou superior a 7.
-Ao enteiro inferior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa inferior a 7.

A cualificación da 3ª Avaliación parcial calcularase como media aritmética das cualificacións, sen redondear, das anteriores avaliacións parciais. Entenderase que o alumnado supera a materia cando obteña unha cualificación, aplicado o redondeo, de mínimo 5.
No caso de non superar as probas parciais o alumnado será convocado a unha proba final (Artigo 11. Orde do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia) que se adecuará ás datas previstas para a ABAU e que versará sobre a totalidade dos contidos. Neste caso a cualificación estará composta exclusivamente polo resultado da proba final (PE) proposta (aplicarase ao resultado final o redondeo explicado e recollido na programación).

A aula virtual xoga un papel fundamental na proposta, seguimento, avaliación e recuperación da materia. De ser preciso, programaranse clases fóra do horario lectivo (presenciais e/ou telemáticas) para facilitar o progreso do alumnado.

O seguimento do alumnado con materias pendentes corresponderá á xefatura de departamento en coordinación co profesorado de nivel que imparte docencia ao alumno ou alumna.
Decreto 324/1996, do 26 de xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria
Artigo 75. 1.- É competencia do xefe ou xefa de departamento:
h) Realizar as convocatorias, cando corresponda, dos exames para os alumnos e alumnas libres, alumnos e alumnas de bacharelato ou ciclos formativos con materias ou módulos profesionais pendentes, así como as probas extraordinarias, sempre en coordinación coa xefatura de estudios. Presidir a realización dos exercicios correspondentes e avalialos en colaboración cos membros do departamento.

6. Medidas de atención á diversidade

Son medidas de atención á diversidade as actuacións, estratexias e/ou programas destinados a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas do alumnado (Artigo 7, Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación).
De ser preciso, desenvolveranse as seguintes medidas de atención á diversidade:
Ordinarias. Aquelas que faciliten a adecuación do currículo, sen alteración siginificativa dos obxectivos, contidos nin criterios de avaliación, ao contexto do centro e ás características do alumnado. Teñen como finalidade dar resposta ás diferenzas en competencia curricular, motivación, intereses, relación social, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe, e están destinadas a facilitar a consecución dos obxectivos e competencias establecidas nas diferentes ensinanzas.
- Adecuación da xestión da aula ás características do alumnado, procurando a participación, o acceso aos recursos, favorecendo a convivencia e aprendizaxe compartida.

- Adecuación da programación didáctica ao alumnado e circunstancias do seu contorno. Logo de identificadas as barreiras (accesibilidade física, sensorial, cognitiva e emocional) deseñaranse actividades partindo dos principios do deseño universal de aprendizaxe para que as aprendizaxes sexan accesibles.
- Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, titoría entre iguais, aprendizaxes por proxectos.
- Adaptación dos tempos, dos instrumentos e dos procedementos de avaliación ás circunstancias do alumnado, tales como, forma de comunicación co alumnado, secuenciación de tarefas, verificación da comprensión das tarefas, dispoñibilidade dos recursos tecnolóxicos, concesión do tempo necesario. Aplicaranse as propostas recollidas nos plans, proxectos, programas, guías e protocolos elaborados pola Consellería.
- Aulas de atención educativa e convivencia. No caso de ser preciso derivar alumnado, o profesorado proporcionará as tarefas que debe realizar, que serán corrixidas e avaliadas.
- Reforzo educativo. Posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten dificultades no progreso do alumnado.
- Programas de enriquecemento curricular para o alumnado que presenta altas capacidades intelectuais.

Extraordinarias. Aquelas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supor cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo o una modalidade de escolarización. Aplicaranse logo de esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren insuficientes.

O alumnado con necesidade específica de apoio educativo é aquel que require unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e da comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lengua de aprendizaxe, por se atoparen en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por se teren incorporado tarde ao sistema educativo ou por condición persoais ou de historia escolar.

O alumnado que presenta necesidade educativas especiais é aquel que afronta barreiras que limiten o seu acceso, a súa presenza, a súa participación ou a súa aprendizaxe, derivadas de discapacidade ou de trastornos graves de conduta, da comunicación e da linguaxe, por un período da súa escolarización ou ao longo de toda ela, e que require determinados apoios e atención educativas específicas para a consecución dos obxectivos de aprendizaxe adecuados ao seu desenvolvemento.

-Flexibilización da duración do período de escolarización na etapa de bacharelato. Dirixido a alumnado con altas capacidades intelectuais ou alumnado con necesidades educativas especiais.

-Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada ao centro. O docente coordinado polo profesorado titor e co asesoramento da xefatura do departamento de orientación, elaborará unha proposta de actividades educativas empregando medios telemáticos para a entrega, seguimiento e avaliación e adoptará medidas que promovan a súa inclusión.

O docente colaborará co profesorado titor e coa xefatura do departamento de orientación na planificación e desenvolvemento de actuacións destinadas ao axuste dos procesos de ensino e aprendizaxe.

A avaliación inicial permitirá adaptar as ensinanzas ao alumnado e facilitar a debida progresión na súa aprendizaxe.

No proceso de avaliación promoverase o uso de instrumentos de avaliación variados, diversos, flexibles e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe que permitan a valoración obxectiva do alumnado e garantan que as condicións de realización dos procesos asociados á avaliación se adapten ás necesidades do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.5 - Creatividade	X	X	X			X	X	X
ET.6 - Emprendemento social e empresarial	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - A igualdade de xénero	X					X		X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12	UD 13
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X
ET.5 - Creatividade	X			X	X
ET.6 - Emprendemento social e empresarial	X	X	X	X	X
ET.7 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X
ET.8 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X
ET.9 - A igualdade de xénero					X

Observacións:
Do mesmo xeito, promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita empresa.	Co fin de analizar a toma de decisións dun dos principais axentes económicos.		X	

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Programa de Educación Cívico-Tributaria - Agencia Estatal Administración Tributaria.	Actividades destinadas a explicar á cidadanía máis nova o impacto que o sistema fiscal, na súa dobre vertente de ingresos e gastos públicos, ten na súa vida cotiá e nas súas perspectivas de futuro. É posible elixir entre as seguintes actuacións: Xornadas de portas abertas nas Delegacións ou charlas impartidas por persoal da Axencia Tributaria nos centros.		X	
Participación en concursos e/ou programas de innovación educativa vinculados cos contidos da materia.	Plan Eduemprende, Young Business Talents, Plan Proxecta Galicons.	X	X	X
Charlas formativas a cargo de empresas e/ou institucións.	Charlas que pretenden achegar a realidade económica ao alumnado.		X	X
Actividades vinculadas cos ODS da Axenda 2030 .	Participación III Feira da Sostibilidade	X	X	X

Observacións:

Desenvolvemento de actividades nos plans, proxectos e programas nos que participa o centro, vinculados aos contidos da materia, fomentando o traballo dos elementos transversais. Traballaranse a participación do alumnado nas seguintes actividades:
- Feira da Sostibilidade. Grupo consumo Eco- Ética. Edición 2025/26.
- Programas Educación Financiera do Banco de España.
- Programa de Educación Cívico Financiera. Agencia Tributaria.
- Plan proxecta Galicons-net. Instituto Galego de Consumo.
- Plan proxecta Escolas Verdes.
- EduChallenge. Fundación LaCaixa.
- Programa Atenea. Eco-feminismos e Axenda 2030. Asociación CIDEL Galicia. Cooperación Galega.
- Charlas "Participación Xuvenil e Axenda 2030. Miradas da Cooperación ao Desenvolvemento" Fundación Balms para la Infancia. Cooperación Galega.
- Charlas decrecimiento do PostGrowth Innovation Lab.
- Charlas formativas da UVIGO.
- EDUEMPRENDE.
- Programa de Educación Financiera. Young Bussiness Talent.
- Saída: Visita a Empresa Galega. (Por determinar a empresa a visitar). Saídas programadas para coñecer o texido empresarial da contorna.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Inclúe os elementos curriculares na programación didáctica adaptándoos ás características do alumnado e contexto do centro.
Elabora as unidades didácticas utilizando como referente a programación didáctica da materia.
Realiza a avaliación inicial co fin de identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa.

Presenta e publica a programación didáctica incidindo especialmente na metodoloxía, instrumentos e proceso de avaliación e cualificación.
Selecciona e secuencia de forma progresiva os contidos da programación de aula en función das características do grupo.
Os mínimos de consecución e os criterios de cualificación e recuperación están claramente definidos.
Rexistra e avalía o seguimento da súa propia actuación no desenvolvemento das clases.
Metodoloxía empregada
Ofrece ao alumnado múltiples formas de presentación dos contidos e de acción e expresión.
Propón actividades complementarias que contribúan á mellora da aprendizaxe do alumnado.
Procura a transparencia do proceso de avaliación.
Fomenta e estimula as habilidades de comprensión de lectura e de uso da información, de expresión escrita e en público.
Establece criterios e instrumentos de avaliación e autoavaliación que permitan facer o seguimento do progreso do alumnado e comprobar o grao de adquisición de competencias.
Relaciona os contidos da materia cos feitos da actualidade.
Organiza actividades complementarias axeitadas que completen a aprendizaxe tendo en conta as inquedanzas do alumnado, na procura de facer atractiva a participación no desenvolvemento das mesmas.
Fomenta a participación do alumnado no desenvolvemento da materia, promovendo o debate e a análise crítica dos temas propostos.
Emprega na aula un discurso que estimula e mantén o interese do alumnado polos contidos obxecto de estudo.
Xestiona a intelixencia emocional na aula, facilitando a expresión do alumnado, ensinando estratexias comunicativas.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Planifica, coa antelación suficiente e tendo en conta a dispoñibilidade do alumnado, o calendario de probas a realizar segundo a tipoloxía.
Emprega as tecnoloxías da información e da comunicación na aula como medio didáctico para desenvolver as tarefas de ensino e aprendizaxe.
Planifica a actividade educativa coordinada con outras materias.
Presenta ao inicio de cada sesión o plan de traballo, sinalando os obxectivos que se pretenden lograr.
Estabece as medidas máis adecuadas para que as condicións de realización das avaliacións se adapten ás necesidades do alumnado.
Medidas de atención á diversidade
Establece as medidas de atención á diversidade necesarias para facilitar o acceso ó currículo do alumnado.
Propón ao alumnado a realización de actividades de recuperación e reforzo, de enriquecemento e ampliación.
Emprega instrumentos de avaliación variados, diversos, flexibles e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe.

Clima de traballo na aula
Analiza os resultados da avaliación cos alumnos e alumnas. Informa dos logros acadados e dificultades atopadas, propoñendo estratexias de mellora.
Recoñece o esforzo do alumnado, non só os resultados.
Amosa unha actitude aberta e receptiva e fomenta a interacción co alumnado.
Outros
Participa en actividades de formación dirixidas á actualización de coñecementos científico-técnicos, didácticos e/ou psicopedagóxicos.
Emprega os resultados da avaliación para mellorar o proceso de ensino.
Realiza actividades, traballos e proxectos de investigación e innovación educativa relacionados coa práctica docente.

Descrición:

Tal e como establece a normativa, "O profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o cal establecerá indicadores de logro nas programacións docentes."
Tales indicadores consisten nunha serie de items que permiten reflexionar sobre a actuación co alumnado e os aspectos reflectidos na programación:
- planificación,
- a motivación do alumnado,
- desenvolvemento do proceso de ensino,
- idoneidade dos materiais empregados e das actividades propostas
- e seguimento e avaliación do proceso de ensinanza-aprendizaxe

Valoraranse de 0 a 5.
Obxectivos da avaliación da práctica docente:
- Axustala ás peculiaridades do grupo e a cada alumno/a.
- Comparar a planificación curricular coa súa execución.
- Favorecer a reflexión individual e colectiva.
- Mellorar a comunicación e coordinación.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Ao iniciar o curso revisarase a programación a partir das propostas de mellora recollidas na correspondente memoria do departamento do curso anterior.A avaliación da presente programación farase a través do seguimento na aplicación Proens ao final de cada unidade didáctica por parte do/a profesor/profesora que imparta a materia e nas reunións mensuais de departamento.
Nas reunión de departamento comprobarase o grao de consecución dos obxectivos programados e as dificultades que se poidan atopar, ademais, poderán introducirse medidas correctoras se estas se estiman oportunas. Todas as posibles propostas de mellora reflectiranse na Memoria Final para introducir as modificacións necesarias na programación do curso seguinte.
As ferramentas a empregar para analizar o grao de cumprimento dos indicadores de logro poden consistir en:
- Diario de aula.
- Rúbrica de autoavaliación para cuantificar o grao de consecución de obxectivos, criterios de avaliación e contidos.
- Estatísticas de resultados.
- Cuestionarios e enquisas ao alumnado.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36018677	IES Luís Seoane	Pontevedra	2025/2026

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Educación física	1º Bac.	3	105

Tipo de oferta
Réxime xeral-ordinario

Contido **Páxina**

1. Introdución 3

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias 3

3.1. Relación de unidades didácticas 5

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas 6

4.1. Concrecións metodolóxicas 18

4.2. Materiais e recursos didácticos 20

5.1. Procedemento para a avaliación inicial 20

5.2. Criterios de cualificación e recuperación 21

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes 22

6. Medidas de atención á diversidade 23

7.1. Concreción dos elementos transversais 24

7.2. Actividades complementarias 25

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro 25

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora 26

9. Outros apartados 26

1. Introdución

O Instituto está situado en Monte Porreiro que é unha urbanización de recente creación cunha poboación maioritariamente urbán e xoven, situada ao leste do núcleo urbano da cidade de Pontevedra da que dista 3km.
Como datos máis relevantes sobre a súa poboación debemos suliñar que esta é máis nova que a media do municipio; dentro da súa diversidade social, ten relevancia a presenza de habitantes de etnia xitana.
Segundo os datos do ISEC, que estuda o Índice Socioeconómico e Cultural, a esta poboación está catalogada como de nivel baixo.
O tipo de alumnado que acude ao centro é fundamentalmente da zona de influencia do Instituto, de Monteporreiro e Mourente. Tamén temos moito alumnado derivado da Cidade Infantil Príncipe Felipe. É polo tanto moi heteroxéneo, presentando diferentes situacións socio familiares, con una proporción importane de familias desestructuradas e presentando situaciones sociais complexas.
É un alumnado de difícil motivación en moitos casos, polo que a materia de Educacion Física favorece a súa inclusión e socialización.
Os resultados son moi bos en xeral, cunha tasa de aprobados elevada nos primeiros dous cursos, nos que os suspensos están en relación directa co absentismo escolar, normalmente do alumnado de etnia xitana.
A presente programación didáctica está contextualizada na etapa de Bacharelato. Nesta etapa, a Educación Física está presente unicamente no primeiro curso, cunha carga lectiva de tres horas semanais, por tanto, en principio, será o último contacto que terá o alumnado con contidos propios da materia.
O carácter propedéutico da materia neste nivel favorecerá o achegamento do alumnado a unha serie de profesións vinculadas co deporte, así como novas posibilidades de estudo, xa sexa no ámbito universitario, no da Formación Profesional ou no dos Ensinos Deportivos.
Independentemente dos estudos que continúe o alumnado, a materia busca capacitar ao alumnado na programación autónoma e a autorregulación da súa práctica física, así como consolidar un estilo de vida activo e saudable ao longo da súa vida.
A Programación Didáctica consta de 11 Unidades Didácticas. Destas, as Unidades 1 e 2, traballaranse ao longo de todo o curso, de forma transversal por organización de instalacións e porqu favorece o tratamento dos seus contidos nas unidades didácticas restantes, adaptando os contidos xenéricos ás especificidades do resto de unidades.
No presente curso temos 2 cursos de 1º de bacharelato, en ambos grupos están mesturados alumnado das diferentes modalidades de bacharelato:

- 1º BACH-A: 28 alumnos
- 1º BACH: 28 alumnos

O centro conta cunha pista polideportiva na planta -1, un aula de expresión corporal e pistas polideportivas exteriores.
A contorna do centro ofrece a posibilidade de realizar con facilidade, unha ruta de senderismo pola beira do río Lérez e a Illa do Covo. Ademais, conta cun parque de terra ao lado do instituto e un espazo natural chamado O Mirador (a menos de dez minutos do instituto).

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Interiorizar o desenvolvemento dun estilo de vida activo e saudable, planificando responsable e conscientemente a súa actividade física a partir da autoavaliación persoal con base en parámetros científicos e avaliables, e axustando as prácticas motrices ás súas necesidades e motivacións persoais para satisfacer as súas demandas de lecer activo e de benestar persoal, así como coñecer posibles saídas profesionais asociadas á actividade física.			2-5	1-4	11-12-50		3	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX2 - Adaptar autonomamente as capacidades físicas, perceptivo-motrices e coordinativas, así como as habilidades e destrezas motrices específicas das modalidades practicadas, a diferentes situacións con distintos niveis de dificultade, aplicando eficientemente procesos de percepción, decisión e execución adecuados á súa lóxica interna para resolver situacións motrices vinculadas con distintas actividades físicas funcionais, deportivas, expresivas e recreativas, e consolidar actitudes de superación, crecemento e resiliencia ao enfrontarse a desafíos físicos.					12-40		2-3	
OBX3 - Difundir e promover novas prácticas motrices, compartindo espazos de actividade físico-deportiva con independencia das diferenzas culturais, sociais, de xénero e de habilidade, priorizando o respecto cara aos participantes e ás regras sobre os resultados, adoptando unha actitude crítica e proactiva ante comportamentos antideportivos ou contrarios á convivencia e desenvolvendo procesos de autorregulación emocional que canalicen o fracaso e o éxito nestas situacións, para contribuír autonomamente ao entendemento social e ao compromiso ético nos diferentes espazos nos que se participa, fomentando a detección precoz e o coñecemento das estratexias para abordar calquera forma de discriminación ou violencia.	5	3			11-20-50	3		
OBX4 - Analizar criticamente, e investigar, sobre as prácticas e manifestacións culturais vinculadas coa motricidade segundo a súa orixe e evolución, desde a perspectiva de xénero e desde os intereses económicos, políticos e sociais que condicionasen o seu desenvolvemento, practicándoas e fomentando a súa conservación para ser capaz de defender, desde unha postura ética e contextualizada, os valores que transmiten.		3	5		12	1		1
OBX5 - Implementar un estilo de vida sustentable e comprometido coa conservación e mellora da contorna, organizando e desenvolvendo accións de servizo á comunidade vinculadas á actividade física e ao deporte, asumindo responsabilidades na seguridade das prácticas, para contribuír activamente ao mantemento e coidado do medio natural e urbano e dar a coñecer o seu potencial entre os membros da comunidade.			5		12-20	4	1	

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Práctica e planificación da actividade físico-deportiva para a saúde: resistencia, forza e flexibilidade. Autoavaliación da condición física saudable.	Nesta UD, que será traballada nos 3 trimestres, o alumnado aprenderá, dende a práctica, a planificar o seu propio plan de adestramento en función dos resultados da autoavaliación e dos obxectivos que se propoña. Centrarase principalmente na musculatura lumbo-pélvica pola súa relación directa coa saúde musculo-esquelética do resto do corpo. Tamén debe aprender a avaliar e interpretar o estado da súa condición física saudable, empregando distintas probas/test, así como aplicacións específicas. Esta valoración farase en función tanto dos seus intereses como da práctica física que teña pensado desenvolver.	15	16	X	X	X
2	O coidado do corpo. Educación postural (Ximnasia correctiva, Pilates e loga). Alimentación saudable. Autoconcepto, autoestima e imaxe percibida.	UD de tipo transversal que permitirá traballar distintos contidos ao longo do curso, adaptándoos ás especificidades de cada unha das demais UUDD.	10	15	X	X	X
3	Saltamos con combas: coreografía grupal	Nesta UD o alumnado traballará diferentes tipos de saltos con comba individuais, por parellas e en pequenos grupos. O reto final é a elaboración dunha coreografía grupal, con música.	5	6	X		
4	Deportes colectivos: repaso e profundización do baloncesto, balonmán, floorball,...	Nesta UD o alumnado profundizará nos aspectos técnico-tácticos dos deportes colectivos desenvolvidos ao longo da etapa obrigatoria.	12	18	X		
5	Prevención de accidentes nas prácticas motrices e primeiros auxilios.	Nesta UD o alumnado aprenderá a anticiparse aos riscos e lesións derivadas das diversas prácticas motrices, e tentará dominar os protocolos de intervención ante situacións críticas ou accidentes (PAS, DEA, DESA, RCP, entre outros).	6	6		X	
6	Bailamos. Preparamos o Entroido. Ritmos latinos, zumba,...	Nesta UD didáctica o alumnado traballará as técnicas de expresión e dramatización, desenvolvendo ao final da mesma unha composición dramática ou rítmica.	10	8		X	
7	Deporte e xénero. Deportistas profesionais. Saídas profesionais.	Nesta UD o alumnado analizará críticamente as diferenzas de xénero no ámbito deportivo. Dará a coñecer deportistas profesionais (mulleres e homes) a través dunha xincana que elaboraremos para realizar co alumnado de 1º e 2º ESO e coñecerá as saídas pofesionais da rama da	4	2		X	X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
7	Deporte e xénero. Deportistas profesionais. Saídas profesionais.	actividade física.	4	2		X	X
8	Deporte coletivo de rede: Voleibol	Nesta UD o alumnado traballará un deporte colectivo de rede, neste caso o Voleibol. Repasará e de ser o caso, profundizará na lóxica do xogo e nos elementos técnicos, tácticos e regulamentarios.	12	12		X	
9	Deportes de raqueta/palas e rede: bádminton, pickelball, tenis de mesa e pádel	Nesta UD o alumnado traballará deportes de rede. Repasará e de ser o caso, profundizará na lóxica do xogo e nos elementos técnicos, tácticos e regulamentarios.	10	10			X
10	Olimpiadas tradicionais: Xogos tradicionais e populares galegos. Xogos alternativos e do mundo..	Nesta UD o alumnado practicará algúns dos deportes tradicionais e populares, mediante unha olimpida de xogos populares. Tamén acercaremos ao alumnado a xogos alternativos e do mundo.	8	6			X
11	Actividades e xogos no medio natural e urbano aproveitando a contorna: sendeirismo, orientación, parkour, xogos,...	Nesta UD o alumnado profundizará nos coñecementos e técnicas de Orientación, tanto no ámbito urbán como no medio natural, fará una marcha senderista e se introducirá nas habilidades báicas do parkour.	8	6			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Práctica e planificación da actividade físico-deportiva para a saúde: resistencia, forza e flexibilidade. Autoavaliación da condición física saudable.	16

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Planificar, elaborar e poñer en práctica de maneira autónoma un programa persoal de actividade física dirixido á mellora ou ao mantemento da saúde, aplicando os diferentes sistemas de desenvolvemento das capacidades físicas implicadas, segundo as necesidades e intereses individuais e respectando a propia realidade e identidade corporal, avaliando os resultados obtidos.	Poñer en práctica autónomamente un programa persoal de A.F. dirixido ao mantemento da saúde, aplicando sistemas de desenvolvemento das capacidades físicas, avaliando os resultados obtidos.	TI	100
CA1.4 - Empregar de maneira autónoma aplicacións e dispositivos dixitais relacionados coa xestión da actividade física, respectando a privacidade e as medidas básicas de seguridade vinculadas á difusión pública de datos persoais.	Empregar autónomamente aplicacións dixitais relacionadas coa planificación da A. Físico-deportiva para a saúde, e respectar a privacidade e as medidas de seguridade sobre á difusión de datos persoais.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Coñecer e implementar de maneira responsable e autónoma medidas específicas para a prevención de lesións antes, durante e despois da actividade física, así como para a aplicación de primeiros auxilios ante situacións de emerxencia ou accidente, poñendo en práctica normas de seguridade individuais e colectivas, identificando as posibles transferencias que estes coñecementos teñen ao ámbito profesional e ocupacional.	Coñecer e implementar de maneira responsable e autónoma medidas específicas para a prevención de lesións antes, durante e despois da actividade física		
CA2.2 - Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, xestionando autonomamente calquera imprevisto ou situación que poida ir xurdindo ao longo do proceso de forma eficiente, creativa e axustada aos obxectivos que se pretendan alcanzar.	Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo		
CA2.3 - Colaborar mostrando iniciativa durante o desenvolvemento de proxectos e producións motrices, liquidando de forma coordinada calquera imprevisto ou situación que poida ir xurdindo ao longo do proceso.	Mostrar iniciativa durante o desenvolvemento de plans de adestramento.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Saúde física.
- Programa persoal de actividade física atendendo á frecuencia, volume, intensidade e tipo de actividade.
- Autoavaliación das capacidades físicas e coordinativas como requisito previo á planificación: técnicas, estratexias e probas de valoración.
- Identificación de obxectivos motrices, saudables, de actividade ou similares a alcanzar cun programa de actividade física persoal.
- Avaliación do logro dos obxectivos do programa e reorientación de actividades a partir dos resultados.
- Planificación para o desenvolvemento das capacidades físicas básicas: forza e resistencia.
- Sistemas de adestramento.
- Ferramentas dixitais para a xestión da actividade física.
- Exercicios compensatorios da musculatura segundo a actividade física.
- Hábitos sociais e os seus efectos na condición física e a saúde.
- Saúde mental.
- Xestión das medidas relacionadas coa planificación da actividade física e deportiva (tipo de deporte, material necesario, obxectivos da preparación, actividades e similares).
- Selección responsable e sustentable do material deportivo.
- Análise crítica de estratexias publicitarias.
- Autoxestión de proxectos persoais de carácter motor.

UD	Título da UD	Duración
2	O coidado do corpo. Educación postural (Ximnasia correctiva, Pilates e loga). Alimentación saudable. Autoconcepto, autoestima e imaxe percibida.	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Incorporar de forma autónoma, e segundo as súas preferencias persoais, os procesos de activación corporal, autorregulación e dosificación do esforzo, alimentación saudable, educación postural e relaxación e hixiene durante a práctica de actividades motrices, reflexionando sobre a súa relación con posibles estudos posteriores ou futuros desempeños profesionais.	Incorporar de forma autónoma os procesos de activación corporal, alimentación saudable e educación postural durante a práctica de actividades motrices.	TI	100
CA1.4 - Empregar de maneira autónoma aplicacións e dispositivos dixitais relacionados coa xestión da actividade física, respectando a privacidade e as medidas básicas de seguridade vinculadas á difusión pública de datos persoais.	Empregar de apps dixitais		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Saúde física. - Dietas equilibradas segundo as características físicas e persoais. - Ferramentas dixitais para a xestión da actividade física. - Técnicas básicas de descarga postural e relaxación. - Exercicios compensatorios da musculatura segundo a actividade física. - Musculatura lumbo-pélvica para adestramento da forza. - Identificación de problemas posturais básicos e planificación preventiva da saúde postural en actividades específicas. - Saúde social. - Beneficios e regras da práctica de actividade física para a saúde individual ou colectiva. - Saúde mental. - Técnicas de respiración, visualización e relaxación para liberar tensión e os seus beneficios na atención e concentración.

UD	Título da UD	Duración
3	Saltamos con combas: coreografía grupal	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, xestionando autonomamente calquera imprevisto ou situación que poida ir xurdindo ao longo do proceso de forma eficiente, creativa e axustada aos obxectivos que se pretendan alcanzar.	Realizar actividades con combas, de xeito individual e grupal. Deseñar unha coreografía grupal.	TI	100
CA3.4 - Colaborar mostrando iniciativa durante o desenvolvemento de proxectos e producións motrices, liquidando de forma coordinada calquera imprevisto ou situación que poida ir xurdindo ao longo do proceso.	Participar nas actividades e colaborar no deseño da coreografía.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Toma de decisións. - Resolución de situacións motrices variadas axustando eficientemente os compoñentes da motricidade en actividades individuais. - Análise colectiva de resultados e reaxuste de actuacións para conseguir o éxito en actividades cooperativas. - Creatividade motriz: creación de retos e situacións-problema coa resolución máis eficiente de acordo cos recursos dispoñibles.

UD	Título da UD	Duración
4	Deportes colectivos: repaso e profundización do baloncesto, balonmán, floorball,...	18

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, xestionando autonomamente calquera imprevisto ou situación que poida ir xurdindo ao longo do proceso de forma eficiente, creativa e axustada aos obxectivos que se pretendan alcanzar.	Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo	TI	100
CA3.2 - Solucionar de forma autónoma situacións de oposición, colaboración ou colaboración-oposición en contextos deportivos ou recreativos con fluidez, precisión e control, aplicando de maneira automática procesos de percepción, decisión e execución en contextos reais ou simulados de actuación e adaptando as estratexias ás condicións cambiantes que se producen na práctica.	Solucionar autonomamente situacións de colaboración-oposición con fluidez, precisión e control, aplicando automaticamente procesos de percepción, decisión e execución en contextos reais ou simulados de actuación.		
CA3.3 - Identificar, analizar e comprender os factores clave que condicionan a intervención dos compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade na realización de xestos técnicos ou situacións motrices variadas, identificando erros comúns e propoñendo solucións para estes.	Identificar os factores clave que condicionan a intervención dos compoñentes cualitativos da motricidade na realización de xestos técnicos, e identificar os erros comúns.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Colaborar mostrando iniciativa durante o desenvolvemento de proxectos e producións motrices, liquidando de forma coordinada calquera imprevisto ou situación que poida ir xurdindo ao longo do proceso.	Colaborar mostrando iniciativa durante o desenvolvemento de proxectos e producións motrices,		
CA4.2 - Establecer mecanismos de relación e entendemento co resto de participantes durante o desenvolvemento de diversas prácticas motrices con autonomía e facendo uso efectivo de habilidades sociais de diálogo na resolución de conflitos e respecto ante a diversidade de competencia motriz, e situándose activa, reflexiva e criticamente fronte aos estereotipos, as actuacións discriminatorias e a violencia, así como coñecer as estratexias para a súa prevención, detección precoz e abordaxe.	Respectar a diversidade de competencia motriz do resto de participantes durante o desenvolvemento da práctica motriz e facer uso das habilidades sociais na resolución de conflitos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Toma de decisións. - Resolución de situacións motrices variadas axustando eficientemente os compoñentes da motricidade en actividades individuais. - Análise colectiva de resultados e reaxuste de actuacións para conseguir o éxito en actividades cooperativas. - Oportunidade, pertinencia e risco das accións nas actividades físico-deportivas de contacto a partir da análise dos puntos fortes e débiles propios e do rival. - Desempeño de roles variados en procedementos ou sistemas tácticos postos en práctica para conseguir os obxectivos do equipo. - Capacidades perceptivo-motrices en contexto de práctica: integración do esquema corporal; toma de decisións previas á realización dunha actividade motriz sobre os mecanismos coordinativos, espaciais e temporais, así como reaxuste da propia intervención para resolvela adecuadamente respecto a si mesmo, aos participantes e ao espazo no que se desenvolve a práctica. - Perfeccionamento das habilidades específicas dos deportes ou actividades físicas. - Creatividade motriz: creación de retos e situacións-problema coa resolución máis eficiente de acordo cos recursos dispoñibles. - Habilidades sociais: estratexias de inclusión doutras persoas nas actividades de grupo, animando á súa participación e respectando as diferenzas. - Medidas para fomentar a igualdade no deporte. - Desempeño de roles e funcións relacionados co deporte: arbitraxe, persoal técnico, participante, público e outros. - Identificación e rexeitamento de condutas contrarias á convivencia en situacións motrices. - Deporte e perspectiva de xénero: estereotipos de xénero en contextos físico-deportivos, presenza en medios de comunicación e redes sociais.

UD	Título da UD	Duración
5	Prevención de accidentes nas prácticas motrices e primeiros auxilios.	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Coñecer e implementar de maneira responsable e autónoma medidas específicas para a prevención de lesións antes, durante e despois da actividade física, así como para a aplicación de primeiros auxilios ante situacións de emerxencia ou accidente, poñendo en práctica normas de seguridade individuais e colectivas, identificando as posibles transferencias que estes coñecementos teñen ao ámbito profesional e ocupacional.	Coñecer e implementar de maneira autónoma medidas específicas para a prevención de lesións e aplicar os primeiros auxilios ante situacións de emerxencia ou accidente.	TI	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Prevención de accidentes nas prácticas motrices. - Xestión do risco propio e do dos demais: planificación de factores de risco en actividades físicas, medidas colectivas de seguridade. - Protocolos ante alertas escolares. - Actuacións críticas ante accidentes. - Conduta PAS: protexer, avisar, socorrer. - Desprazamentos e transporte de accidentados. - Reanimación mediante desfibrilador automático (DEA) ou semiautomático (DESA). - Protocolo RCP (reanimación cardiopulmonar). - Técnicas específicas e indicios de accidentes cardiovasculares (manobra de Heimlich, sinais de ictus e similares). - Contido básico de caixa de primeiros auxilios.

UD	Título da UD	Duración
6	Bailamos. Preparamos o Entroido. Ritmos latinos, zumba,...	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.1 - Organizar e practicar diversas actividades motrices, valorando o seu potencial como posible saída profesional e analizando os seus beneficios desde a perspectiva da saúde, o gozo, a autosuperación e as posibilidades de interacción social, adoptando actitudes de interese, esforzo, liderado e empatía ao asumir e desempeñar distintos roles relacionados con elas.	Organizar actividades motrices de dramatización adoptando actitudes de interese, esforzo, liderado e empatía ao asumir e desempeñar distintos roles relacionados con elas.	TI	100
CA5.2 - Comprender e contextualizar a influencia cultural e social das manifestacións motrices máis relevantes no panorama actual, analizando as súas orixes e a súa evolución ata a actualidade e rexeitando aqueles compoñentes que non se axusten aos valores dunha sociedade aberta, inclusiva, diversa e igualitaria.	Comprender e contextualizar a influencia cultural e social das manifestacións motrices máis relevantes do ámbito da expresión corporal		
CA5.3 - Crear e representar composicións corporais individuais ou colectivas, con e sen base musical, aplicando con precisión, idoneidade e coordinación escénica as técnicas expresivas máis apropiadas a cada composición para representalas ante as súas compañeiras e compañeiros ou outros membros da comunidade.	Crear e representar composicións corporais individuais ou colectivas con e sen base musical ante as súas compañeiras e compañeiros, e aplicar as técnicas expresivas máis apropiadas a cada composición.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Técnicas específicas de expresión corporal. - Práctica de actividades rítmico-musicais con intencionalidade estética ou artístico-expresiva.

UD	Título da UD	Duración
7	Deporte e xénero. Deportistas profesionais. Saídas profesionais.	2

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Actuar de forma crítica, comprometida e responsable ante os estereotipos sociais asociados ao ámbito do corporal e os comportamentos que poñan en risco a saúde, aplicando con autonomía e independencia criterios científicos de validez, fiabilidade e obxectividade á información recibida.	Actuar de forma crítica, comprometida e responsable ante os estereotipos sociais asociados ao ámbito do corporal e os comportamentos que poñan en risco a saúde	TI	100
CA4.1 - Organizar e practicar diversas actividades motrices, valorando o seu potencial como posible saída profesional e analizando os seus beneficios desde a perspectiva da saúde, o gozo, a autosuperación e as posibilidades de interacción social, adoptando actitudes de interese, esforzo, liderado e empatía ao asumir e desempeñar distintos roles relacionados con elas.	Organizar e practicar diversas actividades motrices, valorando o seu potencial como posible saída profesional e analizando os seus beneficios desde a perspectiva da saúde		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.3 - Comprender e contextualizar a influencia cultural e social das manifestacións motrices máis relevantes no panorama actual, analizando as súas orixes e a súa evolución ata a actualidade e rexeitando aqueles compoñentes que non se axusten aos valores dunha sociedade aberta, inclusiva, diversa e igualitaria.	Comprender e contextualizar a influencia cultural e social das manifestacións motrices máis relevantes no panorama actual		
CA5.2 - Comprender e contextualizar a influencia cultural e social das manifestacións motrices máis relevantes no panorama actual, analizando as súas orixes e a súa evolución ata a actualidade e rexeitando aqueles compoñentes que non se axusten aos valores dunha sociedade aberta, inclusiva, diversa e igualitaria.	Comprender e contextualizar a influencia cultural e social das manifestacións motrices máis relevantes no panorama actual, rexeitando aqueles compoñentes que non se axusten aos valores dunha sociedade aberta, inclusiva, diversa e igualitaria.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Saúde física.
- Profesións vinculadas á actividade física e á saúde.
- Vantaxes e inconvenientes do deporte profesional.
- Saúde mental.
- Trastornos vinculados coa imaxe corporal.
- Tipoloxías corporais predominantes na sociedade e análise crítica da súa presenza en publicidade, e medios de comunicación e redes sociais.
- Xestión do éxito e da fama en contextos físico-deportivos: exemplos, dificultades e estratexias.
- Historias de vida significativas de deportistas profesionais de ambos os xéneros, exemplos de boas prácticas profesionais no deporte.
- Deporte: análise crítica da súa influencia na sociedade.
- Mercado, consumismo e deporte.
- Saídas profesionais no ámbito deportivo.

UD	Título da UD	Duración
8	Deporte coletivo de rede: Voleibol	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, xestionando autonomamente calquera imprevisto ou situación que poida ir xurdindo ao longo do proceso de forma eficiente, creativa e axustada aos obxectivos que se pretendan alcanzar.	Desenvolver proxectos motores de carácter cooperativo, xestionando autonomamente calquera situación que poida ir xurdindo ao longo do proceso de forma eficiente e axustada aos obxectivos.	TI	100
CA3.2 - Solucionar de forma autónoma situacións de oposición, colaboración ou colaboración-oposición en contextos deportivos ou recreativos con fluidez, precisión e control, aplicando de maneira automática procesos de percepción, decisión e execución en contextos reais ou simulados de actuación e adaptando as estratexias ás condicións cambiantes que se producen na práctica.	Aplicar de maneira automática procesos de percepción, decisión e execución en contextos reais ou simulados de actuación, adaptando as estratexias ás condicións cambiantes que se producen na práctica.		
CA3.3 - Identificar, analizar e comprender os factores clave que condicionan a intervención dos compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade na realización de xestos técnicos ou situacións motrices variadas, identificando erros comúns e propoñendo solucións para estes.	Identificar os factores clave que condicionan a intervención dos compoñentes cualitativos da motricidade na realización de xestos técnicos ou situacións motrices variadas.		
CA3.4 - Colaborar mostrando iniciativa durante o desenvolvemento de proxectos e producións motrices, liquidando de forma coordinada calquera imprevisto ou situación que poida ir xurdindo ao longo do proceso.	Colaborar mostrando iniciativa durante o desenvolvemento de situacións motrices, liquidando de forma coordinada calquera imprevisto ou situación que poida ir xurdindo ao longo do proceso.		
CA4.2 - Establecer mecanismos de relación e entendemento co resto de participantes durante o desenvolvemento de diversas prácticas motrices con autonomía e facendo uso efectivo de habilidades sociais de diálogo na resolución de conflitos e respecto ante a diversidade de competencia motriz, e situándose activa, reflexiva e criticamente fronte aos estereotipos, as actuacións discriminatorias e a violencia, así como coñecer as estratexias para a súa prevención, detección precoz e abordaxe.	Respectar a diversidade de competencia motriz do resto de participantes durante o desenvolvemento da práctica motriz e facer uso das habilidades sociais na resolución de conflitos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Toma de decisións.
- Análise colectiva de resultados e reaxuste de actuacións para conseguir o éxito en actividades cooperativas.
- Desempeño de roles variados en procedementos ou sistemas tácticos postos en práctica para conseguir os obxectivos do equipo.
- Capacidades perceptivo-motrices en contexto de práctica: integración do esquema corporal; toma de decisións previas á realización dunha actividade motriz sobre os mecanismos coordinativos, espaciais e temporais, así como reaxuste da propia intervención para resolvela adecuadamente respecto a si mesmo, aos participantes e ao espazo no que se desenvolve a práctica.
- Perfeccionamento das habilidades específicas dos deportes ou actividades físicas.
- Creatividade motriz: creación de retos e situacións-problema coa resolución máis eficiente de acordo cos recursos dispoñibles.

Contidos
- Habilidades sociais: estratexias de inclusión doutras persoas nas actividades de grupo, animando á súa participación e respectando as diferenzas. - Medidas para fomentar a igualdade no deporte. - Desempeño de roles e funcións relacionados co deporte: arbitraxe, persoal técnico, participante, público e outros. - Identificación e rexeitamento de condutas contrarias á convivencia en situacións motrices. - Deporte e perspectiva de xénero: estereotipos de xénero en contextos físico-deportivos, presenza en medios de comunicación e redes sociais.

UD	Título da UD	Duración
9	Deportes de raqueta/palas e rede: bádminton, pickelball, tenis de mesa e pádel	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, xestionando autonomamente calquera imprevisto ou situación que poida ir xurdindo ao longo do proceso de forma eficiente, creativa e axustada aos obxectivos que se pretendan alcanzar.	Coñecer e practicar os elementos técnicos, tácticos e regulamentarios.	TI	100
CA3.2 - Solucionar de forma autónoma situacións de oposición, colaboración ou colaboración-oposición en contextos deportivos ou recreativos con fluidez, precisión e control, aplicando de maneira automática procesos de percepción, decisión e execución en contextos reais ou simulados de actuación e adaptando as estratexias ás condicións cambiantes que se producen na práctica.	Adaptar a propia intervención respecto da do/a rival con fluidez, precisión e control, e aplicar os procesos de percepción, decisión e execución en situacións reais de práctica.		
CA3.3 - Identificar, analizar e comprender os factores clave que condicionan a intervención dos compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade na realización de xestos técnicos ou situacións motrices variadas, identificando erros comúns e propoñendo solucións para estes.	Identificar os factores clave que condicionan a intervención dos compoñentes cualitativos da motricidade na realización de xestos técnicos, e identificar os erros comúns.		
CA3.4 - Colaborar mostrando iniciativa durante o desenvolvemento de proxectos e producións motrices, liquidando de forma coordinada calquera imprevisto ou situación que poida ir xurdindo ao longo do proceso.	Colaborar mostrando iniciativa durante o desenvolvemento de proxectos e producións motrices		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Establecer mecanismos de relación e entendemento co resto de participantes durante o desenvolvemento de diversas prácticas motrices con autonomía e facendo uso efectivo de habilidades sociais de diálogo na resolución de conflitos e respecto ante a diversidade de competencia motriz, e situándose activa, reflexiva e criticamente fronte aos estereotipos, as actuacións discriminatorias e a violencia, así como coñecer as estratexias para a súa prevención, detección precoz e abordaxe.	Respectar a diversidade de competencia motriz do resto de participantes durante o desenvolvemento da práctica motriz e facer uso das habilidades sociais na resolución de conflitos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Toma de decisións. - Accións que provocan situacións de vantaxe con respecto ao adversario nas actividades de oposición. - Capacidades perceptivo-motrices en contexto de práctica: integración do esquema corporal; toma de decisións previas á realización dunha actividade motriz sobre os mecanismos coordinativos, espaciais e temporais, así como reaxuste da propia intervención para resolvela adecuadamente respecto a si mesmo, aos participantes e ao espazo no que se desenvolve a práctica. - Perfeccionamento das habilidades específicas dos deportes ou actividades físicas. - Creatividade motriz: creación de retos e situacións-problema coa resolución máis eficiente de acordo cos recursos dispoñibles. - Habilidades sociais: estratexias de inclusión doutras persoas nas actividades de grupo, animando á súa participación e respectando as diferenzas. - Medidas para fomentar a igualdade no deporte. - Desempeño de roles e funcións relacionados co deporte: arbitraxe, persoal técnico, participante, público e outros. - Identificación e rexeitamento de condutas contrarias á convivencia en situacións motrices. - Deporte e perspectiva de xénero: estereotipos de xénero en contextos físico-deportivos, presenza en medios de comunicación e redes sociais.

UD	Título da UD	Duración
10	Olimpiadas tradicionais: Xogos tradicionais e populares galegos. Xogos alternativos e do mundo..	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.1 - Organizar e practicar diversas actividades motrices, valorando o seu potencial como posible saída profesional e analizando os seus beneficios desde a perspectiva da saúde, o gozo, a autosuperación e as posibilidades de interacción social, adoptando actitudes de interese, esforzo, liderado e empatía ao asumir e desempeñar distintos roles relacionados con elas.	Practicar xogos e deportes populares e tradicionais e organizar unhas Olimpiadas Populares.	TI	100
CA5.2 - Comprender e contextualizar a influencia cultural e social das manifestacións motrices máis relevantes no panorama actual, analizando as súas orixes e a súa evolución ata a actualidade e rexeitando aqueles compoñentes que non se axusten aos valores dunha sociedade aberta, inclusiva, diversa e igualitaria.	Comprender e contextualizar a influencia cultural e social dos xogos tradicionais galegos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Os xogos e deportes tradicionais e autóctonos e o seu vínculo cultural: orixe, evolución, preservación e factores condicionantes.

UD	Título da UD	Duración
11	Actividades e xogos no medio natural e urbano aproveitando a contorna: sendeirismo, orientación, parkour, xogos,...	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.1 - Promover e participar en actividades físico-deportivas en contornas urbanas e naturais terrestres ou acuáticas, interactuando con elas de maneira sustentable, minimizando o impacto ambiental que estas poidan producir reducindo ao máximo a súa pegada ecolóxica e desenvolvendo actuacións dirixidas á conservación e mellora das condicións dos espazos nos que se desenvolvan.	Participar en actividades físico-deportivas en contornas urbanas e naturais terrestres ou acuáticas e minimizar o impacto ambiental que estas poidan producir.	TI	100
CA6.2 - Practicar e organizar actividades físico-deportivas no medio natural e urbano, asumindo responsabilidades e aplicando normas de seguridade individuais e colectivas para previr e controlar os riscos intrínsecos á propia actividade derivados da utilización dos equipamentos, a contorna ou a propia actuación dos participantes.	Practicar e organizar actividades físico-deportivas no medio natural e urbano, asumir responsabilidades e aplicar normas de seguridade individuais e colectivas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Fomento da mobilidade activa, segura, saudable e sustentable en actividades cotiás. A aprendizaxe da práctica ciclista urbana segura.

Contidos
- Análise das posibilidades da contorna natural e urbana e actuacións para a súa mellora desde o punto de vista da motricidade, para a práctica de actividade física e deporte: equipamentos, accesibilidade, usos e necesidades. - Prevención de riscos asociados ás actividades e os derivados da propia actuación e da do grupo. - Materiais e equipamentos: manexo segundo as súas especificacións técnicas. - Uso sustentable e conservación de recursos urbanos e naturais para a práctica de actividade física. - Promoción e usos creativos da contorna desde a motricidade.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía que imos seguir nesta materia caracterizarase por ser, flexible, activa, integradora, participativa, lúdica, creativa e progresiva. Destacamos os seguintes principios:

- Incrementar a actividade física do alumnado a través de sesións fundamentalmente prácticas e vivenciais, onde o alumnado participe, sempre, activamente.
- Ofrecer ao alumnado variedade e diversidades de experiencias, para que acaden un amplo bagaxe motriz, que lles permita elexir actividades no seu tempo de ocio.
- Integrar procesos para adquirir as competencias clave, para consolidar unha autoestima positiva, buscando persoas autónomas, reflexivas e responsables.

1. ESTILOS DE ENSINO
Traballaremos con estilos de ensino variados, buscando o mellor deles para acadar os obxectivos. Dentro de cada sesión poderase combinar diferentes estilos:

- Estilos directivos: aprendizaxes técnicas e doutros contidos de similares características.
- Estilos baseados no descubrimento: aprendizaxes tácticas, de expresión corporal, e outros de similares características fomentaremos a creatividade.

2. ORGANIZACIÓN ESPAZO-TEMPORAL
Agrupamentos: Contemplamos todo tipo de agrupamentos. Según as tarefas, poderemos utilizar:

- Tarefas individuais: que nos permiten adaptar a aprendizaxe ao ritmo do alumnado.
- Tarefas de grupo-clase: cando prioricemos o proceso de socialización do grupo e queiramos favorecer as relacións persoais, o coñecemento mutuo e o respecto polos demais.
- Tarefas en parellas, tríos ou pequeño grupo: para aprendizaxe de habilidades técnicas e a cohesión de grupo.

Utilización de espazos:

- Pavillón deportivo
- Ximnasio
- Pistas polideportivas exteriores
- Espazos da contorna: parques, sendeiro e praia fluvial
- Espazos do centro: aula de informática, aula de referencia, hall, biblioteca, salón de actos, etc.

Optimización do tempo de aprendizaxe:

- Preparación da clase de educación física. Os preparativos previos á sesión adoitan seguir un protocolo cotián e repetitivo: acceder ao vestiario dende a aula, cambiarse de roupa, ir á pista ou ximnasio, pasar lista, regresar, asearse e volver cambiar de roupa. Para evitar a perda de tempo nesta fase motivaremos previamente o alumnado cara ás tarefas da sesión e limitaremos o tempo de estanza no vestiario.
- Eficiencia no tempo dispoñible. O devandito tempo trataremos de optimizalo do seguinte xeito;

a) Claridade e brevidade nas explicacións das tarefas. Focalizaremos a atención nun ou dous aspectos que aseguren

certas posibilidades de éxito nos primeiros intentos para non desbordar o alumnado con demasiada información e ademais, conseguir que se motiven polos primeiros éxitos alcanzados. Especial trato dedicaremos ás premisas de respecto mutuo e de seguridade nas tarefas, de cara a que o alumnado aprenda claramente o seu papel na prevención de riscos e na axuda ao compañeiro/a.
b) Rendibilidade na montaxe e recollida do material. Para evitar as perdas de tempo nesta faceta da sesión, aproveitaremos ao máximo os materiais que seleccionemos para a sesión. Ademais, designaremos ao inicio da sesión, ao alumnado responsable da colocación e recollida do material que se vaia utilizar. Naquelas sesións nas que se vaia traballar en circuíto e necesiten moito material, intentaremos na medida do posible, realizar a montaxe previamente á sesión.
c) Eficiencia na formación e transición dos agrupamentos. Para evitar as perdas de tempo que supoñen tanto o establecemento de agrupamentos, como a transición duns a outros, naquelas sesións nas que as actividades de ensino-aprendizaxe demanden continuos cambios de agrupamentos, secuenciaremos as mesmas de tal maneira que vaian seguidas todas as actividades individuais, logo por parellas, logo por cuartetos, etc., aproveitando o agrupamento anterior para facer o seguinte, de ser posible.
d) Optimización das partes da sesión. Aínda que diferentes autores propoñen varias divisións das sesións de E.F., podemos dicir que basicamente as sesións de educación física divídense en tres partes, a saber: posta en acción, parte principal e volta á calma. Nos puntos anteriores abordamos as pautas a seguir para evitar as perdas de tempo na parte principal da sesión, centrándonos agora nas outras dúas partes.
Para limitar as perdas de tempo na posta en acción, aproveitaremos esta para explicar o sentido da sesión, relacionala coa sesión previa, e transmitir a maior parte da información necesaria para a súa parte principal.
Na volta á calma, aproveitaremos o tempo de recuperación para recordar os puntos máis importantes traballados na parte anterior, repartiremos, no seu caso, as fichas de avaliación da sesión e motivaremos o alumnado para a sesión seguinte.

3. O COÑECEMENTO DOS RESULTADOS/EXECUCIÓN
3 tipos de coñecementos de resultados:

- CR Concorrente, verbal e tactil: en contidos de tipo técnico.
- CR Inmediato, verbal, tactil ou visual: en contidos nos que buscamos que a información teña unha incidencia positiva sobre as execucións posteriores.
- CR Intrínseco: atrasando a administración da información durante un tempo, unha vez finalice a tarefa.
- CR Diferido: aprendizaxe dos comportamentos tácticos, onde, combinado con Estilos de Ensino baseados na Busca, pretendese proporcionar un maior protagonismo ao alumnado á hora de analizar a información e tomar decisións.

4. ACTIVIDADES
Utilizaremos diferentes tipos de actividades.

- Actividades de Diagnóstico utilizarémolas principalmente nas primeiras sesións de cada U.D. co obxectivo de levar a cabo a avaliación dos coñecementos previos do alumnado sobre os contidos a desenvolver.
- Actividades de Desenvolvemento que utilizaremos para desenvolver os contidos centrais das distintas UU.DD. Ligadas a estas actividades virán as de Síntese, nas cales trataremos de conseguir a aplicación dos contidos aprendidos, en situacións reais de práctica.
- Actividades de Avaliación, coas que pretenderemos comprobar o nivel de adquisición de contidos desenvolvido polo alumnado.
- Actividades de Reforzo, que utilizaremos con aquel alumnado cuxo ritmo de aprendizaxe sexa máis lento que o do grupo de referencia
- Actividades de Ampliación, que utilizaremos con aquel alumnado que presenta un dominio importante do contido dende un principio, ou cuxo ritmo de aprendizaxe está por riba do grupo de referencia.

5. ESTRATEXIA NA PRÁCTICA
A estratexia na práctica que utilizaremos dependerá do tipo de contido e da tarefa que deseñaramos, así como do seu obxectivo.

- Estratexias de tipo global: para as actividades de avaliación inicial de cada UD e para as situacións xogadas.
- Estratexias analíticas: para as actividades de aprendizaxe técnico.

• Estratexias sintéticas: para os pasos intermedios entre as aprendizaxes máis analíticas e as máis globais, que nos permitan avanzar na aprendizaxe de todo tipo de contidos
As estratexias utilizadas poden presentarse de forma tanto simultánea como secuencial dentro da mesma sesión. Así mesmo, pódense utilizar en ambos os dous sentidos, é dicir, podemos partir dunha estratexia global para rematar cunha aprendizaxe máis analítica, ou viceversa, podemos partir dunha estratexia máis analítica para rematar cunha máis global.

6. RUTINAS
Para favorecer o bo funcionamento das sesións, e coa intención de optimizar ao máximo o tempo de práctica efectivo por parte do alumnado que redunde nunha maior aprendizaxe por parte destes, establécense unha serie de rutinas.

• Entrada e saída ao pavillón, ximnasio ou pista: A entrada será o máis puntual posible, deixando unha marxe de 5 mi entre o toque do timbre e a entrada ao pavillón, ximnasio ou pista correspondente. A saída da mesma non se producirá ata que toque o timbre.
• Cambio de roupa: O alumnado, nada máis acceder á instalación que así o requira, procederá sen demora ao cambio da roupa necesaria para realizar a sesión, sempre e cando este sexa necesario.
• Hábitos hixiénicos: Distinguiremos entre aseo e ducha. Entendemos por aseo o secado da sudoración e o cambio de roupa. Para iso o alumnado contará con 5 minutos. O alumnado que mostre a súa intención de ducharse, debe advertilo ao profesorado antes de iniciar a clase, cedéndoselle os últimos 8 minutos da sesión.
• Recollida do material: O material utilizado na sesión será recollido por quendas polo alumnado participante na sesión a excepción de, se é o caso, o alumnado que se vaia duchar.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Material específico de EF para levar a cabo as UDs
Fichas de contidos teórico-prácticos das UDs
Aula Virtual
Ferramentas e aplicacións dixitais
Material bibliográfico

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

• Ao principio de curso, durante as 2-3 primeiras semanas de curso, pasarase ao alumnado un cuestionario inicial para coñecer os problemas e enfermidades que poida presentar o alumnado, así como os seus hábitos deportivos e farase unha observación sistemática, mediante actividades de carácter global onde poidamos ver o desenvolvemento motriz do alunado, e así, levar os primeiros datos ás xuntas de avaliación, onde informaremos das necesidades do alumnado.

• Durante o curso, en cada UD, realizaremos unha avaliación inicial para comprobar os coñecementos previos que posúe o alumnado sobre os contidos da mesma. Os procedementos de avaliación poderán ser variados, tanto probas escritas, como observación directa de tarefas específicas nas primeiras sesións, ou mediante cuestionarios orais. O instrumento para a avaliación inicial dependerá do contido da U.D. Unha vez feita, valoraráse a necesidade de realizar adaptacións nos diferentes apartados da programación, de ser o caso.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
Peso UD/ Tipo Ins.	15	10	5	12	6	10	4
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100	100	100

Unidade didáctica	UD 8	UD 9	UD 10	UD 11	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	12	10	8	8	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

- A Programación Didáctica consta de 11 UDs:
  - Transversal, ao longo do curso: UD1 e UD2
  - 1º trim: UD1, UD2, UD3, UD4 (40%)
  - 2º trim: UD1, UD2, UD5, UD6, UD7, UD8 (30%)
  - 3º trim: UD1, UD2, UD 9, UD10, UD11 (30%)

- No número de sesións asignado a cada UD contémplanse tamén a/as sesións dedicadas á avaliación.
- O peso de cada UD estableceuse en función do número de sesións e do contido da mesma.
- Para a cualificación de cada UD teremos en conta, para cada Criterio de Avaliación, os mínimos de consecución establecidos e o seu peso orientativo (establecido en cada UD).
- PARA SUPERAR A UD, o alumnado debe:
  - Acadar os mínimos de consecución establecidos, nun peso orientativo global igual ou superior ao 45%. No caso de detectarse dificultades nalgún alumno ou alumna, adoptaránse as medidas de reforzo educativo necesarias.
  - Como resumo aclaratorio, respectaranse as seguintes porcentaxes:
    - 10-30%: Contidos do ámbito do saber, probas ou tarefas teórico-prácticas
    - 50-80%: Procedementos prácticos (do ámbito do saber facer), incluíndose aquí a práctica diaria (10-40%) e as probas prácticas (30-70%), dependendo de cada UD.
    - 10-20%: Habilidades sociais, respecto e actitudes

- A CUALIFICACIÓN DE CADA TRIMESTRE obteráse calculando a media aritmética ponderada das cualificacións obtidas en cada UD impartida no trimestre.
- A CUALIFICACIÓN PREVIA Á AVALIACIÓN FINAL da materia, obterase calculando a media aritmética ponderada das cualificacións obtidas en cada avaliación trimestral.
- O valor numérico da nota irá dende o 1 ao 10, redondeando á unidade máis próxima, (ata 0,4 cara abaixo e dende 0,5 cara arriba), e para considerar superada a UD, o trimestre e o curso o alumnado debe acadar unha

puntuación de 4,5 ou superior.

- PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN:
  - Probas escritas: exames tipo test, de respostas curtas ou de desenvolvemento e/ou trraballos ou tarefas teóricas.
  - Probas de observación directa por parte da persoa docente: a través de diversos instrumentos, principalmente rúbricas, listas de cotexo e escalas de valoración, en función dos contidos a desenvolver.
- ALUMNADO QUE NON ESTÁ EN CONDICIÓNS DE SEGUIR AS SESIÓNS: Refírese a aquel alumnado que, por diferentes motivos (lesións, malestares diversos, etc) non pode seguir o ritmo das sesións ou facer a clase por un período de tempo indeterminado. Tomaremos as seguintes medidas:

1. Sempre que sea posible, incorporarase ás sesións facendo as adaptacións oportunas.
2. De non ser posible, determinarase o rol que deberá desempeñar, en función do tipo de sesión que se estea a desenvolver: árbitro, apoio aos compañeiros, alumno avantaxado, axudante da persoa docente, etc.
3. Poderá realizar actividades e exercicios específicos e adaptados ás súas limitacións.
4. Poderá dese,peñar tarefas de carácter escrito ou teórico do contidos que estemos traballando.

A avaliación deste alumnado empregaranse rúbricas específicas segundo o papel desempeñado e tarefas desnvolvidas nese período.

Criterios de recuperación:

- Como recuperar as UDS non superadas?: Recuperaranse as UDs non superadas cando a avaliación trimestral sexa negativa.
- Como recuperar as avaliacións trimestrais non superada?: Neste caso o alumnado deberá recuperar so as UDs que non teña superadas, no mes de xuño. O profesorado proporá actividades de recuperación (prácticas ou teóricas, segundo a UD), ao longo do curso e o alumnado realizará unha proba final de recuperación, en xuño.
- Como superar a avaliación final?:
  - O alumnado que no supere a avaliación final en xuño, deberá realizar e superar unha proba final extraordinaria cos contidos das UDs non superadas ao longo do curso e demostrar que é quen de acadar os mínimos esixidos do curso.
  - Será requisito indispensable presentarse co material axeitado a cada unha das probas.
    - Parte práctica: 70-80%
    - Parte escrita: 20-30%
- Para mellorar a nota na avaliación final: O alumnado que desexe mellorar a súa cualificación, poderá realizar un plan de mellora cos contidos con peor cualificación ou non superados nas diferentes UDS. No caso de que o alumnado supere as actividades de mellora propostas no plan, incrementarase a súa cualificación nas UDS correspondentes e calcularase de novo a cualificación final da materia. O alumnado que se acolla a esta opción poderá incrementar a nota ata 0,5 puntos.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

- O alumnado que promocione coa materia pendente, deberá seguir un plan de reforzo destinado á súa recuperación e superación. O plan de reforzo será elaborado polo profesorado que imparte a materia no curso actual e, baixo as directrices do departamento didáctico.
- O plan de reforzo entregarase a cada alumno ou alumna coa materia pendente ao longo do mes de setembro, unha vez iniciado o curso e terá que conter os seguintes apartados:

1. Identificación da alumna ou do alumno.
2. Información relevante sobre a materia sen superar.
3. Currículo para desenvolver, con especificación dos criterios de avaliación.
4. Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
5. Recursos necesarios para o seu desenvolvemento.
6. Tarefas para realizar, coa debida temporalización.
7. Seguimento e avaliación.
8. Acreditación da información á familia.

- Opción 1: Se o alumnado SUPERA os trimestres 1º e 2º do curso actual, queda a materia pendente superada.
- Opción 2: Se o alumnado NON SUPERA os trimestres 1º e 2º, terá realizar una proba final de pendentes que consta de 2 partes:
  - Parte práctica: 70-80%
  - Parte escrita: 20-30%

6. Medidas de atención á diversidade

Atendendo á Orde do 8 de setembro que desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, adoptaranse as medidas de carácter ordinario e extraordinario que se consideren oportunas e axeitadas ao alumnado.

- Con carácter xeral, para adecuarse aos diferentes ritmos de aprendizaxe e capacidades, contémplanse actividades de reforzo e ampliación con tempos flexibles e aprendizaxe cooperativa en grupos heteroxéneos.

Ademais do diferente ritmo de aprendizaxe do alumnado e o nivel de competencia motriz, os casos máis frecuentes na materia de Educación Física que necesitan unha atención á diversidade son:

- Alumnado repetidor (coa materia aprobada / coa materia suspensa). Este alumnado, maioritariamente coa materia superada, pode colaborar co profesorado en actividades de microensinanza participando como alumno avantaxado en determinados contidos. Esa actuación será valorada polo profesorado con táboas de indicadores específicas.
- Alumnado con diferente nivel de competencia motriz. Ao alumnado que teña baixo nivel de competencia motriz nos contidos dalgunha/s unidade/é didáctica/s, realizaránselle apoios e reforzos para favorecer tanto a súa práctica como a súa aprendizaxe. De ser necesario, adaptaránselle os tempos e os procedementos de avaliación.
- Alumnado lesionado ou incapacitado temporalmente para realizar a práctica. No caso deste alumnado con necesidades educativas especiais poñeranse en marcha os apoios e as atencións educativas específicas necesarias para a consecución dos obxectivos de aprendizaxe. Nestes casos, asignarase un rol en función da UD que garanta que participa e logra os obxectivos fixados: avaliador, xuíz/árbitro e axudante serán os roles máis utilizados. A avaliación da súa práctica realizarase a través de táboas de indicadores específicas. A este alumnado, de ser o caso, en función das súas necesidades de atención á diversidade adaptaránselle tanto os tempos como os procedementos de avaliación.
- Alumnado que promociona coa materia sen superar. Neste caso elaborarase un Plan de reforzo adaptado ás súas particularidades. De todos os apartados do plan, destacamos as tarefas para realizar e a súa temporalización, así como os procedementos de seguimento e avaliación.
- Alumnado cun ritmo de aprendizaxe máis lento podemos poñer en marcha:

- Adaptacións metodolóxicas en canto ao estilo de ensinanza: empregar formas de organizar a clase individualizadas, realización de grupos de nivel naquelas actividades que así o requiran, etc...
- Adaptacións metodolóxicas en canto á técnica de ensinanza: comunicar só os aspectos máis importantes do modelo, presentar o modelo de forma máis personalizada. Procurar deseñar actividades diferentes para traballar un mesmo contido...
- Adaptacións metodolóxicas en canto ás estratexias pedagóxicas: apoio verbal, visual, manual, ampliación do tempo para alcanzar un determinado contido (polo que se establecerán progresións máis próximas á súa aptitude física). Reforzo permanente dos logros acadados para elevar a súa autoestima-autoconcepto, creación dun clima na aula na que o alumno/a non tema expresar as súas dificultades. Simplificación das actividades e adaptación das regras de xogo.

- Alumnado cun ritmo de aprendizaxe máis rápido, podemos:

- Plantexar actividades de ampliación que lles permitan profundar nos diversos contidos alcanzando obxectivos superiores.
- Implicar a este alumnado en programas de acción titorial con compañeiros/as que teñan dificultades na súa aprendizaxe.

- Alumnado con necesidades específicas de atención educativa: (a valorar segundo os cursos)

No caso de ser necesarias medidas extraordinarias de atención á diversidade unha vez esgotadas as de carácter ordinario, seguiranse as indicacións establecidas na normativa vixente, coa colaboración do departamento de orientación do centro.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión de lectura		X					X	
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X			X		X	
ET.3 - Comunicación audiovisual		X				X	X	
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X				X	
ET.5 - Emprendemento social e empresarial			X			X		
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico			X				X	
ET.7 - Educación emocional e en valores				X		X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero			X	X			X	X
ET.9 - Creatividade	X		X			X		

	UD 9	UD 10	UD 11
ET.1 - Comprensión de lectura			
ET.2 - Expresión oral e escrita		X	
ET.3 - Comunicación audiovisual		X	
ET.4 - Competencia dixital		X	
ET.5 - Emprendemento social e empresarial		X	
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico			
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X		
ET.9 - Creatividade			

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Yinkana en bici pola Illa de Arousa	Realizar unha ruta en bici pola Illa de Arousa	X		
Visita a un centro deportivo da cidade	Experimentar a oferta de actividades saudables nalgún centro deportivo da cidade	X		
Patinaxe sobre xeo	Patinar nunha pista de xeo en Vigo	X		
Coñecemos os clubes deportivos da nosa contorna	Visita ao instituto dalgún clube deportivo	X	X	X
Actividades no medio natural: sendeirismo, orientación	Actividades de práctica deportiva preferiblemente no ámbito natural: marcha sendeirista, orientación en medio urbano ou rural, dragon boat		X	X
Iniciación o pádel	Visita as instalacións de School Pádel Pontevedra e práctica dunha sesión.			X
Excursión ao Wake Club Fornelos	Práctica de actividades acuáticas: Wakeboard, hinchables na¿uticos, pedaletas, kayaks, paddle surf			X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Rexistro da temporalización das UDs ao longo do curso: cambios realizados, motivos/causas dos cambios, valoración das modificacións.
Autoavaliación do alumnado: implicación, motivación, esforzo, actitudes, respeto,...
Metodoloxía empregada
Análise persoal do deseño e desenvolvemento das UDs: actividades, instrumentos de avaliación, criterios de cualificación, metodoloxía, recursos, etc.
Análise e valoración dos recursos metodolóxicos utilizados: adecuación e variedade.
Realización de tarefas adaptadas. Adecuación ás particularidades individuais. Consecución dos obxectivos.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Valoración e análise dos resultados académicos ao longo do curso e das UDs
Rexistro diario sobre os resultados das sesións, adaptacións e modificacións.
Valoración e adecuación dos recursos utilizados nas UDs

Clima de traballo na aula
Enquisa ao alumnado sobre as UDs
Rexistro de: actitudes e comportamentos do alumnado, motivación do alumnado, respeto, colaboración, etc
Autorreflexións docente sobre a comunicación na aula e as relacións co alumnado.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Rexistro das reunións co departamento e cos docentes de aula e toma de decisións.
Rexistro das comunicacións enviadas ás familias a través de diferentes vías: telefónica, abalar ou en papel.
Rexistro das entrevistas coas familias e valoración da materia por parte do alumnado.

Descrición:

Utilizaremos diferentes instrumentos: rexistros, cuestionarios, enquisas, entrevistas, listaxes de control, reflexións, observador externo ou ben comparar a experiencia con outros compañeiros e compañeiras docentes.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O seguimento da programación realizarase a través da sección de "Seguimento" da Aplicación PROENS. Nesta sección indicarase a data de inicio e fin da UD, o número de sesións previstas, o número de sesións realizadas, o grao de cumprimento da programación (baixo-medio-alto), as propostas de mellora e calquera observación que se considere oportuna.

- Proponse facer o seguimento e a avaliación da programación nos seguintes prazos:
  - Ao remate de cada UD: avaliarase a eficacia das actividades plantexadas, a consecución de obxectivos por parte do alumnado, as dificultades atopadas, as necesidade de medidas de reforzo, os materiais e recursos empregados, outros instrumentos, etc.
  - Unha vez ao mes, na reunión do departamento, realizarase o seguimento da programación didáctica e estableceranse as medidas correctoras que, de ser o caso, se estimen necesarias.
  - Ao finalizar o trimestre, onde analizaranse as unidades didácticas levadas a cabo, factores favorables e dificultades atopadas na temporalización das mesmas e resultados acadados polo alumnado. No caso de que quedara sen impartir algunha UD, o seu peso repartirase equitativamente entre o resto de UU.DD. impartidas no trimestre.
  - Ao finalizar o curso escolar.

As propostas de mellora reorientarán e modificarán a nova programación, se é o caso, e unha vez discutido no seno do departamento (reorientarán as estratexias para desenvolver contidos, reforzarán aspectos varios, variarán procedementos, etc....) sempre buscando a optimización do proceso e o aproveitamento dos recursos. Estas propostas deberán quedar reflictidas na memoria final do departamento.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36018677	IES Luís Seoane	Pontevedra	2025/2026

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Filosofía	1º Bac.	3	105

Tipo de oferta
Réxime xeral-ordinario

Contido **Páxina**

1. Introdución 3

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias 4

3.1. Relación de unidades didácticas 6

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas 6

4.1. Concrecións metodolóxicas 20

4.2. Materiais e recursos didácticos 22

5.1. Procedemento para a avaliación inicial 23

5.2. Criterios de cualificación e recuperación 23

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes 25

6. Medidas de atención á diversidade 25

7.1. Concreción dos elementos transversais 25

7.2. Actividades complementarias 26

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro 27

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora 30

9. Outros apartados 31

1. Introdución

A través da UNESCO, a ONU alenta os seus estados membros a traballar na promoción, no fortalecemento e na extensión da filosofía en todos os niveis do ensino, porque a sociedade democrática, formada por unha pluralidade diversa de persoas e comunidades, proxectos e intereses, demanda un pensamento racional que axude a comprender o mundo complexo que nos rodea e proporcione instrumentos para edificar unha sociedade libre, igual e xusta. A UNESCO considera que a materia de Filosofía, o saber máis antigo de Europa, é a ferramenta adecuada que debe servir a este fin. A filosofía forma unha cidadanía reflexiva, lúcida, participativa, amante das institucións democráticas e con habilidades prácticas na resolución dos problemas específicos das sociedades democráticas avanzadas.

A materia de Filosofía capacita o alumnado para o exercicio do pensamento crítico e independente, co que alcanzar unha mellor comprensión do mundo globalizado e de si mesmo/a. Grazas a esta materia, os alumnos e as alumas adquiren a aptitude de entretecer unha defensa racional e razoable da súa autonomía, da súa dignidade e dos seus dereitos nun contexto en vías de globalización. O pensamento filosófico achega os coñecementos teóricos e as destrezas prácticas para entender, analizar e propor solucións aos desafíos intelectuais e morais do século XXI. Asemade, a materia de Filosofía ofrece os fundamentos conceptuais dos principios e dos valores da paz e da seguridade mundiais: democracia, imperio da lei, dereitos humanos, tolerancia, xustiza, igualdade e liberdade (a UNESCO nomea a Filosofía como "Escola de liberdade" na súa estratexia internacional e no informe de 2007). Os métodos filosóficos achegan enfoques plurais e contrastados que permiten albiscar saídas aos problemas que afectan a convivencia humana. A aprendizaxe do tratamento racional e dialogado destes asuntos disipa o recurso á violencia e á guerra, e fomenta a paz e a seguridade global e local.

Por outra parte, grazas aos modelos diversos de pensamento filosófico, a materia de Filosofía estimula a deliberación sosegada sobre as decisións que rexen a vida cotiá individual e colectiva, e impulsa a tomar iniciativas razoables. Nunha sociedade democrática avanzada, o alumnado debe formarse para aplicar o pensamento crítico á análise de principios económicos e políticos, sopesar teorías sobre a liberdade e a xustiza social, recoñecer a interacción dos fenómenos naturais e sociais, avaliar o impacto ético e social da tecnociencia e gozar con autonomía dos produtos artísticos. A materia de Filosofía proporciona a visión e a comprensión holística necesaria para realizar estas tarefas. O alumnado educado filosoficamente é, daquela, activo, curioso, argumentativo, creativo, comprometido e innovador.

Como se ve, a Filosofía como materia potencia o desenvolvemento das competencias sociais e cívicas, por estar estreitamente vinculadas coa finalidade última de todo o seu proxecto. Pero nesa consecución precisa acudir á competencia en comunicación lingüística, que lle permite ao alumnado tanto a exposición dun pensamento rigoroso e claro como o diálogo frutífero coas demais persoas. A competencia de aprender a aprender maniféstase na obriga intrínseca do facer filosófico de xerar marcos de sentido cada vez máis complexos, globais e enriquecedores que nos permitan tratar cunha realidade plástica, multifacética e omniabarcante, realidade que provoca en nós a moi humana sensación de admiración. E nesa sensación, a Filosofía non está soa, xa que a matemática e a ciencia se nutren da mesma fonte, e a competencia neses saberes cobra máis luz cando se examinan desde o saber que na orixe foi un con eles. Pero non chega a admiración. Con ela aparece a curiosidade que só se satisfai cando polo sentido de iniciativa e o espírito emprendedor nos animamos á acción, á creación e á innovación. O mesmo saber require atrevemento, ousadía, iniciativa, como nos lembra Kant. A competencia dixital capacita os alumnos e as alumnas para o uso das novas tecnoloxías que serven para traballar coa materia mesma da razón, o sentido, que se presenta baixo as dúas facetas da información e a comunicación.

O percorrido da filosofía polos seus temas e pola súa historia brinda acceso, ao cabo, a un panorama de teorías, pensadores/as, correntes, ideas, argumentos, críticas e preguntas que conforman a trama onde se viñeron tecendo as expresións culturais que nos fan ser o que somos.

Na materia de Filosofía, todas estas esixencias están aglutinadas en tres bloques temáticos: a filosofía e o ser humano, coñecemento e realidade, acción e creación. A través destes bloques o alumnado coñecerá os interrogantes, os conceptos, as formulacións e as respostas da filosofía aos grandes problemas do saber, o coñecemento, a ciencia, a realidade, a natureza, o ser humano, a acción, a arte, o discurso e a innovación. Os contidos relacionados coa epistemoloxía, a filosofía da ciencia e da natureza, e a metafísica permiten afondar no coñecemento que o alumnado ten do seu contorno e da súa relación con el. O alumnado desenvolve a competencia para interpretar sucesos, avaliar o seu impacto, localizar as súas causas, anticipar e prever as consecuencias, analizar os factores capaces de transformar a realidade. Así mesmo, invitan o alumnado a exercer o pensamento metódico (na ciencia, na ontoloxía e

na metafísica) con rigor e precisión. Os contidos de antropoloxía, ética e filosofía política dan luz sobre a realidade individual, social e cultural; estimulan a autocomprensión e o autocoñecemento, espertan a capacidade de argumentación moral e política, desenvolven a conciencia normativa e a empatía moral, fomentan o respecto polos dereitos humanos, invitan á participación activa na vida democrática. Os contidos de filosofía da linguaxe, lóxica, retórica e argumentación serven para educar a interpretación, a expresión, a formulación e a exposición do propio pensamento e do alleo en contextos comunicativos variados (deliberación, negociación, investigación, diálogo, controversia, discusión crítica e conversa informal), empregando con eficacia o razoamento lóxico e respectando as máximas que rexen a conduta racional comunicativa. Os contidos de estética proxectan o alumnado a comprender, apreciar e valorar con espírito crítico reflexivo, actitude aberta e respectuosa, as diferentes manifestacións culturais e artísticas.

Tanto estes contidos curriculares coma o tratamento das competencias clave e dos elementos transversais requiren o uso dunha metodoloxía didáctica na que os alumnos e as alumnas sexan quen de ocupar o papel activo fundamental que lles corresponde nos procesos de ensino e aprendizaxe: o de persoas autónomas e críticas, sociais e racionais, creativas e prudentes, donas de si e respectuosas coas demais persoas, sabias e felices. O tipo de persoa que a mellor filosofía nos presenta, desde sempre, como ideal humano.

Tendo en conta o anterior e de acordo coa normativa aplicable, nesta programación: 1) a metodoloxía didáctica proposta, 2) a elección e o deseño das unidades didácticas , 3) a formulación dos mínimos esixibles, e 4) o deseño dos criterios de cualificación e recuperación, responden á finalidade de adaptarse ás diversas características e necesidades do noso alumnado e está guiada pola experiencia dos cursos anteriores, recollida nas correspondentes memorias do departamento.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Adquirir unha perspectiva global, sistémica e transdisciplinaria á hora de identificar problemas e formular cuestións fundamentais e de actualidade, analizando e categorizando os seus múltiples aspectos, distinguindo o máis substancial do accesorio, e integrando información e ideas de distintos ámbitos disciplinarios, desde a perspectiva fundamental da filosofía, para recoñecer a radicalidade e transcendencia de tales cuestións, así como a necesidade de afrontalas para desenvolver unha vida reflexiva e consciente de si, e para tratar estes problemas complexos de modo crítico, creativo e transformador.	2-3				12-40	1-3-4		1

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX2 - Buscar, xestionar, interpretar, producir e transmitir correctamente información relativa a cuestións filosóficas, a partir da análise e interpretación de textos e outras formas de expresión filosófica e cultural, do emprego contrastado e seguro de fontes, o uso e análise rigoroso destas, o emprego de procedementos elementais de investigación e comunicación, e o uso e valoración adecuada de argumentos e estruturas argumentais para apreciar distintos tipos de discurso, desenvolver unha actitude indagadora, autónoma, rigorosa e creativa no ámbito da reflexión filosófica, e evitar así modos dogmáticos, falaces e nesgados de soster opinións e hipóteses.	1-2-3-5		1	1-3	40	3	3	
OBX3 - Practicar o exercicio do diálogo filosófico de maneira rigorosa, crítica, tolerante e empática, interiorizando as pautas éticas e formais que este require, mediante a participación en actividades grupais e a través da formulación dialóxica das cuestións filosóficas, para promover o contraste e intercambio de ideas e o exercicio dunha cidadanía activa e democrática.	1-5		1		31	2-3		1-32
OBX4 - Recoñecer o carácter plural das concepcións, ideas e argumentos arredor de cada un dos problemas fundamentais da filosofía, comprendendo as principais ideas e teorías filosóficas das máis importantes pensadoras e pensadores, mediante a análise crítica e dialéctica das diversas teses relevantes e dos problemas fundamentais aos que estas responden, para xerar unha concepción complexa e non dogmática das devanditas cuestións e ideas e formarse unha visión rigorosa e persoal do que significa a filosofía, da súa riqueza e influencia cultural e histórica, e da súa achega ao patrimonio común, promovendo así unha actitude aberta, tolerante e comprometida coa resolución racional e pacífica dos conflitos.	2-5					1-2-3		2

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A FILOSOFÍA	Introdución á Filosofía: ramas, problemas e desenvolvemento histórico	5	5	X		
2	A REALIDADE	Metafísica: Ontoloxía, Teoloxía e cosmovisións	20	20	X		
3	O COÑECEMENTO	Epistemoloxía moderna e Filosofía da Ciencia	20	20	X	X	
4	A COMUNICACIÓN	Linguaxe e Lóxica	15	15		X	
5	O SER HUMANO	Antropoloxía, Psicoloxía, Historia, Existencia	10	15		X	
6	O BEN E A LIBERDADE	Ética	15	15			X
7	A XUSTIZA	Política e Dereito	10	10			X
8	A BELEZA	Estética	5	5			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	A FILOSOFÍA	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a radicalidade e transcendencia dos problemas filosóficos mediante o seu recoñecemento, análise e reformulación en textos e outros medios de expresión, tanto filosóficos como literarios, históricos, científicos, artísticos ou relativos a calquera outro ámbito cultural.	Recoñece e reformula os interrogantes e problemas filosóficos interpretando, analizando e comparando textos de diferentes tipos (filosóficos, literarios, xornalísticos, históricos, etc.).	PE	80
CA1.2 - Afrontar cuestións e problemas complexos, de carácter fundamental e de actualidade, de modo interdisciplinario, sistemático e creativo, utilizando conceptos, ideas e procedementos provenientes de distintos campos do saber, e orientándoos e articulándoos criticamente desde unha perspectiva filosófica.	Comprende e aborda tanto as cuestións fundamentais das disciplinas filosóficas coma os novos problemas e perspectivas aos que se enfronta a filosofía, vinculándoos cos diversos campos do saber.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Demostrar un coñecemento práctico dos procedementos elementais da investigación filosófica e desenvolver unha actitude indagadora, autónoma e activa no ámbito da reflexión filosófica, a través de tarefas como a identificación de fontes fiables, a procura eficiente e segura de información, e a correcta organización, deseño, análise, interpretación, avaliación, produción e comunicación desta, tanto dixitalmente como a través de medios máis tradicionais en forma de produtos orixinais, tales como traballos de investigación, disertacións, comentarios de texto ou outros discursos argumentativos, orais e escritos, sobre cuestións e problemas filosóficos, demostrando un uso correcto de normas e pautas lóxicas, retóricas e argumentativas.	Demostra un coñecemento práctico dos procedementos elementais da investigación filosófica e desenvolve unha actitude indagadora a través de tarefas como a identificación de fontes fiables, a procura eficiente e segura de información, e a correcta organización e comunicación desta.		
CA1.5 - Xerar unha concepción complexa e non dogmática do que supón a filosofía como saber fundamental, crítico e universal, distinguíndoo doutros saberes e actividades humanas, e valorando a súa vixencia no momento actual, comprendendo os pensamentos sobre o momento actual como froito dun proceso dinámico e sempre aberto de reflexión e diálogo filosófico.	Entende e practica a filosofía como unha unha actividade de pensamento crítico e aberto, distinguíndoo doutros saberes e actividades humanas, e valorando a súa vixencia no momento actual.		
CA1.4 - Promover o contraste e intercambio de ideas e a práctica dunha cidadanía activa e democrática a través da participación en actividades grupais, en especial o exercicio do diálogo racional, respectuoso, aberto e construtivo, sobre cuestións e problemas filosoficamente relevantes, diálogo no que detectar e evitar modos dogmáticos, falaces e nesgados de soster opinións e hipóteses, recoñecendo a importancia da cooperación, o compromiso coa busca da verdade, o respecto á pluralidade e o rexeitamento de toda actitude discriminatoria ou arbitraria, aplicando os devanditos principios á práctica argumentativa e ao diálogo cos demais.	Promove e practica o intercambio de ideas mediante o exercicio do diálogo racional, respectuoso, aberto e construtivo, recoñecendo a importancia da cooperación e rexeitando toda actitude discriminatoria.	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- A reflexión filosófica sobre a propia filosofía. O problema filosófico da definición de filosofía. - Características da filosofía. - Concepcións da filosofía. - A tradición filosófica. - Breve síntese das grandes épocas históricas da filosofía. - A variedade de intereses, temas e perspectivas empregadas no facer filosófico. - A filosofía como saber.

Contidos
- As grandes subdisciplinas da filosofía: os saberes filosóficos tradicionais. - Os métodos da filosofía. - O traballo filosófico. - Uso e análise crítico de fontes. - O traballo con textos filosóficos: comprensión e interpretación. - O traballo con materiais non filosóficos: a identificación de problemas filosóficos. - A argumentación sólida como base do pensamento e o diálogo filosóficos. - A investigación e a disertación filosóficas.

UD	Título da UD	Duración
2	A REALIDADE	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a radicalidade e transcendencia dos problemas filosóficos mediante o seu recoñecemento, análise e reformulación en textos e outros medios de expresión, tanto filosóficos como literarios, históricos, científicos, artísticos ou relativos a calquera outro ámbito cultural.	Recoñece as preguntas e os problemas que veñen caracterizando a filosofía desde a súa orixe analizando e comparando textos de diferentes tipos (filosóficos, científicos, literarios, xornalísticos, históricos, etc.).	PE	80
CA1.2 - Afrontar cuestións e problemas complexos, de carácter fundamental e de actualidade, de modo interdisciplinario, sistemático e creativo, utilizando conceptos, ideas e procedementos provenientes de distintos campos do saber, e orientándoos e articulándoos criticamente desde unha perspectiva filosófica.	Identifica e afronta problemas filosóficos de actualidade, de modo interdisciplinario, procurando articulalos criticamente desde unha perspectiva integradora mediante o emprego de conceptos filosóficos.		
CA2.1 - Recoñecer a radicalidade e transcendencia dos problemas filosóficos mediante o seu recoñecemento, análise e reformulación en textos e outros medios de expresión, tanto filosóficos como literarios, históricos, científicos, artísticos ou relativos a calquera outro ámbito cultural.	Recoñece e reformula interrogantes e problemas metafísicos mediante a análise e comparación de textos de diferentes tipos (filosóficos, literarios, xornalísticos, históricos, etc.).		
CA2.2 - Afrontar cuestións e problemas complexos, de carácter fundamental e de actualidade, de modo interdisciplinario, sistemático e creativo, utilizando conceptos, ideas e procedementos provenientes de distintos campos do saber, e orientándoos e articulándoos criticamente desde unha perspectiva filosófica.	Analiza e relaciona cuestións metafísicas fundamentais e de actualidade avaliando e contrastando os diferentes argumentos e contraargumentos en liza.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Tomar consciencia da riqueza e influencia do pensamento filosófico sobre a realidade e a existencia, e outros problemas metafísicos, identificando e analizando as principais ideas e teorías filosóficas en textos ou documentos pertencentes a ámbitos culturais diversos, así como poñéndoas en relación con experiencias, accións ou acontecementos comúns e de actualidade.	Identifica e analiza algunhas das principais teorías filosóficas sobre a realidade en textos ou documentos pertencentes a ámbitos culturais diversos e poñéndoas en relación con feitos de actualidade e recoñecendo a súa influencia sobre eles.	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- A tradición filosófica. - Breve síntese das grandes épocas históricas da filosofía. - A variedade de intereses, temas e perspectivas empregadas no facer filosófico. - A filosofía como saber. - A filosofía como experiencia humana. A necesidade humana de lle dar sentido racional á realidade, ás nosas accións e ao noso ser social. - Comparación con outros campos do saber: mitoloxía, relixión, ciencia, saber común, razón poética. - O sentido da filosofía no século XXI. - Sentido e finalidade da filosofía. - A vixencia da reflexión filosófica ante os retos do século XXI. - Novos temas e áreas actuais de investigación filosófica. - O problema metafísico do real. - Aparencia e realidade. As realidades virtuais. - Unidade e pluralidade. - Categorías e modos de ser. - Entidades físicas e obxectos ideais: o problema dos universais. - O problema filosófico do tempo e do cambio. - O problema filosófico da existencia de Deus. - Teísmo, ateísmo e agnosticismo.

UD	Título da UD	Duración
3	O COÑECEMENTO	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Recoñecer a radicalidade e transcendencia dos problemas filosóficos mediante o seu recoñecemento, análise e reformulación en textos e outros medios de expresión, tanto filosóficos como literarios, históricos, científicos, artísticos ou relativos a calquera outro ámbito cultural.	Recoñece e reformula interrogantes e problemas gnoseolóxicos mediante a análise e comparación de textos de diferentes tipos (filosóficos, literarios, xornalísticos, históricos, etc.).	PE	80
CA2.2 - Afrontar cuestións e problemas complexos, de carácter fundamental e de actualidade, de modo interdisciplinario, sistemático e creativo, utilizando conceptos, ideas e procedementos provenientes de distintos campos do saber, e orientándoos e articulándoos criticamente desde unha perspectiva filosófica.	Analiza e relaciona cuestións metafísicas e epistemolóxicas fundamentais e de actualidade avaliando e contrastando os diferentes argumentos e contraargumentos en liza.		
CA2.3 - Demostrar un coñecemento práctico dos procedementos elementais da investigación filosófica e desenvolver unha actitude indagadora, autónoma e activa no ámbito da reflexión filosófica, a través de tarefas como a identificación de fontes fiables, a procura eficiente e segura de información, e a correcta organización, deseño, análise, interpretación, avaliación, produción e comunicación desta, tanto dixitalmente como a través de medios máis tradicionais en forma de produtos orixinais, tales como traballos de investigación, disertacións, comentarios de texto ou outros discursos argumentativos, orais e escritos sobre cuestións e problemas filosóficos, demostrando un uso correcto de normas e pautas lóxicas, retóricas e argumentativas.	Demostra un coñecemento práctico dos procedementos elementais da investigación filosófica e desenvolve unha actitude indagadora a través de tarefas como a identificación de fontes fiables, a procura eficiente e segura de información, e a correcta organización e comunicación desta.		
CA2.6 - Abordar desde distintas perspectivas e disciplinas o problema filosófico do coñecemento en xeral e do coñecemento científico e tecnolóxico en particular, identificando e analizando de xeito crítico, complexo e rigoroso as ideas e teorías filosóficas que algunhas das máis importantes pensadoras e pensadores da historia propuxeron para interpretalo, a través da análise comparativa dos argumentos, principios, metodoloxías e enfoques das devanditas teses e teorías.	Aborda desde distintas perspectivas e disciplinas o problema filosófico do coñecemento en xeral e do coñecemento científico e tecnolóxico en particular, identificando e analizando de xeito crítico algunhas das principais teorías ao respecto.		
CA2.4 - Promover o contraste e intercambio de ideas e a práctica dunha cidadanía activa e democrática a través da participación en actividades grupais, en especial o exercicio do diálogo racional, respectuoso, aberto e construtivo, sobre cuestións e problemas filosoficamente relevantes, diálogo no que detectar e evitar modos dogmáticos, falaces e nesgados de soster opinións e hipóteses, recoñecendo a importancia da cooperación, o compromiso coa busca da verdade, o respecto á pluralidade e o rexeitamento de toda actitude discriminatoria ou arbitraria, aplicando os devanditos principios á práctica argumentativa e ao diálogo cos demais.	Promove e practica o intercambio de ideas mediante o exercicio do diálogo racional, respectuoso, aberto e construtivo, recoñecendo a importancia da cooperación e rexeitando toda actitude discriminatoria.	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- O problema filosófico do coñecemento. - Definición, posibilidade e límites do coñecemento. - A teoría do coñecemento: racionalismo, empirismo e outras teorías. - O saber científico: definición, demarcación e metodoloxías científicas. A filosofía da ciencia: natureza, problemas e límites do coñecemento científico. - A dimensión social e política do coñecemento. - O papel das mulleres na ciencia e nos outros saberes. - Coñecemento e interese. - Saber e poder. - A tecnociencia contemporánea. - O problema mente-corpo desde a Idade Moderna á intelixencia artificial. - O problema do determinismo. Necesidade, azar e liberdade.

UD	Título da UD	Duración
4	A COMUNICACIÓN	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Demostrar un coñecemento práctico dos procedementos elementais da investigación filosófica e desenvolver unha actitude indagadora, autónoma e activa no ámbito da reflexión filosófica, a través de tarefas como a identificación de fontes fiables, a procura eficiente e segura de información, e a correcta organización, deseño, análise, interpretación, avaliación, produción e comunicación desta, tanto dixitalmente como a través de medios máis tradicionais en forma de produtos orixinais, tales como traballos de investigación, disertacións, comentarios de texto ou outros discursos argumentativos, orais e escritos, sobre cuestións e problemas filosóficos, demostrando un uso correcto de normas e pautas lóxicas, retóricas e argumentativas.	Demostra un coñecemento práctico dos procedementos elementais da investigación filosófica e da lóxica de primeira orde, as súas bases e o procedemento de dedución natural.	PE	80
CA2.2 - Afrontar cuestións e problemas complexos, de carácter fundamental e de actualidade, de modo interdisciplinario, sistemático e creativo, utilizando conceptos, ideas e procedementos provenientes de distintos campos do saber, e orientándoos e articulándoos criticamente desde unha perspectiva filosófica.	Analiza e relaciona cuestións lingüísticas e lóxicas fundamentais e de actualidade avaliando e contrastando os diferentes argumentos e contraargumentos en liza.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Demostrar un coñecemento práctico dos procedementos elementais da investigación filosófica e desenvolver unha actitude indagadora, autónoma e activa no ámbito da reflexión filosófica, a través de tarefas como a identificación de fontes fiables, a procura eficiente e segura de información, e a correcta organización, deseño, análise, interpretación, avaliación, produción e comunicación desta, tanto dixitalmente como a través de medios máis tradicionais en forma de produtos orixinais, tales como traballos de investigación, disertacións, comentarios de texto ou outros discursos argumentativos, orais e escritos sobre cuestións e problemas filosóficos, demostrando un uso correcto de normas e pautas lóxicas, retóricas e argumentativas.	Demostra un coñecemento práctico dos procedementos elementais da investigación filosófica e desenvolve unha actitude indagadora a través de tarefas como a identificación de fontes fiables, a procura eficiente e segura de información, e a correcta organización e comunicación desta.		
CA2.7 - Comprender e apreciar a importancia da solidez e validez das formas argumentativas, a partir da súa análise tanto formal como informal, e identificar as falacias e os nesgos que se poden encontrar en textos ou documentos pertencentes a ámbitos culturais diversos, como usos argumentativos ilexítimos, explicando a natureza ou mecanismo das devanditas falacias e nesgos.	Comprende e aprecia a importancia da solidez e validez das formas argumentativas, a partir da súa análise tanto formal como informal, e identifica as falacias e os sesgos que se poden encontrar en textos ou documentos pertencentes a ámbitos culturais diversos.		
CA2.4 - Promover o contraste e intercambio de ideas e a práctica dunha cidadanía activa e democrática a través da participación en actividades grupais, en especial o exercicio do diálogo racional, respectuoso, aberto e construtivo, sobre cuestións e problemas filosoficamente relevantes, diálogo no que detectar e evitar modos dogmáticos, falaces e nesgados de soster opinións e hipóteses, recoñecendo a importancia da cooperación, o compromiso coa busca da verdade, o respecto á pluralidade e o rexeitamento de toda actitude discriminatoria ou arbitraria, aplicando os devanditos principios á práctica argumentativa e ao diálogo cos demais.	Promove e practica o intercambio de ideas mediante o exercicio do diálogo racional, respectuoso, aberto e construtivo, recoñecendo a importancia da cooperación e rexeitando toda actitude discriminatoria.	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- O sentido da filosofía no século XXI. - Novos temas e áreas actuais de investigación filosófica. - Personalidade e identidade persoal. - Consciencia e linguaxe. - A verdade como obxectivo do coñecemento. - As teorías da verdade. - O fenómeno da desinformación e a «posverdade».

Contidos
- O razoamento e a argumentación. - A argumentación formalmente válida: a lóxica formal. Simbolización, táboas de verdade, e dedución natural da lóxica proposicional. - A argumentación informal. - A argumentación incorrecta: falacias e nesgos cognitivos.

UD	Título da UD	Duración
5	O SER HUMANO	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a radicalidade e transcendencia dos problemas filosóficos mediante o seu recoñecemento, análise e reformulación en textos e outros medios de expresión, tanto filosóficos como literarios, históricos, científicos, artísticos ou relativos a calquera outro ámbito cultural.	Recoñece as preguntas e os problemas fundamentais que o ser humano se formulou sobre si mesmo dende sempre, preguntas por tanto fundamentais na filosofía dende a súa orixe; analizando e comparando textos de diferentes tipos (filosóficos, literarios, xornalísticos, históricos, etc.).	PE	80
CA1.2 - Afrontar cuestións e problemas complexos, de carácter fundamental e de actualidade, de modo interdisciplinario, sistemático e creativo, utilizando conceptos, ideas e procedementos provenientes de distintos campos do saber, e orientándoos e articulándoos criticamente desde unha perspectiva filosófica.	Recoñece e reformula interrogantes e problemas antropolóxicos mediante a análise e comparación de textos de diferentes tipos (filosóficos, científicos, literarios, xornalísticos, históricos, etc.).		
CA1.5 - Xerar unha concepción complexa e non dogmática do que supón a filosofía como saber fundamental, crítico e universal, distinguíndoo doutros saberes e actividades humanas, e valorando a súa vixencia no momento actual, comprendendo os pensamentos sobre o momento actual como froito dun proceso dinámico e sempre aberto de reflexión e diálogo filosófico.	Entende e practica a filosofía como unha unha actividade de pensamento crítico e aberto, distinguíndoo doutros saberes e actividades humanas, e valorando a súa vixencia no momento actual.		
CA1.6 - Adquirir e demostrar un coñecemento significativo das ideas e teorías filosóficas sobre o ser humano, o fundamento, valor e sentido da súa existencia e a súa realidade, dalgunhas das máis importantes pensadoras e pensadores da historia, mediante a aplicación e a análise crítica daquelas no contexto da práctica individual ou colectiva da indagación filosófica.	Contrasta e relaciona, con claridade e coherencia, algunhas das principais concepcións filosóficas que se viñeron dando historicamente sobre o ser humano, analizando criticamente a influencia do contexto sociocultural.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Promover o contraste e intercambio de ideas e a práctica dunha cidadanía activa e democrática a través da participación en actividades grupais, en especial o exercicio do diálogo racional, respectuoso, aberto e construtivo, sobre cuestións e problemas filosoficamente relevantes, diálogo no que detectar e evitar modos dogmáticos, falaces e nesgados de soster opinións e hipóteses, recoñecendo a importancia da cooperación, o compromiso coa busca da verdade, o respecto á pluralidade e o rexeitamento de toda actitude discriminatoria ou arbitraria, aplicando os devanditos principios á práctica argumentativa e ao diálogo cos demais.	Promove e practica o intercambio de ideas mediante o exercicio do diálogo racional, respectuoso, aberto e construtivo, recoñecendo a importancia da cooperación e rexeitando toda actitude discriminatoria.	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- As ausencias de colectivos e as posibles discriminacións que cuestionan a tradición.
- Filosofía e condición social: a discriminación social.
- Filosofía e xénero: a discriminación da muller na historia da filosofía.
- Filosofía e eurocentrismo: a discriminación étnico-cultural.
- A filosofía como saber.
- A filosofía como experiencia humana. A necesidade humana de lle dar sentido racional á realidade, ás nosas accións e ao noso ser social.
- Filosofía e infancia: a infancia como momento propicio para a experiencia filosófica.
- O ser humano como suxeito da experiencia filosófica e como obxecto principal da reflexión filosófica.
- As grandes concepcións filosóficas sobre o ser humano.
- A filosofía e a existencia humana.
- O debate sobre a xénese e a definición da natureza humana.
- A especificidade natural do Homo sapiens.
- Os condicionantes históricos, sociais e culturais que nos fan ser como somos.
- Personalidade e identidade persoal.
- A estrutura psicosomática da personalidade.
- Ámbitos do psiquismo: sensibilidade, emotividade, desexos, volición e facultades cognitivas.
- O problema da identidade persoal: tipos e modos de identidade.
- Máis alá dos límites humanos. A especulación sobre o transhumanismo.

UD	Título da UD	Duración
6	O BEN E A LIBERDADE	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.7 - Analizar problemas éticos e políticos fundamentais e de actualidade mediante a exposición crítica e dialéctica de distintas posicións filosoficamente pertinentes na súa interpretación e resolución, desenvolvendo así o xuízo propio e a autonomía moral, mediante a análise filosófica dos devanditos problemas, considerando as distintas posicións en disputa, e elaborando, argumentando, expoñendo e sometendo ao diálogo cos demais as propias teses respecto diso.	Analiza problemas éticos e políticos de actualidade identificando e contrastando as distintas posicións en disputa, e argumentando os propios puntos de vista con claridade e coherencia.	PE	80
CA2.2 - Afrontar cuestións e problemas complexos, de carácter fundamental e de actualidade, de modo interdisciplinario, sistemático e creativo, utilizando conceptos, ideas e procedementos provenientes de distintos campos do saber, e orientándoos e articulándoos criticamente desde unha perspectiva filosófica.	Analiza a vinculación fundamental entre ética e metafísica en referencia ao problema da liberdade e comprende as posturas e os argumentos en liza.		
CA3.2 - Afrontar cuestións e problemas complexos, de carácter fundamental e de actualidade, de modo interdisciplinario, sistemático e creativo, utilizando conceptos, ideas e procedementos provenientes de distintos campos do saber, e orientándoos e articulándoos criticamente desde unha perspectiva filosófica.	Analiza e relaciona cuestións éticas fundamentais e de actualidade avaliando e contrastando os diferentes argumentos e contraargumentos en liza.		
CA3.5 - Adquirir e demostrar un coñecemento significativo das ideas e teorías filosóficas sobre o ser humano, o fundamento, valor e sentido da súa existencia e a súa realidade, dalgunhas das máis importantes pensadoras e pensadores da historia, mediante a aplicación e a análise crítica daquelas no contexto da práctica individual ou colectiva da indagación filosófica.	Contrasta e relaciona, analizando criticamente a influencia do contexto sociocultural, algunhas das principais concepcións filosóficas que se viñeron dando historicamente sobre o ser humano e enlazándoas coas diferentes teorías éticas estudadas.		
CA3.6 - Analizar problemas éticos e políticos fundamentais e de actualidade mediante a exposición crítica e dialéctica de distintas posicións filosoficamente pertinentes na súa interpretación e resolución, desenvolvendo así o xuízo propio e a autonomía moral, mediante a análise filosófica dos devanditos problemas, considerando as distintas posicións en disputa e elaborando, argumentando, expoñendo e sometendo ao diálogo cos demais as propias teses respecto diso.	Analiza problemas éticos de actualidade identificando e contrastando as distintas posicións en disputa, e argumentando os propios puntos de vista con claridade e coherencia.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Promover o contraste e intercambio de ideas e a práctica dunha cidadanía activa e democrática a través da participación en actividades grupais, en especial o exercicio do diálogo racional, respectuoso, aberto e construtivo sobre cuestións e problemas filosoficamente relevantes, diálogo no que detectar e evitar modos dogmáticos, falaces e nesgados de soster opinións e hipóteses, recoñecendo a importancia da cooperación, o compromiso coa busca da verdade, o respecto á pluralidade e o rexeitamento de toda actitude discriminatoria ou arbitraria, aplicando os devanditos principios á práctica argumentativa e ao diálogo cos demais.	Promove e practica o intercambio de ideas mediante o exercicio do diálogo racional, respectuoso, aberto e construtivo recoñecendo a importancia da cooperación e rexeitando toda actitude discriminatoria.	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- A filosofía como saber.
- A filosofía como experiencia humana. A necesidade humana de lle dar sentido racional á realidade, ás nosas accións e ao noso ser social.
- O ser humano como suxeito da experiencia filosófica e como obxecto principal da reflexión filosófica.
- A filosofía e a existencia humana.
- O problema mente-corpo desde a Idade Moderna á intelixencia artificial.
- O problema do determinismo. Necesidade, azar e liberdade.
- O feito ético e a razón práctica.
- Separación entre ética, moral e dereito: racionalidade ética, conciencia moral e lexitimidade política.
- A liberdade como condición para o diálogo ético e o xuízo moral.
- Metaética e ética normativa.
- Cognitivismo ético fronte ao emotivismo e o intuicionismo.
- Formalismo ético fronte a materialismo ético.
- Universalismo e relativismos éticos.
- Ética do coidado: necesidade de igualdade efectiva de dereitos entre mulleres e homes.
- Éticas aplicadas.
- A valoración das accións á marxe da moral: alén do ben e do mal.
- Problemas éticos actuais.
- A guerra, o terrorismo e outras formas de violencia.
- As desigualdades e a pobreza.
- A discriminación e o respecto polas minorías.

Contidos
- Problemas ecosociais e ambientais.

UD	Título da UD	Duración
7	A XUSTIZA	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.7 - Analizar problemas éticos e políticos fundamentais e de actualidade mediante a exposición crítica e dialéctica de distintas posicións filosoficamente pertinentes na súa interpretación e resolución, desenvolvendo así o xuízo propio e a autonomía moral, mediante a análise filosófica dos devanditos problemas, considerando as distintas posicións en disputa, e elaborando, argumentando, expoñendo e sometendo ao diálogo cos demais as propias teses respecto diso.	Analiza problemas éticos e políticos de actualidade identificando e contrastando as distintas posicións en disputa, e argumentando os propios puntos de vista con claridade e coherencia.	PE	80
CA3.2 - Afrontar cuestións e problemas complexos, de carácter fundamental e de actualidade, de modo interdisciplinario, sistemático e creativo, utilizando conceptos, ideas e procedementos provenientes de distintos campos do saber, e orientándoos e articulándoos criticamente desde unha perspectiva filosófica.	Analiza e relaciona cuestións políticas fundamentais e de actualidade avaliando e contrastando os diferentes argumentos e contraargumentos en liza.		
CA3.5 - Adquirir e demostrar un coñecemento significativo das ideas e teorías filosóficas sobre o ser humano, o fundamento, valor e sentido da súa existencia e a súa realidade, dalgunhas das máis importantes pensadoras e pensadores da historia, mediante a aplicación e a análise crítica daquelas no contexto da práctica individual ou colectiva da indagación filosófica.	Contrasta e relaciona, analizando criticamente a influencia do contexto sociocultural, algunhas das principais concepcións filosóficas que se viñeron dando historicamente sobre o ser humano e enlazándoas cos diferentes realidades e propostas políticas estudadas.		
CA3.6 - Analizar problemas éticos e políticos fundamentais e de actualidade mediante a exposición crítica e dialéctica de distintas posicións filosoficamente pertinentes na súa interpretación e resolución, desenvolvendo así o xuízo propio e a autonomía moral, mediante a análise filosófica dos devanditos problemas, considerando as distintas posicións en disputa e elaborando, argumentando, expoñendo e sometendo ao diálogo cos demais as propias teses respecto diso.	Analiza problemas políticos de actualidade identificando e contrastando as distintas posicións en disputa, e argumentando os propios puntos de vista con claridade e coherencia.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Promover o contraste e intercambio de ideas e a práctica dunha cidadanía activa e democrática a través da participación en actividades grupais, en especial o exercicio do diálogo racional, respectuoso, aberto e construtivo sobre cuestións e problemas filosoficamente relevantes, diálogo no que detectar e evitar modos dogmáticos, falaces e nesgados de soster opinións e hipóteses, recoñecendo a importancia da cooperación, o compromiso coa busca da verdade, o respecto á pluralidade e o rexeitamento de toda actitude discriminatoria ou arbitraria, aplicando os devanditos principios á práctica argumentativa e ao diálogo cos demais.	Promove e practica o intercambio de ideas mediante o exercicio do diálogo racional, respectuoso, aberto e construtivo, recoñecendo a importancia da cooperación e rexeitando toda actitude discriminatoria.	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- As ausencias de colectivos e as posibles discriminacións que cuestionan a tradición.
- Filosofía e condición social: a discriminación social.
- Os dereitos humanos e a posibilidade dunha ética universal de mínimos: entre a ética e o dereito.
- Orixe, lexitimidade e vixencia.
- Xeracións dos dereitos humanos.
- Os dereitos da infancia.
- Dereitos dos animais.
- O ser humano como animal político.
- Os fundamentos da organización social e do poder político: naturalismo, iusnaturalismo e contractualismo.
- Definición do político: legalidade e lexitimidade.
- Os principios políticos fundamentais: igualdade e liberdade; individuo e Estado; traballo, propiedade e distribución da riqueza.
- O debate político contemporáneo: liberalismo, utilitarismo e comunitarismo.
- Cidadanía e Estado de benestar.
- Xustiza e democracia.
- A xustiza como problema filosófico.
- A reflexión filosófica sobre a democracia.
- Ideais, utopías e distopías.
- Os movementos sociais e políticos.
- O feminismo e a perspectiva de xénero.

UD	Título da UD	Duración
8	A BELEZA	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Recoñecer a radicalidade e transcendencia dos problemas filosóficos mediante o seu recoñecemento, análise e reformulación en textos e outros medios de expresión, tanto filosóficos como literarios, históricos, científicos, artísticos ou relativos a calquera outro ámbito cultural.	Recoñece e reformula interrogantes e problemas estéticos mediante a análise e comparación de textos e obxectos de carácter filosófico e/ou artístico.	PE	80
CA3.2 - Afrontar cuestións e problemas complexos, de carácter fundamental e de actualidade, de modo interdisciplinario, sistemático e creativo, utilizando conceptos, ideas e procedementos provenientes de distintos campos do saber, e orientándoos e articulándoos criticamente desde unha perspectiva filosófica.	Analiza e relaciona cuestións estéticas fundamentais e de actualidade avaliando e contrastando os diferentes argumentos e contraargumentos en liza.		
CA3.3 - Demostrar un coñecemento práctico dos procedementos elementais da investigación filosófica e desenvolver unha actitude indagadora, autónoma e activa no ámbito da reflexión filosófica, a través de tarefas como a identificación de fontes fiables, a procura eficiente e segura de información, e a correcta organización, deseño, análise, interpretación, avaliación, produción e comunicación desta, tanto dixitalmente como a través de medios máis tradicionais en forma de produtos orixinais, tales como traballos de investigación, disertacións, comentarios de texto ou outros discursos argumentativos, orais e escritos, sobre cuestións e problemas filosóficos, demostrando un uso correcto de normas e pautas lóxicas, retóricas e argumentativas.	Demostra un coñecemento práctico dos procedementos elementais da investigación filosófica e desenvolve unha actitude indagadora a través de tarefas como a identificación de fontes fiables, a procura eficiente e segura de información, e a correcta organización e comunicación desta.		
CA3.7 - Desenvolver a sensibilidade e a comprensión crítica da arte e outras manifestacións e actividades con valor estético mediante o exercicio do pensamento filosófico sobre a beleza e a creación artística, contribuíndo así á educación dos sentimentos e ao desenvolvemento dunha actitude reflexiva con respecto á linguaxe e sentido das imaxes, e xerando un adecuado equilibrio entre o aspecto racional e emotivo na consideración destes problemas filosóficos do ámbito da estética, a través da reflexión expresa arredor da arte, e doutras actividades ou experiencias con valor estético, e a análise do papel das imaxes e a linguaxe audiovisual na cultura contemporánea.	Reflexiona con claridade e precisión sobre algunhas cuestións de relevancia arredor da crítica e do papel das imaxes, arte e linguaxe audiovisual.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Promover o contraste e intercambio de ideas e a práctica dunha cidadanía activa e democrática a través da participación en actividades grupais, en especial o exercicio do diálogo racional, respectuoso, aberto e construtivo sobre cuestións e problemas filosoficamente relevantes, diálogo no que detectar e evitar modos dogmáticos, falaces e nesgados de soster opinións e hipóteses, recoñecendo a importancia da cooperación, o compromiso coa busca da verdade, o respecto á pluralidade e o rexeitamento de toda actitude discriminatoria ou arbitraria, aplicando os devanditos principios á práctica argumentativa e ao diálogo cos demais.	Promove e practica o intercambio de ideas mediante o exercicio do diálogo racional, respectuoso, aberto e construtivo, recoñecendo a importancia da cooperación e rexeitando toda actitude discriminatoria.	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Definición, ámbitos e problemas da estética: arte, beleza e gusto. - Teorías sobre a beleza e a arte. - Teorías clásicas e modernas sobre a beleza e a arte. - Teorías e problemas estéticos contemporáneos. - A relación do estético con outros ámbitos da cultura: a reflexión sobre a imaxe e a cultura audiovisual. - A estética e as súas implicacións filosóficas coa ética e a política. - Ética e estética. - O papel político da arte.

4.1. Concrecións metodolóxicas

1. PRINCIPIOS DIDÁCTICOS
Analizando as orientacións xerais desta etapa de bacharelato e as específicas para a materia de filosofía, extráese un conxunto de principios "marco" encamiñados a garantir a coherencia entre cursos e tramos do proxecto educativo. Estes principios son: a) impulsar o nivel de desenvolvemento do estudante, b) afianzar o desenvolvemento das competencias clave, c) favorecer a significación, a transferencia e as conexións entre os contidos, e d) estimular a cooperación.

a) Impulsar o nivel de capacidade do estudante e estimular novos niveis de capacidade
Este principio esixe considerar os trazos psicolóxicos xerais característicos dun grupo de idade e, tamén, os coñecementos que os alumnos construíron con anterioridade e que condicionan a asimilación dos novos contidos. A investigación psicopedagóxica desenvolvida neste terreo demostrou que as capacidades características do pensamento abstracto maniféstanse de xeito moi diferente dependendo dos coñecementos previos dos que parten os alumnos. Por iso, o estímulo ao desenvolvemento do alumno esixe compaxinar o sentido ou significación psicolóxica e epistemolóxica. Trátase de harmonizar o nivel de capacidade, os coñecementos básicos e a estrutura lóxica da disciplina. Para iso, será necesario que os contidos sexan relevantes e se presenten organizados. Desta forma, o bacharelato poderá cooperar decididamente ao desenvolvemento do pensamento formal (proposicións elaboradas, causalidade múltiple, hipótese e deducións), ao afianzamento de hábitos de esforzo, traballo e disciplina e á conformación dunha conciencia persoal e social construtiva, participativa, solidaria e crítica.

b) Afianzar o desenvolvemento das competencias clave
Nunha sociedade na que os coñecementos atopanse en permanente transformación, o mellor legado que podemos dar aos alumnos e alumnas é o da transmisión dos mecanismos necesarios que lles permitan integrarse eficaz e construtivamente na sociedade na que viven para que, finalmente, mesmo poidan cooperar de xeito persoal nesas transformacións.
Os currículos actuais, aínda destacando a vertente conceptual nos contidos, subliñan nos obxectivos da etapa e nos criterios de avaliación a importancia da adquisición de referentes do seguinte tipo:
-Ferramentas de traballo instrumental (procura e selección de información significativa, análise, esquemas, mapas conceptuais, etc.).
-Habilidades e destrezas de relación interpersoal (traballo en grupo, exposicións orais, debates, etc.).
-Habilidades holísticas ou integradoras que articulen estratexias de aprendizaxe e relación vinculadas á autonomía e iniciativa persoal.
En definitiva: aprender a ser persoa, a pensar e traballar, a relacionarse e convivir, a emprender e decidir. É dicir, adquirir, reforzar e afianzar as competencias clave propias desta etapa educativa.

c) Estimular a significación, a transferencia e as conexións entre os contidos
En bacharelato, é a materia a forma básica de estruturación dos contidos. Esta forma de organización curricular facilita, por unha banda, un tratamento profundo e rigoroso dos contidos e contribúe ao desenvolvemento da capacidade de análise dos alumnos. No entanto, a fragmentación do coñecemento pode dificultar a súa comprensión e aplicación práctica. Debido a iso, é conveniente mostrar os contidos relacionados, tanto entre os diversos bloques e unidades compoñentes de cada unha delas, como entre as distintas materias. Iso pode facerse tomando como referente o desenvolvemento das competencias clave ás que xa aludimos; tamén, e máis concretamente, por medio dos contidos comúns-transversais, construíndo conceptos comúns e subliñando o sentido dalgunhas técnicas de traballo que permitan solucións conxuntas a certos problemas de coñecemento.

d) Contribuír ao establecemento dun clima de aceptación mutua e de cooperación
Investigacións sobre a aprendizaxe destacan o papel do medio socionatural, cultural e escolar no desenvolvemento do alumnado. Neste proceso, o labor do docente é esencial como mediador entre os contidos e as aprendizaxes dos alumnos e alumnas. A interacción entre alumnos inflúe decisivamente no proceso de socialización, na relativización de puntos de vista, no incremento das aspiracións e no rendemento académico. Os obxectivos da etapa, os contidos das materias e os criterios de avaliación insisten neste aspecto. Será necesario deseñar experiencias de ensinanza-aprendizaxe orientadas a crear e manter un clima de aceptación mutua e de cooperación, promovendo a organización de equipos de traballo e a distribución de tarefas e responsabilidades entre eles.

En resumo e de acordo cos principios didácticos anteriores, recoméndase a proposta de tarefas globalizadas que requiran da posta en práctica de varias competencias do alumnado, a aprendizaxe cooperativa, o uso das TIC como recurso didáctico, actividades que favorezan a autoaprendizaxe, o pensamento crítico e creativo e a investigación mediante proxectos de traballo, entre outras.

2. DECISIÓNS SOBRE A METODOLOXÍA EDUCATIVA
Desde un punto de vista xenérico, a programación didáctica, baséase nos seguintes principios de intervención educativa:
a) Pártese do nivel de desenvolvemento do alumnado, nos seus distintos aspectos, para construír, a partir de aí, outras aprendizaxes que favorezan e melloren o devandito nivel de desenvolvemento.
b) Sublíñase a necesidade de estimular o desenvolvemento de competencias clave por medio do traballo proposto en cada unidade didáctica.
c) Dáse prioridade á comprensión dos contidos que se traballan fronte á súa aprendizaxe mecánica.
d) Propícianse oportunidades para poñer en práctica os novos coñecementos, de xeito que o estudante poida comprobar o interese e a utilidade do aprendido.
e) Foméntase a reflexión persoal sobre o realizado e a elaboración de conclusións con respecto ao que se aprendeu, de modo que todo o alumnado poida analizar o seu progreso respecto dos seus coñecementos.
Todos estes principios teñen como finalidade que os alumnos e as alumnas sexan, gradualmente, capaces de aprender de forma autónoma. Para lograr esta finalidade o desenvolvemento das experiencias de traballo na aula buscará a alternancia entre os dous grandes tipos de estratexias: expositivas e de indagación. Estas estratexias materializaranse en técnicas como:
-Os diálogos.
-Os conflitos cognitivos.
-Os dilemas morais.
-As representacións dramáticas.

-Os cuestionarios escritos.
-Os cuestionarios orais.
-Comentarios de distintos tipos de texto obtidos de distintas fontes (orais, escritos, audiovisuais).
-A exposición oral.
-O debate.
-As enquisas de autoavaliación.
-Os mapas conceptuais.
-Os traballos de investigación.
-As disertacións (que poden seguir, a título de exemplos, o propio modelo da Olimpíada de Filosofía, ou os diferentes modelos do BI)

3. ESTRUTURACIÓN E FOCALIZACIÓN DA MATERIA EN EIXOS TEMÁTICOS
Proponse que, os contidos e os criterios de avaliación da materia se organicen en torno a oito grandes eixos temáticos que abarcan problemáticas protagonistas en diferentes épocas históricas: 1º) A natureza da actividade filosófica (UD 1); 2º) A pregunta pola realidade dende a filosofía clásica ata hoxe (UD 2); 3º) Teoría do coñecemento e filosofía da ciencia (UD 3); 4º) A comunicación e a lóxica (UD 4) ; 5º) As diversas achegas filosóficas e científicas ao ser humano (UD 5); 6º) Ética e o problema da liberdade (UD 6); 7º) Filosofía Política (UD 7); 8º) Estética e arte (UD 8). Considérase que esta estruturación da materia en oito grandes eixos e as súas respectivas unidades didácticas posibilitará o logro dos seus obxectivos pedagóxicos (xa que facilitará a aplicación da metodoloxía prevista anteriormente e permitirá que a aprendizaxe sexa máis significativa).

Contémplase a posibilidade da lectura de libros de filosofía, clásicos ou actuais, para aquel alumnado que amose interese.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación

1) Non se fixa ningún libro de texto. O docente encargado da materia pode escoller o libro de texto que mellor se adapte a súa metodoloxía ou non usar ningún.

2) De acordo coa metodoloxía proposta nesta PD, considérase un obxectivo interesante de acadar que todo o alumnado aborde a lectura e o estudo atento dun libro de filosofía. Recoméndase que o alumnado lea obras de carácter filosófico, científico ou literario que teñan conexión cos temas tratados. Cada docente poderá propoñer con carácter opcional ou obrigatorio as obras que considere máis oportunas. Proponse que unha sexa de introdución á filosofía (por exemplo: Roger Pol-Droit: "La filosofía explicada a mi hija", Paidós; ou Fernando Savater: "Las preguntas de la vida", Ariel), unha de ética ou política (Fernando Savater: "Ética para Amador", versión galega: "Ética para o meu fillo", Ariel; e unha de reflexión sobre o ser humano (por exemplo: Yuval Noah Harari: "De animales a dioses", Debate; ou, do mesmo autor, tamén editada por Debate: "Homo Deus").

3) Usaranse os recursos (apuntamentos, guións de estudo e de lectura, presentacións, glosarios, instrucións para redactar disertacións e outros tipos de traballos, exemplos, enlaces a páxinas de internet, etc.) que o docente, de acordo coa súa metodoloxía, considere oportunos para complementar ou substituir ao libro de texto. Estes recursos poderán poñerse á disposición do alumnado na aula virtual do centro ou en sitios web creados polo profesorado a tal efecto.
Recoméndase facer uso de películas que conecten cos temas ou libros tratados (por exemplo, "El show de Truman", de Peter Weir, en conexión co libro "La filosofía explicada a mi hija" é útil para introducir ao alumnado na idea e na problemática da filosofía; e "Ciudadano Kane", de Orson Welles, en conexión co libro "Ética para Amador" é útil para introducir ao alumnado nos contidos de ética e política, e tamén nos de antropoloxía). "Abre los ojos" (A. Amenábar), "El pequeño salvaje" (J. F. Truffaut), "Blade Runner" (R. Scott) ou "Good bye, Lenin" (W. Becker) son exemplos doutras películas que conectan cos núcleos temáticos do currículo.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Con respecto á avaliación inicial na materia de Filosofía de 1º de bacharelato, o primeiro que hai que dicir é que a maioría do alumnado vai cursar por primeira vez esta materia, polo que non se lle pode supoñer coñecementos previos (nin, obviamente, aprendizaxes non adquiridas), agás aos alumnos que cursaron a materia opcional de Filosofía en 4º de ESO e a aqueles que tamén opcionalmente cursaron a materia de valores na ESO e que poden ter adquiridos algúns coñecementos básicos sobre ética e política. Polo tanto, a avaliación inicial centrarase máis ben nas habilidades de comprensión, razoamento, argumentación, expresión, busca de información, etc., obtidas na ESO e que proporcionan a base sobre a que se vai apoiar o inicio da aprendizaxe no bacharelato e nesta materia en particular. A tal efecto, proponse que se realice unha proba que consistirá en varios exercicios de "cultura xeral filosófica", así como o desenvolvemento dunha argumentación nun comentario de texto no que o alumnado terá que identificar as ideas principais, resumilas e desenvolver unha pequena argumentación sobre un dilema que o texto presentará.

Os resultados desta avaliación serán tidos en conta para adaptar a metodoloxía ás necesidades do alumnado e para adoptar, de ser o caso, as medidas individuais de adaptación do currículo ou de modificación da programación docente que se consideren necesarias.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	**UD 1**	**UD 2**	**UD 3**	**UD 4**	**UD 5**	**UD 6**	**UD 7**
Peso UD/ Tipo Ins.	**5**	**20**	**20**	**15**	**10**	**15**	**10**
Proba escrita	80	80	80	80	80	80	80
Táboa de indicadores	20	20	20	20	20	20	20

Unidade didáctica	**UD 8**	**Total**
Peso UD/ Tipo Ins.	**5**	**100**
Proba escrita	80	**80**
Táboa de indicadores	20	**20**

Criterios de cualificación:

1. AVALIACIÓN ORDINARIA
Para avaliar o logro dos obxectivos da materia, ao longo do curso, todo o alumnado terá que realizar, como mínimo, seis probas, dúas por avaliación. As probas versarán sobre os contidos das unidades didácticas traballadas. Estas probas puntuaranse de cero a dez, aplicando os criterios de avaliación correspondentes. Ademáis destas probas, o docente de cada grupo poderá propoñerlle ao seu alumnado a presentación de traballos que se terían en conta para o cálculo da nota media. Neste caso, o profesorado informará de como se cualificarán estes traballos e de como se computarán para o cálculo da nota media (en concreto: indicando se contaran como unha proba máis ou de maneira ponderada). En cada avaliación, a cualificación basearase, na puntuación media obtida nas probas e traballos

realizados. A nota mínima necesaria para aprobar será de cinco puntos. Todas estas medias calcularanse de maneira ponderada de acordo cos pesos atribuídos a cada unidade didáctica no apartado 3.3.
A cualificación final de cada avaliación basearase na puntuación media obtida nas probas realizadas en cada unha delas*. A nota final será o resultado de facer a media entre as cualificacións das tres avaliacións. A partir das medias obtidas en cada avaliación, a cualificación calcularase conforme ao indicado a continuación:

Puntuación media comprendida entre	Cualificación resultante:
0-0,49	0
0,50-1,49	1
1,50-2,49	2
2,50-3,49	3
3,50-4,49	4
4,50-5,49	5
5,50-6,49	6
6,50-7,49	7
7,50-8,49	8
8,50-9,39	9
9,40-10	10

* Na terceira avaliación, valórase como opción para calcular a cualificación compararar a puntuación media de todas as probas realizadas durante o curso (excluíndose do cómputo a nota máis baixa) coa puntuación media das probas realizadas durante o terceiro trimestre, e outorgar a cualificación correspondente coa media máis alta.

Cada avaliación contará cunha proba de recuperación final que seguirá o modelo das probas ás que corresponde. O alumnado cuxa nota media na avaliación sexa menor a 5 deberá presentarse á proba de recuperación, e a súa cualificación corresponderase co resultado desa proba. En caso de que non se presente, manterase como cualificación a nota media das probas realizadas durante a avaliación.
A materia darase por aprobada cando a media das tres avaliacións sexa igual ou superior a cinco puntos (tendo como mínimo un 3 en cada avaliación).

2. MEDIDAS PREVISTAS PARA OS CASOS DE FRAUDE NA REALIZACIÓN DE PROBAS OU NA PRESENTACIÓN DE TRABALLOS
Se na realización de exames ou na presentación de traballos se atopasen probas de que estes foron copiados ou falsificados, a cualificación dos mesmos será de cero e o alumno non terá dereito a repetir os exame ou traballo falsificado.

3. DATAS E PRAZOS
Coa suficiente antelación, o docente de cada grupo informará ao seu alumnado sobre as datas previstas para a realización de probas escritas e, se é o caso, sobre os prazos de presentación de traballos.
As probas previstas e acordadas non se cambiarán de data ao chegar o momento da súa realización e non se repetirán os exames aos alumnos non presentados se estes carecen de motivos claramente xustificados.

4. INFORMACIÓN AO ALUMNADO
Ao comezo do curso, o docente de cada grupo informará ao seu alumnado sobre os obxectivos e contidos da materia que se van a esixir, así como sobre os criterios de cualificación e os procedementos e instrumentos de avaliación que se van aplicar na avaliación ordinaria e na extraordinaria. O profesorado poderá facer uso da aula virtual do centro ou de sitios webs creados ao efecto, para poñer toda esta información a disposición do alumnado.

Criterios de recuperación:

De non cumprir os requisitos antes referidos, o alumnado suspenderá a materia de Filosofía e terá que ir á recuperación extraordinaria. Esta consistirá nunha única proba global á que poderán presentarse tanto os alumnos suspensos como os alumnos aprobados. Para os primeiros, terá a consideración de proba de recuperación e será obrigatoria; para os segundos, será voluntaria e supoñerá unha oportunidade para mellorar a cualificación media obtida no curso (nestes casos, a puntuación obtida nesta proba só se terá en conta se supón unha mellora con respecto a devandita cualificación). Esta proba abarcará os conceptos fundamentais de todo o curso, polo que haberá exercicios variados como os realizados ao longo de todo o curso.
A materia darase por recuperada cando a cualificación desta proba sexa igual ou superior a 5.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Para este curso, 2025-2026, non procede elaborar ningún plan de seguimento e recuperación desta materia xa que non hai alumnos con ela pendente.

6. Medidas de atención á diversidade

A programación didáctica da materia de Filosofía constitúe en si mesma un instrumento de atención á diversidade xa que a organización dos contidos e das tarefas de aprendizaxe nos bloques temáticos e as propostas que estas conteñen están pensadas para que o seu desenvolvemento na aula favoreza a adaptación aos intereses, capacidades e motivacións dos alumnos e alumnas respectando sempre un traballo común de base e a intención formativa global que permita a consecución dos obxectivos xerais da materia e da etapa.

Por outra parte, en canto á adopción de medidas individuais de adaptación do currículo, hai que dicir que a decisión de adoptalas dependerá dos resultados da avaliación inicial e do seguimento que de maneira continua se fará dos alumnos ao longo do curso.

Por último, compre engadir que o profesorado terá presentes e aplicará, cando proceda, os protocolos de obrigado cumprimento establecidos no portal http://www.edu.xunta.gal/portal/Educonvives.gal.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Emprendemento social e empresarial	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Creatividade	X	X	X	X	X	X	X	X

Observacións:

O currículo oficial establece que, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias da etapa, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o emprendemento social e empresarial, o fomento do espírito crítico e científico, a educación emocional e en valores, a igualdade de xénero e a creatividade traballaranse en todas as materias.

En conexión co elementos 6º e 7º, promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade, e o respecto polo Estado de dereito; evitando os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1) Participación na Olimpíada de filosofía	Tema: ¿A tolemia. Don Quixote no mundo actual.¿	X		
2) Viaxe as orixes da humanidade	Viaxe a Burgos para visitar as excavacións de Atapuerca e o Museo do Home.		X	
3) Programa Educar en Xustiza	Programa do TSXG para achegar o sistema xudicial ao alumnado		X	
4) Semana Galega da Filosofía	Conferencias sobre Filosofía na cidade de Pontevedra			X

Observacións:
1ª) Ao comezo do curso proporaselle ao alumnado que participe na Olimpíada Filosófica de Galicia. Traballarase a modalidade de disertación filosófica e ao facelo procurarase conectar o tema da olimpíada cos contidos curriculares correspondentes. Este ano a temática é ¨A tolemia. Don Quixote no mundo actual.¨ O alumnado de bacharelato poderá presentarse ás modalidades de certame fotográfico, curta de vídeo, disertación filosófica e monólogo filosófico-humorístico.
2ª) En conexión co eixo temático de reflexión sobre o ser humano, estudarase a posibilidade de facer, coa colaboración do departamento de Bioloxía e xeoloxía, unha viaxe de tres ou catro días ás excavacións de Atapuerca e ao Museo do Home, en Burgos. Poderíase aproveitar tamén para visitar as covas de Altamira.
3ª) Poderíase participar no programa Educar en Xustiza organizado polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG), o cal permitiría non só coñecer de cerca como funciona o sistema xudicial, senón tamén realizar debates moi enriquecedores na aula.
4ª) Contémplase a posibilidade, dependendo do interese amosado polo alumnado e o prezo acordado, de acudir a algunha/s conferencia/s ofrecidas durante a Semana Galega da Filosofía en Pontevedra.

Ao longo do curso, conforme xordan ideas, poderíase propoñer algunha outra saída ou actividade.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
1. Indicadores para avaliar a preparación da actividade docente
2. Indicadores para avaliar a realización/aplicación na aula
3. Indicadores para avaliar os procesos de avaliación

Descrición:

No presente apartado da programación didáctica, o departamento de Filosofía ofrece unha serie de indicadores e orientacións para a avaliación da práctica docente e dos procesos de ensino-aprendizaxe.
Os indicadores de logro que figuran máis abaixo usaranse acompañados dunha escala de 1 a 5, na cal 1 indica logro mínimo ou inexistente; 2, logro baixo; 3, logro mediocre; 4, logro satisfactorio; 5, logro excelente. Estes indicadores proporcionan criterios para avaliar as fases e os aspectos máis importantes da práctica docente e dos procesos de ensino-aprendizaxe: preparación da actividade docente, realización ou posta en práctica, avaliación. E partirase deles para formular as propostas de mellora que se consideren oportunas.

1. INDICADORES PARA AVALIAR A PREPARACIÓN DA ACTIVIDADE DOCENTE
A fase de preparación da nosa actividade docente antes de poñernos diante do alumnado obríganos a tomar decisións respecto de cada un dos apartados que debe ter unha programación de aula: os obxectivos didácticos das materias que imos traballar, os contidos, as actividades que consideramos máis adecuadas para conseguir os obxectivos propostos, as estratexias e os recursos -suficientes e variados- que resulten máis congruentes cos obxectivos e coa realidade concreta do alumnado ao quen van dirixidos.
Tamén resulta imprescindible, así mesmo, concretar os criterios, procedementos, instrumentos e técnicas de avaliación, mediante os que imos comprobar que os alumnos realmente van aprendendo á vez que desenvolven as competencias correspondentes ao seu nivel e etapa educativa.
É moi importante, ademais, prever as condicións (dispoñibilidade, organización) de tempo e de espazo que tanta importancia teñen para garantir que os alumnos logren aprendizaxes relevantes de forma eficaz.
Resulta esencial nesta fase de preparación das clases, ter moi presentes tanto os obxectivos xerais do bacharelato como os específicos da materia de Filosofía, especialmente cando seleccionamos os obxectivos didácticos.
As decisións que cada docente toma ao preparar as súas clases deben ter como referencia a programación didáctica do departamento.

1.1. Realizo a programación da miña actividade educativa tendo como referencia a programación da materia; instrumento de planificación que coñezo e utilizo.
1.2. Formulo os obxectivos didácticos de forma que expresan claramente as habilidades que os meus alumnos e alumnas deben conseguir como reflexo e manifestación da intervención educativa.
1.3. Selecciono e secuencio os contidos e as tarefas de aprendizaxe da miña programación de aula cunha distribución e unha progresión adecuada ás características e necesidades do alumnado.
1.4. Adopto estratexias e programo actividades en función dos obxectivos didácticos, en función dos distintos tipos de contidos e en función das características do alumnado.
1.5. Planifico as clases de modo flexible, preparando actividades e recursos (persoais, materiais, de tempo, de espazo, de agrupamentos...) axustados á programación didáctica e, sobre todo, axustado sempre, o máis posible ás necesidades e intereses do alumnado.
1.6. Establezo, de modo explícito, os criterios, procedementos e instrumentos de avaliación e autoavaliación que permiten facer o seguimento do progreso dos alumnos e alumnas e comprobar o grao en que alcanzan as aprendizaxes.
1.7. Planifico a miña actividade educativa de forma coordinada co resto do profesorado (xa sexa por nivel, departamento, equipos educativos e profesores de apoios).

2. INDICADORES PARA AVALIAR A APLICACIÓN/REALIZACIÓN NA AULA

A planificación, programación, metodoloxía, avaliación, atención á diversidade, recursos materiais, etc., é dicir, todo o quefacer educativo do profesor, concrétase nun tempo e nun espazo.
Para a análise da posta en práctica das actividades lectivas distinguimos catro aspectos:
-Motivación para a aprendizaxe: accións concretas que estimulan ao alumnado a aprender.
-Organización do momento de ensino: dar estrutura e cohesión ás diferentes secuencias do proceso de ensino-aprendizaxe.
-Orientación do traballo do alumnado: axuda e colaboración que se efectúa para procurar que todo o alumnado acade con éxito as aprendizaxes previstas.
-Seguimento do proceso de aprendizaxe: accións de comprobación e mellora do proceso de aprendizaxe (ampliación, recuperación, reforzo...).
Estes catro aspectos están teoricamente diferenciados aínda que se entrecruzan na práctica. Non obstante, a secuencia indicada anteriormente é predominante. Adóitase comezar coa motivación e continuar coa organización, a orientación e o seguimento.

Motivación inicial do alumnado:
2.1. Presento e propoño un plan de traballo, explicando a súa finalidade, antes de cada unidade.
2.2. Poño en práctica accións introdutorias previas ao tema que se vai a tratar (diálogos, lecturas, etc.)

Motivación ao longo de todo o proceso:
2.3. Manteño o interese do alumnado partindo das súas experiencias e aportacións, cunha linguaxe clara e adaptada aos seus intereses e necesidades.
2.4. Comunico a finalidade das aprendizaxes, a súa importancia, funcionalidade, aplicación real.
2.5. Dou información dos progresos conseguidos así como das dificultades atopadas.

Presentación e aplicación dos contidos e actividades de aprendizaxe:
2.6. Relaciono os contidos e actividades cos intereses e coñecementos previos do meu alumnado.
2.7. Estruturo e organizo os contidos dando unha visión xeral de cada tema (mapas conceptuais, esquemas, que teñen que aprender, que é importante...)
2.8. Facilito a adquisición de novos contidos a través dos pasos necesarios, intercalando preguntas aclaratorias, sintetizando, exemplificando...

Actividades na aula:
2.9. Suscito actividades que aseguran a adquisición dos obxectivos didácticos previstos e das competencias clave.
2.10. Propoño aos meus alumnos actividades variadas (de diagnóstico, de introdución, de motivación, de desenvolvemento, de síntese, de consolidación, de recuperación, de ampliación e de avaliación).
2.11. Nas actividades que propoño existe equilibrio entre as actividades individuais e as de traballo en grupo.

Recursos e organización da aula:
2.12. Distribúo o tempo adecuadamente (tempo das miñas explicacións e tempo de realización de actividades por parte do alumnado).
2.13. Establezo distintos agrupamentos en función do momento, da tarefa a realizar, dos recursos a utilizar, etc., controlando sempre que o clima de traballo sexa satisfactorio.
2.14. Utilizo recursos didácticos variados tanto para a presentación dos contidos como para a práctica dos alumnos, favorecendo o uso autónomo por parte dos mesmos.

Instrucións, aclaracións e orientacións con respecto as tarefas do alumnado:
2.15. Comprobo, de diferentes modos, que os alumnos comprenderon a tarefa que teñen que realizar: facendo preguntas, facendo que verbalicen o proceso, etc.
2.16. Facilito estratexias de aprendizaxe: como solicitar axuda, como buscar fontes de información, pasos para resolver cuestións, problemas, dou ánimos e asegúrome a participación de todos.
2.17. Controlo frecuentemente o traballo dos alumnos: explicacións adicionais, dando pistas, mediante estratexias de retroalimentación, etc.

Clima de aula:
2.18. As relacións que establezo cos meus alumnos dentro da aula e as que estes establecen entre si son correctas, fluídas e desde unhas perspectivas non discriminatorias.
2.19. Favorezo a elaboración (e o pacto) de normas de convivencia coa achega de todos e reacciono de forma ecuánime ante situacións conflitivas.
2.20. Fomento o respecto e a colaboración entre os alumnos e acepto as súas suxestións e achegas, tanto para a

organización das clases como para as actividades de aprendizaxe.
2.21. Proporciono situacións que facilitan ao alumnado o desenvolvemento da afectividade como parte da súa educación integral.

Seguimento/control do proceso de ensino-aprendizaxe:
2.22. Reviso e corrixo frecuentemente os contidos, actividades propostas -dentro e fóra da aula- a adecuación dos tempos, os agrupamentos e materiais utilizados, etc.
2.23. Proporciono información ao alumno sobre a execución das tarefas e como pode melloralas e, favorezo procesos de autoavaliación e coavaliación.
2.24. En caso de obxectivos insuficientemente alcanzados propoño novas actividades que faciliten a súa adquisición.
2.25. En caso de obxectivos suficientemente alcanzados, en curto espazo de tempo, propoño novas actividades que faciliten un afondamento nos mesmos.

Atención á diversidade:
2.26. Teño en conta o nivel de coñecementos e habilidades dos meus alumnos, os seus ritmos de aprendizaxe, as posibilidades de atención, etc., e en función deles, adapto os distintos momentos do proceso de ensino- aprendizaxe (motivación, contidos, actividades...).
2.27. Coordínome con outros profesionais (profesores de apoio, Equipos de Orientación Específicos, Departamentos de Orientación), para modificar e/ou adaptar contidos, actividades, metodoloxía, recursos, etc. aos diferentes ritmos e posibilidades de aprendizaxe.

3.INDICADORES PARA AVALIAR OS PROCESOS DE AVALIACIÓN
A avaliación é un elemento esencial do proceso de ensino-aprendizaxe que debe aplicarse tanto á aprendizaxe do alumnado como á revisión da propia práctica docente e dos procesos de ensino-aprendizaxe.
A avaliación consiste nun proceso continuo que nos permite recoller sistematicamente información relevante, co obxecto de reaxustar a intervención educativa de acordo coas aprendizaxes reais do alumnado. A finalidade da avaliación educativa é mellorar o proceso de aprendizaxe de cada alumno, o funcionamento do grupo-clase e nosa propia práctica.
A partir da programación didáctica, cada docebte, no momento da preparación das súas actividades lectivas, concretará: os criterios de avaliación, os procedementos e tempos máis adecuados para realizala e para asegurar a necesaria información tanto ao propio alumnado como ás familias e ao resto do equipo educativo. Ao longo do proceso debemos axustarnos, o máis posible, á aplicación real destas previsións.

3.1. Teño en conta o procedemento xeral, que concreto na miña programación de aula, para a avaliación das aprendizaxes de acordo coa programación da materia.
3.2. Aplico os criterios de avaliación e os mínimos esixibles de acordo coa programación didáctica.
3.3. Realizo unha avaliación inicial a principio de curso, para axustar a programación, na que, se é o caso, teño en conta o informe final do titor anterior, o doutros profesores e/ou Departamento de Orientación.
3.4. Contemplo outros momentos de avaliación inicial: a comezos dun tema, de Unidade Didáctica, de novos bloques de contido...
3.5. Utilizo suficientes criterios de avaliación que atendan de xeito equilibrado a avaliación dos diferentes obxectivos de aprendizaxe (conceptuais, procedementais, atitudinais).
3.6. Utilizo sistematicamente procedementos e instrumentos variados de recollida de información (rexistro de observacións, cartafol do alumno, ficha de seguimento, diario de clase...)
3.7. Corrixo e explico -habitual e sistematicamente- os traballos e actividades dos alumnos e dou pautas para a mellóra das súas aprendizaxes.
3.8. Uso estratexias e procedementos de autoavaliación e coavaliación que favorezan a participación dos alumnos na avaliación.
3.9. Utilizo diferentes técnicas de avaliación en función da diversidade de alumnos/as, das diferentes materias, dos temas, dos contidos...
3.10. Utilizo diferentes medios para informar a pais, profesorado e alumnado (sesións de avaliación, boletín de información, reunións colectivas, entrevistas individuais...) dos resultados da avaliación.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A normativa vixente establece:
1) Que a avaliación das aprendizaxes dos alumnos e das alumnas terá un carácter formativo e será un instrumento para a mellora tanto dos procesos de ensino como dos procesos de aprendizaxe.
2) Que as programacións didácticas deben incluír mecanismos de revisión, avaliación e modificación das mesmas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.
3) Que para o seguimento, avaliación e propostas de mellora das programacións didácticas usarase como ferramenta principal a plataforma PROENS.

Ao longo do proceso de desenvolvemento da programación, cada docente do departamento irá avaliando unha diversidade de aspectos tales como: se os contidos e criterios de avaliación se adecúan satisfactoriamente ás realidades existentes nos seus respectivos grupos, se os mínimos esixibles son os axeitados, se o aproveitamento dos recursos é o óptimo, se as medidas de atención á diversidade funcionan, etc.

Por outra parte, é case seguro que ao longo do curso académico xurdan actividades interesantes que non figuraban na programación e novas ideas sobre un ou máis aspectos da programación inicial. A comunicación fluída entre os membros do departamento tanto nas reunións formais como nas informais conforman o escenario propicio para debater sobre todo o comentado anteriormente. É dicir, conforman o instrumento fundamental para avaliar conxuntamente o desenvolvemento da programación e para acordar, se procede, adaptacións ou modificacións parciais en calquera momento do curso que resolvan os problemas ou incidencias que van aparecendo.

Na memoria de final de curso avaliarase o grao de desenvolvemento de cada un dos elementos máis importantes da programación, analizando, nos casos en que ese desenvolvemento sexa deficiente, as súas causas, a maneira de corrixilas e a conveniencia de introducir modificacións ao seu respecto na programación do seguinte curso. Para facilitar a citada avaliación, o departamento de Filosofía establece os seguintes indicadores do grao de desenvolvemento dos elementos máis importantes da programación cunha escala de 1 a 5 aparellada, na cal 1 indica logro mínimo ou inexistente; 2, logro baixo; 3, logro mediocre; 4, logro satisfactorio; 5, logro excelente.

INDICADORES de desenvolvemento/aplicación da programación didáctica:
1. Aplicación e adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada criterio de avaliación.
2. Aplicación e adecuación das estratexias metodolóxicas previstas.
3. Utilización e adecuación dos materiais didácticos previstos.
4. Aplicación e adecuación do plan de avaliación inicial fixado.
5. Aplicación e adecuación das pautas xerais establecidas para o proceso de avaliación continua.
6. Adecuación das probas de avaliación aos criterios de avaliación establecidos.
7. Aplicación e adecuación dos criterios establecidos para as recuperacións.
8. Aplicación e adecuación dos criterios establecidos para a avaliación ordinaria.
9. Aplicación e adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria.
10. Establecemento de medidas de atención á diversidade cando eran necesarias.
11. Aplicación e adecuación dos criterios establecidos para a avaliación das materias pendentes.
12. Aplicación e adecuación dos criterios establecidos para o seguimento do alumnado con materias pendentes.
13. Información ao alumnado sobre o proceso de avaliación e cualificación establecido.
14. Información ao alumnado sobre os resultados da súa avaliación.
15. Información ás familias sobre o proceso de avaliación e cualificación establecido.
16. Información ás familias sobre os resultados da avaliación do alumnado.
17. Información ao titor ou titora dos progresos e das dificultades na aprendizaxe do alumnado.
18. Realización e adecuación das actividades complementarias e extraescolares previstas.
19. Contribución desde a materia ao plan de convivencia do centro.
20. Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.
21. Contribución desde a materia ao plan de integración das TIC do centro.

Propostas de mellora: _____

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36018677	IES Luís Seoane	Pontevedra	2025/2026

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Física e química	1º Bac.	4	140

Tipo de oferta
Réxime xeral-ordinario

Contido **Páxina**

1. Introdución 3

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias 3

3.1. Relación de unidades didácticas 5

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas 7

4.1. Concrecións metodolóxicas 22

4.2. Materiais e recursos didácticos 23

5.1. Procedemento para a avaliación inicial 23

5.2. Criterios de cualificación e recuperación 23

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes 24

5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias 25

6. Medidas de atención á diversidade 25

7.1. Concreción dos elementos transversais 26

7.2. Actividades complementarias 30

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro 30

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora 32

9. Outros apartados 32

1. Introdución

As ensinanzas de Física e Química en bacharelato aumentan a formación científica que o alumnado adquiriu ao longo da educación secundaria obrigatoria e contribúen de forma activa á adquisición dunha base cultural científica rica e de calidade que lle permitirá desenvolverse con autonomía nunha sociedade que demanda perfís científicos e técnicos, tanto no ámbito da investigación como no mundo laboral.
Esta materia ten como finalidade profundar nas competencias que se desenvolveron durante toda a educación secundaria obrigatoria e que xa forman parte da bagaxe cultural científica do alumnado.
Os criterios de avaliación e os contidos desta materia organízanse presentando os coñecementos, destrezas e actitudes que han de ser adquiridos ao longo do curso. Atópanse distribuídos en sete bloques.
O primeiro bloque é específico sobre destrezas científicas básicas que deben ser consideradas de maneira transversal ao longo do curso.
O segundo bloque recolle a estrutura da materia e da enlace químico, coñecementos fundamentais neste curso e no seguinte, non só nas materias de Física e de Química senón tamén noutras disciplinas científicas que se apoian nestes contidos, como a Bioloxía.
A continuación, o bloque de reaccións químicas profunda en coñecementos que o alumnado aprendeu durante a educación secundaria obrigatoria, proporcionándolle máis ferramentas para a realización de cálculos estequiométricos, termoquímicos e cálculos en xeral con sistemas fisicoquímicos importantes, como as disolucións e os gases ideais.
Os coñecementos, destrezas e actitudes propios da química terminan cun bloque sobre química orgánica, un ámbito que se introduciu no último curso da educación secundaria obrigatoria e que se aborda agora cunha maior profundidade para coñecer as propiedades xerais dos compostos do carbono e ampliar a súa formulación e nomenclatura, e desta maneira deixar o alumnado en disposición de acceder a novos contidos da materia de Química, en segundo curso de bacharelato.
Os saberes de física comezan cun bloque de cinemática. Para alcanzar un nivel de significación maior na aprendizaxe con respecto á etapa anterior, neste curso trabállase desde un enfoque vectorial, de modo que a carga matemática desta unidade se vaia adecuando aos requirimentos do desenvolvemento madurativo do alumnado. Ademais, o feito de abordar un maior número de movementos permítelles ampliar as perspectivas desta rama da mecánica.
Igual de importante é coñecer as causas do movemento. Por iso, no seguinte bloque se traballarán a estática e a dinámica. Aproveitando o enfoque vectorial do bloque anterior, o alumnado aplica esas ferramentas á descrición dos efectos das forzas sobre partículas e sobre sólidos ríxidos, que inclúe o estudo do momento resultante dun conxunto de forzas.
Por último, o bloque de enerxía presenta os saberes como continuidade aos que se estudaron na etapa anterior, profundando máis no traballo, na potencia e na enerxía mecánica e a súa conservación e tamén nos aspectos básicos da termodinámica que lles permitan entender o comportamento de sistemas termodinámicos simples e as aplicacións máis inmediatas. Todo iso encamiñado a comprender a importancia do concepto da enerxía na nosa vida cotiá e noutras disciplinas científicas e tecnolóxicas.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Resolver problemas e situacións relacionados coa física e coa química, aplicando as leis e teorías científicas adecuadas, para comprender e explicar os fenómenos naturais e evidenciar o papel destas ciencias na mellora do benestar común e na realidade cotiá.			1-2-5		12			1

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX2 - Razoar usando con solvencia o pensamento científico e as destrezas relacionadas co traballo da ciencia para aplicalos á observación da natureza e da contorna, á formulación de preguntas e hipóteses e á validación destas a través da experimentación, da indagación e da procura de evidencias.			1-2		40	4	1	
OBX3 - Manexar con propiedade e solvencia o fluxo de información nos diferentes rexistros de comunicación da ciencia, como son a nomenclatura de compostos químicos, a linguaxe matemática, as unidades de medida e os códigos de seguridade no traballo experimental, para a produción e interpretación de información en diferentes formatos e a partir de fontes diversas.	1-2		4	2				
OBX4 - Utilizar de forma autónoma, crítica e eficiente plataformas dixitais e recursos variados, tanto para o traballo individual coma en equipo, consultando e seleccionando información científica veraz, creando materiais en diversos formatos e comunicando de maneira efectiva en diferentes contornas de aprendizaxe, para fomentar a creatividade, o desenvolvemento persoal e a aprendizaxe individual e social.		1	3	1-3	32		2	1
OBX5 - Traballar de forma colaborativa en equipos diversos, aplicando habilidades de coordinación, comunicación, emprendemento e repartición equilibrada de responsabilidades, para predicir as consecuencias dos avances científicos e a súa influencia sobre a saúde propia e comunitaria e sobre o desenvolvemento ambiental sustentable.			3-5		31-32	4		
OBX6 - Participar de forma activa na construción colectiva e evolutiva do coñecemento científico, na súa contorna cotiá e próxima para converterse en axentes activos da difusión do pensamento científico, na aproximación escéptica á información científica e tecnolóxica e á posta en valor da preservación do ambiente e da saúde pública, no desenvolvemento económico e na procura dunha sociedade igualitaria.			3-4-5		50	4	2	1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	O átomo e o sistema periódico	Nesta unidade abórdase a estrutura electrónica dos átomos e a súa relación co sistema periódico, cuxos contidos fundamentais xa formaron parte do currículo de Física e Química de ESO. En consecuencia, o seu propósito principal é activar as destrezas adquiridas polo alumnado en cursos anteriores. Logo de abordar as regras que determinan a estrutura electrónica da meirande parte dos estados fundamentais dos átomos, trátase a interacción entre a luz e a materia, dende un punto de vista cuántico básico, unicamente con relación a átomos illados. Estúdase a evolución histórica do sistema periódico e a relación existente entre a súa forma actual de uso máis común e os contidos antes mencionados.	11	13	X		
2	Enlace químico	Nesta unidade trátase o enlace químico e a súa relación coas propiedades das substancias, empregando os enfoques tradicionais: enlaces iónicos, covalentes e metálicos. Así mesmo, faise unha introdución á noción de forzas intermoleculares, con especial interese no enlace de hidróxeno, pola súa importancia para outras áreas do currículo.	11	14	X		
3	Formulación inorgánica	Nesta unidade abórdase a formulación e nomenclatura de substancias simples, ións e compostos inorgánicos, con atención ás aplicacións que estes poidan ter na vida cotiá.	11	14	X		
4	Substancias. Gases	Nesta unidade introdúcense as leis fundamentais da química e o estudo de sistemas formados por gases ideais.	11	12	X		
5	Disolucións e reaccións químicas	Neste tema afondarase no estudo de cálculos con disolucións e na estequiometría das reaccións químicas. Tamén se estudarán distintos tipos de reaccións químicas atendendo á súa importancia na vida cotiá e na industria.	12	20		X	
6	Química orgánica	O propósito desta unidade é afondar nos contidos relacionados coa química do carbono que xa foron tratados en Física e Química de 4º de ESO. En concreto trataranse os enlaces, hidrocarburos,	11	17		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
6	Química orgánica	compostos de carbono osixenados e nitroxenados, a formulación e nomenclatura. Abordaranse as propiedades dos compostos de carbono e as súas aplicacións.	11	17		X	
7	Cinemática	O propósito desta unidade é afondar nos contidos relacionados coa cinemática que xa foron tratados en Física e Química de 4º de ESO ampliando o estudo a movementos que se producen en dúas ou tres dimensións, mediante o emprego das ferramentas vectoriais correspondentes ou como composición de movementos unidimensionais. En particular, ocupará un lugar principal os que se producen con aceleración constante, como é o caso da caída libre nun campo gravitacional uniforme. Así mesmo, introduciranse as magnitudes, en forma escalar, necesarias para a descrición de movementos circulares, con atención tanto aos uniformes como aos uniformemente acelerados.	11	18		X	X
8	Forzas	Neste tema afondarase nos contidos relacionados co concepto vectorial de forza que xa foi tratado en Física e Química de 4º de educación secundaria obrigatoria. Estudaranse as condicións de equilibrio dun corpo, así como as leis de Newton, estudaranse sistemas sinxelos nos que interveñen dous ou máis corpos que exercen forzas entre si, como é o caso dos ligados mediante cordas ideais ou en contacto mutuo. Tamén se traballará o teorema de conservación do momento lineal para sistemas de partículas, que será aplicado para o estudo de problemas sinxelos de choques entre dous obxectos.	11	17			X
9	Enerxía: calor e traballo	O propósito desta unidade é afondar nos conceptos de enerxía, traballo e calor. Trataranse o teorema das forzas vivas, as forzas conservativas e a enerxía mecánica co seu teorema de conservación. Introducirase o concepto de calor e o seu intercambio en diversos sistemas. Tamén se traballará o primeiro principio da termodinámica.	11	15			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	O átomo e o sistema periódico	13

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Aplicar as leis e as teorías científicas na análise de fenómenos fisicoquímicos cotiáns relacionados coa estrutura da materia comprendendo as causas que os producen e elaborar explicacións utilizando diversidade de soportes e medios de comunicación.		PE	85
CA2.1.1. - Aplicar as regras de construción para determinar o estado fundamental dos átomos e así diferencialo de estados excitados.	Determina o estado fundamental de elementos pertencentes aos grupos s e p do sistema periódico, identificando os seus orbitais de valencia, e distinguíndoo de estados excitados.		
CA2.1.2. - Explicar a interacción entre os átomos e a interacción coa radiación electromagnética en termos de tránsitos entre estados enerxéticos dos átomos.	Predí a absorción ou emisión de luz á vista dos estados electrónicos implicados, para elementos pertencentes aos grupos s e p do sistema periódico.		
CA2.1.3. - Relacionar a estrutura electrónica dos átomos no seu estado fundamental coa organización do sistema periódico, para explicar a posición nel dos elementos, as similitudes nas propiedades dos de cada grupo e as tendencias ao longo dos períodos.	Explica a posición dun elemento no sistema periódico así como as similitudes con outros do seu grupo, relacionando ambas, no caso dos elementos dos grupos s e p, coa súa estrutura de valencia.		
CA2.3 - Empregar diferentes formatos para interpretar e expresar información relativa a un proceso fisicoquímico concreto, relacionando entre si a información que cada un deles contén e extraendo o relevante para a resolución dun problema.	Emprega a táboa periódica para obter información sobre a estrutura atómica e as propiedades dos elementos.		
CA1.1 - Formular e verificar hipóteses como respostas a diferentes problemas e observacións, manexando con soltura o traballo experimental, a indagación, a procura de evidencias e o razoamento lóxico-matemático.	Formula hipóteses como respostas a problemas, cuestións ou observacións, e razoar a súa validez.	TI	15
CA1.3 - Integrar as leis e teorías científicas coñecidas no desenvolvemento do procedemento da validación das hipóteses formuladas, aplicando relacións cualitativas e cuantitativas entre as diferentes variables, de maneira que o proceso sexa fiable e coherente co coñecemento científico adquirido.	Emprega con coherencia as leis e teorías científicas na resolución de problemas e cuestións, aplicando o razoamento lóxico-matemático.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Utilización das metodoloxías propias da investigación científica para a identificación e a formulación de cuestións e conxecturas, a elaboración de hipóteses e a comprobación experimental destas.

Contidos
- Desenvolvemento da táboa periódica: contribucións históricas á súa elaboración actual e importancia como ferramenta preditiva das propiedades dos elementos. - Estrutura electrónica dos átomos tras a análise da súa interacción coa radiación electromagnética: explicación da posición dun elemento na táboa periódica e da similitude nas propiedades dos elementos químicos de cada grupo. - Modelos atómicos: evolución histórica. - Estrutura electrónica dos átomos. Interacción entre luz e materia. - Contribucións históricas ao sistema periódico dos elementos. - Relación entre sistema periódico e estrutura electrónica: explicación da posición dun elemento na táboa periódica e da similitude nas propiedades dos elementos químicos de cada grupo. Variación das propiedades ao longo do período.

UD	Título da UD	Duración
2	Enlace químico	14

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Aplicar as leis e as teorías científicas na análise de fenómenos fisicoquímicos cotiáns relacionados coa estrutura da materia comprendendo as causas que os producen e elaborar explicacións utilizando diversidade de soportes e medios de comunicación.		PE	85
CA2.1.4. - Predicir, a partir da estrutura electrónica do estado fundamental dos átomos, os tipos e características dos enlaces que se establecen entre os elementos.	Determina a o tipo de enlace presente en compostos binarios de elementos dos bloques s e p, a partir dos seus números atómicos, predicindo a fórmula empírica (nos iónicos) ou o diagrama de Lewis.		
CA2.1.5. - Inferir o tipo de enlace presente nas substancias a partir das súas propiedades.	Infire o tipo de enlace presente en substancias iónicas, covalentes e metálicas a partir das súas propiedades.		
CA2.3 - Empregar diferentes formatos para interpretar e expresar información relativa a un proceso fisicoquímico concreto, relacionando entre si a información que cada un deles contén e extraendo o relevante para a resolución dun problema.	Emprega a táboa periódica para obter información sobre os posibles tipos de enlace nun elemento ou composto binario e interpretar gráfica e esquematicamente os ditos enlaces.		
CA1.1 - Formular e verificar hipóteses como respostas a diferentes problemas e observacións, manexando con soltura o traballo experimental, a indagación, a procura de evidencias e o razoamento lóxico-matemático.	Formula hipóteses como resposta a problemas, cuestións ou observacións, razoando sobre a súa validez.	TI	15
CA1.7 - Participar de maneira activa na construción do coñecemento científico, evidenciando a existencia de interacción, cooperación e avaliación entre iguais e mellorando o cuestionamento, a reflexión e o debate ao alcanzar o consenso na resolución dun problema ou situación de aprendizaxe.	Participa na resolución de problemas, cuestións ou debates, no gran grupo de aula ou no equipo establecido para unha tarefa concreta.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Aplicar as leis e as teorías científicas na análise de fenómenos fisicoquímicos cotiáns relacionados coa estrutura da materia comprendendo as causas que os producen e elaborar explicacións utilizando diversidade de soportes e medios de comunicación.			
CA2.1.6. - Verificar a través da observación e da experimentación a relación existente entre as propiedades das substancias e os tipos de enlace presentes nelas.	Deseña e realiza experiencias coas que diferenciar substancias iónicas, covalentes e metálicas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Utilización das metodoloxías propias da investigación científica para a identificación e a formulación de cuestións e conxecturas, a elaboración de hipóteses e a comprobación experimental destas. - Deseño e execución de experimentos e de proxectos de investigación en condicións de seguridade, utilizando instrumental adecuado e razoamento lóxico-matemático e analizando os resultados obtidos para a resolución de problemas e cuestións relacionados coa física e coa química. - Teorías sobre a estabilidade de átomos e ións: predición da formación de enlaces entre os elementos, representación destes e dedución de propiedades das substancias químicas. Comprobación a través da observación e da experimentación. - Teorías sobre a estabilidade de átomos e ións: predición da formación de enlaces entre os elementos. Tipos de enlaces. Representación dos enlaces químicos. - Relación entre enlace químico e propiedades. Comprobación a través da observación e da experimentación.

UD	Título da UD	Duración
3	Formulación inorgánica	14

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Nomear e formular correctamente substancias simples, ións e compostos químicos inorgánicos utilizando as normas da IUPAC, como parte da linguaxe integradora e universal da comunidade científica.		PE	85
CA2.2.1. - Nomear e formular correctamente elementos e ións monoatómicos utilizando as normas da IUPAC, como parte da linguaxe integradora e universal da comunidade científica.	Representa correctamente elementos e ións monoatómicos e noméaos empregando, polo menos, unha das nomenclaturas.		
CA2.2.2. - Nomear e formular correctamente ións poliatómicos e compostos inorgánicos utilizando as normas da IUPAC, como parte da linguaxe integradora e universal da comunidade científica.	Representa correctamente ións poliatómicos e compostos inorgánicos e noméaos empregando, polo menos, unha das nomenclaturas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Integrar as leis e teorías científicas coñecidas no desenvolvemento do procedemento da validación das hipóteses formuladas, aplicando relacións cualitativas e cuantitativas entre as diferentes variables, de maneira que o proceso sexa fiable e coherente co coñecemento científico adquirido.	Emprega con coherencia as leis e as teorías científicas na resolución de problemas e cuestións, aplicando o razoamento lóxico-matemático.	TI	15

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Interpretación e produción de información científica cunha linguaxe adecuada para desenvolver un criterio propio baseado na evidencia e no razoamento. - Formulación e nomenclatura de substancias simples, ións e compostos inorgánicos: aplicacións que teñen na vida cotiá.

UD	Título da UD	Duración
4	Substancias. Gases	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Formular e verificar hipóteses como respostas a diferentes problemas e observacións, manexando con soltura o traballo experimental, a indagación, a procura de evidencias e o razoamento lóxico-matemático.	Formula hipóteses como resposta a problemas, cuestións ou observacións, razoando sobre a súa validez.	PE	85
CA1.3 - Integrar as leis e teorías científicas coñecidas no desenvolvemento do procedemento da validación das hipóteses formuladas, aplicando relacións cualitativas e cuantitativas entre as diferentes variables, de maneira que o proceso sexa fiable e coherente co coñecemento científico adquirido.	Emprega con coherencia as leis e as teorías científicas na resolución de problemas e cuestións, aplicando o razoamento lóxico-matemático.		
CA3.2 - Resolver problemas sobre reaccións químicas e as substancias que nelas participan aplicando as leis adecuadas para atopar e argumentar as solucións expresando adecuadamente os resultados.			
CA3.2.1. - Resolver problemas sobre a constitución de compostos químicos, aplicando as leis adecuadas para atopar e argumentar as solucións expresando adecuadamente os resultados.	Determina a cantidade dun elemento presente nunha masa coñecida dun composto puro, coñecida a súa fórmula empírica ou molecular.		
CA3.2.3. - Resolver problemas sobre substancias en estado gasoso que participan en reaccións químicas, aplicando as leis adecuadas para atopar e argumentar as solucións expresando adecuadamente os resultados.	Calcula o volume (ou presión) dun reactivo/produto gasoso que participa nunha reacción química, coñecida a temperatura e a súa presión (ou volume) e as moles correspondentes a outro reactivo/produto.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Poñer en práctica os coñecementos adquiridos na experimentación científica en laboratorio ou campo, incluído o coñecemento dos seus materiais e a súa normativa básica de uso, así como das normas de seguridade propias destes espazos, e estimando a importancia que no progreso científico e emprendedor ten que a experimentación sexa segura, sen comprometer a integridade física propia nin a colectiva.	Realiza experimentos científicos cumprindo a normativa de seguridade.	TI	15

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Utilización das metodoloxías propias da investigación científica para a identificación e a formulación de cuestións e conxecturas, a elaboración de hipóteses e a comprobación experimental destas. - Leis fundamentais da química: relacións estequiométricas en reaccións químicas e na constitución de compostos. Resolución de cuestións cuantitativas relacionadas coa química na vida cotiá. - Leis fundamentais da química: relacións estequiométricas na constitución de compostos. Composición centesimal. - Cálculo de cantidades de materia en sistemas fisicoquímicos concretos, como gases ideais ou disolucións, así como o estudo das súas propiedades e variables de estado en situacións da vida cotiá. - Cálculo de cantidades de materia en gases ideais: variables de estado dos gases.

UD	Título da UD	Duración
5	Disolucións e reaccións químicas	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Aplicar as leis e as teorías científicas na análise de reaccións químicas, comprendéndoas e explicándoas utilizando diversidade de soportes e medios de comunicación.	Aplica a conservación dos átomos e, en consecuencia, da masa para resolver cuestións sobre as reaccións químicas entre distintas substancias.	PE	85
CA3.2 - Resolver problemas sobre reaccións químicas e as substancias que nelas participan aplicando as leis adecuadas para atopar e argumentar as solucións expresando adecuadamente os resultados.			
CA3.2.2. - Resolver problemas sobre as masas das substancias que participan en reaccións químicas, aplicando as leis adecuadas para atopar e argumentar as solucións expresando adecuadamente os resultados.	Determina a cantidade en masa dun reactivo ou produto que participa nunha reacción química, coñecida a súa pureza ou riqueza e a masa correspondente a outro reactivo ou produto desa mesma reacción.		
CA3.2.4. - Resolver problemas sobre substancias en disolución que participan en reaccións químicas, aplicando as leis adecuadas para atopar e argumentar as solucións expresando adecuadamente os resultados.	Calcula o volume de disolución dun reactivo/produto que participa nunha reacción química, coñecida a súa concentración molar ou en g/L e as moles correspondentes a outro reactivo/produto.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2.5. - Resolver problemas sobre reaccións nas que hai reactivos en exceso, aplicando as leis adecuadas para atopar e argumentar as solucións expresando adecuadamente os resultados.	Identifica o reactivo limitante a partir das moles dos reactivos presentes calculando en moles os excesos dos restantes.		
CA3.2.6. - Resolver problemas sobre a estequiometría de procesos industriais significativos da enxeñería química, aplicando as leis adecuadas para atopar e argumentar as solucións expresando adecuadamente os resultados.	Determina a cantidade de produto dunha reacción de interese industrial, coñecidos o seu rendemento e a cantidade e riqueza dun dos reactivos participantes.		
CA1.4 - Poñer en práctica os coñecementos adquiridos na experimentación científica en laboratorio ou campo, incluído o coñecemento dos seus materiais e a súa normativa básica de uso, así como das normas de seguridade propias destes espazos, e estimando a importancia que no progreso científico e emprendedor ten que a experimentación sexa segura, sen comprometer a integridade física propia nin a colectiva.	Realiza experimentos científicos cumprindo a normativa de seguridade.	TI	15
CA1.6 - Traballar de forma autónoma e versátil, individualmente e en equipo, na consulta de información e na creación de contidos, utilizando con criterio as fontes e as ferramentas máis fiables e refugando as menos adecuadas para mellorar a aprendizaxe propia e colectiva.	Emprega, mostrándoas mediante as correspondentes referencias e cando corresponda, fontes de información fiables e coherentes co traballo desenvolvido.		
CA1.8 - Construír e producir coñecementos a través do traballo colectivo, ademais de explorar alternativas para superar a asimilación de coñecementos xa elaborados e atopando momentos para a análise, a discusión e a síntese, obtendo como resultado a elaboración de produtos representados en informes, pósteres, presentacións, artigos etc.	Elabora en grupo informes ou formatos análogos sobre as prácticas de laboratorio ou traballos de investigación, presentados cunha estrutura compatible cun produto científico.		
CA3.3 - Identificar situacións problemáticas na contorna nas que estean implicadas reaccións químicas, emprender iniciativas e buscar solucións sustentables desde a física e a química, analizando criticamente o impacto producido na sociedade e no ambiente.	Identifica situacións problemáticas na contorna relacionadas con algunhas reaccións químicas describindo posibles solucións sostibles.		
CA3.4 - Debater, de maneira informada e argumentada, sobre cuestións ambientais, sociais e éticas relacionadas co desenvolvemento da física e da química, alcanzando un consenso sobre as consecuencias dos seus avances e propoñendo solucións creativas en común ás cuestións expostas.	Debate sobre cuestións ambientais, sociais ou éticas relacionadas coas reaccións químicas, propoñendo solucións ás cuestións expostas.		
CA3.5 - dentificar e argumentar cientificamente, á luz da física e da química, as repercusións de accións que se acometen na vida cotiá analizando como melloralas, como forma de participar activamente na construción dunha sociedade mellor.	Identifica á luz da química repercusións de accións que se acometen na vida cotiá, analizando como melloralas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.6 - Detectar necesidades da sociedade sobre as que aplicar coñecementos relacionados con reaccións químicas que axuden a satisfacer as devanditas necesidades, incidindo especial- mente en aspectos importantes como a resolución dos grandes retos ambientais, o desenvolvemento sustentable e a promoción da saúde.	Indica necesidades da sociedade en relación co medio ambiente, o desenvolvemento sostible e a saúde, ás que se poden aplicar coñecementos relacionados coas reaccións químicas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Utilización das metodoloxías propias da investigación científica para a identificación e a formulación de cuestións e conxecturas, a elaboración de hipóteses e a comprobación experimental destas.
- Deseño e execución de experimentos e de proxectos de investigación en condicións de seguridade, utilizando instrumental adecuado e razoamento lóxico-matemático e analizando os resultados obtidos para a resolución de problemas e cuestións relacionados coa física e coa química.
- Recoñecemento e utilización de fontes veraces e medios de colaboración para a procura de información científica en diferentes formatos e facendo uso das ferramentas necesarias.
- Interpretación e produción de información científica cunha linguaxe adecuada para desenvolver un criterio propio baseado na evidencia e no razoamento.
- Leis fundamentais da química: relacións estequiométricas en reaccións químicas e na constitución de compostos. Resolución de cuestións cuantitativas relacionadas coa química na vida cotiá.
- Leis fundamentais da química: relacións estequiométricas en reaccións químicas. Reactivos en exceso e limitante.
- Resolución de cuestións cuantitativas relacionadas coa estequiometría na vida cotiá. Pureza ou riqueza dun reactivo.
- Clasificación das reaccións químicas: relacións que existen entre a química e aspectos importantes da sociedade actual, como por exemplo a conservación do ambiente ou o desenvolvemento de fármacos.
- Cálculo de cantidades de materia en sistemas fisicoquímicos concretos, como gases ideais ou disolucións, así como o estudo das súas propiedades e variables de estado en situacións da vida cotiá.
- Cálculo de cantidades de materia en disolución.
- Estudo das propiedades coligativas das disolucións en situacións da vida cotiá.
- Estequiometría das reaccións químicas: aplicacións en procesos industriais significativos da enxeñaría química.
- Estequiometría das reaccións químicas. Rendemento dun produto.
- Aplicacións da estequiometría en procesos industriais significativos da enxeñería química.

UD	Título da UD	Duración
6	Química orgánica	17

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Nomear e formular correctamente substancias simples, ións e compostos químicos orgánicos utilizando as normas da IUPAC, como parte da linguaxe integradora e universal da comunidade científica.		PE	85
CA4.2.1. - Nomear e formular correctamente hidrocarburos alifáticos e derivados do benceno utilizando as normas da IUPAC, como parte da linguaxe integradora e universal da comunidade científica.	Escribe a fórmula semidesenvolvida correcta de hidrocarburos alifáticos (no caso dos alquenos e alquinos, cunha soa insaturación) e derivados do benceno, a partir do nome IUPAC e viceversa.		
CA4.2.2. - Nomear e formular correctamente compostos orgánicos osixenados e nitroxenados utilizando as normas da IUPAC, como parte da linguaxe integradora e universal da comunidade científica.	Escribe a fórmula semidesenvolvida correcta de compostos monofuncionais (alcois, éteres, cetonas, aldehidos, ácidos, ésteres, aminas, amidas, nitro e haloxenados) a partir do nome IUPAC e viceversa.		
CA1.5 - Interactuar con outros membros da comunidade educativa a través de diferentes contornas de aprendizaxe, reais e virtuais, utilizando de forma autónoma e eficiente recursos variados, tradicionais e dixitais, con rigor e respecto e analizando criticamente as achegas dos participantes.	Emprega recursos tradicionais para o rexistro e a organización do traballo e a revisión deste, usando a aula virtual como ferramenta de comunicación e intercambio de información cando corresponda.	TI	15
CA1.7 - Participar de maneira activa na construción do coñecemento científico, evidenciando a existencia de interacción, cooperación e avaliación entre iguais e mellorando o cuestionamento, a reflexión e o debate ao alcanzar o consenso na resolución dun problema ou situación de aprendizaxe.	Participa na resolución de problemas, cuestións ou debates, no gran grupo de aula ou no equipo establecido para unha tarefa concreta.		
CA1.8 - Construír e producir coñecementos a través do traballo colectivo, ademais de explorar alternativas para superar a asimilación de coñecementos xa elaborados e atopando momentos para a análise, a discusión e a síntese, obtendo como resultado a elaboración de produtos representados en informes, pósteres, presentacións, artigos etc.	Elabora en grupo informes ou formatos análogos sobre as prácticas de laboratorio ou traballos de investigación, presentados cunha estrutura compatible cun produto científico.		
CA4.1 - Identificar situacións problemáticas na contorna relacionadas coa química orgánica, emprender iniciativas e buscar solucións sustentables desde a física e a química, analizando criticamente o impacto producido na sociedade e no ambiente.	Identifica situacións problemáticas na contorna relacionadas coa química orgánica e describe posibles solucións sostibles desde o ámbito da química orgánica.		
CA4.3 - Detectar necesidades da sociedade sobre as que aplicar coñecementos relacionados coa química orgánica que axuden a satisfacelas, incidindo especialmente en aspectos importantes como a resolución dos grandes retos ambientais, o desenvolvemento sustentable e a promoción da saúde.	Indica necesidades da sociedade relacionadas co medio ambiente, o desenvolvemento sostible e a saúde, ás que se poden aplicar coñecementos relacionados coa química orgánica.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Utilización das metodoloxías propias da investigación científica para a identificación e a formulación de cuestións e conxecturas, a elaboración de hipóteses e a comprobación experimental destas. - Deseño e execución de experimentos e de proxectos de investigación en condicións de seguridade, utilizando instrumental adecuado e razoamento lóxico-matemático e analizando os resultados obtidos para a resolución de problemas e cuestións relacionados coa física e coa química. - Recoñecemento e utilización de fontes veraces e medios de colaboración para a procura de información científica en diferentes formatos e facendo uso das ferramentas necesarias. - Interpretación e produción de información científica cunha linguaxe adecuada para desenvolver un criterio propio baseado na evidencia e no razoamento. - Propiedades físicas e químicas xerais dos compostos orgánicos a partir dos seus grupos funcionais: xeneralidades nas diferentes series homólogas e aplicacións no mundo real. - Regras da IUPAC para formular e nomear correctamente algúns compostos orgánicos mono e polifuncionais (hidrocarburos, compostos osixenados e compostos nitroxenados). - Regras da IUPAC para formular e nomear correctamente hidrocarburos alifáticos e derivados do benceno. - Concepto de grupo funcional. Regras da IUPAC para formular e nomear correctamente compostos orgánicos osixenados e nitroxenados mono e polifuncionais.

UD	Título da UD	Duración
7	Cinemática	18

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.1 - Aplicar os conceptos da cinemática clásica na análise de movementos cotiáns, elaborando explicacións utilizando diversidade de soportes e medios de comunicación.		PE	85
CA5.1.1. - Aplicar os conceptos da cinemática clásica na análise de movementos rectilíneos uniformes e uniformemente acelerados, para explicar movementos en situacións reais.	Resolve cuestións sobre movementos rectilíneos uniformes de dous móbiles en espacios bidimensionais, mediante as ecuacións do movemento e interpretando ou elaborando gráficas ou táboas.		
CA5.1.2. - Aplicar os conceptos da cinemática clásica para analizar movementos bidimensionais uniformemente acelerados, con especial atención á caída libre, para explicar movementos en situacións reais.	Resolve cuestións sobre proxectís en caída libre en campos gravitatorios uniformes, empregando as súas ecuacións de movemento bidimensioais.		
CA5.1.3. - Aplicar os conceptos da cinemática clásica na análise de movementos circulares uniformes e uniformemente acelerados, para explicar movementos en situacións reais.	Aplica os conceptos da cinemática na resolución de cuestións sobre movementos circular uniforme e uniformemente acelerado, para un móbil, elaborando explicacións mediante as ecuacións do movemento.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.2 - Resolver problemas sobre movementos expostos a partir de situacións cotiás, aplicando os conceptos propios da cinemática para atopar e argumentar as solucións e expresando adecuadamente os resultados.			
CA5.2.1. - Calcular velocidades, aceleracións e radios de curvatura a partir das ecuacións de movemento dun móbil.	Calcula a velocidade, a aceleración e as compoñentes intrínsecas desta, nun instante dado, partindo do vector de posición dunha partícula en función do tempo.		
CA5.2.2. - Resolver problemas sobre movementos rectilíneos uniformes e uniformemente acelerados, en espazos bidimensionais, de un ou dous móbiles.	Resolve problemas sobre movemento rectilíneo uniforme, de un ou dous móbiles, nun espazo bidimensional.		
CA5.2.3. - Resolver problemas sobre movementos circulares uniformes e uniformemente acelerados, de un ou dous móbiles.	Resolve problemas sobre movemento circular uniforme, incluíndo un ou dous móbiles, e sobre un móbil con movemento circular uniformemente acelerado.		
CA5.2.4. - Resolver problemas sobre movemento uniformemente acelerado dun móbil, en espazos bidimensionais.	Resolve problemas sobre caída libre de proxectís nun campo gravitacional uniforme, partindo dos parámetros inciais do tiro.		
CA5.3 - Utilizar de maneira rigorosa as unidades propias das magnitudes cinemáticas, empregando correctamente as súas notacións e equivalencias e facendo posible unha comunicación efectiva coa comunidade científica.			
CA5.3.1. - Utilizar de maneira rigorosa as unidades propias das magnitudes cinemáticas, empregando correctamente as súas notacións.	Expresa os resultados de magnitudes cinemáticas empregando unidades correctas.		
CA5.3.2. - Realizar conversións de unidades propias das magnitudes cinemáticas.	Realiza correctamente conversións de unidades de velocidade, aceleración, velocidade angular, aceleración angular e frecuencia.		
CA1.1 - Formular e verificar hipóteses como respostas a diferentes problemas e observacións, manexando con soltura o traballo experimental, a indagación, a procura de evidencias e o razoamento lóxico-matemático.	Formula hipóteses como resposta a problemas, cuestións ou observacións, razoando sobre a súa validez.	TI	15
CA1.2 - Utilizar diferentes métodos para atopar a resposta a unha soa cuestión ou observación, cotexando os resultados obtidos para asegurarse da súa coherencia e fiabilidade.	Utiliza un par de métodos para atopar a resposta a unha soa cuestión, analizando a compatibilidade dos resultados.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Integrar as leis e teorías científicas coñecidas no desenvolvemento do procedemento da validación das hipóteses formuladas, aplicando relacións cualitativas e cuantitativas entre as diferentes variables, de maneira que o proceso sexa fiable e coherente co coñecemento científico adquirido.	Emprega con coherencia as leis e as teorías científicas na resolución de problemas e cuestións, aplicando o razoamento lóxico-matemático.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Utilización das metodoloxías propias da investigación científica para a identificación e a formulación de cuestións e conxecturas, a elaboración de hipóteses e a comprobación experimental destas. - Variables cinemáticas en función do tempo nos distintos movementos que pode ter un obxecto, con ou sen aceleración: resolución de situacións reais relacionadas coa física e coa contorna cotiá. - Vectores de posición, velocidade e aceleración. - Compoñentes intrínsecas da aceleración. - Variables cinemáticas que interveñen nun movemento rectilíneo e circular: magnitudes e unidades empregadas. Movementos cotiáns que presentan estes tipos de traxectoria. - Movemento rectilíneo uniforme. - Movementeo uniformemente acelerado. Caída libre nun campo gravitacional uniforme. - Movementos circulares. Ecuación de movemento angular. Velocidade e aceleración angulares. Relacións coa velocidade lineal e coas compoñentes intrínsecas da aceleración. - Expresión da traxectoria dun movemento composto en función das magnitudes que o describen. - Movemento uniformemente acelerado dun móbil, en espazos bidimensionais. - Movemento circular uniforme; frecuencia e período. Movemento circular uniformemente acelerado.

UD	Título da UD	Duración
8	Forzas	17

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.1 - Aplicar as leis da dinámica newtoniana e os seus teoremas de conservación na análise do repouso ou movemento dos corpos en situacións cotiás, comprendendo as forzas que os producen e elaborando explicacións utilizando diversidade de soportes e medios de comunicación.		PE	85
CA6.1.1. - Aplicar as leis da dinámica newtoniana na análise do repouso ou movemento dos corpos para explicar o estado de movemento dunha partícula.	Aplica a álxebra vectorial e as condicións de equilibrio para explicar o estado de repouso dun sólido ríxido sinxelo sometido ao seu peso e a un reducido número de forzas de contacto ou aplicadas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.1.2. - Aplicar a conservación do momento lineal, en ausencia de forzas externas ou a instantánea, para estudar os choques entre dúas partículas.	Aplica a álxebra vectorial e a conservación do momento lineal para responder cuestións sobre choques unidimensionais de dúas partículas.		
CA6.2 - Resolver problemas de estática e dinámica de corpos expostos a partir de situacións cotiás, aplicando as leis da dinámica newtoniana e os teoremas de conservación pertinentes para atopar e argumentar as solucións e expresando adecuadamente os resultados.			
CA6.2.1. - Resolver problemas de estática de sólidos ríxidos sinxelos para atopar e argumentar as solucións e expresando adecuadamente os resultados.	Atopa as características das forzas que actúan sobre un sólido ríxido estático sinxelo sometido ao seu peso e a un reducido número de forzas de contacto ou aplicadas.		
CA6.2.2. - Resolver problemas de dinámica de partículas e corpos en translación aplicando as leis da dinámica newtoniana para atopar e argumentar as solucións e expresando adecuadamente os resultados.	Atopa, aplicando as leis de Newton, valores de forzas actuantes ou da aceleración de corpos en situacións dinámicas cotiás.		
CA6.2.3. - Resolver problemas de dinámica de cilindros ríxidos homoxéneos sen velocidade de translación e en rotación arredor do seu eixe principal de simetría, argumentando as solucións e expresando adecuadamente os resultados.	Resolve problemas de dinámica de cilindros ríxidos homoxéneos en rotación ao redor do seu eixe de simetría en repouso, para atopar e argumentar as solucións e expresando adecuadamente os resultados.		
CA6.2.4. - Resolver problemas de dinámica aplicando a conservación do momento lineal para atopar e argumentar as solucións e expresando adecuadamente os resultados.	Atopa algunha das velocidades de dúas partículas en colisión mediante a aplicación da conservación do momento lineal.		
CA6.3 - Utilizar e relacionar de maneira rigorosa as unidades propias das magnitudes da mecánica empregando correctamente as súas notacións e equivalencias e facendo posible unha comunicación efectiva coa comunidade científica.			
CA6.3.1. - Utilizar de maneira rigorosa as unidades propias das magnitudes da mecánica empregando correctamente as súas notacións.	Expresa resultados relativos a forzas e a momentos de forzas empregando as unidades correctas.		
CA6.3.2. - Relacionar unidades propias das magnitudes da mecánica coas unidades de magnitudes fundamentais.	Relaciona as unidades de forza coas das magnitudes fundamentais.		
CA1.1 - Formular e verificar hipóteses como respostas a diferentes problemas e observacións, manexando con soltura o traballo experimental, a indagación, a procura de evidencias e o razoamento lóxico-matemático.	Formula hipóteses como resposta a problemas, cuestións ou observacións, razoando sobre a súa validez.	TI	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Utilizar diferentes métodos para atopar a resposta a unha soa cuestión ou observación, cotexando os resultados obtidos para asegurarse da súa coherencia e fiabilidade.	Utiliza un par de métodos para atopar a resposta a unha soa cuestión, analizando a compatibilidade dos resultados.		
CA1.3 - Integrar as leis e teorías científicas coñecidas no desenvolvemento do procedemento da validación das hipóteses formuladas, aplicando relacións cualitativas e cuantitativas entre as diferentes variables, de maneira que o proceso sexa fiable e coherente co coñecemento científico adquirido.	Emprega con coherencia as leis e as teorías científicas na resolución de problemas e cuestións, aplicando o razoamento lóxico-matemático.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Utilización das metodoloxías propias da investigación científica para a identificación e a formulación de cuestións e conxecturas, a elaboración de hipóteses e a comprobación experimental destas.
- Predición, a partir da correspondente composición vectorial, do comportamento estático ou dinámico dunha partícula. Par de forzas. Estática de sólidos ríxidos.
- Condición de equilibrio de traslación dun corpo.
- Momento dunha forza. Par de forzas. Condición de equilibrio de rotación dun sólido ríxido.
- Aplicación das condicións de equilibrio para a resolución de situacións estáticas de sólidos ríxidos.
- Relación da mecánica vectorial aplicada sobre unha partícula ou un sólido ríxido co seu estado de repouso ou de movemento. Aplicacións estáticas ou dinámicas da física noutros campos de interese.
- Aplicación da segunda lei de Newton para relacionar o movemento de traslación dun corpo coas forzas que actúan sobre el, en situacións de interese como por exemplo, movementos en planos inclinados.
- Momento de inercia dun cilindro ríxido homoxéneo respecto do seu eixo principal de simetría. Ecuación fundamental da dinámica de rotación: aplicación a un cilindro ríxido homoxéneo e a sistemas cunha polea sen rozamento.
- Interpretación das leis da dinámica en termos de magnitudes como o momento lineal e o impulso mecánico: aplicacións.
- Leis de Newton.
- Conservación do momento lineal dun sistema de partículas. Aplicacións.

UD	Título da UD	Duración
9	Enerxía: calor e traballo	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA7.1 - Aplicar os conceptos de calor e traballo e o teorema de conservación da enerxía mecánica na análise de fenómenos cotiáns en que se produza transferencia de enerxía, comprendendo as causas que producen esta transferencia e elaborando explicacións utilizando diversidade de soportes e medios de comunicación.		PE	85
CA7.1.1. - Calcular o traballo realizado sobre unha partícula por unha ou varias forzas uniformes.	Calcula o traballo realizado por unha forza uniforme sobre una partícula.		
CA7.1.2. - Calcular a potencia desenvolvida por unha forza sobre unha partícula.	Calcula a potencia desenvolvida por unha forza aplicada constante sobre unha partícula durante un certo período de tempo.		
CA7.1.3. - Aplicar o teorema das forzas vivas para atopar a velocidade dunha partícula ou o traballo realizado sobre ela.	Aplica o teorema das forzas vivas para atopar a velocidade dunha partícula ou o traballo realizado sobre ela.		
CA7.1.4. - Aplicar o teorema de conservación da enerxía mecánica na análise de movementos nos que se produza transferencia de enerxía, comprendendo as causas que producen esta transferencia e elaborando explicacións.	Aplica o teorema de conservación da enerxía mecánica na análise de movementos sen rozamento para unha partícula sometida á acción da gravidade, de forzas de contacto ou de tensións.		
CA7.1.5. - Aplicar o concepto de calor na análise de fenómenos cotiáns nos que se produza transferencia de enerxía.	Relaciona o concepto de calor coa variación da enerxía mecánica interna dun sistema de partículas e o traballo realizado sobre o dito sistema.		
CA7.2 - Resolver problemas sobre transferencia de enerxía mecánica e térmica expostos a partir de situacións cotiás, aplicando o concepto de calor e o teorema de conservación da enerxía mecánica para atopar e argumentar as solucións expresando adecuadamente os resultados.			
CA7.2.1. - Resolver problemas sobre transferencia de enerxía mecánica expostos a partir de situacións cotiás, aplicando o teorema de conservación da enerxía mecánica para atopar e argumentar as solucións expresando adecuadamente os resultados.	Resolve problemas sobre movementos en ausencia de rozamento, dun corpo sometido á acción da gravidade, de forzas de contacto ou de tensión, aplicando o teorema de conservación da enerxía mecánica.		
CA7.2.2. - Resolver problemas sobre transferencia térmica expostos a partir de situacións cotiás, aplicando o concepto de calor para atopar e argumentar as solucións expresando adecuadamente os resultados.	Calcula a temperatura de equilibrio dun subsistema en contacto diatérmico con outro, partindo dos calores específicos das sustancias e das temperaturas iniciais, cando non hai cambios de estado.		
CA7.3 - Identificar situacións problemáticas na contorna relacionadas coa enerxía e as súas manifestacións, emprender iniciativas e buscar solucións sustentables desde a física e a química analizando criticamente o impacto producido na sociedade e no ambiente.	Identifica situacións problemáticas na contorna relacionadas coa enerxía e describir posibles solucións sostibles.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA7.4 - Utilizar e relacionar de maneira rigorosa as unidades propias de magnitudes relacionadas coa enerxía, empregando correctamente as súas notacións e equivalencias e facendo posible unha comunicación efectiva coa comunidade científica.			
CA7.4.1. - Utilizar de maneira rigorosa as unidades propias das magnitudes relacionadas coa enerxía empregando correctamente as súas notacións.	Utiliza correctamente as unidades da enerxía e potencia na expresión dos resultados.		
CA7.4.2. - Relacionar unidades propias das magnitudes asociadas coa enerxía coas unidades de magnitudes fundamentais.	Relaciona unidades propias das magnitudes asociadas coa enerxía coas unidades de magnitudes fundamentais.		
CA7.4.3. - Realizar conversións entre unidades relacionadas coa enerxía e a temperatura, de uso común, incluídas as do SI.	Realiza conversións entre unidades propias do traballo como J e kW·h.		
CA1.4 - Poñer en práctica os coñecementos adquiridos na experimentación científica en laboratorio ou campo, incluído o coñecemento dos seus materiais e a súa normativa básica de uso, así como das normas de seguridade propias destes espazos, e estimando a importancia que no progreso científico e emprendedor ten que a experimentación sexa segura, sen comprometer a integridade física propia nin a colectiva.	Realiza experimentos científicos cumprindo a normativa de seguridade.	TI	15
CA1.5 - Interactuar con outros membros da comunidade educativa a través de diferentes contornas de aprendizaxe, reais e virtuais, utilizando de forma autónoma e eficiente recursos variados, tradicionais e dixitais, con rigor e respecto e analizando criticamente as achegas dos participantes.	Emprega recursos tradicionais para o rexistro e a organización do traballo e a revisión deste, usando a aula virtual como ferramenta de comunicación e intercambio de información cando corresponda.		
CA1.6 - Traballar de forma autónoma e versátil, individualmente e en equipo, na consulta de información e na creación de contidos, utilizando con criterio as fontes e as ferramentas máis fiables e refugando as menos adecuadas para mellorar a aprendizaxe propia e colectiva.	Emprega, mostrándoas mediante as correspondentes referencias e cando corresponda, fontes de información fiables e coherentes co traballo desenvolvido.		
CA1.8 - Construír e producir coñecementos a través do traballo colectivo, ademais de explorar alternativas para superar a asimilación de coñecementos xa elaborados e atopando momentos para a análise, a discusión e a síntese, obtendo como resultado a elaboración de produtos representados en informes, pósteres, presentacións, artigos etc.	Elabora en grupo informes ou formatos análogos sobre as prácticas de laboratorio ou traballos de investigación, presentados cunha estrutura compatible cun produto científico.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Utilización das metodoloxías propias da investigación científica para a identificación e a formulación de cuestións e conxecturas, a elaboración de hipóteses e a comprobación experimental destas.

Contidos
- Deseño e execución de experimentos e de proxectos de investigación en condicións de seguridade, utilizando instrumental adecuado e razoamento lóxico-matemático e analizando os resultados obtidos para a resolución de problemas e cuestións relacionados coa física e coa química. - Recoñecemento e utilización de fontes veraces e medios de colaboración para a procura de información científica en diferentes formatos e facendo uso das ferramentas necesarias. - Interpretación e produción de información científica cunha linguaxe adecuada para desenvolver un criterio propio baseado na evidencia e no razoamento. - Conceptos de traballo e potencia: elaboración de hipóteses sobre o balance enerxético de sistemas mecánicos ou eléctricos da contorna cotiá e o seu rendemento. - Traballo e potencia. - Teorema das forzas vivas: enerxía cinética. - Forzas conservativas e non conservativas: enerxía potencial. Enerxía potencial en campo gravitatorio uniforme. - Rendemento enerxético. - Enerxía potencial e enerxía cinética dun sistema sinxelo: aplicación á conservación da enerxía mecánica en sistemas conservativos e non conservativos e ao estudo das causas que determinan o movemento dos obxectos no mundo real. - Teorema de conservación da enerxía mecánica. - Enerxía mecánica en sistemas non conservativos. Aplicación ao rozamento. - Variables termodinámicas dun sistema para relacionar as variacións de temperatura que experimenta coas transferencias de enerxía que se producen coa súa contorna. - Transferencias de enerxía sen a intervención de forzas: calor. - Primeiro principio da termodinámica: concepto de enerxía interna dun sistema de partículas. - Temperatura e enerxía. Aplicación a gases ideais: relación entre enerxía interna e temperatura. - Capacidade calorífica dun sistema e calor específica dunha substancia pura. Transferencia de calor entre sistemas en contacto diatérmico.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía utilizada é acorde coas liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe recollidas no decreto que desenvolve o currículo na Comunidade Autónoma de Galicia. Porase énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades e no uso de distintas estratexias metodolóxicas que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, favorezan a capacidade de aprender por si mesmos e promovan tanto o traballo individual coma o cooperativo e o colaborativo.
Así mesmo, formarán parte da metodoloxía a realización de proxectos significativos para o alumnado, de tarefas de carácter experimental así como situacións-problemas formuladas cun obxectivo concreto que o alumnado debe resolver facendo un uso axeitado dos distintos tipos de coñecementos, destrezas, actitudes e valores. Tamén terán relevancia a resolución colaborativa e cooperativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade. Polo tanto, o enfoque que se lle dea a esta materia debe incluír un tratamento experimental e práctico que amplíe a experiencia dos alumnos e alumnas máis alá do académico e que lles permita facer conexións coas súas situacións cotiás, o que contribuirá de forma significativa a que todos desenvolvan as destrezas características da ciencia.
Tendo en conta que a construción da ciencia e o desenvolvemento do pensamento científico durante todas as etapas da formación do alumnado debe partir da formulación de cuestións científicas baseadas na observación directa ou indirecta do mundo en situacións e en contextos habituais. A explicación a partir do coñecemento, da procura de

evidencias, da indagación e da correcta interpretación da información que a diario chega ao público en diferentes formatos e a partir de diferentes fontes precisa unha adecuada adquisición das competencias correspondentes.
Polo tanto, ao longo das diferentes unidades didácticas incluiranse: prácticas de laboratorio, experiencias en contornos virtuais, así como enunciados de coñecemento que permitan aplicar un proceso de argumentación en base ás probas dispoñibles.
Concederáselle especial importancia á presentación dos resultados obtidos que se axustará ao que é habitual nas comunicación científicas e serán compartidos co resto da aula utilizando diferentes estratexias. Desta forma traballarase transversalmente a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual e a competencia dixital.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Recursos: Aula equipada, aula virtual, laboratorio equipado, recursos audiovisuais, recursos informáticos.
Materiais: Libro de texto, material dixital seleccionado, material de laboratorio, modelos moleculares, recursos de papelería, etc.

Libro de texto:
Física y química: Proyecto construyendo mundos, Editorial Santillana, 2022. ISBN:978-84-6806-769-8

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Durante os primeiros días do mes de setembro realizarase unha recompilación da información relevante sobre o alumnado matriculado na materia:
- Cualificacións do curso anterior (especialmente na materia de Física e química de 4º ESO).
- Repetición.
- Necesidades educativas especiais ou análogos.
- Outros aspectos de importancia que poden afectar ao proceso de aprendizaxe.

Nos primeiros días lectivos, poderase facer unha proba escrita ou desenvolver algunha tarefa que permita medir o nivel competencial do alumnado conforme a criterios de avaliación de 4º ESO. Prestarase especial atención aos resultados do alumnado de nova incorporación ao centro.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
Peso UD/ Tipo Ins.	**11**	**11**	**11**	**11**	**12**	**11**	**11**
Proba escrita	85	85	85	85	85	85	85
Táboa de indicadores	15	15	15	15	15	15	15

Unidade didáctica	UD 8	UD 9	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	**11**	**11**	**100**
Proba escrita	85	85	**85**
Táboa de indicadores	15	15	**15**

Criterios de cualificación:

En cada unha das tres avaliacións realizaranse dúas probas escritas. Para cada avaliación teranse en conta os seguintes criterios de cualificación:
Realización de probas escritas: a media ponderada da nota obtida nas probas representará o 85% da nota da avaliación.
O 15% restante obterase a partir de exercicios de aula, cuestións, problemas, proxectos de investigación e/ou informes de actividades prácticas no laboratorio.
A cualificación final da materia será a media ponderada das notas obtidas nas tres avaliacións do curso. Considerarase superada a materia se esa media é igual ou superior a 5.
Nos casos nos que o alumnado obteña na nota final unha cualificación con decimais, seguiranse os seguintes criterios:
Decimais menores a 5 serán redondeados ao enteiro inferior (exemplo: 7,2 correspóndelle un 7 na avaliación).
Decimais iguais ou maiores a 5 serán redondeados ao enteiro superior (exemplo: 7,6 correspóndelle un 8 na avaliación).

Criterios de recuperación:

Recuperación das avaliacións:
O alumnado que non supere algunha ou algunhas das avaliacións parciais terá a posibilidade de realizar unha proba escrita de recuperación desa avaliación. Esa proba farase nos primeiros días da seguinte avaliación ou antes da avaliación final no caso de ser a terceira avaliación a non superada. Para considerarse superada esa avaliación, a media ponderada da nota obtida nesta proba (85% da nota da avaliación) e a nota resultante dos exercicios e tarefas de aula, proxectos de investigación e/ou informes de actividades prácticas no laboratorio (que xa se tiña obtida na avaliación correspondente e que se manterá) (15% da nota da avaliación) deberá ser igual ou superior a 5.
O alumnado que teña a avaliación superada, e o solicite, poderá presentarse á proba escrita de recuperación da avaliación correspondente para subir a nota obtida. A media final farase coa mellor das cualificacións obtidas.
Nos casos nos que o alumnado obteña na nota unha cualificación con decimais seguiranse os mesmos criterios de redondeo que na convocatoria ordinaria.
Recuperación na avaliación extraordinaria:
O alumnado que ao remate do período ordinario non supere a materia poderá facer unha proba escrita extraordinaria no mes de xuño nas datas fixadas polo Equipo Directivo. A cualificación nesta convocatoria final extraordinaria será 100% do resultado de dita proba escrita. A materia estará superada cunha nota igual ou superior a 5. Nos casos nos que o alumnado obteña na nota unha cualificación con decimais seguiranse os mesmos criterios de redondeo que na convocatoria ordinaria.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

A principio de curso a profesora responsable informará ao alumnado que ten a materia pendente da información e do material que necesita para recuperala.
A materia dividirase en dúas partes e farase un exame de cada unha delas nas datas que estableza o Equipo Directivo. Ademais, o alumnado deberá entregar unha serie de actividades referidas a cada unha das dúas partes da materia (con data límite a mesma de cada exame).
O alumnado poderá comentar e aclarar as dificultades que lle vaian xurdindo na realización das citadas

actividades, ben en persoa, ou ben a través do sistema de mensaxería da aula virtual.
Os criterios de cualificación que se lles aplican ás probas e ao plan de traballo serán: Probas escritas: 85% Actividades entregadas ao longo do curso: 15%
Se o alumno ou alumna non aproba a primeira parte da materia, deberá examinarse de toda a materia na segunda data de exame, así como entregar as actividades que non entregara na primeira data.
A nota final da materia será a media ponderada das notas obtidas en cada parte. No caso de que o alumno ou alumna non superase a primeira parte da materia e se examine na segunda data de todo, a nota final será a media ponderada da nota obtida nesta proba final e as actividades entregadas ao longo do curso.

5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias

Segundo se recolle no decreto polo que se establece a ordenación e o currículo do bacharelato:
"A superación das materias de segundo curso que se indican no anexo III deste decreto estará condicionada á superación das correspondentes materias de primeiro curso indicadas no devandito anexo, por implicar continuidade.
Non obstante, dentro dunha mesma modalidade ou vía, o alumnado poderá matricularse da materia de segundo curso sen cursar a correspondente materia de primeiro curso, sempre que o profesorado que a imparta considere que a alumna ou o alumno cumpre as condicións necesarias para poder seguir con aproveitamento a materia de segundo, nos termos que estableza a consellería con competencias en materia de educación.
En caso contrario, deberá cursar a materia de primeiro curso, que terá a consideración de materia pendente, aínda que non será computable para os efectos de modificar as condicións en que acadou a promoción a segundo."
O anexo ao que fai referencia este artigo indica as relacións de continuidade entre materias de bacharelato. Para o caso concreto do noso departamento, aparece a relación de continuidade entre Física e química de 1º de bacharelato e as materias de Física e de Química de segundo. Polo tanto, será preciso acreditar os coñecementos previos nas materias de Física e de Química de segundo. Esta acreditación poderá realizarse cursando e aprobando a materia correspondente de primeiro ou a través do procedemento establecido para tal efecto polo departamento didáctico.
Ante a alternativa exposta polo citado decreto, o departamento de Física e química ofrecerá a posibilidade de acreditar os coñecementos mediante unha proba escrita que terá lugar ao comezo do curso. Dita proba constará dunha serie de problemas e cuestións de física ou de química, segundo corresponda, da materia de primeiro curso de bacharelato e terá como referencia na súa avaliación os mínimos de consecución establecidos nesta programación. Consideraranse acreditados os coñecementos necesarios en caso de obter nesa proba unha cualificación igual ou maior que 5,0.

6. Medidas de atención á diversidade

Procurarase a adecuada atención á diversidade no marco do modelo de Deseño Universal para a Aprendizaxe (DUA). Por tanto, desenvolverase o currículo atendendo aos tres principios fundamentais que guían o DUA:
- Proporcionar múltiples formas de representación.
- Proporcionar múltiples formas de acción e expresión.
- Proporcionar múltiples formas de implicación.

PAUTA 1. Percepción.
1.1.- Ofrecendo diferentes formas de presentación.
1.2.- Ofrecendo alternativas á información auditiva.
1.3.- Ofrecendo alternativas á información visual.
PAUTA 2. Linguaxe, expresións matemáticas e símbolos.
2.1.- Clarificando vocabulario e símbolos. (Pre-ensinar o vocabulario e os símbolos, proporcionar descricións de texto alternativas aos mesmos, etc.).
2.2.- Clarificando sintaxe e estruturas. (Clarificar a sintaxe non familiar a través de alternativas tales como estruturas previas, modelos moleculares, etc.).
2.3.- Facilitando a descodificación de textos, notacións matemáticas e símbolos. (Permitir o acceso a representacións múltiples de notación; por exemplo, fórmula e modelo molecular).
2.4.- Promovendo a comprensión entre diferentes idiomas.
2.5.- Ilustrando a través de múltiples medios.
PAUTA 3. Comprensión.
3.1.- Activando ou substituíndo coñecementos previos.
3.2.- Destacando ideas principais e relacións.
3.3.- Guiando o procesamento da información, a visualización e a manipulación. (Eliminar elementos distractores,

proporcionar múltiples formas de aproximarse ao obxecto de estudo).
3.4.- Maximizando a transferencia e a xeneralización. (Integrar ideas novas dentro de contextos xa coñecidos, proporcionar situacións que permitan a xeneralización da aprendizaxe).
II. Proporcionar múltiples formas de acción e expresión.
PAUTA 4. Interacción física.
Optimizando o acceso ás ferramentas e os produtos e tecnoloxías de apoio.
PAUTA 5. A expresión e a comunicación.
5.1.- Usando múltiples medios de comunicación.
5.2.- Usando múltiples ferramentas para a construción e a composición. (Usar correctores ortográficos, proporcionar calculadoras, páxinas web de formulación, etc.).
PAUTA 6. As funcións executivas.
6.1.- Guiando o establecemento adecuado de metas.
6.2.- Apoiando a planificación e o desenvolvemento de estratexias.
6.3.- Facilitando a xestión de información e recursos.
6.4.- Aumentando a capacidade para facer un seguimento dos avances.
III. Proporcionar múltiples formas de implicación.
PAUTA 7. Opcións para captar o interese.
7.1.- Minimizando a inseguridade e as distraccións. (Crear un clima de apoio, reducir os niveis de incerteza creando rutinas de clase, variando os niveis de estimulación sensorial para que a aprendizaxe poida ter lugar).
PAUTA 8. Opcións para manter o esforzo e a persistencia.
8.1.- Resaltando a relevancia das metas.
8.2.- Variando as esixencias e os recursos para optimizar os desafíos. (Diferenciar o grao de complexidade con que poden completar as tarefas, proporcionar ferramentas alternativas, facer fincapé no proceso, etc.) .
8.3.- Fomentando a colaboración e a comunidade.
8.4.-Utilizando o feedback. (Proporcionar feedback que saliente o esforzo, que sexa informativo e non competitivo, que fomente a perseveranza, etc.).
PAUTA 9. Opcións para a autorregulación.
9.1.- Promovendo expectativas e crenzas que optimicen a motivación.
9.2.- Facilitando estratexias e habilidades para afrontar problemas da vida cotiá.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora e expresión escrita, mediante o traballo a través de cuestións e problemas, textos, gráficas, táboas, busca de información e a súa posterior presentación.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - A expresión oral traballarase nas presentacións sobre diferentes temáticas (reaccións químicas na industria, produción de enerxía...), así como na explicación de cuestións e problemas, debates e similares.	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.3 - A competencia dixital e comunicación audiovisual traballaranse a través do uso aula virtual, a produción de informes ou a presentación de proxectos, a busca de información en internet e o uso de aplicacións interactivas como os laboratorios virtuais.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Emprendemento, especialmente no deseño de experiencias e proxectos de investigación así como na proposta de hipóteses e a comprobación destas, na proposta de accións de mellora na sociedade, na capacidade de liderado do grupo, etc. Este elemento está relacionado, entre outros, cos seguintes criterios de avaliación: CA1.1, CA1.7 e CA1.8.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - O fomento do espírito crítico e científico é consubstancial á materia e trabállase na totalidade desta, especialmente nos exercicios de argumentación fronte a distintos enunciados a partir das probas dispoñibles. Este elemento transversal está directamente relacionado, entre outros, co seguinte criterio de avaliación: CA1.1 e CA1.7.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Educación emocional e en valores, mediante a relación entre os membros da comunidade educativa, atendendo ao alumnado desde a empatía e a comprensión, fomentando o respecto nas actuacións que se leven a cabo, chegando a acordos, co cumprimento das normas, deseñando e desenvolvendo protocolos de resolución de conflitos, etc. Está relacionado co seguinte criterio de avaliación: CA1.5.	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.7 - Igualdade de xénero, no día a día mediante o trato igualitario entre os membros da comunidade educativa independentemente do seu xénero. A linguaxe será non sexista e coidarase, neste aspecto, a redacción e selección dos textos. Subliñar a contribución das mulleres á ciencia.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Á creatividade élle de aplicación o indicado para o fomento do espírito crítico e científico e para o emprendemento.	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9
ET.1 - Comprensión lectora e expresión escrita, mediante o traballo a través de cuestións e problemas, textos, gráficas, táboas, busca de información e a súa posterior presentación.	X
ET.2 - A expresión oral traballarase nas presentacións sobre diferentes temáticas (reaccións químicas na industria, produción de enerxía...), así como na explicación de cuestións e problemas, debates e similares.	X
ET.3 - A competencia dixital e comunicación audiovisual traballaranse a través do uso aula virtual, a produción de informes ou a presentación de proxectos, a busca de información en internet e o uso de aplicacións interactivas como os laboratorios virtuais.	X

	UD 9
ET.4 - Emprendemento, especialmente no deseño de experiencias e proxectos de investigación así como na proposta de hipóteses e a comprobación destas, na proposta de accións de mellora na sociedade, na capacidade de liderado do grupo, etc. Este elemento está relacionado, entre outros, cos seguintes criterios de avaliación: CA1.1, CA1.7 e CA1.8.	X
ET.5 - O fomento do espírito crítico e científico é consubstancial á materia e trabállase na totalidade desta, especialmente nos exercicios de argumentación fronte a distintos enunciados a partir das probas dispoñibles. Este elemento transversal está directamente relacionado, entre outros, co seguinte criterio de avaliación: CA1.1 e CA1.7.	X
ET.6 - Educación emocional e en valores, mediante a relación entre os membros da comunidade educativa, atendendo ao alumnado desde a empatía e a comprensión, fomentando o respecto nas actuacións que se leven a cabo, chegando a acordos, co cumprimento das normas, deseñando e desenvolvendo protocolos de resolución de conflitos, etc. Está relacionado co seguinte criterio de avaliación: CA1.5.	X
ET.7 - Igualdade de xénero, no día a día mediante o trato igualitario entre os membros da comunidade educativa independentemente do seu xénero. A linguaxe será non sexista e coidarase, neste aspecto, a redacción e selección dos textos. Subliñar a contribución das mulleres á ciencia.	X

	UD 9
ET.8 - Á creatividade élle de aplicación o indicado para o fomento do espírito crítico e científico e para o emprendemento.	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Charlas de divulgación científica enmarcadas no programa "A Ponte" da USC.	En función da dispoñibilidade dos relatores, organizaranse estas charlas tratando de coincidir o calendario coas datas nas que se traballen ou se teñan traballados eses contidos na clase.		X	
Charlas de divulgación científica organizadas pola UVIGO.	En función da dispoñibilidade dos relatores, organizaranse estas charlas tratando de coincidir o calendario coas datas nas que se traballen ou se teñan traballados eses contidos na clase.		X	
Charlas de divulgación científica organizadas pola UDC.	En función da dispoñibilidade dos relatores, organizaranse estas charlas tratando de coincidir o calendario coas datas nas que se traballen ou se teñan traballados eses contidos na clase.		X	

Observacións:
Estas actividades realizaranse se nolas concedan desde as citadas universidades.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
1.-Adecuación de obxectivos, contidos e criterios de avaliación ás características e necesidades do alumnado. Usando como indicador de logro o éxito académico e ponderando entre 1 e 4 segundo: 1(<50%)2(<75%, >50%) 3 (<90%, >75%) e 4 (>90%)
4.-Desenvolvemento da programación didáctica. Usando como indicador de logro o grao de desenvolvemento e adecuación daquela e ponderando entre 1 e 4 segundo: 1 (desenvolveuse < 90% e menos de 3 nalgún dos anteriores ítems); 2 (desenvolveuse o 100% e menos de 3 nalgún dos anteriores ítems); 3 (desenvolveuse > 90% e máis de 3 nos anteriores ítems); 4 (desenvolveuse o 100% e máis de 3 nos anteriores ítems).
Metodoloxía empregada
7.-Procedementos de avaliación do alumnado. Usando como indicador a eficacia da retroalimentación medida conforme ao que se recolle no apartado de descrición e ponderando entre 1 e 4 segundo a porcentaxe de respostas afirmativas: 1(<50%), 2(<75%, >50%), 3(<90%, >75%), 4(>90%).

Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
5.-Organización da aula para executar as programacións. Usando como indicador a accesibilidade do alumnado, conforme ao que se recolle no apartado de descrición, e ponderando entre 1 e 4 segundo a porcentaxe de respostas afirmativas: 1(<50%), 2(<75%, >50%), 3 (<90%, >75%), 4(>90%)
6.-Aproveitamento dos recursos dispoñibles no centro e na contorna para desenvolver as programacións. Usando como indicador o aproveitamento de recursos medido conforme ás respostas positivas ás preguntas que se recollen no apartado de descrición.
Medidas de atención á diversidade
3.-As medidas de atención á diversidade dentro da aula. Usando como indicador de logro a porcentaxe de medidas de atención á diversidade recollidas no apartado 6 desta programación, para cada una das pautas que foron desenvolvidas, e ponderando entre 1 e 4 segundo: 1(<50%) 2(<75%, >50%) 3 <(90%, >75%) 4 (>90%).
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
8.-Coordinación do profesorado. Usando como indicador a coordinación do profesorado, medido segundo o número de respostas afirmativas aos ítens que se recollen no apartado de descrición.
Outros
2.-Aprendizaxes acadadas polo alumnado. Usando como indicador de logro o éxito académico, ponderando entre 1 e 4 segundo: 1(<50%)2(<75%, >50%) 3 (<90%, >75%) e 4 (>90%).

Descrición:

5-ORGANIZACIÓN DA AULA PARA DESENVOLVER AS PROGRAMACIÓNS
Responder SI ou NON aos seguintes ítems.
ÍTEMS
1.-ACCESIBILIDADE FÍSICA NA AULA
1.1.-Todo o alumnado pode participar en calquera actividade sen atopar dificultades físicas?
1.2.-Todo o alumnado pode coller e manipular obxectos comodamente (uso de material escolar, informático, etc.)?
1.3.-Todo o alumnado pode participar nas actividades na clase ou ter o material necesario sen que llo impidan problemas económicos?
1.4.-As actividades deséñanse para que o alumnado con problemas de saúde poida participar?

2.-ACCESIBILIDADE SENSORIAL
2.1.-Todo o alumnado pode acceder sen dificultades, a través dos sentidos, á información necesaria para realizar actividades, manipular obxectos e desprazarse polas contornas?
2.2.-No caso de que algún alumno ou alumna teña problemas de hipoacusia, cegueira, baixa visión, daltonismo, hipersensibilidades sensoriais, tipo táctil..., téñense en conta as súas necesidades no deseño de actividades na aula?

3.-ACCESIBILIDADE COGNITIVA
3.1.-O alumnado entende as actividades, comprende o que pasa na aula e sabe utilizar os materiais necesarios para realizar esas actividades?
3.2.-O deseño e contido da actividade trata de eliminar calquera posible prexuízo, parcialidade ou trato inxusto?
3.3.-O alumnado sabe o que vai facer e o que se lle vai a pedir?
3.4.-O tempo/horario e as actividades a realizar están visibles?
3.5.-Os materiais e o contido da actividade teñen en conta a perspectiva de xénero? E as diferenzas culturais?
3.6.-Os materiais e recursos da aula están organizados?
3.7.-Todo o alumnado sabe atopar e gardar o material no seu sitio?
3.8.-No caso de que algún alumno ou alumna requira algún apoio ou axuda específica para a comunicación, tense en conta no deseño das actividades?
3.9.-Todo o alumnado pode comunicarse na clase sen ningún problema ocasionado por descoñecemento das linguas vehiculares?

4.-ACCESIBILIDADE EMOCIONAL
4.1.-O alumnado síntese capaz de realizar as actividades que se propoñen na clase?
4.2.-No caso de ter algún alumno ou alumna con historia de fracaso escolar, téñense en conta as súas necesidades no deseño das actividades de aula?

4.3.-No caso de que algún alumno ou alumna estea vivindo unha situación que poida supor unha barreira emocional para a aprendizaxe, tense en conta a súa situación no desenvolvemento das actividades de aula?
4.4.-Se chega alguén novo ao grupo, cóntase cun protocolo de acollida?
4.5.-Todo o alumnado coñece as normas de convivencia na aula?
4.6.-Hai procedementos de resolución de conflitos?
4.7.-Cóntase con espazos e actividades periódicas que permitan a participación de todo o alumnado?

6.-APROVEITAMENTO DE RECURSOS DISPOÑIBLES NO CENTRO E NO CONTORNO PARA DESENVOLVER AS PROGRAMACIÓNS.
Responder SI ou NON aos seguintes ítems:
1.-Utilízase o aula virtual?
2.-Utilízase a biblioteca?
3.-Utilízanse os laboratorios?
4.-Participase nos proxectos formativos do centro?
5.-Colabórase co club de ciencias, de lectura ou similares?

7.-PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN DO ALUMNADO
Responder SI ou NON aos seguintes ítems:
ÍTEMS
1.-Ao comentar o exercicio, exposición, etc. que fixo o alumno/a sinálase tanto o que fixo ben como os erros cometidos?
2.-Os comentarios e a frecuencia en proporcionar retroalimentación axústanse a cada alumno/a?
3.-Téntase que a retroalimentación sexa o máis inmediato posible para o alumnado?
4.-Ao sinalar un erro indícase en que se equivocou e dáse algunha pista de como resolvelo correctamente?
5.-Cando o alumnado o necesita, exemplifícase o proceso paso a paso?
6.-Facilítanse pautas de corrección para que o alumnado poida autoavaliar o seu traballo?
7.-En ocasións pídeselle opinión ao alumno ou alumna acerca de que comentarios ou apoios sobre a súa tarefa lle axudan máis?
8.-Anímase ao alumno/a a que reflexione ao realizar un exercicio/tarefa preguntándose que teño que facer, como estou ao facer e como o fixen?

8.-COORDINACIÓN DO PROFESORADO
Responder SI ou NON aos seguintes ítems:
ÍTEMS
1.-Deséñanse tarefas interdisciplinarias?
2.-Analízase e chégase a acordos sobre a forma de tratar os elementos transversais?
3.-Hai outro tipo de acordos entre o profesorado dos cursos e lévanse a cabo?

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O seguimento da programación didáctica realizarase periodicamente nas distintas reunións de departamento e a través do apartado de "Seguimento" da aplicación Proens. Para cada UD comprobaranse as datas de inicio e final, a correspondencia entre sesións previstas e realizadas e o grao de cumprimento do programado para a unidade. No caso de detectar problemas realizaranse as propostas de mellora e correccións oportunas.
Finalizado o curso, tendo en consideración os resultados da avaliación do proceso de ensino e práctica docente, estableceranse as propostas de modificación da programación de cara ao seguinte curso, que serán recollidas na memoria final do departamento.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36018677	IES Luís Seoane	Pontevedra	2025/2026

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Historia do mundo contemporáneo	1º Bac.	4	140

Tipo de oferta
Réxime xeral-ordinario

Contido **Páxina**

1. Introdución 3

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias 3

3.1. Relación de unidades didácticas 5

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas 8

4.1. Concrecións metodolóxicas 21

4.2. Materiais e recursos didácticos 22

5.1. Procedemento para a avaliación inicial 23

5.2. Criterios de cualificación e recuperación 24

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes 26

6. Medidas de atención á diversidade 27

7.1. Concreción dos elementos transversais 28

7.2. Actividades complementarias 31

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro 32

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora 33

9. Outros apartados 34

1. Introdución

A presente programación didáctica, elaborada para a materia Historia do Mundo Contemporáneo de 1º curso de bacharelato, ten como referencia o Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia. No uso da autonomía que proporciona a dita normativa, a través desta programación didáctica adáptase o currículo da materia Historia do Mundo Contemporáneo á realidade deste centro e a do seu alumnado no 1º curso.
Na materia Historia do Mundo Contemporáneo trátanse os acontecementos fundamentais que marcaron o transcurso da historia recente ata o momento actual, así como os retos que é necesario afrontar no presente para encarar o século XXI.
Precisamente os retos do mundo actual levan á necesidade de ver a historia como un instrumento non só para a análise do presente senón tamén para a adopción de compromisos ante os retos do século XXI, proporcionando ao alumnado unha visión útil e funcional da historia, orientada a promover a observación, a análise e a interpretación da súa contorna e a exercer unha cidadanía activa e implicada na vida social. O pensamento histórico, con estratexias e métodos que orientan o estudo do pasado, ponse ao servizo da comprensión do presente para afrontar así os retos que nos formula o século XXI; porque é desde a observación do mundo actual de onde xorde a necesidade de dirixir a nosa mirada á historia, máis ou menos recente, para obter as claves coas que entender e mellorar o mundo no que vivimos.

A aproximación á metodoloxía histórica obriga ao alumnado ao uso rigoroso e crítico das fontes, a utilización precisa dos conceptos e a historiografía, e ao coñecemento das principais teorías e correntes académicas que foron desenvolvéndose no ámbito da historia e doutras ciencias sociais afíns. Así mesmo, a metodoloxía histórica promove o exercicio de procesos indutivos e de indagación relacionados con estratexias de utilización de documentos e probas, así como á procura e o tratamento de información e fontes textuais, gráficas, audiovisuais, artísticas, literarias, hemerográficas e sonoras, accesibles en moitos casos grazas a plataformas dixitais.

O alumnado debe adquirir o exercicio do pensamento crítico, fundamentado e razoado, do mesmo xeito que a transferencia de información e coñecemento elaborado, que ademais de supoñer o uso avanzado de medios dixitais implica tamén o desenvolvemento de estratexias comunicativas eficaces.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Recoñecer os movementos, accións e transformacións históricas que contribuíron ao afianzamento da liberdade no mundo contemporáneo, a través do estudo comparado de casos e o uso correcto de termos e conceptos históricos, para valorar os logros que supoñen os sistemas democráticos como principal garantía para a convivencia e o exercicio dos dereitos fundamentais.	2		2		11	1-2-3	1	
OBX2 - Tomar conciencia do grao de violencia, barbarie e destrución alcanzado polos conflitos da Idade Contemporánea, a través do emprego de fontes históricas fiables, a lectura de textos historiográficos e a elaboración de argumentos propios que preveñan a manipulación da información, para afrontar acontecementos traumáticos do noso pasado recente, evitar a repetición de feitos semellantes, recoñecer as vítimas e defender a aplicación do principio de xustiza universal.	1-5				11-31-40	1-2-3		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Identificar a desigualdade como un dos principais problemas das sociedades contemporáneas, recoñecendo as experiencias históricas de determinados colectivos, empregando a análise multicausal e valorando o papel transformador do suxeito na historia, para comprender como se formaron as actuais sociedades complexas, apreciar a riqueza da diversidade social, valorar os logros alcanzados e asumir os retos que formula a consecución de comunidades máis xustas e cohesionadas.	3		1	5	12-31-40	2-3		
OBX4 - Comprender a importancia das identidades colectivas na configuración social, política e cultural do mundo contemporáneo, utilizando o pensamento histórico, os seus conceptos e métodos, para analizar criticamente como se foron construíndo e conformando a través do tempo, elaborar argumentos propios cos que contribuír a un diálogo construtivo, respectar os sentimentos de pertenza e valorar a riqueza patrimonial e o legado histórico e cultural que produciron.	3-5				12-31	2-3		1-2
OBX5 - Identificar e recoñecer os principais retos do século XXI a través de procesos avanzados de procura, selección e tratamento da información, o contraste e a lectura crítica de fontes, para entender o fenómeno histórico da globalización, a súa repercusión no ámbito local e planetario e na vida cotiá das persoas, e mostrar a necesidade de adoptar compromisos ecosociais para afrontar os obxectivos de desenvolvemento sustentable.	3		5	1	20-40	3-4	1	
OBX6 - Valorar o significado histórico da idea de progreso e as súas repercusións sociais, ambientais e territoriais no mundo contemporáneo, a través do uso de métodos cuantitativos e da análise multifactorial do desenvolvemento económico, os ritmos de crecemento e a existencia de distintos modelos e sistemas, para tomar conciencia das relacións de subordinación e dependencia, e adoptar un compromiso activo coa sustentabilidade, a defensa dos dereitos sociais e o acceso universal a recursos básicos.			4-5		20-50	3-4	1-2	
OBX7 - Interpretar a función que desempeñaron o pensamento e as ideoloxías na transformación da realidade desde as orixes da Idade Contemporánea ata a actualidade, a través da aproximación á historiografía e aos debates sobre temas clave da historia, para valorar criticamente os distintos proxectos sociais, políticos e culturais xerados, as accións levadas a cabo e as experiencias vividas, desde a perspectiva ética contida na Declaración Universal dos Dereitos Humanos.	3-5			3	12-31-40	2-3		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX8 - Describir e analizar os cambios e permanencias que se produciron na sociedade contemporánea, os comportamentos demográficos, os modos de vida e o ciclo vital, prestando especial interese á situación da muller, aos roles de xénero e idade, aos mecanismos de control, dominio e submisión e á loita pola dignidade e contra a discriminación, realizando proxectos de investigación e aplicando o pensamento histórico para recoñecer o valor e importancia das personaxes anónimas da historia.	5		3	2	12-31-40	2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A Revolución francesa e o Imperio	Nesta unidade didáctica abordarase a crise do Antigo Réxime e os inicios do parlamentarismo a través dos exemplos de Reino Unido e Estados Unidos, e o inicio da contemporaneidade a través do estudo da Revolución francesa e o Imperio. Estudarase a arte rococó e a arte neoclásica.	8	11	X		
2	A nova era industrial	Nesta unidade didáctica estudarase a chamada Revolución Industrial, contextualizando os diferentes elementos relacionados: revolución agrícola, revolución demográfica, o vapor como nova fonte de enerxía, novas industrias e novas correntes ideolóxicas relacionadas, o liberalismo económico e o capitalismo. Estudaranse a arquitectura e a escultura na segunda metade do século XIX.	6	11	X		
3	Os novos movementos sociais. Movemento obreiro e feminismo	Nesta unidade didáctica analizarase a nova sociedade industrial, o crecemento das cidades, consecuencia da nova era industrial, e o nacemento das primeiras organizacións obreiras coas súas propostas revolucionarias. Dedicarase un tempo a valorar o papel da muller dentro da sociedade traballadora do século XIX e ao nacemento dos movementos sufraxistas.	7	10	X		
4	Liberalismo e nacionalismo	Nesta unidade didáctica abordarase o estudo dos ciclos revolucionarios de 1830 e	8	11	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
4	Liberalismo e nacionalismo	1848. Das unificacións de Italia e de Alemaña e o xurdimento dos novos estados liberais. Analizaranse os vellos imperios: ruso, austro-húngaro e otomano; e finalmente dous estados extraeuropeos: os Estados Unidos e Xapón. Para rematar, estudarase o estilo artístico do Romanticismo.	8	11	X		
5	Segunda revolución industrial e colonialismo	Nesta unidade didáctica analizarase o crecemento industrial e o desenvolvemento urbano, causa e consecuencia da segunda revolución industrial. Falarase das causas do imperialismo e das súas consecuencias territoriais. Analizaranse os cambios producidos entre 1870 e 1914. Estudarase a pintura na segunda metade do século XIX.	5	10	X		
6	A Gran Guerra, un conflito inevitable?	Nesta unidade didáctica abordaranse as causas da Primeira Guerra Mundial e o seu desenvolvemento. Estudarase a Rusia tsarista e explicaranse as revolucións rusas de 1917, pasando pola guerra civil ata chegar á creación da URSS. Finalmente, analizaranse as consecuencias da Primeira Guerra Mundial. Estudaranse as vangardas artísticas na primeira metade do século XX.	9	11		X	
7	O mundo despois da Primeira Guerra Mundial	Nesta unidade didáctica traballarase o período correspondente aos denominados "felices anos vinte", desde os duros anos de posguerra, pasando do pesimismo á esperanza. Analizarase a irrupción da sociedade de masas e a realidade final da crise de 1929 coas súas consecuencias explicando a Gran Depresión e unha posible solución a través do New Deal. No referido á arte. estudarase a arquitectura e a escultura na primeira metade do século XX.	6	8		X	
8	O auxe dos totalitarismos	Nesta unidade didáctica analizarase o ascenso dos totalitarismos e o retroceso das democracias en Europa. Estudarase a Stalin e o totalitarismo soviético, o fascismo italiano e o proceso de nazificación de Alemaña. Farase unha mención á Guerra Civil Española, a súa internacionalización e o exilio republicano español.	7	8		X	
9	A Segunda Guerra Mundial	Nesta unidade didáctica analizaranse as causas da Segunda Guerra Mundial: a ofensiva nazi e a ocupación de Europa por este réxime. Abordarase o avance e a vitoria dos aliados para finalizar coa análise das consecuencias da guerra. No referido á arte, estudarase a arquitectura e a escultura na segunda metade do século XX.	8	8		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
10	A división do mundo en bloques	Nesta unidade didáctica explicarase o concepto de Guerra Fría e os seus inicios. Analizarase a incursión dun novo protagonista como China, e diferentes conflitos durante a Guerra Fría. Analizarase a polarización entre sociedades capitalistas e sociedades comunistas, os momentos de máximo enfrontamento e, finalmente, a caída do bloque soviético e a fin da Guerra Fría. No referido á arte, estudarase a pintura na segunda metade do século XX.	9	10		X	
11	Descolonización e neocolonialismo	Nesta unidade didáctica abordarase a descolonización, desde as primeiras independencias en Asia, a Conferencia de Bandung e o movemento dos Non aliñados e a descolonización de África. Para rematar, estudaranse de xeito global o movemento descolonizador, e as situacións non resoltas que derivan no neocolonialismo. Estudaranse as manifestacións artísticas da segunda metade do século XX.	8	11			X
12	A construción da Unión Europea	Nesta unidade didáctica analizaranse os antecedentes do proxecto europeo, todo o proceso de construción da Unión Europea e o seu funcionamento. Estudaranse os desafíos globais aos que se enfronta a Unión Europea.	5	11			X
13	Xeopolítica no mundo	Nesta unidade didáctica analizarase o papel dos Estados Unidos, como primeira potencia mundial, o papel de China como xigante económico e o caso de Rusia observando os conflitos post-soviéticos (invasión de Ucraína, etc.). Abordaranse os principais conflitos no continente africano e no Oriente Próximo (principalmente, o xenocidio palestino).	9	10			X
14	Os retos do mundo actual	Nesta unidade didáctica analizarase o ecosistema tecnolóxico a través da análise dun novo contexto socioeconómico e de novos conceptos como "aldea global", "globalización" etc. Analizarase a Axenda 2030, o desenvolvemento de novas ideoloxías alternativas e a inestable situación do planeta. Rematarase co estudo das relacións entre a arte e as novas tecnoloxías.	5	10			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	A Revolución francesa e o Imperio	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Identificar e recoñecer os logros que supoñen os actuais sistemas democráticos como o resultado non lineal no tempo dos movementos e accións que contribuíron ao afianzamento e articulación do principio de liberdade, a través da análise dos principais procesos históricos que se desenvolveron, a comprensión dos textos políticos e constitucionais fundamentais e o uso adecuado de termos e conceptos históricos.	Demostra que entende as razóns polas que a Revolución francesa se considera o inicio da era contemporánea, distinguindo e entendendo os inicios do parlamentarismo.	PE	90
CA1.2 - Comprender os conceptos de revolución e cambio no mundo contemporáneo e os elementos e factores que os causan e condicionan, a través do estudo de casos significativos das revolucións burguesas e socialistas que ocorreron ao longo da historia contemporánea, así como dos movementos de acción e reacción que xeraron.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente demostrando que sabe identificar o proceso de cambio e revolución representado pola revolución francesa.		
CA1.3 - Analizar criticamente como se foron construíndo no tempo as identidades colectivas, empregando os conceptos e métodos do pensamento histórico, respectando a pluralidade e os sentimentos identitarios e valorando o legado histórico e cultural destas.	Explica as diferentes etapas da Revolución francesa, cos seus correspondentes protagonistas, e as implicacións posteriores en Europa e no mundo.		
CA1.4 - Abordar criticamente os principais temas clave da historia e da actualidade, a través da aproximación ás principais correntes historiográficas e aos usos que se fan da historia, valorando criticamente os principais proxectos sociais, políticos e culturais que tiveron lugar na historia contemporánea desde a perspectiva ética contida na Declaración Universal dos Dereitos Humanos.	Traballa con diferentes documentos e fontes históricas na elaboración de traballos de investigación histórica sobre a caída do Antigo réxime e a chegada dos ciclos revolucionarios.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- O traballo do historiador: fontes históricas, historiografía e narrativas do pasado. Argumentación histórica. Relevancia, causas e consecuencias, cambio e continuidade. Perspectiva histórica nas narrativas sobre o pasado. - A loita pola liberdade: cambio e revolución na época contemporánea: Revolución Francesa e revolucións europeas de 1830 e 1848. O uso da violencia e da protesta social nos séculos XIX e XX. Revolución e reacción. - A nova sociedade liberal: orixe e funcionamento dos sistemas parlamentarios.

UD	Título da UD	Duración
2	A nova era industrial	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Analizar as condicións de vida, o mundo do traballo e as relacións laborais e a súa conflitividade a través do estudo multidisciplinario dos movementos sociais, particularmente os relacionados co obrerismo, valorando o papel que representan a acción colectiva e do suxeito na historia para o recoñecemento dos dereitos sociais e o benestar colectivo.	Analiza as condicións de vida na nova sociedade industrial, e a súa conflitividade en relación co obrerismo.	PE	90
CA3.5 - Comparar os distintos sistemas económicos que se desenvolveron no mundo contemporáneo, a través da súa análise multidisciplinaria e das doutrinas e teorías das que derivan, identificando as relacións de subordinación e de dependencia e os conflitos que xeran, tanto no ámbito nacional como internacional, e xustificando a necesidade do acceso universal aos recursos básicos.	Contesta á proba escrita cun nivel suficiente e satisfactorio sobre os ciclos económicos e a súa relación social, política e ambiental, diferenciando entre o liberalismo económico e o capitalismo.		
CA3.6 - Analizar os cambios e permanencias na historia, atendendo a procesos de máis longa duración, como os comportamentos demográficos, ciclos vitais e modos de vida na sociedade contemporánea, a través do achegamento ao pensamento histórico e a realización de proxectos de investigación, identificando os mecanismos de control, dominio e submisión, os roles de xénero e idade asignados, así como os escenarios de loita pola dignidade e contra a discriminación de diversos colectivos.	Realiza proxectos de investigación sobre a evolución da poboación, amosando que entende os diferentes ciclos demográficos e exercendo empatía cara os grupos marxinados dunha sociedade.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Ritmos e modelos de crecemento económico no mundo: as relacións de dependencia. Ciclos e crises dos sistemas económicos contemporáneos. Factores do desenvolvemento económico e as súas implicacións sociais, políticas e ambientais: da Revolución Industrial á era postindustrial. - Evolución da poboación, ciclos demográficos e modos de vida. Cambios e permanencias nos ciclos vitais e na organización social do mundo contemporáneo. Grupos vulnerables e marxinados. O papel do suxeito colectivo na historia contemporánea. - Desenvolvemento económico e sustentabilidade: da idea do progreso ilimitado do liberalismo clásico aos obxectivos de desenvolvemento sustentable.

UD	Título da UD	Duración
3	Os novos movementos sociais. Movemento obreiro e feminismo	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Analizar criticamente como se foron construíndo no tempo as identidades colectivas, empregando os conceptos e métodos do pensamento histórico, respectando a pluralidade e os sentimentos identitarios e valorando o legado histórico e cultural destas.	Traballa con documentos históricos empregando conceptos e distintos métodos sobre a evolución das organizacións obreiras e do feminismo, as propostas revolucionarias e a súa consolidación.	PE	90
CA1.4 - Abordar criticamente os principais temas clave da historia e da actualidade, a través da aproximación ás principais correntes historiográficas e aos usos que se fan da historia, valorando criticamente os principais proxectos sociais, políticos e culturais que tiveron lugar na historia contemporánea desde a perspectiva ética contida na Declaración Universal dos Dereitos Humanos.	Valora os principais proxectos sociais, políticos e culturais como novos movementos sociais implicados na defensa dos dereitos sociais.		
CA2.3 - Describir a evolución dos conceptos de igualdade e de cidadanía na historia contemporánea e as súas derivacións sociais e políticas, a través da análise multicausal dos principais sistemas políticos e sociais dos séculos XIX e XX, identificando as desigualdades e a concentración do poder en determinados grupos sociais.	Contesta á proba escrita cun nivel suficiente e satisfactorio sobre os novos movementos sociais: primeiras organizacións obreiras, consolidación de partidos e sindicatos e o primeiro feminismo.		
CA3.1 - Analizar as condicións de vida, o mundo do traballo e as relacións laborais e a súa conflitividade a través do estudo multidisciplinario dos movementos sociais, particularmente os relacionados co obrerismo, valorando o papel que representan a acción colectiva e do suxeito na historia para o recoñecemento dos dereitos sociais e o benestar colectivo.	Explica o papel do movemento obreiro e de movementos análogos na loita polos dereitos dos traballadores.		
CA1.5 - Contrastar o papel relegado da muller na historia contemporánea, identificando e valorando a importancia das figuras individuais e colectivas como protagonistas anónimas da historia contemporánea, así como o papel dos movementos feministas no recoñecemento dos seus dereitos e no logro da igualdade efectiva de mulleres e homes, e a corresponsabilidade no coidado das persoas.	Realiza con rigor histórico traballos de investigación sobre as condicións de vida e traballo da muller, e a conquista do dereito a voto.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- A evolución da situación da muller na sociedade contemporánea: mecanismos de dominación e submisión e cambios socioculturais. O movemento pola emancipación da muller e a loita pola igualdade: orixe e desenvolvemento dos movementos feministas. - Igualdade de xénero: situación da muller no mundo e actitudes fronte á discriminación e en favor da igualdade efectiva entre mulleres e homes. - Movementos sociais en favor da igualdade de dereitos, do recoñecemento das minorías e contra a discriminación. - Niveis, condicións e modos de vida nas sociedades contemporáneas: grupos, clases sociais e desigualdade social. Clases medias e estado do benestar nas sociedades avanzadas. - A evolución histórica da clase traballadora e das organizacións obreiras: experiencias e conflitos en defensa dos dereitos laborais e a mellora das condicións de vida.

UD	Título da UD	Duración
4	Liberalismo e nacionalismo	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Comprender os conceptos de revolución e cambio no mundo contemporáneo e os elementos e factores que os causan e condicionan, a través do estudo de casos significativos das revolucións burguesas e socialistas que ocorreron ao longo da historia contemporánea, así como dos movementos de acción e reacción que xeraron.	Contesta á proba escrita cun nivel suficiente e satisfactorio sobre o ciclo revolucionario do XIX, sobre as unificacións italiana e alemá e avalía os vellos imperios ruso, austro-húngaro e otomano.	PE	90
CA1.1 - Identificar e recoñecer os logros que supoñen os actuais sistemas democráticos como o resultado non lineal no tempo dos movementos e accións que contribuíron ao afianzamento e articulación do principio de liberdade, a través da análise dos principais procesos históricos que se desenvolveron, a comprensión dos textos políticos e constitucionais fundamentais e o uso adecuado de termos e conceptos históricos.	Interpreta, por medio de producións históricas propias, documentos históricos alleos nos que se aborda como se produciu o avance desde o liberalismo cara á democracia durante as revolucións do XIX.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- A loita pola liberdade: cambio e revolución na época contemporánea: Revolución Francesa e revolucións europeas de 1830 e 1848. O uso da violencia e da protesta social nos séculos XIX e XX. Revolución e reacción. - O significado histórico e político dos nacionalismos no mundo contemporáneo, factor de conflito e enfrontamento entre pobos e estados: da servidume á cidadanía. Abolicionismo, dereitos civís e dereitos sociais na Idade Contemporánea. - As utopías revolucionarias e os proxectos de transformación social: os movementos democráticos, republicanos e socialistas dos séculos XIX e XX. O papel dos exiliados políticos. - Conservación e difusión do patrimonio histórico: o valor patrimonial, social e cultural da memoria colectiva. Arquivos, museos e centros de divulgación e interpretación histórica.

UD	Título da UD	Duración
5	Segunda revolución industrial e colonialismo	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Analizar criticamente como se foron construíndo no tempo as identidades colectivas, empregando os conceptos e métodos do pensamento histórico, respectando a pluralidade e os sentimentos identitarios e valorando o legado histórico e cultural destas.	Analiza o impacto da expansión imperialista na historia dos continentes colonizados, e aquelas consecuencias que se manteñen na actualidade.	PE	90
CA3.3 - Analizar criticamente como se foron construíndo no tempo as identidades colectivas, empregando os conceptos e métodos do pensamento histórico, respectando a pluralidade e os sentimentos identitarios e valorando o legado histórico e cultural destas.	Diferencia, a través de distintas fontes, que impacto ten o colonialismo do século XIX na actualidade, debatendo sobre a África de onte e de hoxe.		
CA3.4 - Valorar o significado histórico da idea de progreso e as súas múltiples consecuencias sociais, territoriais e ambientais, a través do tratamento de datos numéricos, a interpretación de gráficos e a comprensión multifactorial dos ritmos e ciclos de crecemento, argumentando a necesidade de adoptar comportamentos ecosociais que garantan a sustentabilidade do planeta.	Identifica, na segunda revolución industrial, as orixes da expansión imperialista dos países europeos.		
CA3.6 - Analizar os cambios e permanencias na historia, atendendo a procesos de máis longa duración, como os comportamentos demográficos, ciclos vitais e modos de vida na sociedade contemporánea, a través do achegamento ao pensamento histórico e a realización de proxectos de investigación, identificando os mecanismos de control, dominio e submisión, os roles de xénero e idade asignados, así como os escenarios de loita pola dignidade e contra a discriminación de diversos colectivos.	Contrasta, a través de proxectos de investigación o crecemento demográfico e o desenvolvemento urbano.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Imperios e cuestión nacional: dos movementos de liberación á descolonización.
- Ritmos e modelos de crecemento económico no mundo: as relacións de dependencia. Ciclos e crises dos sistemas económicos contemporáneos. Factores do desenvolvemento económico e as súas implicacións sociais, políticas e ambientais: da Revolución Industrial á era postindustrial.
- Evolución da poboación, ciclos demográficos e modos de vida. Cambios e permanencias nos ciclos vitais e na organización social do mundo contemporáneo. Grupos vulnerables e marxinados. O papel do suxeito colectivo na historia contemporánea.
- O desenvolvemento tecnolóxico e dixital e os novos retos do futuro económico, social e laboral.
- Éxodos masivos de poboación: migracións económicas, climáticas e políticas. O novo concepto de refuxiado.
- Valoración e respecto á diversidade social, étnica e cultural: tolerancia e intolerancia na historia do mundo contemporáneo. Defensa dos dereitos das minorías.

UD	Título da UD	Duración
6	A Gran Guerra, un conflito inevitable?	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Entender o significado histórico das transicións políticas e dos procesos de democratización da Idade Contemporánea como fundamento e garantía para a convivencia e o exercicio dos dereitos fundamentais, valorando as implicacións que supoñen o exercicio da cidadanía activa e o respecto ao ordenamento constitucional, e xerando xuízos propios tanto con respecto ao cumprimento de aspiracións e expectativas como ás ameazas e riscos da vida en democracia.	Analiza o nacemento dos réximes democráticos e totalitarios no século XX, a través de diferentes documentos históricos, no marco das dúas guerras mundiais.	PE	90
CA2.2 - Tomar conciencia do grao de violencia, barbarie e destrución alcanzado polos conflitos ocorridos no mundo contemporáneo, así como das causas das conflagracións bélicas e das múltiples transformacións que se producen nos contendentes, a través do emprego de fontes históricas fiables e do uso de datos contrastados, valorando o impacto social e emocional que supón o uso da violencia e o papel das institucións internacionais que velan pola paz e a mediación.	Analiza as causas e as consecuencias derivadas da Primeira Guerra Mundial.		
CA1.4 - Abordar criticamente os principais temas clave da historia e da actualidade, a través da aproximación ás principais correntes historiográficas e aos usos que se fan da historia, valorando criticamente os principais proxectos sociais, políticos e culturais que tiveron lugar na historia contemporánea desde a perspectiva ética contida na Declaración Universal dos Dereitos Humanos.	Analiza as guerras mundiais e os grandes conflitos internacionais a través da análise de producións históricas e o tratamento de fontes historiográficas.	TI	10
CA2.3 - Describir a evolución dos conceptos de igualdade e de cidadanía na historia contemporánea e as súas derivacións sociais e políticas, a través da análise multicausal dos principais sistemas políticos e sociais dos séculos XIX e XX, identificando as desigualdades e a concentración do poder en determinados grupos sociais.	Distingue os principais sistemas políticos democráticos e autoritarios no século XX e XXI, analizando as súas consecuencias.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Conciencia e memoria democrática: coñecemento dos principios e normas constitucionais, exercicio dos valores cívicos e participación cidadá. Coñecemento e respecto aos principios e normas da Declaración Universal dos Dereitos Humanos. A memoria democrática no marco do dereito internacional humanitario: verdade, xustiza, reparación e garantía de non repetición. - Militarización e carreira armamentística. Diplomacia da ameaza e da disuasión: acordos, alianzas e bloques. O mundo en guerra: as guerras mundiais e os grandes conflitos internacionais. A Guerra Civil española, a súa internacionalización e o exilio republicano español. O Holocausto e outros xenocidios e crimes de lesa humanidade na historia contemporánea.

Contidos
- Acción colectiva, movemento de masas e liderado político no século XX: nacemento e funcionamento dos réximes democráticos e totalitarios. Fascismo, Nazismo, Estalinismo e outros movementos autoritarios nos séculos XX e XXI. - Organismos e institucións para a paz: da Sociedade de Nacións á Organización das Nacións Unidas. A inxerencia humanitaria e a xustiza universal.

UD	Título da UD	Duración
7	O mundo despois da Primeira Guerra Mundial	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Deducir a través do estudo crítico de noticias e datos estatísticos a evolución do estado social, identificando os logros e retrocesos experimentados e as medidas adoptadas polos diferentes estados contemporáneos, así como os límites e retos de futuro, desde unha perspectiva solidaria en favor dos colectivos máis vulnerables.	Analiza a situación do mundo despois da primeira guerra mundial, así como as causas e as consecuencias da denominada "crise do 29".	PE	90
CA3.4 - Valorar o significado histórico da idea de progreso e as súas múltiples consecuencias sociais, territoriais e ambientais, a través do tratamento de datos numéricos, a interpretación de gráficos e a comprensión multifactorial dos ritmos e ciclos de crecemento, argumentando a necesidade de adoptar comportamentos ecosociais que garantan a sustentabilidade do planeta.	Analiza diferentes ritmos e modelos de crecemento, e ritmos e modelos de crise, en torno á gran depresión e a solución transitoria do New Deal.		
CA2.1 - Entender o significado histórico das transicións políticas e dos procesos de democratización da Idade Contemporánea como fundamento e garantía para a convivencia e o exercicio dos dereitos fundamentais, valorando as implicacións que supoñen o exercicio da cidadanía activa e o respecto ao ordenamento constitucional, e xerando xuízos propios tanto con respecto ao cumprimento de aspiracións e expectativas como ás ameazas e riscos da vida en democracia.	Analiza a través de fontes historiográficas diversas que foron realmente os felices anos vinte, así como as súas causas e as súas consecuencias.	TI	10
CA2.4 - Comprender a importancia das identidades colectivas na configuración social, política e cultural do mundo contemporáneo, identificando as súas múltiples valencias, mediante a análise crítica de textos históricos e historiográficos e de fontes de información actual, elaborando argumentos propios que contribúan a un diálogo construtivo respecto diso.	Interpreta, mediante unha análise crítica de textos históricos e fontes diversas e actuais, a irrupción da sociedade de masas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Transicións políticas e procesos de democratización nos séculos XX e XXI. A memoria democrática.

Contidos
- Movementos sociais en favor da igualdade de dereitos, do recoñecemento das minorías e contra a discriminación. - Ritmos e modelos de crecemento económico no mundo: as relacións de dependencia. Ciclos e crises dos sistemas económicos contemporáneos. Factores do desenvolvemento económico e as súas implicacións sociais, políticas e ambientais: da Revolución Industrial á era postindustrial. - Niveis, condicións e modos de vida nas sociedades contemporáneas: grupos, clases sociais e desigualdade social. Clases medias e estado do benestar nas sociedades avanzadas.

UD	Título da UD	Duración
8	O auxe dos totalitarismos	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Entender o significado histórico das transicións políticas e dos procesos de democratización da Idade Contemporánea como fundamento e garantía para a convivencia e o exercicio dos dereitos fundamentais, valorando as implicacións que supoñen o exercicio da cidadanía activa e o respecto ao ordenamento constitucional, e xerando xuízos propios tanto con respecto ao cumprimento de aspiracións e expectativas como ás ameazas e riscos da vida en democracia.	Analiza o retroceso das democracias en Europa así como o auxe dos totalitarismos no período de entreguerras.	PE	90
CA2.3 - Describir a evolución dos conceptos de igualdade e de cidadanía na historia contemporánea e as súas derivacións sociais e políticas, a través da análise multicausal dos principais sistemas políticos e sociais dos séculos XIX e XX, identificando as desigualdades e a concentración do poder en determinados grupos sociais.	Analiza os sistemas totalitarios e o seu desenvolvemento no período de entreguerras, así como o seu papel no inicio da Segunda Guerra Mundial.		
CA2.4 - Comprender a importancia das identidades colectivas na configuración social, política e cultural do mundo contemporáneo, identificando as súas múltiples valencias, mediante a análise crítica de textos históricos e historiográficos e de fontes de información actual, elaborando argumentos propios que contribúan a un diálogo construtivo respecto diso.	Interpreta, por medio dun informe crítico, a represión e o terror baixo o totalitarismo.	TI	10
CA3.3 - Analizar criticamente como se foron construíndo no tempo as identidades colectivas, empregando os conceptos e métodos do pensamento histórico, respectando a pluralidade e os sentimentos identitarios e valorando o legado histórico e cultural destas.	Debate sobre a intolerancia e a tolerancia na historia do mundo contemporáneo a través de testemuñas de minorías perseguidas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Acción colectiva, movemento de masas e liderado político no século XX: nacemento e funcionamento dos réximes

Contidos
- democráticos e totalitarios. Fascismo, Nazismo, Estalinismo e outros movementos autoritarios nos séculos XX e XXI. - Transicións políticas e procesos de democratización nos séculos XX e XXI. A memoria democrática. - Identidade e sentimentos de pertenza: recoñecemento da diversidade identitaria, tolerancia e respecto ante as manifestacións ideolóxicas e culturais e recoñecemento e defensa da riqueza patrimonial. - Valoración e respecto á diversidade social, étnica e cultural: tolerancia e intolerancia na historia do mundo contemporáneo. Defensa dos dereitos das minorías.

UD	Título da UD	Duración
9	A Segunda Guerra Mundial	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Abordar criticamente os principais temas clave da historia e da actualidade, a través da aproximación ás principais correntes historiográficas e aos usos que se fan da historia, valorando criticamente os principais proxectos sociais, políticos e culturais que tiveron lugar na historia contemporánea desde a perspectiva ética contida na Declaración Universal dos Dereitos Humanos.	Analiza, de xeito comprensivo e a través de diferentes fontes, os aspectos máis destacados en relación á Segunda Guerra Mundial.	PE	90
CA2.2 - Tomar conciencia do grao de violencia, barbarie e destrución alcanzado polos conflitos ocorridos no mundo contemporáneo, así como das causas das conflagracións bélicas e das múltiples transformacións que se producen nos contendentes, a través do emprego de fontes históricas fiables e do uso de datos contrastados, valorando o impacto social e emocional que supón o uso da violencia e o papel das institucións internacionais que velan pola paz e a mediación.	Demostra que coñece e comprende as causas e as consecuencias da Segunda Guerra Mundial.		
CA2.3 - Describir a evolución dos conceptos de igualdade e de cidadanía na historia contemporánea e as súas derivacións sociais e políticas, a través da análise multicausal dos principais sistemas políticos e sociais dos séculos XIX e XX, identificando as desigualdades e a concentración do poder en determinados grupos sociais.	Explica, interpretando diferentes fontes principalmente históricas, quen son as principais vítimas da guerra: a poboación civil.	TI	10
CA2.4 - Comprender a importancia das identidades colectivas na configuración social, política e cultural do mundo contemporáneo, identificando as súas múltiples valencias, mediante a análise crítica de textos históricos e historiográficos e de fontes de información actual, elaborando argumentos propios que contribúan a un diálogo construtivo respecto diso.	Describe, mediante producións bibliográficas e testemuñas da época, que actitudes adoptou a poboación civil ante a ocupación nazi.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Conciencia e memoria democrática: coñecemento dos principios e normas constitucionais, exercicio dos valores cívicos e participación cidadá. Coñecemento e respecto aos principios e normas da Declaración Universal dos Dereitos Humanos. A memoria democrática no marco do dereito internacional humanitario: verdade, xustiza, reparación e garantía de non repetición. - Militarización e carreira armamentística. Diplomacia da ameaza e da disuasión: acordos, alianzas e bloques. O mundo en guerra: as guerras mundiais e os grandes conflitos internacionais. A Guerra Civil española, a súa internacionalización e o exilio republicano español. O Holocausto e outros xenocidios e crimes de lesa humanidade na historia contemporánea. - Acción colectiva, movemento de masas e liderado político no século XX: nacemento e funcionamento dos réximes democráticos e totalitarios. Fascismo, Nazismo, Estalinismo e outros movementos autoritarios nos séculos XX e XXI. - Organismos e institucións para a paz: da Sociedade de Nacións á Organización das Nacións Unidas. A inxerencia humanitaria e a xustiza universal.

UD	Título da UD	Duración
10	A división do mundo en bloques	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Tomar conciencia do grao de violencia, barbarie e destrución alcanzado polos conflitos ocorridos no mundo contemporáneo, así como das causas das conflagracións bélicas e das múltiples transformacións que se producen nos contendentes, a través do emprego de fontes históricas fiables e do uso de datos contrastados, valorando o impacto social e emocional que supón o uso da violencia e o papel das institucións internacionais que velan pola paz e a mediación.	Demostra que comprende a orixe e os aspectos máis salientables da denominada Guerra Fría.	PE	90
CA3.5 - Comparar os distintos sistemas económicos que se desenvolveron no mundo contemporáneo, a través da súa análise multidisciplinaria e das doutrinas e teorías das que derivan, identificando as relacións de subordinación e de dependencia e os conflitos que xeran, tanto no ámbito nacional como internacional, e xustificando a necesidade do acceso universal aos recursos básicos.	Analiza os trazos identificativos dos grandes bloques formados durante a denominada Guerra Fría.		
CA2.3 - Describir a evolución dos conceptos de igualdade e de cidadanía na historia contemporánea e as súas derivacións sociais e políticas, a través da análise multicausal dos principais sistemas políticos e sociais dos séculos XIX e XX, identificando as desigualdades e a concentración do poder en determinados grupos sociais.	Distingue a través de diferentes fontes históricas as sociedades capitalistas e as sociedades comunistas.	TI	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Comprender a importancia das identidades colectivas na configuración social, política e cultural do mundo contemporáneo, identificando as súas múltiples valencias, mediante a análise crítica de textos históricos e historiográficos e de fontes de información actual, elaborando argumentos propios que contribúan a un diálogo construtivo respecto diso.	Explica mediante a análise crítica de textos históricos e historiográficos a loita polos dereitos civís fronte á segregación racial.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Acción colectiva, movemento de masas e liderado político no século XX: nacemento e funcionamento dos réximes democráticos e totalitarios. Fascismo, Nazismo, Estalinismo e outros movementos autoritarios nos séculos XX e XXI. - Transicións políticas e procesos de democratización nos séculos XX e XXI. A memoria democrática. - Niveis, condicións e modos de vida nas sociedades contemporáneas: grupos, clases sociais e desigualdade social. Clases medias e estado do benestar nas sociedades avanzadas.

UD	Título da UD	Duración
11	Descolonización e neocolonialismo	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Describir a evolución dos conceptos de igualdade e de cidadanía na historia contemporánea e as súas derivacións sociais e políticas, a través da análise multicausal dos principais sistemas políticos e sociais dos séculos XIX e XX, identificando as desigualdades e a concentración do poder en determinados grupos sociais.	Analiza o proceso de descolonización en África e Asia, e as implicacións derivadas.	PE	90
CA3.3 - Analizar criticamente como se foron construíndo no tempo as identidades colectivas, empregando os conceptos e métodos do pensamento histórico, respectando a pluralidade e os sentimentos identitarios e valorando o legado histórico e cultural destas.	Analiza o movemento dos non aliñados dentro da conferencia de Bandung, a independencia e o neocolonialismo, empregando conceptos e métodos propios do pensamento histórico.		
CA2.4 - Comprender a importancia das identidades colectivas na configuración social, política e cultural do mundo contemporáneo, identificando as súas múltiples valencias, mediante a análise crítica de textos históricos e historiográficos e de fontes de información actual, elaborando argumentos propios que contribúan a un diálogo construtivo respecto diso.	Describe por medio de textos e fontes de información actuais como se produciron as primeiras independencias.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Transicións políticas e procesos de democratización nos séculos XX e XXI. A memoria democrática. - Movementos sociais en favor da igualdade de dereitos, do recoñecemento das minorías e contra a discriminación. - Valoración e respecto á diversidade social, étnica e cultural: tolerancia e intolerancia na historia do mundo contemporáneo. Defensa dos dereitos das minorías.

UD	Título da UD	Duración
12	A construción da Unión Europea	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Describir a evolución dos conceptos de igualdade e de cidadanía na historia contemporánea e as súas derivacións sociais e políticas, a través da análise multicausal dos principais sistemas políticos e sociais dos séculos XIX e XX, identificando as desigualdades e a concentración do poder en determinados grupos sociais.	Demostra que coñece o proceso de construcción da Unión Europea e as súas implicacións.	PE	90
CA2.4 - Comprender a importancia das identidades colectivas na configuración social, política e cultural do mundo contemporáneo, identificando as súas múltiples valencias, mediante a análise crítica de textos históricos e historiográficos e de fontes de información actual, elaborando argumentos propios que contribúan a un diálogo construtivo respecto diso.	Interpreta o proxecto europeo ante os desafíos globais aos que se ten que enfrontar nas últimas décadas e, en especial, no momento actual.		
CA2.1 - Entender o significado histórico das transicións políticas e dos procesos de democratización da Idade Contemporánea como fundamento e garantía para a convivencia e o exercicio dos dereitos fundamentais, valorando as implicacións que supoñen o exercicio da cidadanía activa e o respecto ao ordenamento constitucional, e xerando xuízos propios tanto con respecto ao cumprimento de aspiracións e expectativas como ás ameazas e riscos da vida en democracia.	Explica por medio de producións históricas os antecedentes do proxecto europeo e os desafíos aos que se enfronta.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Procesos de integración rexional no mundo. A construción da Unión Europea, situación presente e desafíos de futuro. Alianzas internacionais para o logro dos obxectivos de desenvolvemento sustentable. - Transicións políticas e procesos de democratización nos séculos XX e XXI. A memoria democrática.

UD	Título da UD	Duración
13	Xeopolítica no mundo	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Analizar os principais conflitos civís que se produciron na Idade Contemporánea, a través do emprego de textos historiográficos e a elaboración de xuízos argumentados, comprendendo a importancia da memoria histórica e do recoñecemento das vítimas, do principio de xustiza universal e do dereito á verdade, a reparación e a garantía de non repetición.	Analiza os trazos esenciais da xeopolítica do mundo actual, os principais conflitos existentes e os grandes retos das sociedades actuais.	PE	90
CA4.4 - Xerar opinións argumentadas, debater e transferir ideas e coñecementos sobre a función que desempeñaron o pensamento e as ideoloxías na transformación da realidade, desde as orixes da Idade Contemporánea ata a actualidade, comprendendo e contextualizando os devanditos fenómenos a través do traballo sobre textos históricos e historiográficos e de fontes literarias, do cinema e outros documentos audiovisuais.	Argumenta, despois de informarse por medio de textos históricos e fontes literarias e audiovisuais, como exercen as superpotencias a súa influencia nestes últimos anos.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Os conflitos fratricidas no mundo contemporáneo: pasados traumáticos e memoria colectiva. Recoñecemento, reparación e dignificación das vítimas da violencia. - A nova orde mundial multipolar: choques e alianzas entre civilizacións. - Ameazas rexionais e planetarias: terrorismo, crime organizado, radicalismos, ciberameazas e armas de destrución masiva. - Crise das ideoloxías e "fin da historia": a era do escepticismo e dos novos populismos. - Os retos das democracias actuais: corrupción, crise institucional e dos sistemas de partidos, tendencias autoritarias e movementos antisistema.

UD	Título da UD	Duración
14	Os retos do mundo actual	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Analizar os principais conflitos civís que se produciron na Idade Contemporánea, a través do emprego de textos historiográficos e a elaboración de xuízos argumentados, comprendendo a importancia da memoria histórica e do recoñecemento das vítimas, do principio de xustiza universal e do dereito á verdade, a reparación e a garantía de non repetición.	Analiza os principais conflitos civís do mundo actual e as consecuencias nun mundo globalizado.	PE	90
CA4.2 - Analizar criticamente o fenómeno histórico da globalización e a súa repercusión no ámbito local e planetario, valéndose do manexo de distintas fontes de información e dunha adecuada selección, validación, contraste e tratamento destas, previndo a desinformación e considerando o emprendemento, a innovación e a aprendizaxe permanente como formas de afrontar os retos dunha contorna económica, social e cultural en constante cambio.	Demostra que comprende os principais retos aos que se enfrontan o planeta e a sociedade no século XXI.		
CA4.3 - Identificar os principais retos do século XXI e a súa orixe histórica, a través da análise da interconexión entre diversos procesos políticos, económicos, sociais e culturais nun contexto global, argumentando a necesidade de adoptar comportamentos ecosocialmente responsables e orientados á sustentabilidade do planeta, a defensa das institucións democráticas, a mellora do benestar colectivo e a solidariedade entre as xeracións presentes e futuras.	Define os novos movementos sociais, o novo contexto socioeconómico e as ideoloxías alternativas buscando información por medio do uso das TIC.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- O proceso de globalización no mundo contemporáneo e as súas implicacións na sociedade actual. Aglomeracións urbanas e desafíos no mundo rural. - A emerxencia climática e os seus desafíos no presente e no futuro. - Comportamento ecosocial: movementos en defensa do ambiente e ante a emerxencia climática. Compromiso cos obxectivos de desenvolvemento sustentable. - Cidadanía ética dixital: respecto pola propiedade intelectual. Participación e exercicio da cidadanía global a través das tecnoloxías dixitais. Prevención e defensa ante a desinformación e a manipulación. - Solidariedade e cooperación: os grandes desafíos que afectan o mundo e as condutas tendentes ao compromiso social, o asociacionismo e o voluntariado.

4.1. Concrecións metodolóxicas

O proceso de ensino e aprendizaxe que se desenvolverá nesta materia persegue o obxectivo de poñer a aprendizaxe desta materia en íntima relación coa actividade práctica de coñecer o pasado en relación á evolución cara á realidade do mundo actual.

As orientacións metodolóxicas propostas apuntan á potenciación e a consolidación de competencias traballadas xa en etapas educativas anteriores. De acordo con este criterio, as metodoloxías concretas que se empregarán nesta materia deberán orientarse a:

- Potenciar unha autonomía progresiva, por parte do alumnado, na obtención, análise e procesamento da información referida ás cuestións propostas.
- Promover o diálogo e o debate horizontal entre iguais como un medio para desenvolver estratexias de conceptualización, información e comunicación intelectual.
- Manter un modelo de aprendizaxe funcional no que as nocións que se van adquirindo sexan aplicadas á vida real ou virtual.
- Promover a lectura e a análise de textos, así como a composición de textos propios e exposicións escritas e orais.
- Normalizar o uso de vocabulario técnico específico esixindo uns niveis de rigor lóxico e de coherencia argumentativa tanto nas producións orais como nas escritas.
- Manter unha perspectiva histórica que permita rastrexar as orixes do mundo actual.
- Ofrecer instrumentos e estratexias de autoanálise e autoavaliación para detectar os avances e as carencias no proceso de aprendizaxe.
- Actuar seguindo pautas de estándares profesionais na esixencia do traballo individual e colectivo: puntualidade, dedicación, actitude, rendemento, seguimento das instrucións de traballo, resultados materiais e formais...

Ao inicio de cada unidade didáctica exporanse os instrumentos de avaliación que se van aplicar, e a súa ponderación, deixando claros os obxectivos concretos mínimos. Farase tamén unha introdución a cada unidade didáctica activando os coñecementos previos do alumnado. Xa logo se desenvolverán as actividades e os proxectos propios da unidade didáctica. Ao final, farase un resumo ou síntese final dos contidos e os procesos traballados.

Nas aulas o alumnado traballará en tarefas individuais e grupais.
Deseñaranse e aplicaranse probas e tarefas axustadas ás características do alumnado, actividades de avaliación con diferentes niveis de complexidade e activando diferentes recursos cognitivos.

Proponse tamén a lectura voluntaria de distintos libros relacionados coa materia, así como coa lecturas de artigos xornalísticos e outros textos.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Material complementario
Aula virtual
Portfolio do alumnado
Outro tipo de materiais

Para a o desenvolvemento do proceso de ensino e aprendizaxe, nesta materia contarase cos recursos indicados no aliñado anterior, ao respecto dos que cómpre indicar:

- Material complementario: elaborado e/ou seleccionado pola persoa docente, acomodarase aos diferentes ritmos de aprendizaxe que se poden dar na aula; dentro deste apartado, incluirase: presentacións interactivas por medio de webs, realidade virtual e apps; fichas fotocopiables; materiais impresos (libros, prensa etc.); materiais audiovisuais (documentais, grabacións de son, música de significado histórico etc.)
- Aula virtual: a persoa docente creará o seu propio curso virtual a través do que poderá facer propostas de traballo (visualizar vídeos, comentar textos...) así como presentacións interactivas feitas por medio webs, realidade virtual, aplicacións específicas...
- Portfolio do alumnado: o alumnado utilizará o seu propio portfólio de traballo, que será supervisado polo profesorado.
- Outro tipo de materiais: empregaranse diferentes materiais, físicos ou virtuais, buscando ofrecer a resposta axeitada aos diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

1. Punto de partida
A avaliación inicial resulta de enorme importancia para a persoa docente de cara a coñecer o punto de partida do seu alumnado e poder así tomar as decisións necesarias para contextualizar e optimizar o proceso de ensino e aprendizaxe que se desenvolva. Por ese motivo, debe proporcionar información relevante sobre os niveis xerais do grupo e de cada unha das alumnas e de cada un dos alumnos que o integran. Pode ser moi útil para orientar a programación, a metodoloxía a utilizar, a organización da aula, así como para axustar a actuación docente ás necesidades, intereses e posibilidades do alumnado.

2. Recollida de información

Para realizar a avaliación inicial, desenvolveranse actuacións relacionadas cos seguintes aspectos:

- Competencia curricular: comunicación, autonomía, habilidades, manexo de distintos soportes e formatos audiovisuais...
- Características da alumna ou do alumno: intereses, motivación, estilo de aprendizaxe, traxectoria...
- Contexto educativo (itinerario elixido, materias pendentes), contexto familiar, contexto social...

A información que se recolla pode proceder de cuestionarios, de tarefas na aula virtual do centro, de conversas informais, debates etc.

A recollida de información levarase a cabo durante as primeiras sesións do curso, nas que se realizará unha ou varias probas centradas en:

- Actividades relacionadas coa comprensión de textos escritos (análise da competencia na lectura).
- Cuestionario sobre aspectos básicos de historia e do mundo actual, con preguntas de tipo test, curtas ou para desenvolver; permitirán ter unha imaxe de ata que punto existe ou non distancia entre os contidos da materia e que ademais permitirán avaliar a coherencia e a corrección gramatical e ortográfica (expresión escrita e coñecemento de terminoloxía específica).
- Comentarios, esquemas e/ou mapas conceptuais... (expresión e comprensión escritas e capacidade de síntese).

3. Propostas de intervención

Unha vez analizada a información recollida e logo da reunión de avaliación inicial, na que se terán en conta, dun xeito especial, as indicacións recibidas desde o Departamento de orientación do centro, tomaranse as decisión oportunas que recaerán sobre algún dos seguintes aspectos:

- Respecto ao currículo
- Respecto á forma de traballar na aula (en equipo, con axuda da persoa docente...).
- Respecto a aspectos organizativos (tempos, ferramentas...)

4. Outras consideracións

Outra das vantaxes da avaliación inicial é a de ofrecer información adicional sobre o punto de partida do alumnado cara o tema que se vai comezar a traballar, permitindo concretar os contidos que suscitan maior interese e adaptar a metolodoxía aos distintos ritmos de aprendizaxe.
Poderán facerse probas diagnósticas de coñecementos previos para cada unidade didáctica (elaboración de cuestionarios, test, debates e/ou visionados de material audiovisual...). Os resultados de ditas probas poderán orientar ao profesorado cara ao establecemento das estratexias de aprendizaxe e a realización das actividades de reforzo máis axeitadas para o alumnado.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
Peso UD/ Tipo Ins.	8	6	7	8	5	9	6
Proba escrita	90	90	90	90	90	90	90
Táboa de indicadores	10	10	10	10	10	10	10

Unidade didáctica	UD 8	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12	UD 13	UD 14
Peso UD/ Tipo Ins.	7	8	9	8	5	9	5
Proba escrita	90	90	90	90	90	90	90
Táboa de indicadores	10	10	10	10	10	10	10

Unidade didáctica	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	100
Proba escrita	90
Táboa de indicadores	10

Criterios de cualificación:

En cada trimestre o alumnado traballará un número de unidades didácticas concretadas no elemento 3.1 desta programación didáctica, cos criterios de avaliación e os pesos orientativos atribuídos tal e como se determina nos elementos 3.2 e 3.3. O alumnado acadará unha valoración para cada unha desas unidades didácticas.

1. Cálculo da cualificación trimestral:
A cualificación de cada trimestre resultará de aplicar o cálculo das porcentaxes por unidade didáctica traballadas no mesmo e polo total de unidades didácticas traballadas.
En todas as unidades didácticas desenvolveranse unha serie de probas. Para cada unha delas, recolleranse as indicacións oportunas cara a súa corrección así como o peso que as mesmas terán á hora de realizar a correspondente avaliación no momento da concreción da súa cualificación. Ao principio do trimestre daranse as oportunas indicacións do número e tipoloxía de probas así como a valoración e o peso das mesmas para a cualificación do trimestre correspondente.
No elemento 3.1 desta programación didáctica preséntanse as unidades didácticas que se desenvolverán este curso, así como o peso que cada unha delas terá no total do curso. En cada avaliación traballaranse unha serie de unidades didácticas, polo que esas porcentaxes do curso tomaranse como referencia en cada trimestre, aplicando os cálculos segundo as correspondentes proporcións.

Na nota trimestral, as probas escritas terán un peso do 90%, e as táboas de indicadores (traballos, presentacións, participación en debates, tarefas, etc.) suporán un 10%.
A materia supérase un trimestre cunha cualificación de 5 puntos ou superior. No caso de que resulte unha cualificación con decimais, aplicaranse as seguintes regras de redondeo: ao enteiro superior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa igual ou superior a 7 (por exemplo, un 4.7 ou un 4.8 redondéanse ao 5); ao enteiro inferior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa inferior a 7 (por exemplo, un 4.5 ou un 4.6 redondéanse ao 4).

2. Cálculo da cualificación final ordinaria:
Ao final do curso, calcularase a cualificación final da materia para cada alumna e cada alumno, que tomará como referencia as cualificacións obtidas en cada unhas das avaliacións, sendo estas as efectivamente acadadas e non as que resultaran do redondeo e se recolleran no boletín trimestral de cualificacións. En concreto, farase un cálculo prorrateado tendo en conta o peso idéntico que cada un destes trimestres terán na cualificación final:

- 1º trimestre: 33,33% sobre o total da cualificación ordinaria
- 2º trimestre: 33,33% sobre o total da cualificación ordinaria
- 3º trimestre: 33,33% sobre o total da cualificación ordinaria

A materia supérase cunha cualificación de 5 puntos ou superior. No caso de que resulte unha cualificación con decimais, aplicaranse as seguintes regras de redondeo: ao enteiro superior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa igual ou superior a 7; ao enteiro inferior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa inferior a 7.
A competencia comunicativa escrita e oral nas probas de avaliación
A competencia lingüística do alumnado, que inclúe a coherencia, cohesión, adecuación, corrección ortográfica e o uso preciso do vocabulario específico da materia, valorarase en todas as probas escritas a través das rúbricas de avaliación correspondentes. Neste sentido, os erros lingüísticos poderán supor unha minoración proporcional na puntuación final, de acordo cos criterios establecidos e comunicados previamente polo profesorado.

3. Garantía de xustiza e transparencia nas probas de avaliación:

Co obxectivo de evitar o fraude e garantir a igualdade de condicións, a xustiza nas cualificacións e a equidade entre o alumnado, así como de premiar o verdadeiro esforzo e a demostración real das competencias adquiridas, establécese o seguinte protocolo:

1. Medidas preventivas: Ao comezo das probas de avaliación o alumnado deberá gardar na súa mochila ou bolso todos os dispositivos electrónicos (teléfonos móbiles, reloxos intelixentes ou calquera outro sistema similar).
2. Ante a utilización de métodos fraudulentos en probas escritas.

No caso de sospeitar que un alumno ou alumna cometeu fraude durante a realización dunha proba, e de acordo coa presunción de veracidade dos feitos constatados polo profesorado, recollida na RESOLUCIÓN do 5 de xuño de 2025, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa (DOG do 13 de xuño de 2025, Capítulo I, Terceiro, apartado 3), o profesorado tomará medidas de forma inmediata.
En calquera das avaliacións toda proba escrita poderá anularse se existe constancia, mesmo a posteriori, de que o alumno copiou, de que se permitiu que outros copiasen ou se hai indicios claros de ter utilizado medios fraudulentos durante a realización do exame (chuletas, intercambio de exames, uso do teléfono móbil, reprodutores de mp3, smartwatch, miniauriculares ou calquera outro medio dixital). No caso de que existan sospeitas do uso de métodos fraudulentos nas probas escritas o docente poderá someter os exercicios do alumnado á análise de detectores de IA (QuillBot, ZeroGPT, etc).

- No caso de que o alumno sexa pillado in fraganti, retiraráselle o exame e o profesor ou profesora repetirallo de xeito oral inmediatamente.
- Se os indicios de uso de métodos fraudulentos son percibidos durante a realización das probas, o profesor/a poderá formularlle ao alumno/a preguntas de xeito oral de maneira inmediata á entrega da proba, coa finalidade de probar a súa autoría.
- No caso de non ter sido sorprendido ao alumno ou alumna in fraganti durante a realización da proba, e ante a existencia de indicios claros de fraude (incongruencias na redacción, exhaustividade minuciosa en datos teóricos moi concretos fronte a partes prácticas en branco ou con erros graves, respostas perfectas a cuestións non plantexadas, mesma elección de opcións en varias probas, respostas literais palabra por palabra iguais a documentos en PDF ou webs doadamente localizables en internet -wikipedia, dicionarios, blogs...) quedará a criterio do departamento (reunido en sesión extraordinaria) a decisión de manter ou anular a proba.

No caso da anulación da proba, o profesor/a pode realizala novamente de xeito oral ou escrito. O profesorado das distintas materias poderá, en calquera caso, solicitar por parte do alumnado as aclaracións que considere oportunas para decidir a repetición ou non da proba. A repetición da proba ou de partes da proba realizarase coa presencia doutro docente do departamento didáctico que sexa alleo á materia e/ou estudante. A cualificación da segunda proba

oral ou escrita será a definitiva.
Esta situación comunicarase aos titores legais do alumno/a no caso de ser este menor de idade.
No caso de que se puidera demostrar o uso irregular de dispositivos móbiles e/ou o fraude nas probas de avaliación, aplicarase inmediatamente o procedemento corrector dacordo coas NOF do centro (Título II, Capítulo II, Artigo 20., apartado u), sobre o uso de dispositivos móbiles.; e Título III, Capítulo V, Artigo 51, apartado m sobre a falsificación de calquera documento oficial).

Utilización de métodos fraudulentos noutros instrumentos de avaliación.
No caso da presentación de traballos individuais ou grupais nos que se detecte que non foron feitos pola alumna ou alumno senón por outra persoa, serán cualificados cun 0, ao igual que cando nun traballo se detecta que é un mero copia-pega dalgunha páxina de Internet, ou de calquera outro programa informático, aplicación ou intelixencia artificial.

4. Avaliación e cualificación do alumnado que participe en mobilidades ERASMUS/UNESCO:
Todo o alumnado que faga unha mobilidade de curta ou longa duración terá garantida toda a colaboración e flexibilidade do profesorado para facilitar a súa reincorporación. O profesorado presentará por escrito como xestionará a volta á clase do alumnado, explicando as medidas que vai empregar.
Este Acordo de aprendizaxe incluirá:
• Os contidos que se van esixir (unha vez suprimidos todos aqueles que non sexan esenciais). Na materia de Historia do Mundo Contemporáneo de 1º Bacharelato a integridade dos contidos serán considerados esenciais.
• Os materiais necesarios para traballar durante a mobilidade.
• A maneira de avaliar e o momento, sendo imprescindible a coordinación do profesorado para evitar a sobrecarga.
• A prórroga de probas escritas ata que o profesorado sexa quen de transmitir aqueles coñecementos esenciais obxecto da proba e que o/a alumno/a non puido xestionar sen axuda.
• A avaliación mediante outros procedementos como traballos (non só probas obxectivas escritas) que se poidan realizar durante a mobilidade, ou o que considere o/a docente.
No caso da materia de Historia do Mundo Contemporáneo de 1º Bacharelato, os instrumentos para avaliar ao alumnado que retorne dunha mobilidade ERASMUS/UNESCO serán exactamente os mesmos que os empregados para avaliar ao grupo ordinario: probas escritas (90%) e táboas de indicadores (traballos de investigación, debates, presentacións orais, etc., cun peso do 10%).

Criterios de recuperación:

Criterios de recuperación dos trimestres non superados:
O alumnado poderá recuperar a súa cualificación trimestral presentándose a unha proba de recuperación global que terá lugar a final de curso (maio, probablemente). O profesorado elaborará un plan individualizado no que lle indique a cada alumno/a os contidos específicos a preparar e as tarefas e actividades necesarias para superar a proba con éxito.
En ningún caso será posible presentarse á proba global de recuperación para mellorar as cualificacións trimestrais que foran positivas.
No caso de recuperar algunha das aprendizaxes, aplicarase a mellora na cualificación correspondente por trimestre e esas novas cualificacións serán as que se empreguen para obter a cualificación final da materia. A materia enténdese superada cando se acada unha cualificación igual ou superior a 5 puntos. Aplicaranse os criterios de redondeo sinalados anteriormente nesta programación.

Logo das tres avaliacións trimestrais e da proposta de traballo específica para este alumnado, se non obtén unha cualificación positiva terá a oportunidade de recuperar a materia realizando unha proba final extraordinaria sobre os criterios de avaliación e contidos da materia seleccionados a criterio do Departamento.
A avaliación será positiva cunha cualificación nesa proba final igual ou superior a 5 puntos (todas as cualificacións redondearanse ao número enteiro superior a partir do decimal 0,7).

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Cada alumna e cada alumno que teña que cursar esta materia como materia pendente recibirá indicacións sobre un plan específico de recuperación.

Nas primeiras semanas do curso, a persoa que exerza a xefatura de departamento convocará a este alumnado e faralle entrega, de forma individual, das indicacións para o plan de recuperación: distribución de unidades didácticas

por trimestre; contidos e datas para a realización de probas escritas e exames e contidos dos traballos a realizar e datas de entrega de traballos (en ambos casos, indicaranse os instrumentos de avaliación a empregar); funcionamento da aula virtual para alumnado coa materia pendente (de ser preciso, programaranse clases fóra do horario lectivo -presenciais e/ou telemáticas- para facilitar o progreso do alumnado); indicaráselle tamén a persoa que realizará o seguimento do plan (no seu defecto, o seguimento será realizado pola persoa que exerza a xefatura de departamento).

Para facer un seguimento do alumnado coa materia pendente poderanse fixar sesións semanais ou mensuais nos tempos de lecer nas que o alumnado poderá preguntar dúbidas e o profesorado realizar as oportunas preguntas de control para coñecer o estado de evolución do alumnado neste proceso de recuperación.
O alumnado coa materia pendente deberá presentarse a dúas probas escritas. Estas terán lugar arredor dos meses de xaneiro e maio. As datas concretas serán determinadas pola xefatura de estudos do centro. A nota media das cualificacións das dúas probas terá un peso do 90% sobre a nota final da materia. O 10% restante obterase a partir da entrega das tarefas indicadas polo profesorado nas datas que se consideren oportunas.
O alumnado superará cada unha das avaliacións parciais (trimestres) cando a súa cualificación sexa igual ou superior a 5 puntos. Aplicaranse, no seu caso, as consideracións presentadas no elemento 5.2 desta programación didáctica.
Aplicaranse tamén, no seu caso, as regras de redondeo indicadas nesta programación didáctica.

Entenderase que o alumnado supera a materia cando obteña unha cualificación de 5 puntos ou superior. Aplicaranse tamén as regras de redondeo anteriormente indicadas nesta programación didáctica.

No caso de non superar o plan específico de recuperación, o alumnado será convocado a unha proba final extraordinaria que deseñará e revisará a persoa que exerza a xefatura de departamento que versará sobre os criterios de avaliación e contidos desta materia. A cualificación da proba extraordinaria terá un peso do 100% sobre a nota final do curso.
Entenderase que o alumnado supera a materia cando obteña unha cualificación de 5 puntos ou superior; aplicaranse tamén as regras de redondeo anteriormente indicadas.

6. Medidas de atención á diversidade

As medidas de atención á diversidade, tal e como se concretan desde este Departamento, son actuacións, estratexias e/ou programas destinados a proporcionar unha resposta ás necesidade educativas do alumnado.

Na avaliación previa, e en coordinación coa xunta de avaliación do alumnado e o Departamento de orientación, desenvolveranse as seguintes medidas no caso de ser precisas:

Medidas ordinarias:

Destinadas a facilitar o axeitamento do currículum sen alteracións significativas de obxectivos, contidos ou criterios de avaliación. Dan resposta ás diferenzas en competencias, motivación, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe. Sinálanse as seguintes:

- Como medida de concreción da diversidade, proponse unha avaliación frecuente que comece a efectuarse, como é preceptivo, no mesmo inicio do curso.
- Proponse unha organización do curso, a partir da concreción dos niveis de diversidade, na que o alumnado con mellor adaptación axude e colabore co que menos adaptación presente á materia e as súas esixencias. Deste xeito, o alumnado convértese en protagonista do proceso de atención á diversidade.
- Como medida de atención ao alumnado que manifeste un grao especialmente elevado de coñecementos ou de madureza intelectual, con respecto ao nivel medio do grupo, proponse unha atención paralela que permita proporcionar actividades motivadoras que supoñan un maior desafío na busca de información e establezan novos horizontes temáticos e novas conexións entre os contidos, co obxectivo adicional de fomentar a colaboración coas tarefas docentes en beneficio do resto do alumnado.
- Como medida de atención ao alumnado que manifeste dificultades, recibirán unha atención individual segundo as súas dificultades: se radican na comprensión teórica, a persoa docente presentará material complementario que permita achegarse aos obxectivos básicos; se as dificultades están nas actividades prácticas, a persoa docente aumentará o grao de colaboración na escolla do material e na preparación e/ou exposición desas actividades.
- Como medida de atención ao alumnado que se incorpore ao curso unha vez comezado, analizarase cada situación individual con base nos informes da titoría e o Departamento de orientación. En función deses informes

proponse unha avaliación individualizada e exhaustiva, a través dunha entrevista persoal, para determinar o grao de competencia tanto nos contidos como nas técnicas usadas na materia. Deseguido, a persoa docente informará ao alumnado implicado, a partir da programación oficial, de todos os aspectos da materia que sexan relevantes. Despois de todo isto, o alumnado implicado atenderase segundo as medidas que se detallan nos aliñados anteriores.

Medidas extraordinarias:

Están destinadas a atender as necesidades específicas de apoio que requiran modificacións significativas do currículum ou da organización do proceso de ensino e aprendizaxe.

Serán aplicadas cando as medidas ordinarias de atención á diversidade sexan insuficientes. Aplicaranse en casos nos que as barreiras para conseguir os obxectivos da aprendizaxe sexan extraordinarias, casos que oficialmente se protocolarizan como necesidades educativas especiais (NEE) e necesidades específicas de apoio educativo (NEAE).

Nestes casos, a persoa docente coordinarase co profesorado titor, o Departamento de orientación e a xefatura de estudos, para: elaborar unha proposta de actividades educativas empregando medios precisos para a entrega, seguimiento e avaliación; adoptar medidas que promovan a inclusión; e planificar e desenvolver as actuacións destinadas ao axuste no proceso de ensino e aprendizaxe.

Durante o proceso de avaliación promoverase o uso de instrumentos de avaliación variados, diversos, flexibles e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe que permitan a valoración obxectiva do alumnado e garantan que as condicións de realización dos procesos asociados á avaliación se adapten ás necesidades do alumnado con necesidade específica de apoio educativo. Proporanse medidas de reforzo individualizadas para o alumnado implicado.

A parte da atención especial durante o proceso de ensino, para o alumnado NEE ou NEAE serán deseñadas probas escritas adaptadas ás súas características específicas. Estas probas, se ben presentarán os mesmos contidos en concordancia cos criterios de avaliación, estarán formuladas de xeito máis directo e compostas por cuestións análogas ás anteriormente comentadas. En todo caso, sempre terán como finalidade potenciar o espírito crítico e a autonomía do alumnado.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - A educación emocional					X	X	X	X
ET.2 - A comprensión da lectura	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - A expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - A comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - A competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - O emprendemento social e empresarial		X			X			
ET.7 - A creatividade		X			X	X	X	
ET.8 - O espírito científico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - O espírito crítico	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.10 - A educación en valores					X	X	X	X
ET.11 - A igualdade de xénero		X	X				X	X
ET.12 - A evitación de comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero								
ET.13 - A realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual								
ET.14 - O emprego dunha linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas e que sexa non sexista	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.15 - A prevención e a resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.16 - Os valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade e o respecto polo Estado de dereito	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12	UD 13	UD 14
ET.1 - A educación emocional	X		X	X	X	
ET.2 - A comprensión da lectura	X	X	X	X	X	X
ET.3 - A expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X
ET.4 - A comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X
ET.5 - A competencia dixital	X	X	X	X	X	X
ET.6 - O emprendemento social e empresarial						X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12	UD 13	UD 14
ET.7 - A creatividade	X		X			X
ET.8 - O espírito científico	X	X	X	X	X	X
ET.9 - O espírito crítico	X	X	X	X	X	X
ET.10 - A educación en valores	X		X	X	X	X
ET.11 - A igualdade de xénero			X			X
ET.12 - A evitación de comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero						X
ET.13 - A realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual						X
ET.14 - O emprego dunha linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas e que sexa non sexista	X	X	X	X	X	X
ET.15 - A prevención e a resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social	X	X	X	X	X	X
ET.16 - Os valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade e o respecto polo Estado de dereito	X	X	X	X	X	X

Observacións:

Os elementos transversais desta etapa educativa non son exclusivos dunha única materia senón que cómpre traballalos desde todas elas.

Xunto co anterior, cómpre ter en conta a distinta tipoloxía de elementos transversais que concreta o propio Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia:

- Elementos transversais que se deben tratar en todas as materias da etapa, que se corresponden cos elementos transversais 1 a 11.
- Elementos transversais que deben ser tratados ao longo da etapa, e que na listaxe que se presenta aparecen desde o aliñado 12.

Sexan dun tipo ou doutro, os elementos transversais abordaranse de forma específica nas unidades didácticas seleccionadas e sempre existirá no deseño destas algún tipo de actividade ou tarefa específica que reciba un enfoque na liña das temáticas dos mesmos indicados para estas.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Participación nas sesións "Cinema e Historia"	Participación no cinefórum que se organice na biblioteca do centro.		X	
Relatorios	Relatorios, presenciais ou telemáticos nos que se aborden contidos relacionados coa materia.	X	X	X
Charlas informativas	Asistencia a charlas relacionadas cos retos do Mundo Actual. Especialmente, sobre o conflito en Ucraína e o xenocidio en Palestina	X	X	X
Roteiros histórico-artísticos	Participación en visitas culturais a espazos relacionados coa memoria histórica (especialmente, sobre a ditadura franquista e o Holocausto)	X	X	X
Participación en proxectos de memoria histórica	Participación en proxectos de investigación sobre a contorna que sexan de especial interese para o alumnado	X	X	X
Visita a museos e institucións culturais	Visita a entidades con coleccións ou programas relevantes para o estudo da historia contemporánea	X	X	X

Observacións:
Todas as actividades complementarias están definidas e programadas para enriquecer o proceso de ensino e aprendizaxe do alumnado, polo tanto están consensudas a nivel de departamento didáctico e pensadas para lograr un aproveitamento didáctico diferente fóra das aulas.
Estas actividades están definidas a través de tres fases: preparación previa, realización da actividade, e avaliación e comprobación dos saberes adquiridos por medio da mesma.
Consideraranse prioritarias aquelas actividades destinadas a fomentar o coñemenento rigoroso do conflito en Ucraína e o xenocidio palestino. Procurarase facer fincapé na análise de fontes e no pensamento crítico.
Ao longo do curso poderanse ir desenvolvendo proxectos de investigación histórica que respondan ás inquedanzas do alumnado e á súa motivación para coñecer o entorno inmediato e a historia contemporánea da cidade de Pontevedra.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Avalíase e cualifícase segundo o establecido na programación didáctica.
Revísase de forma periódica o desenvolvemento da programación e que esta se cumpra.
Metodoloxía empregada
O profesorado adecúase na súa metodoloxía ás unidades didácticas e as circunstancias específicas.
Conséguese motivar ao alumnado: as actividades foron variadas e motivadoras.
Promóvense hábitos de traballo colaborativos.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
As sesións están planificadas pero poden modificarse atendendo ás necesidades ou intereses do alumnado.
Empréganse materiais diversos e propóñense actividades tamén diversas e máis creativas.
Medidas de atención á diversidade
Adecúanse todos os elementos do proceso de ensino e aprendizaxe ás necesidades do alumnado.
Aplícanse os protocolos establecidos no centro e metodoloxías flexibles a cada caso concreto.
Clima de traballo na aula
Foméntase un bo clima de traballo na aula.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Aténdese e úsanse as canles de comunicación establecidas polo centro coas familias.
Respóndese con dilixencia á solicitude de informes por parte da persoa titora e do equipo directivo.

Descrición:

O proceso de ensino esixe unha avaliación continua para axustar o proceso de ensino e aprendizaxe que se programe. Esta avaliación debe permitir detectar necesidades e buscar o axuste, as correccións precisas e as medidas que se consideren oportunas en cada momento.

Propóñense uns aspectos da programación e do procedemento de ensino-aprendizaxe xunto cuns indicadores, que a persoa docente pode avaliar escollendo os instrumentos que considere máis axeitados (cuestionarios, listaxes de control ou rexistro de datos, entrevistas, como observador externo... ou ben comparar a experiencia con outras compañeiras e compañeiros docentes).

A persoa docente realizará unha avaliación do proceso de ensino e da súa propia práctica docente, polo menos, unha vez ao mes. Deixarase constancia da dita avaliación, así como das posibles modificacións ou propostas de mellora, nas correspondentes actas mensuais de departamento.

Xunto co anterior, de ser posible, farase unha avaliación trimestral dos indicadores de logro sinalados, de cara a ter unha información concreta e fiable sobre o proceso do ensino e a practica docente. Empregaranse diferentes instrumentos de avaliación (enquisas, listas de control, actas de avaliación...) e os resultados obtidos se incluirán, no seu caso, nas correspondentes actas de departamento.

Cara o remate do 3º trimestre realizarase unha enquisa co alumnado que incluirá, cando menos, dous bloques de preguntas: un para avaliar o proceso de ensino e outro para avaliar a práctica docente. Os resultados desta avaliación incorporaranse á memoria final do departamento.

Algunhas propostas relacionadas coa información que se pretende acadar poderían ser as seguintes:

- Temporalización da programación e das unidades didácticas: Mediante unha listaxe de control reflectirase se a temporalización foi axustada e houbo tempo de desenvolver tanto as unidades didácticas como a programación xeral.
- Deseño e desenvolvemento das unidades didácticas: Avaliación de recursos, materiais, actividades, instrumentos de avaliación e criterios de cualificación. Utilizaranse dous instrumentos de avaliación: unha enquisa ao alumnado de cada grupo; e unha reflexión persoal da persoa docente baseada na experiencia co grupo e no rexistro diario de clase.
- Uso correcto e axeitado dos materiais destinados ao desenvolvemento das clases: Mediante unha listaxe de incidencias controlarase e valorarase o uso do material recollendo aspectos como o uso e o abuso do material por grupo, material que precisa cambio ou renovación, material desaparecido ou inutilizado...
- Mecanismos de reforzo para o alumnado con dificultades de aprendizaxe: Mensualmente no departamento didáctico analizarase o desenvolvemento das distintas medidas de atención á diversidade de cara a realizar os axustes necesarios.
- Rendemento do alumnado e resultados de aprendizaxe: Análise dos resultados obtidos na avaliación final (Podería empregarse un criterio de control porcentual: por exemplo, o 80% do alumnado supera a materia.
- Motivación do alumnado, ambiente nas sesións e actuación persoal da persoa docente: Avaliarase a través dunha enquisa ao alumnado, mediante a reflexión persoal da persoa docente baseada no rexistro diario de clase e cun feed-back obtido das entrevistas ou titorías coas familias.
- Información ao alumnado e as familias da programación: Mediante unha listaxe de control avaliarase se alumnado e familias foron informados en tempo e forma do contido desta programación didáctica a través da páxina web do centro; ademais, controlarase se o alumnado tivo unha información constante ao longo do curso no relativo ao desenvolvemento da programación didáctica.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O seguimento da programación é indispensable para avaliar o proceso de ensino e aprendizaxe que se leve a cabo (procedementos, actividades e resultados acadados polo alumnado) para reflexionar acerca das posibles propostas de mellora e así facer as modificacións que se consideren oportunas.

O seguimento da programación didáctica levarase a cabo a través da aplicación Proens. Cómpre destacar a importancia da valoración dos datos recollidos na programación de aula de cara a comprobar o desenvolvemento da actividade diaria (esta ferramenta permítenos comprobar se o programado inicialmente se desenvolveu sen dificultade ou se hai que realizar algunha modificación).

Este procedemento terá en conta os seguintes puntos:

1. Analizarase regularmente a adecuación da programación didáctica a cada grupo, formulando propostas de mellora e realizando os axustes necesarios sempre que sexa preciso. Terase en conta, cando menos, informar sobre o seguinte:

- Unidades didácticas: datas de inicio e fin, número de sesións previstas e realizadas.
- Propostas xerais de mellora e outras observacións.

2. Analizaranse as dificultades atopadas por parte do alumnado. Valorarase se os resultados son positivos (continuarase na mesma liña de traballo) ou negativos (realizaranse propostas de mellora).

3. Revisaranse as necesidades de atención educativa (apoio, reforzo, adaptación curricular etc.) tomando como

referencia a información obtida de aplicar indicadores.

4. Os instrumentos que se empreguen para achegarse á información serán variados, entre os que poden estar:

- folla de rexistro (onde anotar os aspectos máis cuantificables)
- diario de aula.
- rúbrica de autoavaliación (que facilite cuantificar o grao de consecución de aspectos concretos)
- estatísticas de resultados
- cuestionarios e enquisas ao alumnado

A información que se obteña incluirase na memoria final do departamento, con especial relevancia nas posibles propostas de mellora para levar a cabo no seguinte curso académico. As ditas propostas de mellora reorientarán e modificarán a nova programación, se é o caso, e mesmo poderán poñerse en práctica aquelas propostas de mellora identificadas durante o seguimento que sexan susceptibles de aplicación no curso actual.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36018677	IES Luís Seoane	Pontevedra	2025/2026

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Latín I	1º Bac.	4	140

Tipo de oferta
Réxime xeral-ordinario

Contido **Páxina**

1. Introdución 3

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias 3

3.1. Relación de unidades didácticas 4

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas 6

4.1. Concrecións metodolóxicas 30

4.2. Materiais e recursos didácticos 31

5.1. Procedemento para a avaliación inicial 31

5.2. Criterios de cualificación e recuperación 31

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes 32

5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias 32

6. Medidas de atención á diversidade 32

7.1. Concreción dos elementos transversais 33

7.2. Actividades complementarias 34

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro 34

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora 35

9. Outros apartados 35

1. Introdución

O papel heurístico das linguas constitúe un reto para o sistema educativo, pois son instrumento de comunicación e de interacción social, de conservación e transmisión de coñecemento, de participación cidadá na vida social, de investigación, creación, experimentación e descuberta. E as linguas achégannos ao xeito de vida e ás formas de pensamento doutros pobos e dos seus patrimonios culturais. A formación lingüística no ámbito escolar é un instrumento para a equidade, xa que debe facilitar os medios necesarios para comunicar no ámbito educativo e na vida profesional e social, nomeadamente en contextos formais e educativos, ademais de sensibilizar cara a usos creativos e lúdicos das linguas, e achegar ao patrimonio literario e cultural que estas propician.
A educación plurilingüe e intercultural considera, con carácter xeral, a aprendizaxe de todas as linguas e culturas e, de maneira específica, os enfoques plurais transversais e integradores no seu ensino e na súa aprendizaxe. A súa finalidade é retirar barreiras artificiais entre as linguas, pechadas tradicionalmente nos sistemas escolares en compartimentos estancos, e promover o uso integral do repertorio lingüístico, discursivo, estratéxico e intercultural que posúe o alumnado e que vai adquirindo ao longo das súas diversas experiencias lingüísticas dentro e fóra do ámbito educativo. Un estudo integrado de todas as linguas posibilita, por unha banda, que os contidos, os procesos e as estratexias que se traballan nunha lingua sexan igualmente utilizados nas actividades lingüísticas de comprensión e produción nas demais e, por outra, que se poida focalizar no proceso de ensino e aprendizaxe, nos elementos diferenciadores e en todos aqueles aspectos que teñen incidencia directa na capacidade de comunicarse adecuadamente.
O estudo do latín a nivel fonético, morfosintáctico e léxico proporciona unha sólida base para o perfeccionamento no manexo doutras linguas. Desempeña un papel relevante como soporte lingüístico da maioría das linguas e para a comprensión do léxico culto que forma parte da terminoloxía científica e técnica actual, ademais do enriquecemento cultural que proporciona o coñecemento dos aspectos que se inclúen na civilización clásica, berce da Europa actual, como son, por exemplo, a mitoloxía, a relixión ou as súas creacións literarias e artísticas, que tanta influencia tiveron até o día de hoxe.
Os aspectos lingüísticos e culturais implicados na materia de latín contribúen á formación dos estudantes como cidadáns comunicativamente competentes, capaces de interactuar satisfactoriamente en todos os ámbitos da vida.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Comprender e/ou producir textos latinos de dificultade crecente e xustificar a súa comprensión e/ou produción, identificando e analizando os aspectos básicos da lingua latina, en sentido amplo, as súas unidades lingüísticas, e reflexionando sobre elas mediante a comparación coas linguas de ensino e con outras linguas do repertorio individual do alumnado, e poñendo en práctica, se se considera oportuno, habilidades comunicativas tanto orais como escritas, para realizar unha lectura comprensiva, directa e eficaz e unha interpretación razoada do seu contido e, de ser o caso, unha produción oral e/ou escrita correcta.	1-2	2	1-2					
OBX2 - Distinguir os formantes latinos e explicar os cambios que tivesen lugar ao longo do tempo, comparándoos cos das linguas de ensino e outras linguas do repertorio individual do alumnado, para deducir o significado etimolóxico do léxico coñecido e os significados de léxico novo ou especializado.		2-3	1		50			

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Ler, interpretar e comentar textos latinos de diferentes xéneros e épocas, asumindo o proceso creativo como complexo e inseparable do contexto histórico, social e político e das súas influencias artísticas, para identificar a súa xenealoxía e a súa achega á literatura europea.	4							1-2
OBX4 - Analizar as características da civilización latina no ámbito persoal, relixioso e sociopolítico, adquirindo coñecementos sobre o mundo romano e comparando criticamente o presente e o pasado, para valorar as achegas do mundo clásico latino á nosa contorna como base dunha cidadanía democrática e comprometida.	3	3		1	31	1		
OBX5 - Valorar criticamente o patrimonio histórico, arqueolóxico, artístico e cultural herdado da civilización latina, interesándose pola súa sustentabilidade e recoñecéndoo como produto da creación humana e como testemuño da historia, para explicar o legado material e inmaterial latino como transmisor de coñecemento e fonte de inspiración de creacións modernas e contemporáneas.	3			2		1-4	1	1-2

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	O latín e a súa orixe	Nesta unidade farase unha toma de contacto co mundo romano e coa lingua latina. Verase o marco xeográfico da península Itálica, o indoeuropeo (linguas indoeuropeas e familias lingüísticas), as linguas da península Ibérica (romances e non romances), falarase da orixe da escritura e dos distintos sistemas de escritura, e farase unha primeira aproximación á orixe e evolución do alfabeto latino, explicando os distintos tipos de pronuncia do latín, os seus niveis de uso e as súas etapas de desenvolvemento.	5	10	X		
2	O latín, lingua flexiva	Nesta unidade comezarase a tratar con maior profundidade a lingua latina: os formantes das palabras, palabras variables e invariables, conceptos de conxugación e	5	10	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	O latín, lingua flexiva	declinación latina. Aprenderanse a primeira e a segunda declinación. Comeza o traballo cos textos, que se estenderá durante todo o curso.	5	10	X		
3	Entre a lenda e a historia: a orixe de Roma	Nesta unidade veranse os adxectivos de tres terminacións e os tempos do tema de presente de indicativo das distintas conxugacións. Tratarase tamén a orixe de Roma, dende o punto de vista da lenda fundacional e dende a óptica da historiografía moderna, e farase unha aproximación á xeografía da península italiana.	9	12	X		
4	A monarquía romana	Nesta unidade verase a terceira declinación e a formación dos tempos de perfecto de indicativo das distintas conxugacións. Tratarase o período da monarquía romana.	9	10	X		
5	As conquistas e a expansión de Roma	Nesta unidade traballaranse a cuarta e quinta declinación, e o pronome relativo. Afondarase na sintaxe da oración simple e composta. Estudarase a expansión de Roma nos primeiros tempos.	9	10		X	
6	Mitoloxía e relixión na Roma antiga	Nesta unidade estudaranse os pronomes demostrativos e persoais. Traballarase tamén a mitoloxía e a relixión da Roma antiga.	9	14		X	
7	A república romana	Nesta unidade traballarase o infinitivo e as súas construcións sintácticas. Estudarase tamén a Roma republicana.	9	14		X	
8	A vida pública e a vida privada	Nesta unidade centrarémonos no estudo de nocións básicas sobre evolución fonética, morfolóxica e semántica do latín ao galego e o castelán. No plano histórico, traballaranse aspectos relacionados coa vida pública e privada dos antigos romanos.	9	10		X	
9	A Roma imperial	Nesta unidade estudaranse os tempos do modo subxuntivo. Tamén se traballará todo o relacionado coa época imperial romana.	9	16			X
10	Enxeñaría e arte romana	Nesta unidade estudarase a voz pasiva e as estruturas sintácticas relacionadas. Traballaranse as principais obras de enxeñería romana, tanto pública como privada, e farase unha aproximación ás distintas manifestacións artísticas.	9	14			X
11	A romanización	Nesta unidade estudaranse os participios latinos e a súa sintaxe básica. Tamén se traballará a romanización, especialmente no relativo á península Ibérica e a Gallaecia.	9	10			X
12	O exército romano e a lexislación	Nesta unidade farase un afondamento na sintaxe latina, e estudarase o mundo militar romano, así como algúns aspectos básicos do dereito romano.	9	10			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	O latín e a súa orixe	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Explicar, de maneira guiada, a relación do latín coas linguas modernas, analizando os elementos lingüísticos comúns de orixe latina e utilizando de forma guiada estratexias e coñecementos das linguas e linguaxes que conforman o repertorio do alumnado.	Explicar xustificadamente a relación do latín coas linguas modernas.	PE	90
CA2.4 - Identificar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da diversidade como riqueza cultural, lingüística e dialectal, a partir de criterios dados.	Identificar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da diversidade como riqueza cultural, lingüística e dialectal.		
CA1.7 - Planificar e participar, cando se considere necesario, en diálogos breves e sinxelos sobre temas cotiáns, próximos á súa experiencia, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e as opinións das persoas interlocutoras.	Planificar e participar en diálogos breves e sinxelos apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Unidades lingüísticas da lingua latina. - O abecedario. A acentuación e as distintas pronuncias da lingua latina: clásica, eclesiástica e nacionais. - A tradución: técnicas, procesos e ferramentas. - Sistemas de escritura ao longo da historia. - Evolución do latín: as linguas indoeuropeas, etapas da lingua latina, latín vulgar e latín culto, lingua falada e lingua escrita.

UD	Título da UD	Duración
2	O latín, lingua flexiva	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Explicar cambios fonéticos, morfolóxicos ou semánticos de complexidade crecente que se produciron tanto desde o latín culto como desde o latín vulgar ata as linguas de ensino, servíndose cando sexa posible da comparación con outras linguas do seu repertorio propio.	Explicar cambios fonéticos, morfolóxicos ou semánticos de complexidade crecente dende o latín ata as linguas de ensino, servíndose da comparación con outras linguas do seu repertorio propio.	PE	90
CA2.3 - Explicar, de maneira guiada, a relación do latín coas linguas modernas, analizando os elementos lingüísticos comúns de orixe latina e utilizando de forma guiada estratexias e coñecementos das linguas e linguaxes que conforman o repertorio do alumnado.	Explicar xustificadamente a relación do latín coas linguas modernas.		
CA1.7 - Planificar e participar, cando se considere necesario, en diálogos breves e sinxelos sobre temas cotiáns, próximos á súa experiencia, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e as opinións das persoas interlocutoras.	Planificar e participar en diálogos breves e sinxelos apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Unidades lingüísticas da lingua latina. - Clases de palabras. - Concepto de lingua flexiva: flexión nominal e pronominal (sistema casual e declinacións), flexión verbal (sistema de conxugacións). - Sintaxe oracional: funcións básicas e sintaxe elemental dos casos. - A tradución: técnicas, procesos e ferramentas. - Influencia do latín na evolución das linguas de ensino e do resto de linguas que conforman o repertorio lingüístico individual do alumnado.

UD	Título da UD	Duración
3	Entre a lenda e a historia: a orixe de Roma	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Realizar traducións directas e/ou inversas de textos ou fragmentos adaptados ou orixinais, de dificultade adecuada e progresiva, con corrección ortográfica e expresiva, identificando e analizando, cando se considere necesario, unidades lingüísticas regulares da lingua e apreciando variantes e coincidencias con outras linguas coñecidas.	Realizar traducións directas de textos adaptados, de dificultade adecuada e progresiva, con corrección ortográfica e expresiva.	PE	75

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Seleccionar de maneira progresivamente autónoma o significado apropiado de palabras polisémicas e xustificar a decisión, tendo en conta a información cotextual ou contextual e utilizando ferramentas diversas de apoio ao proceso de tradución en distintos soportes cando se considere necesario.	Seleccionar o significado apropiado de palabras polisémicas e xustificar a decisión, tendo en conta a información contextual.		
CA3.1 - Explicar, a partir de criterios dados, os procesos históricos e políticos, as institucións, os modos de vida e os costumes da sociedade romana, comparándoos cos das sociedades actuais, valorando as adaptacións e os cambios experimentados á luz da evolución das sociedades e os dereitos humanos, e favorecendo o desenvolvemento dunha cultura compartida e unha cidadanía comprometida coa memoria colectiva e os valores democráticos.	Explicar os procesos históricos e políticos, as institucións, os modos de vida e os costumes da sociedade romana máis salientables, comparándoos cos das sociedades actuais.		
CA4.1 - Explicar, a partir de criterios dados, os procesos históricos e políticos, as institucións, os modos de vida e os costumes da sociedade romana, comparándoos cos das sociedades actuais, valorando as adaptacións e os cambios experimentados e favorecendo o desenvolvemento dunha cultura compartida.	Explicar procesos históricos e políticos, institucións, modos de vida e costumes romanos salientables, comparándoos cos das sociedades actuais e incidindo nos cambios producidos.		
CA1.3 - Revisar e emendar de maneira progresivamente autónoma as propias traducións e as das compañeiras e compañeiros, realizando propostas de mellora e argumentando os cambios con terminoloxía especializada a partir da reflexión lingüística.	Revisar e emendar as propias traducións e as das compañeiras e compañeiros, realizando propostas de mellora e argumentando os cambios con terminoloxía especializada a partir da reflexión lingüística.	TI	25
CA1.4 - Realizar a lectura directa de textos latinos sinxelos identificando as unidades lingüísticas básicas da lingua latina, comparándoas coas das linguas do repertorio lingüístico propio e asimilando os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais do latín.	Realizar a lectura directa de textos latinos con corrección na lectura das letras e dos dígrafos, e máis na acentuación e no ritmo		
CA1.5 - Rexistrar os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua latina, seleccionando as estratexias máis adecuadas e eficaces para superar esas dificultades e consolidar a súa aprendizaxe, realizando actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación, como as propostas no Portfolio Europeo das Linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe, facéndoos explícitos e compartíndoos.	Rexistrar os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua latina, realizando actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación.		
CA1.7 - Planificar e participar, cando se considere necesario, en diálogos breves e sinxelos sobre temas cotiáns, próximos á súa experiencia, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e as opinións das persoas interlocutoras.	Planificar e participar en diálogos breves e sinxelos apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Unidades lingüísticas da lingua latina. - Estruturas oracionais. A concordancia e a orde de palabras en oracións simples e oracións compostas. Comparativa coa orde natural das palabras nas oracións das linguas de repertorio do alumnado para unha mellor comprensión. - A tradución: técnicas, procesos e ferramentas. - A análise morfosintáctica como ferramenta complementaria de tradución. - Aceptación do erro como parte do proceso de aprendizaxe e actitude positiva de superación. - Xeografía do proceso de expansión de Roma desde o seu nacemento ata a desaparición do Imperio romano. - Historia da antiga Roma: - Lendas e principais episodios da historia de Roma. - Personalidades históricas relevantes da historia de Roma, a súa biografía en contexto e a súa importancia para Europa. - Historia e organización política e social de Roma como parte esencial da historia e cultura da sociedade actual. - O mar Mediterráneo como encrucillada de culturas onte e hoxe. Da Europa mediterránea á Europa continental. - Conceptos de legado, herdanza e patrimonio.

UD	Título da UD	Duración
4	A monarquía romana	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Realizar traducións directas e/ou inversas de textos ou fragmentos adaptados ou orixinais, de dificultade adecuada e progresiva, con corrección ortográfica e expresiva, identificando e analizando, cando se considere necesario, unidades lingüísticas regulares da lingua e apreciando variantes e coincidencias con outras linguas coñecidas.	Realizar traducións directas de textos adaptados, de dificultade adecuada e progresiva, con corrección ortográfica e expresiva.	PE	85
CA1.2 - Seleccionar de maneira progresivamente autónoma o significado apropiado de palabras polisémicas e xustificar a decisión, tendo en conta a información cotextual ou contextual e utilizando ferramentas diversas de apoio ao proceso de tradución en distintos soportes cando se considere necesario.	Seleccionar o significado apropiado de palabras polisémicas e xustificar a decisión, tendo en conta a información contextual.		
CA1.6 - Extraer, analizar e reflectir oralmente e/ou por escrito, preferentemente en latín, ou ben na lingua de uso do alumnado, as ideas principais de textos de certa lonxitude, orais e/ou escritos, e adaptados ao nivel de lingua e temas coñecidos polo alumnado, expresados de forma clara e, no caso dos textos orais, preferentemente na pronuncia clásica.	Extraer oralmente e/ou por escrito, preferentemente en latín, as ideas principais de textos de certa lonxitude, orais e/ou escritos, e adaptados ao nivel de lingua e temas coñecidos polo alumnado.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Explicar, a partir de criterios dados, os procesos históricos e políticos, as institucións, os modos de vida e os costumes da sociedade romana, comparándoos cos das sociedades actuais, valorando as adaptacións e os cambios experimentados á luz da evolución das sociedades e os dereitos humanos, e favorecendo o desenvolvemento dunha cultura compartida e unha cidadanía comprometida coa memoria colectiva e os valores democráticos.	Explicar os procesos históricos e políticos, as institucións, os modos de vida e os costumes da sociedade romana máis salientables, comparándoos cos das sociedades actuais.		
CA4.1 - Explicar, a partir de criterios dados, os procesos históricos e políticos, as institucións, os modos de vida e os costumes da sociedade romana, comparándoos cos das sociedades actuais, valorando as adaptacións e os cambios experimentados e favorecendo o desenvolvemento dunha cultura compartida.	Explicar procesos históricos e políticos, institucións, modos de vida e costumes romanos salientables, comparándoos cos das sociedades actuais e incidindo nos cambios producidos.		
CA1.3 - Revisar e emendar de maneira progresivamente autónoma as propias traducións e as das compañeiras e compañeiros, realizando propostas de mellora e argumentando os cambios con terminoloxía especializada a partir da reflexión lingüística.	Revisar e emendar as propias traducións e as das compañeiras e compañeiros, realizando propostas de mellora e argumentando os cambios con terminoloxía especializada a partir da reflexión lingüística.	TI	15
CA1.4 - Realizar a lectura directa de textos latinos sinxelos identificando as unidades lingüísticas básicas da lingua latina, comparándoas coas das linguas do repertorio lingüístico propio e asimilando os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais do latín.	Realizar a lectura directa de textos latinos con corrección na lectura das letras e dos dígrafos, e máis na acentuación e no ritmo		
CA1.5 - Rexistrar os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua latina, seleccionando as estratexias máis adecuadas e eficaces para superar esas dificultades e consolidar a súa aprendizaxe, realizando actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación, como as propostas no Portfolio Europeo das Linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe, facéndoos explícitos e compartíndoos.	Rexistrar os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua latina, realizando actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación.		
CA1.7 - Planificar e participar, cando se considere necesario, en diálogos breves e sinxelos sobre temas cotiáns, próximos á súa experiencia, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e as opinións das persoas interlocutoras.	Planificar e participar en diálogos breves e sinxelos apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- A tradución: técnicas, procesos e ferramentas. - A análise morfosintáctica como ferramenta complementaria de tradución. - Estratexias de tradución: formulación de expectativas a partir, entre outros, do contorno textual e do propio texto,

Contidos
- paráfrases simplificadas en lingua latina, contexto, coñecemento do tema, descrición da estrutura e xénero, peculiaridades lingüísticas dos textos traducidos, erros frecuentes de tradución e técnicas para os evitar. - Ferramentas de tradución, cando se considere necesario. - A tradución como instrumento que pode favorecer o razoamento lóxico, a resolución de problemas e a capacidade de análise e síntese, dentro dos límites e inconsistencias propias da tradución. - Aceptación do erro como parte do proceso de aprendizaxe e actitude positiva de superación. - Estratexias e ferramentas, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas, para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación. - Xeografía do proceso de expansión de Roma desde o seu nacemento ata a desaparición do Imperio romano. - Historia da antiga Roma: - Etapas da historia de Roma (monarquía, república, imperio). - Fitos da historia do mundo romano entre os séculos VIII a. de C. e V d. de C. - Lendas e principais episodios da historia de Roma. - Personalidades históricas relevantes da historia de Roma, a súa biografía en contexto e a súa importancia para Europa. - Historia e organización política e social de Roma como parte esencial da historia e cultura da sociedade actual. - Conceptos de legado, herdanza e patrimonio.

UD	Título da UD	Duración
5	As conquistas e a expansión de Roma	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Realizar traducións directas e/ou inversas de textos ou fragmentos adaptados ou orixinais, de dificultade adecuada e progresiva, con corrección ortográfica e expresiva, identificando e analizando, cando se considere necesario, unidades lingüísticas regulares da lingua e apreciando variantes e coincidencias con outras linguas coñecidas.	Realizar traducións directas de textos adaptados, de dificultade adecuada e progresiva, con corrección ortográfica e expresiva.	PE	85
CA1.2 - Seleccionar de maneira progresivamente autónoma o significado apropiado de palabras polisémicas e xustificar a decisión, tendo en conta a información cotextual ou contextual e utilizando ferramentas diversas de apoio ao proceso de tradución en distintos soportes cando se considere necesario.	Seleccionar o significado apropiado de palabras polisémicas e xustificar a decisión, tendo en conta a información contextual.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.6 - Extraer, analizar e reflectir oralmente e/ou por escrito, preferentemente en latín, ou ben na lingua de uso do alumnado, as ideas principais de textos de certa lonxitude, orais e/ou escritos, e adaptados ao nivel de lingua e temas coñecidos polo alumnado, expresados de forma clara e, no caso dos textos orais, preferentemente na pronuncia clásica.	Extraer oralmente e/ou por escrito, preferentemente en latín, as ideas principais de textos de certa lonxitude, orais e/ou escritos, e adaptados ao nivel de lingua e temas coñecidos polo alumnado.		
CA3.1 - Explicar, a partir de criterios dados, os procesos históricos e políticos, as institucións, os modos de vida e os costumes da sociedade romana, comparándoos cos das sociedades actuais, valorando as adaptacións e os cambios experimentados á luz da evolución das sociedades e os dereitos humanos, e favorecendo o desenvolvemento dunha cultura compartida e unha cidadanía comprometida coa memoria colectiva e os valores democráticos.	Explicar os procesos históricos e políticos, as institucións, os modos de vida e os costumes da sociedade romana máis salientables, comparándoos cos das sociedades actuais.		
CA4.1 - Explicar, a partir de criterios dados, os procesos históricos e políticos, as institucións, os modos de vida e os costumes da sociedade romana, comparándoos cos das sociedades actuais, valorando as adaptacións e os cambios experimentados e favorecendo o desenvolvemento dunha cultura compartida.	Explicar procesos históricos e políticos, institucións, modos de vida e costumes romanos salientables, comparándoos cos das sociedades actuais e incidindo nos cambios producidos.		
CA1.3 - Revisar e emendar de maneira progresivamente autónoma as propias traducións e as das compañeiras e compañeiros, realizando propostas de mellora e argumentando os cambios con terminoloxía especializada a partir da reflexión lingüística.	Revisar e emendar as propias traducións e as das compañeiras e compañeiros, realizando propostas de mellora e argumentando os cambios con terminoloxía especializada a partir da reflexión lingüística.	TI	15
CA1.4 - Realizar a lectura directa de textos latinos sinxelos identificando as unidades lingüísticas básicas da lingua latina, comparándoas coas das linguas do repertorio lingüístico propio e asimilando os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais do latín.	Realizar a lectura directa de textos latinos con corrección na lectura das letras e dos dígrafos, e máis na acentuación e no ritmo		
CA1.5 - Rexistrar os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua latina, seleccionando as estratexias máis adecuadas e eficaces para superar esas dificultades e consolidar a súa aprendizaxe, realizando actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación, como as propostas no Portfolio Europeo das Linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe, facéndoos explícitos e compartíndoos.	Rexistrar os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua latina, realizando actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación.		
CA1.7 - Planificar e participar, cando se considere necesario, en diálogos breves e sinxelos sobre temas cotiáns, próximos á súa experiencia, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e as opinións das persoas interlocutoras.	Planificar e participar en diálogos breves e sinxelos apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- A tradución: técnicas, procesos e ferramentas. - A análise morfosintáctica como ferramenta complementaria de tradución. - Aceptación do erro como parte do proceso de aprendizaxe e actitude positiva de superación. - Xeografía do proceso de expansión de Roma desde o seu nacemento ata a desaparición do Imperio romano. - Historia da antiga Roma: - Fitos da historia do mundo romano entre os séculos VIII a. de C. e V d. de C. - Lendas e principais episodios da historia de Roma. - Personalidades históricas relevantes da historia de Roma, a súa biografía en contexto e a súa importancia para Europa. - Historia e organización política e social de Roma como parte esencial da historia e cultura da sociedade actual. - O mar Mediterráneo como encrucillada de culturas onte e hoxe. Da Europa mediterránea á Europa continental. - A romanización de Hispania e as pegadas da súa persistencia. A romanización de Gallaecia no contexto da Hispania romana; semellanzas e diferenzas.

UD	Título da UD	Duración
6	Mitoloxía e relixión na Roma antiga	14

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Realizar traducións directas e/ou inversas de textos ou fragmentos adaptados ou orixinais, de dificultade adecuada e progresiva, con corrección ortográfica e expresiva, identificando e analizando, cando se considere necesario, unidades lingüísticas regulares da lingua e apreciando variantes e coincidencias con outras linguas coñecidas.	Realizar traducións directas de textos adaptados, de dificultade adecuada e progresiva, con corrección ortográfica e expresiva.	PE	68
CA1.2 - Seleccionar de maneira progresivamente autónoma o significado apropiado de palabras polisémicas e xustificar a decisión, tendo en conta a información cotextual ou contextual e utilizando ferramentas diversas de apoio ao proceso de tradución en distintos soportes cando se considere necesario.	Seleccionar o significado apropiado de palabras polisémicas e xustificar a decisión, tendo en conta a información contextual.		
CA1.6 - Extraer, analizar e reflectir oralmente e/ou por escrito, preferentemente en latín, ou ben na lingua de uso do alumnado, as ideas principais de textos de certa lonxitude, orais e/ou escritos, e adaptados ao nivel de lingua e temas coñecidos polo alumnado, expresados de forma clara e, no caso dos textos orais, preferentemente na pronuncia clásica.	Extraer oralmente e/ou por escrito, preferentemente en latín, as ideas principais de textos de certa lonxitude, orais e/ou escritos, e adaptados ao nivel de lingua e temas coñecidos polo alumnado.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Explicar, a partir de criterios dados, os procesos históricos e políticos, as institucións, os modos de vida e os costumes da sociedade romana, comparándoos cos das sociedades actuais, valorando as adaptacións e os cambios experimentados á luz da evolución das sociedades e os dereitos humanos, e favorecendo o desenvolvemento dunha cultura compartida e unha cidadanía comprometida coa memoria colectiva e os valores democráticos.	Explicar os procesos históricos e políticos, as institucións, os modos de vida e os costumes da sociedade romana máis salientables, comparándoos cos das sociedades actuais.		
CA4.1 - Explicar, a partir de criterios dados, os procesos históricos e políticos, as institucións, os modos de vida e os costumes da sociedade romana, comparándoos cos das sociedades actuais, valorando as adaptacións e os cambios experimentados e favorecendo o desenvolvemento dunha cultura compartida.	Explicar procesos históricos e políticos, institucións, modos de vida e costumes romanos salientables, comparándoos cos das sociedades actuais e incidindo nos cambios producidos.		
CA4.4 - Identificar e explicar o legado material e inmaterial da civilización latina como fonte de inspiración, analizando producións culturais e artísticas posteriores a partir de criterios dados.	Identificar e explicar os aspectos do legado material e inmaterial da civilización latina máis salientables, analizando producións culturais e artísticas posteriores.		
CA1.3 - Revisar e emendar de maneira progresivamente autónoma as propias traducións e as das compañeiras e compañeiros, realizando propostas de mellora e argumentando os cambios con terminoloxía especializada a partir da reflexión lingüística.	Revisar e emendar as propias traducións e as das compañeiras e compañeiros, realizando propostas de mellora e argumentando os cambios con terminoloxía especializada a partir da reflexión lingüística.	TI	32
CA1.4 - Realizar a lectura directa de textos latinos sinxelos identificando as unidades lingüísticas básicas da lingua latina, comparándoas coas das linguas do repertorio lingüístico propio e asimilando os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais do latín.	Realizar a lectura directa de textos latinos con corrección na lectura das letras e dos dígrafos, e máis na acentuación e no ritmo		
CA1.5 - Rexistrar os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua latina, seleccionando as estratexias máis adecuadas e eficaces para superar esas dificultades e consolidar a súa aprendizaxe, realizando actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación, como as propostas no Portfolio Europeo das Linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe, facéndoos explícitos e compartíndoos.	Rexistrar os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua latina, realizando actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación.		
CA1.7 - Planificar e participar, cando se considere necesario, en diálogos breves e sinxelos sobre temas cotiáns, próximos á súa experiencia, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e as opinións das persoas interlocutoras.	Planificar e participar en diálogos breves e sinxelos apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Investigar, de maneira guiada, o patrimonio histórico, arqueolóxico, artístico e cultural herdado da civilización latina, actuando de forma adecuada, empática e respectuosa e interesándose polos procesos de construción, preservación, conservación e restauración e por aquelas actitudes cívicas que aseguran a súa sustentabilidade.	Investigar algún aspecto salientable do patrimonio histórico, arqueolóxico, artístico e cultural romano, mediante un traballo e incidindo na necesidade de conservación.		
CA4.3 - Investigar de maneira progresivamente autónoma aspectos do legado da civilización latina no ámbito persoal, relixioso e sociopolítico localizando, seleccionando, contrastando e reelaborando información procedente de diferentes fontes, calibrando a súa fiabilidade e pertinencia e respectando os principios de rigor e propiedade intelectual.	Investigar autonomamente algún aspecto do legado romano no ámbito persoal, relixioso e sociopolítico a partir de información procedente de diferentes fontes, respectando a propiedade intelectual.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- A tradución: técnicas, procesos e ferramentas. - A análise morfosintáctica como ferramenta complementaria de tradución. - Aceptación do erro como parte do proceso de aprendizaxe e actitude positiva de superación. - Influencias da cultura grega na civilización latina. - A achega de Roma á cultura e ao pensamento da sociedade occidental. - Conceptos de legado, herdanza e patrimonio. - A mitoloxía clásica en manifestacións literarias e artísticas. A presenza da mitoloxía clásica na publicidade, o deporte e outras manifestacións populares actuais.

UD	Título da UD	Duración
7	A república romana	14

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Realizar traducións directas e/ou inversas de textos ou fragmentos adaptados ou orixinais, de dificultade adecuada e progresiva, con corrección ortográfica e expresiva, identificando e analizando, cando se considere necesario, unidades lingüísticas regulares da lingua e apreciando variantes e coincidencias con outras linguas coñecidas.	Realizar traducións directas de textos adaptados, de dificultade adecuada e progresiva, con corrección ortográfica e expresiva.	PE	70

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Seleccionar de maneira progresivamente autónoma o significado apropiado de palabras polisémicas e xustificar a decisión, tendo en conta a información cotextual ou contextual e utilizando ferramentas diversas de apoio ao proceso de tradución en distintos soportes cando se considere necesario.	Seleccionar o significado apropiado de palabras polisémicas e xustificar a decisión, tendo en conta a información contextual.		
CA1.6 - Extraer, analizar e reflectir oralmente e/ou por escrito, preferentemente en latín, ou ben na lingua de uso do alumnado, as ideas principais de textos de certa lonxitude, orais e/ou escritos, e adaptados ao nivel de lingua e temas coñecidos polo alumnado, expresados de forma clara e, no caso dos textos orais, preferentemente na pronuncia clásica.	Extraer oralmente e/ou por escrito, preferentemente en latín, as ideas principais de textos de certa lonxitude, orais e/ou escritos, e adaptados ao nivel de lingua e temas coñecidos polo alumnado.		
CA3.1 - Explicar, a partir de criterios dados, os procesos históricos e políticos, as institucións, os modos de vida e os costumes da sociedade romana, comparándoos cos das sociedades actuais, valorando as adaptacións e os cambios experimentados á luz da evolución das sociedades e os dereitos humanos, e favorecendo o desenvolvemento dunha cultura compartida e unha cidadanía comprometida coa memoria colectiva e os valores democráticos.	Explicar os procesos históricos e políticos, as institucións, os modos de vida e os costumes da sociedade romana máis salientables, comparándoos cos das sociedades actuais.		
CA4.1 - Explicar, a partir de criterios dados, os procesos históricos e políticos, as institucións, os modos de vida e os costumes da sociedade romana, comparándoos cos das sociedades actuais, valorando as adaptacións e os cambios experimentados e favorecendo o desenvolvemento dunha cultura compartida.	Explicar procesos históricos e políticos, institucións, modos de vida e costumes romanos salientables, comparándoos cos das sociedades actuais e incidindo nos cambios producidos.		
CA1.3 - Revisar e emendar de maneira progresivamente autónoma as propias traducións e as das compañeiras e compañeiros, realizando propostas de mellora e argumentando os cambios con terminoloxía especializada a partir da reflexión lingüística.	Revisar e emendar as propias traducións e as das compañeiras e compañeiros, realizando propostas de mellora e argumentando os cambios con terminoloxía especializada a partir da reflexión lingüística.	TI	30
CA1.4 - Realizar a lectura directa de textos latinos sinxelos identificando as unidades lingüísticas básicas da lingua latina, comparándoas coas das linguas do repertorio lingüístico propio e asimilando os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais do latín.	Realizar a lectura directa de textos latinos con corrección na lectura das letras e dos dígrafos, e máis na acentuación e no ritmo		
CA1.5 - Rexistrar os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua latina, seleccionando as estratexias máis adecuadas e eficaces para superar esas dificultades e consolidar a súa aprendizaxe, realizando actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación, como as propostas no Portfolio Europeo das Linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe, facéndoos explícitos e compartíndoos.	Rexistrar os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua latina, realizando actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.7 - Planificar e participar, cando se considere necesario, en diálogos breves e sinxelos sobre temas cotiáns, próximos á súa experiencia, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e as opinións das persoas interlocutoras.	Planificar e participar en diálogos breves e sinxelos apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal.		
CA3.3 - Investigar, de maneira guiada, o patrimonio histórico, arqueolóxico, artístico e cultural herdado da civilización latina, actuando de forma adecuada, empática e respectuosa e interesándose polos procesos de construción, preservación, conservación e restauración e por aquelas actitudes cívicas que aseguran a súa sustentabilidade.	Investigar algún aspecto salientable do patrimonio histórico, arqueolóxico, artístico e cultural romano, mediante un traballo e incidindo na necesidade de conservación.		
CA4.3 - Investigar de maneira progresivamente autónoma aspectos do legado da civilización latina no ámbito persoal, relixioso e sociopolítico localizando, seleccionando, contrastando e reelaborando información procedente de diferentes fontes, calibrando a súa fiabilidade e pertinencia e respectando os principios de rigor e propiedade intelectual.	Investigar autonomamente algún aspecto do legado romano no ámbito persoal, relixioso e sociopolítico a partir de información procedente de diferentes fontes, respectando a propiedade intelectual.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Unidades lingüísticas da lingua latina.
- Formas nominais do verbo.
- A tradución: técnicas, procesos e ferramentas.
- A análise morfosintáctica como ferramenta complementaria de tradución.
- Aceptación do erro como parte do proceso de aprendizaxe e actitude positiva de superación.
- Xeografía do proceso de expansión de Roma desde o seu nacemento ata a desaparición do Imperio romano.
- Historia da antiga Roma:
- Etapas da historia de Roma (monarquía, república, imperio).
- Fitos da historia do mundo romano entre os séculos VIII a. de C. e V d. de C.
- Lendas e principais episodios da historia de Roma.
- Personalidades históricas relevantes da historia de Roma, a súa biografía en contexto e a súa importancia para Europa.
- Historia e organización política e social de Roma como parte esencial da historia e cultura da sociedade actual.
- A achega de Roma á cultura e ao pensamento da sociedade occidental.
- As institucións políticas romanas e a súa influencia e persistencia no sistema político actual.

UD	Título da UD	Duración
8	A vida pública e a vida privada	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Realizar traducións directas e/ou inversas de textos ou fragmentos adaptados ou orixinais, de dificultade adecuada e progresiva, con corrección ortográfica e expresiva, identificando e analizando, cando se considere necesario, unidades lingüísticas regulares da lingua e apreciando variantes e coincidencias con outras linguas coñecidas.	Realizar traducións directas de textos adaptados, de dificultade adecuada e progresiva, con corrección ortográfica e expresiva.	PE	78
CA1.2 - Seleccionar de maneira progresivamente autónoma o significado apropiado de palabras polisémicas e xustificar a decisión, tendo en conta a información cotextual ou contextual e utilizando ferramentas diversas de apoio ao proceso de tradución en distintos soportes cando se considere necesario.	Seleccionar o significado apropiado de palabras polisémicas e xustificar a decisión, tendo en conta a información contextual.		
Utilizamos continuamente a lingua, pero non sempre reflexionamos sobre o que son as palabras, como se crean e se transforman, como se organizan, ou o que se pode facer con elas. En esencia, diso trata esta materia: de analizar e coñecer mellor o noso sistema de comunicación máis útil, de manexalo con soltura e de apreciar o que moitos escritores e escritoras souberon facer con el.

O propósito da materia de Lingua Castelá e Literatura oriéntase tanto á eficacia comunicativa na produción, recepción e interacción oral, escrita e multimodal, como a favorecer o uso ético da linguaxe que poña as palabras ao servizo da convivencia democrática, a resolución dialogada dos conflitos, e a construción de vínculos persoais e sociais baseados no respecto e na igualdade de dereitos de todas as persoas.

Os obxectivos da materia de Lingua Castelá e Literatura en bacharelato marcan unha progresión con respecto aos da educación secundaria obrigatoria, dos que se parte nesta nova etapa. O afondamento con respecto á ESO consiste nunha maior conciencia teórica e metodolóxica para analizar a realidade, así como na mobilización dun conxunto maior de coñecementos, articulados a través de instrumentos de análise que axuden a construír e a estruturar o coñecemento explícito sobre os fenómenos lingüísticos e literarios tratados. Proponse tamén favorecer unha aproximación ampla á cultura, que afonde na relación continua entre pasado e presente.

Un dos fins principais desta etapa educativa é que o alumnado consiga aquelas capacidades indispensables para a plena realización persoal e social. Na sociedade de información actual en continuo cambio, isto supón ampliar as tarefas da clase de Lingua Castelá e Literatura máis aló das dirixidas á adquisición do coñecemento gramatical mediante a reflexión sobre textos, especialmente literarios.

No século XXI, resulta imprescindible aceptar un novo concepto de alfabetización que implica saber xestionar adecuadamente o inxente caudal de información co que nos atopamos. É preciso articular mecanismos que nos permitan obter información pertinente, planificar o mellor modo de comunicala atendendo a unha finalidade e a un contexto concretos, aprender a avaliala e comunicala de maneira ética. Esta alfabetización convértese así nun dos obxectivos principais do ensino da lingua. Só o seu logro permitiralles aos cidadáns participar eficazmente na sociedade do coñecemento. As situacións de aprendizaxe da materia de Lingua Castelá e Literatura deben adestrar o alumnado no uso das ferramentas coas que poderán dar resposta aos retos da sociedade do século XXI, que demanda persoas cultas, críticas e ben informadas.

O desenvolvemento das competencias do alumnado reclama en bacharelato unha maior atención a textos académicos e dos medios de comunicación. Por iso, o traballo transdisciplinario é imprescindible para que o alumnado se apropie dos xéneros discursivos específicos de cada área de coñecemento. Con respecto á competencia literaria, en bacharelato preténdese unha progresiva confluencia entre as modalidades de lectura guiada e lectura autónoma, tanto no relativo aos seus respectivos corpus como ás súas formas de fruición. A adquisición dunha plena competencia comunicativa inclúe un achegamento ao feito cultural e literario a través da lectura.

A diversidade lingüística da maior parte dos contextos escolares e a innegable necesidade dunha educación plurilingüe para todo o alumnado invita ao tratamento integrado das linguas como o mellor camiño para estimular non só a reflexión interlingüística senón tamén a aproximación aos usos sociais reais, nos que a miúdo se han de manexar simultaneamente dúas ou máis linguas.

Os criterios de avaliación e os contidos organízanse en cinco bloques. «As linguas e os seus falantes», «Comunicación: comprensión oral e escrita», «Comunicación: expresión oral e escrita», «Educación literaria» e «Reflexión sobre a lingua». Estes cinco bloques de contido establecidos para esta etapa aparecen concretados nesta proposta didáctica para 1º de bacharelato nas seguintes unidades didácticas:

1. As variedades lingüísticas. Nesta unidade didáctica, trátase de recoñecer e valorar as linguas de España e as variedades dialectais do español.
2. Os textos do mundo académico. Aquí traballaremos os tipos de textos máis habituais no ámbito académico: os traballos monográficos, os resumos, as presentacións orais, os comentarios críticos, etc.
3. A literatura medieval. Esta unidade está dedicada ao estudo da literatura medieval nos seus textos.
4. A lingua como sistema: Fonoloxía e Morfoloxía. Unidade centrada no estudo da estrutura interna da palabra e nas súas unidades.

5. Os textos dos medios de comunicación. Nesta unidade, traballaremos os tipos de textos máis frecuentes dos medios de comunicación social (xornalísticos e publicitarios).
6. A literatura renacentista e barroca. Esta unidade dedicarase ao estudo dos trazos xenéricos, formais e temáticos da literatura renacentista e barroca a través dunha selección dos textos máis relevantes do período.
7. A lingua como sistema: Sintaxe e Semántica. Analizamos aquí as relacións entre palabras, tanto polo seu significado como pola maneira en que se combinan para formar estruturas superiores, en concreto sintagmas e oracións.
8. A literatura ilustrada e romántica. Esta unidade abordará o estudo da literatura ilustrada e romántica a partir dunha selección dos seus textos máis destacados nos que se indagará para localizar as principais características temáticas e formais dos mesmos.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Explicar e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do coñecemento da realidade plurilingüe e pluricultural de España e a riqueza dialectal do español, así como da reflexión sobre os fenómenos do contacto entre linguas, para favorecer a reflexión interlingüística, para refutar os estereotipos e prexuízos lingüísticos e para valorar esta diversidade como fonte de patrimonio cultural.	1-5	2-3				1-2		1
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais, con especial atención aos textos académicos e dos medios de comunicación, recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, para formarse opinión e para ampliar as posibilidades de gozo e lecer.	2	2	1	2-3	40	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais, con atención preferente aos de carácter académico, con rigor, fluidez, coherencia, cohesión e o rexistro adecuado, atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos, e participar en interaccións orais con actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais como para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais.	1-3-5	2	1	2-3		2		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, integrando a información explícita e realizando as inferencias necesarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma e avaliando tanto a súa calidade como a súa fiabilidade para dar resposta a necesidades e intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento.	2-3-5	2	4	1	40	3		
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos, con especial atención aos xéneros discursivos do ámbito académico, para construír coñecemento e dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	50	2		
OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e integrala e transformala en coñecemento para comunicala, adoptando un punto de vista crítico e persoal á vez que respectuoso coa propiedade intelectual, especialmente no marco da realización de traballos de investigación sobre temas do currículo ou vinculados ás obras literarias lidas.	3			1-2-3-4	40	2	3	
OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras relevantes da literatura contemporánea como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que se enriqueza progresivamente en canto a diversidade, complexidade e calidade das obras, e compartir experiencias lectoras para construír a propia identidade lectora e gozar da dimensión social da lectura.	1-4			3	11			2-31-32
OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras relevantes da literatura española e hispanoamericana, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais para establecer vínculos entre textos diversos, para conformar un mapa cultural, para alargar as posibilidades de gozo da literatura e para crear textos de intención literaria.	1-4					1		1-2-31-32-42

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX9 - Consolidar e profundar no coñecemento explícito e sistemático sobre a estrutura da lingua e os seus usos, e reflexionar de maneira autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía adecuada, para desenvolver a conciencia lingüística, para aumentar o repertorio comunicativo e para mellorar as destrezas, tanto de produción oral e escrita como de comprensión e interpretación crítica.	1-2	2	1-2		50			
OBX10 - Poñer as prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, a resolución dialogada dos conflitos e a igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e evitando os abusos de poder a través da palabra, para favorecer un uso non só eficaz senón tamén ético e democrático da linguaxe.	1-5	3		3	31	1-2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Os textos do mundo académico	Nesta unidade, centrarémonos nos tipos de textos máis habituais no ámbito académico: os traballos monográficos, os resumos, as presentacións orais, os comentarios críticos, etc. Constitúen o elemento fundamental da avaliación e da cualificación en todas as materias; por iso é polo que a súa análise ten especial interese.	15	15	X		
2	A literatura medieval	Esta unidade dividirase en dúas partes. A primeira abordará o estudo dos textos literarios, a súa intención comunicativa, as características da linguaxe literaria e os trazos que definen os moldes xenéricos aos que se adscriben. A segunda centrarase na lectura e análise dunha escolma dos textos máis significativos da literatura medieval. Desde o punto de vista da lírica, achegarase ao alumnado aos primeiros vestixios peninsulares en lingua romance, á lírica primitiva popular, á culta, á poesía cancioneril e aos grandes autores do s. XV. Na narrativa, realizarase unha	15	16	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	A literatura medieval	aproximación á épica, o mester de clerecía, os romances, a narrativa medieval dos s. XII-XIV, a novela do s. XV e a Celestina. Como tarefa final, o alumnado, distribuído en grupos, representará escenas escollidas da obra La Celestina. Finalmente, cada estudante redactará un conto, seguindo a estrutura do Conde Lucanor.	15	16	X		
3	As variedades lingüísticas	Nesta unidade didáctica, trátase de recoñecer e valorar as linguas de España e as variedades dialectais do español, así como as diferenzas e intersecciónss entre lingua oral e lingua escrita. Mediante a comparación entre as linguas e entre os trazos dos distintos dialectos do español, sensibilizarase sobre a necesidade de refutar prexuízos lingüísticos e sobre a importancia de evitar os usos discriminatorios da lingua.	5	6	X		
4	A lingua como sistema: Fonoloxía e Morfoloxía	Imos profundar agora no estudo da palabra. Entramos de cheo, por tanto, no ámbito da Morfoloxía. Esta disciplina ocúpase da estrutura interna das palabras para delimitar, definir e clasificar as súas unidades. Así mesmo, céntrase nas clases de palabras ás que dá lugar (Morfoloxía flexiva) e na formación de novas palabras. Existen outros aspectos lingüísticos que afectan á palabra e non son obxecto de estudo da Morfoloxía, como o significado (Semántica) ou a función (Sintaxe). A palabra foi durante séculos a unidade fundamental da Morfoloxía. De feito, o concepto de palabra é dos máis universalmente coñecidos. Con todo, é unha unidade moi heteroxénea, difícil de definir, posto que as palabras teñen unha composición e unha formación moi diversa, unha significación de extensión variable, múltiples formas externas e diferentes funcións; é dicir, son tan distintas entre si e hai tan poucas características comúns a todas elas, que a súa definición é practicamente imposible.	20	21		X	
5	Os textos dos medios de comunicación	Nesta unidade, traballaremos os tipos de textos máis frecuentes dos medios de comunicación social (xornalísticos e publicitarios), pois a diario estamos en contacto con estas mensaxes que crean e fomentan hábitos, modelan actitudes e moitas veces deforman a realidade. Por iso, resulta especialmente interesante analizalas desde un punto de vista crítico. A influencia da publicidade sobre o individuo nunha sociedade de consumo	10	11		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	Os textos dos medios de comunicación	está fóra de toda dúbida. Por iso, imos traballar a mensaxe publicitaria en toda a súa complexidade: o concepto de publicidade, os estereotipos e valores que manexa, a súa finalidade, a interrelación de códigos (lingüístico, visual e auditivo), etc.	10	11		X	
6	A literatura renacentista e barroca	Esta unidade dedicarase ao estudo dos trazos xenéricos, formais e temáticos da literatura renacentista e barroca a través dunha selección dos textos máis relevantes do período. Na lírica, o alumnado achegarase á produción de Garcilaso, Fray Luis, San Juan, Lope, Góngora e Quevedo. Na narrativa, realizarase un percorrido polos principais tipos de novelas para deterse na revisión do Lazarillo, da obra de Cervantes e da prosa didáctica do XVII. Examinaranse as características do teatro barroco e a produción de Lope e Calderón. Como tarefa final, asignarase a cada grupo a creación dun muro dixital que inclúa a liña do tempo cos principais fitos históricos do XVI e XVII, ligazóns sobre o seu significado artístico, características, autores e obras, análise dun texto de cada autor/a estudado, localización de tópicos, identificación dos temas en composicións pictóricas da época, comparación entre os trazos do pícaro e do cabaleiro e análise da pervivencia de ambas figuras na sociedade actual.	15	16		X	X
7	A lingua como sistema: Sintaxe e Semántica	Imos analizar agora as relacións entre palabras, tanto polo seu significado como pola maneira en que se combinan para formar estruturas superiores, en concreto sintagmas e oracións.	15	15			X
8	A literatura ilustrada e romántica	Esta unidade abordará o estudo da literatura ilustrada e romántica a partir dunha selección dos seus textos máis destacados, que serán comentados en clase, facilitando a localización das principais características temáticas e formais. Como proxecto final, proporase ao alumnado a creación dun REA arredor do concepto do amor romántico do s. XIX e as súas derivacións na actualidade. As fases da tarefa, realizada en grupos, serán as seguintes: identificación e investigación sobre mulleres escritoras no s. XIX; descrición e análise dos roles que desempeñan os personaxes femininos na literatura romántica; creación de infografías que inclúan a información atopada e as conclusións extraídas; actividades de gamificación, como a construción de	5	5			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
8	A literatura ilustrada e romántica	diálogos orixinais entre distintos personaxes femininos do Romanticismo, a recreación actual dos finais das pezas máis significativas do s. XIX ou a elaboración dun Quen é quen? sobre os principais autores e autoras do Romanticismo nacional e europeo.	5	5			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Os textos do mundo académico	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais especializados, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Como mínimo, o alumnado recoñecerá a intención comunicativa, o sentido global e a relación entre as partes dos textos escritos propios do ámbito educativo.	PE	60
CA2.4 - Valorar a forma e o contido de textos complexos avaliando a súa calidade, a fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Os alumnos e as alumnas terán que identificar, como mínimo, os principais mecanismos de cohesión nos textos escritos de carácter expositivo propios do ámbito educativo.		
CA3.3 - Elaborar textos académicos coherentes, cohesionados e co rexistro adecuado sobre temas curriculares ou de interese social e cultural, precedidos dun proceso de planificación que atenda á situación comunicativa, destinatario, propósito e canle e de redacción e revisión de borradores de maneira individual ou entre iguais, ou mediante outros instrumentos de consulta.	O alumnado elaborará comentarios críticos sobre temas académicos ou de interese social. Valorarase a fiabilidade da información, a calidade, a corrección, a coherencia, a cohesión e a adecuación.		
CA3.5 - Elaborar traballos de investigación de maneira autónoma, en diferentes soportes, sobre temas curriculares de interese cultural que impliquen organizar e integrar a información en esquemas propios; e reelaborala e comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista crítico e respectuoso coa propiedade intelectual.	O alumnado elaborará por grupos un traballo de investigación sobre un tema académico. Valorarase a fiabilidade e a pertinencia da información, así como a capacidade de expresala de xeito creativo.		
CA3.8 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	O alumnado analizará o grao de formalidade da situación, o propósito comunicativo, a canle e os elementos non verbais mediante o seu rastro na mensaxe (por exemplo, o uso de fórmulas de cortesía).		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais complexos propios de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos.	O alumnado captará, como mínimo, a intención comunicativa, o sentido global dos textos orais do ámbito educativo e a relación entre as súas partes. Seleccionará e reterá a información relevante.	TI	40
CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais complexos, avaliando a súa calidade, fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado valorará nos textos orais do ámbito educativo a claridade expositiva, a dicción, a linguaxe corporal e a utilización de soportes informáticos e audiovisuais para apoiar o discurso.		
CA2.5 - Localizar, seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes; calibrar a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura.	O alumnado buscará e seleccionará información con criterios sólidos de fiabilidade, calidade e pertinencia.		
CA3.6 - Avaliar a veracidade de noticias e informacións, con especial atención ás redes sociais e outros contornos dixitais, seguindo pautas de análise, contraste e verificación, facendo uso da ferramenta axeitada e mantendo unha actitude crítica fronte aos posibles desvíos da información.	Para documentar o traballo de investigación, o alumnado deberá consultar diferentes fontes e amosar habilidade para verificar a veracidade da información obtida.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Contexto vinculado ás estratexias de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.
- Análise dos compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado; distancia social entre os interlocutores; propósitos comunicativos e interpretación de intencións; canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación.
- Os xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Análise das propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación.
- Interpretación dos xéneros discursivos propios do ámbito educativo. Os textos académicos.
- Procesos de comprensión, análise e interpretación de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais.
- Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Valoración da forma e do contido do texto.
- Alfabetización informacional: busca autónoma e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia. Noticias falsas e verificación de feitos. O ciberanzol.
- Recoñecemento dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Uso eficaz de dicionarios, manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Os xéneros discursivos desde o punto de vista da creación e interpretación crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Respecto polas propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación.
- Xéneros discursivos propios do ámbito educativo. Creación de textos académicos.

Contidos
- Procesos de composición e revisión de diversos tipos de textos propios de natureza oral, escrita e multimodal. - Interacción oral e escrita de carácter formal. Tomar e deixar a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística - Produción escrita. Proceso de elaboración: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. - Alfabetización informacional: reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento; comunicación e difusión da información reelaborada de maneira creativa e respectuosa coa propiedade intelectual. - Uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos propios orais, escritos e multimodais. - Corrección lingüística e revisión ortográfica, gramatical e tipográfica dos textos. Uso eficaz de dicionarios, manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital. - Utilización dos signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito e a súa relación co significado.

UD	Título da UD	Duración
2	A literatura medieval	16

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Valorar a forma e o contido de textos complexos avaliando a súa calidade, a fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado analizará as ideas fundamentais de textos complexos, identificando a intención do emisor, localizando as características da linguaxe literaria e valorando o seu efecto no receptor.	PE	80
CA4.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas mediante a análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras.	O alumnado será capaz de interpretar correctamente os textos lidos, vinculándoos ao contexto da obra, á tradición literaria á que pertence e ás características dos xéneros e subxéneros estudados.		
CA4.7 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	O alumnado será quen de producir textos de intención literaria respectando as convencións dos xéneros e empregando con eficacia os principais recursos expresivos a través dun formato audiovisual.		
CA4.8 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e solucionar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	O alumnado usará dicionarios e manuais de consulta para revisar, corrixir e mellorar os textos propios desde o punto de vista ortográfico, gramatical e léxico, solventando problemas de comprensión.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.4 - Compartir a experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e elaborar una interpretación persoal establecendo vínculos argumentados con outras obras e outras experiencias artísticas e culturais.	O alumnado deberá trasladar a análise de textos medievais do patrimonio nacional e europeo, expresando axeitadamente as súas claves interpretativas e comparándoas con outras expresións artísticas.	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Lectura autónoma de obras relevantes de autoras e autores da literatura universal contemporánea, que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias.
- Selección das obras coa axuda de recomendacións especializadas.
- Participación activa no circuíto literario e lector en contexto presencial e dixital. Utilización autónoma de todo tipo de bibliotecas. Acceso a outras experiencias culturais.
- Expresión argumentada dos gustos lectores persoais. Diversificación do corpus lido, atendendo aos circuítos comerciais do libro e distinguindo entre literatura canónica e de consumo, clásicos e bestsellers.
- Comunicación da experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica, atendendo a aspectos temáticos, a xénero e subxénero, a elementos da estrutura, así como ao estilo e aos valores éticos e estéticos das obras.
- Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade ou outras manifestacións literarias ou artísticas.
- Recomendación de lecturas en soportes variados, atendendo a aspectos temáticos, formais e intertextuais.
- Lectura guiada de clásicos da literatura española desde a Idade Media ata o Romanticismo, inscritos en itinerarios temáticos ou de xénero. Procesos e estratexias.
- Construción compartida da interpretación das obras a través de discusións ou conversacións literarias.
- Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos.
- Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na tradición literaria.
- Vínculos intertextuais entre obras e outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e ruptura.
- Expresión argumentada da interpretación dos textos, integrando os diferentes aspectos analizados e atendendo aos seus valores culturais, éticos e estéticos. Lectura con perspectiva de xénero.
- Lectura expresiva, dramatización e recitado atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.
- Creación de textos de intención literaria a partir das obras lidas.

UD	Título da UD	Duración
3	As variedades lingüísticas	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e valorar as linguas oficiais de España e as variedades dialectais do español, con especial atención ao galego e ao castelán, a partir da explicación do seu desenvolvemento histórico e sociolingüístico e da situación actual, contrastando de maneira explícita e coa metalinguaxe adecuada aspectos lingüísticos e discursivos das distintas linguas, así como trazos dos dialectos do español, en manifestacións orais, escritas e multimodais.	O alumnado deberá tanto explicar o desenvolvemento sociohistórico e a situación actual das linguas de España como comparar as principais variedades dialectais do español en España e en América.	PE	50
CA5.3 - Elaborar e presentar os resultados de pequenos proxectos de investigación sobre aspectos relevantes do funcionamento da lingua, formulando hipóteses e establecendo xeneralizacións, utilizando os conceptos e a terminoloxía lingüística adecuada, e consultando de maneira autónoma dicionarios, manuais e gramáticas.	En pequenos grupos, os alumnos e as alumnas investigarán sobre dereitos lingüísticos e modelos de convivencia entre linguas. Deberán presentar as súas conclusións sobre a sustentabilidade lingüística.		
CA1.2 - Refutar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal, a partir da exploración e reflexión arredor dos fenómenos do contacto entre linguas, con especial atención ao papel das redes sociais e dos medios de comunicación, e da investigación sobre os dereitos lingüísticos e diversos modelos de convivencia entre linguas.	O alumnado terá que ser capaz de explicar os fenómenos de contacto entre linguas, así como identificar prexuízos e estereotipos lingüísticos coa finalidade de combatelos.	TI	50
CA1.3 - Identificar e evitar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e a análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas.	As alumnas e os alumnos deberán detectar, rexeitar e evitar os usos discriminatorios da lingua.		
CA1.4 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos procurando consensos no ámbito persoal, educativo e social.	No traballo en grupo, os alumnos e as alumnas deberán chegar a acordos de maneira pacífica, mediante o uso dunha argumentación eficaz e o respecto da diversidade de opinións.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Desenvolvemento sociohistórico e situación actual das linguas de España.
- Estudo comparativo das principais variedades dialectais do español en España e en América.
- Estratexias de reflexión interlingüística.
- Detección de prexuízos e estereotipos lingüísticos coa finalidade de combatelos.
- Os fenómenos de contacto entre linguas: bilingüismo, préstamos, interferencias. Diglosia lingüística e diglosia dialectal. O papel actual das redes sociais e dos medios de comunicación.
- Dereitos lingüísticos, a súa expresión en leis e declaracións institucionais. Modelos de convivencia entre linguas, as súas causas e consecuencias. Linguas minoritarias e linguas minorizadas. A sustentabilidade lingüística.

Contidos
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Diferenzas relevantes e intersección ns entre lingua oral e lingua escrita: aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.

UD	Título da UD	Duración
4	A lingua como sistema: Fonoloxía e Morfoloxía	21

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.2 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	Os alumnos e as alumnas recoñecerán correctamente as categorías gramaticais e relacionarán o predominio de determinadas clases de palabras coa tipoloxía textual e o propósito comunicativo.	PE	70
CA5.3 - Elaborar e presentar os resultados de pequenos proxectos de investigación sobre aspectos relevantes do funcionamento da lingua, formulando hipóteses e establecendo xeneralizacións, utilizando os conceptos e a terminoloxía lingüística adecuada, e consultando de maneira autónoma dicionarios, manuais e gramáticas.	O alumnado explicará as interconexións entre os niveis fonolóxico e morfolóxico da lingua mediante a observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.		
CA5.1 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e solucionar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	O alumnado deberá utilizar axeitadamente os dicionarios e manuais de consulta. Tamén terá que identificar os procedementos de formación de palabras para solventar problemas de comprensión.	TI	30

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - A lingua como sistema interconectado con diferentes niveis: fonolóxico, morfolóxico, sintáctico e semántico. - Distinción entre a forma (categorías gramaticais) e a función das palabras (funcións sintácticas da oración simple e composta). - Procedementos de adquisición e formación de palabras e reflexión sobre as mudanzas no seu significado. As relacións semánticas entre palabras. Valores denotativos e connotativos en función da súa adecuación ao contexto e ao propósito comunicativo. - Uso autónomo de dicionarios, manuais de gramática e outras fontes de consulta para obter información gramatical de carácter xeral.

UD	Título da UD	Duración
5	Os textos dos medios de comunicación	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais especializados, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Como mínimo, o alumnado recoñecerá a intención comunicativa, o sentido global e a relación entre as partes dos textos escritos propios dos medios de comunicación.	PE	30
CA2.4 - Valorar a forma e o contido de textos complexos avaliando a súa calidade, a fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado valorará a coherencia e recoñecerá os principais mecanismos de cohesión nos textos escritos. Tamén identificará a expresión da subxectividade en textos dos medios de comunicación.		
CA2.8 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	O alumnado analizará o grao de formalidade da situación, o propósito comunicativo, a canle e os elementos non verbais mediante o seu rastro na mensaxe.		
CA2.5 - Localizar, seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes; calibrar a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura.	O alumnado buscará e seleccionará información de textos propios dos medios de comunicación con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia.	TI	70
CA2.6 - Avaliar a veracidade de noticias e informacións, con especial atención ás redes sociais e outros contornos dixitais, seguindo pautas de análises, contraste e verificación, facendo uso da ferramenta adecuada e mantendo unha actitude crítica fronte ás posibles desviacións da información.	Para documentar a reportaxe televisiva, o alumnado deberá consultar diferentes fontes e amosar habilidade para verificar a veracidade da información obtida.		
CA2.7 - Identificar e resolver problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	O alumnado será capaz de deducir o significado de determinadas palabras a partir do contexto no que son utilizadas.		
CA3.1 - Realizar exposicións e argumentacións orais formais con diferente grao de planificación sobre temas de interese científico e cultural e de relevancia académica e social, axustándose ás convencións propias de cada xénero discursivo e con fluidez, rigor, coherencia, cohesión e o rexistro axeitado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	O alumnado realizará unha reportaxe televisiva de 5 minutos con fluidez e coherencia, usando o rexistro adecuado e adaptándose ao tempo dispoñible. Prestará atención á dicción e á linguaxe non verbal.		
CA3.2 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística.	Como mínimo, os alumnos e as alumnas respectarán a quenda de palabra e evitarán as interrupcións nas interaccións orais.		
CA3.4 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	O alumnado prestará especial atención ás relacións entre as formas verbais como procedementos de cohesión dos textos propios.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.7 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e corrixir problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	O alumnado deberá utilizar axeitadamente os dicionarios e manuais de consulta para revisar, corrixir e mellorar os textos propios desde o punto de vista ortográfico, gramatical e léxico.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Contexto vinculado ás estratexias de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.
- Análise dos compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado; distancia social entre os interlocutores; propósitos comunicativos e interpretación de intencións; canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación.
- Os xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Análise das propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación.
- Comprensión e análise crítica dos xéneros discursivos propios do ámbito social. As redes sociais e medios de comunicación.
- Procesos de comprensión, análise e interpretación de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais.
- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe. Valoración da forma e do contido do texto.
- Alfabetización informacional: busca autónoma e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia. Noticias falsas e verificación de feitos. O ciberanzol.
- Contexto vinculado ás estratexias de produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.
- Elaboración de textos tendo en conta os compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado; distancia social entre os interlocutores; propósitos comunicativos; canal de comunicación e elementos non verbais da comunicación.
- Os xéneros discursivos desde o punto de vista da creación e interpretación crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Xéneros discursivos propios do ámbito social. Produción de textos propios das redes sociais e dos medios de comunicación.
- Procesos de composición e revisión de diversos tipos de textos propios de natureza oral, escrita e multimodal.
- Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. A deliberación oral argumentada.
- Uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos propios orais, escritos e multimodais.
- Emprego adecuado nos textos propios das formas lingüísticas para a expresión da subxectividade e da obxectividade.
- Utilización de recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación.
- Uso de conectores, marcadores discursivos e outros procedementos léxico-semánticos e gramaticais que contribúen á cohesión do texto.

Contidos
- Especial atención ás relacións entre as formas verbais como procedementos de cohesión dos textos propios.

UD	Título da UD	Duración
6	A literatura renacentista e barroca	16

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Valorar a forma e o contido de textos complexos avaliando a súa calidade, a fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado analizará as ideas fundamentais de textos complexos, identificando a intención do emisor, localizando as características da linguaxe literaria e valorando o seu efecto no receptor.	PE	70
CA4.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas mediante a análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras.	O alumnado será capaz de interpretar correctamente os textos lidos, vinculándoos ao contexto da obra, á tradición literaria á que pertence e ás características dos xéneros e subxéneros estudados.		
CA4.7 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	O alumnado será quen de producir textos de intención literaria respectando as convencións dos xéneros e empregando con eficacia os principais recursos expresivos a través dun formato dixital.		
CA4.8 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e solucionar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	O alumnado usará dicionarios e manuais de consulta para revisar, corrixir e mellorar os textos propios desde o punto de vista ortográfico, gramatical e léxico, solventando problemas de comprensión.		
CA4.3 - Elixir e ler de maneira autónoma obras relevantes da literatura contemporánea e deixar constancia do progreso do itinerario lector e cultural persoal mediante a explicación argumentada dos criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e da experiencia de lectura.	O alumnado elixirá autonomamente textos da literatura contemporánea que aborden tópicos renacentistas e barrocos, argumentará os motivos da súa elección e a súa experiencia lectora vinculada a ela.	TI	30
CA4.4 - Compartir a experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e elaborar una interpretación persoal establecendo vínculos argumentados con outras obras e outras experiencias artísticas e culturais.	O alumnado será quen de trasladar a análise de textos renacentistas e barrocos, expresando axeitadamente as súas claves interpretativas e comparándoas con outras expresións artísticas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Lectura autónoma de obras relevantes de autoras e autores da literatura universal contemporánea, que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias. - Selección das obras coa axuda de recomendacións especializadas. - Participación activa no circuíto literario e lector en contexto presencial e dixital. Utilización autónoma de todo tipo de bibliotecas. Acceso a outras experiencias culturais. - Expresión argumentada dos gustos lectores persoais. Diversificación do corpus lido, atendendo aos circuítos comerciais do libro e distinguindo entre literatura canónica e de consumo, clásicos e bestsellers. - Comunicación da experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica, atendendo a aspectos temáticos, a xénero e subxénero, a elementos da estrutura, así como ao estilo e aos valores éticos e estéticos das obras. - Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade ou outras manifestacións literarias ou artísticas. - Recomendación de lecturas en soportes variados, atendendo a aspectos temáticos, formais e intertextuais. - Lectura guiada de clásicos da literatura española desde a Idade Media ata o Romanticismo, inscritos en itinerarios temáticos ou de xénero. Procesos e estratexias. - Construción compartida da interpretación das obras a través de discusións ou conversacións literarias. - Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos. - Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na tradición literaria. - Vínculos intertextuais entre obras e outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e ruptura. - Expresión argumentada da interpretación dos textos, integrando os diferentes aspectos analizados e atendendo aos seus valores culturais, éticos e estéticos. Lectura con perspectiva de xénero. - Lectura expresiva, dramatización e recitado atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados. - Creación de textos de intención literaria a partir das obras lidas.

UD	Título da UD	Duración
7	A lingua como sistema: Sintaxe e Semántica	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.2 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	O alumnado deberá explicar a relación entre a estrutura semántica (significados verbais e argumentos) e sintáctica da oración simple e composta en función do propósito comunicativo.	PE	70
CA5.3 - Elaborar e presentar os resultados de pequenos proxectos de investigación sobre aspectos relevantes do funcionamento da lingua, formulando hipóteses e establecendo xeneralizacións, utilizando os conceptos e a terminoloxía lingüística adecuada, e consultando de maneira autónoma dicionarios, manuais e gramáticas.	O alumnado explicará as interconexións entre os niveis morfolóxico, sintáctico e semántico mediante a observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.1 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e solucionar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	O alumnado recoñecerá funcións sintácticas da oración simple e composta e solucionará problemas de comprensión analizando as relacións semánticas e os valores denotativos e connotativos das palabras.	TI	30

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - A lingua como sistema interconectado con diferentes niveis: fonolóxico, morfolóxico, sintáctico e semántico. - Distinción entre a forma (categorías gramaticais) e a función das palabras (funcións sintácticas da oración simple e composta). - Relación entre a estrutura semántica (significados verbais e argumentos) e sintáctica (suxeito, predicado e complementos) da oración simple e composta en función do propósito comunicativo. - Procedementos de adquisición e formación de palabras e reflexión sobre as mudanzas no seu significado. As relacións semánticas entre palabras. Valores denotativos e connotativos en función da súa adecuación ao contexto e ao propósito comunicativo.

UD	Título da UD	Duración
8	A literatura ilustrada e romántica	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Valorar a forma e o contido de textos complexos avaliando a súa calidade, a fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado analizará as ideas fundamentais de textos complexos, identificando a intención do emisor, localizando as características da linguaxe literaria e valorando o seu efecto no receptor.	PE	75
CA4.2 - Elaborar traballos de investigación de maneira autónoma, en diferentes soportes, sobre temas curriculares de interese cultural que impliquen localizar, seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes; calibrar a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura; organizala e integrala en esquemas propios; e reelaborala e comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista crítico e respectuoso coa propiedade intelectual.	O alumnado elaborará traballos de investigación e expresará as súas conclusións argumentadas sobre as autoras da literatura romántica e os principais roles dos personaxes femininos do período.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas mediante a análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras.	O alumnado será capaz de interpretar correctamente os textos lidos, vinculándoos ao contexto da obra, á tradición literaria á que pertence e ás características dos xéneros e subxéneros estudados.		
CA4.6 - Desenvolver proxectos de investigación que se concreten nunha exposición oral, un ensaio ou unha presentación multimodal, establecendo vínculos argumentados entre os clásicos da literatura española obxecto de lectura guiada e outros textos e manifestacións artísticas clásicas ou contemporáneas, en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe, recursos expresivos e valores éticos e estéticos, e explicitando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	O alumnado será quen de colaborar axeitadamente na creación dun REA arredor do concepto literario do amor romántico, orixinario do s. XIX, e as súas derivacións actuais noutras expresións artísticas.		
CA4.3 - Elixir e ler de maneira autónoma obras relevantes da literatura contemporánea e deixar constancia do progreso do itinerario lector e cultural persoal mediante a explicación argumentada dos criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e da experiencia de lectura.	O alumnado será quen de elixir e ler de maneira autónoma textos da literatura contemporánea e expresar de forma argumentada os motivos da súa elección e a súa experiencia lectora vinculada a ela.	TI	25
CA4.4 - Compartir a experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e elaborar una interpretación persoal establecendo vínculos argumentados con outras obras e outras experiencias artísticas e culturais.	O alumnado será quen de trasladar a análise de textos da Ilustración e o Romanticismo, expresando axeitadamente as súas claves interpretativas e comparándoas con outras expresións artísticas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Lectura autónoma de obras relevantes de autoras e autores da literatura universal contemporánea, que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias. - Selección das obras coa axuda de recomendacións especializadas. - Participación activa no circuíto literario e lector en contexto presencial e dixital. Utilización autónoma de todo tipo de bibliotecas. Acceso a outras experiencias culturais. - Expresión argumentada dos gustos lectores persoais. Diversificación do corpus lido, atendendo aos circuítos comerciais do libro e distinguindo entre literatura canónica e de consumo, clásicos e bestsellers. - Comunicación da experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica, atendendo a aspectos temáticos, a xénero e subxénero, a elementos da estrutura, así como ao estilo e aos valores éticos e estéticos das obras. - Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade ou outras manifestacións literarias ou artísticas. - Recomendación de lecturas en soportes variados, atendendo a aspectos temáticos, formais e intertextuais. - Lectura guiada de clásicos da literatura española desde a Idade Media ata o Romanticismo, inscritos en itinerarios temáticos ou de xénero. Procesos e estratexias. - Construción compartida da interpretación das obras a través de discusións ou conversacións literarias. - Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción

Contidos
- dos seus recursos expresivos. - Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na tradición literaria. - Vínculos intertextuais entre obras e outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e ruptura. - Expresión argumentada da interpretación dos textos, integrando os diferentes aspectos analizados e atendendo aos seus valores culturais, éticos e estéticos. Lectura con perspectiva de xénero. - Lectura expresiva, dramatización e recitado atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A intervención educativa en Lingua Castelá e Literatura no bacharelato pretende desenvolver o pensamento de carácter abstracto e formal, ademais de afianzar as capacidades e destrezas de índole persoal, social e académica, favorecendo a autonomía do alumnado e, ao mesmo tempo, estimulando as súas destrezas para o traballo en equipo. Este enfoque metodolóxico está baseado fundamentalmente na dimensión investigadora do alumnado e na toma de decisións responsables, asentadas no pensamento crítico e reflexivo, a través da elaboración de actividades que precisen dun proceso de descubrimento e análise autónomos, así como do razoamento e resolución lóxica de problemas.

Polo tanto, o currículo da materia propicia o acceso directo ao coñecemento por parte do alumnado, sen necesidade de que o profesor ou profesora adopte o rol de transmisor ou formador único, outorgando unha maior importancia á indagación, á consulta e selección da información e ao tratamento e transformación desta en coñecemento a través do emprego das TIC, como fontes de acceso ao saber e como ferramentas de presentación de traballos, respectando as convencións da tipoloxía textual utilizada. Esta perspectiva procura capacitar o alumnado para aprender a aprender, realizando as inferencias necesarias, achegándose ao coñecemento dos distintos xéneros e movementos literarios, vinculándoos con outras expresións artísticas e establecendo as asociacións pertinentes entre os diferentes elementos que conforman o sistema lingüístico.

Para que esta metodoloxía acade a efectividade desexada, é imprescindible conferirlle un carácter interdisciplinar, relacionando a materia de Lingua Castelá e Literatura con outras disciplinas do currículo, dotando o alumnado da capacidade lingüística que lle permita amosar, vincular e extrapolar de forma coherente, cohesionada e adecuada os coñecementos adquiridos noutras materias. A colaboración transversal cos departamentos lingüísticos dos centros, co Equipo de Dinamización da Lingua Galega e coa Biblioteca Escolar constituirá un apoio importante para mellorar a asimilación de capacidades e coñecementos sobre a comunicación. Todos eles, de xeito coordinado, deberán contribuír a enriquecer os procesos de produción e recepción oral, escrita e multimodal, así como a alfabetización informacional. As accións concretas favorecen, ademais, a creación e organización de proxectos colaborativos e significativos para o alumnado, baseados en contextos auténticos e recoñecibles, que reforcen o seu compromiso co desenvolvemento sostible, a defensa dos dereitos humanos e a convivencia igualitaria, inclusiva, pacífica e democrática.

Estes principios han de aplicarse arredor de contidos concretos, polo que convén definir o seu campo de actuación en conexión coas actividades máis relevantes da materia de Lingua Castelá e Literatura, relacionadas cos seus bloques de contido. Polo tanto, planificarase o traballo na aula a partir das seguintes concrecións metodolóxicas:

1) Deseño de actividades complexas a partir de textos extraídos do ámbito académico, de forma que o alumnado deba empregar un amplo abano de recursos e saberes para poder afrontar con eficacia as situacións comunicativas propostas, favorecendo o desenvolvemento do pensamento crítico e creativo.

2) Distribución flexible dos espazos, sempre que sexa posible, propiciando o traballo colaborativo a través de distintos tipos de agrupamentos. Así, o gran grupo é axeitado para a posta en común e corrección de tarefas, a identificación dos coñecementos previos do alumnado á hora de iniciar unha nova unidade didáctica, a revisión e síntese final, os debates, a realización de exposicións orais ou multimedia ou o visionado de recursos audiovisuais. Os

pequenos grupos son idóneos para o desenvolvemento de proxectos de investigación. Pola súa parte, o traballo por parellas enriquece as exposicións orais e as actividades de creación literaria. Finalmente, as actividades individuais son aplicables ás probas escritas.

3) Emprego de estratexias para traballar transversalmente a comprensión e a recomendación lectora a través da expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual e o fomento da creatividade:

- Lectura autónoma de obras relevantes da literatura universal para suscitar reflexión e debate sobre a experiencia lectora de cada alumno ou alumna, establecendo vínculos de maneira argumentada entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos, autores e autoras, tópicos e manifestacións artísticas e culturais.

- Lectura de textos adscritos aos distintos xéneros discursivos para captar a información relevante, realizar as inferencias necesarias para a súa correcta e completa comprensión, recoñecer a relación entre a idea principal e as secundarias, identificar a súa estrutura interna e externa e interpretar os fragmentos propostos, tendo en conta as súas características formais e temáticas.

- Lectura dixital (e-book, blogues, foros, wikis e textos procedentes das redes sociais), para o desenvolvemento dunha competencia lectora parcialmente diferente á empregada na comprensión e análise dos textos impresos. No caso dos xéneros dixitais, é necesaria a correcta observación e interpretación do hipertexto para asimilar completamente a multiplicidade de significados do fragmento base.

- Lectura guiada, comprensiva e expresiva de textos pertencentes á literatura clásica, desde a Idade Media ata o Romanticismo, para a identificación de itinerarios temáticos e xenéricos, a análise dos seus elementos constitutivos, os seus efectos no receptor, a localización da información sociohistórica, cultural e artística asociada á tradición literaria á que representa e os seus vínculos intertextuais.

- Configuración de grupos de traballo colaborativos para o desenvolvemento de actividades que vinculen as obras lidas con certos aspectos da literatura, a historia, a sociedade e a actualidade, outros textos e manifestacións artísticas e culturais. A partir da lectura das obras seleccionadas, deseñaranse REA, actividades de gamificación, catálogos ou menús literarios, produtos multimedia nas que se condensen as reflexións e conclusións de lectura e coloquios literarios, entre outros.

- Composición de recomendacións ou recensións das obras de lectura traballadas a través de exposicións orais, booktrailers e outras aplicacións multimedia de carácter compilatorio.

4) Utilización de recursos para mellorar a oralidade a través dunha ampla variedade de situacións comunicativas espontáneas e planificadas e de contextos formais e informais, co fin de abordar desde un punto de vista eminentemente práctico os distintos rexistros, elementos e principios da comunicación.

5) Creación de textos escritos con diversas finalidades (narrar, describir, informar, expoñer, argumentar...), pertencentes aos ámbitos social e académico, seguindo as distintas fases da construción textual: a planificación das ideas a través dun borrador, determinando o propósito comunicativo e o destinatario; a redacción; a revisión e a edición final, incidindo na corrección formal (puntuación, ortografía, estruturas gramaticais, ampliación de vocabulario e presentación).

6) Elaboración de resumos, esquemas, sínteses e mapas conceptuais a partir de textos orais e escritos para fomentar no alumnado a conciencia da propia comprensión textual.

7) Exercitación de comentarios e actividades de comprensión de textos escritos e multimodais literarios e non literarios referidos á forma e ao contido dos fragmentos propostos, vinculándoos temática e/ou estilisticamente con outras expresións ou manifestacións artísticas.

8) Creación de textos con intención literaria e conciencia de estilo a partir de modelos dados ou de discursos non literarios, en distintos soportes, respectando os diferentes moldes xenéricos.

9) Deseño de proxectos de investigación sobre temas curriculares que impliquen a procura e selección da información procedente de diversas fontes e a súa transformación nun produto final a través do que o alumnado transfira as súas propias conclusións e as comunique de xeito orixinal e creativo.

10) Emprego de dicionarios impresos e dixitais, propiciando o seu uso como unha forma de ampliar o caudal léxico do alumnado e resolver as súas dúbidas lingüísticas e morfosintácticas.

11) Manexo dos recursos propios das Tecnoloxías da Información e a Comunicación para a procura de datos, a realización de traballos multimedia, a consulta da prensa dixital e a creación de espazos virtuais con material didáctico integrado.

12) Utilización dos fondos, servizos e recursos da Biblioteca escolar como espazo creativo de aprendizaxe e construción de novos coñecementos a través da consulta de libros, dicionarios, xornais, materiais audiovisuais, potenciando tamén a lectura autónoma para a creación dunha identidade lectora sólida e definida, fundamentada no enriquecemento cultural e a interrelación entre as distintas áreas do saber.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Documentos e recursos elaborados ou facilitados polo profesor ou profesora.
Escolma de textos variados orais, escritos e multimodais en diversos formatos e soportes.
Selección de fragmentos e/ou obras de lectura obrigatorias e voluntarias coas súas correspondentes guías de lectura.
Boletíns con actividades de reforzo, ampliación e recuperación.
Actividades interactivas, animacións, vídeos e espazos dixitais para a construción de novas aprendizaxes.
Recursos e aplicacións informáticas e multimedia.
Materiais de investigación e consulta.
Emprego do debate como ferramenta que estimula o seu interese e a súa capacidade para reflexionar, relacionar, consolidar coñecementos, respectar opinións e extraer conclusións.

A selección dos materiais docentes que integran a programación didáctica da materia de Lingua Castelá e Literatura debe adaptarse ao modelo de intervención educativa proposto. Neste sentido, ha de dar resposta á adecuación ao contexto do centro, á correspondencia cos obxectivos trazados, á coherencia cos contidos e temas transversais estudados e o seu grao de adquisición e dificultade e aos criterios de avaliación definidos para cada curso. Ademais, debe abarcar unha grande variedade de actividades individuais e grupais que poñan en práctica os conceptos e procedementos estudados e aborden axeitadamente a atención á diversidade na aula. Finalmente, todos os recursos utilizados han de presentar unha claridade expositiva que favoreza a inmediata comprensión oral e escrita do alumnado.
Así pois, a proposta metodolóxica para a materia de Lingua Castelá e Literatura supón, ademais dos materiais teóricos necesarios para o desenvolvemento de cada unidade didáctica, o emprego dunha grande variedade de textos orais, escritos e multimodais procedentes de diversas tipoloxías e situacións comunicativas para a súa análise e comentario.
O achegamento do alumnado á realidade na que vive a través da interpretación textual outorga á materia unha dimensión funcional innegable. Por iso, convén traballar con discursos extraídos do ámbito académico, pero tamén dos xéneros xornalísticos e da publicidade, que aproximen os e as estudantes á comprensión de temas de actualidade e lles permitan ser críticos co contexto que os rodea.
A escolma de fragmentos e obras de lectura obrigatorias e voluntarias, como obxecto de observación, reflexión, comentario e crítica, pretende enriquecer a experiencia lectora do alumnado, a través de textos e autoras ou autores relevantes da literatura clásica e contemporánea, procedentes do patrimonio nacional, europeo e universal. Así mesmo, convén insistir no deseño de actividades que favorezan o desenvolvemento do pensamento abstracto e asociativo dos e das estudantes, establecendo as relacións histórico-culturais entre as obras literarias e outras manifestacións artísticas ou filosóficas do mesmo ou distinto período cronolóxico. Planificaranse, polo tanto, tarefas nas que prime a análise intra e intertextual, así como o estudo da evolución dos temas, tópicos, estruturas e códigos

comunicativos ao longo da historia de literatura, en comunión cos cambios na mentalidade e na organización social operados desde a Idade Media ata a actualidade.
O emprego de fichas de traballo, actividades interactivas, animacións, vídeos e aplicacións multimedia permiten o reforzo, consolidación e afondamento das aprendizaxes adquiridas, a escoita activa, a empatía e o debate a través de tarefas competenciais próximas á realidade persoal, social e académica do alumnado. Favorece tamén a investigación sobre temas de actualidade e problemas reais e a activación de estratexias e mecanismos de comprensión lectora a partir de textos literarios e non literarios, posto que implica a procura de información, a interpretación e relación dos datos obtidos e a reflexión sobre o contido e a forma.
O visionado de material cinematográfico e audiovisual sentará as bases do coloquio posterior e servirá para afondar nos contidos abordados en cada unidade, ademais de propiciar o traballo investigador, grupal e por proxectos proposto nalgunha das unidades didácticas da materia.
O emprego das TIC constitúe un recurso ineludible, pois actúa como ferramenta fundamental para a obtención de información, a súa transformación en coñecemento propio e a difusión dos resultados de proxectos e traballos de investigación. Neste sentido, recoméndanse, entre outros, os seguintes materiais de consulta:
Dicionario da Real Academia Española: www.rae.es
Dicionario Panhispánico de Dúbidas: www.rae.es/dpd
Medios de comunicación: https://www.prensaescrita.com/prensadigital.php
Compilación da obra lírica dos poetas más relevantes en lingua castelá: www.los-poetas.com
Espazo para a creación poética propia, a confección de libros virtuais, a compilación lírica e o comentario de textos de outros autores: www.poemas-del-alma.com
Ampla colección de audio e videopoemas: www.palabravirtual.com
Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes: http://cervantesvirtual.com
Testeando. Xogos de preguntas e respostas de opcións distribuídos por niveis educativos: https://www.testeando.es/
Portal de recursos educativos Leer.es: https://leer.es/
Biblioteca dixital con máis de catro mil títulos de Literatura clásica e contemporánea en castelán: http://eleo.mecd.gob.es/opac/?locale=es#indice
Materiales de Lengua y Literatura: http://www.materialesdelengua.org/
Aula de Letras: http://www.auladeletras.net/Aula_de_Letras/Inicio/Inicio.html
Morderse la lengua: https://cvc.cervantes.es/actcult/morderse_lengua/default.htm
Analizador morfosintáctico do Ministerio de Educación: https://intef.es/?enlace=1&prev=2
Páxina web do INTEF (Instituto Nacional de Tecnoloxías Educativas e de Formación do Profesorado): https://intef.es/recursos-educativos/recursos-para-el-aprendizaje-en-linea/
Apuntes de Lengua: http://www.apuntesdelengua.com/
Didactalia: https://didactalia.net/comunidad/materialeducativo
Proyecto Aula: https://lenguayliteratura.org/proyectoaula/
Educación 3.0: https://www.educaciontrespuntocero.com/recursos/blogs-lengua-castellana-literatura-eso-bachillerato/
En un lugar de la red: https://enunlugardelared.wordpress.com/recursos-tic/
educaLAB: http://educalab.es/recursos/historico/asignaturas/lengua-castellana-literatura

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Na primeira semana de curso, elaborarase unha avaliación inicial que inclúa o traballo sobre un texto e preguntas xerais sobre os contidos vistos en cursos anteriores, así como a elaboración dun texto argumentativo sobre un tema de interese para o alumnado. Esta proba non puntuará na primeira avaliación e terá un caracter informativo para o docente.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
Peso UD/ Tipo Ins.	**15**	**15**	**5**	**20**	**10**	**15**	**15**
Proba escrita	60	80	50	70	30	70	70
Táboa de indicadores	40	20	50	30	70	30	30

Unidade didáctica	UD 8	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	**5**	**100**
Proba escrita	75	**65**
Táboa de indicadores	25	**35**

Criterios de cualificación:

A nota de cada avaliación acadarase da seguinte maneira:
a) Probas escritas. Dúas por trimestre, contarán un 80% na nota de cada avaliación.
b) Traballos, segundo táboas de indicadores (rúbricas, escalas de valoración, etc): formulación de dúbidas, traballos escritos, proposta de accións, participación no traballo grupal con adecuación ás normas de cortesía lingüística, elaboración de proxectos e exposicións. Contarán un 10% na nota de cada avaliación.
c) Proba sobre o libro de lectura proposto. Pode ser un exame, un traballo, unha presentación oral, etc. Contará un 10% na nota de cada avaliación.

Cada falta de ortografía (tildes ou grafía) descontará 0,20 na nota da proba.
O redondeo á nota seguinte farase a partir de 0,75.

Avaliación final:

A calificación final será ponderada:
30% 1º avaliación
30% 2º avaliación
40% 3º avaliación
O alumnado superará a materia en dous supostos:
1.- Ten avaliación positiva nas tres avaliacións.
2.- A media entre as tres avaliacións, aplicando o redondeo, é igual ou superior a 5.

Criterios de recuperación:

En caso de rematar unha avaliación con resultados negativos, realizarase unha proba escrita sobre o contido específico desa avaliación. En caso de obter cualificación positiva, será esta a nota que se terá en conta para a avaliación final.

En caso de non ter superada a materia segundo os anteriores supostos antes da avaliación final ordinaria, esta poderá recuperarse mediante a realización dun exame global. A cualificación será positiva en caso de acadar 5 ou máis puntos.

En caso de non superar a materia na convocatoria ordinaria, accederase a unha proba global que se realizará no mes

de xuño, segundo calendario establecido por xefatura de estudos. A cualificación será positiva en caso de acadar 5 ou máis puntos.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Non se aplica en 1º de Bacherelato.

5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias

Este apartado non procede nesta materia.

6. Medidas de atención á diversidade

As aulas reflicten a diversidade da sociedade na que vivimos. O recoñecemento da diversidade do alumnado constitúe un principio fundamental que debe rexer toda acción educativa. Unha das finalidades da educación é asegurar a igualdade de oportunidades de todos os alumnos e alumnas poñendo os medios para evitar o fracaso escolar e o risco de abandono do sistema educativo.

A atención á diversidade enténdese como o conxunto de actuacións educativas dirixidas a dar resposta ás diferentes capacidades, motivacións e intereses, ritmos e estilos de aprendizaxe e situacións persoais do alumnado. Estas medidas oriéntanse a alcanzar os obxectivos e as competencias establecidas para o bacharelato e réxense polos principios de equidade, calidade e igualdade de oportunidades, non discriminación, integración, accesibilidade e cooperación da comunidade educativa.

As medidas de atención á diversidade deben atender ao principio de inclusión educativa. Isto supón recoñecer a lexitimidade das diferenzas de todas as persoas, asumíndoas como un valor que enriquece o contexto educativo. Este principio establece que todos os alumnos e as alumnas, sexa cal sexa a súa condición persoal, poden aprender sempre que a súa contorna educativa ofreza condicións necesarias de acceso e outorgue experiencias de aprendizaxe significativas para todos e todas.

Neste sentido, faise preciso establecer medidas, metodoloxías e compoñentes que permitan ao profesorado abordar con garantías a diversidade das súas aulas. O plan de atención concretarase nos seguintes elementos:

- Combinación de metodoloxías e fíos condutores das unidades didácticas, vinculados ao desenvolvemento emocional do alumnado e á súa integración no grupo. Uso de métodos diferenciados que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado e favorezan a capacidade de aprender por si mesmos.
- Diversidade de agrupamentos e tarefas propostos, articulación de itinerarios diferenciados e combinación de linguaxes e soportes orientados a satisfacer as esixencias de aprendizaxe de cada alumno ou alumna e a permitir o seu desenvolvemento individual.
- Deseño de programas específicos reforzo e ampliación destinados a mellorar as posibilidades de alcanzar os obxectivos da etapa.
- A resolución de problemas e conflitos en colaboración e a toma de decisións baseadas en xuízos morais, co fin de contribuír á adquisición das competencias necesarias para seguir os procesos de pensamento, utilizar o razoamento e analizar criticamente os problemas sociais e históricos.
- A gradación da aprendizaxe. O desenvolvemento das capacidades e dos contidos deberá facerse dun xeito gradual e progresivo, de maneira que se vaian adquirindo habilidades máis complexas que propicien a aprendizaxe individual e autónoma. A gradación entre cursos non se establece principalmente mediante a distribución diferenciada de contidos, senón en función da diferente complexidade dos textos, das habilidades de comprensión ou expresión requiridas, da metalinguaxe necesaria para a reflexión sobre os usos ou do grao de autonomía do alumnado.
- Realización de proxectos significativos para o alumnado. O deseño de tarefas e proxectos de traballo deben basearse en contextos auténticos e recoñecibles para resultar significativos. Alén diso, o traballo colaborativo en

proxectos debe potenciar que cada adolescente teña os seus tempos e os seus espazos de protagonismo e o recoñecemento da súa valía persoal e da súa capacidade de contribuír a desenvolver a actividade, reforzando así a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.
- O traballo cooperativo, coa proposta de tarefas nas que o alumnado debe regular a súa conduta, a súa expresión e a súa capacidade para relacionarse cos demais. A través do diálogo e da interacción entre o alumnado, contribuirase a desenvolver a capacidade de participar activamente nun equipo, a reflexión sobre as propias ideas, o respecto crítico a outros puntos de vista, o recoñecemento dos propios valores e limitacións, a adaptación ás necesidades colectivas, a asunción de responsabilidades e o respecto ás normas acordadas.

Así mesmo, empregaranse as ferramentas elaboradas pola Consellería para a prevención, detección precoz e tratamento da diversidade, como son os protocolos específicos dirixidos a favorecer a inclusión educativa do alumnado.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - A defensa dos dereitos humanos.			X		X			X
ET.2 - A convivencia igualitaria, inclusiva, pacífica e democrática.	X		X		X	X		X
ET.3 - O respecto polas diferenzas.		X	X					
ET.4 - A formación estética.		X				X		X
ET.5 - O compromiso co desenvolvemento sostible.					X			
ET.6 - A educación para a saúde.					X			
ET.7 - O fomento do espírito crítico e científico.	X			X			X	

Observacións:

A acción educativa debe fomentar de maneira transversal valores como a igualdade entre homes e mulleres, a non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, a resolución pacífica de conflitos, a educación para a saúde, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.

As situacións de aprendizaxe desta materia deben adestrar o alumnado no uso de valores que lle permitan facer un uso eficaz e ético das palabras; ser persoas respectuosas coas diferenzas; ser competentes para exercer unha cidadanía dixital activa; ser capaces de aprender por si mesmas e colaborar e traballar en equipo; ser creativas e emprendedoras; e comprometidas co desenvolvemento sostible e a salvagarda do patrimonio artístico e cultural, a defensa dos dereitos humanos e a convivencia igualitaria, inclusiva, pacífica e democrática.

Evitaremos os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o emprendemento social e empresarial, o fomento do espírito crítico e científico, a educación emocional e en valores, a igualdade de xénero e a creatividade traballaranse en todas as materias. A materia de Lingua Castelá e Literatura debe contribuír tamén a incorporar elementos relacionados co desenvolvemento sostible e a protección do medio ambiente e coas situacións de risco derivadas do uso das TIC.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita de autores e autoras.	Esta actividade posibilita que o alumnado coñeza de primeira man os recursos que os autores e as autoras utilizan ao elaborar unha obra literaria. Permite que os estudantes participen en debates e coñezan as motivacións que levan aos escritores e escritoras a crear obras de arte.		X	
Representación de escenas da Celestina	Esta é unha actividade idónea para fomentar o gusto pola lectura de textos que non forman parte do currículo escolar. Tamén é unha actividade a través da que podemos fomentar a expresión oral e o debate en clase. Ademais, permite introducir temas transversais como o respecto pola quenda de palabra, a convivencia, o traballo en grupo e a formación estética.	X	X	X
Gravación de podcast con comentarios de textos literarios do programa.	O alumnado pode gravar comentarios de textos literarios de clase e facer unha posta en común dos trazos máis significativos deses textos co resto de compañeiros e compañeiras de clase. O comentario enriqueceríase coas aportacións de todo o alumnado de clase.			X
Lecturas en novos formatos dixitais. Achegamento a narrativas trasmedia.	Esta proposta desenvolve competencias lectoras diferentes ás do libro impreso. A lectura dos novos xéneros dixitais como o blogue, as wikis e as redes sociais prodúcese de maneira fragmentada, cun protagonismo extraordinario do lector, que non só interpreta o texto senón que é o creador do itinerario de lectura, apoiándose no hipertexto fronte á linealidade da lectura tradicional.	X	X	X

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Obradoiro de escritura creativa.	Este obradoiro permitirá achegarnos á linguaxe desde un enfoque máis vivencial. Implica un traballo coa escritura e coa a lectura, en tanto que son competencias transversais no currículo académico. Supón reforzar a capacidade de comprensión do alumnado, a adquisición dun espírito crítico, o desenvolvemento da creatividade e dun hábito lector.			X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Ao comezo de cada unidade, infórmase o alumnado sobre os obxectivos propostos, as actividades que se realizarán e os instrumentos e criterios de avaliación.
Ao inicio de cada unidade didáctica, realízase unha introdución sobre o tema e actividades de recoñecemento e activación dos coñecementos previos do alumnado ao respecto.
Ao comezo do desenvolvemento de cada unidade, proporciónase ao alumnado un cadro sinóptico ou mapa conceptual do tema para orientalo sobre a evolución do seu proceso de ensino-aprendizaxe.
Os contidos e actividades de cada unidade didáctica parten dos coñecementos previos do alumnado e favorecen a construción progresivamente autónoma de novas aprendizaxes.
As actividades propostas son variadas en canto á súa tipoloxía e sistema de traballo (individual, por parellas, en pequeno grupo, en gran grupo).
A planificación e a distribución do tempo asignado a cada tarefa son axeitadas.
Empregáronse recursos e materiais didácticos variados (impresos, dixitais, audiovisuais, aplicacións informáticas de carácter educativo...).
Aplicáronse estratexias de aprendizaxe como a lectura comprensiva, a procura de información significativa, a planificación do traballo, o desenvolvemento de técnicas de síntese, análise e redacción...
Aplicouse a metodoloxía didáctica establecida na programación.
Leváronse a cabo medidas de reforzo educativo dirixidas ao alumnado con dificultades de aprendizaxe, propoñendo novas actividades que faciliten a adquisición dos obxectivos non acadados.
Deséñanse e aplícanse actividades de ampliación e afondamento para o alumnado que acade de maneira significativa os obxectivos propostos.
Realízanse as actividades complementarias programadas.
Explicáronse e corrixíronse as actividades levadas a cabo nas distintas unidades didácticas.
Empregáronse os materiais e recursos didácticos programados.
Puxéronse en práctica medidas para estimular o hábito lector.
Aplicáronse os procedementos e os criterios de avaliación establecidos na programación didáctica.
Utilizáronse diferentes instrumentos de avaliación (probas, traballos individuais e en grupo, exposicións orais, redaccións, proxectos de investigación...)
Desenvolvéronse procedementos e actividades de recuperación para o alumnado con algunha avaliación suspensa.

Descrición:

A avaliación da práctica docente favorece os procedementos de análise, reflexión e debate arredor da realidade educativa do centro sobre os seguintes aspectos:
- A xestión adecuada do tempo para a planificación do proceso de ensino-aprendizaxe na aula.
- A concreción do currículo, a súa adaptación ao contexto e a organización efectiva dos contidos, actividades e obxectivos propostos.
- A avaliación dos resultados obtidos polo alumnado e a adopción das medidas de mellora adaptadas ás súas necesidades de aprendizaxe.
- A construción dun clima de empatía, confianza e convivencia harmónica na aula.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A programación didáctica da materia de Lingua Castelá e Literatura estará dispoñible para a comunidade educativa do centro e, ademais, a comezos de curso, proporcionarase ao alumnado un extracto da mesma cos seus puntos esenciais: obxectivos, criterios, instrumentos e procedementos de avaliación, materiais didácticos e sistema de recuperación.

A programación didáctica será obxecto de seguimento e avaliación a través da aplicación PROENS e poderá sufrir as modificacións precisas para adaptarse ás necesidades educativas do alumnado, en beneficio da correcta evolución do proceso de ensino-aprendizaxe e da consecución dos obxectivos establecidos. As ditas modificacións, debidamente xustificadas, figurarán tamén nas actas das reunións de departamento e na memoria final da materia.

A avaliación da programación realizarase a través dos seguintes indicadores de logro:

- A programación didáctica elaborouse de maneira coordinada coa colaboración de todo o profesorado do departamento.
- A programación didáctica especifica e completa as decisións adoptadas na concreción curricular fixada no Proxecto Educativo de Centro.
- Os criterios de avaliación establecidos valoran con efectividade a consecución dos obxectivos propostos.
- Os procedementos e instrumentos de avaliación axústanse aos criterios de avaliación indicados.
- As actividades desenvoltas adáptanse á metodoloxía didáctica programada.
- A programación didáctica contempla e manexa con eficacia os recursos e materiais necesarios para favorecer a adquisición dos contidos e obxectivos.
- A programación didáctica organiza axeitadamente os espazos e tempos destinados á realización das actividades previstas.
- A programación didáctica inclúe actividades de reforzo, ampliación e recuperación adecuadas ao perfil, características e necesidades do alumnado.
- A programación didáctica é revisada ao longo do curso e inclúense nela as modificacións pactadas e realizadas.
- A programación didáctica adáptase ao contexto escolar do centro educativo.

Así mesmo, realizarase o seguimento de cada unidade didáctica a través da aplicación PROENS, estipulando e modificando, de ser o caso, a data de inicio e final da explicación de cada unha delas, o número de sesións dedicadas ao seu desenvolvemento, especificando as previstas ao comezo e as realizadas finalmente, así como o grao de cumprimento dos obxectivos indicados.

As propostas de mellora da programación didáctica derivarán da análise da efectividade da mesma e dos resultados académicos obtidos nas distintas avaliacións e examinados nas reunións de departamento celebradas ao longo do curso, cuxo contido quedará reflectido nas actas correspondentes. Ademais, na memoria final, contemplaranse as propostas de mellora, vinculadas especialmente á adaptación da metodoloxía, materiais e recursos empregados para favorecer a consecución dos obxectivos establecidos.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36018677	IES Luís Seoane	Pontevedra	2025/2026

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Lingua estranxeira I: Inglés	1º Bac.	3	105

Tipo de oferta
Réxime xeral-ordinario

Contido **Páxina**

1. Introdución 3

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias 3

3.1. Relación de unidades didácticas 5

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas 7

4.1. Concrecións metodolóxicas 39

4.2. Materiais e recursos didácticos 42

5.1. Procedemento para a avaliación inicial 42

5.2. Criterios de cualificación e recuperación 43

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes 46

5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias 47

6. Medidas de atención á diversidade 47

7.1. Concreción dos elementos transversais 49

7.2. Actividades complementarias 50

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro 50

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora 51

9. Outros apartados 52

1. Introdución

No presente curso académico 2025/2026 contamos con 56 alumnos/as no primeiro curso de bacharelato, repartidos en dous cursos: A e B. Este alumnado, case na súa totalidade, realizou a ensinanza secundaria obligatoria no noso IES.
A presente programación didáctica da materia de Lingua Inglesa en 1º de Bacharelato ten como obxectivos principáis:
-Adquirir a competencia comunicativa apropiada, de modo que o alumnado sexa quen de comprender, expresarse e interactuar en lingua inglesa con eficacia
-Ensinar a lingua estranxeira coa fin de que o alumnado logre comunicarse e desenvolverse con éxito no plano oral e escrito de xeito natural.
-Profundar no desenvolvemento das estratexias de aprendizaxe para que poida enfrontarse con éxito a situacións reais de comunicación.
-Conseguir que entenda o funcionamento do sistema lingüístico e reflexione sobre el, comparándoo coa súa lingua materna para alcanzar un bo nivel de comunicación.
-Profundar no sistema fonético, nas funcións gramaticais e no vocabulario de xeito que poida recoñecelos e empregalos en situacións reais de comunicación.
-Fomentar a expresión das ideas e puntos de vista persoais do alumnado para crear unha comunicación real.
-Desenvolver e dominar de xeito integrado a catro destrezas básicas: listening, speaking, reading e writing.
-Procurar o enriquecemento e expansión da concencia intercultural e plurilingüe do alumnado.
-Ofrecerlle todas as facilidades posíbeis para que amplíe os seus coñecementos sobre os aspectos socioculturais da lingua inglesa e asimile a cultura da que forma parte, evitando así que exprese os seus logros só en termos morfosintácticos e funcionais.
-Espertar no alumnado a responsabilidade de acadar a autonomía na súa aprendizaxe, recoñecendo os métodos de estudo e o tipo de organización que máis o axuden.
-Motivar o alumnado con temas de interese e ofrecerlle unhas metas claros ao longo do curso.
-Fomentar a autoavaliación como ferramenta imprescindíbel para acadar un progreso eficaz na aprendizaxe.

O alumnado, ademais, con esta materia poderá desenvolverse mellor nas contornas dixitais, xa que estas ferramentas aproveitaranse plenamente para reforzar a aprendizaxe, o ensino e a avaliación da lingua e cultura inglesa. Por iso, o desenvolvemento do pensamento crítico, a alfabetización mediática e o uso adecuado, seguro, ético e responsable da tecnoloxía supoñen un elemento moi relevante nesta programación.

Por outra banda, aquí, o profesorado atopará un protocolo específico para abordar con eficacia e seguridade as diferentes circunstancias que poden xurdir ao longo dun curso e, ao mesmo tempo, flexible para permitir o uso da súa creatividade e a improvisación necesaria para adaptarse á grande diversidade das aulas.

Finalmente, a metodoloxía seguida responde ao enfoque comunicativo aconsellado dende o Marco Común Europeo de Referencia, polo que non só os obxectivos e contidos, senón tamén as actividades, as tarefas e as unidades a desenvolver representarán situacións reais e efectivas de comunicación.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Comprender e interpretar as ideas principais e as liñas argumentais básicas de textos expresados na lingua estándar buscando fontes fiables e facendo uso de estratexias de inferencia e comprobación de significados para responder ás necesidades comunicativas expostas.	2-3	1-2	1	1	40			
OBX2 - Producir textos orixinais, de crecente extensión, claros, ben organizados e detallados, usando estratexias tales como a planificación, a síntese, a compensación ou a autorreparación, para expresar ideas e argumentos de forma creativa, adecuada e coherente, de acordo con propósitos comunicativos concretos.	1-2-3-4-5	1-2	1	1-2-3	40		3	32
OBX3 - Interactuar activamente con outras persoas, con suficiente fluidez e precisión e con espontaneidade, usando estratexias de cooperación e empregando recursos analóxicos e dixitais para responder a propósitos comunicativos en intercambios respectuosos coas normas de cortesía.	5	1-2	1	3	31	3	1-3	
OBX4 - Mediar entre distintas linguas ou variedades, ou entre as modalidades e rexistros dunha mesma lingua, usando estratexias e coñecementos eficaces orientados a explicar conceptos e opinións ou a simplificar mensaxes para transmitir información de maneira eficaz, clara e responsable e crear unha atmosfera positiva que facilite a comunicación.	5	1-2-3	1		31	1-3-4		
OBX5 - Ampliar e usar os repertorios lingüísticos persoais entre distintas linguas e variedades, reflexionando de forma crítica sobre o seu funcionamento, facendo explícitos e compartindo as estratexias e os coñecementos propios para mellorar a resposta ás súas necesidades comunicativas.		2	1	3	11			
OBX6 - Valorar criticamente e adecuarse á diversidade lingüística, cultural e artística a partir da lingua estranxeira, reflexionando e compartindo as semellanzas e as diferenzas entre linguas e culturas para actuar de forma empática, respectuosa e eficaz e fomentar a comprensión mutua en situacións interculturais	5	3			31	3		1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Express Yourself	-Aprender vocabulario relacionado coa comunicación e sufixos para a formación de substantivos e adxectivos. -Ler de maneira comprensiva e autónoma un texto sobre a historia das emoticonas. -Aprender as diferenzas entre o Present Perfect Simple e o Past Perfect Simple, e o Present Perfect Continuous e o Present Perfect Simple. -Comprender a información clave dunha entrevista sobre o uso do teléfono móbil e varios monólogos sobre experiencias como alumnos/as de intercambio. -De maneira oral, responder un cuestionario e realizar unha entrevista persoal. -Redactar un correo electrónico informal empregando os adverbios de modo, avaliativos e de cantidade. -Pronunciar correctamente os sons /d¿/ e /j/.	11	14	X		
2	Top Tech	-Aprender vocabulario relacionado coa tecnoloxía e colocacións con keep e save. -Ler de maneira comprensiva e autónoma textos sobre drons. -Utilizar de maneira correcta o Future Perfect Simple e o Future Continuous. -Comprender a información clave dunha presentación sobre unha actividade e unha reportaxe radiofónica sobre unhas zapatillas intelixentes. -De maneira oral, falar sobre as vantaxes e desvantaxes de participar en actividades extraescolares e comparar dúas fotografías. -Redactar un artigo sobre os pros e os contras de algo utilizando conectores de adición e conxuncións adversativas. -Pronunciar correctamente os sons /s/, /z/ e /¿z/.	11	13	X		
3	Making the Grade	-Aprender vocabulario relacionado coa educación e sufixos para formar adxectivos. -Ler de maneira comprensiva e autónoma un artigo sobre a doutora Tererai Trent. -Utilizar de maneira correcta as oracións de relativo especificativas e explicativas. -Comprender a información clave dunha conversa informal sobre os resultados do informe PISA e de monólogos e diálogos sobre o colexio. -De maneira oral, responder amosando acordo ou desacordo e debater sobre distintos modos de aprender.	11	13	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	Making the Grade	-Redactar unha crónica sobre un acontecemento escolar prestando atención á orde das palabras na frase. -Pronunciar correctamente os sons /¿/, /¿/ e /¿¿/.	11	13	X		
4	City Lights	-Aprender vocabulario relacionado coa cidade e prefixos negativos e con significados específicos. -Ler de maneira comprensiva e autónoma un artigo sobre o impacto do urbanismo en Medellín. -Utilizar de maneira correcta os modais e os modais perfectos. -Comprender a información clave dunha presentación sobre cidades e unha entrevista sobre cidades. -De maneira oral, describir cidades e amosar acordo ou desacordo. -Redactar un artigo de opinión utilizando conectores causais e consecutivos. -Pronunciar correctamente en función da sílaba acentuada.	11	13		X	
5	Love Hurts	-Aprender vocabulario relacionado coas relacións e verbos seguidos de preposicións. -Ler de maneira comprensiva e autónoma o relato The Gift of the Magi, de O. Henry. -Utilizar de maneira correcta os condicionais e as oracións temporais. -Comprender a información clave dunha entrevista sobre a amizade e varios monólogos sobre distintos tipos de relacións. -De maneira oral, prestar consello sobre unha relación e especular sobre unha imaxe. -Redactar un relato sobre unha relación utilizando expresións e conectores temporais. -Pronunciar correctamente os sons /¿/ e /i:/.	11	13		X	
6	Money Counts	-Aprender vocabulario e expresións relacionadas coa economía e o diñeiro. -Ler de maneira comprensiva e autónoma diferentes comentarios sobre experiencias arredor da economía colaborativa. -Utilizar de maneira correcta a pasiva. -Comprender a información clave dun podcast e un programa de radio sobre unha nova maneira de mercar. -De maneira oral, falar sobre preferencias e tomar unha decisión sobre un asunto. -Redactar un artigo de información sobre	11	13		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
6	Money Counts	unha empresa utilizando conectores consecutivos. -Pronunciar correctamente as letras w e y.	11	13		X	
- Recursos para a aprendizaxe e estratexias de procura e selección de información e curación de contidos: dicionarios, libros de consulta, bibliotecas, mediatecas, etiquetas na Rede, recursos dixitais e informáticos etc.
- Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados: ferramentas para o tratamento de datos bibliográficos e recursos para evitar o plaxio.
- Ferramentas analóxicas e dixitais para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal e plataformas virtuais de interacción, colaboración e cooperación educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
- Estratexias e técnicas para responder eficazmente e cun alto grao de autonomía, adecuación e corrección a unha necesidade comunicativa concreta superando as limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio.
- Estratexias para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar creativamente unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe, padróns sonoros, etc.) a partir da comparación das linguas e das variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal.

Contidos
- Estratexias e ferramentas, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación. - Expresións e léxico específico para reflexionar e compartir a reflexión sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe). - Comparación sistemática entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e doutras linguas: orixe e parentescos. - A lingua estranxeira como medio de comunicación e entendemento entre pobos, como facilitador do acceso a outras culturas e a outras linguas e como ferramenta de participación social e de enriquecemento persoal. - Interese e iniciativa na realización de intercambios comunicativos a través de diferentes medios con falantes ou estudantes da lingua estranxeira, así como por coñecer informacións culturais dos países onde se fala a lingua estranxeira. - Aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos a convencións sociais, normas de cortesía e rexistros; institucións, costumes e rituais; valores, normas, crenzas e actitudes; estereotipos e tabús; linguaxe non verbal; historia, cultura e comunidades; relacións interpersoais e procesos de globalización en países onde se fala a lingua estranxeira. - Estratexias para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística atendendo a valores ecosociais e democráticos. - Estratexias de detección, rexeitamento e actuación ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

UD	**Título da UD**	**Duración**
8	You Are What You Eat	13

Criterios de avaliación	**Mínimos de consecución**	**IA**	**%**
CA1.1 - Extraer e analizar as ideas principais, a información relevante e as implicacións xerais de textos de certa lonxitude, ben organizados e de certa complexidade, orais, escritos e multimodais, sobre temas de relevancia persoal ou de interese público, tanto concretos coma abstractos, expresados de forma clara e na lingua estándar, mesmo en contornas moderadamente ruidosas a través de diversos soportes.	Extraer as ideas principais e a información relevante de textos ben organizados e de certa complexidade, orais, escritos e multimodais, sobre temas expresados de forma clara e na lingua estándar.	PE	80
CA1.2 - Interpretar e valorar de maneira crítica o contido, a intención e os trazos discursivos de textos de certa lonxitude e complexidade, con especial énfase nos textos académicos e dos medios de comunicación, así como de textos de ficción, sobre temas xerais ou máis específicos de relevancia persoal ou de interese público.	Interpretar o contido e os trazos discursivos de textos de certa lonxitude e complexidade nos texto sobre temas xerais ou máis específicos de relevancia persoal ou de interese público.		
CA1.3 - Seleccionar, organizar e aplicar as estratexias e os coñecementos adecuados para comprender a información global e específica e distinguir a intención e as opinións implícitas e explícitas dos textos sempre que estean claramente sinalizadas, inferir significados, interpretar elementos non verbais e buscar, seleccionar e contrastar información.	Aplicar as estratexias e os coñecementos adecuados para comprender a información global e específica e distinguir as opinións explícitas dos textos sempre que estean claramente sinalizadas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Redactar e difundir textos detallados de certa extensión e complexidade, cunha estrutura clara e adecuados á situación comunicativa, á tipoloxía textual e ás ferramentas analóxicas e dixitais utilizadas, evitando erros que dificulten ou impidan a comprensión, reformulando e organizando de maneira coherente información e ideas de diversas fontes e xustificando as propias opinións sobre asuntos de relevancia persoal ou de interese público coñecidos polo alumnado, facendo un uso ético da linguaxe, respectando a propiedade intelectual e evitando o plaxio	Redactar e difundir textos detallados de certa extensión e complexidade, cunha estrutura clara e adecuados á situación comunicativa, á tipoloxía textual e ás ferramentas utilizadas.		
CA1.6 - Seleccionar, organizar e aplicar coñecementos e estratexias de planificación, produción, revisión e cooperación para compoñer textos de estrutura clara e adecuados ás intencións comunicativas, ás características contextuais, aos aspectos socioculturais e á tipoloxía textual, usando os recursos físicos ou dixitais máis adecuados en función da tarefa e das interlocutoras e os interlocutores reais ou potenciais.	Aplicar coñecementos e estratexias de planificación, produción e revisión para compoñer textos de estrutura clara e adecuados ás intencións comunicativas e á tipoloxía textual.		
CA1.9 - Interpretar e explicar textos, conceptos e comunicacións en situacións nas que atender á diversidade mostrando respecto e aprecio polas interlocutoras e os interlocutores e polas linguas, variedades ou rexistros empregados e participando na solución de problemas frecuentes de intercomprensión e de entendemento a partir de diversos recursos e soportes.	Interpretar e explicar textos e comunicacións en situacións nas que atender á diversidade mostrando respecto e aprecio polas interlocutoras e os interlocutores e polas linguas empregadas.		
CA1.10 - Aplicar estratexias que axuden a crear pontes, que faciliten a comunicación, que sirvan para explicar e simplificar textos, conceptos e mensaxes e que sexan adecuadas ás intencións comunicativas, ás características contextuais, aos aspectos socioculturais e á tipoloxía textual, usando recursos e apoios físicos ou dixitais en función da tarefa e do coñecemento previo das interlocutoras e dos interlocutores.	Aplicar estratexias que axuden a crear pontes, que faciliten a comunicación, que sirvan para explicar e simplificar textos, conceptos e mensaxes e que sexan adecuadas ás intencións comunicativas.		
CA2.1 - Comparar e argumentar as semellanzas e as diferenzas entre distintas linguas reflexionando sobre o seu funcionamento e establecendo relacións entre elas.	- Comparar as semellanzas e as diferenzas entre distintas linguas reflexionando sobre o seu funcionamento e establecendo relacións entre elas.		
CA2.2 - Utilizar con iniciativa e de forma creativa estratexias e coñecementos de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	Utilizar estratexias e coñecementos de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira con apoio doutros participantes.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Rexistrar e reflexionar sobre os progresos e as dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira seleccionando as estratexias máis adecuadas e eficaces para superar esas dificultades e consolidar a aprendizaxe e realizando actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación, como as propostas no Portfolio europeo das linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe facendo eses progresos e dificultades explícitos e compartíndoos.	Rexistrar e reflexionar sobre os progresos e as dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira seleccionando estratexias adecuadas para superar esas dificultades e consolidar a aprendizaxe.		
CA1.4 - Expresar oralmente con suficiente fluidez e corrección textos claros, coherentes, ben organizados, adecuados á situación comunicativa e en diferentes rexistros sobre asuntos de relevancia persoal ou de interese público coñecidos polo alumnado, co fin de describir, narrar, argumentar e informar, en diferentes soportes, utilizando recursos verbais e non verbais, así como estratexias de planificación, control, compensación e cooperación.	Expresar oralmente con suficiente fluidez e corrección textos claros, coherentes, ben organizados e adecuados á situación comunicativa, co fin de describir, narrar, e informar.	TI	20
CA1.7 - Planificar, participar e colaborar asertiva e activamente, a través de diversos soportes, en situacións interactivas sobre temas de relevancia persoal ou de interese público coñecidos polo alumnado, mostrando iniciativa, empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital, así como polas diferentes necesidades, ideas, inquietudes, iniciativas e motivacións das interlocutoras e os interlocutores, e ofrecendo explicacións, argumentos e comentarios	Participar e colaborar en situacións interactivas sobre temas de relevancia persoal ou de interese público coñecidos polo alumnado, mostrando respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital.		
CA1.8 - Seleccionar, organizar e utilizar, de forma flexible e en diferentes contornas, estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, solicitar e formular aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir, colaborar, debater, resolver problemas e xestionar situacións comprometidas.	Utilizar estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, solicitar e formular aclaracións e explicacións, comparar e contrastar, resumir e colaborar.		
CA3.1 - Actuar de forma adecuada, empática e respectuosa en situacións interculturais construíndo vínculos entre as diferentes linguas e culturas, analizando e rexeitando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo e solucionando aqueles factores socioculturais que dificulten a comunicación	Actuar de forma adecuada, empática e respectuosa en situacións interculturais, rexeitando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo.		
CA3.2 - Valorar criticamente, tendo en conta os dereitos humanos, a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira, e adecuarse a ela, favorecendo o desenvolvemento dunha cultura compartida e unha cidadanía comprometida coa sustentabilidade e cos valores democráticos.	Valorar criticamente a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira tendo en conta os dereitos humanos e adecuarse a ela.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Aplicar estratexias para defender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística atendendo a valores ecosociais e democráticos e respectando os principios de xustiza, equidade e igualdade.	Aplicar estratexias para defender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística .		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Estratexias técnicas para a adquisición e afianzamento de autoconfianza, iniciativa e asertividade. Estratexias de autorreparación e autoavaliación como forma de progresar na aprendizaxe autónoma da lingua estranxeira.
- Estratexias para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais.
- Coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións cotiás.
- Funcións comunicativas adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: describir fenómenos e acontecementos; dar instrucións e consellos; narrar acontecementos pasados puntuais e habituais; describir estados e situacións presentes e expresar sucesos futuros e de predicións a curto, medio e longo prazo; expresar emocións; expresar a opinión; expresar argumentacións; reformular, presentar as opinións doutros e resumir.
- Modelos contextuais e xéneros discursivos de uso común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: características e recoñecemento do contexto (participantes e situación), expectativas xeradas polo contexto e organización e estruturación segundo o xénero e a función textual.
- Unidades lingüísticas e significados asociados ás devanditas unidades, tales como expresión da entidade e as súas propiedades, a cantidade e a calidade, o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións temporais, a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación e as relacións lóxicas.
- Léxico común e especializado de interese para o alumnado relativo ao tempo e ao espazo; estados, eventos e acontecemento; actividades, procedementos e procesos; relacións persoais, sociais, académicas e profesionais; educación, traballo e emprendemento; lingua e comunicación intercultural; ciencia e tecnoloxía; historia e cultura e estratexias de enriquecemento léxico (derivación, familias léxicas, polisemia, sinonimia, antonimia...).
- Padróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación e significados e intencións comunicativas xerais asociadas aos devanditos padróns. Alfabeto fonético básico.
- Convencións ortográficas e significados e intencións comunicativas asociadas aos formatos, padróns e elementos gráficos.
- Convencións e estratexias conversacionais, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir e parafrasear, colaborar, negociar significados, detectar a ironía etc.
- Recursos para a aprendizaxe e estratexias de procura e selección de información e curación de contidos: dicionarios, libros de consulta, bibliotecas, mediatecas, etiquetas na Rede, recursos dixitais e informáticos etc.
- Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados: ferramentas para o tratamento de datos bibliográficos e recursos para evitar o plaxio.
- Ferramentas analóxicas e dixitais para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal e plataformas virtuais de interacción, colaboración e cooperación educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
- Estratexias e técnicas para responder eficazmente e cun alto grao de autonomía, adecuación e corrección a unha necesidade comunicativa concreta superando as limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio.
- Estratexias para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar creativamente unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe, padróns sonoros, etc.) a partir da comparación das linguas e das variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal.

Contidos
- Estratexias e ferramentas, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación. - Expresións e léxico específico para reflexionar e compartir a reflexión sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe). - Comparación sistemática entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e doutras linguas: orixe e parentescos. - A lingua estranxeira como medio de comunicación e entendemento entre pobos, como facilitador do acceso a outras culturas e a outras linguas e como ferramenta de participación social e de enriquecemento persoal. - Interese e iniciativa na realización de intercambios comunicativos a través de diferentes medios con falantes ou estudantes da lingua estranxeira, así como por coñecer informacións culturais dos países onde se fala a lingua estranxeira. - Aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos a convencións sociais, normas de cortesía e rexistros; institucións, costumes e rituais; valores, normas, crenzas e actitudes; estereotipos e tabús; linguaxe non verbal; historia, cultura e comunidades; relacións interpersoais e procesos de globalización en países onde se fala a lingua estranxeira. - Estratexias para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística atendendo a valores ecosociais e democráticos. - Estratexias de detección, rexeitamento e actuación ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Seguindo as recomendacións do Marco Común Europeo de Referencia (MCER), anímase aos alumnos/as a organizar e expresar as súas propias ideas, experiencias e opinións a través de tarefas de expresión escrita e oral e a avaliar as súas propias habilidades lingüísticas segundo as van traballando ao longo do libro. por tanto, a nosa metodoloxía debe ser activa, participativa, progresiva e continuada: a isto responde a total transversalidade dos bloques da nosa materia, pois todos están incorporados en todas as unidades de maneira integrada. Un alumno/a será competente na maior parte de capacidades lingüísticas expresadas no nivel B1+, é dicir, un usuario independente que:
-é capaz de entender as ideas principais de textos complexos que traten de temas tanto concretos como abstractos, mesmo se son de carácter técnico, sempre que estean dentro do seu campo de especialización;
-pode relacionarse con falantes nativos cun grao suficiente de fluidez e naturalidade, de xeito que a comunicación se realice sen esforzo por parte dos interlocutores;
-pode producir textos claros e detallados sobre temas diversos, así como defender un punto de vista sobre temas xerais indicando os pros e os contras das distintas opcións.

O noso labor docente terá un enfoque orientado á acción a través de deseños fundamentados na análise de necesidades e construídos arredor de tarefas da vida real. A este respecto, a lingua inglesa debe ter unha presenza activa non só dentro da aula senón tamén no centro educativo en xeral; o profesorado debe fomentar que as situacións cotiás de comunicación oral co alumnado se desenvolvan en inglés.

Dentro das aulas, o traballo colaborativo en grupos reducidos e heteroxéneos, a titoría entre iguais, a aprendizaxe por proxectos e outras dinámicas de ensino cooperativo que promoven a inclusión do alumnado de diferentes niveis favorecerán a integración e a socialización, a función comunicativa e a adquisición das competencias clave e fomentarán o espírito científico, crítico e o emprendemento, conforme se nos solicita na ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade no seu Artigo 45.

No que se refire á comprensión de mensaxes orais e escritas, en Bacharelato os alumnos/as deben ser quen de comprender a información transmitida polo seu interlocutor/a, independentemente do acento que este teña.
No caso das emisións transmitidas por medios de comunicación ou reprodución mecánica, preténdese que comprendan a información global e específica das mensaxes, que interpreten algunhas das ideas principais transmitidas neles e sexan quen de realizar certos tipos de abstracción dentro do campo de interese xeral do alumno/a.
Os temas e situacións de comunicación amplían o coñecemento do mundo e as experiencias persoais do alumnado, ademais de axudalo a tomar conciencia do valor da lingua inglesa como vehículo de comunicación internacional e da súa importancia na sociedade e no mercado laboral actual.
Para establecer o grao de dificultade das situacións de comunicación, tense en conta o tipo de mensaxe e o tema, o interlocutor/a ou interlocutores/as, a canle, grao e tipo de comprensión requirida, o uso de estratexias comunicativas (lingüísticas e non lingüísticas) e a necesidade de axuda.
Os niveis de comprensión van graduados desde as habilidades comunicativas receptivas máis básicas, como son recoñecer ou identificar determinados elementos e información, ata a inferencia, é dicir, a interpretación de opinións e a identificación da funcionalidade dun texto, pasando pola interpretación de significados apoiándose en claves non lingüísticas, no contexto, etc. Búscase o desenvolvemento dunha actitude crítica ante a información transmitida nestas mensaxes.

A secuenciación das habilidades comunicativas receptivas non supón que deamos por feito que o alumnado non as adquiriu na Educación Secundaria Obrigatoria; o que tratamos de conseguir é a automatización do seu uso en Bacharelato grazas ao repaso e a práctica continua que se fai delas ao longo das unidades didácticas.

-Polo que respecta á produción oral, en Bacharelato os interlocutores/as continúan sendo ¿como na ESO¿ profesores/as, compañeiros/as e falantes da lingua inglesa. Os alumnos/as participan en conversacións nas que hai que narrar, describir, informar e transmitir ideas e opinións de maneira clara e ordenada, utilizando estratexias de comunicación e compensación que aprenderon na ESO, e tamén repasan, amplían e profundan nas funcións comunicativas da lingua estudadas en cursos precedentes. Ademais, a secuenciación dos contidos fonéticos ¿interrelacionada co resto de contidos do curso¿, promove a corrección dos erros de pronuncia máis comúns entre os alumnos/as.

-En canto á produción escrita, a complexidade acharase non só na extensión e os conceptos expresados, senón tamén nas habilidades comunicativas utilizadas. Por tanto, en Bacharelato os textos terán un carácter cada vez máis complexo, aínda que sempre dentro da realidade persoal e académica do alumnado. As producións incluirán desde cartas ou correos electrónicos informais ou formais ata textos narrativos, de opinión, argumentativos, informativos e descritivos ou biografías.
Os alumnos/as deberán progresar na utilización das estruturas gramaticais, mostrando así un grao de madurez sintáctica maior que na ESO. Esta madurez comporta o uso correcto dalgunhas oracións subordinadas e marcadores do discurso, a ampliación do léxico receptivo e produtivo, e o desenvolvemento de procesos de autocorrección.

-No referente á lectura comprensiva e autónoma de textos de temática xeral e/ou axeitados aos seus intereses, o alumnado utilizará técnicas de aprendizaxe que desenvolvan a súa autonomía na lectura comprensiva e no uso dos procedementos adquiridos de maneira sistemática. Os tipos de texto máis usuais son artigos de revistas, textos informativos, narrativos e culturais, extractos de libros, poemas e historias breves. As estratexias de lectura centradas en desenvolver a súa autonomía, tales como a utilización de dicionarios (seleccionar o adecuado, detectar e buscar as palabras esenciais para a comprensión, identificar a acepción apropiada, etc.), o uso de gramáticas e libros de referencia, e o uso de recursos lingüísticos tales como a formación de palabras, as categorías gramaticais, a identificación de false friends, sinónimos, etc., requiren unha práctica sistemática para acadar a automatización no desenvolvemento da lectura comprensiva. Os textos, aos poucos, serán máis especializados, con temas de interese e actividades de dificultade adecuada ao seu nivel, co obxectivo de promover nos alumnos/as o aprecio da lectura como fonte de información, gozo, lecer e acceso a outras culturas e formas de vida, e fomentar unha actitude receptiva e respectuosa á vez que crítica ante a información que transmiten os devanditos textos.

A reflexión sobre o funcionamento do sistema lingüístico non só é importante como elemento facilitador da aprendizaxe, senón tamén como elemento imprescindible para a autocorrección. Desta forma, foméntase a competencia comunicativa a través de textos orais e escritos, e a reflexión sobre a competencia lingüística mesma, mediante unha serie de estratexias de aprendizaxe autónoma para que os alumnos/as poidan automatizalas coa

práctica. Así, o uso destas estratexias en todas as seccións que compoñen as unidades fomenta a reflexión de forma organizada e gradual na súa aprendizaxe da lingua inglesa.

A actitude do alumno/a perante a aprendizaxe da lingua estranxeira é esencial para que recoñeza e aprecie o valor comunicativo da devandita lingua e a súa propia capacidade de aprender. A reflexión sobre a lingua e a súa aprendizaxe inclúen a consideración da finalidade que para cada estudante ten a devandita aprendizaxe, base fundamental para que recoñezan a súa capacidade persoal de aprender e progresar, e para que adopten as destrezas de estudo necesarias que poderán utilizar ao longo da súa vida.
Para o desenvolvemento do proceso de autoavaliación, baseado nos principios do Portfolio Europeo das Linguas para Secundaria, ofrécese aos alumnos/as a posibilidade de volver sobre cada un dos apartados de cada unidade e, de maneira reflexiva, reflectir o seu grao de consecución en cada un deles. Poden tamén tomar decisións sobre o que deben facer para mellorar naquelas destrezas onde a aprendizaxe estea a ser máis deficitaria.
Por suposto, o alumnado debe ser consciente da importancia que ten o inglés nas relacións internacionais, unha realidade que eles verán patente no panorama social e laboral actual e a cuxa comprensión contribuímos desde a nosa área.

A utilización sistemática de estratexias de autonomía é a finalidade a longo prazo que se busca na aprendizaxe de calquera materia educativa. Con todo, cada materia require o seu proceso e uns procedementos propios, que irán desde os máis básicos aos máis complexos.
As estratexias son elementos cruciais para a aprendizaxe e é necesario utilizalas constantemente ata chegar á súa total automatización sen necesidade de reflexión. Por iso, en Bacharelato primeiro identificamos as necesidades da aprendizaxe e logo, en consonancia con elas, seleccionamos as actividades, os materiais e os modos de traballo apropiados para alcanzar o obxectivo específico que nos marcamos.
As estratexias de aprendizaxe tamén van encamiñadas a mellorar o desenvolvemento dos procesos mentais necesarios para realizar as actividades. Estas son as que desenvolvemos en cada destreza comunicativa:
>Reading (comprensión escrita): predición do contido do texto a partir do título, subtítulo e ilustracións; lectura da primeira oración de cada parágrafo para atopar a idea central; identificación da finalidade do texto (informar, entreter, etc.); procura de información específica (scanning); identificación das palabras chave nun texto; inferencia de significados non explícitos (ler entre liñas); dedución do significado das palabras polo contexto.
>Listening (comprensión oral): comprensión de enunciados; anticipación de contidos; atención selectiva; identificación de información específica; inferencia de significados; toma de notas; seguimento de instrucións; identificación do tema principal; secuenciación de información; recoñecemento da pronuncia; distinción de diferentes matices de significado segundo o ritmo e a entoación; escoita comprensiva de mensaxes emitidas por falantes con distintos acentos, etc.
>Speaking (produción oral): estratexias de elaboración que facilitan a interacción na aula tales como organizar as ideas antes de falar e basear a exposición oral nun guión que dea mostras de claridade e estrutura lóxica; estratexias de compensación, clarificación e comprobación; estratexias para a práctica como a repetición, a imitación, a aplicación de regras, etc.; estratexias de autocorrección como a identificación de problemas e a súa solución, buscando sempre mellorar a pronuncia, o ritmo e a entoación nas producións orais.
>Writing (expresión escrita): á marxe das estratexias comentadas no apartado anterior, inclúense tamén as de transferencia, elaboración e autocorrección; o desenvolvemento da imaxinación e a creatividade, e a procura da información en diversas fontes. Os alumnos/as deberán atender tanto ao proceso de escritura como ao produto, tendo en conta as características propias do tipo de texto, utilizando o rexistro idóneo, os marcadores do discurso e os signos de puntuación adecuados, ordenando frases e parágrafos en textos coherentes mediante o uso de adxectivos, adverbios, expresións temporais, conxuncións e conectores, e respectando, ao tempo, a estrutura destes.

Finalmente o uso das tecnoloxías como recurso motivador e favorecedor de espazos comunicativos tales como programas internacionais e/ou plataformas de intercambio e cooperación; o fomento da comprensión oral mediante a utilización de recursos audiovisuais variados, adecuados, motivadores e, na medida do posible, auténticos e o uso da lectura en inglés a través de diversos soportes coa necesaria gradación atendendo á diversidade das aulas, fornecerán a autoconfianza no alumnado e o avance no coñecemento e na adquisición da lingua.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto Make the Grade1 - Student's Book
Libro de exercicios Make the Grade1 - Workbook
Versións dixitáis dos libros anteriores
Interactive Students Make the Grade 1
Materiáis impresos e dixitáis de Make the Grade 1 All-in-One Pack
Materiais de consulta de elaboración propia
Actividades interactivas para a práctica e uso da lingua
Recursos audiovisuais auténticos
Publicacións dixitais sobre temas de actualidade
Emprego de actividades atendendo á diversidade e ás distintas necesidades detectadas.
Plataformas virtuais de aprendizaxe
Libro de lectura "Tales of the Unexpected" de Roald Dahl

Os materiais e recursos utilizados serán variados, en formato analóxico e dixital. O seu deseño será inclusivo para adaptarse á diversidade do alumnado, e terán un enfoque comunicativo e comprensivo. Poderán ser de creación propia, elaborados a través de ferramentas dixitais como as dispoñibles nas plataformas virtuais de apredizaxe corporativas ou de outras ferramentas. Asemade, poderán obterse en webs especializadas no ensino do inglés, sempre que sexan de dominio público ou teñan licenza creative commons.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial desenvolverase mediante a realización dunha serie de procedementos que permitirán determinar as fortalezas e carencias que poida ter o alumnado ao principio de curso. Estes serán os empregados neste curso:

1. Realización dunha proba escrita destinada a analizar os coñecementos previos do alumno sobre gramática e vocabulario

2. Realización dunha proba escrita de comprensión lectora

3. Realización dunha proba de expresión escrita

4. Realización dunha proba de comprensión oral

5. Preguntas informáis en clase aos alumnos

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
Peso UD/ Tipo Ins.	**11**	**11**	**11**	**11**	**11**	**11**	**17**
Proba escrita	80	80	80	80	80	80	80
Táboa de indicadores	20	20	20	20	20	20	20

Unidade didáctica	UD 8	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	**17**	**100**
Proba escrita	80	**80**
Táboa de indicadores	20	**20**

Criterios de cualificación:

A avaliación nesta materia é continuada e progresiva.

O primeiro trimestre terá un peso do 20% da cualificación final.
O segundo trimestre terá un peso do 30% da cualificación final.
O terceiro trimestre terá un peso do 50% da cualificación final.
O peso dos porcentaxes só aplicará no caso de ter aprobadas todas as avaliacións. Ao tratarse de avaliación continua a 3ª avaliación determinará o aprobado ou suspenso do alumno con independencia dos resultados obtidos nas avaliacións anteriores.

A cualificación final obterase calculando a media ponderada dos tres trimestres indicada con anterioridade. A avaliación será positiva cunha cualificación igual ou superior a 5.
Nota mínima en cada destreza: en cada unha das avaliacións so se calculará a media se todas as destrezas correspondentes aos intrumentos de avaliación acadan ou superan o 30% da súa nota máxima. Enténdese por destreza un conxunto de habilidades lingüísticas esixibles ao alumnado e avaliadas por medio duns intrumentos de avaliación comúns.

A cualificación trimestral conformarase coa seguinte ponderación:

1. COMPRENSIÓN ORAL E ESCRITA (CA1.1 + CA 1.2 + CA 1.3): 45%
Instrumentos de avaliación: Rúbricas/guía de corrección en base a cuestionarios de opción múltiple, preguntas de verdadeiro/falso, preguntas de completar e preguntas de resposta curta.
Destrezas asociadas:
READING COMPREHENSION: 15%
ORAL COMPREHENSION: 10%
USE OF ENGLISH: 20%

2. PRODUCIÓN ORAL E ESCRITA (CA1.4 + CA1.5 + CA 1.6): 35%
Instrumentos de avaliación: Rúbricas/guía de corrección en base a presentacións oral, elaboración de textos escritos, cuestionarios de opción múltiple, preguntas de verdadeiro/falso, preguntas de completar e preguntas de resposta curta.
Destrezas asociadas:
ORAL PRODUCTION: 10%
WRITTEN PRODUCTION: 10%
USE OF ENGLISH: 15%

3. INTERACCIÓN (CA1.7 + CA1.8): 5%
Instrumentos de avaliación: Rúbricas/guía de corrección en base a elaboración de textos escritos.
Avaliarase a interacción escrita.

4. MEDIACIÓN (CA1.9 + CA1.10): 5%
Instrumentos de avaliación: guía de corrección .
A mediación será avaliada de xeito escrito mediante actividades de transformación "rephrasing" que formarán parte dunha proba escrita.

5. PLURILINGÜISMO E REFLEXIÓN SOBRE A APRENDIZAXE (CA2.1 + CA2.2 + CA2.3): 5%
Instrumentos de avaliación: Rúbricas/guía de corrección en base a un diario individual de aprendizaxe trimestral.
LEARNING SELF-AWARENESS

6 INTERCULTURALIDADE (CA3.1 + CA3.2 + CA3.3): 5%
Instrumentos de avaliación: Rúbrica/ guía de corrección en base a tarefas escritas ou orais sobre diversos aspectos literarios e culturais. Incluímos aquí aquelas tarefas derivadas do libro de lectura "Tales of the Unexpected" de Roald Dalh
LANGUAGE AWARENESS AND LEARNING INITIATIVE

Por outra banda, a participación activa e con aproveitamento no clube de lectura durante os tres trimestres, mencionado no apartado de actividades complementarias (7.2), será cualificado cunha mellora da nota da terceira avaliación de ata un máximo de 0.5 puntos, empregando unha rúbrica como instrumento de avaliación. Este incremento na cualificación final nunca suporá a diferencia entre un aprobado e un suspenso, de forma que o alumno/a deberá ter máis dun 5 na terceira avaliación para poder aplicar esta mellora da nota.

Garantía de xustiza e transparencia nas probas de avaliación:
Co obxectivo de evitar o fraude e garantir a igualdade de condicións, a xustiza nas cualificacións e a equidade entre o alumnado, así como de premiar o verdadeiro esforzo e a demostración real das competencias adquiridas, establécese o seguinte protocolo:
1) Medidas preventivas: Ao comezo das probas de avaliación o alumnado deberá gardar na súa mochila ou bolso todos os dispositivos electrónicos (teléfonos móbiles, reloxos intelixentes ou calquera outro sistema similar).
2) Ante a utilización de métodos fraudulentos en probas escritas.
No caso de sospeitar que un alumno ou alumna cometeu fraude durante a realización dunha proba, e de acordo coa presunción de veracidade dos feitos constatados polo profesorado, recollida na RESOLUCIÓN do 5 de xuño de 2025, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa (DOG do 13 de xuño de 2025, Capítulo I, Terceiro, apartado 3), o profesorado tomará medidas de forma inmediata.
En calquera das avaliacións toda proba escrita poderá anularse se existe constancia, mesmo a posteriori, de que o alumno copiou, de que se permitiu que outros copiasen ou se hai indicios claros de ter utilizado medios fraudulentos durante a realización do exame (chuletas, intercambio de exames, uso do teléfono móbil, reprodutores de mp3, smartwatch, miniauriculares ou calquera outro medio dixital). No caso de que existan sospeitas do uso de métodos fraudulentos nas probas escritas o docente poderá someter os exercicios do alumnado á análise de detectores de IA (QuillBot, ZeroGPT, etc).
-No caso de que o alumno sexa pillado in fraganti, retiraráselle o exame e o profesor ou profesora repetirallo de xeito oral inmediatamente.
-Se os indicios de uso de métodos fraudulentos son percibidos durante a realización das probas, o profesor/a poderá formularlle ao alumno/a preguntas de xeito oral de maneira inmediata á entrega da proba, coa finalidade de probar a súa autoría.
-No caso de non ter sido sorprendido ao alumno ou alumna in fraganti durante a realización da proba, e ante a existencia de indicios claros de fraude (incongruencias na redacción, exhaustividade minuciosa en datos teóricos moi concretos fronte a partes prácticas en branco ou con erros graves, respostas perfectas a cuestións non plantexadas,

mesma elección de opcións en varias probas, respostas literais palabra por palabra iguais a documentos en PDF ou webs doadamente localizables en internet -wikipedia, dicionarios, blogs...) quedará a criterio do departamento (reunido en sesión extraordinaria) a decisión de manter ou anular a proba.
No caso da anulación da proba, o profesor/a pode realizala novamente de xeito oral ou escrito. O profesorado das distintas materias poderá, en calquera caso, solicitar por parte do alumnado as aclaracións que considere oportunas para decidir a repetición ou non da proba. A repetición da proba ou de partes da proba realizarase coa presencia doutro docente do departamento didáctico que sexa alleo á materia e/ou estudante. A cualificación da segunda proba oral ou escrita será a definitiva.
Esta situación comunicarase aos titores legais do alumno/a no caso de ser este menor de idade.
No caso de que se puidera demostrar o uso irregular de dispositivos móbiles e/ou o fraude nas probas de avaliación, aplicarase inmediatamente o procedemento corrector dacordo coas NOF do centro (Título II, Capítulo II, Artigo 20., apartado u), sobre o uso de dispositivos móbiles.; e Título III, Capítulo V, Artigo 51, apartado m sobre a falsificación de calquera documento oficial).

Utilización de métodos fraudulentos noutros instrumentos de avaliación.
No caso da presentación de traballos individuais ou grupais nos que se detecte que non foron feitos pola alumna ou alumno senón por outra persoa, serán cualificados cun 0, ao igual que cando nun traballo se detecta que é un mero copia-pega dalgunha páxina de Internet, ou de calquera outro programa informático, aplicación ou intelixencia artificial.

Avaliación e cualificación do alumnado que participe en mobilidades ERASMUS/UNESCO:
Todo o alumnado que faga unha mobilidade de curta ou longa duración terá garantida toda a colaboración e flexibilidade do profesorado para facilitar a súa reincorporación. O profesorado presentará por escrito como xestionará a volta á clase do alumnado, explicando as medidas que vai empregar.
Este Acordo de aprendizaxe incluirá:
-Os contidos que se van esixir (unha vez suprimidos todos aqueles que non sexan esenciais).
-Os materiais necesarios para traballar durante a mobilidade.
-A maneira de avaliar e o momento, sendo imprescindible a coordinación do profesorado para evitar a sobrecarga.
-A prórroga de probas escritas ata que o profesorado sexa quen de transmitir aqueles coñecementos esenciais obxecto da proba e que o/a alumno/a non puido xestionar sen axuda.
-A avaliación mediante outros procedementos como traballos (non só probas obxectivas escritas) que se poidan realizar durante a mobilidade, ou o que considere o/a docente.

Criterios de recuperación:

Dado o carácter continuado e progresivo da materia, non existirán recuperacións de cualificacións negativas dos dous primeiros trimestres. Unha cualificación negativa tanto no primeiro trimestre coma no segundo trimestre poderá ser recuperada cunha nota igual ou superior a 5 no terceiro trimestre, sen necesidade de repetir probas.

Logo das tres avaliacións trimestrais, o alumnado que non obteña unha cualificación positiva terá a oportunidade de recuperar a materia realizando unha proba final de comprensión oral e escrita e produción escrita ou tarefas específicas a criterio do departamento, tendo en conta a diversidade do alumnado. So será preciso recuperar as destrezas non superadas na última avaliación, conservando o alumnado cada nota acadada aprobada en cada destreza particular.

A cualificación final obterase calculando a media ponderada dos tres trimestres indicada con anterioridade. A avaliación será positiva cunha cualificación igual ou superior a 5.

1. COMPRENSIÓN ORAL E ESCRITA (CA1.1 + CA 1.2 + CA 1.3): 45%
Instrumentos de avaliación: Rúbricas/guía de corrección en base a cuestionarios de opción múltiple, preguntas de verdadeiro/falso, preguntas de completar e preguntas de resposta curta.
Destrezas asociadas:
READING COMPREHENSION: 15%
ORAL COMPREHENSION: 10%
USE OF ENGLISH: 20%

2. PRODUCIÓN ORAL E ESCRITA (CA1.4 + CA1.5 + CA 1.6): 35%
Instrumentos de avaliación: Rúbricas/guía de corrección en base a presentacións oral, elaboración de textos

escritos, cuestionarios de opción múltiple, preguntas de verdadeiro/falso, preguntas de completar e preguntas de resposta curta.
Destrezas asociadas:
ORAL PRODUCTION: 10%
WRITTEN PRODUCTION: 10%
USE OF ENGLISH: 15%

3. INTERACCIÓN (CA1.7 + CA1.8): 5%
Instrumentos de avaliación: Rúbricas/guía de corrección en base a elaboración de textos escritos.
Avaliarase a interacción escrita.

4. MEDIACIÓN (CA1.9 + CA1.10): 5%
Instrumentos de avaliación: guía de corrección .
A mediación será avaliada de xeito escrito mediante actividades de transformación "rephrasing" que formarán parte dunha proba escrita.

5. PLURILINGÜISMO E REFLEXIÓN SOBRE A APRENDIZAXE (CA2.1 + CA2.2 + CA2.3): 5%
Instrumentos de avaliación: Rúbricas/guía de corrección en base a un diario individual de aprendizaxe trimestral.
LEARNING SELF-AWARENESS

6 INTERCULTURALIDADE (CA3.1 + CA3.2 + CA3.3): 5%
Instrumentos de avaliación: Rúbrica/ guía de corrección en base a tarefas escritas ou orais sobre diversos aspectos literarios e culturais. Incluímos aquí aquelas tarefas derivadas do libro de lectura "Tales of the Unexpected" de Roald Dalh
LANGUAGE AWARENESS AND LEARNING INITIATIVE

No tocante á "Garantía de xustiza e transparencia nas probas de avaliación" remítese á información proporcionada no apartado anterior "criterios de cualificación".

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O alumnado que promocione ao segundo curso de bacharelato coa materia pendente de lingua inglesa de 1º de BACH deberá seguir un protocolo de recuperación durante todo o curso, baseado na realización de boletíns nos que se traballen as distintas competencias. A persoa docente do curso actual titorizará e fará o seguimento de dito protocolo de recuperación. Estes boletíns terán un peso do 10% da nota, mentres que o conxunto das probas escritas terán un peso do 90% da nota.
Outra vía para a recuperación destas materias é obter unha cualificación positiva na segunda avaliación do curso actual. Do mesmo xeito, o alumnado poderá superar a materia pendente superando a do curso actual.
O alumnado que non acade unha cualificación positiva na segunda, non na avaliación final do curso actual, terá a posibilidade de superar a materia pendente nas probas específicas de recuperación cuxas datas son marcadas pola dirección do centro nos meses de febreiro e maio.

INTERCULTURALIDADE (CA 3.1 + CA 3.2 + CA 3.3): 10%
Instrumentos de avaliación: Boletíns que conteñen actividades tipo cuestionarios de opción múltiple, preguntas de verdadeiro/falso, preguntas de completar, preguntas de relacionar. textos de comprensión oral e escrita sobre aspectos culturáis dos países de fala inglesa.

O alumnado deberá realizar duas probas, unha na convocatoria de xaneiro e outra en maio das que serán avaliados de:

COMPRENSIÓN ORAL E ESCRITA (CA 1.1 + CA 1.2): 30%
-Listening comprehension: 15%
-Written comprehensión: 15%
Instrumentos de avaliación: Cuestionarios de opción múltiple, preguntas de verdadeiro/falso, preguntas de completar e preguntas de relacionar.

PRODUCIÓN ESCRITA (CA 1.4 + CA 1.5): 10%
INTERACCIÓN (CA 1.6 + CA 1.7): 5%

-Writing: 15%
Instrumentos de avaliación: Rúbricas/guía de corrección.

MEDIACIÓN (CA 1.8 + CA 1.9): 5%
-Translation: 5%
Instrumentos de avaliación: Rúbricas/guía de correción

PLURILINGÜÍSMO (CA 2.1 + CA 2.2 + CA 2.3): 40%
-Use of English: 40%
Instrumentos de avaliación: Rúbricas/guía de corrección en base a cuestionarios de opción múltiple, preguntas de verdadeiro/falso, preguntas de completar, preguntas de resposta curta e preguntas de relacionar.

5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias

Este apartado non procede nesta materia.

6. Medidas de atención á diversidade

As medidas ordinarias de atención á diversidade responden ás instrucións da orde do 8 de setembro de 2021 que regula a atención á diversidade do alumnado.

Como punto de partida tomamos en conta catro ámbitos de diversidade:

>A capacidade para aprender
Cada alumno/a ten o seu propio ritmo de aprendizaxe. Partimos da base de que todos son quen de acadar un nivel mínimo sempre que sigan un ritmo sostido de traballo, que pode ser diferente para cada un. Consideramos este aspecto ao incluír un repaso continuo de estruturas e vocabulario. Ofrécense tarefas con diferentes niveis de dificultade para poder integrar aos distintos tipos de alumnos/as, mostrando amplas oportunidades de reforzo para os alumnos/as con capacidades menos desenvolvidas e, á vez, materia de ampliación para os de nivel máis avanzado. Con este conxunto de materiais, o profesorado pode elixir e adecuar as tarefas ao nivel concreto de cada alumno/a.

>A motivación para aprender
A motivación do alumno/a para aprender é moi diversa, sobre todo cando se trata dun idioma, debido a que depende moito do historial de éxito ou de fracaso que tivese ata ese momento. En moitas ocasións, a motivación está directamente condicionada polo ambiente e o contexto no que os alumnos se desenvolven.
Tomamos en conta tanto este factor como as diferenzas no ambiente sociocultural do que proceden os alumnos/as, pois todo iso inflúe notabelmente non só no nivel das súas motivacións individuais, senón tamén na forma máis lóxica e funcional de presentarlles os contidos. Seleccionáronse temas que fan posible a implicación emocional dos alumnos/as dado o noso convencemento de que, cando se apela ao que directamente lles afecta e interesa, a resposta ao estimulo está asegurada.

>Os estilos de aprendizaxe
Ao longo dos últimos anos leváronse a cabo toda clase de estudos sobre os diversos estilos de aprendizaxe á hora de estudar un idioma. Como é ben sabido, o alumno/a pode ser reflexivo ou impulsivo cando se enfronta ás súas tarefas escolares. Uns poden reaccionar moi rapidamente e, mesmo así, necesitar varios intentos para asimilar unha idea, mentres que outros poden traballar máis concienciudamente e aprender máis amodo obtendo o mesmo resultado. Este factor tívose en conta sistematicamente. Por exemplo, á hora de ensinar as estruturas inclúense táboas e exercicios para aprender e repasar a gramática paso a paso, do mesmo xeito que unha ampla repetición e práctica en distintas situacións para os alumnos/as que non usen tanto o estilo analítico cando aprenden.
Pensando nos diferentes estilos e niveis de desenvolvemento das capacidades de aprendizaxe, deseñáronse varios tipos de actividades que dan cabida aos distintos estilos de aprendizaxe, enmarcadas nunha secuenciación de estratexias para que desenvolvan a súa autonomía en cada destreza comunicativa. Por iso desde a primeira unidade promovemos a reflexión dos alumnos/as sobre a súa propia aprendizaxe, para que non só sexan conscientes do seu progreso, senón que tamén aprendan de maneira máis efectiva, o cal implica maior motivación e responsabilidade por parte do alumnado.

>Os intereses dos alumnos/as
É un feito que os intereses dos alumnos/as diversifícanse moito máis en Bacharelato. O seu interese por aprender un idioma varía moito dependendo da súa motivación e/ou a necesidade de facelo. Por iso incluímos unha gran variedade de temas, tentando que sexan de interese para a maioría.
Ademais, levouse a cabo unha coidadosa selección de funcións co fin de que as poidan poñer en práctica nun futuro próximo, tales como as necesarias para responder un test de cultura xeral, manter conversacións informais, escribir correos electrónicos, entender aos mozos/as da súa idade doutros países, etc.

En coordinación co profesorado titor e o departamento de Orientación, deseñarase unha avaliación inicial que facilite a detección das necesidades do alumnado. As medidas de atención á diversidade serán as seguintes:

1. Adaptación dos graos de consecución dos criterios de avaliación.
2. Gradación da dificultade das actividades de aprendizaxe.
3. Actividades diversas e variadas adaptadas aos distintos ritmos de aprendizaxe.
4. Materiais e recursos diversificados e inclusivos (DUA) que se adapten ás necesidades individualizadas do alumnado.
5. Actividades de reforzo e consolidación.
6. Aprendizaxe por Proxectos.
7. Traballo colaborativo.
8. Procedementos e Instrumentos de avaliación variados e individualizados.
9. Flexibilidade nos tempos de realización de tarefas e probas.
10. Retroalimentación ao alumnado sobre o seu proceso de aprendizaxe.

No presente curso académico o departamento de orientación informa da existencia de dous alumnos con necesidades especiáis, un alumno con TDA-TEA e outro con TDA.

PROTOCOLO DE SEGUIMENTO DO ALUMNADO QUE PERMANECE UN ANO MÁIS NO MESMO CURSO:

Plan específico personalizado para o alumnado de Bacharelato que permaneza un ano máis no mesmo curso

En cumprimento do artigo 52 da Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado, o equipo docente coordinado polo profesorado titor elaborará un plan específico personalizado que ten como finalidade adaptar as condicións curriculares ás necesidades da alumna ou do alumno, para tratar de superar as dificultades detectadas.

O plan específico personalizado debe incluír, cando menos:

a) Identificación da alumna ou do alumno.

b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.

c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.

d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.

e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.

f) De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.

g) Acreditación da información á familia.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico personalizado e, de ser necesario, realizaránselle

os axustes que procedan. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación, informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión de lectura	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Respeto mutuo e cooperación entre iguáis	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - A competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - A comunicación audiovisual	X	X						X
ET.6 - O emprendemento social e empresarial			X	X	X	X		
ET.7 - O fomento do espírito crítico e científico		X	X			X		X
ET.8 - A educación emocional e en valores			X	X	X		X	
ET.9 - A igualdade de xénero			X		X	X	X	
ET.10 - A creatividade	X			X				X
ET.11 - Educación de calidade	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.12 - Cidades e comunidades sustentabéis	X			X				
ET.13 - Saúde e benestar	X	X					X	X
ET.14 - Industria, innovación e infraestruturas		X						X
ET.15 - Fin da pobreza					X			
ET.16 - Produción e consumo responsábeis						X		
ET.17 - Vida de ecosistemas terrestres							X	X
ET.18 - Fame cero								X

Observacións:

As unidades de aprendizaxe caracterízanse por desenvolver proxectos contextualizados na vida real, polo que se tratan todos os elementos transversais recollidos no currículo ao longo de todo o curso.

A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a competencia dixital e o respecto mutuo e a cooperación entre iguais son elementos transversais presentes en todas as nosas unidades, pois as dúas primeiras son aspectos esenciais na aprendizaxe das linguas, e as dúas últimas son inherentes ao traballo colaborativo para crear un produto que precisa do concurso das TIC.

Todos os contidos transversáis restantes indicados máis arriba son elementos tratados en determinadas unidades do curso.

Inclúense tamén os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentábel expostos na Axenda 2030.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Club de lectura	Club de lectura en lingua inglesa organizado polo auxiliar de conversa asignado durante o curso. Terá lugar durante os recreos.	X	X	X
Participación en programas europeos	Algúns alumnos de 1º de BACH participarán nos programas europeos ERASMUS + do que forma parte o centro escolar	X	X	X
Club Erasmus+	Este curso escolar temos prevista a creación dun Club Erasmus ao que se poderán unir todos aqueles alumnos/as que así o desexen co obxectivo de fomentar o coñecemento sobre Europa e os valores do programa Erasmus+	X	X	X
Visitas guiadas pola cidade	Os alumnos percorrerán as rúas de Pontevedra nun recorrido guiado en lingua inglesa		X	
Concurso de disfraces de personaxes literarios	O alumnado virá disfrazado dun personaxe literario para conmemorar o día do libro			X

Observacións:
A participación activa e con aproveitamento no clube de lectura implicará unha mellora da nota final da terceira avaliación, tal e como está descrita no apartado 5.2 desta programación.
A temporalización das visitas guiadas pola cidade está todavía por concretar.
Todo o alumnado interesado tanto da ESO coma de Bacharelato participará nun concurso de disfraces de personaxes literarios organizado polo departamento de inglés o día 23 de abril para conmemorar o Dia Internacional do Libro.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Asegúrome que a secuenciación da programación e realista e coherente

Metodoloxía empregada
Presento actividades para detectar os coñecementos previos de cada unidade.
Reviso e corrixo de forma habitual as actividades propostas na aula e fóra dela.
Proporciono información aos alumnos/as sobre o seu desempeño nas actividades e proxectos propostos, ofrecéndolle pautas para mellorar.
Presento actividades individuais e grupais encamiñadas á adquisición dos obxectivos.
Emprego distintas estratexias metodolóxicas para responder aos distintos ritmos de aprendizaxe.
Fomento e animación á lectura e estratexias de comprensión escrita.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Emprego dispositivos audiovisuais, dixitais ou de outro tipo que poidan axudar ao desenvolvemento das explicacións e actividades propostas.
Incorporo as TIC ao proceso de ensino-aprendizaxe.
Medidas de atención á diversidade
Emprego actividades atendendo á diversidade e ás distintas necesidades detectadas
Propoño actividades de reforzo e ampliación para os alumnos/as que o necesiten.
Emprego distintos procedementos e instrumentos de avaliación en función das características dos grupos e dos alumnos/as.
Clima de traballo na aula
Tomo medidas para asegurar que a clase sea un espazo seguro libre de conflictos
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Informo ao alumnado e ás familias dos progresos e dificultades.

Descrición:

O profesor da materia, ao final de cada trimestre, responderá a un cuestionario con estes indicadores coa fin de avaliar a práctica docente do proceso de aprendizaxe.

O grao de consecución será:

Sempre
Ás veces
Nunca

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A avaliación da programación do departamento é necesaria para a mellora do proceso de ensino-aprendizaxe. Esta avaliación debe ser continua e levarase a cabo ao longo de todo o curso nas reunións de departamento, o que permitirá facer os axustes necesarios para conseguir a mellora dos resultados obtidos.

Nas reunións mensuáis os membros do departamento analizarán e valorarán o proceso de ensino-aprendizaxe: o ritmo ao que se desenvolve a programación, as posibles causas que dificultan o seu normal desenvolvemento, a consecución ou non dos obxectivos marcados, etc. Además, nestas reunións farase un seguimento detallado da

marcha do curso e o cumprimento da programación.

Na reunión do departamento posterior ás sesión de avaliacións analizaranse os resultados obtidos polo alumnado, indagando nas causas que puideron existir cando estes resultados non sexan satisfactorios e reflexionando sobre como melloralos.

O seguimento da programación farase tamén a través da aplicación PROENS ao remate de cada unidade didáctica, referenciando cada elemento relevante nas mesmas (temporalización, secuenciación, grao de cumprimento e propostas de mellora).

Nas reunións de final de curso previas á memoria final do departamento analizarase a idoneidade ou non da metodoloxía utilizada, da secuenciación prevista, dos materiais didácticos utilizados, da adecuación dos criterios de avaliación, da contribución á adquisición das competencias clave, etc.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36018677	IES Luís Seoane	Pontevedra	2025/2026

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Lingua galega e literatura I	1º Bac.	3	105

Tipo de oferta
Réxime xeral-ordinario

Contido **Páxina**

1. Introdución 3

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias 3

3.1. Relación de unidades didácticas 6

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas 7

4.1. Concrecións metodolóxicas 27

4.2. Materiais e recursos didácticos 29

5.1. Procedemento para a avaliación inicial 31

5.2. Criterios de cualificación e recuperación 31

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes 33

5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias 34

6. Medidas de atención á diversidade 34

7.1. Concreción dos elementos transversais 36

7.2. Actividades complementarias 37

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro 38

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora 39

9. Outros apartados 41

1. Introdución

Esta programación está deseñada para os dous grupos de 1º de Bacharelato do IES Luís Seoane, compostos por 28 alumnos e alumnas.
A materia de Lingua Galega en primeiro de bacharelato continúa o trazado establecido na etapa anterior; aínda que presenta uns fins determinados de acordo aos obxectivos desta etapa. Por unha banda, preténdese mellorar a eficacia comunicativa do alumnado na produción, recepción e interacción oral, escrita e multimodal e pola outra, favorecer un uso ético da linguaxe. Se partimos da realidade desgaleguizada do centro, consideramos necesario potenciar o uso da lingua oral do idioma en todos os rexistros e tamén cunha intención normalizadora e dinamizadoras.
Tendo en conta que a aprendizaxe da lingua progresa en espiral, os contidos que se abordan en primeiro de bacharelato non son significativamente diferentes aos de cursos anteriores, senón que a diferenza radica no grao de profundidade coa que son tratados; pero coa singularidade de que no bacharelato, o desenvolvemento das competencias do alumnado requirirá unha maior atención a textos académicos e dos medios de comunicación.
Os criterios de avaliación e os contidos distribúense en catro bloques: En primeiro lugar, «As linguas e os seus falantes» recolle diferentes aspectos sociolingüísticos, facendo fincapé na diversidade lingüística. É de vital importancia que neste momento o alumnado repare na realidade lingüística de Galicia, así como no lugar que ocupa o noso idioma no contexto peninsular co propósito de que desenvolva unha actitude de respecto e aprecio pola lingua, carente de prexuízos de índole idiomática. O segundo bloque, «Comunicación» abarca os saberes implicados na comunicación oral e escrita e a alfabetización informacional e mediática. O terceiro bloque, «Educación literaria» procura consolidar o hábito lector do alumnado, incrementar a súa capacidade para interpretar textos literarios e realizar un achegamento ao contexto histórico-cultural comprendido entre a Idade Media e a literatura, «Antre dous séculos». E o cuarto bloque, «Reflexión sobre a lingua», pretende acometer a aprendizaxe sistemática da gramática a través de procesos de indagación.
Alén dos contidos lingüísticos, sociolingüísticos e literarios que inclúe a programación da materia de Lingua Galega e Literatura deste curso, cómpre tamén salientar a incorporación de nocións básicas das linguas da Península Ibérica, particularmente, da portuguesa.
Este fomento do ensino/aprendizaxe do portugués está en consonancia coa Lei 1/2014, do 24 de marzo, para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía, e coas directrices da Unión Europea relativas ao coñecemento das variedades lingüísticas próximas e, de modo especial, ás transfronteirizas que presentan vínculos históricos e estruturais tan evidentes como acontece co galego e o portugués. A coñecida tamén como Lei Valentín Paz Andrade incide nesta idea ao establecer que «a lingua propia de Galicia, polo feito de ser intercomprensible co portugués, outórgalle unha valiosa vantaxe competitiva á cidadanía galega» e prosegue, «por iso debemos dotarnos de métodos formativos e comunicativos que nos permitan desenvolvernos con naturalidade nunha lingua que nos é moi próxima e nos concede unha grande proxección internacional».
A proposta didáctica que se presenta para primeiro de bacharelato está articulada arredor de dez unidades didácticas. Abórdanse en case todas elas os catro bloques de contidos e están articuladas segundo a ORDE do 8 de maio de 2025 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2025/26 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.
Finalmente, hai que indicar que as lecturas obrigatorias propostas para cada trimestre corresponden a diferentes temáticas e autores.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Explicar e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do coñecemento da realidade plurilingüe e pluricultural da Península Ibérica (e, máis concretamente, do portugués, catalán e éuscaro) e a riqueza dos bloques e áreas dialectais do galego, así como da reflexión sobre os fenómenos do contacto entre linguas, para favorecer a reflexión interlingüística, para combater os estereotipos e prexuízos lingüísticos e para valorar esta diversidade como fonte de patrimonio cultural.	1-5	2-3				1-2		1
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais, con especial atención aos textos académicos e dos medios de comunicación, recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, para formarse opinión e para ampliar as posibilidades de gozo e lecer.	2	2	1	2-3	40	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais, con atención preferente aos de carácter académico, con rigor, fluidez, coherencia, cohesión e o rexistro adecuado, atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos, e participar en interaccións orais con actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais, como para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais.	1-3-5	2	1	2-3		2		
OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, integrando a información explícita e realizando as inferencias necesarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma e avaliando a súa calidade e fiabilidade, para dar resposta a necesidades e intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento.	2-3-5	2	4	1	40	3		
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos, con especial atención aos xéneros discursivos do ámbito académico, para construír coñecemento e dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	50	2		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e integrala e transformala en coñecemento para comunicala, cun punto de vista crítico e persoal á vez que respectuoso coa propiedade intelectual, especialmente no marco da realización de traballos de investigación sobre temas do currículo ou vinculados ás obras literarias lidas.	3			1-2-3-4	40	2	3	
OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras relevantes da literatura contemporánea como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que se enriqueza progresivamente en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras, e compartir experiencias lectoras para construír a propia identidade lectora e gozar da dimensión social da lectura.	1-4			3	11			2-31-32
OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras relevantes do patrimonio galego, lusófono e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permiten establecer vínculos entre textos diversos, para conformar un mapa cultural, para alargar as posibilidades de gozo da literatura e para crear textos de intención literaria.	1-4					1		1-2-31-32-42
OBX9 - Consolidar e afondar no coñecemento explícito e sistemático sobre a estrutura da lingua e os seus usos, e reflexionar de maneira autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía adecuada, para desenvolver a conciencia lingüística, para aumentar o repertorio comunicativo e para mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita como de comprensión e interpretación crítica.	1-2	2	1-2		50			
OBX10 - Pór as prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, a resolución dialogada dos conflitos e a igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e desterrando os abusos de poder a través da palabra, para favorecer un uso non só eficaz senón tamén ético e democrático da linguaxe.	1-5	3		3	31	1-2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	UNIDADE 1	A comunicación e a linguaxe. Funcións da linguaxe. A lingua como sistema. Formación do galego. Palabras patrimoniais, cultas e semicultas. O substantivo. O adxectivo cualificativo. O texto descritivo.	10	13	X		
2	UNIDADE 2	Análise da situación sociolingüística de Galicia na Idade Media. Cuestións xerais da literatura galego - portuguesa medieval. A lírica profana: cantigas amorosas (a cantiga de amigo e a cantiga de amor).	10	13	X		
3	UNIDADE 3	As cantigas de escarnio e maldicir e os xéneros menores. A lírica relixiosa e a prosa medieval. O pronome persoal. O texto dialogado.	10	13	X		
4	UNIDADE 4	As linguas do mundo. A diversidade lingüística do estado español. Bilingüismo e diglosia. Linguas maioritarias, minoritarias e minorizadas. Os determinantes. O texto expositivo.	10	11		X	
5	UNIDADE 5	O idioma galego nos Séculos escuros e a Ilustración. A literatura galega nos SSEE, na Ilustración e no Prerrexurdimento. O verbo. O texto narrativo.	10	10		X	
6	UNIDADE 6	A lingua galega no tempo do Rexurdimento. Rosalía de Castro.	10	10		X	
7	UNIDADE 7	Eduardo Pondal. As formas non persoais do verbo. As perífrases verbais. O texto argumentativo.	10	11			X
8	UNIDADE 8	Manuel Curros Enríquez e a súa escola poética. Adverbios, preposicións e conxuncións. Comentario crítico de textos. A lusofonía.	10	10			X
9	UNIDADE 9	Estudo da narrativa e teatro galegos do Rexurdimento. Repaso de ortografía. As relacións semánticas.	10	9			X
10	MADE IN GALIZA	Listaxe de obras de lectura. A arte de trobar de Santiago Lopo. O lapis do carpinteiro de Manuel Rivas. Morgana en Esmelle. Begoña Caamaño. Esta listaxe poderase ver modificada/ampliada ao longo do curso.	10	5	X	X	X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	UNIDADE 1	13

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e valorar as linguas da Península Ibérica e as variedades dialectais do ámbito lingüístico galego-portugués, con especial atención ás do propio territorio, a partir da explicación do seu desenvolvemento histórico e da situación actual, contrastando de maneira explícita e coa metalinguaxe apropiada aspectos lingüísticos e discursivos das distintas linguas (especialmente da éuscara e catalá), así como das variantes dialectais do tronco lingüístico galego-portugués, en manifestacións orais, escritas e multimodais	Coñece o desenvolvemento histórico do galego e os elementos para a súa formación.	PE	70
CA2.1 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais complexos propios de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos.	Identifica os elementos que participan no proceso de comunicación: emisor, receptor, canle, código, mensaxe, referente e situación		
CA3.8 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e emendar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Coñece as características dos textos descritivos		
CA4.1 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e emendar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Recoñece as palabras patrimoniais, cultas e semicultas		
CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais complexos, avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Valora a eficacia dos procedementos comunicativos empregados	TI	30
CA2.3 - Realizar exposicións e argumentacións orais formais con diferente grao de planificación sobre temas de interese científico e cultural e de relevancia académica e social, axustándose ás convencións propias de cada xénero discursivo con fluidez, rigor, coherencia, cohesión e o rexistro adecuado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	Realiza exposicións e argumentacións orais con fluidez, coherencia, cohesión e utilizando un rexistro adecuado.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística.	Participa de maneira activa e adecuada en interaccións orais e no traballo en equipo		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Desenvolvemento sociohistórico e situación actual das linguas da Península Ibérica.
- Estratexias de reflexión interlingüística e sociolingüística.
- Contexto vinculado ás estratexias de comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.
- Compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado; distancia social entre os interlocutores; propósitos comunicativos e interpretación de intencións; canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación.
- Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación.
- Procesos de comprensión, produción e análise crítica de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais.
- Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Valoración da forma e contido do texto.
- Alfabetización informacional: busca autónoma e selección da información con criterios de fiabilidade, calida-de e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios e trans-formación en coñecemento; comunicación e difusión da información reelaborada de maneira creativa e res-pectuosa coa propiedade intelectual. Noticias falsas e verificación de feitos. O ciberanzol.
- Lectura guiada de clásicos da literatura galega desde a Idade Media ata a época das Irmandades, inscritos en itinerarios temáticos ou de xénero. Procesos e estratexias
- Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos.
- Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na tradición literaria.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Diferenzas relevantes e intersección ns entre lingua oral e lingua escrita, atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.
- A lingua como sistema interconectado con diferentes niveis: fonolóxico, morfolóxico, sintáctico e semántico.
- Relación entre a estrutura semántica (significados verbais e argumentos) e sintáctica (suxeito, predicado e complementos) da oración simple e composta en función do propósito comunicativo.
- Procedementos de adquisición e formación de palabras e reflexión sobre as mudanzas no seu significado. As relacións semánticas entre palabras. Valores denotativos e connotativos en función da súa adecuación ao contexto e ao propósito comunicativo.
- Uso autónomo de dicionarios, manuais de gramática e outras fontes de consulta, en soporte analóxico e dixital, para obter información gramatical de carácter xeral.

UD	Título da UD	Duración
2	UNIDADE 2	13

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais complexos, avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Distingue e aplica con corrección as propiedades textuais (coherencia e cohesión) nos textos orais e multimodais.	PE	70
CA2.5 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais especializados, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Comprende os textos do galego medio		
CA2.6 - Valorar criticamente a forma e o contido de textos complexos avaliando a súa calidade, a fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Recoñece a temática, as características e a estrutura de diferentes tipos de textos		
CA3.1 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais especializados, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Identifica o sentido global , a estrutura, a información relevante e a intención do emisor nas diferentes cantigas amorosas		
CA3.3 - Elixir e ler de maneira autónoma obras relevantes da literatura clásica e contemporánea e deixar constancia do progreso do itinerario lector e cultural persoal mediante a explicación argumentada dos criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e da experiencia de lectura.	Le correctamente e interpreta as obras da lírica profana.		
CA3.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas mediante a análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras.	Recoñece os trazos distintivos da lírica profana e concretamente, das características da cantiga de amigo e de amor, así como o seu contexto sociohistórico.		
CA3.6 - Desenvolver proxectos de investigación que se concreten nunha exposición oral, un ensaio ou unha presentación multimodal, establecendo vínculos argumentados entre os clásicos da literatura galega -e tamén da lusófona- obxecto de lectura guiada e outros textos e manifestacións artísticas clásicas ou contemporáneas, en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe, recursos expresivos e valores éticos e estéticos, e explicitando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	Realiza unha exposición sobre as cantigas medievais seleccionándoas na base de datos das cantigas medievais da Universidade de Lisboa		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	Explica a situación sociolingüística de Galicia na Idade Media		
CA1.2 - Cuestionar e refutar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal, a partir da exploración e reflexión arredor dos fenómenos do contacto entre linguas, con especial atención ao papel das redes sociais e dos medios de comunicación, e da investigación sobre os dereitos lingüísticos e diversos modelos de convivencia entre linguas.	Mostra unha actitude de respecto cara a lírica medieval	TI	30
CA2.3 - Realizar exposicións e argumentacións orais formais con diferente grao de planificación sobre temas de interese científico e cultural e de relevancia académica e social, axustándose ás convencións propias de cada xénero discursivo con fluidez, rigor, coherencia, cohesión e o rexistro adecuado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	Realiza exposicións e argumentacións orais con fluidez, coherencia, cohesión e utilizando un rexistro adecuado		
CA2.4 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística.	Participa de maneira activa e adecuada en interaccións orais e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa		
CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos complexos avaliando a súa calidade, a fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Realiza unha exposición sobre as cantigas medievais de xeito fluído e con corrección lingüística.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Estratexias de reflexión interlingüística e sociolingüística.
- Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Procesos de comprensión, produción e análise crítica de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais.
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Lectura autónoma de obras relevantes contemporáneas de autoras e autores, da literatura galega -e tamén do ámbito lusófono- que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias.
- Comunicación da experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e atendendo a aspectos temáticos, xénero e subxénero, elementos da estrutura e o estilo e valores éticos e estéticos das obras.
- Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade e outras manifestacións literarias ou artísticas.
- Recomendación das lecturas en soportes variados, atendendo a aspectos temáticos, formais e intertextuais. Utilización das redes sociais e dos formatos audiovisuais para o fomento da lectura.

Contidos
- Lectura guiada de clásicos da literatura galega desde a Idade Media ata a época das Irmandades, inscritos en itinerarios temáticos ou de xénero. Procesos e estratexias - Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos. - Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na tradición literaria. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.

UD	Título da UD	Duración
3	UNIDADE 3	13

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais especializados, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Recoñece os trazos distintivos das cantigas de escarnio e os xéneros menores así como as súas características.	PE	70
CA2.9 - Elaborar traballos de investigación de maneira autónoma, en diferentes soportes, sobre temas curriculares de interese cultural que impliquen localizar, seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes; calibrar a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura; organizala e integrala en esquemas propios; e reelaborala e comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista crítico e respectuoso coa propiedade intelectual.	Investigar sobre a lenda de Ero de Armenteira trala lectura da Cantiga de Santa María que versa sobre el e facer unha pequena biografía del.		
CA3.3 - Elixir e ler de maneira autónoma obras relevantes da literatura clásica e contemporánea e deixar constancia do progreso do itinerario lector e cultural persoal mediante a explicación argumentada dos criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e da experiencia de lectura.	Le correctamente e interpreta as obras da lírica relixiosa e a prosa medieval.		
CA3.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas mediante a análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras.	Analiza as características dunha Cantiga de Santa María e a prosa medieval.		
CA4.2 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	Identifica e emprega correctamente os pronomes persoais		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e a procura de consensos tanto no ámbito persoal como no educativo e social.	Utiliza estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e a procura de consensos.	TI	30
CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais complexos, avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Distingue e aplica con corrección as propiedades textuais (coherencia e cohesión) nos textos orais e multimodais.		
CA2.3 - Realizar exposicións e argumentacións orais formais con diferente grao de planificación sobre temas de interese científico e cultural e de relevancia académica e social, axustándose ás convencións propias de cada xénero discursivo con fluidez, rigor, coherencia, cohesión e o rexistro adecuado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	Realiza exposicións orais con fluidez, rigor, coherencia, cohesión e cun rexistro adecuado.		
CA2.4 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística.	Participa de maneira activa e adecuada en interaccións orais e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa.		
CA3.4 - Compartir a experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e elaborar unha interpretación persoal establecendo vínculos argumentados con outras obras e outras experiencias artísticas e culturais.	Busca temas da prosa medieval nos autores e autoras do século XX ata a actualidade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Estratexias de reflexión interlingüística e sociolingüística.
- Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación.
- Procesos de comprensión, produción e análise crítica de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais.
- Interacción oral e escrita de carácter formal. Tomar e deixar a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística.
- Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Valoración da forma e contido do texto.
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Lectura autónoma de obras relevantes contemporáneas de autoras e autores, da literatura galega -e tamén do ámbito lusófono- que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias.
- Participación activa no circuíto literario e lector en contexto presencial e dixital. Utilización autónoma de todo tipo de bibliotecas. Acceso a outras experiencias culturais.
- Comunicación da experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e atendendo a aspectos temáticos, xénero e subxénero, elementos da estrutura e o estilo e valores éticos e estéticos das obras.

Contidos
- Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade e outras manifestacións literarias ou artísticas. - Lectura guiada de clásicos da literatura galega desde a Idade Media ata a época das Irmandades, inscritos en itinerarios temáticos ou de xénero. Procesos e estratexias - Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos. - Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na tradición literaria. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Distinción entre a forma (categorías gramaticais) e a función das palabras (funcións sintácticas da oración simple e composta). - Uso autónomo de dicionarios, manuais de gramática e outras fontes de consulta, en soporte analóxico e dixital, para obter información gramatical de carácter xeral.

UD	Título da UD	Duración
4	UNIDADE 4	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e valorar as linguas da Península Ibérica e as variedades dialectais do ámbito lingüístico galego-portugués, con especial atención ás do propio territorio, a partir da explicación do seu desenvolvemento histórico e da situación actual, contrastando de maneira explícita e coa metalinguaxe apropiada aspectos lingüísticos e discursivos das distintas linguas (especialmente da éuscara e catalá), así como das variantes dialectais do tronco lingüístico galego-portugués, en manifestacións orais, escritas e multimodais	Recoñece as principais linguas do Península Ibérica e do mundo. Elabora un esquema coas principais características das linguas do mundo e da Península.	PE	70
CA1.2 - Cuestionar e refutar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal, a partir da exploración e reflexión arredor dos fenómenos do contacto entre linguas, con especial atención ao papel das redes sociais e dos medios de comunicación, e da investigación sobre os dereitos lingüísticos e diversos modelos de convivencia entre linguas.	Identifica prexuízos e estereotipos relacionados coa lingua. Dá argumentos para contrarrestalos.		
CA1.3 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas.	Diferencia entre linguas maioritarias, minoritarias e minorizadas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais complexos propios de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos.	Identifica o sentido global, a estrutura e a información relevante e secundaria dun texto expositivo		
CA3.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas mediante a análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras.	Coñece as características dun texto expositivo		
CA3.8 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e emendar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Coñece osmodelos de convivencia entre linguas de contacto, a planificación lingüística e o proceso de normalización		
CA4.2 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	Identifica e emprega correctamente os diferentes tipos de adxectivos determinativos		
CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais complexos, avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Distingue e aplica con corrección as propiedades textuais nos textos orais e multimodais.	TI	30
CA2.3 - Realizar exposicións e argumentacións orais formais con diferente grao de planificación sobre temas de interese científico e cultural e de relevancia académica e social, axustándose ás convencións propias de cada xénero discursivo con fluidez, rigor, coherencia, cohesión e o rexistro adecuado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	Realiza exposicións orais con fluidez, coherencia, cohesión e nun rexistro adecuado.		
CA2.4 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística.	Participa de maneira activa e adecuada en interaccións orais e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Semellanzas e diferenzas lingüísticas e discursivas máis salientables entre as linguas da Península Ibérica (con especial atención a éuscaro e ao catalá), contrastándoas en manifestacións orais, escritas e multimodais. - Estratexias de reflexión interlingüística e sociolingüística. - Estratexias de detección de prexuízos e estereotipos lingüísticos coa finalidade de os combater.

Contidos
- Os fenómenos do contacto entre linguas: bilingüismo, préstamos, interferencias. Diglosia lingüística e diglosia dialectal. O papel actual das redes sociais e dos medios de comunicación. - Dereitos lingüísticos, a súa expresión en leis e declaracións institucionais. Modelos de convivencia entre linguas, as súas causas e consecuencias. Linguas hexemónicas. Linguas minoritarias e linguas minorizadas. Ecoloxía e sustentabilidade lingüística. - Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación. - Procesos de comprensión, produción e análise crítica de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais. - Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. A deliberación oral argumentada. - Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Valoración da forma e contido do texto. - Alfabetización informacional: busca autónoma e selección da información con criterios de fiabilidade, calida-de e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios e trans-formación en coñecemento; comunicación e difusión da información reelaborada de maneira creativa e res-pectuosa coa propiedade intelectual. Noticias falsas e verificación de feitos. O ciberanzol. - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Formas lingüísticas para a expresión da subxectividade e da obxectividade e das súas formas de expresión nos textos. - Conectores, marcadores discursivos e outros procedementos léxico-semánticos e gramaticais que contribúen á cohesión do texto. - Lectura guiada de clásicos da literatura galega desde a Idade Media ata a época das Irmandades, inscritos en itinerarios temáticos ou de xénero. Procesos e estratexias - Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos. - Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na tradición literaria. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Distinción entre a forma (categorías gramaticais) e a función das palabras (funcións sintácticas da oración simple e composta). - Uso autónomo de dicionarios, manuais de gramática e outras fontes de consulta, en soporte analóxico e dixital, para obter información gramatical de carácter xeral.

UD	Título da UD	Duración
5	UNIDADE 5	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais complexos propios de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos.	Coñece as características do texto narrativo	PE	70
CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais complexos, avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Recoñece as características da lingua durante os SSEE, así como o contexto sociohistórico dese período.		
CA3.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas mediante a análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras.	Coñece as características básicas da literatura dos Séculos escuros e do Prerrexurdimento		
CA4.2 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	Emprega correctamente os tempos verbais.		
CA1.2 - Cuestionar e refutar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal, a partir da exploración e reflexión arredor dos fenómenos do contacto entre linguas, con especial atención ao papel das redes sociais e dos medios de comunicación, e da investigación sobre os dereitos lingüísticos e diversos modelos de convivencia entre linguas.	Explica os prexuízos lingüísticos dos Séculos Escuros	TI	30
CA2.3 - Realizar exposicións e argumentacións orais formais con diferente grao de planificación sobre temas de interese científico e cultural e de relevancia académica e social, axustándose ás convencións propias de cada xénero discursivo con fluidez, rigor, coherencia, cohesión e o rexistro adecuado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	Realiza exposición orais con fluidez, coherencia, cohesión e nun rexistro adecuado.		
CA2.4 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística.	Participa de maneira activa e adecuada en interaccións orais e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa.		
CA3.8 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e emendar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisa e corrixe o emprego das formas verbais		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Estratexias de reflexión interlingüística e sociolingüística. - Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación. - Procesos de comprensión, produción e análise crítica de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais. - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación. - Relacións entre as formas verbais como procedementos de cohesión do texto, con especial atención á valoración e ao uso dos tempos verbais. - Lectura autónoma de obras relevantes contemporáneas de autoras e autores, da literatura galega -e tamén do ámbito lusófono- que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias. - Lectura guiada de clásicos da literatura galega desde a Idade Media ata a época das Irmandades, inscritos en itinerarios temáticos ou de xénero. Procesos e estratexias - Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos. - Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na tradición literaria. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Distinción entre a forma (categorías gramaticais) e a función das palabras (funcións sintácticas da oración simple e composta).

UD	Título da UD	Duración
6	UNIDADE 6	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais complexos propios de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos.	Coñece as características do texto poético e aplícaas.	PE	70
CA3.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas mediante a análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras.	Interpreta poemas de Rosalía de Castro; atendendo tamén ao contexto sociohistórico da época. Recoñece as principais características da súa poesía.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.8 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e emendar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisa e corrixe as súas producións textuais		
CA4.2 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	Identifica a lingua empregada por Rosalía co contexto lingüístico da época.		
CA1.4 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e a procura de consensos tanto no ámbito persoal como no educativo e social.	Argumenta e contraargumenta de maneira razoada e procurando de maneira dialogada a resolución de conflitos	TI	30
CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais complexos, avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Valora a forma e o contido de textos orais e multimodais,		
CA2.3 - Realizar exposicións e argumentacións orais formais con diferente grao de planificación sobre temas de interese científico e cultural e de relevancia académica e social, axustándose ás convencións propias de cada xénero discursivo con fluidez, rigor, coherencia, cohesión e o rexistro adecuado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	Realizar exposicións formais sobre temas de interese científico e cultural e de relevancia académica e social, con fluidez, rigor, coherencia, cohesión e o rexistro adecuado e utilizando de maneira eficaz recursos.		
CA2.4 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística.	Participa de maneira activa e adecuada en interaccións orais e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa.		
CA2.7 - Elaborar textos académicos coherentes, cohesionados e co rexistro adecuado sobre temas curriculares ou de interese social e cultural, precedidos dun proceso de planificación que atenda á situación comunicativa, destinatario, propósito e canle de redacción e revisión de borradores, de maneira individual ou entre iguais, ou mediante outros instrumentos de consulta.	Elabora un comentario de Rosalía de Castro. É capaz de elaborar este tipo de texto académico, aplicando os mecanismos de coherencia, cohesión e adecuación.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Estratexias de reflexión interlingüística e sociolingüística. - Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Xéneros discursivos propios do ámbito educativo. Os textos académicos. - Procesos de comprensión, produción e análise crítica de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais.

Contidos
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Lectura autónoma de obras relevantes contemporáneas de autoras e autores, da literatura galega -e tamén do ámbito lusófono- que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias. - Selección das obras coa axuda de recomendacións especializadas. - Participación activa no circuíto literario e lector en contexto presencial e dixital. Utilización autónoma de todo tipo de bibliotecas. Acceso a outras experiencias culturais. - Lectura guiada de clásicos da literatura galega desde a Idade Media ata a época das Irmandades, inscritos en itinerarios temáticos ou de xénero. Procesos e estratexias - Construción compartida da interpretación das obras a través de discusións ou conversacións literarias. - Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos. - Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na tradición literaria. - Vínculos intertextuais entre obras e outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e ruptura. - Expresión argumentada da interpretación dos textos, integrando os diferentes aspectos analizados e atendendo aos seus valores culturais, éticos e estéticos. Lectura con perspectiva de xénero. - Creación de textos de intención literaria a partir das obras lidas. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Distinción entre a forma (categorías gramaticais) e a función das palabras (funcións sintácticas da oración simple e composta). - Uso autónomo de dicionarios, manuais de gramática e outras fontes de consulta, en soporte analóxico e dixital, para obter información gramatical de carácter xeral.

UD	Título da UD	Duración
7	UNIDADE 7	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais complexos propios de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos.	Coñece as características do texto argumentativo	PE	70
CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais complexos, avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Identifica o sentido global. As ideas principais e secundarias.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.7 - Elaborar textos académicos coherentes, cohesionados e co rexistro adecuado sobre temas curriculares ou de interese social e cultural, precedidos dun proceso de planificación que atenda á situación comunicativa, destinatario, propósito e canle de redacción e revisión de borradores, de maneira individual ou entre iguais, ou mediante outros instrumentos de consulta.	Establece a relación entre o propósito comunicativo e a argumentación.		
CA3.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas mediante a análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras.	Coñece a biografía e a obra de Eduardo Pondal		
CA3.7 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	Crea un poema literario baseándose nos tres grandes vates do Rexurdimento		
CA4.2 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	Identifica as perífrases verbais e emprégaas correctamente.		
CA1.4 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e a procura de consensos tanto no ámbito persoal como no educativo e social.	Realiza argumentacións orais atendendo á estrutura destes textos.	TI	30
CA2.3 - Realizar exposicións e argumentacións orais formais con diferente grao de planificación sobre temas de interese científico e cultural e de relevancia académica e social, axustándose ás convencións propias de cada xénero discursivo con fluidez, rigor, coherencia, cohesión e o rexistro adecuado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	Realiza argumentacións escritas atendendo á estrutura destes textos.		
CA2.4 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística.	Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa		
CA2.10 - Avaliar a veracidade de noticias e informacións, con especial atención ás redes sociais e outros contornos dixitais, seguindo pautas de análise, contraste e verificación, facendo uso da ferramenta adecuada e mantendo unha actitude crítica fronte ás posibles desviacións da información.	Avalía a veracidade das noticias e informacións, con especial atención ás redes sociais.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.8 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e emendar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisa os seus textos e corríxeos		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Estratexias de reflexión interlingüística e sociolingüística.
- Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación.
- Xéneros discursivos propios do ámbito social. As redes sociais e os medios de comunicación.
- Procesos de comprensión, produción e análise crítica de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais.
- Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. A deliberación oral argumentada.
- Alfabetización informacional: busca autónoma e selección da información con criterios de fiabilidade, calida-de e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios e trans-formación en coñecemento; comunicación e difusión da información reelaborada de maneira creativa e res-pectuosa coa propiedade intelectual. Noticias falsas e verificación de feitos. O ciberanzol.
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Relacións entre as formas verbais como procedementos de cohesión do texto, con especial atención á valoración e ao uso dos tempos verbais.
- Lectura autónoma de obras relevantes contemporáneas de autoras e autores, da literatura galega -e tamén do ámbito lusófono- que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias.
- Lectura guiada de clásicos da literatura galega desde a Idade Media ata a época das Irmandades, inscritos en itinerarios temáticos ou de xénero. Procesos e estratexias
- Construción compartida da interpretación das obras a través de discusións ou conversacións literarias.
- Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos.
- Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na tradición literaria.
- Expresión argumentada da interpretación dos textos, integrando os diferentes aspectos analizados e atendendo aos seus valores culturais, éticos e estéticos. Lectura con perspectiva de xénero.
- Lectura expresiva, dramatización e recitado atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.
- Creación de textos de intención literaria a partir das obras lidas.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Distinción entre a forma (categorías gramaticais) e a función das palabras (funcións sintácticas da oración simple e composta).

UD	Título da UD	Duración
8	UNIDADE 8	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e valorar as linguas da Península Ibérica e as variedades dialectais do ámbito lingüístico galego-portugués, con especial atención ás do propio territorio, a partir da explicación do seu desenvolvemento histórico e da situación actual, contrastando de maneira explícita e coa metalinguaxe apropiada aspectos lingüísticos e discursivos das distintas linguas (especialmente da éuscara e catalá), así como das variantes dialectais do tronco lingüístico galego-portugués, en manifestacións orais, escritas e multimodais	Recoñece os países que forman parte da lusofonía e os elementos en común do galego co portugués.	PE	70
CA2.1 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais complexos propios de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos.	Coñece as características do texto crítico		
CA2.10 - Avaliar a veracidade de noticias e informacións, con especial atención ás redes sociais e outros contornos dixitais, seguindo pautas de análise, contraste e verificación, facendo uso da ferramenta adecuada e mantendo unha actitude crítica fronte ás posibles desviacións da información.	Elabora un texto crítico partindo dunha noticia.		
CA3.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas mediante a análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras.	Coñecemento da obra de Curros Enríquez		
CA4.2 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	Identifica e emprega correctamente os adverbios, as preposicións e conxuncións		
CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais complexos, avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Distingue e aplica con corrección as propiedades textuais (coherencia e cohesión) nos textos orais e multimodais.	TI	30

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Realizar exposicións e argumentacións orais formais con diferente grao de planificación sobre temas de interese científico e cultural e de relevancia académica e social, axustándose ás convencións propias de cada xénero discursivo con fluidez, rigor, coherencia, cohesión e o rexistro adecuado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	Realiza exposicións con fluidez e corrección		
CA2.4 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística.	En grupos de tres, despois de entender como eran os grandes vates do Rexurdiemento, cada un imitará a unha das tres personalidades en diferentes situacións comunicativas que lles propoñerá a profesora.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Estudo comparativo das principais variedades dialectais do galego e do portugués (especialmente de Portugal e do Brasil).
- Estratexias de reflexión interlingüística e sociolingüística.
- Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Procesos de comprensión, produción e análise crítica de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais.
- Alfabetización informacional: busca autónoma e selección da información con criterios de fiabilidade, calida-de e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios e trans-formación en coñecemento; comunicación e difusión da información reelaborada de maneira creativa e res-pectuosa coa propiedade intelectual. Noticias falsas e verificación de feitos. O ciberanzol.
- Lectura autónoma de obras relevantes contemporáneas de autoras e autores, da literatura galega -e tamén do ámbito lusófono- que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias.
- Participación activa no circuíto literario e lector en contexto presencial e dixital. Utilización autónoma de todo tipo de bibliotecas. Acceso a outras experiencias culturais.
- Lectura guiada de clásicos da literatura galega desde a Idade Media ata a época das Irmandades, inscritos en itinerarios temáticos ou de xénero. Procesos e estratexias
- Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos.
- Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na tradición literaria.
- Lectura expresiva, dramatización e recitado atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.
- Creación de textos de intención literaria a partir das obras lidas.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Distinción entre a forma (categorías gramaticais) e a función das palabras (funcións sintácticas da oración simple e composta).
- Uso autónomo de dicionarios, manuais de gramática e outras fontes de consulta, en soporte analóxico e dixital, para obter información gramatical de carácter xeral.

UD	Título da UD	Duración
9	UNIDADE 9	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.8 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Crea textos conformes á Gramática Textual (adecuación, corrección, coherencia, cohesión...).	PE	70
CA3.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas mediante a análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras.	Coñece a obra dos autores da narrativa e teatro do Rexurdimento		
CA4.3 - Elaborar e presentar os resultados de pequenos proxectos de investigación sobre aspectos relevantes do funcionamento da lingua, formulando hipóteses e establecendo xeneralizacións, utilizando os conceptos e a terminoloxía lingüística adecuada e consultando de maneira autónoma dicionarios, manuais e gramáticas en soporte analóxico e dixital.	Identifica correctamente as relacións semánticas		
CA1.3 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas.	Identifica e desterra os usos discriminatorios da lingua e os usos manipuladores da linguaxe	TI	30
CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais complexos, avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Distingue e aplica con corrección as propiedades textuais nos textos orais e multimodais		
CA2.3 - Realizar exposicións e argumentacións orais formais con diferente grao de planificación sobre temas de interese científico e cultural e de relevancia académica e social, axustándose ás convencións propias de cada xénero discursivo con fluidez, rigor, coherencia, cohesión e o rexistro adecuado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	Realiza exposicións orais con corrección, fluidez e coherencia		
CA2.4 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística.	Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.6 - Desenvolver proxectos de investigación que se concreten nunha exposición oral, un ensaio ou unha presentación multimodal, establecendo vínculos argumentados entre os clásicos da literatura galega -e tamén da lusófona- obxecto de lectura guiada e outros textos e manifestacións artísticas clásicas ou contemporáneas, en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe, recursos expresivos e valores éticos e estéticos, e explicitando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	Elabora un traballo de investigación sobre un autor o autora do Rexurdimento, a excepción dos tres grandes vates.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Estratexias de reflexión interlingüística e sociolingüística. - Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Xéneros discursivos propios do ámbito educativo. Os textos académicos. - Procesos de comprensión, produción e análise crítica de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais. - Produción escrita. Proceso de elaboración: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. - Alfabetización informacional: busca autónoma e selección da información con criterios de fiabilidade, calida-de e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios e trans-formación en coñecemento; comunicación e difusión da información reelaborada de maneira creativa e res-pectuosa coa propiedade intelectual. Noticias falsas e verificación de feitos. O ciberanzol. - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Corrección lingüística e revisión ortográfica, gramatical e tipográfica dos textos. Uso eficaz de dicionarios, manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital. - Os signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito e a súa relación co significado. - Lectura autónoma de obras relevantes contemporáneas de autoras e autores, da literatura galega -e tamén do ámbito lusófono- que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias. - Selección das obras coa axuda de recomendacións especializadas. - Lectura guiada de clásicos da literatura galega desde a Idade Media ata a época das Irmandades, inscritos en itinerarios temáticos ou de xénero. Procesos e estratexias - Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos. - Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na tradición literaria. - Expresión argumentada da interpretación dos textos, integrando os diferentes aspectos analizados e atendendo aos seus valores culturais, éticos e estéticos. Lectura con perspectiva de xénero. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Uso autónomo de dicionarios, manuais de gramática e outras fontes de consulta, en soporte analóxico e dixital, para obter información gramatical de carácter xeral.

UD	Título da UD	Duración
10	MADE IN GALIZA	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais complexos, avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Comprende e valora o sentido global e a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais de certa complexidade.	PE	70
CA2.5 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais especializados, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Comprende e interpreta o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos de certa complexidade.		
CA2.6 - Valorar criticamente a forma e o contido de textos complexos avaliando a súa calidade, a fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Valorara criticamente a forma e o contido de textos complexos avaliando a súa calidade		
CA3.1 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais especializados, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Identifica o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos		
CA3.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas mediante a análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras.	Explica e argumenta a interpretación das obras lidas e fai relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria		
CA1.3 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas.	Identifica os usos discriminatorios da lingua	TI	30
CA2.3 - Realizar exposicións e argumentacións orais formais con diferente grao de planificación sobre temas de interese científico e cultural e de relevancia académica e social, axustándose ás convencións propias de cada xénero discursivo con fluidez, rigor, coherencia, cohesión e o rexistro adecuado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	Realizar exposicións con fluidez, rigor, coherencia, cohesión e o rexistro adecuado.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística.	Comparte a experiencia da lectura en soportes diversos		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Estratexias de reflexión interlingüística e sociolingüística. - Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Procesos de comprensión, produción e análise crítica de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais. - Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Valoración da forma e contido do texto. - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Lectura autónoma de obras relevantes contemporáneas de autoras e autores, da literatura galega -e tamén do ámbito lusófono- que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias. - Expresión argumentada dos gustos lectores persoais. Diversificación do corpus lido, atendendo aos circuítos comerciais do libro e distinguindo entre literatura canónica e de consumo, clásicos e bestsellers. O debate sobre o canon literario. - Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade e outras manifestacións literarias ou artísticas. - Lectura guiada de clásicos da literatura galega desde a Idade Media ata a época das Irmandades, inscritos en itinerarios temáticos ou de xénero. Procesos e estratexias - Construción compartida da interpretación das obras a través de discusións ou conversacións literarias. - Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos. - Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na tradición literaria.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Antes de comezar cada unidade, segundo a indicación do pedagogo galego, Miguel Vázquez Freire, trataranse de pescudar na aula os coñecementos previos do alumnado, para relacionalos progresivamente cos novos contidos que se impartan, só así se poderá conseguir unha aprendizaxe significativa e construtiva na que os novos coñecementos e o proceso de aprendizaxe estean relacionados co desenvolvemento psicolóxico, o ritmo evolutivo e as capacidades e contidos adquiridos previamente polas alumnas e alumnos.
Tamén se proporán preguntas que supoñan un revulsivo para as/os estudantes e que incrementen a súa atención por medio da interacción co/coa docente. É moi relevante para a profesora a premisa de ensinar a aprender segundo a cal, a aprendizaxe é un proceso que se desenvolve ao longo da vida, por iso correspóndelle á/ao docente ir dotando o seu alumnado dunha progresiva autonomía que lle permita "aprender a aprender", a buscaren por si mesmos a información que teñen ao seu alcance para que o día de mañá saiban desenvolverse.

LIÑAS METODOLÓXICAS:

O principal propósito que se procura é mellorar a competencia comunicativa en lingua galega. Non esquezamos que a

clase de lingua estivo tradicionalmente orientada, na meirande parte dos casos, á realización dunha serie de actividades pouco motivadoras, encamiñadas a conseguir uns contidos formais que dificilmente teñen relación co uso real da lingua.
Sabemos que o desenvolvemento intelectual pode ser acelerado mediante o emprego de determinadas estratexias didácticas, por iso, metodoloxía de ensino en Lingua Galega e Literatura tratará de ser o máis activa posible e alternará traballos individuais con traballos cooperativos que melloren os vínculos entre o alumnado e mesmo favorezan as relacións interculturais, por suposto, incluíndo na mesma liña a ensinanza por competencias. Segundo a Teoría de Intelixencias Múltiples de Gardner existen diferentes estilos de aprendizaxe, por conseguinte, tratarase na medida do posible de atender os diferentes ritmos para que todo o alumnado vaia adquirindo os coñecementos básicos.
Outra cuestión a ter en conta é o traballo da oralidade, pois en boa parte dos casos o uso da lingua polos rapaces e rapazas queda relegado a unha práctica ritual forzada polas clases de Lingua Galega e as outras materias que se imparten obrigatoriamente en galego. Por outra parte, somos moi conscientes de que a propia actitude do profesorado inflúe na motivación e rendemento do alumnado, pois como sinalou Jurjo Torres Santomé na súa teoría sobre o currículo oculto, en moitos aspectos, os valores transmitidos informalmente dende as aulas poden ter efectos moito máis determinantes e poderosos que os contidos curriculares explícitos. Teremos isto en conta para que non se produza ningún tipo de desaxuste na conformación do autoconcepto nin na traxectoria académica do alumnado.
LIÑAS DE ACTUACIÓN NO PROCESO DE ENSINO E APRENDIZAXE:
-O uso de distintos métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, favorezan a capacidade de aprender por si mesmos e que o capaciten para acceder á formación superior ou ao futuro profesional de forma competente.
-A realización de tarefas complexas, de xeito que o alumnado teña que mobilizar un amplo conxunto de recursos e saberes para afrontar con éxito as diferentes situacións comunicativas e sexa quen de responder aos retos da sociedade do século XXI, que require persoas cultas, críticas e ben informadas.
-O deseño de proxectos significativos para o alumnado, baseados en contextos recoñecibles, que teñan en conta, se for posible, as súas vivencias particulares e o reforzo do seu compromiso co desenvolvemento sostible, a defensa dos dereitos humanos e a convivencia igualitaria, inclusiva, pacífica e democrática. A análise do sexismo na publicidade, a comparación de escenas de películas, a elaboración de trípticos... servirían como exemplos que hai que seguir.
-O traballo cooperativo, coa proposta de tarefas nas que o alumnado debe regular a súa conduta e a súa capacidade para se relacionar cos demais, estimulando o respecto crítico a outros puntos de vista, o recoñecemento dos propios valores e limitacións, a adaptación ás necesidades colectivas, a asunción de responsabilidades e o respecto ás normas acordadas.
Alén diso, o traballo colaborativo en proxectos debe potenciar que cada persoa teña os seus tempos e os seus espazos de recoñecemento da súa valía persoal e da súa capacidade de contribuír a desenvolver a actividade, reforzando así a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade. Por exemplo, en primeiro de bacharelato, para desenvolver un programa de radio escolar, pódese organizar, o traballo por equipos para o deseño do grafismo do programa, a selección da música, a elaboración do guión, a escolma das noticias, as entrevistas, a creación dun anuncio promocional e a gravación final.
-A énfase na atención á diversidade, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades ou de tarefas de ampliación para aquel alumado que precise afondar máis nos contidos.
-Uso de estratexias para traballar transversalmente a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento. A adquisición destas destrezas pode acadarse a través da lectura de distintos tipos de textos, da súa comprensión e da reflexión arredor deles.
-O desenvolvemento gradual e progresivo dos obxectivos e dos contidos de maneira que, alén de incrementar a dificultade dos procesos e situacións comunicativas, tamén se vaian adquirindo habilidades máis complexas que propicien a aprendizaxe individual e autónoma.
-A potenciación da reflexión interlingüística, centrada especialmente na lingua galega e portuguesa e mais nas súas respectivas variantes. Os coñecementos básicos de portugués adquiridos na educación secundaria obrigatoria e as novas aprendizaxes sobre as súas variedades noutros territorios serán o punto de partida para desenvolver estratexias que, alén de facilitaren a intercomunicación nos dous idiomas, favorezan a adquisición doutras habilidades que, como a mediación, poden resultar moi útiles na futura traxectoria profesional da mocidade galega. Con este fin, os centros educativos, a través do profesorado de Lingua Galega, o equipo de dinamización da lingua galega, a biblioteca ou outros departamentos, poderán promover actuacións que, de xeito presencial ou virtual, propicien os intercambios lingüísticos entre o alumnado galego e lusófono (encontros, concursos, festivais...).
-Traballo interdisciplinario e a coordinación con outros departamentos e equipos do centro, especialmente co equipo de dinamización da lingua galega e o equipo de biblioteca como mellor vía para promover actuacións tanto de xeito presencial como virtual: saídas didácticas, exposicións, espectáculos...

-A proposta de lectura de obras que, alén de ampliar os ámbitos de coñecemento do alumnado e de melloraren o seu nivel de capacidade verbal, promovan a defensa de valores socioculturais e éticos (dereitos humanos, conciencia ambiental, benestar animal...).
-A recomendación de lecturas en soportes variados, enmarcando as obras nos xéneros literarios e evitando a memorización descontextualizada dun conxunto de características, autores/as e títulos de obras.
-A énfase nas estratexias que fomenten a oralidade e as competencias activas co fin de que o alumnado adquira os recursos necesarios para se expresar correctamente nunha ampla variedade de situacións comunicativas (espontáneas ou planificadas) e de contextos (formais e informais) para que, unha vez rematado o bacharelato, xa alcanzase, entre outros, o dominio do sistema fonético-fonolóxico do galego. Entre o amplo abano de actuacións que contribúen ao desenvolvemento desta destreza, están o cinema, as dramatizacións e representacións teatrais, a radio coas súas múltiples posibilidades (informativos, publicidade, teatro radiofónico...), a música (rap, poemas musicados...) e todo tipo de iniciativas en formato audiovisual.
-O cultivo da sensibilidade estética e cultural do alumnado para que sexa quen de apreciar a beleza das obras literarias e para fomentar o enriquecemento do seu acervo cultural e das súas posibilidades de expresión, a través, por exemplo, da realización de exposicións, comentarios, adaptacións audiovisuais de relatos etc.
-O desenvolvemento da competencia dixital en lingua galega a través das TIC e o coñecemento de recursos dixitais que faciliten a procura de información, a revisión dos textos e a súa posterior divulgación, sempre respectando os dereitos da propiedade intelectual.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Alvarez Ruiz de Ojeda, Victoria (2020). Sobre a lingua galega de Rosalía de Castro. Vigo: Galaxia.
Ausubel, David (1976). Psicología Educativa. Un punto de vista cognoscitivo. México: Trillas.
Bastons Vilallonga, Núria, Bernardó Fernández, Cristina, Comajoan Colomé, Llorenç (2011). Gramàtica Pràctica del catalá. Barcelona. Teide
Beltrán Carballeira, Ramón X. (2019). Manual práctico de galego. A Coruña: Baía Edicións.
Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades (22 de agosto de 2022). Base de datos da Lírica Profana Galego-Portuguesa. http://bernal.cirp.gal/ords/f?p=MEDDB3:2
Cunha, Celsa & Cintra, Lindley (2017). (7ª Ed.). Nova gramática do português contemporâneo de acordo com a nova ortografía. Rio de janeiro: Lexikon Editora Digital.
Díaz-Castroverde, Fernando (2011). Microbios e outros paquidermos. Vigo: Galaxia.
Dicionarios dixitais
Dosil, Benxamín (2021). Manual de uso da lingua galega. Vigo: Xerais.
Dosil, Benxamín (2015). Escrita doada: consellos para redactar ben. Vigo: Xerais.
Feixó Cid, Xosé G. (2021). Gramática da lingua galega. Síntese práctica (6ª Edición). Vigo: Xerais.
Fernández Rei, Francisco (2003). Dialectoloxía da lingua galega. Vigo: Xerais de Galicia.
Fernández Salgado, Benigno (Dir.) (2004). Dicionario Galaxia de usos e dificultades da Lingua Galega. Vigo. Galaxia.
Freixeiro Mato, Xosé Ramón (2013). Estilística da Lingua Galega. Vigo: Xerais de Galicia
Freixeiro Mato, Xosé Ramón (2020). Idioma e sociedade. Sobre normalización e planificación da lingua galega. Santiago: Laiovento.
García Negro, María Pilar (2015). No tempo de Follas Novas. Unha viaxe pola literatura universal. Santiago de Compostela: Alvarellos.

Gutiérrez Izquierdo, Ramón (2000). Lecturas de nós. Introducción á Literatura galega. Vigo. Xerais.
Instituto da Lingua Galega (25 de agosto de 2022). Dicionario de dicionarios do galego medieval. http://ilg.usc.gal/ddgm/
Larson, Pär (2019). A lingua das cantigas. Gramática do galego-portugués. Vigo: Xerais.
Lingua galega e Literatura. 1º Bacharelato. Baía Edicións.
López Viñas, Xoán; Lourenço Módia, Cilha & Moreda Leirado, Marisa (2011). (2ª Ed. Corrixida). Gramática práctica da lingua galega. Comunicación e expresión. A Coruña: Baía Edicións.
Méndez Álvarez, Mª Xesús (2004). Ortografía da Lingua Galega. Vigo: Xerais de Galicia.
Monteagudo, Henrique (2017). Historia social da lingua galega: idioma, sociedade e cultura a través do tempo. Vigo: Galaxia.
Monteagudo, Henrique (2021). O Idioma galego baixo o franquismo. Da resistencia á normalización. Vigo: Galaxia.
Novo Folgueira, Paulino (1999). Dicionario de uso para a comunicación. Vigo: Xerais de Galicia.
Pena, Xosé Ramón (2013). Historia da Literatura Galega I. Das orixes a 1853. Vigo: Xerais.
Pena, Xosé Ramón (2014). Historia da Literatura Galega II. De 1853 a 1916. O Rexurdimento. Vigo: Xerais.
Regueira, Xosé Luís (2010). Dicionario de pronuncia da lingua galega. A Coruña: Real Academia Galega.
Resende de Oliveira, António (1995) . Trobadores e xograres. Contexto histórico. Vigo: Xerais.
Rodari, Gianni (2017). Contos por teléfono. Pontevedra: Kalandraka Editora.
Rodríguez Carnota, Miguel (2022). Lingua, poder e adolescencia. Vigo: Xerais.
Rosales Cereijo, Manuel (2002). A linguaxe literaria. Guía de recursos para a análise textual. Vigo: Xerais de Galicia
Sánchez Rei, Xosé Manuel (2021). O portugués esquecido. O galego e os dialectos portugueses setentrionais. Santiago: Laiovento.
Torres Santomé, Jurjo (1995). O Curriculum oculto. Portugal: Porto.
Vilagrasa Grandia, Albert (2018). A punt 1. Publicacions de l`Abadia de Montserrat.
Vázquez Freire, Miguel (1992). O Curriculum. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

As aulas e a biblioteca son os lugares en que o alumnado ten ao seu alcance a maioría dos recursos e materiais do centro (pantalla dixital, canon, computador fixo, computadores portátiles, conexión a internet, encerado dixital...).
A biblioteca ofrece, ademais de obras de lectura, libros de texto, mapas, revistas, xornais, recursos dixitais para consultar información, realizar traballos de investigación etc. (computadores, impresoras, mesas e cadeiras apropiadas...)
Tamén se deben contemplar, tal como se especifica no artigo 78 da Orde do 8 de setembro de 2021, a necesidade de materiais axeitados para a atención á diversidade. O centro dispón dunha equipación adecuada para todo o alumnado, mesmo para aquel que teña dificultades de accesibilidade ás súas instalacións (cadeiras de rodas, elevadores, muletas etc.)
Se se precisa algún outro material complementario adaptado a este tipo de alumnado, será solicitado á Consellería a través dos informes correspondentes.
O manual de referencia é o libro de texto de 1º de bacharelato de Lingua e Literatura Galega de Baia Edicións na súa versión actualizada e adaptada á lexislación vixente.

Outros recursos didácticos:

- Aulas Galegas: https://aulasgalegas.org/category/linguas/galego/
- Dicionario castelán-galego, Rinoceronte Editora: https://rinoceronte.gal/dicionario/

- Dicionario da Real Academia Galega: http://www.realacademiagalega.org/dicionario#inicio.do
- Dicionario de pronuncia da lingua galega: http://ilg.usc.es/pronuncia/
- Dicionario visual interactivo: www.edu.xunta.es/contidos/dicionariovisual/dicionario.html
- O Portal das Palabras, Real Academia Galega e Fundación Barrié: http://www.portaldaspalabras.org/
- Vocabulario ortográfico da lingua galega (VOLG), RAG / ILG, Galaxia: http://www.realacademiagalega.org/recursos-volg

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial, cuxo fin é diagnosticar e valorar o nivel de coñecementos previos do alumnado, efectuarase nas primeiras sesións do curso. Será, xunto coa información obtida a través do Departamento de Orientación e da consulta do expediente académico da alumna ou alumno no XADE, unha ferramenta esencial para que o profesorado poida coñecer o nivel académico do alumnado nas distintas competencias, co fin de poder adaptar o seu proceso de ensinanza e a súa proposta didáctica a ese nivel.
Alén diso, a avaliación inicial constitúe un factor preventivo esencial na atención á diversidade, especialmente cando se trata de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
Os resultados da avaliación inicial servirán como referente para adoptar as decisións de tipo educativo que correspondan e, nos casos en que for necesario, para demandar da xefatura do Departamento de Orientación a realización dunha avaliación psicopedagóxica.
Esta proba, que poderá partir dun texto literario, xornalístico, etc. constará das seguintes partes:
- Comprensión oral. O alumnado deberá responder, a partir da escoita ou visionado dun audio ou vídeo, a preguntas sobre o seu contido.
- Comprensión escrita. O alumnado deberá contestar a preguntas pechadas sobre o contido dun texto escrito.
- Produción escrita. O alumnado realizará unha pequena composición escrita.
Á parte disto, a proba incluirá diversas cuestións relacionadas coa reflexión sobre a lingua, sociolingüística, literatura e hábitos lectores referidos ao aprendido no nivel ou etapa anterior.
Se fose posible, poderíase pasar un test sociométrico cuxos resultados nos servirán á hora de facer os agrupamentos para as diferentes actividades do curso.
A proba adaptarase ao alumnado con dificultade auditivas.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
Peso UD/ Tipo Ins.	**10**	**10**	**10**	**10**	**10**	**10**	**10**
Proba escrita	70	70	70	70	70	70	70
Táboa de indicadores	30	30	30	30	30	30	30

Unidade didáctica	UD 8	UD 9	UD 10	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	**10**	**10**	**10**	**100**
Proba escrita	70	70	70	**70**
Táboa de indicadores	30	30	30	**30**

Criterios de cualificación:

Coa vontade de desenvolver un proceso de ensino-aprendizaxe competencial nesta programación apostouse por unha didáctica que lle dese importancia ao desenvolvemento de actitudes centradas na utilización da lingua oral. Tendo en conta isto, as porcentaxes nos instrumentos de avaliación repártense do seguinte xeito:
As probas escritas serán valoradas co 70% en cada avaliación. As obras de lectura contarán un 10% e serán avaliadas a través dunha proba escrita. Haberá unha proba oral por avaliación que contará un 10% da nota e que será avaliada a través dunha táboa de indicadores. O restante 10% será dedicado a traballos, pequenos proxectos e participación, caderno de aula... avaliados a través dunha táboa de indicadores.
No Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, no artigo 12 establécese: "Nas clases de lingua e literatura galega e lingua e literatura castelá, usarase, respectivamente, o galego e o castelán, tanto por parte do alumnado como do profesorado".
Así, a única lingua vehicular permitida é a lingua galega. O incumprimento deste artigo por parte dun alumno ou alumna no desenvolvemento das sesións de clase suporá unha penalización do 10% da cualificación global.
Nas probas escritas terase en conta, ademais da corrección e xusteza dos contidos, a corrección e calidade da lingua empregada, Descontarase por cada erro ortográfico até 2 puntos en cada proba (0,2 ou 0,1 dependendo da gravidade).
No caso de que en calquera proba ou traballo se detecte o emprego de calquera método fraudulento (copia, plaxio, a utilización de algún recurso electrónico non autorizado...) a nota desa proba ou traballo será dun cero.

Cualificación trimestral:
A nota de cada trimestre corresponderase coa cualificación das actividades de avaliación das unidades didácticas abranguidas nel aplicando a ponderación da nota correspondente entre elas. Aplicarase aproximación ao enteiro superior se o decimal é 7 ou superior. No caso de que o decimal sexa inferior a 7 a aproximación será ao enteiro anterior.
Cualificación ordinaria:
Para o cálculo da cualificación final do curso, farase a media aritmética das notas medias das 3 avaliacións trimestrais ou parciais. Para superar a materia, o alumnado deberá ter unha media aritmética de cualificación de 5 puntos ou superior. A nota final poderase arredondar á alza, sempre e cando a cifra decimal sexa igual ou supeior a 7 e sempre que o alumno ou a alumna demostre interese e esforzo na materia, no caso de que o decimal sexa inferior a 7 a aproximación será ao enteiro anterior.
Cualificación final:
A cualificación final será o resultado dunha única proba que se realizará a mediados do mes de xuño e que deberá realizar aquel alumnado con cualificación negativa na avaliación ordinaria. Superará a materia no caso de obter unha puntuación igual ou superior a 4,7.

Criterios de recuperación:

A todo o alumnado se lle ofrecerá a posibilidade de recuperar as avaliacións suspensas dentro do propio curso.
Recuperación trimestral:
Para facilitar a recuperación das avaliacións non superadas, procederase do seguinte xeito:
A recuperación dunha avaliación realizarase na avaliación seguinte mediante unha proba escrita valorada sobre 7, o 30% restante da nota corresponderase cos criterios de avaliación establecidos (10% lectura, 10% oralidade e 10% traballo diario) e explicados no apartado anterior.
Se rematado o primeiro trimestre houber algún alumno ou alumna con cualificación negativa fixaríase unha data para a recuperación do 70% da nota da proba escrita que se realizaría no mes de xaneiro.
Para a recuperación do segundo trimestre o proceso de recuperación sería o mesmo ca no primeiro trimestre, a proba escrita, cun valor do 70% da nota trimestral, realizaríase despois do período non lectivo posterior ao segundo trimestre (Semana Santa).
No caso de que un alumno ou alumna teña que recuperar o terceiro trimestre esta proba escrita (cun valor do 70% da nota trimestral) realizaríase antes da data fixada para a avaliación final ordinaria.
Despois de cada recuperación dunha avaliación, a nota que contará será a máis alta (a obtida na avaliación ou na recuperación). En caso de ter modificado a nota, esta non aparecerá reflectida no XADE, aínda que será a única válida para facer as medias finais. No caso de que un alumno ou alumna non asista á proba de recuperación trimestral quedaría para o cálculo trimestral a primeira nota obtida nese trimestre, a nota da avaliación.
Como xa se comentou anteriormente, nos criterios de avaliación, para o cálculo da cualificación final do curso, farase a media aritmética das notas medias das 3 avaliacións trimestrais ou parciais. Para superar a materia, o alumnado deberá ter unha media aritmética de cualificación de 5 puntos ou superior. A nota final poderase arredondar á alza, sempre e cando a cifra decimal sexa igual ou supeior a 7 e sempre que o alumno ou a alumna demostre interese e esforzo na materia, no caso de que o decimal sexa inferior a 7 a aproximación será ao enteiro anterior.
Recuperación final:
O perído abranguido entre a terceira avaliación ordinaria e a avaliación extraordinaria (para bacharelato) dedicarase a actividades de apoio, reforzo, consolidación e recuperación e non se impartirán novas unidades didácticas. O alumnado realizará unha proba final escrita (valorada neste caso, sobre 10 puntos). Tal e como se explicou no apartado anterior dedicado a criterios de avaliación, a cualificación final será o resultado dunha única proba que se realizará a mediados do mes de xuño e que deberá realizar aquel alumnado con cualificación negativa na avaliación ordinaria. Superará a materia no caso de obter unha puntuación igual ou superior a 4,7.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Para realizarmos o seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes, ao longo de cada curso realizaranse para cada grupo dúas sesións de avaliación parciais na data establecida polo instituto na súa páxina web.
O Currículo para desenvolver, con especificación dos criterios de avaliación será os establecidos na PD, coas oportunas modificacións, se for necesario.

Os recursos necesarios para o seu desenvolvemento son: libro de texto de 1º de bacharelato da Editorial Baia, ordenador, libros de consulta, dicionarios dixitais ou en papel e a aula virtual e outros medios dixitais.
Para a avaliación do alumnado que ten materias pendentes débense ter en conta os contidos impartidos na materia no curso anterior.
Para demostrar que adquiriron os mínimos de consecución e as aprendizaxes imprescindibles para superar a materia, deberán realizar dúas probas extraordinarias.
Teranse en conta estes aspectos:
-O alumnado pendente deberá superar os mínimos de consecución marcados na programación do curso no que estea suspenso.

A superación da materia nun curso superior, significará o aprobado da materia suspensa no nivel inferior.

5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias

Este apartado non procede neste curso.

6. Medidas de atención á diversidade

De conformidade co artigo 3 do Decreto 229/2011, do 7 de decembro, as medidas de atención á diversidade que deben atender ao principio de inclusión educativa enténdese como «o conxunto de accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e preferencias de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado».
Estas medidas oriéntanse a alcanzar os obxectivos e as competencias establecidas para a ESO e o bacharelato e réxense polos principios de equidade, calidade e igualdade de oportunidades, non discriminación, integración, accesibilidade e cooperación da comunidade educativa.
Segundo o artigo 49 da Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, as Administracións educativas asegurarán os recursos necesarios para os alumnos e alumnas que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e a comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por atoparse en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por terse incorporado tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar; para que poidan acadar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades persoais e, en todo caso, os obxectivos establecidos con carácter xeral para todo o alumnado.
No momento da elaboración desta PD non se coñece a natureza dos alumnos e alumnas que cursarán esta materia, ao estarmos pendentes da avaliación inicial e da análise dos informes individualizados e da información facilitada polo Departamento de Orientación.
No caso de ser precisa algunha actuación a respecto da atención á diversidade, terase en conta o artigo 10 da Orde do 8 de setembro de 2021 de atención á diversidade que inclúe os seguintes puntos:
1. Unha alumna ou un alumno presentan necesidade específica de apoio educativo por incorporación tardía ao sistema educativo cando, por procederen doutros países ou por calquera outro motivo xustificado, se escolarizan tardiamente no noso sistema educativo e presentan dificultades para acadaren os obxectivos e as competencias que lles corresponderían pola súa idade. Esas dificultades maniféstanse, especialmente, no descoñecemento dalgunha das linguas oficiais de Galicia e/ou no desfasamento curricular.
2. Os centros docentes garantirán que a escolarización do alumnado que acceda de xeito tardío ao sistema educativo galego se realice atendendo ás súas circunstancias, ás súas competencias, á súa idade e ao seu historial académico, de maneira que se incorpore ao curso máis adecuado ás súas características e ao seu nivel de competencia, cos

apoios oportunos, co fin de continuar con aproveitamento a súa educación.
3. Os centros docentes informarán e asesorarán as nais, os pais ou as persoas titoras legais sobre os dereitos, os deberes e as oportunidades que comporta a incorporación ao sistema educativo galego.
Á parte disto, tamén poderá optar a unha exención temporal da cualificación das probas de avaliación da materia de Lingua Galega durante un máximo de dous cursos escolares consecutivos, segundo o disposto na Orde do 10 de febreiro de 2014 pola que se desenvolve o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, con relación á exención da materia de lingua galega.
A nivel metodolóxico, durante o desenvolvemento da clase de Lingua Galega, faráselle un reforzo na aula con exercicios adaptados que irán progresivamente incrementado o grao de complexidade para que poida ir seguindo, na medida do posible, o ritmo do resto da clase. Amais disto, ao longo de cada unidade, proporánselle actividades de reforzo e consolidación en Lingua Galega dos contidos impartidos na aula.
Aplicaranse metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos para potenciar a zona de desenvolvemento próximo, favorecerase a titoría entre iguais, a aprendizaxe por proxectos (nesta programación didáctica figuran tres proxectos ao longo do curso) e outras medidas que promovan a súa inclusión.
Á parte disto, terán prioridade os métodos que favorezan a expresión directa e a comunicación, como por exemplo, as exposicións, as deliberacións orais argumentadas, o intercambio de gustos lectores a través de conversas literarias na biblioteca
. Introduciranse contidos relacionados coa diversidade sociocultural e persoal.
Contamos cun alumno con discapacidade auditiva co que se seguirá o establecido no Protocolo da Consellería.
Contamos cun alumno que repite curso; aplicaráselles o plan específico personalizado para o alumnado que permanece un ano máis no mesmo curso, segundo o artigo 52 da Orde do 8 de setembro de 2021 de atención á diversidade .
Este plan ten como finalidade adaptar as condicións curriculares ás necesidades da alumna, para tratar de superar as dificultades detectadas. Elaborarao o equipo docente, baixo a coordinación do profesor/a titor/a, e desenvolverase ao longo de todo o curso.
O plan específico personalizado debe incluír, cando menos, as seguintes partes:
a) Identificación da alumna.
b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
f) De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.
g) Acreditación da información á familia.
Posteriormente, en cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico personalizado e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación, informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.
Segundo o disposto no artigo 13.4. da Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia, en caso de non superar algunha materia, logo da avaliación final do período ordinario, coa finalidade de lle facilitar a súa recuperación, terá dereito a realizar unha proba extraordinaria nas datas que se determinen na norma que estableza o calendario escolar.
Por outra parte, as actuacións metodolóxicas que se leven a cabo neste caso teñen que ir orientadas a elaborar actividades que teñan diferentes graos de realización, introduciranse unha ampla variedade de actividades individuais, que se adecúen ao ritmo de traballo de todo o alumnado, con especial atención a este caso. Tamén é preciso situar a alumna preto da mesa da docente para poder prestarlle unha atención individualizada. Realizaránselle actividades de reforzo e consolidación en cada unidade didáctica. Desenvolverase unha avaliación formativa orientada a valorar o proceso e o avance na consecución dos obxectivos.
No Plan Xeral de Atención á Diversidade do centro educativo deberán concretarse as medidas que se tomen en Bacharelato co alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso.
Como se pode apreciar nestes dous casos de NEAE, estas son medidas de carácter ordinario que teñen o propósito de prestar unha atención educativa de calidade, inclusiva e para a diversidade, e non repercuten nos obxectivos, contidos, nin nos criterios de avaliación.
No caso de que ao longo do curso se matricule algún alumno ou alumna con algunha destas problemáticas: dislexia, discapacidade auditiva, TEA, altas capacidades, Down ou discapacidade intelectual, TDAH, absentismo, atención temperá seguiranse os protocolos establecidos pola Consellería.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial.	X				X	X		
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico.	X	X	X			X		X
ET.7 - Educación emocional e en valores.	X		X			X		X
ET.8 - Creatividade.			X			X		
ET.9 - Igualdade de xénero.		X			X	X		X
ET.10 - Prevención e resolución pacífica de conflitos.								X
ET.11 - Pluralidade (lingüística).	X			X				

	UD 9	UD 10
ET.1 - Comprensión lectora.	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual.	X	
ET.4 - Competencia dixital.	X	
ET.5 - Emprendemento social e empresarial.	X	
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico.		X
ET.7 - Educación emocional e en valores.		X
ET.8 - Creatividade.	X	
ET.9 - Igualdade de xénero.	X	

	UD 9	UD 10
ET.10 - Prevención e resolución pacífica de conflitos.		
ET.11 - Pluralidade (lingüística).		

Observacións:
O Decreto polo que se establece a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (nesta altura aínda sen publicar), establece que en todas as materias e, polo tanto, en Lingua Galega e Literatura de 1º de bacharelato, se traballarán os seguintes elementos transversais:
- a comprensión lectora
- a expresión oral e escrita
- a comunicación audiovisual
- a competencia dixital
- o emprendemento social e empresarial
- o fomento do espírito crítico e científico
- a educación emocional e en valores
- a igualdade de xénero
- a creatividade

Amais dos elementos transversais indicados anteriormente, segundo o artigo 19.2, «promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social [...] e a pluralidade». Por último, atendendo ao artigo 19.3. do Anteproxecto de Decreto polo que se establece a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia , «evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero».

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita ao culturgal	Culturgal é un evento que se celebra anualmente no último fin de semana de novembro en Pontevedra.	X		
Premios Feroz	Actividades propostas polo Concello de Pontevedra relacionadas con estes premios	X		
Galiza Pop	Galiza Pop e¿ unha intervencio¿n de 50 minutos onde se fai un repaso pola cultura pop galega, tanto actual como histo¿rica.		X	
Camiños literarios	Roteiros do Concello de Pontevedra		X	
Casa museo de Rosalía de Castro	Visita á casa museo de Rosalía de Castro en Padrón			X
Actividades do EDLG do IES	Participación en concursos, exposicións...	X	X	X
Actividades organizadas desde a biblioteca	Obradoiros, xuntanzas, visitas de escritores/as...	X	X	X

Observacións:

Estas actividades son provisionais, sen coñecer no momento de realizar esta PD, as posibles actividades programadas polos diferentes colectivos e institucións que poden resultar do interese da materia.
Cómpre ter en conta que todas estas actividades teñen relación directa coa materia, polo que non se considerarán nin se inclúen aquí as actividades complementarias organizadas polo centro.
O número de actividades complementarias programadas, con saída ao exterior, non excederá das tres por curso, unha por trimestre. As que se desenvolvan fóra do centro, contarán co permiso por escrito da nai, do pai ou dos titores legais.
Se ao longo do curso escolar xurdise a posibilidade de participar nalgunha actividade (teatro, obradoiro...) seguirase o protocolo establecido polo centro para a súa realización.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
9. Existiu un seguimento continuo da programación didáctica ao longo do curso e realizáronse as modificacións e adaptacións necesarias.
12. Conseguíronse adecuar as unidades didácticas á temporalización indicada e desenvolvéronse as actividades propostas de acordo á súa temporalización.
13. Mantívose a coherencia entre obxectivos, contidos, criterios de avaliación e mínimos de consecución.
14. Os procedementos, criterios e instrumentos de avaliación utilizados foron os adecuados.
16. Propuxéronse e concretáronse actividades de seguimento para atender a diversidade do alumnado: NEAE, repetidoras/es, ACS, reforzos.
21. As probas de avaliación foron corrixidas no prazo establecido, entregadas ao alumnado, analizadas e comentadas na clase.
Metodoloxía empregada
6. As explicacións foron claras e amenas e as exemplificacións sinxelas e comprensibles.
11. Estableceuse unha comunicación continuada co alumnado imposibilitado para asistir temporalmente ao centro: atención domiciliaria, hospitalización etc., a través da aula virtual ou doutras comunicacións telemáticas.
15. Empregouse unha metodoloxía precisa e variada, con uso de materiais diversos.
20. Potenciouse a participación, o diálogo e a reflexión dentro da aula.
24. Fomentouse que o alumnado utilizase a lingua galega habitualmente na clase co profesor ou profesora e cos seus compañeiros e compañeiras.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
8. O profesorado mantívose actualizado tanto no que se refire a aspectos didácticos xerais e específicos da súa materia como no ámbito das novas tecnoloxías.
Medidas de atención á diversidade
3. Atendeuse adecuadamente a diversidade do alumnado e aplicáronse os protocolos correspondentes.
4. Logo de realizarse a avaliación inicial e de recibir a información transmitida polo Departamento de Orientación, mantívose o seguimento personalizado de todo o alumnado ao longo do curso.

Clima de traballo na aula
1. Propiciouse un ambiente motivador na aula.
2. Respectouse o alumnado e demostrouse sensibilidade ante os seus problemas e as súas diferenzas tanto culturais, como de procedencia.
7. Respectouse a puntualidade á hora de entrar na aula e mostrouse unha actitude entusiasta e dinámica.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
10. Estableceuse unha comunicación fluída e constante con outros departamentos, equipos e grupos de traballo específicos (EDLG, a Biblioteca, Club de Ciencia, etc.).
17. Participouse no Proxecto lector do centro e en actividades programadas por outros grupos ou equipos docentes (EDLG, Equipo de Biblioteca etc.).
18. Asistiuse ás reunións de departamento achegando ideas, información e modificacións á PD, avaliando os resultados das avaliacións do alumnado e propondo mecanismos de mellora.
22. Mantívose contacto regular coas familias para seren informadas de todo o proceso de ensino-aprendizaxe das filla ou fillos.
Outros
5. O alumnado foi informado detalladamente dos criterios e instrumentos de avaliación e cualificación establecidos.
19. Analizouse a cualificación do alumnado e valoráronse as porcentaxes de alumnado que superou e non superou a materia.
23. Pasóuselle ao alumnado un cuestionario-enquisa a respecto da práctica docente do profesor ou profesora.

Descrición:

Resulta fundamental que o profesorado posúa ferramentas e empregue procedementos útiles para avaliar o proceso do ensino e a súa práctica docente. Esta valoración efectúase, tal e como indica a normativa vixente, a través duns indicadores de logro "o profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o cal establecerá indicadores de logro nas programacións docentes".
Estes indicadores xiran arredor de tres aspectos: o referente á actitude profesional dentro da aula, ao coñecemento e á actitude a respecto do alumnado e ao cumprimento do establecido na programación didáctica.
Os ditos indicadores de logro valoraranse nunha escala de 0 a 10, e os seus resultados deben ser inseridos dentro da memoria final
Para recompilar información e elaborar os indicadores de logro poderanse utilizar os cuestionarios que lle foron proporcionados ao alumnado, mesmo ao final de cada trimestre e ao remate do curso.
Todos estes datos formarán parte de memoria final e deben terse en conta para que se poidan corrixir as deficiencias detectadas na PD do próximo curso.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Para a elaboración da programación didáctica partiuse do seguimento das directrices establecidas pola Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP). Alén diso, tivéronse en conta as propostas existentes na memoria do curso anterior.

Cumpriuse o prazo de entrega indicado normativamente.

A estrutura da PD incluíu os apartados que recolle a Resolución do 26 de maio de 2022 que se expresan a seguir:

-Introdución.

-Obxectivos e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias.

-Relación de unidades didácticas coa súa secuencia e temporalización, e que conteñen a parte do currículo da

materia que se traballou e a relación dos instrumentos de avaliación.

-Metodoloxía, coas concrecións metodolóxicas e os materiais e recursos didácticos.

-A avaliación, que refire o procedemento para a avaliación inicial, os criterios de cualificación coa indicación do mínimo de consecución para a superación da materia.

-Medidas de atención á diversidade.

-A concreción dos elementos transversais .

-As actividades complementarias.

-A práctica docente, que inclúe o procedemento para avaliar o proceso de ensino e a praxe docente cos seus indicadores de logro e o procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora da propia programación didáctica.

O seguimento desta PD realizarase en cada reunión de departamento.

Valorarase o grao de cumprimento da secuenciación e temporalización das respectivas unidades didácticas, e se o seu deseño se axustou aos distintos elementos do currículo.

Tamén se valorará se a metodoloxía seguida e se os materiais e recursos didácticos empregados estaban dando os resultados previstos.

En canto á avaliación, analizouse se o deseño das probas e os mecanismos para a súa realización foron os adecuados.

Revisáronse as medidas adoptadas a respecto do alumnado NEAE presente nas aulas.

Valorouse a pertinencia dos distintos elementos transversais e o grao de cumprimento e participación en actividades complementarias.

Analizouse se os mecanismos de información ás familias deron os resultados previstos e se foron útiles e adecuados.

Incluíse a avaliación da práctica docente e da propia PD.

Para comprobar a aplicación adecuada da PD elaboráronse os indicadores de logro que se enumeran a continuación:

1. Conseguiuse acadar o grao de cumprimento dos obxectivos didácticos propostos, co correspondente desenvolvemento das competencias clave.

2. A secuenciación das UD propostas foi a axeitada, así como o número delas e a súa distribución cronolóxica.

3. As concrecións metodolóxicas e os materiais e recursos didácticos utilizados axustáronse aos fins perseguidos.

4. Os criterios de avaliación foron ben aplicados.

5. Os instrumentos de avaliación foron os adecuados.

6. Os mínimos de consecución para cada criterio de avaliación estiveron ben establecidos.

7. Atendeuse debidamente a diversidade do alumnado (seguindo os correspondentes protocolos de actuación).

8. Atendéronse suficientemente os contidos transversais e as actividades complementarias.

9. A materia contribuíu aos distintos Plans do centro: proxecto lingüístico, proxecto lector, TIC, Convivencia....

10. Realizouse un seguimento regular da PD por parte do departamento.

11. Avaliouse a PD aplicando unha escala de 1 a 5 a respecto do seu cumprimento.

Na última reunión do departamento didáctico recolleranse todas as modificacións ou adaptacións feitas ao longo do curso e, en consecuencia, a incorporación das propostas de mellora; incluiranse na memoria final do departamento para seren tidas en conta na PD do próximo curso.

Por último, hai que sinalar que tamén se fará o seguimento a través da aplicación PROENS.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36018677	IES Luís Seoane	Pontevedra	2025/2026

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Literatura universal	1º Bac.	4	140

Tipo de oferta
Réxime xeral-ordinario

Contido **Páxina**

1. Introdución 3

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias 3

3.1. Relación de unidades didácticas 4

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas 7

4.1. Concrecións metodolóxicas 24

4.2. Materiais e recursos didácticos 26

5.1. Procedemento para a avaliación inicial 27

5.2. Criterios de cualificación e recuperación 27

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes 28

6. Medidas de atención á diversidade 29

7.1. Concreción dos elementos transversais 29

7.2. Actividades complementarias 31

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro 33

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora 35

9. Outros apartados 35

1. Introdución

A materia de Literatura Universal continúa o trazado seguido para a educación literaria na etapa anterior, á vez que complementa a abordada en Lingua Castelá e Literatura de bacharelato. O currículo desta materia organízase nos seguintes apartados: obxectivos de etapa, contidos, criterios de avaliación e orientacións pedagóxicas. O enfoque competencial establecido no desenvolvemento das competencias clave, e vinculado aos criterios de avaliación orienta o desenvolvemento do currículo desta materia.

A lectura de textos da Literatura universal contribúe ao proceso de maduración estética e intelectual dos adolescentes. O coñecemento do patrimonio cultural da humanidade posibilita que o alumnado afonde na comprensión da súa propia identidade e que sexa quen de xulgar de xeito crítico a realidade do mundo contemporáneo. Deste xeito, apóstase por un corpus textual aberto que cruza o eixe temático co de xénero, convidando os docentes á configuración de itinerarios ao redor dunha obra que será obxecto de lectura guiada e compartida na aula. O seu obxectivo é facilitarlle ao profesorado a construción de itinerarios de progreso adaptados á diversidade e ás necesidades do alumnado.

O comentario de textos representativos do patrimonio literario universal facilita que o alumnado coñeza outras realidades sociais e culturais e amplíe así a súa visión do mundo. A lectura de obras significativas da literatura universal contribúe a que os estudantes desenvolvan a competencia lingüística e afiancen os hábitos lectores que deberon adquirir nos anteriores cursos da ESO. Os adolescentes afástanse paulatinamente da mera lectura argumental de obras próximas ao seu ámbito de experiencias, para acceder a obras complexas que reclaman habilidades de interpretación máis consolidadas e que abren a súa mirada a outros marcos culturais e espaciais de diferentes épocas.

Esta materia invita a que o alumnado aprecie a lectura como unha experiencia enriquecedora, baseada tanto na construción do sentido do texto como no recoñecemento das súas particularidades expresivas e discursivas. Ademais, permite a apropiación dun mapa de referencias compartidas á vez que convida ao cuestionamento crítico dun canon que deixou fóra gran parte das obras escritas por mulleres ou por autoras e autores non occidentais.

Esta proposta amálgama os grandes temas da literatura coas distintas formas e xéneros en que se concretaron en cada obra e momento histórico. O eixe temático ofrece unha base que permite atravesar épocas e contextos culturais, establecer relacións entre o hoxe e o onte e entre literaturas diversas e conectar con cuestións que lle preocuparon á humanidade ao longo dos séculos e acerca das que aínda hoxe se preguntan os adolescentes e a xuventude.
A materia de Literatura Universal debe contribuír ao desenvolvemento do individuo como lector competente, capaz de comparar e identificar textos literarios de distintas épocas, autores e autoras. Deste xeito, o alumnado de bacharelato adquirirá hábitos de traballo e estudo que favorecerán a capacidade de aprendizaxe autónomo.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Ler, interpretar e valorar clásicos da literatura universal atendendo tanto ás relacións internas dos elementos constitutivos do xénero e ás súas funcións nas obras como ás relacións externas das obras co seu contexto de produción e á súa inscrición na tradición cultural, para ampliar as posibilidades de gozo da literatura e para estimular a creatividade literaria e artística.	4					1		1-2-31-32-42

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX2 - Ler de maneira autónoma clásicos da literatura universal como fonte de pracer e de coñecemento e compartir experiencias de lectura para construír a propia identidade lectora e gozar da dimensión social da lectura.	2-4			3	12-50			1-2-31
OBX3 - Establecer vínculos entre obras de diferentes épocas, contextos, xéneros e linguaxes artísticas recoécendo as semellanzas e as diferenzas en función dos seus respectivos contextos de produción e da interrelación entre literatura e sociedade, para constatar a existencia de universais temáticos e canles formais recorrentes ao longo da historia da cultura.	1-2-4			1	50	1		1-2
OBX4 - Consolidar un marco de referencias compartidas a partir do coñecemento dalgúns trazos dos principais movementos estéticos e algunhas das obras literarias máis relevantes do patrimonio universal para conformar un mapa cultural no que inscribir as experiencias literarias e culturais persoais.	4			2-3		1		1-2-41-42
OBX5 - Participar na construción dun canon literario universal que integre a perspectiva de experiencia das mulleres a través da lectura de obras de escritoras e que supere os marcos da cultura occidental para desenvolver o pensamento crítico con respecto á construción discursiva do mundo e dos seus imaxinarios.	1-2-4				40	1		1-2

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	El origen de la literatura: mitología oriental	Esta unidade didáctica está dedicada ao estudo orixe da literatura ligada a la tradición oral das primeiras culturas	10	15	X		
2	El origen de la literatura: mitología griega y romana	Esta unidade didáctica estudará os principales mitos clásicos e as representación artísticas ao longo da historia da cultura	10	15	X		
3	El origen de la literatura: mitología hebrea	Esta unidade didáctica estará dedicada ao estudo do Antiguo Testamento e a os contos do Talmud como base da nosa cultura occidental	15	20	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
4	Mundos imaxinados: mitos, utopías, distopías e ciencia ficción	Esta unidade didáctica abordará o estudo da mitoloxía literaria, a construción e desenvolvemento da figura do heroe, a creación de espazos imaxinarios, viaxes a mundos de lenda e o deseño de criaturas fantásticas que integran a narrativa mítica. Estudaranse tamén os conceptos de utopía e distopía e as súas principais manifestacións literarias. O docente proporcionará unha selección de textos procedentes da literatura universal para a identificación e análise dos seus trazos máis salientables. Para a realización da tarefa final, a clase quedará dividida en grupos. Cada un deles encargarase do deseño dunha das fases da construción dun REA sobre as figuras fantásticas que integran o noso imaxinario cultural: listaxe de seres de ficción procedentes do cómic, a literatura e o cine, redacción das descricións de cada un, confección dun Quen é quen? arredor deles e construción orixinal dunha nova figura fantástica, as súas características, espazo no que se move e historia mítica que a define.	10	15		X	
5	Mundos observados: o conto e a novela. Os "clásicos" da literatura universal	Esta unidade abordará o estudo das características máis destacadas do conto e a novela, dedicando especial atención á temática da desigualdade, a discriminación, a violencia, os abusos de poder, o colonialismo e a emancipación, as guerras e revolucións e a súa influencia na identidade propia e cultural. O docente realizará unha escolma de textos significativos ao respecto para localizar e comentar estes aspectos, xunto cos trazos formais e estruturais que definen o conto e a novela. Como tarefa final, proponse ao alumnado a creación dun muro dixital onde realicen un percorrido histórico pola produción narrativa das principais autoras da literatura universal, os movementos e correntes aos que se adscribiron, as súas obras máis representativas e as temáticas ás que se achegaron, establecendo paralelismos e diferenzas entre as súas respectivas traxectorias artísticas.	15	15		X	
6	Mundos de evasión: a literatura de aventuras, a novela policíaca e a literatura de terror	Nesta unidade, analizaremos aquelas modalidades narrativas que teñen como obxectivo principal entreter, feito que representa a esencia mesma da ficción. Estas novelas presentan ao lector un mundo imaxinario onde ao protagonista se lle outorgan as características dun heroe en conflito co seu entorno. O/A profesor/a	10	15		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
6	Mundos de evasión: a literatura de aventuras, a novela policíaca e a literatura de terror	distribuirá unha serie de textos de novelas significativas adscritas aos chamados mundos da evasión para que o alumnado recoñeza se se trata dunha novela de aventuras, policial ou de terror e identifique os trazos característicos de cada un destes xéneros. A clase dividirase en tres grupos para que cada un deles elabore un muro (utilizando, por exemplo, un padlet) coas características principais que identifiquen estas novelas. A continuación, deberán buscar exemplos de obras clásicas dentro de cada un destes xéneros e realizar unha exposición oral na que aborden a súa autoría, época histórica, argumento da obra, conflitos tratados e influencias con outras obras.	10	15		X	
7	A arte como compromiso: a literatura de ideas	Escritores e escritoras de todas as épocas denunciaron nos seus textos algunhas das secuelas que arrasan o noso mundo. A través dos seus textos, un escritor ou escritora pode criticar certos aspectos da sociedade e defender unha cuestión ética, política, social ou relixiosa, intervindo nos asuntos públicos de forma directa. A literatura como elemento de denuncia social está presente en obras emblemáticas da historia da literatura universal. O docente presentará en clase algúns temas de actualidade recente (por exemplo, a guerra de Ucraína) e pediralle ao alumnado que realice un traballo de investigación en grupo sobre as orixes e causas deste conflito. A continuación, deberá elaborar un texto de creación literaria que reflicta esta situación e defenda unha postura concreta. Podemos rematar cun debate en clase ao redor dos textos e temas tratados.	10	15			X
8	A literatura contra a barbarie: a novela	O cómic e o cinema son medios de comunicación verbo-icónica que narran historias nas que interveñen un ou varios personaxes. Ambos medios son un produto cultural que posúen os seus códigos propios e que gozan do aprecio do público adolescente. A maioría das bibliotecas dos centros educativos contan con seccións cada vez máis completas de cinema e cómic. Algunhas películas están baseadas en tramas ou técnicas de animación que teñen as súas orixes no cómic. É habitual que os filmes conten con guion visual ou Storyboard na engrenaxe da produción audiovisual. O alumnado visionará unha película que estea baseada nun cómic (Engurras, Persépole, O azul é unha cor	10	15			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
8	A literatura contra a barbarie: a novela	cálida, etc) e, a continuación, divididos en grupos, realizarán un exercicio de Storyboard que represente unha parte da historia. Isto permitiranos conceptualizar a historia e ver como a interpreta cada grupo. Como actividade final, pódese xerar un debate para analizar como o texto fílmico reproduce a historieta.	10	15			X
9	A literatura contra a barbarie: a novela, cómic y cine	A literatura adaptada a outros soportes como o cómic eo audivisual	10	15			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	El origen de la literatura: mitología oriental	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos nos que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	O alumnado será quen de producir textos de intención literaria respectando as convencións dos xéneros e empregando con eficacia os principais recursos expresivos a través dun formato audiovisual.	PE	70
CA1.5 - Comparar textos ou fragmentos literarios entre si e con outras manifestacións artísticas argumentando oralmente ou por escrito os elementos de semellanza e contraste, tanto no relativo a aspectos temáticos e de contido coma formais e expresivos, atendendo tamén aos seus valores éticos e estéticos.	O alumnado será capaz de comparar axeitadamente, desde o punto de vista temático, formal, ético e estético, textos procedentes da literatura universal con outras expresións culturais ou artísticas.		
CA1.6 - Desenvolver proxectos de investigación que se concreten nunha exposición oral, nun texto argumentativo ou nunha presentación multimodal que mostren unha resposta persoal ao redor dunha cuestión que estableza vínculos argumentados entre os clásicos da literatura universal obxecto de lectura guiada e outros textos e manifestacións artísticas, en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe, recursos expresivos e valores éticos e estéticos.	O alumnado será quen de colaborar axeitadamente na creación dun videopoema ou un videoclip, establecendo de forma razoada os vínculos artísticos entre a poesía lírica e a música.		
CA2.8 - Realizar un proxecto de investigación sobre autoras de relevancia, obras literarias de contextos non occidentais ou sobre cuestións temáticas ou formais que acheguen unha mirada diversa e crítica sobre a construción de imaxinarios que propón a tradición literaria.	O alumnado será quen de realizar un proxecto de investigación sobre a evolución dos tópicos na poesía e na música actuais, como reflexo da evolución da sociedade desde o punto de vista da igualdade.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras.	O alumnado será capaz de interpretar correctamente os textos lidos, vinculándoos ao contexto da obra, a tradición literaria á que pertence e ás características dos xéneros e subxéneros estudados.		
CA1.3 - Elaborar unha interpretación persoal a partir da lectura autónoma de obras relevantes da literatura universal atendendo a aspectos temáticos, estruturais e estilísticos, de xénero e subxénero, valores éticos e estéticos das obras, establecendo vínculos argumentados con outras obras e outras experiencias artísticas e culturais.	O alumnado será quen de trasladar a análise de textos literarios do patrimonio universal, expresando axeitadamente as súas claves interpretativas e comparándoas con outras expresións artísticas.	TI	30
CA2.7 - Elaborar de maneira individual ou colectiva unha exposición multimodal que sitúe os textos lidos no seu horizonte histórico-cultural e que ofreza unha panorámica de conxunto sobre movementos artísticos e obras relevantes da literatura universal.	O alumnado será capaz de realizar, seguindo axeitadamente as pautas proporcionadas, unha exposición multimodal arredor da presenza e evolución dos tópicos literarios na poesía lírica e na música.		
CA3.4 - Acceder a diversas manifestacións da cultura literaria no marco dun itinerario lector persoal que enriqueza, de forma consciente e sistemática, a propia identidade lectora e que facilite compartir as propias experiencias de lectura utilizando unha metalinguaxe específica.	O alumnado será quen de acceder de maneira autónoma ás distintas manifestacións da cultura literaria, expresando de forma específica os motivos da súa elección e a experiencia lectora vinculada a ela.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Dicir o eu. Identidade e literatura.
- Poesía lírica.
- A canción, forma de expresión dos sentimentos.
- Construción compartida da interpretación das obras a través de discusións ou conversacións literarias.
- Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos.
- Identificación e análise dos tópicos literarios como elementos de continuidade na creación literaria.
- Utilización da información socio-histórica, cultural e artística necesaria para interpretar as obras e comprender o seu lugar e importancia na tradición literaria.
- Establecemento de vínculos intertextuais entre obras e outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas, estilos e linguaxes. Elementos de continuidade e de ruptura.
- Expresión argumentada da interpretación dos textos integrando os diferentes aspectos analizados e atendendo aos seus valores culturais, éticos e estéticos.
- Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos atendendo aos procesos de comprensión e de oralización implicados.
- Creación de textos de intención literaria a partir das obras lidas.
- Selección das obras de maneira autónoma e coa axuda de recomendacións especializadas.

Contidos
- Utilización autónoma e frecuente de bibliotecas. Acceso a outras experiencias culturais. - Expresión argumentada dos gustos lectores persoais. Diversificación do corpus lido. - Expresión da experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e atendendo a aspectos temáticos, estruturais, estilísticos, xenéricos e aos valores éticos e estéticos das obras. - Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade ou con outras manifestacións artísticas.

UD	Título da UD	Duración
2	El origen de la literatura: mitología griega y romana	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.6 - Desenvolver proxectos de investigación que se concreten nunha exposición oral, nun texto argumentativo ou nunha presentación multimodal que mostren unha resposta persoal ao redor dunha cuestión que estableza vínculos argumentados entre os clásicos da literatura universal obxecto de lectura guiada e outros textos e manifestacións artísticas, en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe, recursos expresivos e valores éticos e estéticos.	O alumnado será quen de colaborar axeitadamente na realización e edición dun relato dixital, establecendo de forma razoada os vínculos artísticos entre a literatura biográfica e o mundo audiovisual.	PE	60
CA2.1 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras.	O alumnado será capaz de interpretar correctamente os textos lidos, vinculándoos ao contexto da obra, a tradición literaria á que pertence e ás características dos xéneros e subxéneros estudados.		
CA2.5 - Comparar textos ou fragmentos literarios entre si e con outras manifestacións artísticas argumentando oralmente ou por escrito os elementos de semellanza e contraste, tanto no relativo a aspectos temáticos e de contido coma formais e expresivos, atendendo tamén aos seus valores éticos e estéticos.	O alumnado será capaz de comparar axeitadamente, desde o punto de vista temático, formal, ético e estético, textos procedentes da literatura universal con outras expresións culturais ou artísticas.		
CA2.8 - Realizar un proxecto de investigación sobre autoras de relevancia, obras literarias de contextos non occidentais ou sobre cuestións temáticas ou formais que acheguen unha mirada diversa e crítica sobre a construción de imaxinarios que propón a tradición literaria.	O alumnado será quen de realizar axeitadamente un proxecto de investigación sobre as grandes preocupacións da sociedade actual, previo á construción dun relato existencial en formato dixital.		
CA3.2 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos nos que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	O alumnado será quen de producir textos de intención literaria respectando as convencións dos xéneros e empregando con eficacia os principais recursos expresivos a través dun formato audiovisual.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Elaborar unha interpretación persoal a partir da lectura autónoma de obras relevantes da literatura universal atendendo a aspectos temáticos, estruturais e estilísticos, de xénero e subxénero, valores éticos e estéticos das obras, establecendo vínculos argumentados con outras obras e outras experiencias artísticas e culturais.	O alumnado será quen de trasladar a análise de textos literarios do patrimonio universal, expresando axeitadamente as súas claves interpretativas e comparándoas con outras expresións artísticas.	TI	40
CA1.4 - Acceder a diversas manifestacións da cultura literaria no marco dun itinerario lector persoal que enriqueza, de forma consciente e sistemática, a propia identidade lectora e que facilite compartir as propias experiencias de lectura utilizando unha metalinguaxe específica.	O alumnado será quen de acceder de maneira autónoma ás distintas manifestacións da cultura literaria, expresando de forma específica os motivos da súa elección e a experiencia lectora vinculada a ela.		
-Lectura de textos adscritos aos distintos xéneros discursivos para captar a información relevante, realizar as inferencias necesarias para a súa correcta e completa comprensión, recoñecer a relación entre a idea principal e as

secundarias, identificar a súa estrutura interna e externa e interpretar os fragmentos propostos, tendo en conta as súas características formais e temáticas.

-Lectura dixital (e-book ou PDF, entre outros), para o desenvolvemento dunha competencia lectora parcialmente diferente á empregada na comprensión e análise dos textos impresos. No caso dos xéneros dixitais, é necesaria a correcta observación e interpretación do hipertexto para asimilar completamente a multiplicidade de significados do fragmento base. Polo tanto, o lector ou lectora adquire un maior protagonismo ao construír o seu propio itinerario de lectura, fronte á linealidade do proceso asociado ao libro impreso ou tradicional.

-Lectura guiada, comprensiva e expresiva de textos pertencentes á literatura universal, para a identificación de itinerarios temáticos e xenéricos, a análise dos seus elementos constitutivos, os seus efectos no receptor, a localización da información sociohistórica, cultural e artística asociada á tradición literaria á que representa e os seus vínculos intertextuais.

-Configuración de grupos de traballo colaborativos para o desenvolvemento de actividades que vinculen as obras lidas con certos aspectos da literatura, a historia, a sociedade e a actualidade, outros textos e manifestacións artísticas e culturais. A partir da lectura das obras seleccionadas, deseñaranse REA, actividades de gamificación, catálogos ou menús literarios, produtos multimedia nas que se condensen as reflexións e conclusións de lectura e coloquios literarios, entre outros.

-Composición de recomendacións ou recensións das obras de lectura traballadas a través de exposicións orais, booktrailers e outras aplicacións multimedia de carácter compilatorio.

4) Utilización de recursos para mellorar a oralidade a través dun amplo corpus de materiais audiovisuais que incidan na comprensión de textos académicos e literarios, favorezan a interpretación doutras manifestacións artísticas como a danza, a música ou o cine e desenvolvan a capacidade estética do alumnado.

5) Creación de textos escritos con diversas finalidades (narrar, describir, informar, expoñer, argumentar...), pertencentes aos ámbitos literario e académico, seguindo as distintas fases da construción textual: a planificación das ideas a través dun borrador, determinando o propósito comunicativo e o destinatario; a redacción; a revisión e a edición final, incidindo na corrección formal (puntuación, ortografía, estruturas gramaticais, ampliación de vocabulario e presentación).

6) Elaboración de resumos, esquemas, sínteses e mapas conceptuais a partir de textos orais e escritos para fomentar no alumnado a conciencia da propia comprensión textual.

7) Exercitación de comentarios e actividades de comprensión de textos escritos e multimodais literarios referidos á forma e ao contido dos fragmentos propostos, vinculándoos temática e/ou estilisticamente con outras expresións ou manifestacións artísticas.

8) Creación de textos con intención literaria e conciencia de estilo a partir de modelos dados, en distintos soportes, respectando os diferentes moldes xenéricos.

9) Deseño de proxectos de investigación sobre temas curriculares que impliquen a procura e selección da información procedente de diversas fontes e a súa transformación nun produto final a través do que o alumnado transfira as súas propias conclusións e as comunique de xeito orixinal e creativo.

10) Emprego de dicionarios impresos e dixitais, propiciando o seu uso como unha forma de ampliar o caudal léxico do alumnado e de resolver as súas dúbidas lingüísticas e morfosintácticas.

11) Manexo dos recursos propios das Tecnoloxías da Información e a Comunicación para a procura de datos, a realización de traballos multimedia e a creación de espazos virtuais con material didáctico integrado.

12) Utilización dos fondos, servizos e recursos da Biblioteca escolar como espazo creativo de aprendizaxe e construción de novos coñecementos a través da consulta de libros, dicionarios, xornais, materiais audiovisuais, potenciando tamén a lectura autónoma para a creación dunha identidade lectora sólida e definida, fundamentada no enriquecemento cultural e a interrelación entre as distintas áreas do saber.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Documentos e recursos elaborados ou facilitados polo profesor ou profesora.
Escolma de textos variados orais, escritos e multimodais en diversos formatos e soportes.
Selección de fragmentos e/ou obras de lectura obrigatorias e voluntarias coas súas correspondentes guías de lectura.
Boletíns con actividades de reforzo, ampliación e recuperación.
Actividades interactivas, animacións, vídeos e espazos dixitais para a construción de novas aprendizaxes.
Recursos e aplicacións informáticas e multimedia.
Materiais de investigación e consulta.
Emprego do debate como ferramenta que estimula o seu interese e a súa capacidade para reflexionar, relacionar, consolidar coñecementos, respectar opinións e extraer conclusións.

A selección dos materiais docentes que integran a programación didáctica da materia de Literatura Universal debe adaptarse ao modelo de intervención educativa proposto. Neste sentido, ha de dar resposta á adecuación ao contexto do centro, á correspondencia cos obxectivos trazados, á coherencia cos contidos e temas transversais estudados e o seu grao de adquisición e dificultade e aos criterios de avaliación definidos. Ademais, debe abarcar unha grande variedade de actividades individuais e grupais que poñan en práctica os conceptos e procedementos estudados e aborden axeitadamente a atención á diversidade na aula. Finalmente, todos os recursos utilizados han de presentar unha claridade expositiva que favoreza a inmediata comprensión oral e escrita do alumnado.

Así pois, a proposta metodolóxica para a materia de Literatura Universal supón, ademais dos materiais teóricos necesarios para o desenvolvemento de cada unidade didáctica, o emprego dunha grande variedade de textos literarios orais, escritos e multimodais para a súa análise e comentario.

A escolma de fragmentos e obras de lectura obrigatorias e voluntarias, como obxecto de observación, reflexión, comentario e crítica, pretende enriquecer a experiencia lectora do alumnado, a través de textos de autores e autoras relevantes da literatura clásica e contemporánea, procedentes do patrimonio universal. Así mesmo, convén insistir no deseño de actividades que favorezan o desenvolvemento do pensamento abstracto e asociativo dos e das estudantes, establecendo as relacións histórico-culturais entre as obras literarias e outras manifestacións artísticas e/ou filosóficas do mesmo ou distinto período cronolóxico. Planificaranse, polo tanto, tarefas nas que prime a análise intra e intertextual, así como o estudo da evolución dos temas, tópicos, estruturas e códigos comunicativos ao longo da historia de literatura, en comunión cos cambios na mentalidade e na organización social operados desde a Idade Media ata a actualidade.

O emprego de fichas de traballo, actividades interactivas, animacións, vídeos e aplicacións multimedia permiten o reforzo, consolidación e afondamento das aprendizaxes adquiridas, a escoita activa, a empatía e o debate a través de tarefas competenciais próximas á realidade persoal, social e académica do alumnado. Favorece tamén a investigación sobre temas de actualidade e problemas reais e a activación de estratexias e mecanismos de comprensión lectora a partir de textos literarios e non literarios, posto que implica a procura de información, a interpretación e relación dos datos obtidos e a reflexión sobre o contido e a forma.

O visionado de material cinematográfico e audiovisual sentará as bases do coloquio posterior e servirá para afondar nos contidos abordados en cada unidade, ademais de propiciar o traballo investigador, grupal e por proxectos proposto nas unidades didácticas da materia.

O emprego das TIC constitúe un recurso ineludible, pois actúa como ferramenta fundamental para a obtención de información, a súa transformación en coñecemento propio e a difusión dos resultados de proxectos e traballos de

investigación. Potenciarase a creación de recursos dixitais individuais, como o portfolio ou o diario de lectura; colectivos, como o blogue de aula ou os murais interactivos; ou a utilización de aplicacións informáticas para a gravación das producións orais dos estudantes. Neste sentido, recoméndanse, entre outros, os seguintes materiais de consulta:

Dicionario da Real Academia Española: www.rae.es
Dicionario Panhispánico de Dúbidas: www.rae.es/dpd
Compilación da obra lírica dos poetas más relevantes en lingua castelá: www.los-poetas.com
Espazo para a creación poética propia, a confección de libros virtuais, a compilación lírica e o comentario de textos de outros autores: www.poemas-del-alma.com
Ampla colección de audio e videopoemas: www.palabravirtual.com
Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes: http://cervantesvirtual.com
Portal de recursos educativos Leer.es: https://leer.es/
Biblioteca dixital con máis de catro mil títulos de Literatura clásica e contemporánea en castelán: http://eleo.mecd.gob.es/opac/?locale=es#indice
Plataforma educativa para traballar a comprensión lectora: https://www.intralineas.com/
Páxina web do ITE (Instituto Nacional de Tecnoloxías Educativas: https://intef.es/recursos-educativos/recursos-para-el-aprendizaje-en-linea/
Wikiversidad: https://es.wikiversity.org/wiki/Portada
Lugares, libros e autores: https://www.worldliteraryatlas.com/es
Literatura universal, en español: https://www.march.es/es/madrid/literatura-universal-espanol
Poéticas: http://poeticas.es/?page_id=2
A media voz: http://amediavoz.com/traducciones.htm
Cine e educación: https://educomunicacion.es/cineyeducacion/index.htm

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Na primeira semana de clase, haberá unha proba escrita sobre cuestións propias da materia a efectos de achegar datos para a avaliación inicial..

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
Peso UD/ Tipo Ins.	**10**	**10**	**15**	**10**	**15**	**10**	**10**
Proba escrita	70	60	60	70	60	45	70
Táboa de indicadores	30	40	40	30	40	55	30

Unidade didáctica	UD 8	UD 9	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	**10**	**10**	**100**
Proba escrita	60	55	**61**

Unidade didáctica	UD 8	UD 9	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	10	100
Táboa de indicadores	40	45	39

Criterios de cualificación:

En cada avaliación, ponderaranse dúas variables:
a) Cuestionarios e textos escritos: 40%
b) Traballos, segundo táboas de indicadores (rúbricas, escalas de valoración, etc): traballos escritos, proposta de accións, participación no traballo grupal con adecuación ás normas de cortesía lingüística, elaboración de proxectos e exposicións: 60%. Estas propostas se concretarán no inicio de cada evaluación coa ponderación de cada tarefa.
Cada falta de ortografía (tildes ou grafía) descontará 0,20 na nota da proba.
A ponderación efectuarase segundo as porcentaxes establecidas nas respectivas unidades didácticas
Cada falta de ortografía (tildes ou grafía) descontará 0,20 na nota da proba.
Avaliación final:
O alumnado superará a materia en dous supostos:
1.- Ten avaliación positiva nas tres avaliacións.
2.- A media entre as tres avaliacións, aplicando o redondeo, é igual ou superior a 5.
A cualificación final será a media aritmética das tres avaliacións, logo de aplicar o redondeo.

Criterios de recuperación:

En caso de rematar unha avaliación con resultados negativos, realizarase unha proba escrita sobre o contido específico desa avaliación. En caso de obter cualificación positiva, será esta a nota que se terá en conta para a avaliación final.

En caso de non ter superada a materia segundo os anteriores supostos antes da avaliación final ordinaria, esta poderá recuperarse mediante a realización dun exame global. A cualificación será positiva en caso de acadar 5 ou máis puntos.

En caso de non superar a materia na convocatoria ordinaria, accederase a unha proba global que se realizará no mes de xuño, segundo calendario establecido por xefatura de estudos. A cualificación será positiva en caso de acadar 5 ou máis puntos.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Fará o seguimento da materia pendente a persoa que ocupe a xefatura do departamento, quen informará e orientará ao alumnado afectado desde o primeiro mes de clase e ata o remate do procedemento.
A materia estará recuperada en caso de superar os dous exames parciais a realizar en decembro e abril. En tal caso, a cualificación obtense da media das dúas probas, con aplicación de redondeo.
De non recuperar a materia por tal vía, haberá un exame global a final do curso, en data fixada pola xefatura de estudos.

6. Medidas de atención á diversidade

As aulas reflicten a diversidade da sociedade na que vivimos. O recoñecemento da diversidade do alumnado constitúe un principio fundamental que debe rexer toda acción educativa. Unha das finalidades da educación é asegurar a igualdade de oportunidades de todos os alumnos e alumnas poñendo os medios para evitar o fracaso escolar e o risco de abandono do sistema educativo.

A atención á diversidade enténdese como o conxunto de actuacións educativas dirixidas a dar resposta ás diferentes capacidades, motivacións e intereses, ritmos e estilos de aprendizaxe e situacións persoais do alumnado. Estas medidas oriéntanse a alcanzar os obxectivos e as competencias establecidas para bacharelato e réxense polos principios de equidade, calidade e igualdade de oportunidades, non discriminación, integración, accesibilidade e cooperación da comunidade educativa.

As medidas de atención á diversidade deben atender ao principio de inclusión educativa. Isto supón recoñecer a lexitimidade das diferenzas de todos os individuos, asumíndoas como un valor que enriquece o contexto educativo. Este principio establece que o alumnado, sexa cal sexa a súa condición persoal, poden aprender que a súa contorna educativa ofreza condicións necesarias de acceso e outorgue experiencias de aprendizaxe significativas para todos e todas.

Neste sentido, faise preciso establecer medidas, metodoloxías e compoñentes que permitan ao profesorado abordar con garantías a diversidade das súas aulas. O plan de atención concretarase nos seguintes elementos:

-Combinación de metodoloxías e fíos condutores das unidades didácticas, vinculados ao desenvolvemento emocional do alumnado e á súa integración no grupo. Uso de métodos diferenciados que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado e favorezan a capacidade de aprender por si mesmos.
-Diversidade de agrupamentos e tarefas propostos, articulación de itinerarios diferenciados e combinación de linguaxes e soportes orientados a satisfacer as esixencias de aprendizaxe de cada alumno ou alumna e a permitir o seu desenvolvemento individual.
-Deseño de programas específicos de reforzo e de ampliación destinados a mellorar as posibilidades de alcanzar os obxectivos da etapa.
-Realización de proxectos significativos para o alumnado. O deseño de tarefas e proxectos de traballo debe basearse en contextos auténticos e recoñecibles. Alén diso, o traballo colaborativo en proxectos debe potenciar que cada adolescente teña os seus tempos e os seus espazos de protagonismo e o recoñecemento da súa valía persoal e da súa capacidade de contribuír a desenvolver a actividade, reforzando así a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.
-O traballo cooperativo, coa proposta de tarefas nas que o alumnado debe regular a súa conduta, a súa expresión e a súa capacidade para relacionarse cos demais. A través do diálogo e da interacción entre o alumnado, contribuirase a desenvolver a capacidade de participar activamente nun equipo, a reflexión sobre as propias ideas, o respecto crítico a outros puntos de vista, o recoñecemento dos propios valores e limitacións, a adaptación ás necesidades colectivas, a asunción de responsabilidades e o respecto ás normas acordadas.
-A resolución de problemas e conflitos en colaboración e a toma de decisións baseadas en xuízos morais, co fin de contribuír á adquisición das competencias necesarias para seguir os procesos de pensamento, utilizar o razoamento e analizar criticamente os problemas sociais e históricos.
-A gradación da aprendizaxe. O desenvolvemento das capacidades e dos contidos deberá facerse dun xeito gradual e progresivo, de maneira que se vaian adquirindo habilidades máis complexas que propicien a aprendizaxe individual e autónoma.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.2 - A competencia dixital	X	X	X	X	X	X		
ET.3 - A educación emocional e en valores		X	X		X		X	
ET.4 - A creatividade e a formación estética	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - A igualdade de xénero	X		X	X			X	X
ET.6 - O compromiso co desenvolvemento sostible					X		X	
ET.7 - A convivencia igualitaria, inclusiva, pacífica e democrática		X			X		X	X

	UD 9
ET.1 - Fomento do espírito crítico e científico	X
ET.2 - A competencia dixital	X
ET.3 - A educación emocional e en valores	X
ET.4 - A creatividade e a formación estética	X
ET.5 - A igualdade de xénero	
ET.6 - O compromiso co desenvolvemento sostible	X
ET.7 - A convivencia igualitaria, inclusiva, pacífica e democrática	X

Observacións:

No artigo 19 do Anteproxecto do Decreto polo que se establece a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia establécese que, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias da etapa, a comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o emprendemento social e empresarial, o fomento do espírito crítico e científico, a educación emocional e en valores, a igualdade de xénero e a creatividade traballaranse en todas as materias.

A acción educativa debe fomentar de maneira transversal valores como a igualdade entre homes e mulleres, a non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, a resolución pacífica de conflitos, a educación para a saúde, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.

As situacións de aprendizaxe desta materia deben adestrar o alumnado no uso de valores que lle permitan facer un uso eficaz e ético das palabras; ser respectuosos coas diferenzas; ser competentes para exercer unha cidadanía dixital activa; ser capaces de aprender por si mesmos e colaborar e traballar en equipo; ser creativos e emprendedores. Tamén deben estar comprometidos co desenvolvemento sostible e a salvagarda do patrimonio artístico e cultural, a defensa dos dereitos humanos e a convivencia igualitaria, inclusiva, pacífica e democrática.

Evitaremos os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

A materia debe contribuír tamén a incorporar elementos relacionados co desenvolvemento sostible e a protección do medio ambiente e coas situacións de risco derivadas do uso das TIC.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Entrevistas ficticias a autores e autoras representativos da literatura universal.	O docente dividirá a clase en grupos e outorgaralle a cada un deles un autor ou autora representativo do programa do curso. Cada grupo recabará información sobre ese autor ou autora e preparará unha entrevista atendendo a aquelas cuestións que considere relevantes da súa obra. Unha persoa do grupo fará de entrevistado, outro de xornalista, outro de editor e outro montará a entrevista nun blogue de aula. Esta actividade permitirá afondar nos coñecementos sobre a figura e obra do autor ou autora estudado, fomentará a creación literaria, a expresión escrita e a comprensión lectora. Para realizar as tarefas demandas, o alumnado deberá aprender a xestionar e seleccionar correctamente a información, terá que traballar en equipo e ser hábil coas ferramentas dixitais.		X	
Organización dun club de lectura dentro da aula.	Esta é unha actividade idónea para fomentar o gusto pola lectura de textos complementarios ao curriculo da materia. Tamén é unha actividade a través da que podemos fomentar a expresión oral e o debate en clase. Ademais, permite introducir temas transversais como o respecto pola quenda de palabra, a convivencia, o traballo en grupo e a formación estética.	X		

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Gravación de podcast con lecturas de textos literarios do programa da materia.	O alumnado pode gravar textos literarios de clase e facer unha posta en común dos trazos máis significativos deses textos co resto de compañeiros e compañeiras de clase. A lectura enriqueceríase coa selección de música apropiada para cada texto concreto, explicando ao resto de compañeiros e compañeiras o porqué da elección desa composición musical.	X		
Elaboración de booktráilers con comentarios de obras que forman parte do programa da materia.	Esta actividade é idónea para que o alumnado sexa o protagonista do proceso de aprendizaxe. Os comentarios e exposicións realizadas polo propio alumnado espertarán máis interese entre os estudantes.		X	
Cine-Fórum.	O visionado de películas é un excelente vehículo para completar e enriquecer as aprendizaxes do noso alumnado. Podemos visionar películas baseadas nalgúns dos libros lidos en clase. Esta actividade, ademais de relacionar linguaxes distintas, axudará a mellorar as habilidades de comunicación do alumnado, as destrezas sociais (capacidades conversacionais tanto verbais como non verbais) e a expresión de emocións. Tamén é unha actividade idónea para potenciar a autoestima dos participantes.		X	
Roteiros literarios.	A literatura é unha das fontes culturais máis ricas do noso patrimonio. A través das obras de grandes autores e autoras, é posible coñecer a sociedade e cultura de diferentes momentos da historia, así como gozar coas súas historias e personaxes. Joyce, Homero, Dickens, Verne, Jane Austen ou Cervantes son algúns dos literatos que deixaron pegada en diferentes espazos. O docente seleccionará unha serie de textos e o alumnado, dividido en grupos, deberá localizar os espazos que detallan os escritores e escritoras e propoñer un percorrido para gozar do noso patrimonio literario. En primeiro lugar, o alumnado terá que deseñar un mapa interactivo no que se visualicen os escenarios da obra en cuestión. A continuación, deberá elaborar unha guía de viaxe que percorra os mesmos escenarios nos que se desenvolven as tramas, o lugar onde se escribiu a novela ou utilizar os medios de transporte nos que viaxaron os protagonistas.			X

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Biografías de personaxes femininos representativos da literatura universal.	Desde a antigüidade clásica ata a actualidade, escritores e escritoras de todas as épocas obsequiáronnos a través das súas creación con algunhas das protagonistas máis inesquecibles da historia da literatura. Estes grandes personaxes literarios funcionan como espellos a través dos que se miran as sociedades no seu percorrido pola historia. Propoñeremos ao alumnado que investigue nas obras do programa e realice unha selección destas protagonistas femininas (Medea, Julieta, Emma Bovary, Ana Karenina, Margueritte Duras, etc). A continuación, elaborará, coa axuda do profesorado, un REA no que informe sobre o contexto histórico do personaxe, escriba a súa biografía, a relacione con algunha historia recente aparecida nos medios de comunicación e imaxine unha trama con este personaxe adaptada ao momento presente.			X
Proyecto na Biblioteca do centro: lee para estar mellor	Selección de obras literarias para cada potenciar la educación emocional	X	X	X
Encontros con autores contemporáneos	Actividade para conocer e fallar con es rotores actuáis			X

Observacións:
As actividades complementarias están deseñadas para que o alumnado poida perfeccionar as súas aprendizaxes e así obter un mellor rendemento durante o seu proceso de ensino-aprendizaxe. Desde este departamento consideramos necesario que a adquisición dos coñecementos non só leve a cabo na aula. Deste xeito, entendemos que unha parte importante da nosa materia debe ser desenvolta tamén a través das actividades complementarias.

A diversidade de actividades persegue que o alumnado senta motivado para participar en proxectos colectivos enfocados aos seus centros de interese, ás súas afeccións particulares e aos seus propios ritmos de aprendizaxe. Isto deberá contribuír a que os estudantes poidan alcanzar máis facilmente os obxectivos establecidos para esta materia. Estas actividades están destinadas, principalmente, a favorecer o desenvolvemento e o gusto pola lectura e a escritura, obxectivos básicos da materia de literatura universal.

A materia tamén contribúe especialmente ao fomento da apreciación cultural e a educación do gusto que desenvolve a competencia en conciencia e expresións culturais. Tanto polos contidos teóricos desta materia como polos fragmentos textuais que se traballan nas actividades complementarias, os alumnos entrarán en contacto coas grandes obras e os grandes autores universais, achegándose así ao patrimonio cultural mundial.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Ao comezo de cada unidade, infórmase ao alumnado sobre os obxectivos propostos, as actividades que se realizarán e os instrumentos e criterios de avaliación.

A planificación e distribución do tempo asignado a cada tarefa é axeitada.
Aplicouse a metodoloxía didáctica establecida na programación.
Realízanse as actividades complementarias programadas.
Explicáronse e corrixíronse as actividades levadas a cabo nas distintas unidades didácticas.
Metodoloxía empregada
Ao inicio de cada unidade didáctica, realízase unha introdución sobre o tema e actividades de recoñecemento e activación dos coñecementos previos do alumnado ao respecto.
Os contidos e actividades de cada unidade didáctica parten dos coñecementos previos do alumnado e favorecen a construción progresivamente autónoma de novas aprendizaxes.
As actividades propostas son variadas en canto á súa tipoloxía e sistema de traballo (individual, por parellas, en pequeno grupo, en gran grupo).
Aplicáronse estratexias de aprendizaxe como a lectura comprensiva, a procura de información significativa, a planificación do traballo, o desenvolvemento de técnicas de síntese, análise e redacción.
Empregáronse os materiais e recursos didácticos programados.
Puxéronse en práctica medidas para estimular o hábito lector.
Aplicáronse os procedementos e criterios de avaliación establecidos na programación didáctica.
Utilizáronse diferentes instrumentos de avaliación (probas, traballos individuais e en grupo, exposicións orais, redaccións, proxectos de investigación...)
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Empregáronse recursos e materiais didácticos variados (impresos, dixitais, audiovisuais, aplicacións informáticas de carácter educativo...)
Medidas de atención á diversidade
Leváronse a cabo medidas de reforzo educativo dirixidas ao alumnado con dificultades de aprendizaxe, propoñendo novas actividades que faciliten a adquisición dos obxectivos non acadados.
Deséñanse e aplícanse actividades de ampliación e afondamento para o alumnado que acade de maneira significativa os obxectivos propostos.
Desenvolvéronse procedementos e actividades de recuperación para o alumnado con algunha avaliación suspensa.
Clima de traballo na aula
Ao comezo do desenvolvemento de cada unidade, proporciónase ao alumnado un cadro sinóptico ou mapa conceptual do tema para orientalo sobre a evolución do seu proceso de ensino-aprendizaxe.

Descrición:

A avaliación da práctica docente favorece os procedementos de análise, reflexión e debate arredor da realidade educativa do centro sobre os seguintes aspectos:
-A xestión adecuada do tempo para a planificación do proceso de ensino-aprendizaxe na aula.
-A concreción do currículo, a súa adaptación ao contexto e a organización efectiva dos contidos, actividades e obxectivos propostos.
-A avaliación dos resultados obtidos polo alumnado e a adopción das medidas de mellora adaptadas ás súas necesidades de aprendizaxe.
-A construción dun clima de empatía, confianza e convivencia harmónica na aula.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A programación didáctica da materia de Literatura Universal estará á disposición da comunidade educativa do centro e, ademais, a comezos de curso, proporcionarase ao alumnado un extracto da mesma cos seus puntos esenciais: obxectivos, criterios, instrumentos e procedementos de avaliación, materiais didácticos e sistema de recuperación.

A programación didáctica será obxecto de seguimento e avaliación a través da aplicación PROENS e poderá sufrir as modificacións precisas para adaptarse ás necesidades educativas do alumnado, en beneficio da correcta evolución do proceso de ensino-aprendizaxe e da consecución dos obxectivos establecidos. Ditas modificacións, debidamente xustificadas, figurarán tamén nas actas das reunións de departamento e na memoria final da materia.

A avaliación da programación realizarase a través dos seguintes indicadores de logro:

-A programación didáctica elaborouse de maneira coordinada coa colaboración de todos os integrantes do departamento.
-A programación didáctica especifica e completa as decisións adoptadas na concreción curricular fixada no Proxecto Educativo de Centro.
-Os criterios de avaliación establecidos valoran con efectividade a consecución dos obxectivos propostos.
-Os procedementos e instrumentos de avaliación axústanse aos criterios de avaliación indicados.
-As actividades desenvoltas adáptanse á metodoloxía didáctica programada.
-A programación didáctica contempla e manexa con eficacia os recursos e materiais necesarios para favorecer a adquisición dos contidos e obxectivos.
-A programación didáctica organiza axeitadamente os espazos e tempos destinados á realización das actividades previstas.
-A programación didáctica inclúe actividades de reforzo, ampliación e recuperación adecuados ao perfil, características e necesidades do alumnado.
-A programación didáctica é revisada ao longo do curso e inclúense nela as modificacións pactadas e realizadas.
-A programación didáctica adáptase ao contexto escolar do centro educativo.

Así mesmo, realizarase o seguimento de cada unidade didáctica a través da aplicación PROENS, estipulando e modificando, de ser o caso, a data de inicio e final da explicación de cada unha delas, o número de sesións dedicadas ao seu desenvolvemento, especificando as previstas ao comezo e as realizadas finalmente, así como o grao de cumprimento dos obxectivos indicados.

As propostas de mellora da programación didáctica derivarán da análise da efectividade da mesma e dos resultados académicos obtidos nas distintas avaliacións e examinados nas reunións de departamento celebradas ao longo do curso, cuxo contido quedará reflectido nas actas correspondentes. Ademais, na memoria final, contemplaranse as propostas de mellora, vinculadas especialmente á adaptación da metodoloxía, materiais e recursos empregados para favorecer a consecución dos obxectivos establecidos.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36018677	IES Luís Seoane	Pontevedra	2025/2026

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Matemáticas aplicadas ás CC.SS. I	1º Bac.	4	140

Tipo de oferta
Réxime xeral-ordinario

Contido **Páxina**

1. Introdución 3

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias 4

3.1. Relación de unidades didácticas 5

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas 6

4.1. Concrecións metodolóxicas 16

4.2. Materiais e recursos didácticos 17

5.1. Procedemento para a avaliación inicial 17

5.2. Criterios de cualificación e recuperación 18

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes 19

5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias 19

6. Medidas de atención á diversidade 19

7.1. Concreción dos elementos transversais 20

7.2. Actividades complementarias 21

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro 21

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora 23

9. Outros apartados 23

1. Introdución

Esta programación didáctica, está pensada para a materia de Matemáticas Aplicadas ás CCSS I do 1º curso de Bacharelato. Para a súa elaboración tívose como referencia o decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establece o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.
O IES Luís Seoane, está situado no barrio pontevedrés de Monteporreiro. A maioría do alumnado procede de clase media-baixa, moitos con problemáticas familiares. O centro tamén recibe alumnado inmigrante, alumnado do colectivo de etnia xitana e alumnado residente na Cidade Infantil Príncipe Felipe. Todo isto tradúcese en que unha boa parte dos/das alumnos/as presentan moi poucas aspiracións nos seus estudos.
Os/as alumnos/as que acceden á ESO veñen na súa maioría do CEIP Marcos da Portela do mesmo barrio, do CEIP de Xeve e do CEIP Daria González.

O centro oferta as seguintes ensinanzas:

- E.S.O., os catro cursos.
- Bacharelato, os dous cursos, podendo elixir entre tres opcións: Ciencia e Tecnoloxía, Humanidades e Ciencias Sociais e Xeral.
- Formación Profesional: FP Básica de Comercio; Ciclos Medios e Ciclos Superiores de FP pertencentes ás familias de Comercio e Marketing ou Administración e Xestión, existindo oferta tanto na modalidade presencial, como a distancia.

O Departamento de Matemáticas imparte clases neste curso nos catro niveis da ESO e nos dous do Bacharelato. Os/as alumnos/as distribúense neste curso do seguinte xeito:

- En 1º da ESO hai 3 grupos.
- En 2º da ESO hai 3 grupos.
- En 3º da ESO hai 2 grupos máis un grupo de Diversificación.
- En 4º da ESO hai 3 grupos máis o grupo de Diversificación. Neste curso o alumnado repártese en dous grupos de Matemáticas B e outros de dous de Matemáticas A.
- En 1º de Bacharelato hai 2 grupos. Neste curso o alumnado repártese nun grupo de Matemáticas I, nun grupo de Matemáticas Aplicadas ás CCSS I e noutro grupo de Matemáticas Xerais.
- En 2º de Bacharelato hai 2 grupos. Neste curso o alumnado repártese nun grupo de Matemáticas II, nun grupo de Matemáticas Aplicadas ás CCSS II e tamén hai un grupo coa materia optativa Métodos Estatísticos e Numéricos.

O Departamento de Matemáticas componse neste curso de cinco profesores/as, os cinco con horario completo e con praza definitiva. Ocupando unha das profesoras o cargo de Xefatura de Estudos. Ademáis, temos apoio (4h) dunha profesora do Deparamento de Bioloxía.

Tanto as características e contorna do centro como as características do alumnado se tiveron en conta á hora de crear os principios metodolóxicos desta programación.

O grupo de alumnos de 1º BACH con Matemáticas Aplicadas ás CCSS I neste curso académico, está formado por 14 alumnos/as.

Tanto as características e contorna do centro como as características do alumnado se tiveron en conta á hora de crear os principios metodolóxicos desta programación.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Modelizar e resolver problemas da vida cotiá e das ciencias sociais aplicando diferentes estratexias e formas de razoamento para obter posibles solucións.			1-2-3	2-5	40-50		3	
OBX2 - Verificar a validez das posibles solucións dun problema empregando o razoamento e a argumentación para contrastar a súa idoneidade.			1-2	3	40	3	3	
OBX3 - Formular ou investigar conxecturas ou problemas, utilizando o razoamento, a argumentación, a creatividade e o uso de ferramentas tecnolóxicas, para xerar novo coñecemento matemático.	1		1-2	1-2-3-5			3	
OBX4 - Utilizar o pensamento computacional de forma eficaz, modificando, creando e xeneralizando algoritmos que resolvan problemas mediante o uso das matemáticas, para modelizar e resolver situacións da vida cotiá e do ámbito das ciencias sociais.			1-2-3	2-3-5			3	
OBX5 - Establecer, investigar e utilizar conexións entre as diferentes ideas matemáticas establecendo vínculos entre conceptos, procedementos, argumentos e modelos para dar significado e estruturar a aprendizaxe matemática.			1-3	2-3				1
OBX6 - Descubrir os vínculos das matemáticas con outras áreas de coñecemento e profundar nas súas conexións, interrelacionando conceptos e procedementos, para modelizar, resolver problemas e desenvolver a capacidade crítica, creativa e innovadora en situacións diversas.			1-2	2	50	4	2-3	1
OBX7 - Representar conceptos, procedementos e información matemáticos seleccionando diferentes tecnoloxías, para visualizar ideas e estruturar razoamentos matemáticos.			3	1-2-5			3	41-42
OBX8 - Comunicar as ideas matemáticas, de forma individual e colectiva, empregando o soporte, a terminoloxía e o rigor apropiados, para organizar e consolidar o pensamento matemático.	1-3	1	2-4	2-3				32

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX9 - Utilizar destrezas persoais e sociais, identificando e xestionando as propias emocións, respectando as dos demais e organizando activamente o traballo en equipos heteroxéneos, aprendendo do erro como parte do proceso de aprendizaxe e afrontando situacións de incerteza, para perseverar na consecución de obxectivos na aprendizaxe das matemáticas.		3	5		11-12-31-32	2-3	2	

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	NÚMEROS REAIS	Esta unidade traballa a comparación, ordenación e clasificación entre números racionais e irracionais e as súas propiedades; así como uso da relación entre potencias, raíces e logaritmos de números reais para simplificar expresións alxébricas.	10	16	X		
2	ÁLXEBRA	Nesta unidade trátase a xeneralización de padróns mediante expresións alxébricas definidas explícita e recorrentemente, e o uso de ecuacións, inecuacións e sistemas na aplicación á resolución de problemas.	10	20	X		
3	FUNCIÓNS	O desenvolvemento desta unidade está orientado ao traballo con funcións (polinómicas, exponenciais, racionais sinxelas, irracionais, logarítmicas, periódicas e a anacos), as súas propiedades, transformacións e representacións aplicado á análise, formulación e resolución de problemas.	10	16		X	
4	LÍMITES	Esta unidade está dedicada ao cálculo de límites de funcións polinómicas e racionais. A partir dos límites, trataráse a resolución de indeterminacións e o estudo da continuidade dunha función. Ademais, traballarase o cálculo de asíntotas horizontais, verticais e oblicuas na representación gráfica.	10	20		X	
5	A DERIVADA	O cálculo e interpretación das taxas de variación media e instantánea, da derivada dunha función nun punto, así como a obtención da recta tanxente a unha curva	10	20		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	A DERIVADA	nun punto serán o obxecto desta unidade.	10	20		X	
6	PROBABILIDADE	Esta unidade traballa o concepto e utilidade das técnicas de reconto, a aplicación dos principios do produto e da adición, o uso de diagramas de árbore e técnicas da combinatoria e a probabilidade como medida da incerteza asociada a fenómenos aleatorios.	10	16			X
7	ESTATÍSTICA	O desenvolvemento desta unidade oriéntase cara o traballo estatístico con variables bidimensionais: distribución conxunta e distribucións marxinais e condicionada, regresión lineal e cuadrática, coeficientes de correlación lineal e de determinación e a obtención de conclusións e toma de decisións nos casos plantexados.	10	10			X
8	DISTRIBUCIONES DE PROBABILIDAD. DISTRIBUCIÓN BINOMIAL Y DISTRIBUCIÓN NORMAL	As distribucións de probabilidade permiten a modelización matemática da realidade para o cálculo da incerteza asociada a fenómenos aleatorios.	10	10			X
9	MATEMÁTICAS FINANCIEIRAS	O Índice de variación, o IPC, o uso das progresións no estudo dos xuros, o TAE, os plans de pensións e aforros, os préstamos e as hipotecas aplicados na vida cotiá son obxecto desta unidade.	10	8			X
10	AS MATEMÁTICAS NA VIDA COTIÁ	Unidade transversal que reune os criterios de avaliación e contidos asociados ao sentido sociafectivo e que se traballarán ó longo de todo o curso.	10	4	X	X	X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	NÚMEROS REAIS	16

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Manifestar unha visión matemática integrada, investigando e conectando as diferentes ideas matemáticas.	Representa gráficamente (lapis e papel ou calculadora) na recta real intervalos e semirrectas conectando a información numérica proporcionada nas representacións coas expresións alxébricas.	PE	100
CA1.3 - Resolver problemas en situacións diversas, utilizando procesos matemáticos, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real, outras áreas de coñecemento e as matemáticas.	Resolve problemas de comparación, ordenación, clasificación e operacións (+, -, *, /, raíces e log) de números reais e as súas propiedades establecendo conexións entre a Bioloxía e as matemáticas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Empregar algunhas estratexias e ferramentas, incluídas as dixitais, na resolución de problemas da vida cotiá e das ciencias sociais, valorando a súa eficiencia en cada caso.	Emprega lapis e papel, calculadora ou programas gráficos na resolución de problemas das CCSS que impliquen a representación e/ou operacións con números reais, valorando a súa eficiencia en cada caso.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Cantidade. - Números reais (racionais e irracionais): comparación, ordenación, clasificación e contraste das súas propiedades. - Representación na recta real de intervalos e semirrectas. - Sentido das operacións. - Potencias, raíces e logaritmos: comprensión e utilización das súas relacións para simplificar e resolver problemas.

UD	Título da UD	Duración
2	ÁLXEBRA	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Obter todas as posibles solucións matemáticas de problemas da vida cotiá e das ciencias sociais, describindo o procedemento realizado.	Obtén todas as posibles solucións de problemas das CCSS que poidan formularse mediante ecuacións cuadráticas, exponenciais ou logarítmicas sinxelas e sistemas de ecuacións describindo o procedemento utilizado.	PE	100
CA3.3 - Comprobar a validez matemática das posibles solucións dun problema, utilizando o razoamento e a argumentación.	Comproba a validez matemática das posibles solucións dun problema de ecuacións, inecuacións ou sistemas, utilizando o razoamento e a argumentación.		
CA3.4 - Empregar ferramentas tecnolóxicas adecuadas na formulación ou investigación de conxecturas ou problemas.	Emprega lapis e papel, calculadora ou programas gráficos na formulación ou investigación de conxeturas ou problemas de ecuacións, inecuacións ou sistemas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Padróns. - Xeneralización de padróns en situacións sinxelas, usando regras simbólicas ou funcións definidas explícita e recorrentemente.

Contidos
- Modelo matemático. - Uso de ecuacións, inecuacións, sistemas de ecuacións e inecuacións para modelizar situacións das ciencias sociais e da vida real. - Igualdade e desigualdade. - Resolución de ecuacións cuadráticas e reducibles a elas e de ecuacións exponenciais e logarítmicas sinxelas. - Resolución de sistemas de ecuacións de segundo grao con dúas incógnitas. - Resolución de sistemas de ecuacións, empregando o método de Gauss. - Resolución gráfica e alxébrica de sistemas de inecuacións lineais con dúas incógnitas. - Aplicación á resolución de problemas da vida cotiá e das ciencias sociais, usando lapis e papel ou medios tecnolóxicos, e interpretando as solucións. - Pensamento computacional. - Análise, formulación e resolución de problemas da vida cotiá e das ciencias sociais utilizando programas e ferramentas adecuados. - Comparación de algoritmos alternativos para o mesmo problema mediante o razoamento lóxico.

UD	Título da UD	Duración
3	FUNCIÓNS	16

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Resolver problemas, establecendo e aplicando conexións entre as diferentes ideas matemáticas.	Resolve problemas de transformacións de funcións con lapis e papel ou programas (por exemplo Geogebra), en función da complexidade do proceso, aplicando a conexión entre as diferentes ideas matemáticas.	PE	100
CA2.4 - Seleccionar a solución máis adecuada dun problema en función do contexto (sustentabilidade, consumo responsable, equidade...) usando o razoamento e a argumentación.	Selecciona a solución máis adecuada dun problema en función do contexto, usando as funcións e as súas transformacións no razoamento e/ou na argumentación.		
CA3.1 - Interpretar, modelizar e resolver situacións problematizadas da vida cotiá e das ciencias sociais, utilizando o pensamento computacional, modificando ou creando algoritmos.	Resolve problemas das CCSS formulados a través de padróns sinxelos, regras simbólicas ou funcións definidas explícita ou recorrentemente modificando algoritmos.		
CA3.2 - Obter todas as posibles solucións matemáticas de problemas da vida cotiá e das ciencias sociais, describindo o procedemento realizado.	Obtén todas as posibles solucións matemáticas dun problema da vida cotiá, describindo todo o procedemento seguido xa sexan ecuacións, inecuacións ou sistemas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Comprobar a validez matemática das posibles solucións dun problema, utilizando o razoamento e a argumentación.	Comproba a validez matemática das posibles solucións dun problema, utilizando o razoamento e a argumentación apoiados polas expresións alxébricas ou representacións gráficas.		
CA3.4 - Empregar ferramentas tecnolóxicas adecuadas na formulación ou investigación de conxecturas ou problemas.	Emprega ferramentas tecnolóxicas adecuadas (ferramentas de debuxo manual, programas gráficos ou follas de cálculo) na investigación de conxeturas ou problemas das CCSS relacionados coas funcións.		
CA3.5 - Seleccionar e utilizar diversas formas de representación, valorando a súa utilidade para compartir información.	Selecciona diversas formas de representación de funcións (gráficas, táboas, expresións analíticas), valorando a súa utilidade para compartir información. Relaciona as diferentes formas de representación de función mediante o recoñecemento de patróns.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Cambio.
- Transformacións de funcións (operacións aritméticas, composición, valor absoluto e inversa), utilizando ferramentas dixitais para realizar as operacións coas expresións simbólicas máis complicadas.
- Padróns.
- Xeneralización de padróns en situacións sinxelas, usando regras simbólicas ou funcións definidas explícita e recorrentemente.
- Modelo matemático.
- Relacións cuantitativas esenciais en situacións sinxelas: estratexias de identificación e determinación da clase de funcións que poden modelizalas, obtendo conclusións razoables.
- Relacións e funcións.
- Funcións a partir de táboas e gráficas. Aspectos globais dunha función.
- As funcións e a súa representación gráfica na interpretación de situacións relacionadas coa vida cotiá e as ciencias sociais, utilizando lapis e papel ou ferramentas dixitais.
- Representación gráfica de funcións utilizando a expresión máis adecuada.
- Propiedades das distintas clases de funcións, incluídas polinómica, exponencial, racional sinxela, irracional, logarítmica, periódica e a anacos: comprensión e comparación.
- Álxebra simbólica na representación e explicación de relacións matemáticas das ciencias sociais.
- Pensamento computacional.
- Análise, formulación e resolución de problemas da vida cotiá e das ciencias sociais utilizando programas e ferramentas adecuados.
- Comparación de algoritmos alternativos para o mesmo problema mediante o razoamento lóxico.

UD	Título da UD	Duración
4	LÍMITES	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Manifestar unha visión matemática integrada, investigando e conectando as diferentes ideas matemáticas.	Manifesta unha visión integrada do concepto de límite, investigando e conectando coa súa interpretación xeométrica.	PE	100
CA2.3 - Resolver problemas, establecendo e aplicando conexións entre as diferentes ideas matemáticas.	Resolve problemas de cálculo de límites dunha función nun punto e no infinito utilizando procesos matemáticos, establecendo e aplicando conexións entre as diferentes ideas matemáticas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Cambio.
- Estimación ou cálculo do valor do límite dunha función nun punto a partir dunha táboa, un gráfico ou unha expresión alxébrica.
- Cálculo de límites no infinito de funcións polinómicas e racionais e resolución de indeterminacións en casos sinxelos.
- Estudo da continuidade dunha función gráfica ou analiticamente, tipificando, cando cumpra, os tipos de descontinuidade.
- Aplicación do cálculo de asíntotas horizontais, verticais e oblicuas de funcións polinómicas e racionais á representación gráfica de funcións.

UD	Título da UD	Duración
5	A DERIVADA	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Manifestar unha visión matemática integrada, investigando e conectando as diferentes ideas matemáticas.	Manifesta unha visión integrada dos conceptos de TVM, TVI e derivada, investigando e conectando coa súa interpretación xeométrica. Calcula a expresión da derivada dunha función aplicando as regras de derivación e a definición de derivada.	PE	100

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Resolver problemas, establecendo e aplicando conexións entre as diferentes ideas matemáticas.	Resolve problemas de derivadas, TVM e recta tanxente con lapis e papel e ferramentas tecnolóxicas, establecendo e aplicando conexións. Calcula a expresión da derivada dunha función aplicando as regras de derivación e a definición de derivada.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Cambio. - Cálculo e interpretación da taxa de variación media (TVM) dunha función nun intervalo en contextos das ciencias sociais. - Aproximación da TVM dunha función en intervalos moi pequenos pola taxa de variación instantánea nun punto. - Cálculo da derivada dunha función nun punto mediante a definición en casos sinxelos. - Regras de derivación e a súa aplicación ao cálculo de derivadas. Obtención da recta tanxente a unha curva nun punto.

UD	Título da UD	Duración
6	PROBABILIDADE	16

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Adquirir novo coñecemento matemático mediante a formulación de conxecturas e problemas de forma guiada.	Adquire coñecemento de técnicas de reconto a partir da formulación de conxeturas e problemas de forma guiada.	PE	100
CA1.3 - Resolver problemas en situacións diversas, utilizando procesos matemáticos, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real, outras áreas de coñecemento e as matemáticas.	Resolve problemas a través dos principios do producto e da adición, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real, outras áreas de coñecemento e as matemáticas.		
CA1.4 - Empregar algunhas estratexias e ferramentas, incluídas as dixitais, na resolución de problemas da vida cotiá e das ciencias sociais, valorando a súa eficiencia en cada caso.	Emprega as estratexias dos diagramas de árbore e as técnicas de combinatoria, na resolución de problemas da vida cotiá e das CCSS, valorando a súa eficiencia en cada caso.		
CA2.1 - Adquirir novo coñecemento matemático mediante a formulación de conxecturas e problemas de forma guiada.	Adquire o concepto de probabilidade como medida de incerteza de fenómenos aleatorios en problemas de forma guiada.		
CA4.1 - Adquirir novo coñecemento matemático mediante a formulación de conxecturas e problemas de forma guiada.	Adquire coñecemento de probabilidade de experimentos compostos a partir da formulación de conxeturas e problemas de forma guiada.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.3 - Resolver problemas en situacións diversas, utilizando procesos matemáticos, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real, outras áreas de coñecemento e as matemáticas.	Resolve problemas de cálculo de probabilidade polo método frecuentista e pola regla de Laplace, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real, outras áreas de coñecemento e as matemáticas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Cálculo. - Concepto e utilidade das técnicas de reconto. - Aplicación dos principios do produto e da adición á resolución de problemas. - Uso dos diagramas de árbore e das técnicas da combinatoria (variacións con e sen repetición, combinacións e permutacións), para resolver situacións da vida real. - Medición. - A probabilidade como medida da incerteza asociada a fenómenos aleatorios. - Incerteza. - Cálculo da probabilidade para partir do concepto de frecuencia relativa. - Cálculo de probabilidades en experimentos simples: a regra de Laplace en situacións de equiprobabilidade aplicando diferentes técnicas de reconto, incluída a combinatoria. Axiomática de Kolmogorov. - Cálculo de probabilidades en experimentos compostos. - Resolución de problemas utilizando técnicas de reconto, diagramas de árbore e táboas de continxencia.

UD	Título da UD	Duración
7	ESTATÍSTICA	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Adquirir novo coñecemento matemático mediante a formulación de conxecturas e problemas de forma guiada.	Adquire o novo concepto de variable bidimensional construíndo a táboa de dobre entrada. Calcula as distribucións marxinais e condicionadas en problemas de forma guiada.	PE	100
CA4.2 - Representar ideas matemáticas, estruturando diferentes razoamentos matemáticos e seleccionando as tecnoloxías máis adecuadas.	Representa gráficamente variables bidimensionais estructurando razoamentos matemáticos como o grao de relación e emitindo xuízos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.3 - Resolver problemas en situacións diversas, utilizando procesos matemáticos, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real, outras áreas de coñecemento e as matemáticas.	Manexa estratexias e ferramentas dixitais na regresión lineal e cadrática e fai valoración gráfica da pertinencia do axuste, diferenciando entre correlación e casualidade.		
CA4.4 - Empregar algunhas estratexias e ferramentas, incluídas as dixitais, na resolución de problemas da vida cotiá e das ciencias sociais, valorando a súa eficiencia en cada caso.	Emprega estratexias para resolver problemas de cálculo de coeficientes de correlación lineal e de determinación, cuantificando a relación lineal entre variables do mundo real e facendo predicións.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Organización e análise de datos.
- Variables bidimensionais: distribución conxunta, distribucións marxinais e condicionadas. Análise da dependencia estatística.
- Estudo da relación entre dúas variables mediante a regresión lineal e cuadrática: valoración gráfica da pertinencia do axuste. Diferenza entre correlación e causalidade.
- Coeficientes de correlación lineal e de determinación: cuantificación da relación lineal, predición e valoración da súa fiabilidade en contextos das ciencias sociais.
- Calculadora, folla de cálculo ou software específico na análise de datos estatísticos.
- Inferencia.
- Deseño de estudos estatísticos relacionados coas ciencias sociais utilizando ferramentas dixitais. Técnicas de mostraxe sinxelas.
- Análise de mostras unidimensionais e bidimensionais mediante ferramentas tecnolóxicas co fin de emitir xuízos e tomar decisións.

UD	Título da UD	Duración
8	DISTRIBUCIONES DE PROBABILIDAD. DISTRIBUCIÓN BINOMIAL Y DISTRIBUCIÓN NORMAL	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Adquirir novo coñecemento matemático mediante a formulación de conxecturas e problemas de forma guiada.	Identifica o tipo de distribución que mellor modeliza a situación estudada.	PE	100
CA4.3 - Resolver problemas en situacións diversas, utilizando procesos matemáticos, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real, outras áreas de coñecemento e as matemáticas.	Utiliza os coñecementos de distribucións para resolver problemas e calcular a incerteza asociada a distintas situacións.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

Contidos
- Incerteza. - Cálculo de probabilidades en experimentos compostos. - Variables aleatorias discretas y continuas. Parámetros da distribución. Distribucións binomial e normal.

UD	Título da UD	Duración
9	MATEMÁTICAS FINANCIEIRAS	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Manifestar unha visión matemática integrada, investigando e conectando as diferentes ideas matemáticas.	Manifesta unha visión matemática intrgrada, conectando porcentaxes, potencias, fraccións, sucesións, etc	PE	100
CA1.3 - Resolver problemas en situacións diversas, utilizando procesos matemáticos, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real, outras áreas de coñecemento e as matemáticas.	Resolve problemas utilizando procesos matemáticos e aplicando conexións entre o mundo financieiro (IPC, xuros, TAE, anualidades de capitalización, plans de pensións e aforros, etc) e as matemáticas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Educación financeira. - Índice de variación e variación porcentual. O IPC. - Uso das progresións para estudar o xuro simple e o xuro composto. Cálculo da taxa de xuro anual equivalente (TAE) en casos sinxelos. - Estudo das operacións ofrecidas por entidades financeiras relacionadas coas anualidades de capitalización: plans de pensións e de aforro. - Cálculo de anualidades e mensualidades de amortización: hipotecas e préstamos bancarios. - Resolución de problemas relacionados coa educación financeira con ferramentas tecnolóxicas.

UD	Título da UD	Duración
10	AS MATEMÁTICAS NA VIDA COTIÁ	4

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.1 - Analizar a achega das matemáticas ao progreso da humanidade reflexionando sobre a súa contribución na proposta de solucións a situacións complexas e aos retos que se formulan nas ciencias sociais.	Analiza a achega das matemáticas ao progreso da humanidade reflexionando sobre a súa contribución na proposta de solucións a situacións complexas e aos retos que se expoñan nas CCSS.	TI	100
CA5.2 - Afrontar as situacións de incerteza, identificando e xestionando emocións e aceptando e aprendendo do erro como parte do proceso de aprendizaxe das matemáticas.	Afronta as situacións de incerteza, identificando e xestionando emocións e aceptando e aprendendo do erro como parte do proceso de aprendizaxe das matemáticas.		
CA5.3 - Mostrar unha actitude positiva e perseverante, aceptando e aprendendo da crítica razoada ao facer fronte ás diferentes situacións na aprendizaxe das matemáticas.	Mostra unha actitude positiva e perseverante, aceptando e aprendendo da crítica razoada ao facer fronte ás diferentes situacións na aprendizaxe das matemáticas.		
CA5.4 - Participar en tarefas matemáticas de forma activa en equipos heteroxéneos, respectando as emocións e experiencias dos demais, escoitando o seu razoamento, identificando as habilidades sociais máis propicias e fomentando o benestar grupal e as relacións sa	Participa en tarefas matemáticas de forma activa en equipos heteroxéneos, respetando e escoitando aos demais, identificando as habilidades sociais máis propicias e fomentando o benestar grupal.		
CA5.5 - Mostrar organización ao comunicar as ideas matemáticas, empregando o soporte, a terminoloxía e o rigor apropiados.	Mostra organización ao comunicar as ideas matemáticas, empregando o soporte, a terminoloxía e o rigor apropiados.		
CA5.6 - Recoñecer e empregar a linguaxe matemática en diferentes contextos, comunicando a información con precisión e rigor.	Recoñece e emprega a linguaxe matemática en diferentes contextos, comunicando a información con precisión e rigor.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Crenzas, actitudes e emocións.
- Actitudes inherentes ao traballo matemático como o esforzo, a perseveranza, a tolerancia á frustración, a incerteza e a autoavaliación, indispensables para afrontar eventuais situacións de tensión e ansiedade na aprendizaxe das matemáticas.
- Tratamento do erro, individual e colectivo, como elemento mobilizador de saberes previos adquiridos e xerador de oportunidades de aprendizaxe na aula de matemáticas.
- Traballo en equipo e toma de decisións.
- Recoñecemento e aceptación de diversas formulacións na resolución de problemas, transformando os enfoques dos demais en novas e melloradas estratexias propias, mostrando empatía e respecto no proceso.
- Técnicas e estratexias de traballo en equipo para a resolución de problemas e tarefas matemáticas, en grupos heteroxéneos.
- Inclusión, respecto e diversidade.
- Destrezas para desenvolver unha comunicación efectiva: a escoita activa, a formulación de preguntas ou a solicitude e prestación de axuda cando sexa necesario.
- Valoración da contribución das matemáticas ao longo da historia no avance das ciencias sociais.

Contidos
- Comunicación e organización. - Comunicación das ideas matemáticas de maneira ordenada e coherente, empregando o soporte, a terminoloxía e o rigor apropiados. - Recoñecemento e utilización da linguaxe matemática en diferentes contextos, comunicando a información con precisión e rigor. - Planificación de procesos de matematización e modelización, en contextos da vida cotiá e das ciencias sociais.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Unha metodoloxía baseada na resolución de problemas faise imprescindible para desenvolver capacidades como a comprensión e o emprego das diferentes linguaxes matemáticas, a análise de datos, a formulación, comprobación e aceptación ou rexeitamento de hipóteses, o deseño, emprego e contraste de estratexias, a toma de decisións, etc. Ademais, é resolvendo problemas que traten situacións reais, onde os conceptos e métodos estatísticos e numéricos empregados mostran tanto a súa potencia como a súa relevancia.

Así para o desenvolvemento da materia proponse:
- Dar prioridade á comprensión fronte ó mecanismo, sen esquecer a presenza deste en diversos apartados da actividade matemática.

- Empregar a aula virtual e o material facilitado pola docente como eixo vertebrados do proceso de ensinanza.

- A miúdo, e antes de empezar a exposición dos contidos teóricos, comezar pola presentación de problemas que se dean na vida real para, a partir da busca de solucións, seguir coas explicacións do/a profesor/a dos aspectos teóricos máis importantes do tema e finalmente a posta en práctica individual ou en grupo, empezando con actividades sinxelas e incrementando o grao de dificultade segundo as características do alumnado.

- Segundo os resultados propor actividades de reforzo ou de ampliación.

- Inculcar que o alumnado valore a coherencia das súas respostas con respecto ao enunciado dun exercicio ou problema.

- Prestar especial atención a que o alumnado vaia adquirindo rigor á hora de expoñer a resolución dos exercicios e problemas, indicando claramente cada paso e expresando correctamente os resultados na linguaxe adecuada atendendo ao enunciado.

- Fomentar a reflexión persoal do aprendido con actividades nas que o/a alumno/a poida usar os novos coñecementos, comprobando así a utilidade dos mesmos e gozando do proceso da aprendizaxe. Consideramos importante tamén facer fincapé na reflexión sobre os resultados propiciando unha aprendizaxe por ensaio-erro.

- Utilizar situacións próximas ao alumnado que posibiliten a identificación e comprensión dos problemas e posteriores solucións.

- Resolver problemas en situacións e contextos distintos aos propostos previamente, incluíndo a aplicación da matemática á vida cotiá.

- Fomentar o diálogo na clase, a discusión entre o profesor e os/as alumnos/as, e entre eles mesmos, tendo en conta que tódalas preguntas e respostas aínda que sexan incorrectas ou non se axusten ás expectativas do/a profesor/a, poden conducir a un frutífero debate e a unha mellor comprensión por parte do alumnado e a eliminar interpretacións erróneas específicas. A aprendizaxe debe ser participativa en todo momento.

- Para a resolución dun problema abordar os seguintes pasos: análise do problema e emisión de hipóteses, busca de estratexias, resolución e comprobación das hipóteses. O profesor axudará ós/ás alumnos/as a entender en cada momento como deben aplica-los conceptos e destrezas que están aprendendo e como usalos na resolución de

problemas.

- Fomentar o uso das tecnoloxías da información como ferramentas que favorecen, simplifican e clarifican a transmisión de información.

- Empregar materiais, procedementos de resolución e dinámicas de traballo variados, co fin de manter a atención e evitar a monotonía.

- En todos os bloques nos que se estrutura o curso, os/as alumnos/as deberán realizar na súa casa actividades de reforzo que axuden a consolidar os coñecementos adquiridos na clase.

- Empregar as tecnoloxías da información e comunicación, ferramentas de cálculo, simulación, contraste, aproximación e estimación ou calquera outra que favoreza o proceso de abstracción.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
- Calculadora científica
- Documentos con resumos dos contidos de unidades didácticas.
- Documentos con resolucións completas e explicadas paso a paso de exercicios.
- Cuestionarios con exercicios para comprobar o seguimento da materia por parte do alumnado.
- Boletíns de exercicios e problemas con solucións para practicar e detectar erros de aprendizaxe.
- Boletíns de exercicios para entregar.
- Aula virtual do IES.
- Figuras dos diferentes corpos xeométricos e material de debuxo técnico para xeometría.
- Algunha aplicación Informática como Folla de cálculo Excel, Descartes, GeoGebra e Pizarra dixital

As clases terá lugar fundamentalmente nunha aula equipada con encerado dixital e encerado tradicional no que o alumnado disporá de pupitres individuais o que nos facilitará a mobilidade para a realización dos diferentes traballos individuais ou en equipo. Tamén se utilizará a aula de informática.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial lévase a cabo ao comezo do curso e ao comezo de cada unidade. A súa función é coñecer o lugar de partida dos diferentes contidos a tratar no desenvolvemento deste curso e de cada unidade. Esta avaliación inicial poderá realizarse de diversas maneiras a través dunha proba escrita, dunha tarefa desenvolta na aula ou do traballo realizado en unidades previas. Será o punto de partida para o tratamento dos contidos e para prever a necesidade de adaptacións ou a programación de actividades de reforzo ou ampliación, se fose necesario.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
Peso UD/ Tipo Ins.	**10**	**10**	**10**	**10**	**10**	**10**	**10**
Proba escrita	100	100	100	100	100	100	100
Táboa de indicadores	0	0	0	0	0	0	0

Unidade didáctica	UD 8	UD 9	UD 10	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	**10**	**10**	**10**	**100**
Proba escrita	100	100	0	**90**
Táboa de indicadores	0	0	100	**10**

Criterios de cualificación:

A avaliación levarase a cabo tendo en conta os diferentes elementos que constitúen o currículo, é dicir, as competencias clave, os obxectivos da etapa, os contidos e os criterios de avaliación.
- En cada Avaliación coas notas dos Controis farase unha media aritmética e esta nota media, (NC), suporá o 30 % da nota da Avaliación.
- A nota do Exame Final da Avaliación (NG), suporá o 60% da nota da Avaliación.
- Valoraranse nun 10 % a Táboa de indicadores (NT), na que serán avaliados os criterios de avaliación correspondentes a unidade 10 co que avaliaremos tantos os traballos propostos na aula virtual coma o traballo diario na aula. ou calquer outro tipo de tarefas de consolidación ou reforzo.
Polo que a nota de cada avaliación calculase pola seguinte expresión:
Nota avaliación = 0,3*NC + 0,6 * NG + 0,1 *NT
Para superar cada unha das avaliacións, o alumno debe acadar unha nota de avaliación mínima de 5 atendendo aos criterios antes expostos.
Para elaborar a Nota Final de curso farase a media aritmética das notas obtidas nas tres avaliacións, O alumno/a superará a materia sempre que a Nota Final de curso sexa maior o igual que 5 e todas as avaliacións estén aprobadas.

Criterios de recuperación:

- Cada alumno/a que non supere unha das avaliacións terá a oportunidade de recuperala ó inicio da seguinte a través dunha proba escrita baseada nos mínimos de consecución das diferentes unidades didácticas. A nota do exame será a nota da avliación. A recuperación da 3ª avaliación inclúese no Exame Final de Curso.
- No caso de que ao final de curso algún alumno/a non tivera superada algunha avaliación terá que presentarse ao Exame Final de Curso, no que para aprobar a materia deberá obter unha nota mínima de 5 en cada avaliación que aínda tivera suspensa. Se o/a alumno/a ten suspensas as tres avaliacións o Exame Final de curso será unha proba que incluirá contidos das tres avaliacións na que deberá obter unha nota mínima de 5.
- Se algún alumno/a non superase a materia na convocatoria ordinaria, na convocatoria extraordinaria será avaliado/a por unha Proba Obxectiva na que deberá acadar unha nota mínima de 5 para aprobar a materia.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Os/as alumnos/as que teñan a materia Matemáticas aplicadas as CCSS I pendente seguirán o seguinte plan de traballo:

- Ao inicio de curso o docente de Matemáticas dará ao alumnado que teña a materia pendente a información e o material que precisarán para recuperala.
- A materia dividirase en dúas partes.
- Ao longo do curso entregaráselles ao alumnado coa materia pendente un boletín de exercicios de repaso de cada unha das partes en que se lles divide a materia. Estes exercicios deberán ser feitos polo alumnado e deberán entregalos ao docente que lles imparte clase de Matemáticas, segundo as datas establecidas. Non se recollerán exercicios fóra da data fixada.
- Unha vez corrixidos os exercicios entregados, estes serán devoltos ao alumnado para que poidan autoavaliarse.
- Farase un exame de cada parte da materia pendente nas datas establecidas. Este exame constará de exercicios similares ós do boletín É necesario que o alumnado obteña neste exame unha nota mínima de 5 para superar a materia da parte correspondente. A realización desta proba será de forma presencial.
- Se o/a alumno/a non aproba o exame da primeira parte, terá que avaliarse no segundo exame de toda a materia, debendo obter neste exame unha nota mínima de 5 para recuperar a materia pendente.
- A Nota Final de curso será a media aritmética das notas obtidas en cada parte ou de ser o caso, a nota obtida no exame de toda a materia.
- Na cualificación final da materia pendente primará ter aprobadas as probas escritas, aínda que se valorarán os exercicios entregados así como a evolución do/a alumno/a no curso actual.

5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias

No caso de cambio de modalidade ou de vía de 1º a 2º de Bacharelato procederase según a normativa vixente. Así:

- O alumnado que non cambia de modalidade poderá matricularse da materia do 2º curso sen cursar a correspondente materia do 1º curso, sempre que o profesorado que a imparta considere que a alumna ou o alumno cumpre as condicións necesarias para poder seguir con aproveitamento a materia de 2º. En caso contrario, deberá cursar a materia de 1º curso que terá a consideración de materia pendente.
- O alumnado que cambie de modalidade deberá cursar e superar a materia obrigatoria de modalidade correspondente ao 1º curso.

No caso de ter que cursar a materia do 1º curso, esta poderá avaliarse cunha proba escrita a realizar no primeiro trimestre ou seguindo o programa de recuperación da materia pendente.

6. Medidas de atención á diversidade

A presenza nas aulas dun alumnado con inquedanzas moi dispares e con capacidades, habilidades, coñecementos e actitudes tan diferentes supoñen un auténtico desafío para o profesorado e tamén para o sistema educativo. Os problemas que tal diversidade de intereses e capacidades plantexan déixanse sentir con máis intensidade se cabe na materia de Matemáticas pola dificultade que por si mesma encerra.

Dentro do marco xurídico-administrativo no que nos movemos e, como profesores/as, temos que facer o posible por atender o máis eficazmente que poidamos a todos os/as alumnos/as, facendo compatible esta atención co desenvolvemento dunha programación que trate de acadar os obxectivos que se establecen a través dos criterios de avaliación e das competencias clave marcados na materia.

- A atención á diversidade procurará detectar as distintas necesidades educativas ou velocidades de aprendizaxe para deseñar actividades de reforzo ou de ampliación de xeito que se asegure un nivel mínimo a todo o alumnado ao final do curso e dando oportunidade aos alumnos/as máis avantaxados a afondar na materia.

- Serán tidas en conta, en colaboración co Departamento de Orientación, medidas en casos concretos como alumnado estranxeiro, alumnado con discapacidades físicas ou psíquicas, ...

Estará presente a atención á diversidade dende o punto de vista metodolóxico a través das seguintes accións:

- Detectar os coñecementos previos do/a alumno/a antes de empezar un tema para detectar aqueles que requiran actividades compensatorias nas que desempeñará un papel importante o traballo en situacións concretas.

- Procurar que os contidos matemáticos novos que se ensinan conecten cos coñecementos previos e sexan adecuados ao nivel cognitivo do alumnado.

- Intentar que a comprensión do/a alumno/a de cada contido sexa suficiente para unha mínima aplicación e para enlazar cos contidos que se relacionan con el.

- En cada unidade didáctica as actividades propostas irán en orde crecente de dificultade, comezando con actividades de reforzo, a continuación actividades de nivel medio de dificultade para o desenrolo dos contidos e rematando con actividades de afondamento e ampliación de contidos.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Compresión da lectura e expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	
ET.2 - A comunicación audiovisual e a competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	
ET.3 - O emprendemento social e empresarial	X	X	X	X	X	X	X	
ET.4 - O fomento do espíritu crítico	X	X	X	X	X	X	X	
ET.5 - A educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X	
ET.6 - A igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X	X	
ET.7 - A creatividade	X	X	X	X	X	X	X	
ET.8 - Educación para a saúde	X	X	X	X	X	X	X	
ET.9 - A formación estética	X	X	X	X	X	X	X	
ET.10 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable	X	X	X	X	X	X	X	

	UD 9	UD 10
ET.1 - Compresión da lectura e expresión oral e escrita	X	X
ET.2 - A comunicación audiovisual e a competencia dixital	X	X
ET.3 - O emprendemento social e empresarial	X	X
ET.4 - O fomento do espíritu crítico	X	X
ET.5 - A educación emocional e en valores	X	X
ET.6 - A igualdade de xénero	X	X
ET.7 - A creatividade	X	X
ET.8 - Educación para a saúde	X	X
ET.9 - A formación estética	X	X
ET.10 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable	X	X

Observacións:
Os elementos transversais traballarémolos fundamentalmente a través dos enunciados dos problemas.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Charlas impartidas pola USC.	Valorarase a asistencia a conferencias, exposicións, visitas, talleres e outras actividades de interese matemático para os/as alumnos/as que poidan xurdir ao longo do curso	X	X	X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Programo a materia tendo en conta os criterios previstos nas leis educativas
Programo a materia tendo en conta o tempo dispoñible para o desenvolvemento desta

Selecciono e secuencio de forma progresiva os contidos da programación da aula tendo en conta as particularidades de cada un dos grupos de estudantes
Planifico as clases de modo flexible, preparo actividades e recursos axustados á programación da aula e as necesidades e aos intereses do alumnado.
Relaciono as aprendizaxes con aplicacións reais ou coa súa funcionalidade
Informo sobre os progresos conseguidos e as dificultades encontradas
Consigo espertar o interese do alumnado
Estimulo a participación activa dos estudantes na clase
Atendo adecuadamente á diversidade do alumnado
Uso distintos instrumentos de avaliación
Cando introduzo conceptos novos, relaciónoos, se é posible, cos xa coñecidos, intercalo preguntas aclaratorias, poño exemplos...
Teño predisposición para aclarar dúbidas e ofrecer asesorías dentro e fóra das clases
Utilizo axuda audiovisual ou doutro tipo para apoiar os contidos na aula
Promovo o traballo cooperativo e manteño unha comunicación fluída cos estudantes
Desenvolvo os contidos dunha forma ordenada e comprensible para os alumnos e as alumnas
Presento actividades que permitan a adquisición dos mínimos de consecución e as destrezas propias da etapa educativa
Realizo a avaliación inicial ao principio de curso para axustar a programación ao nivel dos estudantes
Reviso, con frecuencia, os traballos propostos na aula e fóra dela. Proporciono a información necesaria sobre a resolución das tarefas e como pode melloralas
Ofrezo ao alumno o resultado das probas e traballos e dou pautas para a mellora das súas aprendizaxes
Propoño novas actividades que faciliten a adquisición de obxectivos cando este non foron alcanzados suficientemente
Propoño novas actividades de maior nivel cando os obxectivos foron alcanzados con suficiencia
O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado
Impartíronse todos os contidos programados

Descrición:

Coa finalidade de poder avaliar tanto o proceso de ensino coma a nosa práctica docente, ó remate de cada avaliación propómoslle ó alumnado un cuestionario cos "indicadores de logro" expostos anteriormente, que deben cubrir seguindo a seguinte escala de valores
1: Nunca, non, insatisfactoriamente
2: Ás veces, puntualmente
3: Case sempre, frecuentemente
4: Sempre, si satisfactoriamente

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Mediante as reunións de departamento que mantemos ó longo do curso, coa finalidade de actualizar e mellorar a programación, avaliaremos os seguintes criterios da programación:
- Os obxectivos, contidos e mínimos de consecución de cada materia son adecuados ó nivel correspondente e contribúen a adquisición das competencias básicas establecidas no currículo.
- Os obxectivos e contidos de cada materia se adaptan ás características dos alumnos.
- Os criterios de avaliación están ben relacionados cos obxectivos e contidos.
- O grao mínimo de consecución fixado para cada criterio de avaliación é adecuado.
- A secuenciación das unidades e dos contidos dentro de cada unidade didáctica é adecuada.
- A temporalización é adecuada.
- O desenvolvemento da programación responde á secuenciación e a temporalización previstas.
- A metodoloxía empregada é variada e eficaz para acadar os obxectivos.
- Os materiais e recursos didácticos son adecuados.
- Os procedementos e instrumentos de avaliación son eficaces.
- Os criterios de cualificación son adecuados.
- Os criterios establecidos para a recuperación son adecuados.
- Contémplanse estratexias didácticas diversas para atender á diversidade do alumnado.
- O programa de recuperación das materias pendentes é adecuado.
- As actividades complementarias e extraescolares previstas son adecuadas.
- Os mecanismos para informar ás familias son adecuados.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36018677	IES Luís Seoane	Pontevedra	2025/2026

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Matemáticas I	1º Bac.	4	140

Tipo de oferta
Réxime xeral-ordinario

Contido **Páxina**

1. Introdución 3

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias 3

3.1. Relación de unidades didácticas 5

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas 7

4.1. Concrecións metodolóxicas 18

4.2. Materiais e recursos didácticos 19

5.1. Procedemento para a avaliación inicial 20

5.2. Criterios de cualificación e recuperación 20

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes 22

5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias 22

6. Medidas de atención á diversidade 22

7.1. Concreción dos elementos transversais 23

7.2. Actividades complementarias 24

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro 24

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora 26

9. Outros apartados 26

1. Introdución

Esta programación didáctica está pensada para a materia de Matemáticas I do 1º curso de Bacharelato. Para a súa elaboración tívose como referencia o decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establece o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

O IES Luís Seoane, está situado no barrio pontevedrés de Monteporreiro. A maioría do alumnado procede de clase media-baixa, moitos con problemáticas familiares. O centro tamén recibe alumnado inmigrante, alumnado do colectivo de etnia xitana e alumnado residente na Cidade Infantil Príncipe Felipe. Todo isto tradúcese en que unha boa parte dos/das alumnos/as presentan moi poucas aspiracións nos seus estudios.

Os/as alumnos/as que acceden á ESO veñen na súa maioría do colexio Marcos da Portela do mesmo barrio, do CEP de Xeve e do CEIP Daria González.

O centro oferta as seguintes ensinanzas:
- E.S.O., os catro cursos.
- Bacharelato, os dous cursos, podendo elixir entre tres opcións: Ciencia e Tecnoloxía, Humanidades e Ciencias Sociais e Xeral.
- Formación Profesional: FP Básica de Comercio; Ciclos Medios e Ciclos Superiores de FP pertencentes ás familias de Comercio e Marketing ou Administración e Xestión, existindo oferta tanto na modalidade presencial, como a distancia.

O Departamento de Matemáticas imparte clases neste curso nos catro niveis da ESO e nos dous do Bacharelato. Os/as alumnos/as distribúense neste curso do seguinte xeito:
- En 1º da ESO hai 3 grupos.
- En 2º da ESO hai 3 grupos.
- En 3º da ESO hai 2 grupos máis un grupo de Diversificación.
- En 4º da ESO hai 3 grupos máis un grupo de Diversificación. Neste curso o alumnado repártese en dous grupos de Matemáticas B e dous grupos de Matemáticas A.
- En 1º de Bacharelato hai 2 grupos. Neste curso o alumnado repártese nun grupo de Matemáticas I, nun grupo de Matemáticas Aplicadas ás CCSS I e noutro grupo de Matemáticas Xerais.
- En 2º de Bacharelato hai 2 grupos. Neste curso o alumnado repártese nun grupo de Matemáticas II, nun grupo de Matemáticas Aplicadas ás CCSS II e tamén hai un grupo coa materia optativa Métodos Estatísticos e Numéricos.

O Departamento de Matemáticas componse neste curso académico de cinco profesores/as con praza definitiva, catro con horario completo e unha profesora que ocupa o cargo de Xefa de Estudos. Unha docente do Departamento de Bioloxía ten asignadas catro horas de Apoio en Matemáticas.

A distribución do alumnado de 1º BACH con Matemáticas I neste curso académico indícase na seguinte táboa:

MATEMÁTICAS I
1º BACH A+B
-Nº alumnos/as: 18
-Repetidores: 0
-Matemáticas suspensas 4º ESO: 1
-NEAE (necesidades específicas apoio educativo): 1 (discapacidade auditiva)
Tanto as características e contorna do centro como as características do alumnado se tiveron en conta á hora de crear os principios metodolóxicos desta programación.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Modelizar e resolver problemas da vida cotiá e da ciencia e da tecnoloxía aplicando diferentes estratexias e formas de razoamento para obter posibles solucións.			1-2-3	2-5	40-50		3	
OBX2 - Verificar a validez das posibles solucións dun problema empregando o razoamento e a argumentación para contrastar a súa idoneidade.			1-2	3	40	3	3	
OBX3 - Formular ou investigar conxecturas ou problemas, utilizando o razoamento, a argumentación, a creatividade e o uso de ferramentas tecnolóxicas, para xerar novo coñecemento matemático.	1		1-2	1-2-3-5			3	
OBX4 - Utilizar o pensamento computacional de forma eficaz, modificando, creando e xeneralizando algoritmos que resolvan problemas mediante o uso das matemáticas, para modelizar e resolver situacións da vida cotiá e do ámbito da ciencia e da tecnoloxía.			1-2-3	2-3-5			3	
OBX5 - Establecer, investigar e utilizar conexións entre as diferentes ideas matemáticas establecendo vínculos entre conceptos, procedementos, argumentos e modelos para dar significado e estruturar a aprendizaxe matemática.			1-3	2-3				1
OBX6 - Descubrir os vínculos das matemáticas con outras áreas de coñecemento e profundar nas súas conexións, interrelacionando conceptos e procedementos, para modelizar, resolver problemas e desenvolver a capacidade crítica, creativa e innovadora en situacións diversas.			1-2	2	50	4	2-3	1
OBX7 - Representar conceptos, procedementos e información matemáticos seleccionando diferentes tecnoloxías, para visualizar ideas e estruturar razoamentos matemáticos.			3	1-2-5			3	41-42
OBX8 - Comunicar as ideas matemáticas, de forma individual e colectiva, empregando o soporte, a terminoloxía e o rigor apropiados, para organizar e consolidar o pensamento matemático.	1-3	1	2-4	3				32
OBX9 - Utilizar destrezas persoais e sociais, identificando e xestionando as propias emocións, respectando as dos demais e organizando activamente o traballo en equipos heteroxéneos, aprendendo do erro como parte do proceso de aprendizaxe e afrontando situacións de incerteza, para perseverar na consecución de obxectivos na aprendizaxe das matemáticas.		3	5		11-12-31-32	2-3	2	

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Álxebra	Xeneralización de padróns mediante expresións alxébricas definidas explícita e recorrentemente Resolución de ecuacións: polinómicas, racionais, irracionais, exponenciais e logarítmicas. Resolución de sistemas de dúas ecuacións con dúas incógnitas. Sistemas de tres ecuacións lineais con tres incógnitas. Método de Gauss. Inecuacións e sistemas de inecuacións de primeiro e segundo grao cunha incógnita. Inecuacións lineais con dúas incógnitas. Sistemas de inecuacións lineais con dúas incógnitas. Formulación e resolución de problemas da vida cotiá¿ mediante ecuacións, sistemas e inecuacións. Interpretación gráfica.	10	16	X		
2	Trigonometría	Medida dun ángulo en radiáns. Razóns trigonométricas dun ángulo agudo. Razóns trigonométricas dun ángulo calquera. Circunferencia goniométrica. Resolución de triángulos. Teoremas do seno e do coseno. Identidades trigonométricas. Razóns trigonométricas dos ángulos suma, diferenza doutros dous, dobre e metade. Resolución de ecuacións trigonométricas.	12	18	X		
3	Números complexos	Números complexos. Forma binómica e forma polar. Representacións gráficas. Operacións. Resolución de ecuacións polinómicas con solucións non reais.	8	12	X		
4	Xeometría analítica plana	Vectores. Compoñentes dun vector. Dependencia e independencia lineal. Bases ortogonais e ortonormais. Operacións. Módulo dun vector. Produto escalar. Ángulo de dous vectores. Ecuacións da recta. Paralelismo e perpendicularidade. Posicións relativas de dúas rectas. Problemas métricos: distancias e ángulos. Resolución de problemas.	15	24		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	Funcións	Funcións reais de variable real. Características das funcións. Funcións básicas: polinómicas, racionais sinxelas, valor absoluto, irracionais sinxelas, trigonométricas e as súas inversas, exponenciais, logarítmicas e funcións definidas a anacos. Expresión analítica, gráfica e características. Operacións e composición de funcións. Función inversa.	6	10		X	
6	Límites e continuidade	Límite dunha función nun punto. Límites laterais. Límite dunha función no infinito. Cálculo de límites. Indeterminacións. Ramas infinitas. Asíntotas. Continuidade dunha función. Tipos de descontinuidade.	12	16		X	
7	Derivación. Aplicacións	Taxa de variación media e taxa de variación instantánea. Derivada dunha función nun punto. Interpretación xeométrica. Recta tanxente a unha función nun punto. Recta normal. Función derivada. Cálculo de derivadas. Regra da cadea. Aplicacións da función derivada. Estudo das características dunha función. Representación gráfica de funcións.	12	18			X
8	Probabilidade	Fenómenos deterministas e aleatorios. Sucesos. Operacións con sucesos. Frecuencia relativa dun suceso e a súa aproximación á probabilidade mediante a simulación ou experimentación. Espazo mostral. Técnicas de reconto. Táboas e diagramas de árbore. Asignación de probabilidades a sucesos mediante a Regra de Laplace e a partir da súa frecuencia relativa. Axiomática de Kolmogorov. Experimentos simples e compostos. Probabilidade condicionada. Dependencia e independencia de sucesos.	8	10			X
9	Distribucións bidimensionais	Estatística descritiva bidimensional. Correlación lineal. Táboas de continxencia. Distribución conxunta e distribucións marxinais. Medias e desviacións típicas marxinais. Distribucións condicionadas. Independencia de variables estatísticas. Dependencia de dúas variables estatísticas. Representación gráfica. Nube de puntos. Dependencia lineal de dúas variables estatísticas. Parámetros asociados a unha distribución bidimensional. Covarianza e	7	10			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
9	Distribucións bidimensionais	coeficiente de correlación: cálculo e interpretación do coeficiente de correlación lineal. Regresión lineal e cuadrática. Recta de regresión. Estimación. Predicións estatísticas e fiabilidade das mesmas. Identificación das fases e tarefas dun estudo estatístico. Análise e descricións de traballos relacionados coa Estatística, interpretando a información e detectando erros e manipulacións.	7	10			X
10	Matemáticas para a vida en sociedade	Trátase dunha unidade transversal que reúne os criterios de avaliación e contidos asociados ao sentido sociafectivo e que se traballarán ao longo de todo o curso.	10	6	X	X	X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Álxebra	16

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Seleccionar e utilizar diversas formas de representación, valorando a súa utilidade para compartir información.	Selecciona e utiliza a representación gráfica e alxébrica das solucións de inecuacións lineais e sistemas de ecuacións e inecuacións lineais con unha ou dúas incógnitas, valorando a súa utilidade.	PE	100
CA4.3 - esolver problemas en contextos matemáticos, establecendo e aplicando conexións entre as diferentes ideas matemáticas.	Resolve problemas de ecuacións, inecuacións e sistemas en contextos matemáticos aplicando os coñecementos de expresións polinómicas, racionais, irracionais e de exponenciais e logaritmos.		
CA4.4 - Obter todas as posibles solucións matemáticas de problemas da vida cotiá e da ciencia e a tecnoloxía, describindo o procedemento utilizado.	Obter todas as posibles solucións de problemas da ciencia e a tecnoloxía que poidan plantexarse mediante ecuacións polinómicas, racionais e irracionais sinxelas describindo o procedemento utilizado.		
CA4.5 - Comprobar a validez matemática das posibles solucións dun problema, utilizando o razoamento e a argumentación.	Comprobar a validez matemática das posibles solucións dun problema de ecuacións, inecuacións ou sistemas, utilizando o razoamento e a argumentación.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.6 - Interpretar, modelizar e resolver situacións problematizadas da vida cotiá e da ciencia e a tecnoloxía, utilizando o pensamento computacional, modificando e creando algoritmos.	Plantexa e resolve problemas da vida cotiá e da ciencia e a tecnoloxía, utilizando o pensamento computacional, modificando os algoritmos de resolución de ecuacións, inecuacións e sistemas.		
CA4.7 - Empregar ferramentas tecnolóxicas adecuadas na formulación ou investigación de conxecturas ou problemas.	Emprega lapis e papel, calculadora ou programas gráficos na formulación ou investigación de conxecturas ou problemas de ecuacións, inecuacións e sistemas lineais con unha ou dúas incógnitas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Modelo matemático.
- Uso de ecuacións, inecuacións, sistemas de ecuacións e sistemas de inecuacións para modelizar situacións da vida cotiá e da ciencia e a tecnoloxía.
- Igualdade e desigualdade.
- Resolución de ecuacións polinómicas, racionais, irracionais e de ecuacións exponenciais e logarítmicas sinxelas.
- Resolución de sistemas de ecuacións de segundo grao con dúas incógnitas.
- Resolución gráfica e alxébrica de inecuacións lineais, de segundo grao e racionais sinxelas cunha incógnita.
- Resolución gráfica e alxébrica de sistemas de inecuacións lineais con unha ou dúas incógnitas.
- Aplicación á resolución de problemas da vida cotiá e da ciencia e a tecnoloxía, usando lapis e papel ou medios tecnolóxicos e interpretando as solucións.

UD	Título da UD	Duración
2	Trigonometría	18

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Adquirir novo coñecemento matemático a partir da formulación de conxecturas e problemas de forma guiada.	Coñece as razóns trigonométricas dun ángulo calquera e a dos ángulos suma, diferenza, dobre e metade a partir da formulación de problemas de forma guiada.	PE	100
CA2.2 - Manifestar unha visión matemática integrada, investigando e conectando as diferentes ideas matemáticas.	Relaciona os coñecementos adquiridos de trigonometría para resolver ecuacións trigonométricas sinxelas.		
CA2.3 - Resolver problemas en situacións diversas utilizando procesos matemáticos, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real, outras áreas de coñecemento e as matemáticas.	Resolve problemas de trigonometría utilizando o teorema do SEN e do COS na resolución de triángulos establecendo conexións entre o mundo real e as matemáticas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Obter todas as posibles solucións matemáticas de problemas da vida cotiá e da ciencia e a tecnoloxía, describindo o procedemento utilizado.	Obtén todas as posibles solucións de problemas da vida cotiá e da ciencia e a tecnoloxía, describindo o procedemento trigonométrico utilizado.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Medición. - Razóns trigonométricas dun ángulo calquera. Circunferencia goniométrica. - Razóns trigonométricas dos ángulos suma, diferenza, dobre e metade. - Resolución de ecuacións trigonométricas sinxelas. Utilización de ferramentas tecnolóxicas. - Cálculo de lonxitudes e medidas angulares: uso da trigonometría. Aplicación do teorema do seno e do coseno á resolución de triángulos. - Aplicación á resolución de problemas da vida cotiá e da ciencia e a tecnoloxía. Utilización de ferramentas tecnolóxicas.

UD	Título da UD	Duración
3	Números complexos	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Adquirir novo coñecemento matemático a partir da formulación de conxecturas e problemas de forma guiada.	Transforma un número complexo de forma binónica a polar e viceversa e represéntao gráficamente mediante lapis e papel ou programas gráficos (p. ex. Geogebra).	PE	100
CA1.2 - Manifestar unha visión matemática integrada, investigando e conectando as diferentes ideas matemáticas.	Identifica os números complexos con solucións de ecuacións polinómicas con raíces non reais.		
CA1.3 - Resolver problemas en situacións diversas utilizando procesos matemáticos, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real, outras áreas de coñecemento e as matemáticas.	Resolve problemas con sumas, restas, multiplicacións, divisións, potencias ou raíces sinxelas de números complexos establecendo conexións entre outras áreas de coñecemento e as matemáticas.		
CA1.4 - Obter todas as posibles solucións matemáticas de problemas da vida cotiá e da ciencia e a tecnoloxía, describindo o procedemento utilizado.	Resolve ecuacións polinómicas con solucións non reais formuladas en problemas da ciencia e a tecnoloxía, indicando todos os pasos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Relacións.

Contidos
- Os números complexos como solucións de ecuacións polinómicas con raíces non reais. - Formas binómica e polar. Representacións gráficas. - Suma, resta, multiplicación, división, potencias e raíces de números complexos. - Resolución de ecuacións polinómicas con solucións non reais. Aplicación a problemas da vida cotiá e da ciencia e a tecnoloxía. Utilización de ferramentas tecnolóxicas.

UD	Título da UD	Duración
4	Xeometría analítica plana	24

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Adquirir novo coñecemento matemático a partir da formulación de conxecturas e problemas de forma guiada.	Coñece conceptos como escalar, vector fixo e libre, as súas operacións, propiedades e interpretacións xeométricas asociadas a elas a partir da formulación de conxecturas e problemas de forma guiada.	PE	100
CA1.2 - Manifestar unha visión matemática integrada, investigando e conectando as diferentes ideas matemáticas.	Relaciona os vectores entre si e cos escalares a partir da estrutura de espacio vectorial do conxunto dos vectores conectando estes dous conceptos matemáticos.		
CA1.3 - Resolver problemas en situacións diversas utilizando procesos matemáticos, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real, outras áreas de coñecemento e as matemáticas.	Resolve problemas de combinacións lineais, dependencia e independencia, bases (ortogonais e ortonormais), módulos, e ángulo entre vectores establecendo conexións entre a física e as matemáticas.		
CA1.4 - Obter todas as posibles solucións matemáticas de problemas da vida cotiá e da ciencia e a tecnoloxía, describindo o procedemento utilizado.	Obtén solucións de problemas da ciencia e a tecnoloxía que utilizan vectores, describindo o procedemento utilizado (tipos de vectores, op. de vectores, propiedades e interpretacións xeométricas).		
CA3.1 - Adquirir novo coñecemento matemático a partir da formulación de conxecturas e problemas de forma guiada.	Coñece as ecuacións e os elementos característicos das rectas no plano a partir da formulación de conxecturas validadas e problemas de forma guiada.		
CA3.2 - Manifestar unha visión matemática integrada, investigando e conectando as diferentes ideas matemáticas.	Relaciona os coñecementos adquiridos sobre vectores para aplicalos nas rectas investigando as súas incidencias, posicións, ángulos, distancias e simetrías.		
CA3.3 - Representar ideas matemáticas estruturando diferentes razoamentos matemáticos e seleccionando as tecnoloxías máis adecuadas.	Representa obxectos xeométricos no plano (rectas e cónicas) con axuda de ferramentas dixitais (p. ex. Geogebra)		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Manexar algunhas estratexias e ferramentas, incluídas as dixitais, na modelización e resolución de problemas da vida cotiá e da ciencia e a tecnoloxía, avaliando a súa eficiencia en cada caso.	Utiliza ferramentas dixitais (p. ex. Geogebra) para resolver problemas de obxectos xeométricos do plano aplicados á vida real seleccionando a ecuación máis adecuada según a situación.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Sentido das operacións.
- Concepto de escalar e de vector fixo e libre.
- Adición, produto de escalares por vectores e produto escalar de vectores: propiedades e interpretación xeométrica das operacións.
- Estratexias para operar con números reais e vectores: cálculo mental ou escrito nos casos sinxelos e con ferramentas tecnolóxicas nos casos máis complicados.
- Relacións.
- Conxunto de vectores: estrutura. Estratexias de comprensión das operacións con números reais e vectores relacionando e comparando as súas propiedades.
- Combinacións lineais. Dependencia e independencia lineal. Concepto de base.
- Módulo dun vector e ángulo de dous vectores. Bases ortogonais e ortonormais.
- Aplicación dos vectores, as súas operacións, propiedades e interpretación xeométrica á vida cotiá e á ciencia e a tecnoloxía.
- Formas xeométricas de dúas dimensións.
- Obxectos xeométricos de dúas dimensións: análise das propiedades e determinación dos seus atributos. Relación coas operacións con vectores.
- Resolución de problemas relativos a obxectos xeométricos no plano representados con coordenadas cartesianas.
- Aplicación das operacións con vectores para a resolución de problemas xeométricos. Utilización de ferramentas tecnolóxicas.
- Localización e sistemas de representación.
- Relacións de obxectos xeométricos no plano: representación e exploración con axuda de ferramentas dixitais.
- Expresións alxébricas de obxectos xeométricos: identificación dos elementos característicos das rectas e das ecuacións da recta no plano. Paso dun tipo de ecuación a outra e selección da máis adecuada en función da situación para resolver.
- Visualización, razoamento e modelización xeométrica.
- Modelización da posición e o movemento dun obxecto no plano mediante vectores.
- Estudo de incidencia, paralelismo, distancias e ángulos de obxectos xeométricos no plano. Representación mediante ferramentas dixitais.
- Modelos matemáticos (xeométricos, alxébricos, grafos...) na resolución de problemas no plano. Conexións con outras disciplinas e áreas de interese.
- Resolución de problemas de incidencia, paralelismo, distancias e ángulos de obxectos xeométricos no plano.
- Conxecturas xeométricas no plano: validación por medio da dedución e da demostración.

UD	Título da UD	Duración
5	Funcións	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Resolver problemas en situacións diversas utilizando procesos matemáticos, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real, outras áreas de coñecemento e as matemáticas.	Resolve problemas de transformacións de funcións utilizando procesos matemáticos, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real, outras áreas de coñecemento e as matemáticas.	PE	100
CA2.5 - Seleccionar a solución máis adecuada dun problema en función do contexto (sustentabilidade, consumo responsable, equidade...) usando o razoamento e a argumentación.	Selecciona a solución máis adecuada dun problema en función do contexto, p.ex., sostibilidade usando as funcións e as súas transformacións no razoamento e/ou na argumentación.		
CA4.1 - Manifestar unha visión matemática integrada, investigando e conectando as diferentes ideas matemáticas.	Manifesta unha visión dos tipos de funcións integrada, investigando e conectando as estratexias de identificación e determinación da clase de funcións.		
CA4.2 - Seleccionar e utilizar diversas formas de representación, valorando a súa utilidade para compartir información.	Selecciona e utilizar diversas formas de representación de funcións, valorando a súa utilidade para compartir información.		
CA4.7 - Empregar ferramentas tecnolóxicas adecuadas na formulación ou investigación de conxecturas ou problemas.	Emprega ferramentas tecnolóxicas adecuadas na formulación ou investigación de conxecturas ou problemas de funcións.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Cambio.
- Transformacións de funcións (operacións aritméticas, composición, valor absoluto e inversa), utilizando ferramentas dixitais para realizar as operacións coas expresións simbólicas máis complicadas.
- Padróns.
- Xeneralización de padróns en situacións sinxelas, usando regras simbólicas ou funcións definidas explícita e recorrentemente.
- Modelo matemático.
- Relacións cuantitativas en situacións sinxelas: estratexias de identificación e determinación da clase de funcións que poden modelizalas, obtendo conclusións razoables.
- Relacións e funcións.
- Funcións a partir de táboas e gráficas. Aspectos globais dunha función.
- As funcións e a súa representación gráfica na interpretación de fenómenos relacionados coa vida cotiá e coa ciencia e a tecnoloxía utilizando lapis e papel ou ferramentas dixitais.
- Propiedades das distintas clases de funcións, incluídas as polinómicas, exponenciais, irracionais, racionais sinxelas, logarítmicas, trigonométricas e a anacos: comprensión e comparación.

Contidos
- Álxebra simbólica na representación e explicación de relacións matemáticas da vida cotiá e da ciencia e a tecnoloxía. - Pensamento computacional. - Análise, formulación e resolución de problemas da vida cotiá e da ciencia e a tecnoloxía utilizando ferramentas ou programas adecuados. - Comparación de algoritmos alternativos para o mesmo problema mediante o razoamento lóxico.

UD	Título da UD	Duración
6	Límites e continuidade	16

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Adquirir novo coñecemento matemático a partir da formulación de conxecturas e problemas de forma guiada.	Adquire o concepto de límite dunha función nun punto e no infinito a partir da formulación de conxecturas, problemas de forma guiada e a súa interpretación gráfica.	PE	100
CA2.2 - Manifestar unha visión matemática integrada, investigando e conectando as diferentes ideas matemáticas.	Manifesta unha visión integrada do concepto de límite, investigando e conectando a súa estimación e cálculo a partir dunha táboa, unha gráfica ou unha expresión alxébrica.		
CA2.3 - Resolver problemas en situacións diversas utilizando procesos matemáticos, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real, outras áreas de coñecemento e as matemáticas.	Resolve problemas de cálculo de límites nun punto e no infinito utilizando procesos matemáticos, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real, outras áreas de coñecemento e as matemáticas.		
CA4.7 - Empregar ferramentas tecnolóxicas adecuadas na formulación ou investigación de conxecturas ou problemas.	Emprega ferramentas tecnolóxicas adecuadas na formulación ou investigación de conxecturas ou problemas de límites.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Cambio. - Concepto de límite dunha función nun punto e no infinito. Interpretación gráfica. Estimación e cálculo a partir dunha táboa, unha gráfica ou unha expresión alxébrica. - Cálculo de límites nun punto e no infinito de funcións polinómicas, racionais, irracionais, exponenciais e trigonométricas. Resolución de indeterminacións. Cálculo de asíntotas. - Concepto de continuidade dunha función nun punto. Estudo da continuidade dunha función graficamente. Aplicación de límites no estudo da continuidade. Tipos de descontinuidades. Interpretación gráfica. Función continua nun conxunto. - Relacións e funcións.

Contidos
- Álxebra simbólica na representación e explicación de relacións matemáticas da vida cotiá e da ciencia e a tecnoloxía. - Pensamento computacional. - Análise, formulación e resolución de problemas da vida cotiá e da ciencia e a tecnoloxía utilizando ferramentas ou programas adecuados.

UD	Título da UD	Duración
7	Derivación. Aplicacións	18

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Adquirir novo coñecemento matemático a partir da formulación de conxecturas e problemas de forma guiada.	Adquire os conceptos de derivada dunha función nun punto e de recta tanxente a partir da formulación de conxecturas e problemas de forma guiada.	PE	100
CA2.2 - Manifestar unha visión matemática integrada, investigando e conectando as diferentes ideas matemáticas.	Manifesta unha visión integrada dos conceptos de TVM, TVI e derivada, investigando e conectando coa súa interpretación xeométrica.		
CA2.3 - Resolver problemas en situacións diversas utilizando procesos matemáticos, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real, outras áreas de coñecemento e as matemáticas.	Resolve problemas de cálculo de derivadas con lapis e papel e ferramentas tecnolóxicas, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real, outras áreas de coñecemento e as matemáticas.		
CA4.3 - esolver problemas en contextos matemáticos, establecendo e aplicando conexións entre as diferentes ideas matemáticas.	Resolve problemas de aplicación do cálculo diferencial ao estudo de funcións, establecendo e aplicando conexións entre as diferentes ideas matemáticas.		
CA4.7 - Empregar ferramentas tecnolóxicas adecuadas na formulación ou investigación de conxecturas ou problemas.	Emprega ferramentas tecnolóxicas adecuadas na formulación ou investigación de conxecturas ou problemas de derivadas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Cambio. - Taxa de variación media (TVM) e taxa de variación instantánea (TVI) dunha función. Interpretación da TVM e da TVI en situacións da vida cotiá e en problemas da ciencia e a tecnoloxía. - Derivada dunha función nun punto: definición a partir do estudo do cambio en diferentes contextos. Interpretación xeométrica. Recta tanxente. Utilización da definición de derivada dunha función nun punto para o seu cálculo en casos sinxelos. - Función derivable nun conxunto. Función derivada. Derivadas sucesivas. - Funcións derivadas das funcións elementais. A derivada e as operacións con funcións.

Contidos
- Cálculo de derivadas utilizando lapis e papel en casos sinxelos e ferramentas tecnolóxicas nos casos máis complexos. - Aplicación dos límites, a continuidade e a derivada a situacións da vida cotiá e da ciencia e a tecnoloxía. Utilización de ferramentas tecnolóxicas. - Relacións e funcións. - Aplicación do cálculo diferencial ao estudo da monotonía, extremos, curvatura e puntos de inflexión de funcións polinómicas, exponenciais, irracionais, racionais sinxelas, logarítmicas e trigonométricas. - Aplicación do cálculo diferencial á representación gráfica de funcións polinómicas e racionais sinxelas. Estudo das súas características principais: dominio, simetrías, periodicidade, crecemento, decrecemento, extremos, curvatura, puntos de inflexión e as - Álxebra simbólica na representación e explicación de relacións matemáticas da vida cotiá e da ciencia e a tecnoloxía. - Pensamento computacional. - Análise, formulación e resolución de problemas da vida cotiá e da ciencia e a tecnoloxía utilizando ferramentas ou programas adecuados.

UD	Título da UD	Duración
8	Probabilidade	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Adquirir novo coñecemento matemático a partir da formulación de conxecturas e problemas de forma guiada.	Adquire o concepto de probabilidade como medida de incerteza de fenómenos aleatorios en problemas de forma guiada.	PE	100
CA5.1 - Adquirir novo coñecemento matemático a partir da formulación de conxecturas e problemas de forma guiada.	Adquire coñecemento de técnicas de reconto a partir da formulación de conxecturas e problemas de forma guiada.		
CA5.4 - Resolver problemas en situacións diversas utilizando procesos matemáticos, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real, outras áreas de coñecemento e as matemáticas.	Resolve problemas de cálculo de probabilidade polo método frecuentista e pola regla de Laplace, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real, outras áreas de coñecemento e as matemáticas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Medición. - A probabilidade como medida da incerteza asociada a fenómenos aleatorios. - Incerteza. - Cálculo da probabilidade a partir da súa aproximación frecuencial e como medida da incerteza asociada aos fenómenos aleatorios, sexa ou non posible a súa experimentación.

Contidos
- Cálculo de probabilidades en experimentos simples: a regra de Laplace en situacións de equiprobabilidade aplicando diferentes técnicas de reconto. Axiomática de Kolmogorov.

UD	Título da UD	Duración
9	Distribucións bidimensionais	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.1 - Adquirir novo coñecemento matemático a partir da formulación de conxecturas e problemas de forma guiada.	Adquire o novo concepto de variable bidimensional construíndo a táboa de dobre entrada. Calcula as distribucións marxinais e condicionadas en problemas de forma guiada.	PE	100
CA5.2 - Representar ideas matemáticas estruturando diferentes razoamentos matemáticos e seleccionando as tecnoloxías máis adecuadas.	Representa graficamente variables bidimensionais estruturando razoamentos matemáticos como o grao de relación e emitindo xuízos.		
CA5.3 - Manexar algunhas estratexias e ferramentas, incluídas as dixitais, na modelización e resolución de problemas da vida cotiá e da ciencia e a tecnoloxía, avaliando a súa eficiencia en cada caso.	Manexa estratexias e ferramentas dixitais na regresión lineal e cadrática e fai valoración gráfica da pertinencia do axuste, diferenciando entre correlación e causalidade.		
CA5.4 - Resolver problemas en situacións diversas utilizando procesos matemáticos, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real, outras áreas de coñecemento e as matemáticas.	Resolve problemas de cálculo de coeficientes de correlación lineal e de determinación, cuantificando a relación lineal entre variables do mundo real e facendo predicións.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Organización e análise de datos. - Variables bidimensionais: distribución conxunta, distribucións marxinais e condicionadas. Análise da dependencia estatística. - Estudo da relación entre dúas variables mediante a regresión lineal e cuadrática: valoración gráfica da pertinencia do axuste. Diferenza entre correlación e causalidade. - Coeficientes de correlación lineal e de determinación: cuantificación da relación lineal, predición e valoración da súa fiabilidade en contextos científicos e tecnolóxicos. - Calculadora, folla de cálculo ou software específico na análise de datos estatísticos. - Inferencia. - Análise de mostras unidimensionais e bidimensionais con ferramentas tecnolóxicas co fin de emitir xuízos e tomar decisións.

UD	Título da UD	Duración
10	Matemáticas para a vida en sociedade	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.1 - Analizar a achega das matemáticas ao progreso da humanidade, reflexionando sobre a súa contribución na proposta de solucións a situacións complexas e aos retos científicos e tecnolóxicos que se expoñen na sociedade.	Analiza a achega das matemáticas ao progreso da humanidade, reflexionando sobre a súa contribución na proposta de solucións a situacións complexas e aos retos científicos e tecnolóxicos da sociedade.	TI	100
CA6.2 - Afrontar as situacións de incerteza, identificando e xestionando emocións, aceptando e aprendendo do erro como parte do proceso de aprendizaxe das matemáticas.	Afronta as situacións de incerteza, identificando e xestionando emocións, aceptando e aprendendo do erro como parte do proceso de aprendizaxe das matemáticas.		
CA6.3 - Mostrar unha actitude positiva e perseverante, aceptando e aprendendo da crítica razoada ao facerlles fronte ás diferentes situacións na aprendizaxe das matemáticas.	Mostra unha actitude positiva e perseverante, aceptando e aprendendo da crítica razoada ao facerlles fronte ás diferentes situacións na aprendizaxe das matemáticas.		
CA6.4 - Participar en tarefas matemáticas de forma activa en equipos heteroxéneos, respectando as emocións e experiencias dos demais, escoitando o seu razoamento, identificando as habilidades sociais máis propicias e fomentando o benestar grupal e as relacións saudables.	Participa en tarefas matemáticas de forma activa en equipos heteroxéneos, respectando e escoitando aos demais, identificando as habilidades sociais máis propicias e fomentando o benestar grupal.		
CA6.5 - Mostrar organización ao comunicar as ideas matemáticas empregando o soporte, a terminoloxía e o rigor apropiados.	Mostra organización ao comunicar as ideas matemáticas empregando o soporte, a terminoloxía e o rigor apropiados.		
CA6.6 - Recoñecer e empregar a linguaxe matemática en diferentes contextos, comunicando a información con precisión e rigor.	Recoñece e emprega a linguaxe matemática en diferentes contextos, comunicando a información con precisión e rigor.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Crenzas, actitudes e emocións.
- Actitudes inherentes ao traballo matemático como o esforzo, a perseveranza, a tolerancia á frustración, a incerteza e a autoavaliación, indispensables para afrontar eventuais situacións de tensión e ansiedade na aprendizaxe das matemáticas.
- Tratamento do erro, individual e colectivo, como elemento mobilizador de saberes previos adquiridos e xerador de oportunidades de aprendizaxe na aula de matemáticas.
- Traballo en equipo e toma de decisións.
- Recoñecemento e aceptación de diversas formulacións na resolución de problemas e tarefas matemáticas, transformando os enfoques dos demais en novas e melloradas estratexias propias, mostrando empatía e respecto no proceso.

Contidos
- Técnicas e estratexias de traballo en equipo para a resolución de problemas e tarefas matemáticas, en equipos heteroxéneos. - Inclusión, respecto e diversidade. - Destrezas para desenvolver unha comunicación efectiva: a escoita activa, a formulación de preguntas ou a solicitude e prestación de axuda cando sexa necesario. - Valoración da contribución das matemáticas ao longo da historia no avance da ciencia e a tecnoloxía. - Comunicación e organización. - Comunicación das ideas matemáticas de maneira ordenada e coherente empregando o soporte, a terminoloxía e o rigor apropiados. - Recoñecemento e utilización da linguaxe matemática en diferentes contextos, comunicando a información con precisión e rigor. - Planificación de procesos de matematización e modelización, en contextos da vida cotiá e da ciencia e a tecnoloxía.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Unha metodoloxía baseada na resolución de problemas faise imprescindible para desenvolver capacidades como a comprensión e o emprego das diferentes linguaxes matemáticas, a análise de datos, a formulación, comprobación e aceptación ou rexeitamento de hipóteses, o deseño, emprego e contraste de estratexias, a toma de decisións, etc. Ademais, é resolvendo problemas que traten situacións reais, onde os conceptos e métodos estatísticos e numéricos empregados mostran tanto a súa potencia como a súa relevancia.

Así para o desenvolvemento da materia proponse:
- Dar prioridade á comprensión fronte ó mecanismo, sen esquecer a presenza deste en diversos apartados da actividade matemática.
- Empregar un libro de texto como eixo vertebrador do proceso de ensinanza.
- Empregar a aula virtual como ferramenta de traballo que facilita a comunicación co alumnado. Os /as alumnos/as serán matriculados no curso da aula virtual correspondente á materia de Matemáticas.
- A miúdo, e antes de empezar a exposición dos contidos teóricos, comezar pola presentación de problemas que se dean na vida real para, a partir da busca de solucións, seguir coas explicacións do/a profesor/a dos aspectos teóricos máis importantes do tema e finalmente a posta en práctica individual ou en grupo, empezando con actividades sinxelas e incrementando o grao de dificultade segundo as características do alumnado.
- Segundo os resultados propor actividades de reforzo ou de ampliación.
- Inculcar que o alumnado valore a coherencia das súas respostas con respecto ao enunciado dun exercicio ou problema.
- Prestar especial atención a que o alumnado vaia adquirindo rigor á hora de expoñer a resolución dos exercicios e problemas, indicando claramente cada paso e expresando correctamente os resultados na linguaxe adecuada atendendo ao enunciado.
- Fomentar a reflexión persoal do aprendido con actividades nas que o/a alumno/a poida usar os novos coñecementos, comprobando así a utilidade dos mesmos e gozando do proceso da aprendizaxe. Consideramos importante tamén facer fincapé na reflexión sobre os resultados propiciando unha aprendizaxe por ensaio-erro.
- Utilizar situacións próximas ao alumnado que posibiliten a identificación e comprensión dos problemas e posteriores solucións.
- Resolver problemas en situacións e contextos distintos aos propostos previamente, incluíndo a aplicación da matemática á vida cotiá.
- Fomentar o diálogo na clase, a discusión entre o profesor e os/as alumnos/as, e entre eles mesmos, tendo en conta que tódalas preguntas e respostas aínda que sexan incorrectas ou non se axusten ás expectativas do/a profesor/a, poden conducir a un frutífero debate e a unha mellor comprensión por parte do alumnado e a eliminar interpretacións erróneas específicas. A aprendizaxe debe ser participativa en todo momento.
- Para a resolución dun problema abordar os seguintes pasos: análise do problema e emisión de hipóteses, busca de estratexias, resolución e comprobación das hipóteses. O profesor axudará ós/ás alumnos/as a entender en cada

momento como deben aplica-los conceptos e destrezas que están aprendendo e como usalos na resolución de problemas.
- Fomentar o uso das tecnoloxías da información como ferramentas que favorecen, simplifican e clarifican a transmisión de información.
- Empregar materiais, procedementos de resolución e dinámicas de traballo variados, co fin de manter a atención e evitar a monotonía.
- En todos os bloques nos que se estrutura o curso, os/as alumnos/as deberán realizar na súa casa actividades de reforzo que axuden a consolidar os coñecementos adquiridos na clase.
- Empregar as tecnoloxías da información e comunicación, ferramentas de cálculo, simulación, contraste, aproximación e estimación ou calquera outra que favoreza o proceso de abstracción.

A posta en práctica das pautas metodolóxicas sinaladas anteriormente concrétase a continuación:
- A exposición dos contidos teóricos e dos exercicios prácticos farase na aula empregando diferentes recursos como explicacións na pizarra, libro dixital, vídeos didácticos, páxinas web, ...
- Seleccionaranse exercicios e problemas para realizar na aula de modo que o alumnado poda aplicar e poñer en práctica os contidos traballados e poder así detectar erros nas aprendizaxes adquiridas.
- Marcarase algún exercicio e problema para realizar na casa cando os realizados na aula non se consideren suficientes para afianzar os contidos.
- Poderanse propoñer exercicios e problemas de reforzo ou ampliación dalgunha parte dos contidos impartidos segundo as necesidades de cada alumno/a.
- Tratarase de fomentar a autonomía do alumnado á hora de estudar e corrixir os exercicios e problemas, proporcionándolles ferramentas que favorezan este proceso: documentos coa resolución explicada paso a paso que podan consultar na aula virtual, boletíns de exercicios de repaso coas solucións, uso de ferramentas tecnolóxicas como a calculadora, follas de cálculo, programas informáticos, ...
- Realizaranse cuestionarios con exercicios e problemas básicos sobre a materia impartida para valorar o seguimento da mesma por parte do alumnado. Estas poderán ser tarefas para facer na aula e entregar ou para facer na casa e enviar a través da aula virtual ou do correo electrónico.
- As probas escritas realizaranse na aula nas datas acordadas co alumnado.
- No período comprendido entre a avaliación final ordinaria e o remate do período lectivo en 1º BACH, traballaranse actividades de repaso de todos os contidos impartidos ao longo do curso enfocadas a preparar a proba extraordinaria.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Dotación da aula (encerado, pupitres, pizarra dixital, ordenador, ...)
Libro de texto da editorial Anaya. Recomendado pero non obligatorio
Caderno da materia
Calculadora científica.
Aula virtual do IES
Vídeos didácticos
Vídeos titoriais con explicacións de exercicios e problemas
Documentos con resumos dos contidos de unidades didácticas
Documentos con resolucións completas e explicadas paso a paso de exercicios
Cuestionarios con exercicios para comprobar o seguimento da materia por parte do alumnado
Fichas de actividades de consolidación

Fichas de actividades de reforzo
Fichas de actividades de ampliación
Boletíns de exercicios e problemas con solucións para practicar e detectar erros de aprendizaxe
Boletíns de exercicios para entregar
Webex para vídeo conferencia
Material de debuxo técnico para xeometría

As clases poderán ser na aula normal do grupo, ou nas aulas de informática ou multimedia, segundo as posibilidades do centro e os contidos ou prácticas que se queiran traballar. Así poderanse empregar tamén:
- Algunha aplicación Informática como Folla de cálculo Excel, Descartes, GeoGebra ...
- Páxinas Web para a explicación de contidos ou realización de exercicios complementarios ás unidades.
- Proxección de películas de vídeo.
- Pizarra dixital.

Ademais estará a disposición dos/as alumnos/as toda a bibliografía, documentación e outros recursos existentes no centro (departamento, biblioteca, etc...).

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Farase unha avaliación inicial nas primeiras semanas do curso que consistirá en:
- Análise dos informes de avaliación individualizados do curso anterior e dos informes facilitados polo Departamento de Orientación. Tamén se terán en conta as conclusións ás que chegue a xunta avaliadora nas avaliacións iniciais.
- Detección das aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso anterior e a súa correspondencia coa falta do desenvolvemento das competencias clave.
- Coñecemento personalizado do alumnado para obter información sobre os seus coñecementos previos na materia e o grao de desenvolvemento das competencias clave .

En base aos resultados obtidos se adecuarán as ensinanzas da materia ao alumnado para así facilitar a progresión satisfactoria do seu proceso de aprendizaxe.

Se tivésemos alumnado con altas capacidades, daráselle material de ampliación co que poida desenvolvelas.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	**UD 1**	**UD 2**	**UD 3**	**UD 4**	**UD 5**	**UD 6**	**UD 7**
Peso UD/ Tipo Ins.	**10**	**12**	**8**	**15**	**6**	**12**	**12**
Proba escrita	100	100	100	100	100	100	100
Táboa de indicadores	0	0	0	0	0	0	0

Unidade didáctica	UD 8	UD 9	UD 10	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	**8**	**7**	**10**	**100**
Proba escrita	100	100	0	**90**
Táboa de indicadores	0	0	100	**10**

Criterios de cualificación:

Empregaranse os seguintes Procedementos e Instrumentos de avaliación:
* Táboas de indicadores:
- Observación sistemática e rexistro a través de Listas de control para facer unha análise continuada das tarefas realizadas na clase e na casa. A través dun Diario de clase e empregando rúbricas, valorarase a frecuencia coa que o alumnado cumpra as tarefas adecuadamente; as actividades de consolidación, reforzo ou ampliación que se propoñan e os resultados obtidos nos Cuestionarios sobre o seguimento da materia que se recollan para supervisar o seu traballo e o grao de aproveitamento da materia e de consecución das aprendizaxes.
* Probas escritas específicas e obxectivas:
- Controis: En cada Avaliación farase algunha proba escrita, polo menos unha, sobre a Resolución de exercicios e problemas referidos aos criterios de avaliación de parte da materia para facer unha análise da produción dos/as alumnos/as e así poder avaliar o proceso de ensinanza-aprendizaxe para tomar canto antes as medidas axeitadas co obxecto de corrixir os erros que se detecten.
- Exame Final de Avaliación: Ao final de cada Avaliación farase unha proba escrita sobre a Resolución de exercicios e problemas referidos aos contidos e ás competencias básicas traballados nas unidades didácticas impartidas nesa avaliación.
- Exame Final de Curso: Ao final de curso farase unha proba escrita sobre a Resolución de exercicios e problemas referidos aos contidos mínimos e ás competencias básicas traballados na materia ao longo do curso, para aquel alumnado que non superara a materia nalgunha avaliación.

A avaliación levarase a cabo tendo en conta os diferentes elementos que constitúen o currículo, é dicir, as competencias clave, os obxectivos da etapa, os contidos e os criterios de avaliación. Aplicaranse os seguintes Criterios de Cualificación:
- O 30 % da Nota da Avaliación será a nota do Control ou a media aritmética dos Controis feitos nesa avaliación.
- O 60 % da Nota da Avaliación será a nota do Exame Final de Avaliación.
- O 10 % da Nota da Avaliación será a nota media obtida nas Táboas de indicadores.

Para superar a materia o/a alumno/a debe acadar en cada avaliación unha Nota de Avaliación mínima de 5 atendendo aos criterios antes expostos.

Para elaborar a Nota Final de curso farase a media aritmética das notas obtidas nas tres avaliacións.

Criterios de recuperación:

Despois de cada avaliación farase unha recuperación para os que non teñan a materia superada. A recuperación da 3ª avaliación inclúese no Exame Final de Curso.

No caso de que ao final de curso algún alumno/a non tivera superada algunha avaliación terá que presentarse ao Exame Final de Curso. Para aprobar a materia deberá obter unha nota mínima de 5 en cada avaliación que aínda tivera suspensa. Se o/a alumno/a ten suspensas as tres avaliacións o Exame Final de curso será unha proba que incluirá contidos das tres avaliacións na que deberá obter unha nota mínima de 5.

Se algún alumno/a non superase a materia na convocatoria ordinaria, na convocatoria extraordinaria será avaliado/a por unha Proba Escrita Obxectiva similar ao Exame Final de Curso na que deberá acadar unha nota mínima de 5 para aprobar a materia.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Os/as alumnos/as que teñan a materia Matemáticas I pendente seguirán o seguinte plan de traballo:

- Ao inicio de curso o docente de Matemáticas dará ao alumnado que teña a materia pendente a información e o material que precisarán para recuperala.
- A materia dividirase en dúas partes.
- Ao longo do curso entregaráselles ao alumnado coa materia pendente un boletín de exercicios de repaso de cada unha das partes en que se lles divide a materia. Estes exercicios deberán ser feitos polo alumnado e deberán entregalos ao docente que lles imparte clase de Matemáticas, segundo as datas establecidas. Non se recollerán exercicios fóra da data fixada.
- Unha vez corrixidos os exercicios entregados, estes serán devoltos ao alumnado para que poidan autoavaliarse.
- Farase un exame de cada parte da materia pendente nas datas establecidas. Este exame constará de exercicios similares ós do boletín É necesario que o alumnado obteña neste exame unha nota mínima de 5 para superar a materia da parte correspondente. A realización desta proba será de forma presencial.
- Se o/a alumno/a non aproba o exame da primeira parte, terá que avaliarse no segundo exame de toda a materia, debendo obter neste exame unha nota mínima de 5 para recuperar a materia pendente.
- A Nota Final de curso será a media aritmética das notas obtidas en cada parte ou de ser o caso, a nota obtida no exame de toda a materia.
- Na cualificación final da materia pendente primará ter aprobadas as probas escritas, aínda que se valorarán os exercicios entregados así como a evolución do/a alumno/a no curso actual.

5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias

No caso de cambio de modalidade ou de vía de 1º a 2º de Bacharelato procederase según a normativa vixente. Así:
- O alumnado que non cambia de modalidade poderá matricularse da materia do 2º curso sen cursar a correspondente materia do 1º curso, sempre que o profesorado que a imparta considere que a alumna ou o alumno cumpre as condicións necesarias para poder seguir con aproveitamento a materia de 2º. En caso contrario, deberá cursar a materia de 1º curso que terá a consideración de materia pendente.
- O alumnado que cambie de modalidade deberá cursar e superar a materia obrigatoria de modalidade correspondente ao 1º curso.
No caso de ter que cursar a materia do 1º curso, esta poderá avaliarse cunha proba escrita a realizar no primeiro trimestre ou seguindo o programa de recuperación da materia pendente.

6. Medidas de atención á diversidade

A presenza nas aulas dun alumnado con inquedanzas moi dispares e con capacidades, habilidades, coñecementos e actitudes tan diferentes supoñen un auténtico desafío para o profesorado e tamén para o sistema educativo. Os problemas que tal diversidade de intereses e capacidades plantexan déixanse sentir con máis intensidade se cabe na materia de Matemáticas pola dificultade que por si mesma encerra.

Dentro do marco xurídico-administrativo no que nos movemos e, como profesores/as, temos que facer o posible por atender o mais eficazmente que poidamos a todos os/as alumnos/as, facendo compatible esta atención co desenrolo dunha programación que trate de acadar os obxectivos que se establecen a través da consecución dos criterios de avaliación e das competencias clave marcados na materia.

- A atención á diversidade procurará detectar as distintas necesidades educativas ou velocidades de aprendizaxe para deseñar actividades de reforzo ou de ampliación de xeito que se asegure un nivel mínimo a todo o alumnado ao final do curso e dando oportunidade aos alumnos/as máis avantaxados a afondar na materia.
- Serán tidas en conta, en colaboración co Departamento de Orientación, medidas en casos concretos como alumnado estranxeiro, alumnado con discapacidades físicas ou psíquicas, ...

Estará presente a atención á diversidade dende o punto de vista metodolóxico a través das seguintes accións:

- Detectar os coñecementos previos do/a alumno/a antes de empezar un tema para detectar aqueles que requiran

actividades compensatorias nas que desempeñará un papel importante o traballo en situacións concretas.
- Procurar que os contidos matemáticos novos que se ensinan conecten cos coñecementos previos e sexan adecuados ao nivel cognitivo do alumnado.
- Intentar que a comprensión do/a alumno/a de cada contido sexa suficiente para unha mínima aplicación e para enlazar cos contidos que se relacionan con el.
- En cada unidade didáctica as actividades propostas irán en orde crecente de dificultade, comezando con actividades de reforzo, a continuación actividades de nivel medio de dificultade para o desenrolo dos contidos e rematando con actividades de afondamento e ampliación de contidos.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión da lectura e expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - A comunicación audiovisual e a competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - O emprendemento social e empresarial	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - O fomento do espírito crítico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - A educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - A igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - A creatividade	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Educación para a saúde	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - A formación estética	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10
ET.1 - Comprensión da lectura e expresión oral e escrita	X	X
ET.2 - A comunicación audiovisual e a competencia dixital	X	X
ET.3 - O emprendemento social e empresarial	X	X
ET.4 - O fomento do espírito crítico	X	X

	UD 9	UD 10
ET.5 - A educación emocional e en valores	X	X
ET.6 - A igualdade de xénero	X	X
ET.7 - A creatividade	X	X
ET.8 - Educación para a saúde	X	X
ET.9 - A formación estética	X	X
ET.10 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Participación nas Olimpíadas matemáticas	Proporase ao alumnado de bacharelato a participación na Fase Autonómica Galega da Olimpiada Matemática Española organizada pola USC.	X	X	

Observacións:

Valorarase a asistencia a conferencias, exposicións, visitas, talleres e outras actividades de interese matemático para os/as alumnos/as que poidan xurdir ao longo do curso.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Programo a materia tendo en conta os criterios de avaliación previstos nas leis educativas
Programo a materia tendo en conta o tempo dispoñible para o desenvolvemento desta
Realizo a avaliación inicial ao principio de curso para axustar a programación ao nivel dos estudantes
Selecciono e secuencio de forma progresiva os contidos da programación da aula tendo en conta as particularidades de cada un dos grupos de estudantes
Informo sobre os progresos conseguidos e as dificultades encontradas
Os procedementos e instrumentos de avaliación empregados son eficaces
Desenvolvo os contidos dunha forma ordenada e comprensible para os alumnos e as alumnas

O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado
Impartíronse todos os contidos programados
Metodoloxía empregada
Relaciono as aprendizaxes con aplicacións reais ou coa súa funcionalidade
Uso distintos instrumentos de avaliación
Cando introduzo conceptos novos, relaciónoos, se é posible, cos xa coñecidos, intercalo preguntas aclaratorioas, poño exemplos...
Promovo o traballo cooperativo e manteño unha comunicación fluída cos estudantes
Presento actividades que permitan a adquisición dos contidos e as destrezas propias da etapa educativa
Reviso, con frecuencia, os traballos propostos na aula e fóra dela
Proporciono a información necesaria sobre a resolución das tarefas e como pode melloralas
Ofrezo ao alumno o resultado das probas e traballos e dou pautas para a mellora das súas aprendizaxes
Propoño novas actividades que faciliten a adquisición de obxectivos cando este non foron alcanzados suficientemente
Propoño novas actividades de maior nivel cando os obxectivos foron alcanzados con suficiencia
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Planifico as clases de modo flexible, preparo actividades e recursos axustado á programación da aula e as necesidades e aos intereses do alumnado
Utilizo axuda audiovisual o doutro tipo para apoiar os contidos na aula
Medidas de atención á diversidade
Atendo adecuadamente á diversidade do alumnado
Clima de traballo na aula
Consigo espertar o interese do alumnado
Estimulo a participación activa dos estudantes na clase
Outros
Teño predisposición para aclarar dúbidas e ofrecer asesorías dentro e fóra das clases

Descrición:

Lenda dos indicadores de logro:

1: Nunca, non, insatisfactoriamente
2: Ás veces, impuntualmente
3: Case sempre, frecuentemente
4: Sempre, si, satisfactoriamente

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Entre as funcións do profesorado inclúese a avaliación do proceso de ensinanza, tarefa que ha de levarse a cabo baixo o principio de colaboración e a través de traballo en equipo.
Faise así necesaria unha avaliación da proposta educativa recollida na programación didáctica co fin de reflexionar sobre a adecuación da mesma. Esta avaliación será realizada polas persoas docentes implicadas no desenvolvemento da materia deste curso e terá un carácter continuo e formativo para facilitar a toma de decisións e poder introducir modificacións que permitan a mellora do proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Fíxanse os seguintes criterios para avaliar se a programación se adapta ao contexto da LOMLOE e á realidade educativa do noso alumnado:

-Os obxectivos, contidos e criterios de avaliación de cada materia son adecuados ao nivel correspondente e contribúen a adquisición das competencias clave establecidas no currículum.
- Os objetivos e contidos de cada materia se adaptan ás características dos alumnos.
-Os criterios de avaliación están ben relacionados cos obxectivos e as competencias clave.
-O grao mínimo de consecución fixado para cada criterio de avaliación é adecuado.
-A secuenciación das unidades e dos criterios de avaliación dentro de cada unidade didáctica é adecuada.
-A temporalización é adecuada.
-O desenvolvemento da programación responde á secuenciación e a temporalización previstas.
-A metodoloxía empregada é variada e eficaz para acadar os contidos.
-Os materiais e recursos didácticos son adecuados
-Os procedementos e instrumentos de avaliación son eficaces.
-Os criterios de cualificación son adecuados.
-Os criterios establecidos para a recuperación son adecuados.
-Contémplanse estratexias didácticas diversas para atender á diversidade do alumnado.
-O programa de recuperación das materias pendentes é adecuado.
-As actividades complementarias e extraescolares previstas son adecuadas.
-Os mecanismos para informar ás familias son adecuados.
-A revisión e actualización da programación coas melloras introducidas durante o curso lévase a cabo.

Nas reunións que fará o departamento estudiarase o seguimento dos puntos anteriores e en cada caso faranse as correccións necesarias.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36018677	IES Luís Seoane	Pontevedra	2025/2026

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Matemáticas xerais	1º Bac.	4	140

Tipo de oferta
Réxime xeral-ordinario

Contido **Páxina**

1. Introdución 3

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias 4

3.1. Relación de unidades didácticas 5

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas 7

4.1. Concrecións metodolóxicas 17

4.2. Materiais e recursos didácticos 18

5.1. Procedemento para a avaliación inicial 19

5.2. Criterios de cualificación e recuperación 19

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes 20

6. Medidas de atención á diversidade 21

7.1. Concreción dos elementos transversais 21

7.2. Actividades complementarias 22

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro 23

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora 24

9. Outros apartados 24

1. Introdución

Esta programación didáctica, está pensada para a materia de Matemáticas Xerais do 1º curso de Bacharelato. Para a súa elaboración tívose como referencia o decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establece o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, así como tamén:

- Orde do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa,
- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación,
- Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

O IES Luís Seoane, está situado no barrio pontevedrés de Monteporreiro. A maioría do alumnado procede de clase media-baixa, moitos con problemáticas familiares. O centro tamén recibe alumnado inmigrante, alumnado do colectivo de etnia xitana e alumnado residente na Cidade Infantil Príncipe Felipe. Todo isto tradúcese en que unha boa parte dos/das alumnos/as presentan moi poucas aspiracións nos seus estudios.

Os/as alumnos/as que acceden á ESO veñen na súa maioría do colexio Marcos da Portela do mesmo barrio, do CEP de Xeve e do CEIP Daria González.

O centro oferta as seguintes ensinanzas:

- E.S.O., os catro cursos.
- Bacharelato, os dous cursos, podendo elixir entre tres opcións: Ciencia e Tecnoloxía, Humanidades e Ciencias Sociais e Xeral.
- Formación Profesional: FP Básica de Comercio; Ciclos Medios e Ciclos Superiores de FP pertencentes ás familias de Comercio e Marketing ou Administración e Xestión, existindo oferta tanto na modalidade presencial, como a distancia.

O Departamento de Matemáticas imparte clases neste curso académico nos catro niveis da ESO e nos dous do Bacharelato. Os/as alumnos/as distribúense neste curso do seguinte xeito:

- En 1º da ESO hai 3 grupos.
- En 2º da ESO hai 3 grupos.
- En 3º da ESO hai 2 grupos máis un grupo de Diversificación.
- En 4º da ESO hai 3 grupos máis un grupo de Diversificación. Neste curso o alumnado repártese en dous grupos de Matemáticas B e outros dous grupos de Matemáticas A.
- En 1º de Bacharelato hai 2 grupos. Neste curso o alumnado repártese nun grupo de Matemáticas I, nun grupo de Matemáticas Aplicadas ás CCSS I e noutro grupo de Matemáticas Xerais.
- En 2º de Bacharelato hai 2 grupos. Neste curso o alumnado repártese nun grupo de Matemáticas II, nun grupo de Matemáticas Aplicadas ás CCSS II e tamén hai un grupo coa materia optativa Métodos Estatísticos e Numéricos.

O Departamento de Matemáticas componse neste curso de cinco profesores/as con praza definitiva, catro con horario completo e unha profesora que ocupa o cargo de Xefa de Estudos. Unha docente do Departamento de Bioloxía ten asignadas catro horas de Apoio en Matemáticas.

A hora de elaborar os principios metodolóxicos desta programación, tívose en conta tanto as características e a contorna do centro coma as características do alumnado

O alumnado de 1º BACH con Matemáticas Xerais proveñen na súa maioría das Matemáticas_A de 4º da ESO. Compre destacas que dús dos alumnos proveñen de 4º de PDC.

Neste curso académico, o alumnado procede dos dous grupos de Bacharelato 1º BACH A+B, está formado por 19 alumnos/as, sen repetidores e cunha alumna que titulou coas matemáticas pendentes de 4º da ESO.

Tanto as características e contorna do centro como as características do alumnado se tiveron en conta á hora de crear os principios metodolóxicos desta programación.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Modelizar e resolver problemas da vida cotiá e de diversos ámbitos aplicando diferentes estratexias e formas de razoamento, con axuda de ferramentas tecnolóxicas, para obter posibles solucións.			1-2-3	2-5	40-50		3	
OBX2 - Verificar a validez das posibles solucións dun problema empregando o razoamento e a argumentación para contrastar a súa idoneidade.			1-2	2-3	31	3	3	
OBX3 - Xerar preguntas de tipo matemático aplicando saberes e estratexias coñecidas para dar resposta a situacións problemáticas da vida cotiá.	1		1-2	1-2-5			3	
Ademais da avaliación das aprendizaxes do alumnado tal e como nos indica o decreto 157/2022 no seu artigo 24.4 (CAPÍTULO IV) hai que avaliar os "procesos de ensino" e a propia "práctica docente", para o que se establecerán "indicadores de logro". Estes indicadores de logro establecidos valoraranse en catro niveis do xeito que segue: excelente/conseguido/mellorable/non acadado.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Mediante as reunións de departamento que mantemos ó longo do curso, coa finalidade de actualizar e mellorar a programación, avaliaremos os seguintes criterios da programación:
- Os obxectivos, contidos e mínimos de consecución de cada materia son adecuados ó nivel correspondente e contribúen a adquisición das competencias básicas establecidas no currículo.
- Os obxectivos e contidos de cada materia se adaptan ás características dos alumnos.
- Os criterios de avaliación están ben relacionados cos obxectivos e contidos.
- O grao mínimo de consecución fixado para cada criterio de avaliación é adecuado.
- A secuenciación das unidades e dos contidos dentro de cada unidade didáctica é adecuada.
- A temporalización é adecuada.
- O desenvolvemento da programación responde á secuenciación e a temporalización previstas.
- A metodoloxía empregada é variada e eficaz para acadar os obxectivos.
- Os materiais e recursos didácticos son adecuados.
- Os procedementos e instrumentos de avaliación son eficaces.
- Os criterios de cualificación son adecuados.
- Os criterios establecidos para a recuperación son adecuados.
- Contémplanse estratexias didácticas diversas para atender á diversidade do alumnado.
- O programa de recuperación das materias pendentes é adecuado.
- As actividades complementarias e extraescolares previstas son adecuadas.
- Os mecanismos para informar ás familias son adecuados.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36018677	IES Luís Seoane	Pontevedra	2025/2026

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Tecnoloxía e Enxeñaría I	1º Bac.	4	140

Tipo de oferta
Réxime xeral-ordinario

Contido **Páxina**

1. Introdución 3

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias 3

3.1. Relación de unidades didácticas 4

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas 5

4.1. Concrecións metodolóxicas 11

4.2. Materiais e recursos didácticos 11

5.1. Procedemento para a avaliación inicial 12

5.2. Criterios de cualificación e recuperación 12

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes 13

5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias 14

6. Medidas de atención á diversidade 14

7.1. Concreción dos elementos transversais 14

7.2. Actividades complementarias 16

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro 16

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora 17

9. Outros apartados 17

1. Introdución

Na sociedade actual, o desenvolvemento da tecnoloxía por parte das enxeñerías converteuse nun dos eixes arredor dos cales se articula a evolución sociocultural. Nos últimos tempos, a tecnoloxía, entendida como o conxunto de coñecementos e técnicas que pretenden dar solución ás necesidades do ser humano, foi incrementando a súa relevancia nos diferentes ámbitos da sociedade, desde a xeración de bens básicos ata as comunicacións, dando lugar ao benestar e ás estruturas económicas e sociais do mundo actual. Para iso, a cidadanía necesita dispoñer dun conxunto de saberes científicos e técnicos que sirvan de base para adoptar actitudes críticas e construtivas ante certas cuestións, ao tempo que lle permitan actuar de modo responsable, creativo, eficaz e comprometido na solución ás necesidades que lle poidan xurdir.

Neste sentido, a materia de Tecnoloxía e Enxeñería pretende reunir os saberes científicos e técnicos que, a partir dun enfoque competencial, contribúan á consecución dos obxectivos da etapa de bacharelato e á adquisición das correspondentes competencias clave. As competencias específicas oriéntanse a que o alumnado, mediante proxectos de deseño e investigación, fabrique, automatice e mellore produtos e sistemas de calidade que dean resposta a problemas dados, transferindo saberes doutras disciplinas cun enfoque ético e sostible. Todo isto faise achegando o alumnado, desde un enfoque inclusivo e non sexista, ao ámbito formativo e laboral propio da actividade tecnolóxica e da enxeñería.

O fío condutor da materia vai ser a resolución de problemas interdisciplinarios ligados a situacións reais a través de solucións tecnolóxicas, o que lle facilitará ao alumnado o coñecemento panorámico da contorna produtiva a partir da realidade que supón a creación dun produto. Este coñecemento abre un amplo campo de posibilidades ao facilitar a comprensión do proceso de deseño e desenvolvemento desde un punto de vista industrial, así como a aplicación das novas filosofías maker ou DiY de prototipado a medida ou baixo demanda.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Coordinar e desenvolver proxectos de investigación cunha actitude crítica e emprendedora, a través de estratexias e técnicas eficientes de resolución de problemas e comunicando os resultados de xeito adecuado, para crear e mellorar produtos e sistemas de modo continuo.	1		3-4	1-3-5	11		3	
OBX2 - Seleccionar materiais e elaborar estudos de impacto aplicando criterios técnicos e de sustentabilidade para fabricar produtos de calidade que dean resposta a problemas e a tarefas propostos desde un enfoque responsable e ético.			2-5	1-2	11-40	4	1	
OBX3 - Utilizar as ferramentas dixitais adecuadas analizando as súas posibilidades, configurándoas segundo as súas necesidades e aplicando coñecementos interdisciplinarios para resolver tarefas e para realizar a presentación dos resultados dun xeito óptimo.	3	1	1-4	1-2-3-5	50		3	
OBX4 - Xerar coñecementos e mellorar destrezas técnicas transferindo e aplicando saberes doutras disciplinas científicas con actitude creativa para calcular e resolver problemas ou dar resposta a necesidades dos distintos ámbitos da enxeñaría.			1-2-3-4	2-5	50		3	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Deseñar, crear e avaliar sistemas tecnolóxicos aplicando coñecementos de programación informática, regulación automática e control, así como as posibilidades que ofrecen as tecnoloxías emerxentes, para estudar, controlar e automatizar tarefas.			1-2-3	2-3-5	11		3	
OBX6 - Analizar e comprender sistemas tecnolóxicos dos distintos ámbitos da enxeñaría estudando as súas características, o consumo e a eficiencia enerxética para avaliar o uso responsable e sustentable que se fai da tecnoloxía.			2-5	1-2-4	20	4	1	

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Proxectos de investigación e desenvolvemento	Introdución á Tecnoloxía e a Enxeñaría	2	4	X		
2	Tecnoloxía sostible	Sistemas de xeración de enerxía eléctrica e instalacións.	5	8	X		
3	Materiais e fabricación	Deseño e fabricación dixital.	8	10	X		
4	Sistemas mecánicos	Deseño, cálculo, montaxe e experimentación de sistemas mecánicos	10	14	X		
5	Sistemas pneumáticos	Deseño, cálculo, montaxe e experimentación de sistemas pneumáticos	10	14	X		
6	Sistemas eléctricos e electrónicos	Deseño, cálculo, montaxe e experimentación de sistemas eléctricos e electrónicos	15	20		X	
7	Sistemas de control e robótica. Programación.	Deseño, automatización e control programado de sistemas tecnolóxicos e robots.	15	20		X	
8	Comunicación, telemetría e monitorización. IoT.	Control de dispositivos mediante tecnoloxías de comunicación, telemetría e IoT.	10	14		X	
9	Proxectos de automatización, control e robótica	Proxecto de final de curso de aplicación dos coñecementos adquiridos e que abrangue o proceso completo: deseño, construción, programación, comunicación e documentación.	25	36			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Proxectos de investigación e desenvolvemento	4

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Investigar e deseñar proxectos que mostren de forma gráfica a creación e a mellora dun produto seleccionando, referenciando e interpretando información relacionada.	Investigar a creación e mellora dun produto	TI	100
CA1.6 - Determinar o ciclo de vida dun produto planificando e aplicando medidas de control de calidade nas súas distintas etapas, desde o deseño á comercialización, tendo en consideración estratexias de mellora continua.	Coñecer o ciclo de vida dun produto		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Produtos: ciclo de vida. Estratexias de mellora continua. Planificación e desenvolvemento de deseño e comercialización. Loxística, transporte e distribución. Metroloxía e normalización. Control de calidade.

UD	Título da UD	Duración
2	Tecnoloxía sostible	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.1 - Avaliar os distintos sistemas de xeración de enerxía eléctrica e mercados enerxéticos estudando as súas características.	Coñecer os diferentes sistemas de xeración de enerxía eléctrica	PE	70
CA6.2 - Calcular as magnitudes relacionadas coa xeración de enerxía eléctrica valorando a eficiencia dos diferentes sistemas.	Calcular as magnitudes relacionadas coa xeración de enerxía eléctrica		
CA6.3 - Analizar as diferentes instalacións dunha vivenda desde o punto de vista da súa eficiencia enerxética buscando aquelas opcións máis comprometidas coa sustentabilidade e fomentando un uso responsable destas.	Analizar as diferentes instalacións dunha vivenda	TI	30

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Sistemas de xeración de enerxía eléctrica e mercados enerxéticos. Cálculo de magnitudes. Consumo enerxético sustentable, técnicas e criterios de aforro. Subministracións domésticas sustentables.

Contidos
- Instalacións en vivendas: eléctricas, de auga e climatización, de comunicación e domóticas, desde o punto de vista da súa eficiencia enerxética e sustentabilidade. Enerxías renovables aplicadas á vivenda.

UD	Título da UD	Duración
3	Materiais e fabricación	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Seleccionar os materiais, tradicionais ou de nova xeración, adecuados para a fabricación de produtos de calidade baseándose nas súas características técnicas e atendendo a criterios de sustentabilidade de maneira responsable e ética.	Seleccionar os materiais adecuados para a fabricación de produtos	TI	100
CA2.2 - Deseñar modelos empregando as ferramentas de deseño máis axeitadas e aplicando os criterios técnicos necesarios.	Deseñar modelos empregando as ferramentas de deseño máis axeitadas		
CA2.3 - Fabricar modelos ou prototipos empregando as técnicas de fabricación máis adecuadas e aplicando os criterios técnicos e de sustentabilidade necesarios.	Fabricar modelos ou prototipos empregando as técnicas de fabricación máis adecuadas		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Materiais técnicos e novos materiais. Clasificación e criterios de sustentabilidade. Selección e aplicacións características. - Expresión gráfica. Aplicacións CAD-CAE-CAM. Diagramas funcionais, esquemas e esbozos. - Técnicas de fabricación: modelaxe rápida e baixo demanda. - Fabricación dixital aplicada a proxectos: impresión 3D e corte. - Normas de seguridade e hixiene no traballo.

UD	Título da UD	Duración
4	Sistemas mecánicos	14

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Resolver problemas asociados a sistemas e instalacións mecánicas aplicando fundamentos de mecanismos de transmisión e transformación de movementos, soporte e unión ao desenvolvemento de montaxes ou simulacións.	Resolver problemas asociados a sistemas e instalacións mecánicas	PE	70
CA3.3 - Deseñar sistemas mecánicos e/ou pneumáticos que resolvan un problema determinado e poñelo en funcionamento de forma física ou simulada.	Deseñar sistemas mecánicos que resolvan un problema determinado	TI	30

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Mecanismos de transmisión e transformación de movementos. Soportes e unión de elementos mecánicos. Deseño, cálculo, montaxe e experimentación física ou simulada.

UD	Título da UD	Duración
5	Sistemas pneumáticos	14

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Interpretar e solucionar esquemas de sistemas pneumáticos a través de montaxes e simulacións, o que comprende o funcionamento de cada un dos seus elementos e do sistema na súa totalidade.	Interpretar e solucionar esquemas de sistemas pneumáticos a través de montaxes e simulacións	PE	70
CA3.3 - Deseñar sistemas mecánicos e/ou pneumáticos que resolvan un problema determinado e poñelo en funcionamento de forma física ou simulada.	Deseñar sistemas pneumáticos que resolvan un problema determinado	TI	30

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Sistemas pneumáticos: elementos, simboloxía e circuítos básicos. Montaxe e/ou simulación para a resolución de problemas.

UD	Título da UD	Duración
6	Sistemas eléctricos e electrónicos	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Resolver problemas de circuítos eléctricos e electrónicos aplicando fundamentos de corrente continua ao desenvolvemento de montaxes ou simulacións.	Resolver problemas de circuítos eléctricos e electrónicos	PE	75
CA4.2 - Resolver problemas asociados a máquinas eléctricas de corrente continua aplicando fundamentos de electricidade.	Resolver problemas asociados a motores de corrente continua		
CA4.3 - Interpretar e representar circuítos eléctricos e electrónicos utilizando a simboloxía normalizada	Interpretar e representar circuítos eléctricos e electrónicos utilizando a simboloxía normalizada		
CA4.4 - Montar e experimentar circuítos de forma física ou simulada analizando e describindo o seu funcionamento.	Montar e experimentar circuítos de forma física ou simulada	TI	25

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Circuítos eléctricos de corrente continua. - Circuítos electrónicos básicos. - Interpretación e representación esquematizada de circuítos. Cálculo, montaxe e experimentación física ou simulada. Aplicación a proxectos. - Máquinas eléctricas de corrente continua: motores e xeradores, partes, funcionamento e conexións.

UD	Título da UD	Duración
7	Sistemas de control e robótica. Programación.	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.1 - Coñecer e comprender conceptos básicos de programación textual mostrando o progreso paso a paso da execución dun programa a partir dun estado inicial e predicindo o seu estado final tras a execución.	Coñecer e comprender conceptos básicos de programación textual mostrando o progreso paso a paso da execución dun programa a partir dun estado inicial	TI	100
CA5.2 - Controlar o funcionamento de sistemas tecnolóxicos e robóticos utilizando linguaxes de programación informática.	Controlar o funcionamento de sistemas tecnolóxicos e robóticos utilizando linguaxes de programación informática.		
CA5.4 - Automatizar, programar e avaliar movementos de robots, mediante a súa modelización, aplicando algoritmos sinxelos e o uso de ferramentas informáticas.	Automatizar, programar e avaliar movementos de robots		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Fundamentos da programación textual. Características, elementos e linguaxes.

Contidos
- Proceso de desenvolvemento: edición, compilación ou interpretación, execución, probas e depuración. - Sistemas de control: conceptos, elementos e modelización de sistemas sinxelos. - Automatización programada de procesos. Deseño, programación, construción e simulación e/ou montaxe. - Creación de programas aplicados á automatización de procesos utilizando linguaxes de programación textual. Modularización. - Robótica: modelización de movementos e accións mecánicas.

UD	Título da UD	Duración
8	Comunicación, telemetría e monitorización. IoT.	14

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.3 - Aplicar ao funcionamento de sistemas e robots as posibilidades que ofrecen a telemetría e a Internet das cousas.	Aplicar a telemetría e a Internet das cousas en dispositivos sinxelos	TI	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Automatización programada de procesos. Deseño, programación, construción e simulación e/ou montaxe. - Creación de programas aplicados á automatización de procesos utilizando linguaxes de programación textual. Modularización. - Protocolos de comunicación de redes de dispositivos. - Control de dispositivos mediante tecnoloxías de comunicación con e sen fíos. - Sistemas de supervisión (SCADA). Telemetría e monitorización. - Aplicación da Internet das cousas (IoT) a proxectos e sistemas de control.

UD	Título da UD	Duración
9	Proxectos de automatización, control e robótica	36

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Participar no desenvolvemento, xestión e coordinación de proxectos de creación e mellora continua de produtos viables e socialmente responsables identificando melloras e creando prototipos mediante un proceso iterativo, con actitude crítica, creativa e emprendedora.	Participar no desenvolvemento de proxectos	TI	100
CA1.3 - Colaborar en tarefas tecnolóxicas escoitando o razoamento dos demais, achegando o equipo a través do rol asignado e fomentando o benestar grupal e as relacións saudables e inclusivas.	Colaborar en tarefas tecnolóxicas escoitando o razoamento dos demais, achegando o equipo a través do rol asignado e fomentando o benestar grupal e as relacións saudables e inclusivas.		
CA1.4 - Elaborar documentación técnica con precisión e rigor xerando diagramas funcionais e utilizando medios manuais e aplicacións dixitais.	Elaborar documentación técnica		
CA1.5 - Comunicar de maneira eficaz e organizada as ideas e as solucións tecnolóxicas empregando o soporte, a terminoloxía e o rigor apropiados.	Comunicar as ideas e as solucións tecnolóxicas		
CA1.7 - Resolver tarefas propostas e funcións asignadas de maneira óptima mediante o uso e a configuración de diferentes ferramentas dixitais de maneira óptima e autónoma.	Resolver tarefas propostas e funcións asignadas		
CA1.8 - Realizar a presentación de proxectos empregando ferramentas dixitais adecuadas.	Realizar a presentación de proxectos		
CA2.1 - Seleccionar os materiais, tradicionais ou de nova xeración, adecuados para a fabricación de produtos de calidade baseándose nas súas características técnicas e atendendo a criterios de sustentabilidade de maneira responsable e ética.	Seleccionar os materiais adecuados para a fabricación de produtos		
CA2.2 - Deseñar modelos empregando as ferramentas de deseño máis axeitadas e aplicando os criterios técnicos necesarios.	Deseñar modelos empregando as ferramentas de deseño máis axeitadas		
CA2.3 - Fabricar modelos ou prototipos empregando as técnicas de fabricación máis adecuadas e aplicando os criterios técnicos e de sustentabilidade necesarios.	Fabricar modelos ou prototipos empregando as técnicas de fabricación máis adecuadas		
CA3.3 - Deseñar sistemas mecánicos e/ou pneumáticos que resolvan un problema determinado e poñelo en funcionamento de forma física ou simulada.	Deseñar sistemas mecánicos e/ou pneumáticos que resolvan un problema determinado e poñelo en funcionamento		
CA4.4 - Montar e experimentar circuítos de forma física ou simulada analizando e describindo o seu funcionamento.	Montar e experimentar circuítos de forma física ou simulada		
CA5.2 - Controlar o funcionamento de sistemas tecnolóxicos e robóticos utilizando linguaxes de programación informática.	Controlar o funcionamento de sistemas tecnolóxicos e robóticos utilizando linguaxes de programación informática.		
CA5.3 - Aplicar ao funcionamento de sistemas e robots as posibilidades que ofrecen a telemetría e a Internet das cousas.	Aplicar Internet das cousas a sistemas sinxelos		
CA5.4 - Automatizar, programar e avaliar movementos de robots, mediante a súa modelización, aplicando algoritmos sinxelos e o uso de ferramentas informáticas.	Automatizar, programar e avaliar robots		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Estratexias de xestión e desenvolvemento de proxectos: diagramas de Gantt, metodoloxías Agile. Técnicas de investigación e ideación: Design Thinking. Técnicas de traballo en equipo. - Emprendemento, resiliencia, perseveranza e creatividade para abordar problemas desde unha perspectiva interdisciplinaria. - Autoconfianza e iniciativa. Identificación e xestión de emocións. O erro e a reavaliación como parte do proceso de aprendizaxe. - Expresión gráfica. Aplicacións CAD-CAE-CAM. Diagramas funcionais, esquemas e esbozos. - Técnicas de fabricación: modelaxe rápida e baixo demanda. - Fabricación dixital aplicada a proxectos: impresión 3D e corte. - Normas de seguridade e hixiene no traballo. - Aplicación práctica en proxectos. - Interpretación e representación esquematizada de circuítos. Cálculo, montaxe e experimentación física ou simulada. Aplicación a proxectos. - Automatización programada de procesos. Deseño, programación, construción e simulación e/ou montaxe. - Creación de programas aplicados á automatización de procesos utilizando linguaxes de programación textual. Modularización. - Aplicación da Internet das cousas (IoT) a proxectos e sistemas de control.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Para levar a cabo esta programación necesítase estar traballando continuamente nun taller con dispoñibilidade de ordenadores, maquinaria de fabricación e material de electrónica, pneumática e control e robótica.

As unidades didácticas están enfocadas non só ao coñecemento dos diferentes sistemas tecnolóxicos, abordando os coñecementos científicos e técnicos e cálculos, senón tamén á preparación para a realización dun proxecto de atomatización, control e robótica a final de curso no que se apliquen e se amplíen os coñecementos adquiridos e de xeito que se aborde todo o proceso tecnolóxico, desde o deseño, pasando pola fabricación, montaxe de circuítos, programación, avaliación, redeseño rematando na documentación e publicación, polo que debe afrontarse cunha metodoloxía práctica e cun enfoque competencial do currículo que potencie a aprendizaxe significativa do alumnado.

Utilizaranse distintos métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe e a diversidade do alumnado, que favorezan a capacidade de aprender por si mesmos e que
promovan o traballo en equipo.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Aula-taller de tecnoloxía.
Ordenadores con conexión a internet. Un ordenador por alumna/o.

Software de uso xeral e de uso específico (simuladores, contornas de programación...). En todo caso e salvo que non sexa posible, utilizarase software libre.
Materiais para a fabricación, tratando de potenciar a reutilización.
Ferramentas manuais e eléctricas propias do taller de tecnoloxía.
Dispositivos de fabricación dixital: impresoras 3D e cortadora láser.
Compoñentes eléctricos e electrónicos e elementos me¿anicos e estruturais.
Equipos para control e robótica: Placas controladoras, sensores, actuadores, fontes de alimentación, etc.
Dispositivos para comunicación, telemetría e IoT: placas controladoras con conexión a internet.
Materiais e recursos de creación propia e recursos educativos abertos.
Aula virtual do centro.

Os recursos teóricos serán proporcionados polo profesorado a través da aula virtual, e para a realización de prácticas e proxectos utilizarase o material dispoñible no taller de tecnoloxía.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Farase as primeiras semanas unha proba de competencia nos contidos de Tecnoloxía e Dixitalización (1º e 2ºESO) e Tecnoloxía (4ºESO) para coñecer o nivel do que parte o alumnado.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	**UD 1**	**UD 2**	**UD 3**	**UD 4**	**UD 5**	**UD 6**	**UD 7**
Peso UD/ Tipo Ins.	**2**	**5**	**8**	**10**	**10**	**15**	**15**
Proba escrita	0	70	0	70	70	75	0
Táboa de indicadores	100	30	100	30	30	25	100

Unidade didáctica	**UD 8**	**UD 9**	**Total**
Peso UD/ Tipo Ins.	**10**	**25**	**100**
Proba escrita	0	0	**29**
Táboa de indicadores	100	100	**71**

Criterios de cualificación:

Despois de cada UD farase unha proba escrita. En cada trimestre a media aritmética das probas escritas suman o 50% da nota.O resto da nota serán as diferentes actividades avaliadoras que se farán na aula. :
Memorias técnicas
Deseños en ordenador.
Montaxes manuais.
Planificación de proxectos.
Traballo en equipo.
Medidcións de magnitudes.
Uso de diferentes aparataxes tecnolóxicos. Calibre, nivel láser, impresora 3d. cortadora laser, simulador Pneumático...

Criterios de recuperación:

Ao longo do curso, o profesorado concretará aqueles traballos e tarefas que o alumnado poderá entregar de novo dentro dun prazo establecido para recuperalos.

De cada proba escrita obxectiva realizarase unha segunda de recuperación. A realización da proba de recuperación será obrigatoria para o alumnado que obteña unha cualificación inferior ao 50% do máximo na primeira proba, o resto do alumnado poderá realizala de xeito voluntario. A cualificación final de cada proba corresponderá á maior das obtidas en cada unha das oportunidades.

A recuperación realizarase por cada trimestre ou avaliación. A nota final calcularase tendo en conta as novas cualificacións obtidas e seguindo o procedemento establecido.

O alumnado que non acade unha cualificación final de 5 ou máis de 5 na avaliación ordinaria do curso, terá que realizar unha proba de recuperación extraordinaria, que en todo caso tratará sobre todas as unidades didácticas do curso.

Nas sesións de clase que teñan lugar no período comprendido entre a avaliación ordinaria e a extraordinaria, o alumnado que teña que realizar a proba extraordinaria realizará tarefas para preparar dita proba. Neste período, o alumnado que teña superada a materia na avaliación ordinaria, realizará tarefas de reforzo e ampliación.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O alumnado que teña a materia de Tecnoloxía e Enxeñería I de 1º de bacharelato pendente de superar, ao non tela superado en anos anteriores, deberá realizar as seguintes actividades:

- Realización e entrega periódica de actividades relativas ás unidades didácticas do curso.

- Faranse tres probas escritas parciais, unha por avaliación en datas por definir. As datas definitivas serán publicadas coa suficiente antelación. Ademais haberá unha proba final.

- Distribúese a materia do curso en tres partes, unha para cada proba parcial.

- Todas as probas serán cualificadas sobre un baremo de dez puntos.

- Para o cálculo da cualificación da materia pendente, terase a seguinte consideración:
- Media aritmética das probas escritas parciais 80% da cualificación.
- Actividades realizadas ao longo do curso 20% da cualificación.

- No caso de que o alumno ou alumna non supere a materia deste xeito poderá realizar unha proba escrita final en data por definir. Esta proba abranguerá os contidos de toda a materia. En tal caso, darase por superada a materia nesta proba cando a cualificación sexa igual ou superior a 5.

- A recuperación será coordinada pola xefatura de departamento. O profesor/a que lle imparte clase no curso onde estea matriculado fará un seguimento do traballo do alumno/a. No caso de que non estea a cursar ningunha materia do departamento, será o xefe ou xefa de departamento quen faga o seguimento.

5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias

O alumnado que curse en 2º de Bacharelato a materia de Tecnoloxía e Enxeñaría II, pero non cursara a materia de Tecnoloxía e Enxeñaría I en 1º de Bacharelato, deberán de realizar as seguintes actividades :

- Realización e entrega periódica de actividades relativas ás unidades didácticas do curso.

- Faranse tres probas escritas parciais, unha por avaliación en datas por definir. As datas definitivas serán publicadas coa suficiente antelación. Ademais haberá unha proba final.

- Distribúese a materia do curso en tres partes, unha para cada proba parcial.

- Todas as probas serán cualificadas sobre un baremo de dez puntos.

- Para o cálculo da cualificación da materia pendente, terase a seguinte consideración:
- Media aritmética das probas escritas parciais 80% da cualificación.
- Actividades realizadas ao longo do curso 20% da cualificación.

- No caso de que o alumno ou alumna non supere a materia deste xeito poderá realizar unha proba escrita final en data por definir. Esta proba abranguerá os contidos de toda a materia. En tal caso, darase por superada a materia nesta proba cando a cualificación sexa igual ou superior a 5.

- A recuperación será coordinada pola xefatura de departamento. O profesor/a que lle imparte clase no curso onde estea matriculado fará un seguimento do traballo do alumno/a. No caso de que non estea a cursar ningunha materia do departamento, será o xefe ou xefa de departamento quen faga o seguimento.

6. Medidas de atención á diversidade

Entre outras, contémplanse as seguintes medidas de atención á diversidade:
- Aplicación dos protocolos educativos específicos (TEA, TDAH, etc.) ao alumnado que o requira.
- Adecuación da organización e xestión da aula ás características do alumnado
- Adaptación dos tempos, instrumentos ou procedementos de Avaliación
- Reforzo educativo e apoio con profesorado do departamento
- Programas de enriquecimento curricular (a.a.c.c.)

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión de lectura	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X							
ET.3 - Comunicación audiovisual								

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial								
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores		X						
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Creatividade			X				X	X
ET.10 - Educación para a saúde			X					
ET.11 - Formación estética			X					
ET.12 - Sostibilidade e o consumo responsable	X	X	X					
ET.13 - Respecto e cooperación entre iguais	X							

	UD 9
ET.1 - Comprensión de lectura	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X
ET.4 - Competencia dixital	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X
ET.9 - Creatividade	X
ET.10 - Educación para a saúde	X
ET.11 - Formación estética	X
ET.12 - Sostibilidade e o consumo responsable	X

	UD 9
ET.13 - Respecto e cooperación entre iguais	X

Observacións:
Comprensión de lectura: tarefas de clase e proxectos, nas que o alumnado terá que comprender os distintos enunciados e procurar información para investigar e resolver os problemas propostos. Expresión oral e escrita: resolución das tarefas de clase e coa elaboración de documentación técnica. Farase maior fincapé no uso do vocabulario e a linguaxe técnica. Comunicación audiovisual: presentación de resultados de prácticas e proxectos mediante creacións audiovisuais. Competencia dixital: intrínseca aos contidos propios da materia. Emprendemento social e empresarial: desenvolvemento de proxectos tecnolóxicos. Espírito crítico e científico: procura de información e a investigación nas tarefas e proxectos tecnolóxicos. Educación emocional e en valores: contidos sobre seguridade na rede e benestar dixital. O desenvolvemento de proxectos tecnolóxicos fomentará o traballo en equipo. A igualdade de xénero no ámbito científico e tecnolóxico é unha necesidade na sociedade actual, que tratará de cubrirse mediante un axeitado reparto de roles no traballo colaborativo en grupos á hora de desenvolver proxectos. Creatividade: Desenvolvemento de proxectos tecnolóxicos. Educación para a saúde: importancia do respecto polas normas de seguridade e hixiene no taller. Contidos relacionados co benestar dixital, tan importante para conservar a saúde emocional na actualidade. Formación estética: procesos de deseño e acabado nos proxectos tecnolóxicos. Educación para a sostibilidade e o consumo responsable: contidos sobre tecnoloxía sostible, respecto pola propiedade intelectual na elaboración de contidos e aplicación de criterios de sostibilidade nos proxectos tecnolóxicos, sobre todo na elección de materiais e fontes de enerxía. Respecto mutuo: contidos relacionados coa etiqueta dixital. Este respecto e a cooperación entre iguais serán fundamentais no traballo en equipo no desenvolvemento de proxectos tecnolóxicos.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas didácticas	Visualización de procesos de fabricación industriais.	X		

Observacións:
Calquera actividade complementaria proposta deberá axudar a reforzar os contidos desdenvolvidos nas distintas unidades didácticas do curso.
Asemade, cada actividade contará coa aprobación e apoio do Equipo Directivo do centro. O principio do curso se entrega un relatorio das prácticas concretas propostas.

Para cada actividade complementaria indicaranse as seguintes características:
- Obxectivos
- Profesorado responsable.
- Alumnado participante.
- Datas e lugar de celebración.
- Repercusións económicas.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Realizouse unha avaliación inicial para coñecer o punto de partida do alumnado.

A selección e temporalización de contidos foi axeitada.
O ambiente da clase foi axeitado e produtivo.
Os recursos e materiais utilizados foron axeitados.
As actividades propostas foron variadas e axeitadas para favorecer o desenvolvemento dos contidos.
As medidas de atención á diversidade foron axeitadas para atender ás necesidades de todo o alumnado.
As actividades complementarias cumpliron os obxectivos cos que foron propostas.
Os criterios de avaliación e cualificación foron claros e rigorosos e permitiron un seguimento do progreso do alumnado
Facilitouse ao alumnado e as familias o coñecemento dos criterios de avaliación e calificación de cada unidade didáctica, ao comezo da mesma
Proporcionouse ao alumnado información sobre o seu progreso e cualificacións.
Proporcionáronse actividades e procedementos para que o alumnado fose recuperando as partes non superadas da materia.
Existiu coordinación entre os distintos profesores/as.

Descrición:

Farase un seguimento da relación de elementos de avaliación do proceso de ensino e a práctica docente que se indican.
Nas reunións de departamento, utilizaranse táboas de cotexo baseadas nos indicadores de logro para obter a información.
A retroalimentación co alumnado farase a través de cuestionarios na aula virtual docentro ou na do plan Edixgal.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O seguimento da programación realizarase periodicamente nas distintas reunións de departamento, e a través do apartado de "Seguimento" da aplicación Proens.

Para cada UD comprobaranse as datas de inicio e final, a correspondencia entre sesións previstas e realizadas e o grado de cumprimento do programado para a unidade.

No caso de detectar problemas realizaranse as propostas de mellora e correccións necesarias.

Ao remate do curso realizarase unha avaliación da programación mediante unha táboa de cotexo, baseada nos indicadores de logro do apartado 8.1 desta programación.

Na última semana do curso realizarase entre o alumnado unha avaliación da actividade docente, baseada nos indicadores de logro do apartado 8.1 desta programación

9. Outros apartados

1. Actividades complementarias

Obradoiro de Combustión
Instalacións do Centro IES Luis Seoane
Taller pneumático
Participación en Ponte en ciencia.

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36018677	IES Luís Seoane	Pontevedra	2025/2026

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Tecnoloxías da Información e da Comunicación I	1º Bac.	4	140

Tipo de oferta
Réxime xeral-ordinario

Contido **Páxina**

1. Introdución 3

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias 3

3.1. Relación de unidades didácticas 4

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas 5

4.1. Concrecións metodolóxicas 11

4.2. Materiais e recursos didácticos 11

5.1. Procedemento para a avaliación inicial 12

5.2. Criterios de cualificación e recuperación 13

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes 15

5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias 16

6. Medidas de atención á diversidade 16

7.1. Concreción dos elementos transversais 17

7.2. Actividades complementarias 20

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro 21

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora 23

9. Outros apartados 23

1. Introdución

A presente programación didáctica, elaborada para a materia Tecnoloxías da Información e da Comunicación I de 1º curso de bacharelato, ten como referencia o Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia. No uso da autonomía que proporciona a dita normativa, a través desta programación didáctica adáptase o currículo da materia Tecnoloxías da Información e da Comunicación I á realidade deste centro e a do seu alumnado no 1º curso.

Na sociedade actual xorde a necesidade dunha alfabetización dixital que permita dominar tanto a linguaxe propia destas tecnoloxías como o manexo seguro das mesmas. A materia Tecnoloxías da Información e da Comunicación debe ir máis alá tratando de que o alumnado desenvolva as competencias necesarias que lle permitan acceder con autonomía, capacidade de adaptación e autoaprendizaxe permanente no uso das tecnoloxías da información e da comunicación, de xeito que consiga estar preparado para atender ás demandas deste campo de tan rápida evolución. A materia procurará educar ao alumnado na interacción co entorno dixital, cada vez máis presente na sociedade, dun xeito crítico, ético e respectuoso co resto de persoas. Ademais, non se poden esquecer os riscos derivados desta interacción, polo que o alumnado desenvolverá técnicas para preservar tanto a súa seguridade como a dos equipos e datos cos que traballa.

A proposta da materia contribuirá a desenvolver as competencias do alumnado, facendo que se enfronte a casos e situacións prácticas o máis semellantes posibles á vida cotiá. Deste xeito, potenciaranse as competencias relacionadas coa comprensión e a expresión utilizando ferramentas dixitais para procurar e analizar información, así como para elaborar documentación e presentar os logros acadados. A resolución de problemas concretos utilizando a programación permitirá fortalecer a competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría. O alumnado afondará nas técnicas de comunicación audiovisual, imprescindibles na sociedade actual, e mellorando a competencia en conciencia e expresión culturais.

As tecnoloxías da información e da comunicación están directamente vencelladas ás destrezas e habilidades esenciais relacionadas coa competencia emprendedora. A metodoloxía activa proposta permitirá transformar as ideas en produtos finais, de modo que, a través da aplicación das aprendizaxes traballadas e de estratexias persoais e grupais, se consiga con éxito a resolución dos problemas e as situacións propostas. A materia dota ao alumnado, ademais, de habilidades que están moi recoñecidas e valoradas no mundo laboral actual, no campo das tecnoloxías da información e da comunicación, o que supón unha das liñas profesionais con máis perspectivas de futuro.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Entender o papel principal das tecnoloxías da información e da comunicación na sociedade actual e o seu impacto nos ámbitos social, económico e cultural para deseñar e planificar solucións a un problema ou necesidade de forma eficaz e innovadora.	1-2-3	3	1-2	1-2	31-40	1	1-2-3	
OBX2 - Seleccionar, usar e combinar múltiples aplicacións informáticas para crear producións dixitais que cumpran uns obxectivos complexos, incluíndo a recollida, a análise, a avaliación e a presentación de datos e información, así como o cumprimento duns requisitos de persoa usuaria.	1-3		4	2-3-5				
OBX3 - Desenvolver e depurar aplicacións informáticas, analizando e aplicando os principios da programación para crear solucións a problemas concretos de maneira creativa.			1-2-4	2-3	31-40		1-2-3	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Crear proxectos audiovisuais de maneira creativa utilizando os recursos técnicos necesarios e aplicando os principios da linguaxe audiovisual.	2-3	2-3		2-5	11	1	1-2-3	31-32
OBX5 - Usar os sistemas informáticos e de comunicacións de forma segura, responsable e respectuosa, protexendo a identidade en liña e a privacidade, recoñecendo contido, contactos ou condutas incorrectas e sabendo como informar ao respecto.	1-2-3		2-5	3-5	11-12	1-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Creación e xestión de follas de cálculo	Tratamento de datos con follas de cálculo.	10	10	X		
2	Creación e xestión de bases de datos	Tratamento de datos a través de bases de datos.	10	10	X		
3	A imaxe dixital	Edición dixital da imaxe fixa.	10	10	X		
4	Seguridade na rede	A seguridade da información na rede.	5	8	X		
5	A etiqueta dixital	A pegada dixital.	5	8	X		
6	Programación	Desenvolvemento e programación de aplicacións informáticas.	15	22		X	
7	Recursos expresivos de producións dixitais	Principais recursos expresivos propios das producións audiovisuais.	5	8		X	
8	Creación e edición de pezas audiovisuais	Creacións audiovisuais.	15	22		X	
9	Presentación e documentación de proxectos	Creación da documentación de proxectos dixitais e a súa presentación.	5	8			X
10	Proxecto dixital	Desenvolvemento dun proxecto dixital a medida que o alumnado afonda, á súa elección, nos contidos dos bloques de programación ou de audiovisuais.	20	34			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Creación e xestión de follas de cálculo	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Elixir e utilizar aplicacións informáticas de escritorio ou web para realizar o tratamento de datos mediante a creación e xestión de follas de cálculo e bases de datos.		TI	100
CA2.2.1. - Elixir e utilizar aplicacións informáticas de escritorio ou web para realizar o tratamento de datos mediante a creación e xestión de follas de cálculo.	Realizar o tratamento de datos mediante a creación e a xestión de follas de cálculo.		
CA2.3 - Interactuar en espazos virtuais de comunicación e plataformas de aprendizaxe colaborativa, compartindo e publicando información e datos, adaptándose a diferentes audiencias cunha actitude participativa e respectuosa.	Interactuar en espazos virtuais de comunicación, compartindo e publicando información e datos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Tratamento de datos con folla de cálculo: formato de datos, uso de fórmulas e funcións, filtrado da información e creación de gráficos. - Colaboración en rede. Ferramentas de creación de contidos e aprendizaxe colaborativa na rede.

UD	Título da UD	Duración
2	Creación e xestión de bases de datos	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Elixir e utilizar aplicacións informáticas de escritorio ou web para realizar o tratamento de datos mediante a creación e xestión de follas de cálculo e bases de datos.		TI	100
CA2.2.2. - Elixir e utilizar aplicacións informáticas de escritorio ou web para realizar o tratamento de datos mediante a creación e xestión de bases de datos.	Realizar o tratamento de datos mediante a creación e a xestión de bases de datos.		
CA2.3 - Interactuar en espazos virtuais de comunicación e plataformas de aprendizaxe colaborativa, compartindo e publicando información e datos, adaptándose a diferentes audiencias cunha actitude participativa e respectuosa.	Interactuar en espazos virtuais de comunicación, compartindo e publicando información e datos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Tratamento de datos a través de bases de datos: almacenaxe, consulta e presentación da información. - Colaboración en rede. Ferramentas de creación de contidos e aprendizaxe colaborativa na rede.

UD	Título da UD	Duración
3	A imaxe dixital	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Realizar o tratamento dixital de imaxes fixas empregando técnicas de xeración, procesamento e retoque.	Realizar o tratamento dixital de imaxes fixas empregando técnicas de retoque.	TI	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Edición dixital da imaxe fixa: retoques e montaxes fotográficas. - Resolución da imaxe e almacenamento.

UD	Título da UD	Duración
4	Seguridade na rede	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.1 - Identificar e saber reaccionar ante situacións que representan unha ameaza na rede, escollendo a mellor solución entre diversas opcións.	Identificar situacións que representan unha ameaza na Rede.	TI	100
CA5.3 - Protexer os datos persoais e a pegada dixital xerada na internet, configurando as condicións de privacidade das redes sociais e dos espazos virtuais de traballo.	Protexer os datos persoais e a pegada dixital xerada en Internet configurando as condicións de privacidade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- A seguridade da información: principios de integridade, dispoñibilidade, confidencialidade e autenticación. - Identificación de software malicioso.

Contidos
- Condutas de seguridade activa e pasiva na protección dos equipamentos informáticos fronte a ataques externos.

UD	Título da UD	Duración
5	A etiqueta dixital	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.2 - Desenvolver prácticas saudables e seguras no uso das tecnoloxías da información e da comunicación, valorando o benestar físico e mental, tanto persoal coma colectivo.	Desenvolver prácticas seguras no uso das tecnoloxías da información e da comunicación.	TI	100
CA5.4 - Utilizar recursos dixitais de acordo coas leis de propiedade intelectual, recoñecendo e respectando as licenzas e os dereitos de autoría.	Utilizar recursos dixitais de acordo coas leis de propiedade intelectual.		
CA5.5 - Facer un uso ético dos datos e das ferramentas dixitais aplicando as normas de etiqueta dixital e respectando a privacidade na comunicación, colaboración e participación activa na rede.	Facer un uso ético dos datos e as ferramentas dixitais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Estratexias saudables e seguras no uso de dispositivos e na interacción na rede. - Propiedade intelectual: respecto e aplicación de licenzas de software e dereitos de autoría. - Pegada dixital e protección de datos persoais na rede. - Etiqueta dixital.

UD	Título da UD	Duración
6	Programación	22

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Identificar e analizar problemas desenvolvendo algoritmos que os resolvan.	Identificar problemas desenvolvendo algoritmos que os resolvan.	TI	100
CA3.2 - Desenvolver e programar aplicacións para ordenadores e/ou dispositivos móbiles, e dar solución a problemas definidos.	Programar aplicacións para ordenadores e/ou dispositivos móbiles, dando solución a un problema definido.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Diagramas de fluxo: elementos e símbolos e o seu significado. - Utilización de estruturas de programación: secuenciais, de selección e iterativas. - Utilización de operadores. - Uso de datos. Tipos de datos primitivos e compostos. - Utilización de funcións. Parámetros, código e retorno. - Utilización de librarías. - Desenvolvemento e programación de aplicacións para ordenadores e/ou dispositivos móbiles. Utilización da programación orientada a obxectos. - Execución, proba, depuración e documentación de programas.

UD	Título da UD	Duración
7	Recursos expresivos de producións dixitais	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Analizar e utilizar os recursos expresivos propios das producións audiovisuais, como os encadramentos, ángulos e movementos de cámara, e efectos sonoros, mantendo a continuidade narrativa.	Analizar os recursos expresivos propios das producións audiovisuais, como os encadramentos, os ángulos e os movementos de cámara, e os efectos sonoros.	TI	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Encadramento e ángulo de cámara. Tipos de plano: uso e funcionalidade. - Aplicación dos conceptos de plano, toma, exposición, enfoque, punto de vista e ángulo de encadramento. Escenas e secuencias. - Raccord e ritmo na edición. - Proceso de posprodución: selección de tomas, aplicación dos conceptos de ritmo e continuidade narrativa.

UD	Título da UD	Duración
8	Creación e edición de pezas audiovisuais	22

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.3 - Gravar pezas audiovisuais aplicando técnicas de captación de imaxes fotográficas, de vídeo e son, mediante os recursos e medios técnicos da linguaxe audiovisual.	Gravar pezas audiovisuais aplicando técnicas de captación de imaxe.	TI	100
CA4.4 - Editar pezas audiovisuais aplicando técnicas de creación de secuencias dinámicas de gráficos e imaxes fixas, e de montaxe audiovisual, integrando e axustando a súa banda sonora e tendo en conta os recursos expresivos da linguaxe audiovisual.	Editar pezas audiovisuais aplicando técnicas de creación de montaxe audiovisual, integrando e axustando a súa banda sonora.		
CA4.5 - Exportar un proxecto audiovisual a un ficheiro co formato necesario para a súa posterior reprodución e difusión a través da rede.	Exportar un proxecto audiovisual a un ficheiro co formato necesario para a súa posterior reprodución e difusión a través da rede.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Aplicación dos conceptos de plano, toma, exposición, enfoque, punto de vista e ángulo de encadramento. Escenas e secuencias. - Raccord e ritmo na edición. - Proceso de posprodución: selección de tomas, aplicación dos conceptos de ritmo e continuidade narrativa. - Recursos técnicos da montaxe e a edición: corte, fundido e encadeamento. - Banda sonora da produción audiovisual: diálogos, efectos de son e música. - Formatos de arquivo empregados no tratamento dixital de imaxe, audio e vídeo na produción multimedia.

UD	Título da UD	Duración
9	Presentación e documentación de proxectos	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Elixir e utilizar aplicacións informáticas de escritorio ou web para crear, editar e expor documentos de texto e presentacións dixitais.	Utilizar aplicacións informáticas de escritorio ou web para crear, editar e expor documentos de texto e presentacións dixitais.	TI	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Creación e edición de documentos de texto e de presentacións dixitais aplicados á documentación de proxectos dixitais: maquetación, formatado, modelos e integración de multimedia. - Colaboración en rede. Ferramentas de creación de contidos e aprendizaxe colaborativa na rede.

UD	Título da UD	Duración
10	Proxecto dixital	34

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Definir problemas ou necesidades expostas para o desenvolvemento dun proxecto dixital, buscando e contrastando información de maneira crítica e segura e avaliando a súa fiabilidade.	Definir problemas ou necesidades expostas para o desenvolvemento dun proxecto dixital.	TI	100
CA1.2 - Deseñar e desenvolver proxectos dixitais que resolvan un problema ou que cubran unha necesidade real.	Desenvolver, despois de deseñalos, proxectos dixitais que resolvan un problema.		
CA1.3 - Documentar un proxecto dixital empregando as ferramentas axeitadas.	Documentar un proxecto dixital.		
CA1.4 - Comunicar de maneira eficaz e organizada un proxecto dixital empregando o soporte, a terminoloxía e o rigor apropiados.	Comunicar de maneira eficaz e organizada un proxecto dixital.		
CA1.5 - Abordar a xestión do proxecto de forma creativa, fomentando o traballo en equipo e aplicando estratexias e técnicas colaborativas axeitadas, así como métodos de investigación para a súa ideación máis eficaz, accesible e innovadora posible.	Abordar a xestión do proxecto de forma creativa e eficaz, fomentando o traballo en equipo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Deseño creativo de proxectos. - Estratexias de procura crítica de información. - Estratexias, técnicas e marcos de desenvolvemento dun proxecto en diferentes contextos e as súas fases. - Documentación de proxectos.

Contidos
- Comunicación de información e de contidos dixitais en diferentes plataformas.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A materia debe afrontarse cunha metodoloxía baseada en traballos prácticos e cun enfoque competencial do currículo que potencie a aprendizaxe significativa do alumnado. Os traballos prácticos permitirán ao alumnado coñecer e configurar os distintos dispositivos dixitais de uso cotián. Estas actividades prácticas facilitaranlle mellorar as destrezas para escoller e utilizar as ferramentas máis axeitadas para producir materiais dixitais de diversos tipos, así como crear aplicacións que resolvan problemas concretos.

Os traballos prácticos estarán deseñados para favorecer a capacidade do alumnado de aprender por si mesmo e promoverán o traballo en equipo. A persoa docente servirá de guía desde tarefas sinxelas ata proxectos máis complexos que permitan o seu logro e a satisfacción do alumnado. Na realización de todos os traballos prácticos farase fincapé no respecto polas licenzas e os dereitos de autor.

A difusión dos contidos dixitais creados en plataformas dixitais promoverá a liberdade de expresión e o respecto polo resto de persoas aplicando as normas da etiqueta dixital.

En todo momento do curso o alumnado implicarase no mantemento da seguridade, tanto da súa persoa como da información e dos equipos cos que traballa.

Realizarase un proxecto final baseado en programación ou na creación de contidos audiovisuais. Esta actividade permite que a materia sexa flexible e adaptable aos diferentes intereses e motivacións do alumnado, de xeito que poida dárselle un enfoque máis técnico ou más artístico-creativo segundo o grupo de alumnado ou incluso, do alumnado en concreto.

Xunto co anterior, promoverase a participación do alumnado, resaltando o traballo colectivo como forma de afrontar os desafíos e os retos tecnolóxicos que propón a sociedade para reducir as fendas dixital e de xénero, prestando especial atención á desaparición de estereotipos que dificultan a adquisición de competencias en condicións de igualdade.

Utilizaranse distintos métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe e a diversidade do alumnado, que favorezan a capacidade de aprender por si mesmos e que promovan o traballo en equipo, guiando o alumnado desde proxectos sinxelos ata proxectos máis complexos que permitan o seu logro e a súa satisfacción por parte do devandito alumnado poñendo en práctica, se fose necesario, mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten dificultades.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Ordenador persoal.
Software.
Materiais e recursos educativos.
Aula virtual do centro.

En relación ao aliñado anterior, realízanse as seguintes puntualizacións:

- Ordenadores: cada alumna e cada alumno terá acceso en todas as clases a un ordenador, que terá tamén conexión de Internet. Tamén terá acceso aos dispositivos dixitais necesarios para o seguimento das unidades didácticas propostas.
- Software: nos ordenadores atoparanse instalados todos os programas informáticos necesarios, de uso xeral e de uso específico (simuladores, contornas de programación...); en todo caso e salvo que non sexa posible, utilizarase software libre.
- Materiais e recursos educativos: serán de creación propia ou recursos educativos abertos dispoñibles na rede.
- Aula virtual do centro: o curso ou cursos específicos que se creen para a materia neste curso aos que o alumnado terá acceso.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

1. Punto de partida

A avaliación inicial resulta de enorme importancia para a persoa docente de cara a coñecer o punto de partida do seu alumnado e poder así tomar as decisións necesarias para contextualizar e optimizar o proceso de ensino e aprendizaxe que se desenvolva. Por ese motivo, debe proporcionar información relevante sobre os niveis xerais do grupo e de cada unha das alumnas e de cada un dos alumnos que o integran. Pode ser moi útil para orientar a programación, a metodoloxía a utilizar, a organización da aula, así como para axustar a actuación docente ás necesidades, intereses e posibilidades do alumnado.

2. Recollida de información

Para realizar a avaliación inicial, desenvolveranse actuacións relacionadas cos seguintes aspectos (a información que se recolla pode proceder de cuestionarios, de tarefas na aula virtual do centro, de conversas informais, debates etc.):

- Competencia curricular xeral: comunicación, autonomía, habilidades, manexo de distintos soportes e formatos audiovisuais...
- Características da alumna ou do alumno: intereses, motivación, estilo de aprendizaxe, traxectoria...
- Contexto educativo (itinerario elixido, materias pendentes), contexto familiar, contexto social...

O alumnado, nas primeiras sesións do curso, realizará tamén unha serie de pequenas probas que terán por obxecto averiguar os coñecementos musicais que ten e lembra da etapa da educación secundaria obrigatoria, que constará do seguinte dunha proba escrita con parte práctica e parte teórica, coa proposta de problemas a resolver así como de preguntas tipo test, curtas ou a desenvolver; e todo isto centrado nos contidos relacionados coa materia que foran obxecto de tratamento durante a etapa educativa anterior.

A recollida de información levarase a cabo durante as primeiras semanas do curso, sempre tomando como referencia a data determinada no centro para a realización da reunión correspondente.

3. Propostas de intervención

Unha vez analizada a información recollida e logo da reunión de avaliación inicial, na que se terán en conta, dun xeito especial, as indicacións recibidas desde o Departamento de orientación do centro, tomaranse as decisión oportunas que recaerán sobre algún dos seguintes aspectos:

- Respecto ao currículo
- Respecto á forma de traballar na aula (en equipo, con axuda da persoa docente...).
- Respecto a aspectos organizativos (tempos, ferramentas...).

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
Peso UD/ Tipo Ins.	10	10	10	5	5	15	5
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100	100	100

Unidade didáctica	UD 8	UD 9	UD 10	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	15	5	20	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

Cualficación trimestral:

A cualificación do alumnado organízase arredor das unidades didácticas concretadas no elemento 3.1 desta programación didáctica e dos instrumentos de avaliación propostos.

Para o cálculo da cualificación de cada avaliación establecerase un único tramo, segundo se recolle no elemento 3.3 desta programación didáctica, referido ás táboas de indicadores que informarán do 100% da cualificación da avaliación.

A cualificación do trimestre resultará de aplicar o cálculo das porcentaxes por unidade didáctica traballadas no mesmo e polo total de unidades didácticas traballadas.

No elemento 3.1 desta programación didáctica preséntanse as unidades didácticas que se desenvolverán este curso, así como o peso que cada unha delas terá no total do curso. En cada avaliación traballarase un número concreto de unidades didácticas, polo que se aplicarán esas porcentaxes do curso na mesma proporción ao total da avaliación do trimestre. A cualificación en cada avaliación obterase de aplicar ese cálculo segundo as porcentaxes que procedan.

A materia supérase un trimestre cunha cualificación de 5 puntos ou superior. No caso de que resulte unha cualificación con decimais, aplicaranse as seguintes regras de redondeo: ao enteiro superior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa igual ou superior a 5 (por exemplo, un 4.5 ou un 4.6 redondéanse ao 5); ao enteiro inferior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa inferior a 5 (por exemplo, un 4.4 ou un 4.3 redondéanse ao 4) .

Cualificación ordinaria:

Ao final do curso, calcularase a cualificación final da materia para cada alumna e cada alumno, que tomará como referencia as cualificacións obtidas en cada unhas das avaliacións parciais, sendo estas as efectivamente acadadas e non as que resultaran do redondeo e se recolleran no boletín trimestral de cualificacións. En concreto, farase un cálculo prorrateado tendo en conta o peso que cada un destes trimestres terán na cualificación final:

- 1º trimestre: 40% sobre o total da cualificación ordinaria
- 2º trimestre: 35% sobre o total da cualificación ordinaria

- 3º trimestre: 25% sobre o total da cualificación ordinaria

A materia supérase cunha cualificación de 5 puntos ou superior. No caso de que resulte unha cualificación con decimais, aplicaranse as seguintes regras de redondeo: ao enteiro superior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa igual ou superior a 5; ao enteiro inferior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa inferior a 5. Aplicarase tamén este redondeo cando a cualificación sexa de 4,5 puntos ou superior.

Criterios de recuperación:

Criterios de recuperación ao longo dos trimestres:

O alumnado poderá recuperar ou incluso subir a súa cualificación para unha unidade didáctica en calquera momento do curso seguindo as indicacións que o profesorado faga chegar a cada alumna e a cada alumno.

Para mellorar unha cualificación, o alumnado realizará actividades que servirán tanto de recuperación dos contidos teóricos e/ou prácticos da materia non superados como de apoio, reforzo, e, no seu caso, de preparación das probas extraordinarias. Estas actividades poderán ser de dous tipos

- Actividades novas deseñadas para tal fin; o deseño destas actividades responderá aos contidos non superados e a metodoloxía aplicada.
- Actividades repetidas das realizadas ao longo do curso.

Pódense dar dous escenarios posibles:

- Antes de que se realice a cualificación do trimestre: o alumnado que non supera unha unidade didáctica (ou que a supera pero quere mellorar a súa cualificación) recibirá as indicacións oportunas do profesorado a través dun plan de recuperación específico e poderá subir a súa cualificación, que se reflectirá xa na súa cualificación dese trimestre (o mesmo sucederá co alumnado interesado en subir a súa cualificación).
- Unha vez realizada a cualificación do trimestre: o alumnado que non supera unha unidade didáctica (ou que a supera pero quere mellorar a súa cualificación) recibirá as indicacións oportunas do profesorado a través dun plan de recuperación específico e poderá subir a súa cualificación ao longo do resto de trimestres; unha vez acadada unha mellor cualificación, o profesorado a comunicará á alumna ou o alumno e á persoa titora na xunta de avaliación correspondente e a tomará en conta para realizar o recálculo da cualificación do trimestre e, en especial, recálculo que será o referente á hora de realizar a avaliación final da materia (o mesmo sucederá co alumnado interesado en subir a súa cualificación).

Ao final do trimestre, o profesorado remitirá un informe individualizado á persoa titora para que o faga chegar ás familias no que se indique o plan de recuperación da materia específico para a alumna ou para o alumno sobre o que se leve traballado de curso.

A avaliación do traballo que se realice neste momento de recuperación da materia ou de mellora na cualificación, recibirá os mesmos criterios de avaliación da materia recollidos nesta programación didáctica.

Criterios de recuperación ao final de curso sobre o total da materia:

O alumnado que pese a recibir un plan específico de recuperación da materia en cada un dos trimestres no momento no que non superara a materia, terá un prazo específico de 15 días (os primeiros 15 días de xuño) para acadar as aprendizaxes non superadas seguindo o plan de recuperación que terá como referente os mínimos de consecución da materia e que se entregará a finais do mes de maio. Indicaranse as tarefas que se deben realizar que, de forma xeral, serán as que non se superaron en cada unidade didáctica e trimestre.

No caso de recuperar algunha das aprendizaxes, aplicarase a mellora na cualificación correspondente por unidade didáctica e trimestre e esas novas cualificacións serán as que se empreguen para obter a cualificación final da materia. A materia enténdese superada cando se acada unha cualificación igual ou superior a 5 puntos.

Do mesmo xeito, procederase no caso de alumnado interesado en mellorar a cualificación das súas aprendizaxes pese a que xa obtivera un resultado positivo.

Logo das tres avaliacións trimestrais e da proposta de traballo específica para este alumnado, se non obtén unha

cualificación positiva terá a oportunidade de recuperar a materia realizando unha proba final sobre os criterios de avaliación e contidos da materia a criterio do Departamento, que terá en conta as necesidades de atención educativa do alumnado.

A avaliación será positiva cunha cualificación nesa proba final igual ou superior a 5 puntos (todas as cualificacións redondearanse ao número enteiro superior a partir do decimal 0,5 incluso no caso dunha cualificación de 4,5 puntos ou superior).

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Cada alumna e cada alumno que teña que cursar esta materia como materia pendente recibirá un plan específico de recuperación.

Nas primeiras semanas do curso, a persoa que exerza a xefatura de departamento convocará a este alumnado e faralle entrega, de forma individual, do seu plan de recuperación, así como das indicacións de como se desenvolverá o mesmo para cada unha das unidades didácticas: distribución de unidades didácticas por trimestre; contidos e datas para a realización de probas escritas e exames e contidos dos traballos a realizar e datas de entrega de traballos (en ambos casos, indicaranse os instrumentos de avaliación a empregar); funcionamento da aula virtual para alumnado coa materia pendente (de ser preciso, programaranse clases fóra do horario lectivo -presenciais e/ou telemáticas- para facilitar o progreso do alumnado); indicaráselle tamén a persoa que realizará o seguimento do plan que será, en principio, a persoa que lle imparta a materia ao alumnado no 2º curso de bacharelato (no seu defecto, o seguimento será realizado pola persoa que exerza a xefatura de departamento).

Para facer un seguimento do alumnado coa materia pendente fixarase un recreo semanal ou, no seu caso, unha reunión en horario de tarde ou reunión telemática nas que o alumnado poderá preguntar dúbidas e o profesorado realizar as oportunas preguntas de control para coñecer o estado de evolución do alumnado neste proceso de recuperación.

O dito plan de recuperación desenvolverase ao longo dos trimestres cunhas actividades de recuperación que se corresponderán cos bloques de contidos teóricos e prácticos da materia e responderán aos contidos da programación.

O alumnado realizará trimestralmente unhas probas parciais que avalíen os contidos tanto teóricos como prácticos. Estes serán avaliados cos mesmos criterios de cualificación que para o alumnado que cursa a materia por primeira vez.

O alumnado superará cada unha das avaliacións parciais (trimestres) cando a súa cualificación sexa igual ou superior a 5 puntos. Aplicaranse, no seu caso, as consideracións presentadas no elemento 5.2 desta programación didáctica. O plan de traballo indicará as porcentaxes a aplicar a cada bloque de traballo e como se realizará o cálculo trimestral. En defecto do mesmo, entenderase que se seguen os mesmos criterios que os establecidos nesta programación didáctica para o alumnado que cursa a materia sen tela non superada.

O alumnado acadará unha cualificación para cada un dos trimestres (tres en total) e a cualificación final ordinaria resultará de aplicar a media ponderada das tres avaliacións parciais segundo as porcentaxes indicadas no elemento 3.1 desta programación didáctica. Aplicaranse tamén, no seu caso, as regras de redondeo indicadas nesta programación didáctica.

Entenderase que o alumnado supera a materia cando obteña unha cualificación de 5 puntos ou superior. Aplicaranse tamén as regras de redondeo anteriormente indicadas nesta programación didáctica.

No caso de non superar o plan específico de recuperación, o alumnado será convocado a unha proba final escrita que deseñará e revisará a persoa que exerza a xefatura de departamento que versará sobre os criterios de avaliación e contidos desta materia. Entenderase que o alumnado supera a materia cando obteña unha cualificación de 5 puntos ou superior; aplicaranse tamén as regras de redondeo anteriormente indicadas.

5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias

Segundo se recolle no Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, para poder superar determinadas materias de 2º curso de bacharelato (as que se indican no Anexo III dese Decreto) cómpre ter superado antes certas materia do 1º curso. A normativa indica que, neses casos, existe continuidade entre materias.

No caso de existir esa continuidade entre materias, o alumnado de 2º curso poderá cursar a materia de 1º curso como materia pendente. Non obstante, cabe a posibilidade de matricularse da materia de 2º curso sen cursar a de 1º curso, sempre que o profesorado que a imparta considere que a alumna ou o alumno cumpre as condicións necesarias para poder seguir con aproveitamento a materia de 2º curso. Concretar como determinar ese aproveitamento é a cuestión que establece o departamento encargado da docencia desta materia neste elemento da programación didáctica.

A normativa establece unha relación de continuidade entre a materia Tecnoloxías da Información e da Comunicación I e a materia Tecnoloxías da Información e da Comunicación II. Polo tanto, será preciso acreditar os coñecementos previos na materia de 1º de bacharelato cando o alumnado que a pretenda cursar non cursara antes esa materia de 1º de bacharelato.

O Departamento de tecnoloxía ofrecerá a posibilidade de acreditar os coñecementos mediante a realización dunha proba escrita que terá lugar antes do inicio das actividades lectivas do curso académico. A dita proba constará dunha serie de preguntas escritas sobre os contidos da materia Tecnoloxías da Información e da Comunicación I (de desenvolvemento, curtas e tipo test). Esta proba terá como referencia para a súa avaliación os mínimos de consecución establecidos nesta programación didáctica.

Consideraranse acreditados os coñecementos necesarios en caso de obter nesa proba unha cualificación igual ou superior a 5,0 puntos.

6. Medidas de atención á diversidade

Con carácter xeral, para adecuarse aos diferentes ritmos de aprendizaxe e capacidades, contémplanse actividades de reforzo e ampliación con tempos flexibles e aprendizaxe cooperativa en grupos heteroxéneos. No caso de ser necesarias medidas extraordinarias de atención á diversidade unha vez esgotadas as de carácter ordinario, seguiranse as indicacións establecidas na normativa vixente, coa colaboración do departamento de orientación do centro.

As aulas reflicten a diversidade da sociedade na que vivimos. O recoñecemento da diversidade do alumnado constitúe un principio fundamental que debe rexer toda acción educativa. Unha das finalidades da educación é asegurar a igualdade de oportunidades de todas as alumnas e todos os alumnos expoñendo os medios para evitar o fracaso escolar e o risco de abandono do sistema educativo.

A atención á diversidade enténdese como o conxunto de actuacións educativas dirixidas a dar resposta ás diferentes capacidades, motivacións e intereses, ritmos e estilos de aprendizaxe e situacións persoais do alumnado. Estas medidas oriéntanse a acadar os obxectivos e as competencias entendidos para a etapa do bacharelato e réxense polos principios de equidade, calidade e igualdade de oportunidades, non discriminación, integración, accesibilidade e cooperación da comunidade educativa.

As medidas de atención á diversidade deben atender ao principio de inclusión educativa. Isto supón recoñecer a lexitimidade das diferenzas de todas as persoas, asumíndoas como un valor que enriquece o contexto educativo. Este principio establece que todas e todos os estudantes, sexa cal sexa a súa condición persoal, dispoñan na súa contorna educativa das condicións necesarias de acceso a unha formación integral que lles outorgue experiencias de aprendizaxe significativas.

Neste sentido, faise preciso establecer medidas, metodoloxías e compoñentes que permitan ao profesorado abordar con garantías a diversidade das súas aulas. O plan de atención concretarase nos seguintes elementos:

• Combinación de metodoloxías e fíos condutores das unidades didácticas, vinculados ao desenvolvemento emocional do alumnado e a súa integración no grupo. Uso de métodos diferenciados que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado e favorezan a capacidade de aprender por si mesmo.

• Diversidade de agrupamentos e tarefas propostos, articulación de itinerarios diferenciados e combinación de linguaxes e soportes orientados a satisfacer as esixencias de aprendizaxe de cada alumna ou cada alumno e a permitir o seu desenvolvemento individual.

• Deseño de programas específicos de reforzo e ampliación destinados a mellorar as posibilidades de alcanzar os obxectivos da etapa.

• Realización de proxectos significativos para o alumnado. O deseño de tarefas e proxectos de traballo deben basearse en contextos auténticos e recoñecibles para resultar significativos e deben ter en conta as vivencias particulares do alumnado (como, por exemplo, os oficios locais, as materias primas e a toponimia). Alén diso, o traballo colaborativo en proxectos debe potenciar que cada adolescente teña os seus tempos e os seus espazos de protagonismo e o recoñecemento da súa valía persoal e da súa capacidade de contribuír a desenvolver a actividade, reforzando así a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

• O traballo cooperativo, coa proposta de tarefas nas que o alumnado debe regular a súa conduta, a súa expresión e a súa capacidade para relacionarse co resto de persoas. A través do diálogo e da interacción entre o alumnado, contribuirase a desenvolver a capacidade de participar activamente nun equipo, a reflexión sobre as propias ideas, o respecto crítico a outros puntos de vista, o recoñecemento dos propios valores e limitacións, a adaptación ás necesidades colectivas, a asunción de responsabilidades e o respecto ás normas acordadas.

• A resolución de problemas e conflitos en colaboración e a toma de decisións baseadas en xuízos morais, co fin de contribuír á adquisición das competencias necesarias para seguir os procesos de pensamento, utilizar o razoamento e analizar criticamente os problemas sociais e históricos.

• A gradación da aprendizaxe. O desenvolvemento das capacidades e dos contidos deberá facerse dun xeito gradual e progresivo, de maneira que se vaian adquirindo habilidades máis complexas que propicien a aprendizaxe individual e autónoma. A gradación entre cursos non se establece principalmente mediante a distribución diferenciada de contidos, senón en función da diferente complexidade dos textos, das habilidades de comprensión ou expresión requiridas, da metalinguaxe necesaria para a reflexión sobre os usos ou do grao de autonomía do alumnado.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - A educación emocional				X	X			X
ET.2 - A comprensión da lectura	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - A expresión oral e escrita			X	X	X	X	X	X
ET.4 - A comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - A competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - O emprendemento social e empresarial								
ET.7 - A creatividade	X	X	X			X	X	X
ET.8 - O espírito científico	X	X				X		
ET.9 - O espírito crítico	X	X				X		
ET.10 - A educación en valores				X	X			X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.11 - A igualdade de xénero								
ET.12 - A evitación de comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero				X	X			
ET.13 - A realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual	X	X	X			X	X	X
ET.14 - O emprego dunha linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas e que sexa non sexista	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.15 - A prevención e a resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social					X	X		X
ET.16 - Os valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade e o respecto polo Estado de dereito	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10
ET.1 - A educación emocional		X
ET.2 - A comprensión da lectura	X	X
ET.3 - A expresión oral e escrita	X	X
ET.4 - A comunicación audiovisual	X	X
ET.5 - A competencia dixital	X	X
ET.6 - O emprendemento social e empresarial		X
ET.7 - A creatividade	X	X

	UD 9	UD 10
ET.8 - O espírito científico		X
ET.9 - O espírito crítico		X
ET.10 - A educación en valores		X
ET.11 - A igualdade de xénero		X
ET.12 - A evitación de comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero		
ET.13 - A realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual	X	X
ET.14 - O emprego dunha linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas e que sexa non sexista	X	X
ET.15 - A prevención e a resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social		X
ET.16 - Os valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade e o respecto polo Estado de dereito	X	X

Observacións:

Os elementos transversais desta etapa educativa non son exclusivos dunha única materia senón que cómpre traballalos desde todas elas.

Xunto co anterior, cómpre ter en conta a distinta tipoloxía de elementos transversais que concreta o propio Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia:

- Elementos transversais que se deben tratar en todas as materias da etapa, que se corresponden cos elementos transversais 1 a 11.
- Elementos transversais que deben ser tratados ao longo da etapa, e que na listaxe que se presenta aparecen desde o aliñado 12.

Sexan dun tipo ou doutro, os elementos transversais abordaranse de forma específica nas unidades didácticas seleccionadas e sempre existirá no deseño destas algún tipo de actividade ou tarefa específica que reciba un enfoque na liña das temáticas dos mesmos indicados para estas.

En relación a algúns deses elementos transversais, realízanse os seguintes apuntamentos:

- Comprensión de lectura: tarefas de clase e proxectos, nos que o alumnado terá que comprender os distintos enunciados e procurar información para investigar e resolver os problemas propostos.
- Expresión oral e escrita: resolución das tarefas de clase e coa elaboración de documentación técnica; farase maior fincapé no uso do vocabulario e a linguaxe técnica.
- Comunicación audiovisual: presentación de resultados de prácticas e proxectos mediante creacións audiovisuais.
- Competencia dixital: intrínseca aos contidos propios da materia.
- Emprendemento social e empresarial: desenvolvemento de proxectos tecnolóxicos.
- Espírito crítico e científico: procura de información e a investigación nas tarefas e proxectos tecnolóxicos.
- Educación emocional e en valores: contidos sobre seguridade na rede e benestar dixital.
- O desenvolvemento de proxectos tecnolóxicos fomentará o traballo en equipo. A igualdade de xénero no ámbito científico e tecnolóxico é unha necesidade na sociedade actual, que tratará de cubrirse mediante un axeitado reparto de roles no traballo colaborativo en grupos á hora de desenvolver proxectos.
- Creatividade: abordarase no propio desenvolvemento de proxectos tecnolóxicos.
- Educación para a saúde: importancia do respecto polas normas de seguridade e hixiene no taller.
- Respecto mutuo: contidos relacionados coa etiqueta dixital; este respecto e a cooperación entre iguais serán fundamentais no traballo en equipo no desenvolvemento de proxectos tecnolóxicos.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas didácticas	Saídas didácticas relacionadas cos contidos da materia.	X	X	
Conferencias e videoconferencias divulgativas	Reunións vía web con persoeiros galegos e non galegos que desenvolven traballos relacionados cos contidos da materia neste curso.	X	X	X

Observacións:

Calquera actividade complementaria proposta terá como obxectivo axudar a reforzar os contidos desenvolvidos nas distintas unidades didácticas do curso. Ademais, na medida do posible, no caso de saídas fóra do centro, de ser posible tratarse de organizar esa saída con outros departamentos didácticos para que o aproveitamento da mesma sexa maior.

Toda actividade proposta deberá contar coa autorización do centro educativo para poder desenvolvela, en especial as que impliquen saídas fóra do recinto educativo.

Para cada actividade complementaria elaborarase un pequeno informe no que se recolla información para os seguintes aspectos:

- Obxectivos
- Profesorado responsable
- Alumnado participante
- Datas e lugar de celebración
- Repercusións económicas

No caso das saída didáctica, visitaranse distintas empresas da contorna próxima que permitan ver na práctica como se desenvolven os contidos da materia aplicados a distintos sectores de produción.

As charlas ou conferencias con persoas especialistas ou que traballen aspectos relacionados cos contidos da materia alternaranse ao longo do curso en relación ás posibilidades e ao interese das mesmas para o alumnado.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
A selección e temporalización de contidos foi axeitada.
As actividades complementarias cumpliron os obxectivos cos que foron propostas.
Metodoloxía empregada
Realizouse unha avaliación inicial para coñecer o punto de partida do alumnado.
Os criterios de avaliación e cualificación foron claros e rigorosos e permitiron un seguimento do progreso do alumnado
Promóvese o traballo colaborativo e en equipo respectando os diferentes ritmos de aprendizaxe.
As actividades propostas intentan achegar o currículo a situacións da vida real.
As actividades propostas foron variadas e axeitadas para favorecer o desenvolvemento dos contidos.
Proporcionáronse actividades e procedementos para que o alumnado fose recuperando as partes non superadas da materia.
Proporcionouse ao alumnado información sobre o seu progreso e cualificacións.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Os recursos e materiais utilizados foron axeitados.

Medidas de atención á diversidade
As medidas de atención á diversidade foron axeitadas para atender ás necesidades de todo o alumnado.
Clima de traballo na aula
O ambiente da clase foi axeitado e produtivo.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Facilitouse ao alumnado e as familias o coñecemento dos criterios de avaliación e calificación de cada unidade didáctica, ao comezo da mesma
Existiu coordinación entre o profesorado que imparte ao mesmo alumnado.

Descrición:

O proceso de ensino esixe unha avaliación continua para axustar o proceso de ensino e aprendizaxe que se programe. Esta avaliación debe permitir detectar necesidades e buscar o axuste, as correccións precisas e as medidas que se consideren oportunas en cada momento.

Propóñense uns aspectos da programación e do procedemento de ensino-aprendizaxe xunto cuns indicadores, que a persoa docente pode avaliar escollendo os instrumentos que considere máis axeitados (cuestionarios, listaxes de control ou rexistro de datos, entrevistas, como observador externo... ou ben comparar a experiencia con outras compañeiras e compañeiros docentes).

A persoa docente realizará unha avaliación do proceso de ensino e da súa propia práctica docente, polo menos, unha vez ao mes. Deixarase constancia da dita avaliación, así como das posibles modificacións ou propostas de mellora, nas correspondentes actas mensuais de departamento.

Xunto co anterior, de ser posible, farase unha avaliación trimestral dos indicadores de logro sinalados, de cara a ter unha información concreta e fiable sobre o proceso do ensino e a practica docente. Empregaranse diferentes instrumentos de avaliación (enquisas, listas de control, actas de avaliación...) e os resultados obtidos se incluirán, no seu caso, nas correspondentes actas de departamento.

Cara o remate do 3º trimestre realizarase unha enquisa co alumnado que incluirá, cando menos, dous bloques de preguntas: un para avaliar o proceso de ensino e outro para avaliar a práctica docente. Os resultados desta avaliación incorporaranse á memoria final do departamento.

Algunhas propostas relacionadas coa información que se pretende acadar poderían ser as seguintes:

- Temporalización da programación e das unidades didácticas: Mediante unha listaxe de control reflectirase se a temporalización foi axustada e houbo tempo de desenvolver tanto as unidades didácticas como a programación xeral.
- Deseño e desenvolvemento das unidades didácticas: Avaliación de recursos, materiais, actividades, instrumentos de avaliación e criterios de cualificación. Utilizaranse dous instrumentos de avaliación: unha enquisa ao alumnado de cada grupo; e unha reflexión persoal da persoa docente baseada na experiencia co grupo e no rexistro diario de clase.
- Uso correcto e axeitado dos materiais destinados ao desenvolvemento das clases: Mediante unha listaxe de incidencias controlarase e valorarase o uso do material recollendo aspectos como o uso e o abuso do material por grupo, material que precisa cambio ou renovación, material desaparecido ou inutilizado...
- Mecanismos de reforzo para o alumnado con dificultades de aprendizaxe: Mensualmente no departamento didáctico analizarase o desenvolvemento das distintas medidas de atención á diversidade de cara a realizar os axustes necesarios.
- Rendemento do alumnado e resultados de aprendizaxe: Análise dos resultados obtidos na avaliación final (Podería empregarse un criterio de control porcentual: por exemplo, o 80% do alumnado supera a materia.
- Motivación do alumnado, ambiente nas sesións e actuación persoal da persoa docente: Avaliarase a través dunha enquisa ao alumnado, mediante a reflexión persoal da persoa docente baseada no rexistro diario de clase e cun feed-back obtido das entrevistas ou titorías coas familias.
- Información ao alumnado e as familias da programación: Mediante unha listaxe de control avaliarase se

alumnado e familias foron informados en tempo e forma do contido desta programación didáctica a través da páxina web do centro; ademais, controlarase se o alumnado tivo unha información constante ao longo do curso no relativo ao desenvolvemento da programación didáctica.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O seguimento da programación é indispensable para avaliar o proceso de ensino e aprendizaxe que se leve a cabo (procedementos, actividades e resultados acadados polo alumnado) para reflexionar acerca das posibles propostas de mellora e así facer as modificacións que se consideren oportunas.

O seguimento da programación didáctica levarase a cabo a través da aplicación Proens, cando menos, unha vez ao mes. Cómpre destacar a importancia da valoración dos datos recollidos na programación de aula de cara a comprobar o desenvolvemento da actividade diaria (esta ferramenta permítenos comprobar se o programado inicialmente se desenvolveu sen dificultade ou se hai que realizar algunha modificación).

Este procedemento terá en conta os seguintes puntos:

1. Analizarase regularmente a adecuación da programación didáctica a cada grupo, formulando propostas de mellora e realizando os axustes necesarios sempre que sexa preciso. Terase en conta, cando menos, informar sobre o seguinte:

- Unidades didácticas: datas de inicio e fin, número de sesións previstas e realizadas.
- Propostas xerais de mellora e outras observacións.

2. Analizaranse as dificultades atopadas por parte do alumnado. Valorarase se os resultados son positivos (continuarase na mesma liña de traballo) ou negativos (realizaranse propostas de mellora).

3. Revisaranse as necesidades de atención educativa (apoio, reforzo, adaptación curricular etc.) tomando como referencia a información obtida de aplicar indicadores.

4. Os instrumentos que se empreguen para achegarse á información serán variados, entre os que poden estar:

- folla de rexistro (onde anotar os aspectos máis cuantificables)
- diario de aula.
- rúbrica de autoavaliación (que facilite cuantificar o grao de consecución de aspectos concretos)
- estatísticas de resultados
- cuestionarios e enquisas ao alumnado

A información que se obteña incluirase na memoria final do departamento, con especial relevancia nas posibles propostas de mellora para levar a cabo no seguinte curso académico. As ditas propostas de mellora reorientarán e modificarán a nova programación, se é o caso, e mesmo poderán poñerse en práctica aquelas propostas de mellora identificadas durante o seguimento que sexan susceptibles de aplicación no curso actual.

9. Outros apartados